Folio 00201

B0000201

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

LIBRO DE ACTAS DAS SESIÓNS DO PLENO DO CONCELLO

DILIXENCIA DE APERTURA:

O presente libro que se compón de douscentos folios, selados, numerados e legalizados coa rúbrica do Presidente e do Secretario, comprendidos entre as follas B0000201 a B0000400 (ámbalas dúas inclusive), queda destinado á transcrición das actas das sesións do Pleno do Concello. Comezando pola correspondente á do día vintetrés de novembro de mil novecentos noventa e nove. Estendéndose a presente dilixencia en cumprimento do disposto no artigo 2,2 do Decreto 101/83 de 14 de xullo da Xunta de Galicia.

Betanzos, 24 de novembro de 1999

Vº e Pr.

O Alcalde,

Asdo.- Manuel Lagares Pérez.

O Secretario,

Asdo.- Cristóbal V. Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTETRÉS DE NOVEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana Mª Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do martes día vintetrés de novembro de mil novecentos noventa e nove, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, solicita que se recolla todo o escrito presentado en rogos e preguntas relativo a deficiencias e carencias que afecta ó CEIP "Francisco Vales Villamarín".

Dado que non existe modificación do fondo dos asuntos, considérase que se pode realizar, aprobándose, por unanimidade, o borrador da acta correspondente á sesión realizada o 29 de outubro de 1999.

2.- SOLICITUDE DO RECTOR DO SANTUARIO DA VIRXE DA ANGUSTIA.

Dase conta de escrito do rector do santuario da Virxe da Angustia, solicitando que se impulsen, desde este Concello, os trámites para emprende-la restauración do devandito santuario. Está informado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: apoia-la petición que se fai á Deputación Provincial e ó Patrimonio cultural da Xunta de Galicia e impulsar desde este Concello, na medida do posible, os trámites para emprende-la restauración do santuario da Virxe da

Angustia, facultando á Alcaldía para levar a cabo tódolos trámites necesarios para o bo fin deste acordo.

3.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN PARA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVICIOS E SUBMINISTROS DE VARIOS PLANOS PROVINCIAIS.

Dase conta ó Pleno de escrito da Deputación Provincial da Coruña sobre proposta de delegación das competencias en materia de contratación relativas a obras, servicios e subministros de titularidade municipal que se inclúen en vários planos provinciais. Está informado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: aceptar expresamente a delegación realizada por parte da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e nos termos contidos no acordo polo que se modifica o Plan 2000 de infraestructuras publicado no BOP nº 252 do 3 de novembro, para a contratación e execución das obras, servicios e subministros incluídos nas anualidades 2000 e 2001 do Plan 2000 de infraestructuras.

4.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN PARA CONTRATACIÓN DE OBRAS E OUTRAS INCLUÍDAS NO PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE.

Dase conta ó Pleno de escrito da Deputación Provincial da Coruña sobre proposta de delegación das competencias en materia de contratación relativas a obras, servicios e subministros de titularidade municipal que se inclúen no Plan 2000 de protección do medio ambiente.

O Pleno, por unanimidade, acorda: aceptar expresamente a delegación realizada por parte da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e nos termos contidos no acordo polo que se modifica o Plan 2000 de infraestructuras publicado no BOP nº 252 do 3 de novembro, para a contratación e execución das obras e subministros non contratados na anualidade 99, así como tódalas obras previstas na anualidade 2000 do Plan 2000 de protección do medio ambiente.

5.- PROPOSTA DE OBRAS PARA O POS-2000.

Dase conta ó Pleno de proposta de obras para incluir no POS-2000, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto o voto favorable do seu grupo, ó igual que en todo o que represente dotación de servicios, anque non se lle pida opinión á oposición.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º) Aproba-lo Plan de investimentos municipais do 2000, no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar dentro do Programa de cooperación económica local, integrado polas seguintes obras e de acordo coa financiación que se indica:

Nº de orde e denominación da obra.	*Importe total.*	*Estado+Deputación.*	*Concello.*
Acond. e pav. vías parroquia de Requián.	4.886.562	3.325.310	1.561.252
Acond. e pav. vías parroquias de Piadela e outros.	4.978.475	3.387.856	1.590.619
Acond. e pav. vías parroquias de Tiobre, Bravio, Angustia e Castro-Pontellas.	4.932.401	3.336.088	1.596.313
TOTAIS	*14.797.438*	*10.049.254*	*4.748.184*

2º) Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 2000 e que se relacionan no punto anterior. 3º) Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorización administrativas que legalmente sexan necesarias. 4º) Comprometer-lo Concello a incluir no

presuposto municipal do 2000 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade do 2000. 5º) Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plano, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente. 6º) Facultar ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE PAIS BRIGANTIUM.

Dase conta de escrito da Asociación de pais de alumnos "Brigantium" relacionado con carencias e deficiencias existentes no CEIP "Francisco Vales Villamarín", solicitando deste Concello que, con carácter excepcional, realice as obras de reconstrucción dos servicios sanitarios ubicados no patio cuberto do colexio, ante a negativa a acometer tal obra dada polo delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, organismo obrigado á realización de tal obra. Está informado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Acometer, con carácter excepcional, as obras necesarias para a reconstrucción dos servicios sanitarios ubicados no patio cuberto do CEIP "Francisco Vales Villamarín". 2º.- Aproba-lo proxecto de rehabilitación e adecuación de aseos no patio cuberto do colexio público "Francisco Vales Villamarín", realizado polos servicios técnicos municipais, por importe de 3.801.433,- ptas. (IVE incluído). 3º.- Facultar ó alcalde-presidente para que inicie o oportuno expediente de contratación e as demáis xestións necesarias para levar a bo fin este acordo.

7.-PROPOSTA DE ORDENANZA DE CIRCULACIÓN.

Dase conta ó Pleno de proposta de ordenanza de circulación, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que non se atopan argumentos a favor, xa que parece que non se intenta soluciona-los problemas importantes do tráfico: estacionamento, transporte público e peonalización, polo que anuncia a abstención do seu grupo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinala que anque non puideran participar todo o que quixeran na tramitación, considera que os criterios non son os máis correctos, anunciando a abstención do seu grupo.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e abstención dos outros sete concelleiros (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal de Circulación. 2º.- Que se proceda á regulamentaria exposición ó público. 3º.- Se non se presentan alegacións ou reclamacións durante o período de exposición, a devandita ordenanza considerarase definitivamente aprobada.

8.- PROPOSTA DE REGULAMENTO DA FEIRA DO ANTICUARIO E ALMONEDISTA.

Dase conta ó Pleno de proposta de regulamento da feira do anticuario e almonedista, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala a importancia que ten para Betanzos a organización de feiras monográficas, esperando que no futuro se pense nun recinto feiral adicado a estas actividades e desexando éxito a esta iniciativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o regulamento da feira do anticuario e almonedista. 2º.- Que se proceda á regulamentaria exposición ó público. 3º.- Se non se presentan alegacións ou reclamacións durante o período de exposición, a devandita ordenanza considerarase definitivamente aprobada.

9.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO IGVS.

Dase conta ó Pleno de convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Betanzos para a execución de obras na urbanización do polígono da Condesa, ó obxecto da sús ratificación. O asunto está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia o voto favorable do seu grupo, ante o que parece unha clara intención de subsanar deficiencias de antigo, poñendo de manifesto a necesidade de subsanar outros equipamentos tales como iluminación, debéndose atender tamén as deficiencias dos edificios a través de presupostos da Xunta.

- O Sr. alcalde considera exposta a razón do convenio, no que se recoñecen peticións anteriores e, respecto a outras deficiencias como iluminación, débense entender incluídas na cláusula 1ª e así se acordará polo Pleno. Polo que respecta ó tema das vivendas, polo Concello seguirase demandando a súa atención.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aprobar-lo convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Betanzos para a execución de obras de urbanización no polígono da Condesa, entendendo inlcuído na cláusula 1ª como ampliación do obxecto do convenio que as obras incluirán iluminacións e en xeral outros de urbanización, e entendendo que a recepción da urbanización se realiza a boa fe e a salvo de vicios ocultos ou outros problemas que afecten gravemente ás infraestructuras. 2º.- Facultar á Alcaldía para a sinatura do convenio.

10.- ESCRITO DE AQUAGEST SOBRE DEFICIENCIAS NA DEPURADORA.

Dase conta ó Pleno de informe de Aquagest, ampliatorio do recibido neste Concello en data 5 de novembro do ano en curso, sobre una serie de avarías na estación depuradora de augas residuais producidas polos asentamentos e afundimentos no terreo onde se encontra ubicada, solicitando a procura dunha solución a este problema á maior brevidade posible. Conta co informe da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, opina que segundo a documentación se debería realizar un informe máis detallado, preguntando en que ano se contratou a obra da depuradora.

- O Sr. alcalde entende que o informe é suficiente para facelo chegar ó organismo que contruíu a depuradora, o cal pensa que se realizou nos anos 91 ou 92.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda dirixirse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, da Xunta de Galicia, facéndolle chega-lo informe emitido pola empresa Aquagest no que se poñen de manifesto os problemas producidos polo asentamento do terreo onde se atopa ubicada a depuradora de augas residuais de Betanzos, ó obxecto de que subsane as deficiencias existentes na EDAR.

11.- INFORME SOBRE OBRAS NA ESTRADA DE BETANZOS Á GOLADA.

Dase conta de informe emitido polos servicios técnicos locais relativo a desprendementos sobre as beirarrúas que se están a executar no tramo comprendido entre Betanzos e o acceso ó núcleo de Roibeira. Está informado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo decidido pola Comisión de Goberno de data 9 de novembro de 1999, a cal, facendo seu o informe emitido polos servicios técnicos municipais sobre nomerosos desprendementos sobre as beirarrúas no tramo comprendido entre Betanzos e o acceso ó núcleo de Roibeira, marxe dereita, como consecuencia das obras efectuadas para a execución das mesmas, e ante a urxencia do asunto, acordou dar traslado do devandito informe á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (Dirección Xeral de Obras Públicas).

12.- OFERTA DE D. JESÚS NÚÑEZ SOBRE CESIÓN DE USO DUN LOCAL SITO NA RÚA DO CASTRO NÚMERO 2.

- Dase conta de escrito presentado por D. Jesús Núñez ofertando ó Concello a cesión de uso dun local sito na rúa do Castro número 2 de Betanzos. Está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica o voto favorable do seu grupo, despois das aclaracións efectuadas na Comisión. Lembra que no momento en que se asinou o convenio xa se prevía esta necesidade e espera que redunde no coñecemento do gravado en Betanzos, debéndose producir un acercamento ós centros de ensino, que actualmente non son partícipes.

O Pleno, por unanimidade, acorda: aceptar de D. Jesús Núñez Fernández a doazón a título gratuíto, polo prazo máximo do artigo 515 do Código Civil, do uso do 1º piso alto e accesos da casa sinalado co nº 2 da r/ do Castro da cidade de Betanzos, da súa propiedade, inscrita como tal no Rexistro de Propiedade de Betanzos, tomo 1376, libro 223, folio 180, finca nº 19153, inscrición 2ª, declarando expresamente que a finca está libre de cargas e gravames, sendo a cargo do Concello as obras necesarias de adaptación e o mantemento que o local necesite, coa finalidade de que no mesmo se proceda á exposición permanente da obra gráfica do doador prevista no convenio anterior, facultando ó Sr. alcalde para elevar a pública a presente doazón.

13.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE ESCOLA TALLER.

Dase conta de proposta de solicitude de escola taller, informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: aproba-lo proxecto e solicita-la creación da escola taller Concello de Betanzos co obxecto de rehabilitar e restaura-lo edificio do antigo matadoiro municipal e río de Caraña, á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, facultando expresamente ó Sr. alcalde para a realización de tódalas xestións necesarias.

14.- PROPOSTA SOBRE DERROGACIÓN E IMPOSICIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS ANO 2000.

Dase conta de proposta da concelleira de facenda sobre derrogación e imposición de ordenanzas fiscais do ano 2000 deste Concello. Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a abstención do seu grupo, ó igual que nas cuestións económicas e seguindo a mesma liña de actuación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que tamén se van abster, seguindo a mesma argumentación exposta na modificación de ordenanzas na anterior sesión plenaria.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e abstención dos outros sete concelleiros (5 do

grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Anular, por erro, a ordenanza fiscal número 23 reguladora da taxa por retirada e custodia de artigos e productos expostos á venda. 2º.- Acorda-la imposición e aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da taxa por prestación de servicios na feira do anticuario e almonedista. 3º.- Que se tramite regulamentariamente o expediente. 4º.- Se non se presenta ningunha reclamación durante o período de exposición pública, o expediente considerarase definitivamente aprobado, sen prexuízo de que polos servicios económicos se proceda á renumeración e refundición das ordenanzas.

15.- MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN DE ACTUACIÓNS NOS PRESUPOSTOS DA XUNTA DE GALICIA, PARA O ANO 2000.

Dase conta ó Pleno de moción do BNG e de escrito da Alcaldía relativos a solicitudes de inclusión nos presupostos da Xunta de Galicia para o ano 2000 de distintas obras de interese para Betanzos. Ámbalas dúas peticións están informadas pola Comisión de Programación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, explica que a idea do escrito da Alcaldía era a inclusión nos presupostos da Comunidade Autónoma de varias obras de interese para Betanzos e, tendo en conta a coincidencia coa moción do grupo nacionalista, propón que se faga unha proposta conxunta dos tres grupos políticos, invitando a unirse á mesma ó grupo popular.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que non teñen inconveniente en sumarse á moción, parecéndolles ben as peticións. Engade que as do BNG están ben, mellor presentadas, o que é de agradecer para deixar quedar ben ó Concello de Betanzos.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, dá as gracias anque o importante é o fin. Aclara que ó se-la moción conxunta, pedirán os presupostos de maior contía. Débese recaba-lo apoio dos grupos parlamentarios.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que o grupo parlamentario socialista xa é coñecedor pero trátase do fondo do asunto. Hai aportacións concretas dun grupo, incluíndo o que sexa actuación institucionalizada aberta e transparente. Valoran o voto afirmativo do PP. Indica que os servicios municipais lle dean forma á solicitude.

- O Sr. alcalde alégrase do acordo alcanzado e indica que o grupo socialista xa expuxo o tema, independentemente de que ainda que agora no se recolla, pódese facer nunha próxima modificación presupostaria. Felicita ó BNG.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Solicitar da Xunta de Galicia e do seu Parlamento, a través dos grupos políticos representados no mesmo, a inclusión das previsións necesarias para afronta-las peticións deste Concello de investimentos na cidade de Betanzos e que son:

-Rehabilitación do casco histórico. 600.000.000,- ptas
- Rehabilitación Mosteiro das Donas. 150.000.000,- ptas
- Urbanización Avdas. García Naveira, Linares Rivas e Fraga Iribarne. 200.000.000,- ptas
- Escola Taller Betanzos. 250.000.000,- ptas
- 1ª fase recuperación dos canles dos rios Mandeo e Mendo ó seu paso polo casco urbano de Betanzos e dragado da ría de Betanzos, abrindo as vías navegables cara ó mar para embarcacións de menor calado. 220.000.000,- ptas

- Arranxo das deficiencias do CEIP Francisco Vales Villamarín e adecuación do centro á actual normativa en materia de seguridade. 310.000.000,- ptas
- Execución de diversas medidas urbanísticas e estructurais nas vivendas sociais do polígono da Condesa. 50.000.000,- ptas
- Rehabilitación integral da praza da Eira Vella. 240.000.000,- ptas
Tendo en conta que os importes citados son estimativos.

16.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA.

Dase conta de moción do grupo socialista relacionada coa educación neste municipio. Está informada pola Comisión de Programación .

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, aclara que se trata de demandar do organismo autonómico as peticións contidas na proposta.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar da Xunta de Galicia que oferte os servicios de transporte e comedor en tódolos centros e ensino público primario e secundario do concello de Betanzos. 2º.- Demandar que o parlamento autonómico lexisle e regule a progresiva gratuidade dos libros e material escolar nas etapas de ensino obrigatorio. 3º.- Que a Xunta de Galicia dote os centros de ensinoo público de Betanzos de equipamentos informáticos, bibliotecarios e de idiomas axeitados, que poidan impartir estas ensinanzas desde o comezo da escolaridade. 4º.- Facultar á Alcaldía para realizar tódolos trámites derivados destes acordos.

17.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE HOMENAXE E NOME DE RÚA Ó POETA UXÍO NOVONEIRA.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relacionada coa realización dunha homenaxe ó poeta Uxío Novoneira e da-lo seu nome a unha rúa desta cidade. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, lembra a figura de Uxío, destacando a súa relación con esta cidade e as connotacións que ten con Betanzos. Sinala que hai outras peticións pendentes para a denominación de rúas e prazas, solicitando unha próxima xuntanza da Comisión de Nomenclátor.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, reitera o xa dito de que en breve se reunirá a Comisión de Nomenclátor, citando os nomes de algúns personaxes como posibles candidatos para a denominación de rúas e prazas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Da-lo nome de Uxío Novoneira a unha rúa ou praza de Betanzos. 2º.- Xunto coa invitación a súa familia, tratar de que o día que se renda a homenaxe cidadá, se poida realizar un recital poético no que interveñan destacados poetas galegos. 3º.- Facultar ó alcalde para o desenvolvemento dos acordos da presente moción.

18.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CONSTITUCIÓN DA MANCOMUNIDADE.

Dase conta de moción da Alcaldía sobre invitación para a constitución da mancomunidade de Betanzos. Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que esta iniciativa xa non é a primeira vez que xorde e, por distintos motivos, non chegou a fructificar. Depende que como se faga esa mancomunidade. O PP presentará unha moción para consegui-lo plano de comarcalización, independentemente da mancomunidade. Mentres este tema da mancomunidade non estea máis avanzado o seu grupo vaise abster, por precaución.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, manifesta o seu apoio, xa expresado no 93, se ben naquel intre non puido seguir adiante. Que se faga con aqueles que se

queiran integrar, dado que supón unha serie de vantaxes como abaratamento dos custes, máis presupostos para medio ambiente, etc. Do que se trata neste intre é de que en primeiro lugar se reúnan os alcaldes e en segundo lugar dar máis amplitude ós voceiros dos distintos grupos; a posteriori poderase falar doutras cousas e no seu momento xa se verá a forma de facelo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que a realidade da mancomunidade supoñería facer fronte a diversos problemas con máis medios, como o da recollida do lixo que deberá ser obxecto dun debate profundo, e outros temas, entre os que se poderían incluí-los educativos. As comarcalizacións débense presentar desde outras institucións. Non se debe esquecer que mancomunidade non é o mesmo que comarca. O documento que se presenta, como documento de partida é politicamente válido.

- O Sr. alcalde indica que en próximas datas se dirixirá a tódolos alcaldes do partido xudicial e algúns terán ou non relación. No momento máis propicio trataranse temas como o do lixo e outros aspectos como mellores servicios e máis cerca.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: invitar á 1ª xuntanza ós alcaldes dos distintos concellos a un cambio de impresións sobre a formación da mancomunidade que continuarán cunha invitación ós alcaldes e voceiros dos distintos grupos coa finalidade de constituí-la Mancomunidade de Municipios de Betanzos, facultando á Alcaldía para realizar tódolos trámites derivados da adopción deste acordo.

19.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE O CONSERVATORIO DE MÚSICA.

Dase conta de moción da Alcaldía sobre o conservatorio de música, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia o voto favorable do seu grupo, esperando que esto redunde en algo positivo: ampliación das ensinanzas impartidas no conservatorio a grao medio, que é unha reivindicación dos pais dos alumnos.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala que na pasada lexislatura o seu grupo presentou unha moción neste senso e, a pesar dos esforzos realizados polo Concello, non se logrou nada. Lembra que o conservatorio é profesional, na súa iniciativa pedía que o asunto fose debatido no Consello Escolar Municipal, poñendo de manifesto a súa estrañeza por que non se debatese, pedindo agora que se debata. Toda a responsabilidade é da Xunta.

- O Sr. alcalde indica que non lembra a proposta pero no Consello Escolar expúxose reforza-la petición da Corporación. Sinala que o esforzo do Concello é total, sendo moi elevados os gastos que ocasiona o conservatorio, sendo unha competencia que se ofrece e non lles corresponde ós concellos. Non existe inconveniente en amplia-las ensinanzas impartidas a outros graos, sempre que se conte coas dotacións correspondentes, se a Xunta non o asume Betanzos non fará a ampliación. Esta é unha petición unánime de tódolos concellos que teñen conservatorio. Non ve inconveniente en facer un replanteamento segundo o que decida a Xunta.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar que a Xunta de Galicia arbitre as medidas precisas para consignar no presuposto da Comunidade Autónoma para o ano 2000 un fondo específico, de contía significativa, para

contribuir ós gastos xerados polos conservatorios dependentes dos concellos. 2º.- Invita-los concellos que integran a Agrupación Galega de Conservatorios de Música non Estatais Municipais para que as súas respectivas corporacións eleven escritos ou presenten acordos no mesmo sentido. 3º.- Invitar a unha xuntanza na FEGAMP a tódolos concellos que teñan conservatorios de música non estatais municipais. 4º.- Facultar ó alcalde para que leve a cabo cantas xestións sexan necesarias para o bo fin destes acordos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, presenta para aprobación, dada a importancia e a urxencia do asunto, expedientes de modificacións presupostarias núms. 2 e 3.

Sometido a consideración do Pleno, este, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a Corporación, acorda incluir na orde do día o punto seguinte: EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓNS PRESUPOSTARIAS NÚMEROS 2 E 3.

20.- EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓNS PRESUPOSTARIAS NÚMEROS 2 E 3.

Dase conta do informe elaborado pola Intervención sobre expediente de transferencias de crédito número 2/99 e expediente de créditos extraordinarios e suplementos de crédito nº 3/99 ó vixente presuposto ordinario.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica a abstención do seu grupo, por non comparti-la xestión do tema económico.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o expediente nº 2/99 de transferencias de crédito e o expediente nº 3/99 de créditos extraordinarios e suplementos de crédito. 2º.- Que se proceda á súa exposición regulamentaria e, se non se presentan reclamacións no prazo establecido consideraranse definitivamente aprobados.

21.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas efectuadas polo BNG no Pleno anterior (29-outubro-99):

1.- O goberno municipal informa dos problemas ecolóxicos e trata de facer campañas de recollida selectiva e informativas nese senso.

Tal vez se necesitase un lugar concreto de depósito de entullo e a partir dese momento poderase avanzar máis nesta intención de mellora-lo medio ambiente.

2.- O goberno municipal ten as competencias en medio ambiente que lle outorgan as leis.

3.- Con respecto ó control de vertidos xa se fai pero é inevitable que se produza algún. Cando se dispoña dun vertedoiro axeitado haberá que eliminar tódolos incontrolados que poidan existir e ser máis estrictos nos controis.

4.- Si. Coincidindo coa construcción do punto verde e da recollida selectiva faremos campañas de mellora do medio natural.

1.- O Concello concede as licencias de obras de acordo coas normas subsidiarias vixentes.

2.- Evidentemente que cando se dá calquera incidencia de obras é porque, de acordo cos informes xurídicos e técnicos, se adaptan ás normas que o dereito pide.

3.- O Concello adopta tódalas medidas necesarias para obrigar ó cumprimento das normativas vixentes e non vai entrar na liorta que teñan entre si empresarios da construcción. E menos cando os problemas se teñen que resolver noutros ámbitos.

Dase resposta ás preguntas efectuadas polo PP no Pleno anterior (29-outubro-99):

1.- A limpeza dos colectores depende das posibilidades e medios con que se conte: persoal, resíduos depositados, traballos complementarios, etc.

De cara ó futuro espérase mellorar este servicio posto que na mancomunidade está prevista a adquisición de máquinas lavacolectores específicas.

2.- Practicamente tódolos días.

3.- Das contas xerais, pódense deduci-los gastos nestes capítulos.

4.- Existe unha comisión de bolsas onde están integrados representantes de tódolos sectores afectados que, xunto co equipo de servicios sociais do Concello, realizan unha valoración tendo en conta, entre outros factores, os ingresos, cargas familiares, número de irmáns en idade escolar, minusvalías e outros e que permiten levar á práctica a concesión das mesmas.

5.- O Concello, dentro do seu respecto pola xustiza, acata as sentencias e posibilita o seu cumprimento.

6.- Na parte traseira do centro de formación ocupacional, acumulouse entullo debido a que non contamos con tódolos medios que se necesitan para a eliminación e recollida de resíduos sólidos urbanos e que esperamos mellorar no futuro.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Quere deixar constancia da súa estrañeza e decepción polo estado do pavillón polideportivo municipal. A sala de reunións está convertida nun almacén de material de desfeito. Non se sabe se lle corresponde ó Concello ou á empresa adxudicataria da súa xestión, pedindo que se tomen as medidas necesarias para mellora-lo estado que, na actualidade é lamentable.

2.- Existe un valado na rúa do Mandeo esquina co calexón dos Lagares, que invade a beirarrúa e o calexón, polo que os veciños están molestos. Pide que se retranquee.

3.- Amosa a súa sorpresa en relación co quiosco instalado na zona do Ambulatorio. O horario e estraño e asombroso, molestando o ruído que produce o xenerador, deixa o chan cheo de manchas de graxa, etc., non ocasionando máis que problemas para toda a xente, polo que pide que se retire.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Ó respecto do autobús universitario, pide que o Concello medie ante a empresa IASA para que habilite ese servicio tamén en quenda de tarde.

2.- Pregunta se xa se dirixiu escrito a Patrimonio ó respecto da expropiación de terreos para a construcción de beirarrúas no Carregal.

3.- Na dereita da Avda. Jesús García Naveira en sentido de saída, no edificio que se está a consturir fíxose unha conexión ó edificio anterior mediante un pozo de drenaxe, pero desde o ano 50 eso está prohibido, o que ocasionaría problemas coa licencia, xa que non sería legal; segundo manifestan os veciños, pediron que se comprobase polos técnicos municipais.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEDOUS DE DECEMBRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Non asiste, con desculpa:

D. Andrés Beade Dopico.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do mércores día vintedous de decembro de mil novecentos noventa e nove, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta correspondente á sesión realizada o 23 de novembro de 1999, coa seguinte rectificación por erro de transcrición: no apartado "rogos e preguntas", onde di "A Sra. Faraldo, voceira do BNG, ..." debe dicir "A Sra. Faraldo, voceira do PP, ...".

2.- PROPOSTA DE PRIORIZACIÓN DE OBRAS DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000.

Dase conta ó Pleno de proposta de priorización de obras da anualidade 2000 do Plan 2000, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a abstención do seu grupo, non por que non se fagan as obras, que estima se deben facer e no prazo máis breve que sexa posible, senon por ter feita xa unha petición anterior e tratarse de feitos consumados non consesuados, continuando neste punto coa mesma postura. Insiste en que non está en contra da realización das obras. Pide que se lle aclare se na documentación está feita ou non a priorización, dado que non o entende, e se se mantén a mesma orde.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, aclara que este asunto vén como consecuencia dun escrito da Deputación da Coruña, sendo o resultado do incumprimento de compromisos adquiridos por parte da propia Deputación; a postura sería mante-las obras e se hai que face-la priorización a posteriori, delegar no alcalde ou concelleiro que corresponda.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, matiza que no seu momento se apoiaron as obras, que seguen considerando necesarias e está de acordo con que se faculte ó alcalde se hai que priorizalas. Indica que se trata dun problema da Deputación, sendo ese organismo o que non asume os seus compromisos por problemas do seu goberno, sendo difícil priorizar e, se á final hai que facelo, que se delegue no alcalde.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, quere recalcar que están de acordo coas obras, indicando que en caso de priorización que se informe ós grupos políticos.

- O Sr. alcalde indica que espera que non haxa que face-la priorización, no caso de tela que facer darase conta. Todo este asunto é debido á mala xestión do organismo provincial que incumpre os seus compromisos.

O Pleno, co voto a favor de once concelleiros presentes (9 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto) e abstención dos outros cinco concelleiros (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1º.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña que se manteñan as obras incluídas na anualidade 2000 do Plan 2000. 2º.- No caso de ter que face-la priorización, delegar no alcalde para realizala.

3.- SOLICITUDE PARA OBRAS COMPLEMENTARIAS NO COLEXIO "FRANCISCO VALES VILLAMARÍN".

Dase conta de solicitude para obras complementarias no colexio "Francisco Vales Villamarín", informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, explica a necesidade da realización destas obras, indicando que a proposta complementa outras solicitudes do Pleno ó Goberno da Xunta, anque a día de hoxe xa foron aprobados os presupostos da Xunta, ós que se admitiron poucas enmendas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica o voto a favor do seu grupo.

- O Sr. alcalde espera que a Consellería actúe, xa que noutras obras non participou.

O Pleno, por unanimidade, acorda solicitar da Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que realice as obras de complemento da pista polideportiva cuberta do colexio "Vales Villamarín", consonte o presuposto elaborado polos servicios técnicos locais.

4.- RECTIFICACIÓN NA ESCRITURA DE REPARCELACIÓN DA UE-3.

Dase conta ó Pleno de solicitude de rectificación na escritura de reparcelación da UE-3, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, indica que non parece que haxa inconveniente legal á vista do informe, é froito dunha confusión, polo que non teñen nada que obxectar, a pesar da súa abstención no tema da UE-3, igual á súa postura ó respecto da totalidade das NNSS.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que tamén que o seu grupo xa se opuxo ás NNSS , pero agora trátase de subsanar uns prexuízos, permitindo a un interesado soluciona-los seus problemas. Votarán a favor, a fin de defende-los dereitos dos interesados.

- O Sr. alcalde puntualiza que se trata só de problemas da escritura notarial.

O Pleno, por unanimidade, acorda facultar ó Sr. alcalde para proceder, mediante escritura pública, á rectificación nas fincas aportadas por Dª Consuelo Sánchez Sánchez e fillos á unidade de actuación número tres, Ambulatorio (UE-3), entendendo que a finca aportada á citada UE-3 é a rexistral nº 19.616, cunha superficie de 9 áreas 81 centiáreas e non a rexistral 19.615.

5.- SOLICITUDE DO CONCELLO DE PADERNE.

Dase conta ó Pleno de solicitude do Concello de Paderne relativa á elaboración e sinatura dun convenio con este Concello para o baleirado de fosas sépticas dese municipio, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, pon de manifesto a necesidade da mancomunidade, que solucionaría os problemas que teñen algúns concellos. Neste caso trátase de velar polo medio natural. Opina que ese convenio se debe de estender a outros concellos.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular: con respecto a este punto manteñen polo de agora unha actitude de abstención e, se volve ó Pleno despois de fixa-lo convenio, entón pronunciaranse.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, resalta que se pode tratar dun punto de partida de cara á creación da mancomunidade, que aportaría unha serie de prestacións de todo beneficiosas e máis económicas. Indica a postura favorable do seu grupo, tendo en conta a concesión á empresa Aquagest. Estamos ante o embrión de algo que pode ter máis adiante un futuro.

- O Sr. alcalde indica que o acordo non vai vir ó Pleno para a súa ratificación. É partidario de autorizar á empresa concesionaria Aquagest para atende-la petición, na medida que lle permitan os medios técnicos e económicos cos que conta.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de once concelleiros presentes (9 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: Autorizar á empresa Aquagest para a prestación ó Concello de Paderne do servicio de baleirado de fosas sépticas dentro das súas posibilidades técnicas.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 1997.

Dase conta ó Pleno de proposta de aprobación da conta xeral de 1997. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que se van abster. Sinala a imposibilidade de ter copias da información, así como a dificultade creada polos horarios da Comisión. Chámalle a atención o resultado negativo das contas, situación indicativa de descontrol; págase con moito retraso o que supón un incremento do gasto pola escasa xestión que vai a base de parches, esixindo unha solución urxente.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que se van abster nos dous puntos (este e o seguinte). Opina que a xestión económica está mal levada e é obstruccionista, eles levarían a economía doutra maneira; parécelle moi significativo o déficit de caixa e un síntoma de preocupación, xa que indica unha situación económica precaria. Felicita ó concelleiro delegado polo rápido que rematan as reunións de comisión o que non da para moito estudio, e que non é culpa dos grupos da oposición.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, quere deixar claro que a Comisión de Contas se convocou en tempo e forma, o expediente expúxose no BOP durante un prazo de 23 días sen que se presentara ningunha reclamación, polo que se tuvo o seu tempo. Doutra banda cré que se están a manexar conceptos erróneos ó falar do déficit de caixa, pois non se debe confundir tesoureiría con liquidación. A preocupación pola economía do Concello é compartida. Ás veces remátase o exercicio ben ou mal, pedindo que se sexa rigoroso e non se fale de cousas abstractas. Existen uns problemas de financiación que, unha vez superados, darán un remanente de tesoureiría favorable. Anuncia o voto favorable do seu grupo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, insiste en que pouco se pode esperar dunha xuntanza que dura 10 minutos. Respecto ó déficit de caixa, aínda non sendo un experto, pode ver que o resultado é negativo, debéndose toma-las medidas adecuadas para solucionalo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinala que unha cousa é que as contas estean ben e outra que se gaste de máis. Os números están ben expresados, e respecto ó voceiro socialista, agradece as clases de contabilidade, pero os números enténdese, alabando a súa experiencia, pero gastáronse cen millóns de máis.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista , insiste en que se están a manexar conceptos equivocados, as veces gástase de máis, compensándose con outras que se gasta de menos. Unha cousa é o que haxa na caixa, débeda presupostaria, e outra é o resultado. Sempre haberá diferencias, sabemos como funcionan as institucións.

- O Sr. alcalde indica que só queda outra intervención a cada grupo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, comenta que o remanente negativo representa un 10% do presuposto, o que non se pode achacar a cousas que pasan, pedindo solucións.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, opina que é moito o déficit o que é indicativo dun mal presuposto. O gasto é esaxerado.

- O Sr. Lagares, voceiro do grupo socialista, indica que se miren os números, el sabe de onde vén o déficit que é consecuencia da execución; débense mirar en conxunto, tendo en conta os resultados de exercicios anteriores que influen nos seguintes.

- O Sr. alcalde aclara que existe un problema de financiación que se resolvería co pacto local. Tódolos grupos están de acordo en que existe unha discriminación dos concellos que trae como resultado unha mala financiación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro

Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e a abstención dos outros sete concelleiros (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a Corporación, acorda: Aproba-la conta xeral do ano 1997, que ofrece un balance de situación activo e pasivo de 5.071.553.064,- ptas.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, en explicación de voto, indica que o que se saiba de onde ven o déficit non a tranquiliza.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 1998.

Dase conta ó Pleno de proposta de aprobación da conta xeral de 1998. Está informada pola Comisión de Programación.

Os distintos grupos manifestan as suas posturas no mesmo sentido que no punto anterior.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e a abstención dos outros sete concelleiros (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a Corporación, acorda: Aproba-la conta xeral do ano 1998, que ofrece un balance de situación activo e pasivo de 5.313.686.263,- ptas.

8.- PROPOSTA DE IMPLANTACIÓN DE NOVA TARIFA NO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO DA PZA. GARCÍA IRMÁNS.

Dase conta ó Pleno de proposta de implantación de nova tarifa no aparcamento subterráneo da praza García Irmáns, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia que votarán a favor porque esta iniciativa foi do seu grupo.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, indica tamén o voto favorable, de acordo co informe, que deberá sufri-las lóxicas rectificacións no relativo ó control do aparcamento. Entenden que a implantación da nova tarifa sería aplicable só ó ano 2000; a partir de aí haberá que facer un estudio comparativo respecto a anos anteriores, co que se poderán sacar xuízos de valor. Non entende por que este convenio non foi traballado con anterioridade na Comisión de Tráfico.

- O Sr. alcalde considera lóxicas e coherentes as propostas realizadas, facendo constar que a empresa concesionaria nin quería nin quere a nova tarifa, por considera-la prexudicial, pero é o Concello o que debe controlar que se respecten as normas. Unha vez transcorrido o ano, realizarase un estudio e dos seus resultados poderase determinar a conveniencia dunha prórroga máis ampla. Insiste en que a empresa concesionaria non está interesada, polo que se deberá chegar a un pacto das dúas partes a fin de facilitar ós cidadáns o aparcamento.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: Implanta-la nova tarifa de media hora de acordo coa empresa concesionaria, facultando ó alcalde para acordar coa mesma, dentro dos criterios sinalados no expediente, as condicións para o seu establecemento.

9.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS.

Dase conta de proposta de modificación puntual das Normas Subsidiarias, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que votarán a favor pola comunicación dos polígonos, que lles parece moi beneficiosa, facendo referencia a que existe un nivel de paso moi elevado.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, sinala que non teñen ningunha obxección que facer, á vista dos informes é viable e beneficiosa, polas conexións. Quere facer unha matización á forma de solicitude: o solicitante non é valedor dos intereses xerais e as normas foron aprobadas polo concello e non son de recibo as críticas por moito poder que se teña.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: remiti-lo expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ó obxecto da emisión do informe previsto no artigo 8 da Lei 7/95, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias.

10.- ACTUACIÓNS QUE PROCEDAN SOBRE RESOLUCIÓN DO INEM NA ESCOLA TALLER "PASATIEMPO".

Dase conta de resolución do Instituto Nacional de Emprego (INEM), pola que se reclama o reintegro da subvención correspondente á escola taller "Pasatiempo", ó obxecto de adopta-las medidas, vía recurso, que procedan ó respecto. Consta dictame da Comisión Informativa, no sentido favorable sobre a defensa adecuada dos intereses do Concello de Betanzos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala a abstención do seu grupo, indicando que non a colle de sorpresa, ante as chapuzas na xestión realizada, que se poñen de manifesto no informe da Intervención Xeral, o que considera doroso e sangrante para o Concello. Cré que os incumprimentos son tantos que levaría tempo dicilos. Fai referencia a como se concedían as escolas taller, o que conduciu a que todo se fixera mal, debendo agora rectifica-los erros. A pesar de todo, o seu grupo quere que se tomen as medidas para non ter que devolver nada. Non actúa en defensa do equipo de goberno que foi quen xestionou, pero quere deixar claro que a súa postura está en contra de ter que reintegra-lo diñeiro, polo que se van abster.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, considera o asunto peliagudo e que confirma a problemática destas actuacións. Apoian o obxectivo da formación e que sen necesidade dunha análise exhaustiva se cumpríu tal función. Entende que o Concello non ten que devolve-lo diñeiro, por canto se actuóu consonte o proxecto inicial, sen que se aprecie totalmente un cambio de subvención, traducíndose nun problema de carácter político. O BNG defendeu sempre a centralización destes gastos nunha sóa administración, para evita-la politización e os fins electoralistas nas actuacións. Baseándose nesto, pide que se chegue ó máximo nas reclamacións, solicitando que se informe das medidas que se adopten.

- O Sr. alcalde sinala que de principio xa se ve o posicionamento dos grupos, engadindo que o asunto é eminentemente político. Trátase dunha subvención do ano 1993, fiscalizada debidamente no seu momento, sobre a que se actúa seis anos despois, política e aleatoriamente, de maneira inadmisible e nun claro intento de prexudicar. Coincide nas cuestións de competencias sinaladas polo voceiro do BNG, para evitar como neste caso, que o Estado despois de todo tipo de controis, vaia contra os seus propios actos, en contra dos intereses dos cidadáns de Betanzos, contra o que propón utiliza-los recursos que procedan, contra o que considera un claro ataque político contra o Concello, polo que irá ata as últimas consecuencias.

En nova rolda de intervencións, a Sra. Faraldo, voceira do PP, pide que quede claro que o seu grupo non está disposto a defender a uns xestores que, neste caso, se poñen detrás dos cidadáns para que os defendan, que se ben teñen os votos, a historia xulgaráos por ese comportamento en certa medida covarde.

- O Sr. alcalde entende que o PP se responde a si mesmo. Declara que se encontra plenamente satisfeito da escola taller "Pasatiempo", orgullo de Betanzos, e eso si que é xestión que, neste caso, considera modélica, polo que se vai defender integramente contra os que utilizan subterfuxios para non o facer.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de once concelleiros presentes (9 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos cinco concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: Exercer en defensa dos intereses de Betanzos, cantos recursos procedan contra a resolución do 9 de decembro de 1999 do INEM, pola que se esixe o reintegro da subvención da escola taller "Pasatiempo", facultando ó Sr. alcalde para realizar toda clase de actuacións relacionadas co asunto.

11.- <u>MOCIÓN DO PP SOBRE IMPLANTACIÓN DO PLANO DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL.</u>

Dase conta de moción do Partido Popular sobre implantación do plano de desenvolvemento comarcal da comarca de Betanzos, na que se pide solicita-la inclusión da comarca de Betanzos no plano de desenvolvemento comarcal de Galicia, de acordo co establecido no artigo 12 de Lei de Galicia 7/1996 do 10 de xullo, así como aproba-la incorporación ó padroado da fundación para o desenvolvemento da comarca de Betanzos. Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que non cré necesario explicar en que consiste o plano comarcal nin o que supón a súa petición, sobre todo polos beneficios que aporta, que nada ten que ver coa mancomunidade, co que non é incompatible. Pide o voto a favor, indicando que se se quere pódese entrar en máis detalles, como o referente á afluencia de empresas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, reitera a posición xa compartida na Comisión Informativa, de deixa-lo asunto sobre a mesa pendente dese paralelismo do que se está a falar coa mancomunidade, por canto o alcalde ten citado ós concellos do Partido Xudicial, sinalando que si ten que ver coa comarca, en canto concellos como Bergondo non entran en tal plano comarcal, xa que este foi producto dunha estructura artificiosa e política. Manifesta que o que se quere é algo que funcione, que satisfaga as necesidades demandadas polos cidadáns. Non se nega a debate-lo asunto pero no seu momento, polo que pide un período de reflexión, se espere á reunión cos alcaldes a realizar una asemblea comarcal con tódolos grupos políticos, entendendo que os beneficios van se-los mesmos.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, coincide nos beneficios a obter, xa que calquera unión é beneficiosa. Respecto á proposta concreta, apoia os contactos para a mancomunidade, que respostan a posturas democráticas e participativas, vendo a disposición de cada un. Respecto ó plano comarcal, sinala o problema da inclusión de Abegondo e Bergondo e o problema xa creado coa zona educativa que non o respecta, xerando un déficit democrático subsanable. Entende que o posicionamento da propia moción esixe contactos máis amplios, non entendendo o motivo, para que se espere a que

unha asemblea representativa decida sobre o tema. Coinciden coa proposta, pero entenden que se debe pospoñer.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, insiste en que non ten que ver unha cousa coa outra, e que a cuestión xa se debateu noutros concellos da comarca, tendo xa maioría para constituíla, polo que pospoñelo non leva a ningunha parte, polo que non considera retira-la moción.

- Considera o Sr. alcalde que as posturas están suficientemente claras, quedando de manifesto que o PP pide algo obrigando, porque se vai facer de todálas maneiras, pedíndose polo contrario un pouco de flexibilización nas posturas, ó que parece non estar disposto o grupo popular.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor dos cinco concelleiros do PP (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), o voto en contra dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López), e a abstención dos dous concelleiros do BNG (Sres.: Otero, Doporto), acorda: Rexeita-la moción.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas efectuadas polo PP no Pleno anterior (21-novembro-99):

2.- Si.

3.- Non existe a conexión do edificio que se indica a través dun pozo de drenaxe, senon que hai a correspondente conexión á rede de sumidoiros xeral.

- O Sr. alcalde fai unha invitación para asistir ós actos do Nadal, e aproveita para desexar a todos un venturoso ano 2000.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Reitera o rogo, xa expresado no Pleno anterior, de que se retranquee o valado existente na rúa do Mandeo esquina co calexón dos Lagares, que invade a beirarrúa e o calexón.

2.- Roga que na medida do posible se facilite un local para reunións á asociación de veciños da Ponte Vella-Os Remedios. Provisoriamente pódese establecer algún tipo de acordo con propietarios de baixos, en espera de futuras dependencias.

3.- Reitera o rogo xa feito nalgunha ocasión de que se habilite un local para uso dos grupos políticos, así como mirar de arranxa-lo local de Plenos, dotándoo de mobiliario que permita que se poida manexa-la documentación e tomar notas con máis facilidade.

- O Sr. alcalde indica que este tema pode estudiarse nunha próxima xunta de voceiros.

4.- Roga que se dispoña copia completa dos expedientes nun lugar adecuado para facilita-lo seu estudio ós concelleiros, e que se reúna canto antes a xunta de voceiros.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Ó respecto das beirarrúas construidas en Guiliade, existe un desnivel das mesmas con respecto ás hortas o que indica a necesidade de que se coloque algún tipo de barandilla protectora. Pide que o Concello se dirixa á Deputación da Coruña solicitando que se completen as obras.

2.- Pide que se elabore un informe técnico sobre o trazo das beirarrúas existentes xunto ó edificio Rio-Sol.

3.- No medio rural, desaparecida a figura dos alcaldes de barrio, e visto o desconcerto que esto produce nos veciños porque non saben a quen dirixirse, rogarían que se dera unha contraseña ó respecto.

- Aproveita para desexar a todos unhas felices festas.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE XANEIRO DO DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do venres día vinteseis de xaneiro do dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta correspondente á sesión realizada o 22 de decembro de 1999.

2.- ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE PETICIÓN DO CONCELLO Ó SERVICIO DE AUGAS DE GALICIA DA XUNTA DE GALICIA.

Dase conta de escrito remesado polo organismo Augas de Galicia solicitando acordo plenario de nomeamento de representante legal para a solicitude de autorización de obras do proxecto "mellora da captación de auga potable no rio Mendo" no lugar da Acea (clave DH.W15.10.836). Conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica a súa postura afirmativa, se ben solicita que se actúe nestes expedientes con máis premura.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, pola súa banda, solicita que o concelleiro que represente faga partícipe ó Pleno das súas xestións.

O Pleno, por unanimidade, acorda nomear a D. José Ramón García Vázquez como representante legal deste Concello para a solicitude de autorización de obras do proxecto "mellora da captación de auga potable no rio Mendo" no lugar da Acea (clave DH.W15.10.836).

3.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA SOBRE O CANON DE SANEAMENTO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Dase conta de escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, da Xunta de Galicia, relacionada co canon de saneamento. O asunto está informado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda realiza-las accións oportunas, incluso presenta-los recursos que procedan.

4.- PROPOSTA SOBRE CICLO TITULADO "FALANDO DE CASTELAO".

Dase conta de proposta sobre organización dun ciclo de actos titulado "falando de Castelao". Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, fai referencia ás posibilidades de ampliación dos actos, xa comentadas na Comisión Informativa, entendendo que a moción non necesitaría do acordo plenario, ó igual que a homenaxe a outras personalidades do mesmo nivel. Considera que se debería afrontar algo máis ambicioso, facendo referencia ás actuacións que neste Pleno xa se fixeron respecto á figura de Castelao, que levaron o seu busto ó Museo das Mariñas, ante a negativa da maioría a situalo nun lugar aberto e público. Entende que sería o momento de reitera-lo asunto. Pide, en consecuencia, unha declaración institucional declarando o 2000 ano de Castelao, adoptando medidas para a difusión da súa obra, dada a súa relevancia política, entre os xoves, hoxe descoñecedores dela, dada a significación que ten na dignidade de Galicia.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a súa postura favorable á moción, indicando que non habería inconveniente en votar a favor das propostas que está realizando o BNG.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto dos grupos da oposición, indicando que Castelao sempre foi unha figura recoñecida en Betanzos, sobre todo a través dos nosos representantes na emigración, pola súa relación co Centro Betanzos de Bos Aires, do que procede o busto que hoxe ten un lugar preeminente no museo municipal. Ó respecto da moción indica que se trata de iniciar algo, sobre o que xa actúan outras administracións, indicando que xa o Goberno Galego adicou o ano a Castelao, sen prexuízo doutras actuacións.

O Pleno, por unanimidade, acorda organizar un ciclo de actos baixo o título "falando de Castelao", de acordo ca proposta presentada, o cal terá lugar na segunda quincena do mes de marzo.

5.- PROPOSTA SOBRE DECLARACIÓN DE BETANZOS COMO MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO.

Vista a proposta que se realiza polo Sr. concelleiro delegado de turismo, que ven informada de xeito favorable pola Comisión Informativa de Programación e Planificación, na que se pon de manifesto que o concello de Betanzos reúne os requisitos necesarios para iso, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar, ó abeiro do Decreto 239/98 do 30 de xullo, a declaración de municipio turístico galego, prevista na Lei 5/97 do 22 de xullo de administración local de Galicia, para o concello de Betanzos, facultando expresamente ó Sr. alcalde ou concelleiro delegado, para as xestións oportunas para tal fin.

6.- ADOPCIÓN DE ACORDO SOBRE CONSTITUCIÓN DUN CONSORCIO LOCAL.

Dase conta de expediente iniciado de cara á posible constitución dun consorcio local, informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, inicia o debate sinalando que, segundo as súas informacións, o consorcio que se propón trata de facer fronte ó problema do lixo, proxecto que considera adecuado, pero pide que non se terxiversen as noticias na prensa, polo que respecta á oposición á creación da comarca, anunciando o seu voto a favor.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, manifesta que o Pleno nunca se opuxo á comarca, senón á proposta como se realizou, así como o seu desacordo parcial coa lei de comarcalización, entendendo que procede distinguir entre mancomunidade e consorcio e a área metropolitana. Indica que se presenta a mancomunidade como alternativa ás axudas europeas que ainda se están a regular no Parlamento Europeo. Afirma que se aposta polos concellos, buscando cuestións efectivas e concretas.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que a pesar das aclaracións que se pretenden, votouse en contra dunha proposta do PP, que os planos da Comunidade Europea non son novos, que existen en borrador e que esixen ámbitos de 50.000 habitantes.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, aclara que xa se coñecen os datos que se aportan e os programas que viñeron funcionando, dos que cita algúns, pero reconduce o debate a que agora se está a falar dun consorcio que se entende favorable para Betanzos.

- O Sr. alcalde afirma que desde o Concello se dan noticias obxectivas, non sabendo quen engana, facendo referencia á mancomunidade que se pretende, que alcanzaría unha poboación de máis de 25.000 habitantes, o que daría acceso ós fondos europeos.

Antes de proceder á votación, faise mención dos representantes na comisión xestora, sendo a proposta do grupo socialista na persoa do alcalde e do concelleiro D. José Ramón García Vázquez. Pola súa banda, o grupo nacionalista non realiza proposta, mentres que o grupo popular solicita que o membro titular sexa do grupo de goberno e o suplente do grupo maioritario da oposición ou doutro grupo, o que considera interesante e que animaría á oposición a participar.

- Ó Sr. alcalde parécelle sorpresiva a proposta, xa que é contraria á que mantiveron os grupos políticos nas reunións previas á constitución da xestora, na que, precisamente,

se fixo esa proposta e foi o PP quen non quixo. Engade que se o fai algún concello, Betanzos tamén o faría.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, non comparte tales criterios, por canto entende que a representación ha de ser institucional, xa que se fora unha representación política, non a admitirían, polo que non entran nese debate, considerando que a representación lle corresponde ó alcalde e en segundo lugar, no concelleiro que poida delegar.

Sometido o asunto a votación, o Pleno acorda, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal dos seus membros, aproba-la iniciación do procedemento para a creación do "Consorcio das Mariñas (A Coruña)", para recollida e transporte do lixo urbano e no seu caso xestión doutros servicios, así como outros fins de interese público ou común, concorrentes cos doutras entidades locais, consonte o disposto polo art. 150.1 e 2 da lei 5/97 do 22 de xullo de administración local de Galicia. Asemade o Pleno acorda nomear en representación do Concello ó seu alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e ó concelleiro D. Ramón García Vázquez, como substituto do anterior, para que forme parte da comisión xestora que, de acordo co establecido no punto 3 do precepto citado, se constituirá para a elaboración do proxecto de estatutos e tramitación do correspondiente expediente.

7.- PRESTAR APROBACIÓN Ó PROXECTO DE PRESUPOSTO ORDINARIO, CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO/LABORAL, EXERCICIO 2000.

Dase conta do proxecto de presuposto ordinario para o exercicio 2000. Acompáñase dos documentos correspondentes, bases de execución e cadro de persoal entre outros, así como do informe da Intervención.

- Inicia o debate o Sr. Otero, voceiro do BNG, quen afirma que lle gustaría aproba-los presupostos, pero ten a impresión de que non importa o consenso nun asunto desta importancia. Considera que vén a debate só porque é preceptivo, o que se demostra coa celeridade da súa presentación e as dificultades na súa elaboración, que só permitiu ter a última hora a documentación completa. Só lembra unha ocasión, no ano 1991, na que se fixeron reunións anteriores, pero na actualidade ata se fai difícil presentar enmendas, citando algunhas das que tiñan previsto: remodelación praza Eira Vella, gardería infantil, plano de desenvolvemento local dirixido á xuventude, proposta para o casco histórico, etc. A pesar de todo advirte certos detalles, como é a amplitude do informe do interventor, que expón o incumprimento no remanente negativo de tesourería, pasando a facer unha análise dos distintos capítulos tanto en ingresos como en gastos, do que destaca os gastos de persoal que superan ós investimentos, o afán recadatorio, referíndose á alleación de patrimonio e os problemas das transferencias que se prevén.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica a abstención do seu grupo, ó igual que nos demais temas económicos, e sen entrar en moitos detalles, considera o presuposto continuista, algo inchado nas súas cantidades e sobre todo insiste en que se cumpra, que non remate o ano con remanentes negativos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, inicia a súa exposición cunha breve referencia ás cantidades do presuposto, considerándoo austero, continuista en canto se refire a unha política refrendada polas urnas recentemente, cunha clara reducción do gasto corrente, que se substenta nunha loita contra o desemprego e o aumento considerable dos investimentos directos. Considera o presuposto o feito político máis importante, facendo referencia a datos máis concretos como o incremento do 2% nas retribucións do persoal de acordo coa lei de presupostos do Estado, que as alleacións

van dirixidas a investimentos, que o endebedamento baixa e que, respecto ás transferencias doutras administracións, se atendan as demandas de Betanzos e os compromisos xa adquiridos. Considera que o BNG podería apoia-lo presuposto, xa que as súas propostas van recollidas case na súa totalidade, considerando así mesmo que o presuposto é un feito aberto. Doutra banda, insiste en que o posible continuismo é decisión das urnas e anque se poden cometer erros, a análise faina o pobo. Remata afirmando as características xa sinaladas do presuposto e indicando que se dirixe ós cidadáns de Betanzos, tomando como base a solidariedade e o progreso.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, fai referencia a que a celeridade do expediente non a presenta como unha crítica ós funcionarios, en relación cun comentario do Sr. Lagares. Fai unha matización respecto ó endebedamento, que considera dentro dos parámetros legais pero entende que sobe, e insiste en que lle gustaría votar a favor se as súas propostas foran recollidas como é debido. Insistindo na análise política e ainda cando a memoria da Alcaldía é máis explicativa que a do ano pasado, anque nela se poden observar certas tendencias, as súas propostas non se ven ou as dotacións son insuficientes. Remata sinalando que espera que este presuposto sexa o inicio dunha política de consolidación dun período de catro anos, sen confundir outros factores do voto obtido. Por todo o exposto e ante a imposibilidade dun debate amplo, sopesado cos seus técnicos, o seu grupo tense que abster.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, está de acordo no refendo das urnas sinalado, pero considera que as políticas son mellorables e, coas ideas de todos, máis mellorables, polo que considera que eles poderían aportar máis ideas, xa que a súa sorpresa se produce cando se ve como se levan a cabo as ideas do seu programa electoral. Entende que a eles tamén os votaron para axudar a fiscaliza-la acción de goberno, o que non significa que non teñan que aportar ideas. Fai referencia a datos concretos, como os de persoal ou a venda de bens que son do Concello e que se deberían reinvestir.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, quere matizar ó BNG, na preocupación sobre o casco histórico e en considerar ó presuposto como antesala do século XXI. Respecto ó grupo popular pide que sexan sempre constructivos, entendendo que os partidos deben acabar ó se constituí-la Corporación e a partir de aí todos deben tirar do mesmo carro. Respecto dos programas están no papel e non é o momento de volver sobre iso, deben fiscaliza-lo labor do goberno e colaborar seria e lealmente.

- Remata o Sr. alcalde, entendendo suficientemente debatido o asunto, facendo referencia á confección do presuposto e as posibilidades que se teñen nunha clara referencia ó pacto local. Quere indicar que algunha das solicitudes do BNG supoñen aumento do gasto corrente, tanto en persoal como noutros para os novos servicios, consecuencia diso é un presuposto que vai dirixido a potencia-los servicios comarcais e o emprego, que pretende claras actuacións no casco histórico e noutros servicios como a gardería nos que se espera a participación doutras institucións. Así mesmo recolle unha importante parte de investimentos, que van en beneficio de todos, xa que se espera multiplica-lo que agora se sementa, polo que debería contar co voto de todos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Aproba-lo presuposto para o ano 2000, así como as

bases de execución, anexo de investimentos e cadro de persoal e relación de postos de traballo, que alcanza tanto en gastos como en ingresos a contía de mil douscentos vinteseis millóns duascentas trinta e seis mil cento sesenta e unha pesetas, sendo o seu resume por capítulos e funcións como segue:

Ingresos:

Capítulo.	Descrición.	Importe.
1	Impostos directos	337.500.000,-
2	Impostos indirectos	55.000.000,-
3	Taxas e outros ingresos	128.320.000,-
4	Transferencias correntes	346.384.660,-
5	Ingresos patrimoniais	7.100.000,-
6	Alleación de investimentos reais	150.000.000,-
7	Transferencias de capital	134.931.501,-
8	Activos financeiros	2.000.000,-
9	Pasivos financeiros	65.000.000,-
	Total	1.226.236.161,-

Gastos. Clasificación funcional:

Grupo de función.	Descrición.	Importe.
0	Débeda pública	59.100.000,-
1	Servicios de carácter xeral	135.762.314,-
2	Protección civil e seguridade cidadá	94.636.900,-
3	Seguridade e protección social	184.330.684,-
4	Produc.bens públicos de carácter social	520.357.313,-
5	Procuc.bens públicos de carácter económico	129.053.238,-
6	Regulación económica de carácter xeral	56.352.098,-
7	Regulación económica de carácter productivo	26.550.000,-
9	Transferencias a administracións públicas	20.093.614,-
	Total	1.226.236.161,-

Gastos. Clasificación económica:

Capítulo	Descrición.	Importe.
1	Gastos de persoal	449.764.957,-
2	Gastos en bens correntes e servicios	347.737.905,-
3	Gastos financeiros	21.600.000,-
4	Tranferencias correntes	18.629.430,-
6	Investimentos reais	331.639.685,-
7	Transferencias de capital	19.264.184,-
8	Activos financeiros	2.100.000,-
9	Pasivos financeiros	35.500.000,-
	Total	1.226.236.161,-

2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, debéndose considerar definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición ó público.

8.- PREGO DE CONDICIÓNS QUE HA DE REXE-LA SUBHASTA DE PARCELAS MUNICIPAIS NO "PASATIEMPO".

Dase conta de prego de condicións que ha de rexe-la subhasta de parcelas municipais no "Pasatiempo", informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, recoñece os aspectos legais do asunto que considera práctica habitual noutros concellos. Non cre que Betanzos se caracterice por ter moito solo de titularidade pública e do que hai baralláronse de diversa sorte respecto ó seu destino a vivendas sociais. Agora descoñécese a finalidade do resto dos terreos que quedan, pero a orientación é a crear desintegración, sendo por todo iso a súa postura a de abstención.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, inicia coa puntualización de deixa-lo asunto sobre a mesa dada a súa importancia e a falta de documentación que só se tivo a última hora.

- O Sr. alcalde entende que non hai inconveniente ó solicitado, pero indica que o debate debe ser inmediato pola importancia do asunto, polo que propón quedar todos convocados para nova sesión do Pleno.

Por unanimidade acórdase deixa-lo asunto sobre a mesa e convoca-lo Pleno en sesión extraordinaria o vindeiro martes día 1 ás oito trinta da mañá, do que se dan por comunicados tódolos Sres. concelleiros.

Despois deste punto abandona a sesión o Sr. Carro Erias.

9.- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA Á SUPRESIÓN DA PEAXE NA A-9.

Dase conta de moción da Alcaldía relativa á supresión da peaxe na A-9, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a súa postura favorable, anque lle gustaría que no primeiro punto da moción se engadira xunto á supresión, o abaratamento polo menos. Cáusalle estrañeza tamén que nos anteriores anos de goberno non se pedira nunca, xa que a peaxe nos anos de goberno socialista só fixo subir. Así como tamén lle estraña que con anterioridade o Concello non se persoara noutras actuacións da autoestrada como así fixo Bergondo.

- O Sr. alcalde indica que é evidente que se alguén pediu apoio por algo beneficioso a Betanzos sempre se deu. Agora, indica, trátase de suprimir unha peaxe, o que sempre se defendeu desde o goberno, para o que pide que se lean as actas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar ó Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia que faga tódolos trámites e esforzos necesarios para suprimi-la peaxe da A-9 entre Betanzos e A Coruña nos distintos tramos. 2º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin deste acordo.

10.- MOCIÓN DO BNG SOBRE APOIO Á MANIFESTACIÓN DO SECTOR AGRARIO.

Dase conta de moción do BNG relativa a apoia-la manifestación do sector agrario. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. alcalde indica que se presentaron outras iniciativas iguais neste sentido dos sindicatos e do grupo socialista.

O Pleno, co voto a favor de 12 concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros catro concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Romay, Agraso, Martínez), acorda: Apoia-la táboa reivindicativa exposta e a celebración da manifestación que os labregos/as galegos/as teñen previsto celebrar en Santiago de Compostela o día 15 de febreiro.

11.- MOCIÓN DO BNG SOBRE EMPREGO XUVENIL.

Dase conta de moción do BNG sobre emprego xuvenil, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. alcalde entende que xa se ve e ten relación cos presupostos aprobados.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Elaboración por parte da institución municipal dun plano de desenvolvemento local que permita concretar medidas de creación de emprego en base ós recursos e riquezas locais e comarcais (artesanía, sectores tradicionais no ámbito territorial do concello). 2.- Apoio e promoción de iniciativas empresarias, nomeadamente cooperativas, protagonizadas por xoves facilitando o asesoramento e as axudas económicas e fiscais. Así mesmo garantir especialmente que estas sociedades cooperativas teñan un papel imortante na xestión de obras de interese xeral e de servicios públicos ofertados polos concellos. 3.- Elaboración por parte do Concello dun servicio de información, orientación e promoción do emprego para a mocidade. 4.- Impulso de novos cursos de formación profesional ocupacional, acaidos ás realidades local e comarcal, así como a creación de talleres ocupacionais e escolas obradoiro para mozas e mozos parados. Sobre este particular garantirase a transparencia e a equidade no acceso ós postos ofertados. 5.- Apoio e tramitación de iniciativas empresariais e proxectos que xeren emprego xuvenil. 6.- Compromiso explícito de que o Concello non deixará a xestión dos servicios públicos da súa competencia en mans de empresas que contraten a través de empresas de traballo temporal (ETT). 7.- Impulso de cursos de formación ocupacional relacionadas co sector hortícola, de tal xeito que se dean avances no relevo xeracional o agro.

12.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A NON DISCRIMINACIÓN POR SEXO.

Dase conta de moción do BNG sobre a non discriminación por sexo, informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade acorda: 1º.- Demandar ós medios de comunicación públicos (radio e televisión local, publicacións procedentes do Concello, ou calquera outro medio) que supriman e eviten calquera tipo de publicidade sexista, e levar a cabo un exhaustivo control, por parte do Concello, para garanti-lo cumprimento deste acordo. 2º.- Instar ós medios de comunicación privados existentes no Concello (prensa, radio, televisión) a que cumpran a legalidade vixente con respecto á non discriminación por razón de sexo, e polo tanto, non utilicen publicidade que resulte discriminatoria para as mulleres, respectando así este acordo plenario. 3º.- Que desde os concellos se inste á Xunta de Galicia e ó Goberno Galego para que estas resolucións sexan aplicadas, polas referidas institucións, nos medios de titularidade pública e se inste correspondentemente ós privados.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de comeza-lo punto o Sr. alcalde invita a tódolos grupos políticos á toma de posesión dos alcaldes de barrio o sábado 29 ás doce horas, así como á obra de teatro que se está a representar na aula de cultura.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos:
- Que os voceiros se reunan para falar do tema dos locais.
- Que se reclame o rebacheo da rúa Linares Rivas de quen corresponda.
- Sobre un poste ó parecer de Unión Fenosa na Ponte Vella.
- Sobre marquesiña na rúa Saavedra Meneses.
- Solicita copia do estudio sobre o comercio local.

- Manifesta a estrañeza polo nomeamento directo dos alcaldes de barrio, anque recoñece que é competencia do alcalde, segundo a Lei de Galicia.

- Considera preocupante e pide que se adopten medidas, respecto ó número de persoas durmindo á intemperie ou en edificios medio abandonados, esperando que o tema se coñeza polos servicios locais.

- Que se estudie a posibilidade de poñer paneis máis grandes para as eleccións.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

- Solicita o uso do galego en tódolos escritos do Concello, pedindo que se fomente.

- Que se adopten medidas para que os coches non invadan as pistas ciclistas no futbol.

- Considera que o valado de casas en ruínas no casco histórico orixina problemas de aparcamento, polo que pregunta que outras medidas se van adoptar.

- Nos últimos días estanse a cometer unha serie de roubos e atracos en vivendas de particulares e negocios da Condesa. Debido ó temor existente nos veciños e industriais da zona, rogan que se incremente o control policial na zona con patrullas de a pé.

- Veciños do barrio das Cascas e a Condesa quéixanse do mal sinalamento que posúe o paso de cebra situado na estrada de Santiago, co conseguinte perigo que conleva, rogan que se tomen as medidas oportunas para o seu urxente pintado.

- ¿Cantas licencias de primeira ocupación entregou o Concello de Betanzos nos últimos 5 anos? ¿A que edificios ou vivendas?

- ¿Por que a rúa denominada Prolongación Rosalía de Castro está aínda sen acondicionar? ¿En que data se ten pensado o seu acondicionamento? ¿De quen é obriga o seu acondicionamento?

- Desde a entrada en vigor da normativa municipal de ruídos ¿cantas inspeccións realizaronn os técnicos municipais para comproba-lo seu cumprimento? Das inspeccións realizadas ¿cantas e en que establecementos se detectaron irregularidades no cumprimento da norma? ¿Que medidas tomou o Concello de Betanzos para a correcta aplicación desta normativa.

- En relación coas obras de amaño da rúa das Mariñas por parte dunha empresa constructora, pregunta se o Concello considera as obras concluídas e ben rematadas. Se non as considera concluídas ¿cando teñen pensado rematalas?

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e quince minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA UN DE FEBREIRO DO DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sra. interventora:
Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as oito horas e trinta minutos do martes día un de febreiro do dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- PREGO DE CONDICIÓNS E SUBHASTA DE PARCELAS MUNICIPAIS NO "PASATIEMPO".

Dase conta do expediente tramitado ó obxecto da subhasta de parcelas municipais no "Pasatiempo", que quedara sobre a mesa no Pleno anterior. Consta dictame favorable da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, inicia o debate e tras sinala-la ampliación e os informes obtidos, incluso pola prensa, afirma que aínda sendo partidario de vender algunha propiedade municipal, non hai intención con iso de regula-lo solo, só de cubri-lo presuposto, polo que anuncia o seu voto en contra.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, quere realizar algunhas matizacións no senso de considerar correcta a forma de subhasta, que entende debería de repercutir en futuros bens da mesma natureza, o cal pode ser factible no presuposto, pero pide explicacións sobre que iniciativas se van cubrir. Con respecto ás valoracións, veas máis concisas que noutras ocasións, anque se bota en falta o contraste con outras taxacións, que as levarían a estar máis de acordo coa actualidade, entendendo que a valoración está por debaixo dos prezos actuais, polo que se está malvendendo a propiedade. Critica o cambio de valoración xa que non se pode valora-lo prezo final dos terreos, pedindo máis informes. En xeral, afirma, vense a botar en falta unha normativa urbanística máis áxil e eficaz. Remata esta intervención afirmando que en quince ou vinte anos o Concello quedará sen ningún patrimonio.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia á forma de obtención dos terreos dos que hoxe se propón a venda, debido á xestión deste equipo de goberno, terreos dos que aínda queda unha boa parte, que se destinarán a vivendas de promoción pública. Lémbralle ó voceiro do BNG, a aprobación do presuposto no Pleno do pasado venres, no que se inclúe o anexo de investimentos, onde veñen detallados e concretos os investimentos que se van realizar, polo que se está a falar de cousas concretas. Agradece a intervención dos voceiros, anque entende que como técnicos poderían aportar unha valoración coa que contrastar. Para resumir, insiste en que esta actuación resposta á xestión urbanística do equipo de goberno, que está destinada a investimentos que se reflicten no presuposto e que na parte sur do "Pasatiempo" quedan terreos destinados a vivendas de promoción pública, o que considera como auténtico urbanismo progresista.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, intervén de novo afirmando que o papel pode con todo. Reivindica a súa condición de concelleiro, que non se debe confundir coa profesión privada de cada un, agradecendo por outra banda, a mellora nos informes. Remata afirmando que eles non se basean na obtención de diñeiro senon que non se regula o solo e iso é o que se critica.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, afirma non ter deformación profesional e pide que non se dean clases ó Pleno, como se se estivera na EXB. Insiste en que non está en contra do informe de valoración, pero que se debería contrastar. Polo que respecta ó destino das parcelas da zona sur, parécello oportuno o seu destino para promoción pública, anque a tal fin se cmabian as parcelals cada vez que se fala delas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera que cando se pediu que o asunto quedara sobre a mesa, no Pleno anterior, pensou que se aportarían novas valoracións ou outras melloras. Remata insistindo nos termos xa sinalados.

- O Sr. alcalde dá por rematado o debate, considerando que esperaba máis aportacións ó se apraza-lo mesmo. Cre que o informe técnico podería presentalo calquera grupo, esperando que na subhasta se melloren os prezos. Considera esta actuación como unha consecuencia da xestión urbanística do Concello, consecuencia da cal se van obter novos espacios urbanos. Da subhasta á que, indica, se lle dará a maior publicidade, esperan obter fondos para mellor satisfacción dos problemas dos cidadáns.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleios presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), o voto en contra dos dous concelleiros do BNG (Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos cinco concelleiros do PP (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1º.- Aproba-lo prego de condicións que ha de rexe-la subhasta pública para a alleación de parcelas de propiedade municipal na zona do "Pasatiempo". 2º.- Que se continúe o expediente, iniciándose os trámites da alleación.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as oito horas e cincuenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA QUINCE DE FEBREIRO DO DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do martes día quince de febreiro do dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO ESPAÑOL DE MARZO DO 2000.

Dada conta do resultado do sorteo realizado para elixi-los membros das mesas electorais con motivo das eleccións ó Parlamento Español 2000, o Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo sorteo realizado, quedando formadas as mesas electorais que se indican, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan:

SECCIÓN 1.- MESA: UNICA.

Titulares: PRESIDENTE: GARCÍA GARCÍA ANA MARÍA, DNI : 76361495T.= 1º VOCAL: GARCIA NAVEIRA MARIA BEGOÑA , DNI : 32773991A.= 2º VOCAL: GIL GONZALEZ CAREA. DIEGO , DNI : 33221830D

SUPLENTEs: PRESIDENTE 1: GARCIA LOPEZ MARIA JESUS, DNI : 32750151Z .= PRESIDENTE 2: GARCIA PEDREIRA ENRIQUE JAVIER , DNI : 32805690P.= 1º VOCAL 1: GARCIA PEDRAZA JOSE MANUEL , DNI : 7880847N.= 1º VOCAL 2: GARCIA SANCHEZ FRANCISCO JOS., DNI : 76357032E.= 2º VOCAL 1: GOMEZ PEDREIRA CARLOS MANUEL, DNI : 76367116D.= 2º VOCAL 2: GOMEZ REY IRENE, DNI : 394583H

Reservas: De la Iglesia Vales María José, Iglesia Lata María José, Lago Collazo Olegario, López Cachaza M. Luis, López Jerez Patricia Valeria.

SECCIÓN 2.- MESA: UNICA.

Titulares: P RESIDENTE: JORGE MENDEZ SEGUNDO, DNI : 38525142G.= 1º VOCAL: LONGUEIRA GOMEZ MARINA, DNI : 32387959A.= 2º VOCAL: LOPEZ CAMPOS MARIA ENCARN., DNI : 76351066J

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: LAGARES ABELLA MARIA ANGELES, DNI : 32774865A.= PRESIDENTE 2: LAGO GONZALEZ JOSE MANUEL, DNI : 32625947X.= 1º VOCAL 1: LONGUEIRA SANCHEZ ANTONIO, DNI : 32831240M.= 1º VOCAL 2: LOPEZ ANSEDE MARIA JESUS, DNI : 76355480B.= 2º VOCAL 1: LOPEZ DIAZ MARIA CRUZ, DNI : 50697560V.= 2º VOCAL 2: LOPEZ NUÑEZ PIERINA INMAC.

Reservas: López Orgeira Mónica, López Varela Patricia, López Yáñez María Carmen, Lousa Regueiro Emilio José, Maceira Freira Margarita.

SECCIÓN 3.- MESA: UNICA

Titulares: PRESIDENTE: IGLESIAS OTERO MANUEL, DNI : 32436425P.= 1º VOCAL: LOPEZ REDONDO JOSE MARIA, DNI : 33818712H.= 2º VOCAL: MIRAMONTES MUIÑO MARIA CARMEN, DNI : 32378156K

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: LOPEZ BARREIRO HELGA MARIA, DNI : 76411839C.= PRESIDENTE 2: LOPEZ MARTINEZ MIGUEL ANGEL, DNI : 15888684W.= 1º VOCAL: LOPEZ SANCHEZ BEATRIZ, DNI : 32835986J.= 1º VOCAL: MIRAMONTES MORAS CRISTINA , DNI : 34891721P.= 2º VOCAL: MOAR MOAR DIEGO, DNI : 46908670D.= 2º VOCAL: MORANDEIRA FAJARDO ANDRADE E MILIO, DNI : 32336249C

Reservas: Moretón González Jaime, Muiño Ribera José Manuel, Muñiz Alonso Angel, Ois Rio María Isabel, Orgeira Freire María José.

SECCIÓN 4.- MESA: UNICA

Titulares: PRESIDENTE: FUENTE DE LA DOPICO JUAN AMERICO, DNI : 76351097K.= 1º VOCAL: GARCIA CALVO NESTOR, DNI : 50654562Y.= 2º VOCAL: GARCIA SEOANE ANA, DNI : 79314659X

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: GABIN SANCHEZ CARLOS, DNI : 76351017X.= PRESIDENTE 2: GARCIA BRANDARIZ EVA, DNI : 79317074X.= 1º VOCAL 1: GARCIA RODRIGUEZ DOMINGO, DNI : 32419639N.= 1º VOCAL 2: GARCIA VARELA JUAN MANUEL, DNI : 32297099Q.= 2º VOCAL 1: GARCIA SARIEGO SANCHEZ ALEJANDRO, DNI : 11062326Q.= 2º VOCAL 2: GARCIA VAZQUEZ MARIA JESUS, DNI : 32427286T

Reservas: Garea Mazas María José, Gilsanz Castiñeiras Javier, Gómez Cagiao Carmen, Gómez Naveira Sonia, Gómez Pérez Sandra.

SECCIÓN 5.- MESA: A

Titulares: PRESIDENTE: BELMOTE CANDAL JOSEFA, DNI : 32392162C.= 1º VOCAL: BUJIA LOPEZ PABLO, DNI : 46899380B.= 2º VOCAL: CACHEIRO MUIÑO JOSE FRANCISCO , DNI : 76351096C

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: BRANDARIZ LOPEZ LUCIA, I: 79320903K.= PRESIDENTE 2: BREA ARES MARTA MARIA, DNI : 76363846M.= 1º VOCAL 1: BURGUET VERDE EDUARDO, DNI : 9764741E.= 1º VOCAL 2: BUYO PICO MARIA LUISA , DNI : 76329308Z .= 2º VOCAL 1: CACHO PRADO MARIO JAVIER , DNI : 76353910M.= 2º VOCAL 1: CALLAU BARRIO M. ANGEL , DNI : 17161582V

Reservas: Calviño Gómez María, Calviño Méndez Amparo, Candamio Folgar M.Alberto, Carbajo Barrera Adolfo, Carro Alvarez María José.

SECCIÓN 5.- MESA: B

Titulares: PRESIDENTE: PEDREIRA DEL RIO ANA ISABEL , DNI : 32450582C.= 1º VOCAL: PEREZ ABELLA ANTONIO AUGUST., DNI : 32423717L.= 2º VOCAL: PEREZ SANCHEZ CARLOS MANUEL, DNI : 32374757A

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: PERALES TEIJO TERESA, DNI : 50429521C.= PRESIDENTE 2: PEREIRA VARELA SANTIAGO, DNI : 46919510Q.= 1º VOCAL 1: PEREZ IGLESIAS JOSE ANTONIO, DNI : 76363270G.= 1º VOCAL 2: PEREZ VAZQUEZ JESUS ENRIQUE, DNI : 32819641K.= 2º VOCAL 1: PICATOSTE LEIS ANGEL, DNI : 76351111N.= 2º VOCAL 2: PEREZ NAYA JOSE MANUEL, DNI : 32752834Y

Reservas: Pintor Cortes Ivan, Pita Agilda María Luisa, Pital Barral Rosa María, Ponte Couceiro J. Angel, Porto Porto Manuel.

SECCIÓN 6.- MESA: A

Titulares: PRESIDENTE: CACHAZA MOREIRA M. CARMEN, DNI : 76344775R.= 1º VOCAL: CAINZOS LOPEZ M. JESUS, DNI : 32811043W.= 2º VOCAL: CALAZA VARELA M. ESTHER, DNI : 32445784Y

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: CAGIAO RIVAS MARIA AMPARO, DNI : 76323719J.= PRESIDENTE 2: CAINZOS ABEAL M. LILIANA, DNI : 79324003Q.= 1º VOCAL 1: CAINZOS ORGEIRA M. ROSARIO, DNI : 76351067Z.= 1º VOCAL 2: CAINZOS PORTO LEONARDO, DNI: 76304638E= 2º VOCAL 1: CALVO BARREIRO MARIA CARMEN , DNI : 32385592M.= 2º VOCAL 2: CAMPOS ESCUDERO ALEJANDRO , DNI : 32837068Z.

Reservas: Campos Espiñeira Margarita, Campos Vidal J.A., Carril Rodríguez M.Teresa, Carro Sánchez Celso, Castro Vázquez Isabel.

SECCIÓN 6.- MESA: B

Titulares: PRESIDENTE: VAZQUEZ GOLPE M. JOSEFA, DNI : 76343183L.= 1º VOCAL: VAZQUEZ RODRIGUEZ MANUELA, DNI : 76276593Z.= 2º VOCAL: VAZQUEZ TEIJIDO JUAN MANUEL, DNI : 32622527V

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: VAZQUEZ GOMEZ M. ROCIO, DNI : 76412468M.= PRESIDENTE 2: VAZQUEZ NOCHE MARIA, DNI : 33833080B.= 1º VOCAL 1: VAZQUEZ SANCHEZ EDUARDO, DNI : 76333437W.= 1º VOCAL 2: VAZQUEZ SEARA ANA MARIA, DNI : 32836497H.= 2º VOCAL 1: VAZQUEZ VAZQUEZ AGUSTIN, DNI : 32432134H.= 2º VOCAL 2: VEIGA VEIGA CRISTINA, DNI : 76365262H

Reservas: Vicente Barral Alejandro, Vidal Freire M.Jose, Vigo Lombao Rogelio, Villaverde López Francisco, Viqueira Amor Ana María.

SECCIÓN 7.- MESA: UNICA

Titulares: P RESIDENTE: Díaz Teijo José Tomás , DNI : 79310502U.= 1º vocal:EDREIRA SANTOS M. MAR, DNI : 32805908L.= 2º VOCAL: FENTE ROJO, DNI : 33326838E

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: DOPICO BRAÑAS M. LOURDES, DNI : 76323703C.= PRESIDENTE 2: DOPICO CORONA ANGELICA, DNI : 32417129D.= 1º VOCAL 1: EIREA EIRAS FRANCISCO JAVI., DNI : 33243937J.= 1º VOCAL 2: ESPIÑEIRA ILLOBRE JESUS MARIA, DNI : 32330490B.= 2º VOCAL 1: FERNANDEZ DIAZ JOSE MIGUEL , DNI : 44429388N.= 2º VOCAL 2: FERNANDEZ MANIVESA SANTIAGO FRA. , DNI : 32776621B

Reservas: Fernández Rey María Angeles, Ferreira Canal Ildefonso, Ferreiro Fernández Cesareo, Fraga Sanchez María Julia, Freire Lesta Raquel.

SECCIÓN 8.- MESA: A

Titulares: PRESIDENTE: DELGADO MACEIRAS VICTOR MANUEL, DNI : 79318537R.= 1º VOCAL: FARIÑAS RESTREBADA DAVID, DNI : 47360128T.= 2º VOCAL: LOPEZ LENDOIRO ADOLFO, DNI : 79312714C

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: DIAZ VARELA BERTA, DNI : 32792492N.= PRESIDENTE 2: FARIÑAS GARCIA JOSE, DNI : 79316386N.= 1º VOCAL 1: FRANCISCO RODRIGUEZ ANA, DNI : 12660321V.= 1º VOCAL 2: LENDOIRO SANCHEZ MANUEL, DNI : 76366539F.= 2º VOCAL 1: MARTINEZ BLANCO INES, DNI : 12657719Z.= 2º VOCAL 2: MASEDA CORBELLE MARIA JOSE , DNI : 32448181B

Reservas: Muñoz Vidal Manuel, Ois Fariña Miguel, Olcoz López Marcelino, Otero Pacin Beatriz, Ponte Suárez María Josefa.

SECCIÓN 8.- MESA: B

Titulares: PRESIDENTE: BAÑA RIAL MARIA CRIST. , DNI : 32772905K .= 1º Vocal: B ARRAL SEOANE MARTA , DNI : 32807355V.= 2º VOCAL: BEADE DOPICO CONSUELO, DNI : 76363194C

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: BARRAL PEDREIRA YOLANDA, DNI : 76336883K.= PRESIDENTE 2: BARRAL PORTO EDGARDO, DNI : 79314441E .= 1º VOCAL 1: BARROSO FERNANDEZ M. CARMEN, DNI : 32380042K.= 1º VOCAL 2: BASTEIRO ALAMANCOS M. CARMEN, DNI : 76351091S.= 2º VOCAL 1: BLANCO RODRIGUEZ BASILIO, DNI : 76333494J.= 2º VOCAL 2: BOADO BLANCO M. J OSE, DNI : 79310371T.

Reservas: Botana Rivas Ana María, Calviño Ruanova María Begoña, Campaño Faraldo María Dolores, Campos Fernández Ana María, Carro Iglesias María Luz.

SECCIÓN 8.- MESA: C

Titulares: PRESIDENTE: MARTINEZ FRAGA M. JESUS, DNI : 76362550C.= 1º VOCAL: MONTEMURRI ELENA CLAUDIA.= 2º VOCAL: NAVEIRA LATA ANA MARIA, DNI : 32430178V

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: PAZ LOPEZ JOSE ANTONIO, DNI : 32769824E.= PRESIDENTE 2: MARTINEZ TEIJO FRANCISCO JAV., DNI : 32409092E .= 1º VOCAL 1: MORIS MOSQUERA MARIA CONCEP. , DNI : 32842860X .= 1º VOCAL 2: MOSQUERA DOPICO M . ESTHER, DNI : 76363837L.= 2º VOCAL 1: NAVEIRA MATOS ISABEL , DNI: 32820346J.= 2º VOCAL 2: NOVO PEREZ JESUS, DNI : 33251342N

Reservas: Otero Abellon Alvaro, Otero Díaz Margarita, Otero Quintian Pedro, Otero Vázquez Pedro, Pardo Gandara Paola María.

SECCIÓN 9.- MESA: UNICA

Titulares: PRESIDENTE: AGILDA SANCHEZ EDUARDO, DNI : 79311518C.= 1º VOCAL: BERNAL SOUSA M. MERCEDES, DNI : 32437765Z .= 2º VOCAL: CALVIÑO VIQUEIRA JOSE MANUEL, DNI : 32414344F SUPLENTES: PRESIDENTE 1: BEADE SANTOS RICARDO , DNI: 32803012K .= PRESIDENTE 2: BERNABE MARTIN MONICA, DNI : 52405016E.= 1º VOCAL 1: BOADO LOPEZ SANTIAGO , DNI : 79313169S.= 1º VOCAL 2: CACHEIRO MUIÑO

MIGUEL, DNI : 79310794D.= 2º VOCAL 1: CAMBA SANTOS MARIA TERESA, DNI : 76353888Y.= 2º VOCAL 2: CAMPOS OTERO JOSE LUIS , DNI : 53167149G

Reservas: Carega Martínez Asunción, Carro Sobrino Juan C., Casal Rodríguez José Francisco, Castiñeiras Purriños Angel Manuel, Castro Dans Laureano.

SECCIÓN 10.- MESA: A

Titulares: PRESIDENTE: CASTRO BARRAL OSCAR, DNI : 46896713N.= 1º VOCAL: FERNANDEZ BERNARDO ELISA BEL., DNI : 53161440E.= 2º VOCAL: GARCIA FERNANDEZ M. MERCEDES, DNI : 46898602S

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: DORRIO EVIA ANGELA MARIA, DNI : 79324740V.= PRESIDENTE 2: DURO CREO JOSE M., DNI : 681535E.= 1º VOCAL 1: FONTENLA MARTINEZ ISABEL, DNI : 76369162P.= 1º VOCAL 2: FURELOS RAMOS M. TERESA, DNI : 46898368B.= 2º VOCAL 1: GARCIA LAUDA OLALLA TAMARA, DNI : 79314702F.= 2º VOCAL 2: HERMO RODRIGUEZ SUSANA, DNI : 79314692C.

Reservas: Medin Vázquez Luis Miguel, Moreno Leon de José, Naya Otero Rosa María, Nogueira Naveira María Lourdes, Otero Mosquera Carlos.

SECCIÓN 10.- MESA: B

Titulares: PRESIDENTE: CHOREN SOILAN ISABEL, DNI : 34221689N.= 1º VOCAL: FEIJOO GOMEZ MARIA BEATRIZ, DNI : 76359261C.= 2º VOCAL: FRAGA BUGIA MARIA JESUS, DNI : 32807875P

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: CRESPO SANMARTIN M. JOSE, DNI : 76367280N.= PRESIDENTE 2: DOPICO RAMOS BRUNO, DNI : 32810232L.= 1º VOCAL 1: LATA QUINTANA AYSA .= 1º V OCAL 2: FERREIRO BARRAL ISABEL, DNI : 32805071X.= 2º VOCAL 1: FRAGA PEDREIRA M. RAQUEL, DNI : 32806169G.= 2º VOCAL 2: GANDARA GOLPE JACOBO , DNI : 32842724N

Reservas: García Naveira María Esther, Gil Sesar Manuel, Gil Sesar María Jesús, González Serrano Francisco Javier, Iglesias Regueiro María Concepción.

SECCIÓN 10.- MESA: C

Titulares: PRESIDENTE: FERNANDEZ FIAÑO M. NIEVES, DNI : 32797769E.= 1º VOCAL: GARCIA LOPEZ ANA MARIA, DNI : 32786571W.= 2º VOCAL: IGLESIAS OTERO M.CARMEN, DNI : 76323165B **SUPLENTES:** PRESIDENTE 1: FERREÑO FRAGA MARTINA , DNI : 76369737P.= PRESIDENTE 2: FERREÑO PRADEDA ANA MARIA, DNI : 79310966C.= 1º VOCAL 1: GILSANZ GONZALEZ NURIA, DNI : 69315571W.= 1º VOCAL 2: GOMEZ GOMEZ ESTELA MARIA, DNI : 76363734P.= 2º VOCAL 1: LENDOIRO FERNANDEZ JULIO , DNI : 763638565.= 2º VOCAL 2: LOPEZ BLANCO MARIA PILAR, DNI : 32593048R

Reservas: López García Silvia, López López Francisco Javier, López Sánchez María Olga, Maceiras Fernández María Belén, Manteiga Gilsanz Mariano José.

SECCIÓN 10.- MESA: D

Titulares: PRESIDENTE: AMADO MENDEZ M.DOLORES , DNI : 34888506.= 1º VOCAL: CAINZOS PENA ANTONIO , DNI : 32784228M.= 2º VOCAL: CASTRO DIAZ BEATRIZ, DNI : 34890526D

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: AMADO RODRIGUEZ MONICA, DNI : 79316897V.= PRESIDENTE 2: ANDRADE ROSENDE BERTA, DNI : 32804419W.= 1º VOCAL 1: CARRO CARRO MARIA OLGA , DNI : 79318099T.= 1º VOCAL 2: CASAL SOBRINO M.CARMEN, DNI : 76351149G.= 2º VOCAL 1: CHAS PEREZ SAMUEL , DNI : 79319278Y.= 2º VOCAL 2: DIAZ CORTES M.ISABEL , DNI : 32773413T

Reservas: Dopico Torres María Beatriz, Edreira Díaz Jorge, Fernández Alcaine Francisco Javier, Hermida Gallardo Francisco Javier, Lojo Pérez Félix.

SECCIÓN 11.- MESA: UNICA

Titulares: PRESIDENTE: CAINZOS GOMEZ FERNANDO, DNI : 76356980Q.= 1º VOCAL: CARRO RAMALLO MARTÍN, DNI : 32842955J.= 2º VOCAL: CASTRO CASTIÑEIRA CRISTINA , DNI : 32788991F

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: CAL ROZADOS M.ISABEL, DNI : 79313513Z.= PRESIDENTE 2: CARRO BREIJO PEDRO JOSE , DNI : 32408389D.= 1º VOCAL 1: CARRO VIEITES ELENA, DNI : 53164497C.= 1º VOCAL 2: CASANOVA PRADO BEGOÑA, DNI : 32799653C.= 2º VOCAL 1: CRESPO PARDO AGUSTIN, DNI : 76363207X .= 2º VOCAL 2: CRESPO SEOANE BELEN , DNI : 46897817N

Reservas: Criado Santos Iliana, Domínguez Fragoso Antonio, Dopico Pardo María Dolores, Doporto Sabin María José, Erias Vilas Ramón.

SECCIÓN 12.- MESA: UNICA

Titulares: PRESIDENTE: FARALDO PANETE MANUEL, DNI : 76351243Y.= 1º VOCAL: FERNANDEZ FERNANDEZ MARIA PAZ , DNI : 32640613W.= 2º VOCAL: FERNANDEZ PARGA FEDERICO ROB. , DNI : 32406811H

SUPLENTES: PRESIDENTE 1: FARIÑA CORGO M.CARMEN, DNI : 32386997F.= PRESIDENTE 2: FARIÑAS FRAGUIO SILVIA MARIA, DNI : 76365235Z.= 1º VOCAL 1: FERNANDEZ LOPEZ JUAN DIEGO, DNI : 32770558C .= 1º VOCAL 2: FERNANDEZ MUÑOZ MARGARITA, DNI : 45276159S.= 2º VOCAL 1: FERNANDEZ VARELA M.ELENA, DNI : 32769805A.= 2º VOCAL 2: FERNANDEZ VARELA M.ESTHER , DNI : 76363866W

Reservas: Ferreiro Martínez Montserrat, Ferreño Ferreño José Antonio, Ferreño Precedo Belén, Figueroa Matallin Belén, Fraga García Javier.

Unha vez rematado o asunto anterior, a Sra. Faraldo solicita incluir na orde do día un asunto que considera de suma urxencia.

O Sr. secretario fai advertencia da nulidade de pleno dereito de calquera asunto que se pretenda tratar nun Pleno extraordinario, como o que se está a realizar, cando non estea incluído na orde do día, sen prexuízo de que o Pleno entre a debate-lo que considere oportuno.

A Sra. Faraldo insiste no sentido de se o Pleno non pode acordar convocar sesión plenaria.

Resposta o Sr. secretario que quen ten competencias para convoca-lo Pleno é o Sr. alcalde.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTECATRO DE FEBREIRO DO DOUS MIL.

Sres. asistentes:
Alcalde-presidente:
D. Manuel Lagares Pérez.
Sres. concelleiros:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sra. interventora:
Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do xoves día vintecatro de febreiro do doue mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

- Apróbanse, por unanimidade, os borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria realizada o 28 de xaneiro do 2000 e ás extraordinarias realizadas o 1 e o 15 de febreiro do 2000.

2.- DAR CONTA DE ADHESIÓN A CONVENIO PARA A RECOLLIDA SELECTIVA DE RESÍDUOS SÓLIDOS.

Dase conta de adhesión deste Concello ó convenio marco entre a Consellería de Medio Ambiente e o Sistema Integrado de Xestión Ecoembalajes España SA, consonte o acordo adoptado pola Comisión de Goberno en sesión do 8 de febreiro do ano en curso, e que ten por obxecto regula-la participación da Comunidade Autónoma e das Entidades Locais no sistema integrado de xestión de resíduos de embases de Ecoembes en Galicia, así como o reciclado e valoración que Ecoembes debe garantir no ámbito da Comunidade Autónoma.

3.- REITERACIÓN ADOPCIÓN DE MEDIDAS NA ESTRADA C-542 BETANZOS-MESÓN DO VENTO.

Dase conta de peticións da Alcaldía sobre melloras da seguridade vial na estrada C-542 Betanzos-Mesón do Vento e enlace coa autovía en Infesta ó obxecto da súa reiteración. Está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: reitera-las peticións da Alcaldía sobre melloras da seguridade vial na estrada C-542 Betanzos-Mesón do Vento e enlace coa autovía en Infesta.

Rematado este punto, incorpóranse á sesión o Sr. Beade e o Sr. Carro Galeiras.

4.- DAR CONTA DE ACORDO QUE PROCEDA SOBRE "MINICENTRAL" NO RIO MANDEO.

Dase conta do outorgamento de concesión para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Mandeo, ó obxecto de adopta-lo acordo que proceda. O asunto está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pon de manifesto a súa coincidencia co grupo socialista neste momento da tramitación, en que a central se vai construir, poñéndose de manifesto que con anterioridade habería que manifestar ante o proxecto os problemas que vai ocasionar, dado o canle insuficiente que se deixa, o descoñecemento absoluto da fauna da zona, que deixa trasluci-lo estudio de impacto ambiental, que é escaso para unha zona única como é a de transición entre a "Terra Cha" e a "Mariña". Observouse tamén no proxecto unha cal de derivación infranqueable, con instalacións ó aire libre, o que considera unha petición a realizar para que se eviten despois desgracias persoais. Entende que neste momento haberá que esixir, polo menos, que se adopten medidas rigorosas e exhaustivas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o voto favorable do seu grupo, solicitando que se controle a adopción de medidas cos técnicos municipais.

- O Sr. alcalde indica que non lle corresponde ós técnicos municipais, dado que a obra se fai fóra do municipio, sen prexuízo de esixi-lo estudio das medidas adoptadas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: instar que se tomen as medidas correctoras adecuadas en canto a seguridade e evitar impactos medioambientais.

5.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO PATRONATO PARA A MELLORA DO MEDIO RURAL.

Antes de iniciar este punto, incorpórase o Sr. Doporto.

Dase conta de proposta para nomear representante deste Concello no Patronato para a Mellora do Medio Rural, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, lida a proposta da Comisión, entende que o posible representante éo da totalidade da Corporación, solicitando que o que o sexa informe ó Pleno das actuacións que se leven a cabo.

- O grupo popular non propón representante.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda nomear representante para a elección de membros do Patronato para a Mellora do Medio Rural, a D. José Ramón García Vázquez, concelleiro deste Concello.

6.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE INCLUSIÓN NA COMARCA DE BETANZOS.

Dase conta de escrito do secretario xeral de planificación e desenvolvemento comarcal da Xunta de Galicia, no que se informa sobre a documentación necesaria para facilita-lo proceso administrativo da inclusión da comarca de Betanzos no PDC de Galicia,

así como o de constituí-lo Consello Comarcal e a Fundación (da que remite copia dos estatutos e regulamento interno) para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos. O asunto está informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pon de manifesto que en tal sentido trouxo o seu grupo unha moción no Pleno do mes de decembro no que, a pesar das argumentacións ó seu favor, se desestimou; agora traise ó Pleno polo grupo socialista e vaise votar a favor, polo que pide que non se faga demagoxia co voto. Anque sinala que lle dá o mesmo o que se siga facendo, en canto que o seu voto será afirmativo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que todo o mundo sabía o que ía pasar con este tema, por canto a evolución vai parella ó desenvolvemento da comarca. No anterior Pleno o BNG absteíuse por entender que o proceso é antidemocrátivo e que, ademais, fai unha comarca que non coincide con outras que se superpoñen en diversos sectores, como en educación, sanidade, plano de incendios, o cal é consecuencia do deseño do plano de comarcalización, que permitiu que cada concello, unilateralmente, decidira onde quería ir, abundando no talante antidemocrático. Espera poder influir en cambiar ese talante, sobre todo co uso da razón, amoldándose agora a unha situación transitoria, na que a pesar de todo se vai votar a favor.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pide que se centre o debate. Fai referencia á moción anterior do PP, en relación co escrito que agora remite a Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal, o que considera distinto. Cita que se estaba a traballar sobre a mancomunidade e sobre o consorcio, que si son agrupacións naturais e non producto dunha planificación artificial como a que crea a Lei de comarcas, adaptada ós intereses do grupo político que ostenta o poder en Galicia, que tende á creación de comisarios políticos e non atende ós auténticos representantes do pobo, como si pasa nas outras institucións que se pretende crear. Por iso seguen a critica-la comarcalización, pero ainda non gustando, e menos coas ausencias como Abegondo e Bergondo, vaise apoiar, por canto se espera que sexa beneficioso e non quede en palabras escritas, senon que axude a un desenvolvemento axustado.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, non está de acordo co criterio antidemocrático que se puxo de manifesto, por canto se respectan as maiorías a través da participación dos alcaldes. Non quere discutir, senon que a comarca se desenvolva, o que se podería ter adiantado votándoo en decembro, sobre o que poderían facer varias lecturas, anque o importante, insiste, é aprobalo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, insiste, xa que lle parece que non se entende, no carácter antidemocrático da Lei de comarcas, o que proba con que a inclusión na mesma dependera da vontade do alcalde. Aclara que a pesar das matizacións, anque a veces non se está de acordo cos órganos, asúmense as súas decisións, volvendo a referirse ó proceso de creación das comarcas e da súa organización.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, amosa un grao de coincidencia co voceiro nacionalista, sinalando que se seguirá con atención o desenvolvemento do plano, non estando pasivos, senon atentos ó que se faga.

Remata o Sr. alcalde, indicando a importancia do asunto e facendo referencia ó talante da presentación, que agora se fai a través dunha petición institucional, que é como se deben face-las cousas, non como antes, que se facía desde un posionamento político, esperando que a súa implantación supoña unha aportación ó desenvolvemento de Betanzos.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicita-la inclusión da Comarca de Betanzos no Plano de Desenvolvemento Comarcal de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 12 de Lei de Galicia 7/1996 do 10 de xullo. 2º.- Aproba-la incorporación ó Padroado da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos, facultando ó Sr. Alcalde para que participe no padroado de dita fundación, consonte se recolle nos estatutos da mesma.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NA UEI-5b (AVDA. JESÚS GARCÍA NAVEIRA).

Dase conta de proposta de aprobación definitiva de estudio de detalle na UEI-5b (Avda. Jesús García Naveira), informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia a abstención do seu grupo, por non participar na política urbanística do Concello.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, tamén manifesta a mesma postura, coincidente coa que se vén mantendo desde a aprobación das normas subsidiarias. Entende que, se ben a documentación é correcta, a política urbanística que se fai é mala.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que respecta a opinión dos distintos grupos, pero entende que non se viu ben o expediente, xa que nel aparecen zonas verdes e outros, anque cre que non se sabe o que é un estudio de detalle.

- Replica o Sr. Carro Erias, voceiro do PP, por alusións, sinalando que sabe ben o que é un estudio de detalle e que considera perde-lo tempo seguir discutindo.

O Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle, tramitado a instancia de D. Calixto Veiga Veiga e outros para a UEI-5b (Avda. Jesús García Naveira). 2º.- Que se proceda á súa publicación definitiva, significando a necesidade do trámite do proxecto de urbanización e compensación que é necesario en dita unidade de actuación.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NA UEI-5a (AS CASCAS).

Dase conta de proposta de aprobación definitiva de estudio de detalle na UEI-5a (As Cascas), informada pola Comisión de Programación.

Os grupos políticos manteñen as posturas xa postas de manifesto no punto anterior.

O Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle, tramitado a instancia de D. José Suárez Castro e outros para a UEI-5a (As Cascas). 2º.- Que se proceda á súa publicación definitiva, significando a necesidade do trámite do proxecto de urbanización e compensación que é necesario en dita unidade de actuación.

9.- PROPOSTA SOBRE MATERIALIZACIÓN APROVEITAMENTO URBANÍSTICO DA UEI-4.

Dase conta de escrito presentado polo promotor da urbanización da UEI-4, sobre materialización económica do aproveitamento urbanístico correspondente, constan os correspondentes informes e dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia o voto en contra, non por estar en total desacordo, senon por dúas razóns: a existencia de contenciosos sobre dita unidade de execución e a necesidade de contrasta-las valoracións dos técnicos municipais con outros informes. Doutra banda, considera que sería posible chegar a outro tipo de acordos, como cesión de locais, parecendo que se quere obter diñeiro a toda custa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, sinala a abstención do seu grupo, por razóns semellantes ás expostas, anque sinala que non se puido estudiar detidamente a documentación por despiste propio.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia ó contencioso existente, que é aclarado polo Sr. secretario, defendendo a valoración que é aceptada pola promotora, facendo referencia a que existen razóns distintas para a compensación económica, que en todo caso se axusta á legalidade.

O Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), o voto en contra dos cinco concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e a abstención dos outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Acorda-la materialización económica no importe de 9.000.360,- ptas., do aproveitamento urbanístico da UEI-4. 2º.- Facultar á Alcalcaldía para a documentación deste acordo, formalizando se fora preciso o correspondente convenio.

10.- MOCIÓN RELATIVA Á ORGANIZACIÓN DA "FEIRA DO QUEIXO".

Dase conta de moción relativa á organización da "I Feira do Queixo de Betanzos", informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do partido nacionalista, manifesta o seu acordo despois das xuntanzas mantidas, se ben quere facer algunhas matizacións sobre a documentación aportada, sobre a existencia de dous presupostos, o deseño dos espacios a utilizar e a necesidade da súa ampliación. Considera que se debe face-lo esforzo de conseguir que os expositores sexan da comarca.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta o seu apoio, lembrando que xa o seu grupo trouxera unha moción sobre outras feiras que non foron do agrado, no seu momento, do BNG. Entende que se debería facer unha comisión técnica para o prego de condicións, que este debería estar a disposición da xente, xa que hai quen di que ten posto, polo que pide que as condicións non sexan sectarias senon democráticas e igualitarias.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do grupo socialista, agradece o apoio dos grupos e fai referencia ás reunións cos mesmos e cos representantes de colectivos interesados. Non quere entrar en discusión sobre o que se di pola rúa, non querendo entrar nunha dinámica que polo menos lle parece unha falta de respecto. Sinala que a distribución se fará por sorteo e que a existencia de dous presupostos resposta ó seu carácter estimativo e a realización dalgunhas prestacións cos medios propios do Concello. Entende que o espacio se utiliza ó máximo e que non está cerrado ás posibles suxestións, xa que a finalidade de todos é potencia-los productos da comarca.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, aclara que non houbo menosprezo ante outras propostas do grupo popular, poñendo de manifesto as diferencias, ó seu xuízo, existentes entre tales propostas, como a feira da tortilla e a que agora se propón, dado o carácter industrial do producto.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, na importancia tanto turística como económica que podería supoñe-la súa proposta sobre unha feira da tortilla.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-la organización da "I Feira do Queixo de Betanzos", en base ó estudio que se acompaña, que terá lugar o sábado día 25 de marzo do ano en curso, cun presuposto estimativo de 2.000.000,- de pesetas. 2º.- Aproba-las normas que rexerán para a organización e desenvolvemento do evento feiral. 3º.- Solicita-la correspondente subvención e axudas da Xunta de Galicia e Deputación Provincial da Coruña. 4º.- Facultar amplamente ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para dispoñe-la elaboración do programa, así como as actividades complementarias a desenvolver ("xornada do grelo", no seu caso, culturais, etc.) e cantos actos ou xestións fosen necesarios para levar a bo termo o presente acordo.

11.- MOCIÓN DO PP RELATIVA A VARIOS PROBLEMAS NA ZONA DOS REMEDIOS.

Dase conta de moción do PP relativa a varios problemas na zona dos Remedios, que relacionan, solicitando se adopten as medidas necesarias para solucionalos e que consideran dunha importancia transcendental ó afectar dun xeito directo á seguridade e calidade de vida dos veciños do barrio. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia o seu voto a favor, aínda cando case tódalas petición son reiteracións doutras feitas polo seu grupo, anque considera que se debe apoiar todo o que sexan melloras.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que se trata dunha proposta aberta, no sentido de empezar a toma-las medidas segundo se poida.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que aínda cando se aclarou algún punto da proposta na Comisión, trátase de problemas que xa están en vías de solución, polo que anuncia o seu voto negativo.

- Remata o Sr. alcalde, indicando que quedan expostas as posturas e que se tratará de executa-lo previsto no presuposto, no que figuran estas e outras cuestións xa tratadas noutra ocasión.

O Pleno co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e o voto en contra dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda desestima-la proposta.

12.- MOCIÓN DO PP SOBRE AMPLIACIÓN DO SERVICIO DE BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Dase conta de moción do Partido Popular sobre ampliación do servicio de biblioteca municipal, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, anuncia o seu voto a favor, para todo o que sexa mellorar servicios como o que se trata, téndose presentado polo BNG unha proposta semellante xa no ano 90, con outras como establecer salas de lectura diferentes, descentralización da biblioteca, etc.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, entende que a moción é concreta, facendo fincapé no colectivo universitario.

- O Sr. Díaz, voceiro do grupo socialista, manifesta o acordo do seu grupo coa proposta, o que xa estaba na súa idea, pero non admite que no escrito se poña en dúbida a calidade na atención ó usuario, polo que pide se retire tal expresión, por canto entende que a biblioteca municipal está por encima de moitos "standar" de centros semellantes, sen prexuízo de adoptar melloras como a que se propón na medida do posible.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, explica que tal referencia á calidade se facía a determinados usuarios, anque están dispostos a retira-la frase concreta.

- O Sr. alcalde sinala a coincidencia existente de tódolos grupos, polo que se tomarán as medidas propostas na medida que se poida facer, por canto todo o referente á cultura debe tender a mellorar.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Ampliación do horario da biblioteca municipal. 2º.- Adopta-las medidas encamiñadas á ampliación, adecuación e separaciónn dos espacios, coa creación dunha sala de estudio, unha sala de lectura e un espacio para os lectores máis pequenos. 3º.- Incrementar nos presupostos a partida de investimento para a adquisición de fondos bibliográficos que actualicen os existentes, facendo especial fincapé nos destinados ó colectivo universitario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA E INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA.

Sometido a consideración do Pleno, este, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a Corporación, acorda incluir na orde do día o punto seguinte: RATIFICACIÓN CONVENIO APARCAMENTO.

RATIFICACIÓN CONVENIO APARCAMENTO.

Dada conta do mesmo, o Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo convenio coa empresa APAGA SA, concesionaria do aparcamento subterráneo de vehícu los no subsolo da praza García Hermanos, praza de Galicia e cantón de San Roque.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas efectuadas polo PP no anterior Pleno ordinario (28-01-00):

1. As licencias de primeira ocupación entregadas nos últimos 5 anos son as que constan nos informes correspondentes. Se desexa algunha comprobación concreta poñeríase a súa disposición o expediente para que as examinase.

2. A rúa Rosalía de Castro ten un retraso no seu acondicionamento motivado polas obras de construcción dun estacionamento subterráneo que, por diversas causas, non se fixo. Desde o Concello fanse as xestións continuadas para resolve-los atrancos que se presentan. O acondicionamento e urbanización da rúa está adxudicado polo Concello de acordo co proxecto de urbanización aprobado no seu momento.

3. Fixéronse diversas inspeccións sobre ruídos e outras condicións previstas nas ordenanzas que motivaron o inicio de expedientes que se están a rematar e que dan orixe a sancións económicas nuns casos e trámites para o peche de establecementos noutros.

4. Na rúa das Mariñas a Xunta de Galicia ordenou facer unhas obras que están sen rematar e sobre as que se pediu ó Concello que se permitise a provisionalidade das mesmas mentres se fan comprobacións sobre o seu funcionamento. Dado que, proximamente, se vai mellorar esa rúa, incluirase dentro das melloras previstas.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

1. Que se adquira unha fotocopiadora nova.

2. Que se informe ó Pleno sobre asuntos do contencioso.

O Sr. Doporto, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1. Se o Concello ten gabinete de prensa: que se informe sobre o persoal e datos sobre o mesmo.

2. Solicita aclaracións sobre as funcións dos obxectores.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas e cincuenta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE MARZO DO DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do xoves día trinta de marzo do dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria realizada o 24 de febreiro do 2000, coa seguinte matización feita polo PP ó punto 6 da orde do día: a voceira do grupo popular, Sra. Faraldo, entendía que todos ían

votar favorablemente, debéndose entende-las manifestacións realizadas desde ese punto de vista.

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE PROXECTO DO PLAN 2000, ANUALIDADE 1999.

Antes de iniciar este punto incorpórase o Sr. Carro Galeiras.

Dase conta de proposta de modificación do proxecto do Plan 2000, anualidade 1999, "subministro e colocación de mobiliario urbano na praza García Irmáns", informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que no seu día xa veu ó Pleno e que agora volta porque quedou deserto, sendo necesario incluí-lo de novo. Anuncia o voto favorable.

O Pleno, co voto a favor de once concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1º.- Prestar aprobación á modificación do proxecto incluído no Plan 2000, anualidade 1999, "subministro e colocación de mobiliario urbano na praza García Irmáns". 2º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña o cambio correspondente.

3.- SOLICITUDE A AUGAS DE GALICIA.

Dase conta ó Pleno de proposta para solicitude a Augas de Galicia, que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar a Augas de Galicia o permiso necesario para a instalación de tubos no regato da Xerpe, de acordo coa memoria técnica xunta. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo dita petición.

4.- SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS NO TOMBEL, GUILIADE.

Dase conta ó Pleno de proposta para solicitude á Deputación Provincial da Coruña sobre adopción de medidas no Tombel, Guiliade. Está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a adopción de medidas tendentes a mellora-la circulación peonil no lugar do Tombel (Guiliade), na estrada provincial de Guísamo a Guiliade, sinalado no plano xunto. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo os trámites desta petición.

5.- SOLICITUDE DE TARIFAS DE AUTO TAXIS.

Dase conta ó Pleno de solicitude de nova tarifa de auto taxis, que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la nova tarifa de auto taxis proposta pola Agrupación Local de Auto-Taxis e Gran Turismo -clase B- de Betanzos.

6.- PETICIÓN DO CLUB DE PIRAGÜISMO.

Dase conta ó Pleno de solicitude do club de piragüismo "Club Náutico Ría de Betanzos", informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Conceder para o uso do "Club Náutico Ría de Betanzos" o uso do local anexo ó que ocupan actualmente, situado nas naves do antigo matadeiro municipal, e que nestes momentos está destinado a trasteiro, a fin de instalar de forma provisional: un ximnasio, unha oficina, zona destinada a reparación de embarcacións, zona de almacenamento de material deportivo. 2º.- Facultar á

Alcaldía-Presidencia para realizar tódolos trámites e xestións derivados do acordo adoptado.

7.- SOLICITUDE DOS REPRESENTANTES DOS FUNCIONARIOS.

Dase conta de solicitude formulada polos representantes do persoal funcionario e laboral deste Concello, informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-lo aboamento ó persoal funcionario e laboral deste Concello, dunha paga única que recolla a desviación do 1,4% das retribucións que se percibiron no exercicio 1999, dando traslado ó departamento de Intervención para que dispoña o necesario a fin de que o pagamento se faga efectivo á maior brevidade posible.

8.- PROPOSTA DE DOAZÓN DE TERREOS.

Dase conta de proposta de doazón de terreos ó Concello por D. Antonio Noguerol. Constan no expediente os informes pertinentes e o dictame favorable da Comisión Informativa coa reserva de voto ó Pleno do grupo nacionalista.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que a reserva de voto se fixo no sentido de estudiar máis detidamente o tema, se ben están de acordo con todo tipo de doazóns, entendendo que non hai compensacións e agradecendo o carácter altruista.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica o seu voto favorable.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, quere que conste na acta o agradecemento a D. Antonio Noguerol.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aceptar de D. Antonio Noguerol Otero a doazón da finca nº 343 do plano catastral de Betanzos, situada no lugar de Viñas, nome: Volta do Codo e Vista Alegre, superficie: 990 m2; limita ó norte: parcela anterior e corredoira de Cornide á Cangrexeira, sur: herdeiros de Raul Fernández Meas e de Juan Casanova, leste: a expresada corredoira e oeste: a parcela segregada e muro de contención da estrada xeral de Madrid á Coruña; está inscrita no Rexistro de Propiedade tomo: 1615, libro: 273, folio: 224; atópase libre de cargas. A doazón desta finca queda condicionando a que este organismo instale na mesma un mirador, no prazo de dous anos contados a partir do un de abril do 2000, e se faga cargo do seu mantemento e axardinado. 2º.- Facultar ó alcalde-presidente para realizar tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

9.- SOLICITUDE DE PARCELA PARA SUBMINISTRO DE GAS.

Dase conta de solicitude efectuada por Repsol Gas de parcela para subministro de gas canalizado a esta localidade, informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, co voto a favor de once concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda acceder á solicitude realizada por Repsol Gas da parcela que se sinala no plano xunto que precisa o centro de almacenamento de GLP para o subministro de gas canalizado a esta localidade, autorizando á Alcaldía para a formalización do acordo oportuno.

10.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 14.

Antes de iniciar este punto incorpórase á sesión a Sra. Sánchez Vázquez.

Dase conta de proposta de modificación da ordenanza fiscal nº 14, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, indica a abstención do seu grupo, postura que tradicionalmente veñen mantendo nos temas relacionados coas ordenanzas, aínda parecéndolle acertada a modificación. Opina que as taxas resultantes da aplicación desta ordenanza eran excesivas, non podendo ser máis que froito dun erro que parece que agora se corrixe, quedando dun xeito máis favorable e acertado.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta a abstención do seu grupo, ó igual que o BNG.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Vázquez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto), o que representa a maioría absoluta do número legal de membros que compoñen esta Corporación, acorda: 1º.- Modifica-la ordenanza fiscal nº 14.- Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos semellantes con finalidade lucrativa, modificando o artigo nº 6.- Tarifas, que quedan establecidas do xeito que se indica. 2º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

11.- PROPOSTA DE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO PARA O EXERCICIO 2000.

Dada conta da operación de préstamo que se pretende, prevista no presuposto para este exercicio, e vistos os informes emitidos e manifestada a abstención do grupo popular, por non participar na xestión económica, o Pleno, cos votos favorables dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Vázquez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, do grupo popular, e Sres.: Otero, Doporto, do BNG), acorda: PRIMEIRO.- Concertar co Banco de Crédito Local unha operación de crédito de corenta millóns de pesetas (40.000.000,- ptas.). SEGUNDO.- Acorda-la renegociación da totalidade da débeda co devandito banco, que despois do crédito concertado acada a cantidade de cento noventa e seis millóns novecentas dez mil oitocentas corenta e oito pesetas (196.910.848,- ptas.). TERCEIRO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para asina-los documentos de formalización oportunos.

12.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE INCORPORACIÓN Á ASOCIACIÓN DE CIDADES EDUCADORAS.

Dase conta de moción da Alcaldía sobre incorporación de Betanzos á Asociación de Cidades Educadoras, informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicita-la inclusión de Betanzos na Asociación Internacional de Cidades Educadoras. 2º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos.

13.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDE DE AUDITORIO.

Dase conta de moción da Alcaldía sobre construcción dun auditorio, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, considera que todo o que sexa dotar a Betanzos de infraestructuras é bo. En relación coa proposta entende que o auditorio do "Pasatiempo" ten condicionantes "xa que non é doado facer engadidos no mesmo". Espera que o lpugar que se escolla sexa idóneo, quedando á espera de conseguir un auditorio digno en tódolos aspectos para Betanzos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica o seu voto positivo e quere matizar no sentido da ubicación das parcelas propostas, en referencia á cercana ó ambulatorio, pola saturación da zona e o problema de aparcamentos, polo que entende deberían verse outras parcelas cos correspondentes estudios técnicos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece a postura unánime, recoñecendo que algunha parcela pode ser non adecuada, polo que se fai unha oferta ampla, tratándose de buscar no seu momento o lugar máis adecuado.

- Remata o Sr. alcalde, insistindo no carácter aberto da proposta, considerando que pode haber máis sitios posibles e que o importante é que se faga, para dar satisfacción ás esixencias culturais de todos.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar ás Consellerías da Presidencia e Cultura da Xunta de Galicia a construcción dun auditorio en Betanzos. 2º.- Facilita-los terreos para a ubicación do mesmo que en principio se considera pode construirse no contorno do "Pasatiempo" ou na zona do ambulatorio, sen prexuízo de que poidan existir outras iniciativas mellores que se estudiarían e valorarían. 3º.- Solicita-lo apoio das asociacións e entidades de Betanzos, así como dos concellos da comarca para o logro desta importante iniciativa. 4º.- Facultar ó alcalde ou conceleiro en quen delegue para que desenvolva tódolos extremos da moción presentada.

14.- MOCIÓN DO PP SOBRE MELLORAS NO BARRIO DE STA. MARÍA.

Dase conta de moción presentada polo PP solicitando a instalación de semáforos na rúa do Malecón e maior presencia dos axentes da Policía Local, que se poña a disposición dos veciños o local destinado a usos comunitarios e que as "danzas de mareantes" sexan atendidas co respecto e dignidade que merecen. Conta co informe da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que a moción vai no senso da presentada anteriormente para a zona dos Remedios, tratando de atende-las inquedanzas dos veciños. Entende que as medidas propostas non o son para atender de inmediato, senon para ir solucionando segundo se poida, pedindo a aprobación da moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, presenta unha cuestión de forma, ante a imposibilidade de defensa do asunto na comisión informativa pola ausencia de represenantes do grupo que presenta a moción. Polo que respecta ó fondo do asunto, entende que o partido socialista gañou unhas eleccións cun programa que se posicionaba nos problemas dos barrios. Nalgúns casos hai cousas xa realizadas, outras sobre as que se discrepa, anunciando consecuentemente o voto negativo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pola súa banda, móstrase favorable a apoia-la moción igual que anteriormente, aínda cando algunhas peticións xa están feitas polo seu grupo en anteriores ocasións.

O Pleno, co voto a favor de sete concelleiros (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, do grupo popular, e Sres.: Otero, Doporto, do BNG) e o voto en contra dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Vázquez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción presentada.

15.- MOCIÓN DO PP SOBRE CRITERIOS PARA A INSTALACIÓN DE FAROLAS.

Dase conta ó Pleno de moción presentada polo Partido Popular solicitando que se adopten as medidas necesarias tendentes á concreción duns criterios que teñan como obxecto adecua-la instalación dos puntos de luz dunha maneira acorde e respectuosa co contorno. Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do partido popular, explica que o que se pretende é establecer criterios para a colocación de farolas da iluminación pública, non que se cambien tódalas farolas, senon que se actúe con criterios claros que impidan que nunha mesma rúa haxa ata tres tipos de farolas, buscando unha homoxeneidade así como elimina-la posible contaminación lumínica, cumprindo as normas da Unión Europea.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, expón a súa abstención, aínda coincidindo nalgúns aspectos, pero crendo que se debe confiar nos técnicos, que terán en conta os distintos aspectos cada vez que se faga unha actuación, polo demais non tén datos para posicionarse.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia a que os criterios tenden a ser distintos, xa que non pode haber unha total unanimidade, facendo referencia a garda-lo respecto co contorno. Respecto ás normas da Unión Europea, entende que se veñen cumprindo, por canto hoxe deben ser cumpridas por tódolos fabricantes.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do PP, indicando que hai tramos de rúa pequenos con tres tipos de farolas distintas, insistindo en utilizar criterios de hoxeneidade por rúas.

O Pleno, co voto a favor dos cincos concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), a abstención dos dous concelleiros do BNG (Sres.: Otero, Doporto) e o voto en contra dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Vázquez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción presentada.

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde invita a toda a Corporación á asistencia ós actos convocados nas xornadas adicadas a Castelao, así como a visita-lo "stand" en Turisport.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas efectuadas polo Sr. Doporto, voceiro do BNG, no anterior Pleno ordinario (24-02-00):

1.- Non existe o tal gabinete de prensa. O que hai é unha persoa que presta os servicios de comunicación do Concello, estando previsto no futuro que funcione como tal gabinete.

2.- As encomendadas dentro do convenio establecido entre o Ministerio de Xustiza, Xunta e concellos.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, pregunta cantos teléfonos móbiles ten contratados o Concello e cal é o seu custo mensual.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, quere facer un rogo en relación a noticias publicadas na prensa, sobre pavimentacións e beirarrúas na zona histórica, que considera acertada, pedindo o mesmo tratamento en tódalas pavimentacións, abandoando outras non tan axeitadas, como as que se fixeron con formigón estampado.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteunha horas, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESEIS DE ABRIL DO DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas e quince minutos do mércores día vinteseis de abril do dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria realizada o 30 de marzo do 2000.

2.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES CONCELLO EN ÓRGANOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA CORUÑA.

Dase conta ó Pleno do expediente iniciado para nomeamento de representantes do Concello de Betanzos en órganos da Mancomunidade de Municipios da Coruña, informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, realiza proposta para representantes na Mancomunidade de Municipios da Coruña.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que non fai proposta e mantén unha postura de abstención.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, reitera a súa postura habitual, que considera que a máxima representación institucional tena o alcalde, se ben reclama dos representantes do Concello noutros organismos que dean información e rendan conta puntual das súas xestións.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda designar: A) Asemblea Intermunicipal: D. Manuel Lagares Pérez, alcalde-presidente, e D. José Ramón García Vázquez, concelleiro delegado de acción rural. B) Comisión Xestora: D. Manuel Lagares Pérez, alcalde-presidente.

3.- CONSTITUCIÓN XUNTA PERICIAL DO CATASTO INMOBILIARIO DE RÚSTICA.

Dase conta de expediente tramitado para a constitución da Xunta Pericial do Catastro Inmobiliaro Rústico, de acordo co disposto no RD 1344/92 do 6 de novembro.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, fai proposta, sinalando que faltan por determina-los representantes dos sindicatos, por canto estes non fixeron proposta.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, manifesta o seu acordo, solicitando que se informe das decisións que se adopten.

- A Sra. Faraldo, voceira do partido popular, sinala que o seu grupo apoia tamén a proposta, considerando axeitado o nomeamento dos alcaldes de barrio, aínda cando no se estivo de acordo na súa designación.

Por unanimidade, acórdase nomear ós seguintes:

Vocais do sector agrario: D. Andrés Grandal Vidal e D. Manuel Rey Casal.

Técnico facultativo: D. José Luis Zamora Andrade.

4.- RATIFICACIÓN ACORDOS SOBRE SOLICITUDES DE SERVICIOS SOCIAIS.

Preséntase ó Pleno, para a súa ratificación, solicitude de subvencións á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, consonte a Orde do 1 de marzo do 2000 (DOG do 16 de marzo).

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, fai referencia á citada orde sinalando que nela non está incluída a gardería, polo que solicita que se lle aclare, o que xa pediu na comisión, que é a orde pola que se fai esta petición á Conselleria de Familia.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que o que se trata é de ratificar ou non unhas solicitudes xa feitas pola Comisión de Goberno, sen prexuízo de que se faga solicitude para a gardería á Consellería de Familia, e en canto á normativa é a que sae nos diarios oficiais.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do PP, por canto ela só coñece a orde de Familia respecto a mantemento dos centros.

- Intervén o Sr. alcalde, para indicar que xunto con esta solicitude, neste mesmo Pleno se presenta, noutro punto, solicitar á Consellería de Familia un convenio específico, como o que se realizou con otros concellos. Así mesmo aclara as dúbidas presentadas polo voceiro do BNG, sobre se o solicitado neste punto tiña relación co que figura no sétimo.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Ratifica-la solicitude de subvencións á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, consonte a Orde do 1 de marzo do 2000 (DOG nº 53 do 16 de marzo) para solicita-las seguintes axudas: 1.- Servicios sociais comunitarios (de atención primaria): mantemento e ampliación de persoal (1 psicóloga, 3 traballadores sociais, 1 pedagogo, 1 animador sociocultural, 1 auxiliar administrativo); mantemento da xestión dos servicios sociais comunitarios; mantemento e ampliación do programa de axuda a domicilio (6 auxiliares do fogar, ampliación a xornada completa das 3 auxiliares existentes e contratación dunha nova a xornada completa); mantemento do programa de captación de voluntariado; mantemento do programa de emerxencia social; mantemento do programa de cooperación social; posta en funcionamento dun programa de descentralización e difusión dos servicios sociais no medio rural; organización de cursos de prevención do consumo de drogas no medio familiar; mantemento dun programa de educación familiar; proxecto de intervención dirixido ás mulleres do grupo de vivendas "Martín Ballesteros". Así mesmo, que os servicios sociais comunitarios derivados de prórroga se continúen prestando nas mesmas condicións que o ano pasado. 2.- Equipamento do centro de servicios sociais. 3.- Servicios sociais de atención especializada: mantemento e programación do centro social da terceira idade. 4.- Reforma da escola infantil municipal "Cocofantes". SEGUNDO.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites consideren oportunos para o bo fin destes acordos.

- En explicación do voto, a Sra. Faraldo, voceira do PP, considera que nesta petición non debería figura-la gardería, por canto a Consellería de Sanidade nunca financiou garderías.

- Resposta o Sr. alcalde que iso non é a realidade, polo que se vai pedir ter unha gardería como a maioría dos concellos.

5.- <u>MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE DETERMINADOS PROXECTOS.</u>

Dase conta de moción do delegado de infraestructuras e acción rural sobre determinados proxectos relacionados coa mellora do medio rural, que conta co informe da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó proxecto de "mellora da infraestructura agrícola na concentración parcelaria da parroquia de Piadela", por un importe de 4.976.375,- ptas. e ó proxecto de "mellora da infraestructura forestal en diversos lugares do municipio", por un importe de 4.984.907,- ptas. SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, ó abeiro da Orde do 15 de marzo do ano en curso (DOG nº 67 do 5 de abril), unha subvención para levar a cabo os proxectos anteriormente mencionados. TERCEIRO.- Declarar que o Concello dispón dos terreos necesarios, así como que conta cos preceptivos permisos que poidan derivarse da realización da acción. CUARTO.- Comprometerse, o Concello, a manter e conserva-las obras trala súa recepción.- QUINTO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou

concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites que poidan derivarse da adopción destes acordos.

6.- PROPOSTA SOBRE MEDIDAS DE CIRCULACIÓN E ORGANIZACIÓN DO TRÁFICO NO CASCO HISTÓRICO.

Dase conta de proposta do concelleiro delegado de tráfico sobre medidas de circulación e organización do tráfico no casco histórico, relacionadas co acceso restrinxido ó mesmo, que ven dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que dada a afluencia de público a este Pleno motivada por este asunto, procede que se dea unha explicación sobre a proposta.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do PSdeG-PSOE, da conta da mesma, sinalando que se trata de medidas necesarias para a ordenación da circulación no casco histórico, para as que se deberá ter en conta outras actuacións complementarias en estudio, consistentes, como sinala a moción, en establecer zona de acceso restrinxido o casco histórico da cidade, con carácter provisional en horario e días que se indican, aprobando a dotación dun sistema automático de control de acceso para a súa concesión ós titulares de veículos que se estime oportuno. Pon de manifesto que o tema é coñecido polos medios de comunicación, por xuntanzas realizadas con colectivos de comerciantes, nas que se puxeron de manifesto opinións positivas e outras con reservas. Alégrase da existencia do público interesado no tema e solicita que o secretario dea lectura íntegra á proposta, ó obxecto de que quede claro o que se propón.

- O Sr. secretario da lectura á proposta.

- A Sra. Farado, voceira do PP, quere reiterar dúas preguntas xa realizadas na Comisión de Tráfico, sobre o que se vai facer en horario de 8 horas a 20 horas, ó que se lle respostou que se valorará no futuro e se se ían considerar residentes ou non ós comerciantes. Entendendo que existe deficiente información, indica a abstención do seu grupo, tendo en conta que algúns comerciantes están presentando programas alternativos, polo que pide que o asunto quede pendente en tanto se negocia.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do PSdeG-PSOE, considera que debe haber un horario indefinido que ó igual que outras actuacións están en estudio, tales como regula-la carga e descarga, a limitación da tonelaxe, sinalando os problemas da anchura das vías. Advirte que o que se está facendo é iniciar un proceso, que a propia ordenanza de tráfico, suxeita a información pública, que é o paso posterior a dar, momento no que se poderá aportar e propoñer todo o que se considere, polo que non cre deba reiterarse o asunto, xa que se trata de adoptar medidas de interese social, para as que politicamente non hai condicións sobre o que se dará información e aclaración suficientes, coas asociacións representativas e público en xeral. Afirma que as medidas a adoptar son unha demanda cidadá, que valoran a importancia do casco histórico, do que non se pode pasar por alto situacións prexudiciais, entendendo que é un beneficio de todos, incluíndo claramente o da actividade comercial.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifesta a posición favorable do seu grupo, posta xa de manifesto no seu programa electoral, pero a unha peonalización ligada a outras accións e non a un proxecto moi pouco definido, pouco claro, xa que semella que non se soubo en ningún momento indicar onde se ía, sen unha información detallada. Cre necesario distinguir entre peonalización e carga e descarga, entendendo poco valente a limitación de 20 horas a 8 horas, pedindo tamén ó grupo popular máis valentía e definición nestas decisións.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en que o seu grupo está definido esixindo un maior estudio ou se non manifestarase en contra. Considera que a importancia do comercio como fonte de emprego, así como a existencia dunha proposta alternativa, xustifica que siga negociando. Por outra banda non entende por que non se presenta o asunto polo voceiro habitual do grupo socialista, pedindo que dea a cara e non se escude nun concelleiro que vén facendo un bo labor.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, quere explicar que no seu grupo actúan indistintamente os dous concelleiros, repartíndose os asuntos.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do PSdeG-PSOE, considera un honor intervir neste e noutros asuntos no que non se trata de cubrir a ninguén. Voltando ó asunto que se está a debater, considera que a proposta dos comerciantes terase que estudiar pero di que non se digan cousas falsas falando con total claridade. As medidas propostas son as mínimas a adoptar para ir cara ós obxectivos que se pretenden, e se se ocupan responsabilidades políticas entenden que se deben presentar propostas alternativas, o que non fixo ningún grupo.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta ó respecto que non é o mesmo estar no poder que na oposición, como se puxo de manifesto noutras cuestións.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, quere remata-la súa intervención, afirmando que a Comisión de Tráfico se fixo sen asistencia do PP, e que o BNG ten presentado alegacións a distintos puntos. Entende que a proposta non está de todo definida e que a peonalización funciona acompañada de moitas máis medidas, ás que fai referencia. Afirma que a actitude ó respecto é pouco valente e que o problema que hoxe se debate esixe medidas concretas e eficientes.

- O Sr. alcalde considera suficientemente debatido o asunto sinalando que gobernar esixe adoptar decisións e neste caso é necesario tomar medidas prudentemente en canto afecta a varios sectores, non só o comercio. O resultado das medidas que se adopten xustificarán a súa modificación ou a adopción doutras. Fai referencia a outras cidades e pobos onde se deu este paso, sinalando que os criterios están en evitar beirarrúas invadidas polos vehículos, logra-la convivencia do comercio con outros usos cidadáns, adopción de medidas de carga e descarga e de protección das beirarrúas, o que sen dúbida redundará en melloras para o comercio e ampliación da peonalización. Entende que a proposta do PP sería non facer nada, explicando que o que se pretende é aproba-las medidas propostas abrindo un prazo de alegacións e información pública, co que se pode ve-las distintas iniciativas que irán en melloras a favor dos cidadáns no seu conxunto. Insiste en que non son medidas traumáticas nas que haberá desacordos, que se irán valorando para coordinar tódalas melloras, sendo este o punto de vista desde o que está pensada a moción.

Sométese o asunto a votación e o Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e o voto en contra dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: PRIMEIRO.- Aprobar con carácter provisional a proposta do Sr. concelleiro delegado de tráfico que di: "1.- Establecer zona de acceso restrinxido o casco histórico da cidade, prohibindo a circulación e estacionamento de vehículos na mencionada área urbana (agás os dos veciños residentes na mesma acreditados coa correspondente tarxeta municipal, servicios de urxencia (ambulancias,

vehículos policiais, municipais, protección civil, bombeiros ou de carácter semellante e taxis) en horario e días que se indican e que terá carácter provisional. A Alcaldía, á vista dos informes que considere ou do funcionamento e nivel de adecuación do servicio, poderá modificar ou ampliar ditos horarios e días, publicándoo e anunciándoo debidamente. 2.- Aproba-la dotación dun sistema automático de control de acceso (que se instalará na r/ Porta da Vila, segundo o plano que se acompaña) á mencionada zona, con funcinamento programado e mediante mando a distancia ou tarxeta, sendo concedido ós titulares de vehículos que se estime oportuno de acordo co previsto no apartado anterior e tendo en conta a ordenación da circulación que a tal efecto se determine. 3.- Facultar amplamente ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo cantos actos e xestións sexan necesarios para facer efectivo o presente acordo". SEGUNDO.- Someter dita proposta a información pública, para posterior estudio de alegacións ou propostas.

- En explicación de voto a Sra. Faraldo, voceira do PP, fai constar que entende a preocupación dos comerciantes ante a construcción dun centro comercial no Carregal con aparcamentos á porta, sendo advertida polo Sr. alcalde sobre o contido da explicación do voto.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, afirma que están convencidos da peonalización e rehabilitación do casco por moitas cousas o que non cre que teña nada que ver coa superficie comercial.

- O Sr. alcalde entende que se está entrando noutro tema que non corresponde co punto da orde do día.

7.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE FAMILIA SOBRE ACONDICIONAMENTO DA GARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL.

Dase conta de proxecto de acondicionamento da gardería municipal de San Francisco, co fin de solicitar da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude a realización do mesmo. Está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala que anque na comisión se presentaron reservas para un coñecemento máis exhaustivo, neste momento a posotura é favorable polo que supón de dotar a Betanzos dunha ensinanza de calidade, entrando nos poucos concellos que poden escolarizar desde os cero anos. Engade que a proposta debe ir acompañada de algo máis, como é conseguir medios persoais, cumprir legalmente co consello escolar, recursos suficientes, etc., pedindo así mesmo que no seu día se establezan baremos económicos para as taxas. Anuncia o seu voto favorable sinalando que o seu grupo estará vixiante da calidade e aproveita para solicitar un troco no que considera pouco apropiado nome da gardería, debendo buscar outra mascota máis cercana á nosa realidade.

- A Sra. Faraldo manifesta o voto a favor do seu grupo.

O Pleno, por unanimidade, acorda solicitar á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude as axudas oportunas a través do convenio que sexa necesario para o acondicionamento da gardería municipal de San Francisco, aprobando a memoria presentada polos servicios técnicos municipais.

8.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA SUBHASTA DE PARCELAS MUNICIPAIS.

Dase conta do expediente tramitado para a alleación de parcelas de propiedade municipal que se indican no prego de condicións.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o seu voto negativo por estar en contra da venda de patrimonio, sinalando, por outra banda, o que considera prezo baixo na venda, no que se refire ó aumento de edificabilidade na zona.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, mantén a súa postura de cando se aprobou o prego desta subhasta, entendendo que se trata de equilibra-lo presuposto, sen prexuízo da legalidade da actuación. Entende que a valoración segue sendo máis axeitada que outras realizadas con anterioridade.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, inicia a súa exposición afirmando que fala en nome de tódolos seus compañeiros de grupo. Lembra que o seu grupo conseguíu grande parte do patrimonio que na actualidade ten o Concello e que coa súa venda non se maquilla nada, senon que se cubren os investimentos como se prevía no correspondente anexo do presuposto, tal e como sinala a lei. Respecto ó prezo e á edificabilidade, sinala que xa se aprobou nesta Corporación un convenio acerca da maior edificabilidade do plano parcial do Pasatiempo e non considera sexa tan barato, senon venderíanse tódolos terreos, o cal non é o caso. Considera a venda que hoxe se fai como producto da boa xestión urbanística.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, cre que non se venden os terreos por falta de crecemento da poboación e espera que non suceda ó igual que na UA-4, coa diferencia entre o prezo inicial e o prezo final, que á final ten que dictarse unha sentencia que obriga a que pague alguén distinto de quen esixía o Concello e que se recorre, cando xa supón case catro millóns en custas para quen perde que é o Concello.

Facendo estas afirmacións é interrompida polo Sr. alcalde, quen lle pregunta se se sabe en que punto da orde do día se está, por canto parece estar noutro distinto e facendo afirmacións inexactas, polo que pide que se centre no asunto e aporte datos verdadeiros.

- A Sra. Faraldo,voceira do PP, indica que traerá a outro Pleno a sentencia, e que polos motivos xa sinalados, votarán en contra neste punto.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pide á voceira do grupo popular que se aclare xa que leva moito tempo falando de sentencias, sinalando que o seu grupo non ve pantasmas. En canto á xestión económica, faise como quere o grupo de goberno, aínda cando a cuestión está na claridade que piden en tódalas actuacións. Considera que pode haber xestións máis intelixentes e espera que gobernos posteriores o fagan mellor.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que se está a falar de todo menos do que se debía, insiste no carácter investidor da venda, non de perder patrimonio que, por outra banda, se multiplicou notablemente. En canto ó aspecto da poboación, non se coñece ben a mesma e indícase que se averigüe por que non se venden máis lotes. Remata afirmando o positivo da actuación para Betanzos.

- O Sr. alcalde entende debatido o asunto e sinala que se falou de temas que non acaba de ver. Respecto á posibilidade de medidas intelixentes, lémbralle ó grupo nacionalista que tódalas iniciativas que o sexan teranse en conta.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), o voto en contra dos cinco concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e a abstención dos dous concelleiros do grupo nacionalista (Sres. Otero, Doporto), acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente, e en consecuencia allear mediante compra-venda, á empresa "Construcciones Vixoy SL" o lote número un da alleación de parcelas municipais acordada por este Concello o pasado día un de febreiro, constituído polas parcelas números 1, 2 e 3 que se describen da seguinte forma:

- Parcela número 1 do polígono do Pasatiempo, de 260 m2, que linda ó norte co vial E, ó sur coa parcela nº 3, ó leste coa parcela nº 2 e o oeste co vial D.
- Parcela número 2 do polígono do Pasatiempo, de 260 m2, que linda ó norte co vial E, ó sur coa parcela nº 4, ó leste co vial C e o oeste coa parcela nº 1.
- Parcela número 3 do polígono do Pasatiempo, de 182 m2, que linda ó norte coa parcela nº 1, ó sur coa parcela nº 5, ó leste coa parcela nº 4 e o oeste co vial D.

2º.- Dita alleación establécese no prezo de 28.546.944,- ptas., sendo o prezo na súa situación de futuro segundo as posibilidades de aumento da edificabilidad o de 44.163.457,- Ptas.

3º.- Facultar á Alcaldía para realizar tódalas xestións oportunas e así mesmo elevar a escritura pública a presente compra-venda.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en explicación do voto, indica ó grupo nacionalista que se non coñece a sentencia á que fai referencia, que a pida.

- O Sr. alcalde cre que a voceira do grupo popular está noutro mundo e sáe dos canles institucionais, pedindo que utilice o uso da palabra debidamente.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, engade que non se poden sementar dúbidas e non ter dereito a contestar.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pola súa parte, insiste en que o seu grupo non ve pantasmas; respecto á xestión urbanística, entende que os servicios xurídicos informarán da mellor maneira posible.

Antes de entrar en "rogos e preguntas" o Sr. alcalde presta a seguinte información:

* Visita do Sr. vicepresidente da Deputación e deputado de cultura á fundación CIEC, invitando a toda a Corporación.

* Carta recibida do Sr. Cuiña Crespo sobre ubicación de estación de autobuses en Betanzos, pedindo terreos por 1.200 m2, que haberá que matizar e iniciaranse os correspondentes estudios.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, desculpa a súa ausencia da visita anunciada e sinala que considera insuficiente a superficie sinalada, sen prexuízo das matizacións oportunas.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta á pregunta efectuada pola Sra. Faraldo, voceira do PP, no anterior Pleno ordinario (30-03-00):

- O Concello, para a atención de tódolos servicios que se consideran, ten contratados dezasete teléfonos móbiles, sendo o seu custo mensual variable o que se poderá determinar e ser consultado cando se aproben as contas anuais.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- En relación co enlace de sumidoiros en Betanzos o Vello, por que segue sen estar conectado á rede xeral de sumidoiros cando levan cinco anos esperando.

2.- En relación co tema, xa tratado noutro Pleno, da situación das persoas sen teito, pregunta se se tomou algunha medida ó respecto desde o departamento de servicios sociais e como está o asunto.

3.- Roga que se elabore o regulamento da radio municipal, para o que xa presentaran moción anteriormente.

O Sr. Agraso, voceiro do PP, informa sobre a publicación no DOG dunha orde do mes de febreiro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria relacionada con axudas para a merca de material escolar, pola sensibilidade que esperta este tema pide que o Concello a promocione.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- ¿En que situación se atopa a organización da feira do libro?

2.- Sobre o posible uso de persoal particular nas retiradas efectuadas polo guindastre municipal, interésase por esta situación que considera irregular, pedindo que estes labores os realice unicamente o persoal afecto ó servicio.

3.- En relación co investimento na Condesa de 20.000.000,- ptas., ademais do feito polo IGVS, pregunta que se vai facer e se se vai traer ó Pleno.

4.- En relación coa publicación no DOG da concesión de axudas para infravivenda rural dirixidas a persoas con ingresos inferiores ó salario mínimo interprofesional, pregunta polas peticións realizadas polo Concello, indicando que eles van traer unha moción ó seguinte Pleno, e que se detecte, no prazo de un mes, as persoas nesta situación.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e corenta e cinco minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.

D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sra. interventora:
Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do mércores día trinta e un de maio do dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria realizada o 26 de abril do 2000.

2.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

- AUDASA (Autopistas del Atlántico Concesionaria Española SA) en resposta a carta enviada por este Concello sobre sinalización da A-9. Indica que toda a sinalización da autoestrada do Atlántico está realizada de acordo cos proxectos aprobados polo Ministerio de Fomento, sendo a ese organismo a quen se debe dirixi-la solicitude. Así mesmo comunica que Betanzos está incluída na sinalización existente na saída 2F-A da A-9.

- Presidente da Xunta de Galicia en resposta a acordo Plenario deste Concello de data 24-02-00. Remite informe de Augas de Galicia ó respecto da construcción dun aproveitamento hidroeléctrico no río Mandeo, no concello de Aranga, e as medidas correctoras adoptadas.

- Presidente da Xunta de Galicia en resposta a acordo Plenario deste Concello de data 24-02-00. Remite informe da Dirección Xeral de Obras Públicas ó respecto das melloras de seguridade vial na C-542 Betanzos-Mesón do Vento e enlace coa autovía en Infesta.

De todos estes asuntos o Pleno dase por enterado.

3.- PROPOSTA DE SOLICITUDE PARA OBRADOIROS DE EMPREGO.

- Dase conta de proposta de solicitude para obradoiros de emprego, dictaminada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-los proxectos de obradoiros de emprego: "Asistencia Social" e "Promoción do Turismo". 2º.- Acollerse á Orde do 16 de xullo de 1999 da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, para solicitar subvención para levar a cabo os proxectos anteriormente citados. 3º.- Compromete-la financiación propia necesaria no caso de que se conceda a subvención. 4º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue, para as xestións oportunas a tal fin e a representación do Concello ante a citada Consellería de Familia.

4.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DISTRIBUCIÓN DE SERVICIOS MUNICIPAIS.

Dase conta de moción da Alcaldía, que se presenta ó obxecto das necesarias modificacións que se han de realizar en orde ós edificios e oficinas municipais de cara a unha maior racionalización e centralización dos distintos servicios. Vén informada de maneira favorable pola Comisión Informativa, coa abstención do grupo popular.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que o seu grupo non está en contra, pero abstense, xa que ó igual que nos temas presupostarios, faríano doutra maneira.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, maniféstase de forma parecida, entendendo que se ben o máis favorable sería que se seguira coas institucións mergulladas no casco histórico, a realidade física que esixe un concello moderno, presente problemas de ampliación. Anuncia a súa abstención xa que a proposta supón deixar en mans do alcalde a actuación, esperando que obre con mesura a través de medidas axeitadas e responsables.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que a proposta non vén concretada totalmente, pero está claro que o que se trata é de obter un maior rendemento e mellores servicios, superando as carencias físicas actuais.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) , acorda facultar ó alcalde-presidente para realizar tódolos trámites necesarios, dentro dos obxectivos marcados, para un mellor funcionamento dos servicios municipais.

5.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PROMOCIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS.

Dase conta de moción da Alcaldía relacionada coa promoción de vivendas protexidas, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o seu voto favorable, indicando que por primeira vez se fai unha oferta concreta ó Instituto Galego da Vivenda e Solo.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pon de manifesto o seu apoio entusiasta na proposta, por ser de interese para os xoves da comarca, esperando que das actuacións que se realicen, se informe ós distintos grupos da oposición.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto favorable dos grupos, sinalando que se vén a cumprir un desexo do equipo de goberno, do que se dará información fluída.

- Remata o Sr. alcalde, quen sinala que se fai unha nova oferta concreta ó IGVS, que non é a primeira, cuns prazos determinantes, que sen prexuízo de preferir-la promoción pública abrirá a posibilidade da promoción privada.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Ofrecer ó Instituto Galego da Vivenda e Solo os terreos necesarios, no plano parcial do Pasatiempo, zona sur, para a construcción de 44 vivendas protexidas. 2º.- Pedir a dito organismo unha manifestación expresa de aceptación, no prazo de dous meses, no que se debería concreta-lo programa de actuación. 3º.- Para o suposto de que polo Instituto Galego da Vivenda e Solo non se manifestara a aceptación, aproba-lo prego de condicións que se presenta ó Pleno para concurso de promoción privada de ditas vivendas, iniciándose o correspondente expediente, unha vez transcorrido o prazo ó que se somete a condición anterior.

6.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS.

Dase conta ó Pleno de moción da Alcaldía relacionada coa constitución da Asociación de Concellos, que vén informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, fai referencia á información que conseguíu ó respecto, por canto considera a moción escasa e corta, pedindo ampliación sobre os proxectos que se pensan pedir e sinalando que a súa postura é, por iso, de abstención.

- O Sr. alcalde entende que mellor se podería contestar a propia voceira, ante as xestións que realizou a través de chamadas, para boicotea-la iniciativa ante os voceiros dos outros concellos, a pesar do cal asistiron os de Sada, Paderne, Curtis e Bergondo, amosando tamén o seu apoio Miño. Así mesmo realizáronse contactos con empresas, que ven a idea con interese, do que se obtería o proxecto definitivo, no que se trataría de encaixar un proxecto turístico no que se atenderían actuacións no casco histórico, o cal se pode facer neste momento en que xa se coñece a normativa da Comunidade Europea, polo que convén solicitar coa maior premura. Remata pedindo á voceira do grupo popular que aclare a súa intervención no asunto.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, entende que non se pode falar de rumores, nega que efectuara ningunha chamada a ningún alcalde do PP e se algún voceiro dixo algo nese senso que se diga neste momento quen foi, deixándose de rumores. O que si fixo, engade, foi enterarse do disgusto que manifestaron algúns alcaldes pola forma de actuar do Concello de Betanzos, que para unhas cousas conta cos concellos e para outras non, acudindo así a distintas organizacións territoriais segundo interese. Chama a atención sobre a falta de respecto, negando de novo o sinalado e afirmando que facer política non debe levar a determinadas cousas.

- O Sr. alcalde sinala que o que afirma a Sra. voceira contradí a información de tódolos voceiros municipais da comarca, anque a cre e alédase de que non vaia outra vez en contra dos intereses de Betanzos. Acepta a negativa pero ten que lle queda-la dúbida ante a información dos propios alcaldes. En canto ó afirmado sobre a actuación do Concello, sempre se vai estar onde lle interese ós cidadáns de Betanzos e, en consecuencia, acudir a tódolos foros de interese.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, explica o seu voto favorable, por ser coñeceder da iniciativa. Considera que a existencia de tantos organismos supramunicipais é consecuencia do fracaso da política de división xeográfica que leva a cabo a Xunta e á que os concellos se ven obrigados, polo que o seu grupo avoga por unha reestructuración do país, non lle gustando o caos actual. Pero aínda así, son iniciativas que hai que apoiar.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, solicita, aínda recoñecendo a dificultade para o Sr. secretario, que se recolla en acta coa maior exactitude posible, as mentiras que se acaban de verter sobre as súas actuacións e a utilización dos voceiros municipais. Entende que o que lle interesaría ós veciños é unha comarca forte cun liderazgo forte de Betanzos.

- Remata o Sr. alcalde, indicando que non se utilice a palabra mentira, que non sexa excluínte e non atribúa ós demais o que fai a voceira do PP.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1º.- Constituir e adherirse á Asociación de Concellos e demais institucións e particulares representativos dos sectores socioeconómicos da nosa zona, que se constituirá, ó abeiro da Lei de asociacións, cos obxectivos propios do Grupo de Acción Local, necesarios para optar á axudas comunitarias. 2º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue, para as xestións oportunas a tal fin e a representación do Concello ante a devandita asociación.

7.- MOCIÓN DA ALCALDÍA EN SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.

Dase conta de moción da Alcaldía en solicitude á Consellería de Educación, que conta co dictame da Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar á Consellería de Educación que cometa de xeito inmediato a 2ª fase da construcción do polideportivo do CEIP "Valeo Villamarín" do noso municipio. 2º.- Dar traslado desta moción ós concellos de Paderne e Coirós para que manifesten o seu apoio á mesma. 3º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos.

8.- PROPOSTA DO DELEGADO DE TRÁFICO SOBRE MEDIDAS RELACIONADAS CO TRÁFICO PESADO E OUTROS.

Dase conta de proposta do delegado de tráfico sobre medidas relacionadas co tráfico pesado e outros, informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar do organismo correspondente que se estableza a sinalización necesaria para evita-lo paso do tráfico pesado e de mercadorías perigosas polo centro da nosa cidade, orientando a circulación deste tráfico desde o municipio de Coirós, lugar de Collantres, polo desvío da N-VI se procede de Lugo, e desde a encrucillada da Ponte Nova cara á avenida da Coruña e Fraga Iribarne segundo os casos, indicando o nome dos municipios ós que se poden dirixir por estes itinerarios. 2º.- Colocación na calzada de elementos moderadores de velocidade no punto onde se establece a limitación de 40 Km/hora ou aquel que se estime oportuno. 3º.- Facultar amplamente ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para levar a cabo cantos actos ou xestións sexan necesarios para que se faga efectivo o presente acordo.

9.- PROPOSTA DO DELEGADO DE SERVICIOS SOBRE MEDIDAS NA FEIRA.

Dase conta de proposta do delegado de servicios relacionada coa adopción de determinadas medidas na feira. Está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Determina-la obrigatoriedade de utilizar exclusivamente toldos de COR BRANCA OU BEIGE CLARO para cubri-los postos a tódolos vendedores ambulantes que concorren ás feiras de Betanzos (agás os de productos agrarios) e dotación do escudo do concello, estableçéndose un prazo de tres meses para a súa aplicación efectiva e sen prexuízo do previsto na ordenanza correspondente. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para dispoñe-las actuacións que se estimen oportunas de difusións e traslado do presente acordo para xeral coñecemento dos interesados.

10.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA PERICIAL DO CATASTRO DE RÚSTICA.

Dase conta de proposta de nomeamento de membros da Xunta Pericial do Catastro de Rústica. Está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda nomear como vocais representantes do sector agrario na Xunta Pericial do Catastro Inmobiliario de Rústica a D. Roberto Ferreño Otero e a D. Julio Vaamonde Docampo.

11.- ESCRITO DE VECIÑOS DE INFESTA SOBRE SINALIZACIÓN NA AUTOESTRADA.

Dase conta de escrito de veciños de Infesta, Montellos e zonas limítrofes relacionado coa falta de sinalización adecuada da cidade de Betanzos na saída da peaxe de Piadela da Autoestrada do Atlántico, tanto procerdendo de Ferrol ou A Coruña como de Santiago de Compostela. Está informado pola Comisión de Programación.

Tras unha discusión entre a Sra. Faraldo, voceira do PP, e o Sr. alcalde, sobre a existencia e ubicación da sinalización de Betanzos na autoestrada A-9, sobre a que non parece haber acordo, o Pleno, por unanimidade, acorda dirixirse ó organismo ou organismos competentes, co fin de que procedan a incluír Betanzos nos carteis informativos da saída de Piadela.

12.- ESCRITO DE VECIÑOS DE INFESTA RELACIONADO COA SEGURIDADE DO TRÁFICO NA ESTRADA COMARCAL BETANZOS-MESÓN DO VENTO.

Dase conta de escrito de veciños de Infesta, Montellos e zona limítrofes relacionado coa falta de seguridade vial na rotonda de Infesta, no enlace entre a Autovía do Noroeste e a estrada comarcal Betanzos-Mesón do Vento, lugar no que continúan, practicamente a diario, os accidentes de vehículos. Está informado pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda dirixirse, unha vez máis, ós organismos competentes para que, de unha vez, poñan solución ós contínuos accidentes que se producen na rotonda de Infesta, no enlace entre a Autovía do Noroeste e a estrada comarcal Betanzos-Mesón do Vento, dos cales, tanto tráfico como a policía local teñen bo coñecemento, polos contínuos atestados que levantaron.

13.- ESTUDIO DE DETALLE UEI-27 PROMOVIDO POR GESS.

Dase conta de expediente tramitado en relación co estudio de detalle da UEI-27, promovido por GESS, no que consta informe viculante emitido pola Dirección Xeral de Costas. Conta co dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Fraldo, voceira do PP, anuncia a abstención do seu grupo polo carácter desfavorable do informe.

- Tamén o voceiro do BNG, Sr. Otero, sinala o seu voto en contra á vista de ditos informes

O Pleno, tendo en conta o carácter vinculante do informe da Dirección Xeral de Costas emitido o 29.03.2000, co voto en contra de doce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda denega-la aprobación definitiva do estudio de detalle da UEI núm. 27, promovida por General de Edificios y Solares SL (GESS).

14.- PROPOSTA DE OPERACIÓN DE CRÉDITO.

Dase conta de proposta de concertación de operación de préstamo para financiar investimentos do exercicio 2000. Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a abstención do seu grupo por manter dita postura en tódalas actuación económicas, por entender que eles xestionarían o presuposto de distinta maneira. Así mesmo interésase por sabe-lo déficit con que se vai cerra-lo presuposto este ano.

- Tamén o voceiro do grupo nacionalista, Sr. Otero, sinala a mesma postura por motivos semellantes, entendendo que é unha xestión que lle corresponde ó equipo de goberno.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, fai referencia á existente dos informes favorables e sen necesidade de autorización, cara á oferto do Banco Etcheverría, menténdose o aforro neto positivo e en canto á execución do presuposto entende que vai polos canles normais.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Concertar do Banco Etcheverría unha operación de crédito por importe de 25.000.000,- ptas., ó obxecto da financiación dos investimentos segundo o plano do presuposto deste exercicio, coa condicións xerais seguintes: Tipo de xuro nominal anual: variable; aplicarase a cada liquidación de xuros o tipo Euribor a un ano incrementado en media décima de punto (0,05); o tipo euribor será a media aritmética do cotizado nos 30 días anteriores á liquidación; tipo máximo 6,00%; tipo mínimo: 3,50%. Comisións e outros gastos: ningún, prescindirase do corredor de comercio ou notario. Período de liquidación de xuros: trimestral; o calendario de amotizacións poderá ser trimestral, semestral ou anual, a elección do Concello. 2º.- Facultar ó alcalde para a realización de tódolos trámites ou xestións necesarios derivados do acordo adoptado.

15.- PROPOSTA SOBRE DELEGACIÓN NA ALCALDÍA.

Dase conta ó Pleno de proposta da concelleira delegada de facenda sobre delegación na Alcaldía, que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto), acorda delegar no alcalde, co fin de axiliza-la realización dos proxectos de investimento, a redistribución das fontes de financiación entre os distintos proxectos de investimento.

16.- DESIGNACIÓN E APODERAMENTO DE PROCURADORES.

Dase conta de moción relacionada coa designación e apoderamento de procuradores, informada pola Comisión de Programación.

Despois de poñer de manifesto o grupo nacionalista que non teñen nada en contra, pero é unha decisión do grupo de goberno á que non puideron facer propostas, e por parte do grupo popular, que tamén se abstén, anque quere poñer de manifesto que non tén nada contra as persoas propostas, o Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Designar ós seguintes procuradores dos tribunais: Betanzos: D. Gregorio Vázquez Sánchez, Dª Mª Luisa Sánchez Presedo. A Coruña: D. Julio Javier López Valcárcel, Dª Concepción Pena García. Madrid: Dª Elisa Hurtado Pérez, D. Fernando Marina y Gómez Quintero. 2º.- Facultar amplamente ó Sr. alcalde-presidente para levar a cabo toda clase de actuacións derivadas do acordo adoptado.

17.- MOCIÓN DO PP SOBRE A PÁXINA DO CONCELLO DE BETANZOS EN INTERNET.

Preséntase a consideración do Pleno moción do Partido Popular sobre a páxina do Concello de Betanzos en internet, que vén informada pola Comisión de Programación.

- A solicitude da Alcaldía, a Sra. Faraldo, voceira do PP, explica o sentido da moción, que cre que está claro no propio escrito: hai erros na páxina de internet do

Concello, a páxina é escara, necesítase unha información ampla dos establecementos turísticos, todo iso leva a considerar necesario crear unha comisión para a que se ofrece.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que se deben subsanar tales deficiencias, considerando importante o pepel de internet, que debe estenderse a outros campos non quedar só en algo informativo, polo que se debe ter unha idea máis clara do que se quere facer.

- O Sr. alcalde entende que se debe iniciar pola corrección da páxina á que se refire o escrito que é a do partido político que presenta a moción, erro que xa fora aclarado na comisión informativa. Engade que hai varios temas a introducir, que se está actualizando unha páxina que se pretende completa, facéndose ofertas a tódolos grupos, quedando abertas as posibles aportacións.

- Engade a Sra. voceira do PP, Sra. Faraldo, unha suxestión sobre a adquisición do dominio .net, sinalando o Sr. alcalde que se estudiará o asunto.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se proceda a unha actualización da páxina da que o Concello de Betanzos dispón en internet, nos termos sinalados no debate.

18.- MOCIÓN DO PP RELATIVA A SUBVENCIÓN PARA INFRAVIVENDA RURAL.

Preséntase moción do PP relativa a subvención para infravivenda rural, dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifesta o seu pleno apoio, anque considera que a actuación non se debe reducir a unha convocatoria de subvencións e aprobar unha moción, hai que presenta-las axudas á xente nesta situación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que se non se chega a tempo, é algo sobre o que hai que traballar tódolos anos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica o voto favorable do seu grupo, indicando que é algo estudiado e coñecido polos servicios sociais, pedindo que se se coñece algún caso a atender se poña en coñecemento, aínda cando sinala que as cantidades destinadas ó programa parecen algo escasas para toda Galicia.

- O Sr. alcalde insiste na información sobre os casos e as limitacións económicas, entendendo que é un tema delicado, o que se afirma pola experiencia que se ten, ó se-lo único Concello que levou a cabo unha actuación contra o chabolismo.

- Engade o Sr. Doporto que existen casos e que a cuestión é cumpri-los requisitos e a vontade da xente.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar urxentemente ós Servicios Sociais Municipais un informe social no que se indique se no noso concello existen infravivendas. 2º.- En caso afirmativo, encargar ós Servicios Técnicos Municipais a documentación necesaria para poder acollerse ás axudas de infravivenda. 3º.- Solicita-las axudas de infravivenda que indiquen os servicios técnicos e sociais municipais.

19.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA ESTACIÓN DE AUTOBUSES.

Dase conta de moción do Bloque Nacionalista Galego relativa á creación dunha estación de autobuses, que vén informada pola Comisión de Programación.

- A solicitude da Alcaldía, o Sr. Otero, voceiro do BNG, explica o contido da moción, na que queda de manifesto a necesidade dun estudio rigoroso, apostando polo consenso e a adopción de decisións con moderación, a través da información pertinente e de recoller tódalas posibles ofertas, que han de ser ben estudiadas, todo iso dentro do plano xeral.

- O Sr. alcalde entende que se poden presentar varias ubicacións idóneas, que se valorarán tecnicamente dentro do plano xeral.

- Pide o grupo popular que o asunto pase á comisión de urbanismo.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Que os técnicos municipais das diferentes áreas implicadas, elaboren un estudio que determine a necesidade, viabilidade e ubicación dunha estación de autobuses para Betanzos, atendendo e considerando tódalas variables e factores anteriormente apuntados, así como as diferentes alternativas que foser propostas. 2.- Que, no caso de que fose afirmativa de cara á construcción da estación de autobuses, a decisión que eleven os técnicos, unha vez aprobada polo Pleno, sexa incluída no futuro plano xeral de ordenación urbana. 3.- Que, no caso de aprobarse o punto anterior, se realicen as xestións pertinentes para acada-las necesarias axudas para a consecución do proxecto. 4.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para a realización do presentes acordos. Todo iso no sentido sinalado no debate.

20.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CELEBRACIÓN DO ANO 2000 COMO ANO DE CASTELAO.

Dase conta de moción do BNG relativa á celebración do ano 2000 como ano de Castelao, informada pola Comisión de Programación.

- A solicitude da Alcaldía, o Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, explica o contido da moción, sinalando que non se vai parar en exaltar a Castelao, pero si en insistir na debida homenaxe, a través das solicitudes de moción.

- O Sr. alcalde indica que no uso que se faga do busto doado polo Centro Betanzos de Bos Aires haberá que ter en conta a súa vontade.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Que o Concello de Betanzos asigne a unha rúa ou praza da nosa cidade o nome de Castelao. 2º.- Que o busto de Castelao, doazón do Centro Betanzos de Bos Aires, que se atopa no museo das Mariñas, sexa a preza principal dun monumento que, na honra de tódolos galegos e galegas que adicaron a súa vida na defensa dos intereses de Galicia, se levante na rúa ou praza do seu nome. 3.- Que, para difundi-lo pensamento de Castelao neste seu ano, o Concello de Betanzos organice unha lectura pública do SEMPRE EN GALIZA, na que poida participar toda a cidadanía que o desexe, e agaselle cun exemplar do mesmo a tódalas entidades e asociacións do noso municipio. 4.- Que se faculte ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para a consecución dos presentes acordos.

Antes de inicia-los ROGOS E PREGUNTAS, o Sr. alcalde invita ós Sres. concelleiros a diversos actos, como a clausura do curso de seguridade vial, día do medio ambiente, actos con motivo das letras galegas que se veñen realizando, presentación do video do colexio "Vales Villamarín", de Voz Natura, etc.

1.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (26-04-00):

Polo Sr. Otero, voceiro do BNG:

1.- Porque aínda non está rematada a rede de conexión ata Betanzos O Vello, existindo várias obras previstas para que sexa rematada e estando previsto co Ministerio de Fomento outras que sexan necesarias para a referida posta en funcionamento.

2.- Por parte de servicios sociais adoptáronse diversas medidas para axudar e corrixir esta situación, e estase en contacto directo cos afectados, para a mellor solución dos problemas.

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

1.- Estase á espera de que oficialmente a Consellería de Cultura nos comunique a realización da mesma.

2.- Non existe coñecemento de que persoal municipal fagan actuacións que corresponden a entidades privadas.

3.- Xa se fixeron con cargo ós 20.000.000,- ptas. a que se refire o PP diversas actuacións na Condesa, e continuarase con outros investimentos en deportes, seguridade vial, abastecemento de auga, etc., o que permitirá unhas melloras considerables na Condesa.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que se faciliten á maior brevidade os boletíns para enganche do butano e da luz no grupo Martín Ballesteros, e que se exima ós veciños da renda ata xaneiro do ano 2001 ou que se lles cobre unha cantidade simbólica (1.000,- ptas.) para compensa-los gastos dos enganches aludidos.

2.- Pregunta polas medidas que pensa toma-lo Concello en relación coa pavimentación da rúa Prolongación de Rosalía de Castro.

3.- En relación coa parcela do Pasatiempo, adxudicada para construcción dun hotel, na que se proxecta tamén construir un centro comercial, pregunta se o adxudicatario presentou algún proxecto sobre os mesmos. En caso afirmativo, solicitan poder consultalos.

4.- ¿A que oficina ou oficinas de emprego se pediron os desempregados para contratar polos programas que subvenciona a Consellería de Familia? ¿Cantas persoas enviaron de cada categoría? ¿Que prestación obtuveron en cada caso? Pide que lles faciten os listados cos resultados.

5.- Roga que se subsane a regulación semafórica na Avda. Jesús García Naveira, que non consideran adecuada.

6.- Roga, a petición dun grupo de veciños da zona, que se estudie a posibilidade de ilumina-la pista que une os lugares da Sancia e Montellos.

7.- Roga que se proceda á reparación do camiño de Cal das Barras, que une a rúa Rosalía de Castro co lugar de Roibeira. Así como que se proceda a corta-la maleza que medra ós lados do camiño.

8.- Solicita que se proceda a unha mellor sinalización viaria dunhas travesías que considera perigosas, por un lado a confluencia das rúas Dr. José Fariña, Rosalía de Castro e Rollo, e por outro o punto de unión das rúas Rosalía de Castro, Trav. Pintor Seijo Rubio e Prolongación de Rosalía de Castro

9.- Se se ten algunha débeda co IGVS que impida facer efectiva a entrega dos baixos da Condesa.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta, en relación coa apertura de rúas, se se está prevendo a instalación do gas na rúa Saavedra Meneses.

2.- Roga que se retiren as árbores caídas no río Mendo, á altura do antigo concesionario da "Renault".

3.- Que se amañe o sumidoiro roto na ponte das Cascas.

4.- Roga que se realicen as xestións oportunas para que a empresa "Aquagest" comunique ós usuarios os cortes de auga cando se produzan.

5.- Sobre o uso do galego nos medios de comunicación públicos, roga se realicen as xestións oportunas para que se cumpra a lexislación sobre normalización lingüística. Tamén na emisora local e no "Concello Betanceiro".

6.- Ó respecto da celebración da III Feira Franca Medieval, realiza as seguintes suxestións: -Que se faga o posible para que os traxes sexan da época. -Que o idioma empregado sexa o galego antigo, para dar máis verosimilitude. -Que se amplíe a Lanzós e outros os personaxes. -Que se acuñe unha moeda propia.

7.- Pregunta polo estado en que se atopan as obras no lavadeiro de San Xiao, ó respecto do muro que está encima do mesmo.

A Sra. Faraldo, voceira do PP:

- Indica que cando se falou da árbore caída á altura do antigo concesionario da "Renault", tamén hai outras árbores caídas.

- Solicita que no próximo número do "Concello Betanceiro" se publique o resultado das eleccións xerais.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vintedúas horas e trinta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDE *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIO *

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA QUINCE DE XUÑO DE DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do xoves día quince de xuño do dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

A solicitude do Sr. secretario, rectifícase o erro material padecido na acta correspondente ó pasado 26 de abril, no punto 8.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA SUBHASTA DE PARCELAS MUNICIPAIS, na parte dispositiva do acordo, onde di:

"1º.- Adxudicar definitivamente..., constituído polas parcelas números 1, 2, 3 que se describen da seguinte forma..."

Debe dicir:

"1º.- Adxudicar definitivamente e en consecuencia allear en compra-venda á empresa Construcciones Vixoy SL o lote 1 da alleación de parcelas municipais acordada por este Concello o pasado día un de febreiro, constituído polas parcelas 1, 3, 5 que se describen da seguinte forma: - Parcela número 1 do polígono do Pasatiempo, de 260 m2, que linda ó norte co vial E, ó sur coa parcela nº 3, ó leste coa parcela nº 2 e ó oeste co vial D. - Parcela número 3 do polígono do Pasatiempo, de 182 m2, que linda ó norte coa parcela nº 1, ó sur coa parcela nº 5, ó leste coa parcela nº 4 e ó oeste co vial D. - Parcela número 5 do polígono do Pasatiempo, de 182 m2, que linda ó norte coa parcela nº 3, ó sur coa parcela nº 7, ó leste coa parcela nº 6 e ó oeste co vial D."

Por outra banda apróbase, por unanimidade, o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria realizada o 31 de maio do 2000.

2.- DAR CONTA DE ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA.

Dase conta de autorización de Augas de Galicia para obras de limpeza e desbroce na zona de policía e leito do río Mendo no lugar das Cascas.

O Pleno dase por enterado.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14.

Dase conta do expediente tramitado para a modificación da ordenanza fiscal núm. 14, que está informada favorablemente e que foi obxecto de reclamación durante o período de exposición ó público.

Neste punto incorpórase a Sra. Faraldo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, expresa o seu voto de abstención ó igual que cando se aprobou inicialmente, esperando que a actual rectificación sexa procedente.

En igual sentido anuncia o seu voto o grupo popular.

O Pleno, considerando que a reclamación non ten un fundamento legal, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Desestima-la reclamación presentada. 2º.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal número 14 nos termos propostos.

4.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE APROBACIÓN DE ESTATUTOS E NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NO CONSORCIO DAS MARIÑAS.

Dada conta da comunicación recibida do presidente da Comisión Xestora do Consorcio das Mariñas acompañando proposta sobre aprobación de estatutos do

devandito consorcio, que vén informada de xeito favorable e dictaminado pola Comisión Informativa de Programación, e despois de que o Sr. Otero (voceiro do BNG) indicase que o seu apoio ós representantes tiña carácter institucional, pedindo que informasen ó Pleno do desenvolvemento das súas xestións, o Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número dos seus membros, acorda: PRIMEIRO.- Aproba-los estatutos do Consorcio das Mariñas, unha vez incorporadas as suxestións e a observación da Dirección de Xustiza e Administración de Galicia. SEGUNDO.- Nomear representantes no consorcio a: titular: D. Manuel Lagares Pérez, alcalde-presidente do Excmo. Concello de Betanzos; suplente: D. José Ramón García Vázquez, delegado de infraestructuras do Excmo. Concello de Betanzos. TERCEIRO.- Todo iso en prexuízo de que as correspondentes transferencias de competencias se irán efectuando segundo se conveña.

5.- MOCIÓN DA ALCALDÍA EN SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA.

Preséntase ó Pleno moción da Alcaldía relacionada con efectuar solicitude á Xunta de Galicia, que vén informada favorablemente pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar á Xunta de Galicia, a cesión dunha franxa de terreo na zona do Carregal, cercana á confluencia coa Avda. Fraga Iribarne, para a realización de beirarrúas que amplíen a seguridade vial na zona. 2º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin deste acordo.

6.- SOLICITUDE DE URBANIZACIONES BETANZOS SL SOBRE FIANZAS.

Preséntase ó Pleno solicitude de D. Francisco Marcelino Martínez Purriños en nome de Urbanizaciones Betanzos, en relación coa adecuación das fianzas que debe presentar como consecuencia do dereito de superficie que tén concedido e das actuacións a realizar na parcela 121 do plano parcial do Pasatiempo. Consta dictame da Comisión Informativa e informe favorable.

- O Sr. Doporto, como voceiro do BNG, entende que calquera modificación vai en menoscabo da situación económica do Concello, polo que anuncia o seu voto en contra, tendo en conta tamén a premura coa que se presenta esta cuestión.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, igualmente sinala o voto en contra do seu grupo, por algo que non lle parece coherente, cando se están pedindo créditos para investimentos, prorróganse aspectos recadatorios.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, quere aclarar que se trata dalgo puramento técnico, que en nada afecta ós investimentos e que conta cos informes favorables.

- Insiste o Sr. Doporto, voceiro do BNG, entendendo que anque llo permitan os informes, non cre que a postura sexa favorable, e menos cando se cambia e se pretende modificar un convenio asinado fai menos de dous meses, que supón un menoscabo nos ingresos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, reitera que o prego non se altera, que non se afectan as condicións económicas, e que hai que distinguir co que é un convenio.

Neste momento auséntase a Sra. Faraldo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), o voto en contra dos outros seis concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG,

Sres.: Otero, Doporto) e a abstención da Sra. Faraldo, acorda: 1º.- Prorratea-las fianzas definitivas que se deben impoñer polo adxudicatario do dereito de superficie na parcela 121 do plano parcial do Pasatiempo, referente ó investimento programado, en función do investimento real, e ó tempo en que esta se produza, é dicir como máximo coa concesión da oportuna licencia. 2º.- Destina-la fianza provisional actualmente imposta, ó establecemento das fianzas definitivas segundo a solicitude. 3º.- Facultar á Alcaldía para a efectividade deste acordo e a continuación da tramitación do expediente.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE DA PARCELA 121 DO PLANO PARCIAL DO PASATIEMPO.

Dase conta de estudio de detalle tramitado a instancia de Urbanizaciones Betanzos SL, correspondente á parcela 121 do plano parcial do Pasatiempo.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia a abstención do seu grupo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica a mesma postura, como vén sendo habitual nos asuntos urbanísticos, pedindo a máxima exquisitez no tratamento da ribeira do río.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, agradece a postura dos dous grupos, anque lle agradaría máis o voto a favor, lembrando que a marxe do río queda debidamente atendida.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto) , acorda: 1º.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle da parcela número 121 do plano parcial do Pasatiempo, instado por Urbanizaciones Betanzos SL. 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

8.- PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO NA UEI-5B (AS CASCAS).

Dase conta de proposta de convenio urbanístico para o desenvolvemento da UEI 5b (As Cascas), dictaminado pola comisión e debidamente informado.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia a abstención do seu grupo, matizando o tema das valoracións, que se deben manter nos mesmos criterios polos técnicos, xa que en ocasións xorden diferencias.

- O Sr. Doporo, voceiro do BNG, anuncia tamén a súa abstención por razóns semellantes, xa expostas noutras ocasións, anque ve ben a posibilidade do acceso rodado para a ponte.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, afirma que os criterios das valoracións son técnicos e que se aplican igual para todos, considera un feito importante que se logre a conexión rodada cun novo enlace cara a unha zona moi poboada como a das Cascas.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, considera tamén oportuno o cambio proposto. Pide que non se malinterpreten as súas palabras respecto ás valoracións, xa que só considera que se deben pedir outras para ter unha certeza absoluta.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que as valoracións débenas face-los técnicos da casa, como se fai en tódalas institucións, agás naqueles casos que poida haber expedientes contradictorios ou en casos moi especiais.

- O Sr. Doporo, voceiro do BNG, quere deixar constancia de estar a favor de técnicos externos cando se supere a capacidade da institución. Outra cousa é que haxa saltos de cifras na presentación de informes polos técnicos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Otero, Doporto), acorda: 1º.- Aproba-la realización dun convenio urbanístico coa empresa promotora da UEI-5B As Cascas, Cervepark SL, ó obxecto da materialización do aproveitamento urbanístico, destinado á modificación da ponte peonil que xa figuraba como carga da urbanización, nunha ponte rodada, aprobando a tal fin a valoración económica presentada polo técnico municipal, que ascende, na súa totalidade, a 8.304.958,- ptas. 2º.- Facultar á Alcaldía, dentros dos termos do anterior punto e da proposta presentada, para a sinatura coa citada promotora do oportuno convenio, debéndose garantir debidamente as obrigas que se adquiran.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), presenta unha moción sobre indemnización por gastos ós recentemente nomeados alcaldes de barrio.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal dos seus membros, acorda a súa INCLUSIÓN POR URXENCIA NA ORDE DO DÍA.

Xa no debate do asunto, unha vez explicado o mesmo, con máis amplitude, o Pleno, por unanimidade acorda: 1º.- Aprobar indemnizacións semellantes ás que viñan cobrando en anos anteriores, ós alcaldes de barrio, polos gastos orixinados polo desempeño das súas funcións (asistencia a consellos de acción rural, xuntanzas, desprazamentos, etc.). 2º.- Aplicar tales indemnizacións, con efectos desde a data de toma de posesión.

Antes do apartado de rogos e preguntas, o Sr. alcalde da conta e invita ós Sres. concelleiros a distintas actividades, como a visita do Sr. conselleiro de política territorial, clausura do conservatorio de música, inauguración do centro cultural de San Francisco e procesión do Corpus.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (31-05-00):

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

2.- O Concello vai esixir de tódolos responsables que se fagan as obras correspondentes a esta rúa no prazo máis breve posible.

3.- Precisamente no Pleno de hoxe vén a aprobación definitiva do estudio de detalle, o que dará paso á presentación e desenvolvemento dos correspondentes proxectos que poderán ser consultados no momento oportuno.

4.- O Servicio Galego de Colocación é o encargado de face-la selección das distintas persoas que se envían ó Concello para cubri-los programas subvencionados pola Consellería de Familia, ó día de hoxe aínda falta por cubrir algún apartado que permita desenvolver tódalas actividades previstas.

5.- Non se teñen noticias de que por parte do Concello existan débedas en vigor co IGVS.

Polo Sr. Otero, voceiro do BNG:

1.- A instalación do gas aínda non está adxudicada dun xeito definitivo pola Consellería de Industria e polo tanto non se poden facer acometidas, posto que non se sabe a empresa que vai se-la adxudicataria.

7.- No contorno do lavadeiro de San Xiao estanse a facer obras por particulares e déronse as oportunas indicacións ós técnicos municipais para que verifiquen as mesmas e non invadan zona de dominio público.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, interésase polo deficiente estado das estructuras dedicadas á práctica do monopatín, pedindo que se poñan en perfecto uso.

O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, formula os seguintes rogos e preguntas:

- Que se facilite ó grupo popular as subvencións outorgadas a clubes deportivos e asociacións.

- Que se informe se existe algún proxecto sobre a parroquia de Castro nas cercanías da súa igrexa.

- En que BOP se publicou a ordenanza de axuda a domicilio, pedindo copia da mesma.

- Pide que na próxima contratación de policías para reforzos do verán se contrate unha muller.

- Pide que nas próximas valoracións se presenten outras, constándolle que existen concellos nos que se presentan varias.

E non tendo mais asuntos que tratar, pola Presidencia procédese a remata-la sesión, sendo as vinteúnha horas e trinta minutos, da que se estende a presente acta que asina o Sr. alcalde e de todo o cal eu, secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESION PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DIA TRINTA E UN DE XULLO DE 2000

Asistentes:

Alcalde-Presidente

D. Manuel Lagares Perez

Concelleiros:

Dª. Mª. Asunción Sánchez Vázquez
D. Antonio Lagares Perez
D. Antonio Carro Galeiras
D. Francisco M. Diaz Pereira
D. José Ramón García Vázquez
Dª. Mª. Beatriz Gomez Iglesias
D. Andrés Beade Dopico
D. Antonio Vázquez Lorenzo
Dª. Ofelia Lopez Campos
Dª. Mª. Dolores Faraldo Botana
D. Luis Alberto Carro Erias
Dª. Lucia Romay Roldan

D. Manuel Amancio Agraso Carballido
D. Andres Otero Martinez
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
Secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

No salón de sesións da Casa do Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do luns, trinta e un de xullo de dous mil, baixo a presidencia do sr. Alcalde, e coa asistencia dos srs. Concelleiros que se indica, reúnese ó obxeto de celebrar sesión ordinaria, o Pleno desta Corporación. Actua de secretario o seu titular. Non asiste o sr. Martinez Garcia, incorporándose o sr. Diaz Pereira, no segundo punto da orde do dia.

Iníciase a sesión polo Sr. Alcalde quen indica se proceda ó estudio e debate dós asuntos incluidos no orde do dia da convocatoria, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.-APROBACION SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Por unanimidade préstase aprobación a acta da sesión do pasado 15 de xuño.

2.- DAR CONTA DE COMUNICACIONS VARIAS

Dase conta o Pleno de:

Comunicación recibido do Excmo. Sr. Presidente da Xunta, acusando recibo de solicitude deste Concello para construcción de Auditorio, dando traslado da mesma á Dirección Xeral de Promoción Cultural.

Comunicación do Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, sobre non poder facer fronte a axudas solicitadas polo Concello para cesión de vehículos e contratación temporal de auxiliares de Policia, pola grande demanda de solicitudes.

3.- PROPOSTA DE CONVENIO URBANISTICO.

Dase conta de proposta de Convenio Urbanístico solicitado por Promoción Fluvial Valdoncel, para aproveitamento en altura da edificabilidade non empregada por condicionantes de Costas en solar no Paseo da Galera e Camiño de Carregal. Ven dictaminado de xeito favorable na Comisión de Programación, coa reserva de voto dos grupos Nacionalista e Popular.

No uso da palabra o sr. Doporto, coma voceiro do BNG., anuncia a abstención do seu grupo, reiterando que non comparten o planeamento que se esta a facer, subliñando neste caso, que non se puido comprobal-a edificabilidade que di o promotor que se perde. Pon de manifesto que sempre ocurre o mesmo no que se trata da aplicación da lei de Costas respecto da liña de servidume. Doutra banda entende que xurdde unha cuestión estética como é o entubamento das entradas de Betanzos, o que pide que se analice.

A sra. Faraldo, voceira do Grupo Popular, manifesta tamén a abstención do seu grupo, o que se ven a producir o igoal que nos asuntos económicos, nos que ademais de ter criterios diferentes, non comparten a xestión.

O sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do Grupo Socialista, quere resaltar, que as Normas Subsidiarias vixentes, incorporan nas suas disposicións transitorias dous convenios, recolléndose neles o grao de edificabilidade, os que se viron afectados con posterioridade pola Lei de Costas, impedíndose polos organismos de tal sector, a execución da licencia. Entende que o que se trata e de facer fronte os compromisos, tal e como acordóu o Pleno nas Normas Subsidiarias, o que leva a un cumprimento estricto do contrato ou dos acordos anteriores.

Insiste o sr. Doporto na comprobación dós metros dós que se fala na edificabilidade,, respondendo o sr. Lagares, D. Antonio, que ainda que no se teñen os datos concretos, ten que incidir na obriga moral que esto supon, sen perxuicio de que a sua ratificación se fará no Plan Xeral en redacción.

Engade o sr. Alcalde que no seu momento se faran as comprobacións, para cumpri-los parámetros xustos.

O Pleno co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialistas, (srs. Lagares, D. Manuel e D. Antonio, Carro Galeiras, Diaz Pereira, Garcia Vazquez, Beade, Vazquez Lorenzo e sras. Sanchez Vazquez, Gomez Iglesias e Lopez Campos), e a abstención
dos outros seis concelleiros presentes (sras Faraldo e Romay, srs. Carro Eiras e Agraso do Grupo Popular; Srs. Otero e Doporto do Bloque Nacionalista) acorda: Aprobar un Convenio Urbanistico con Promoción Fluvial Valdoncel, nos términos reflexados na memoria que se adxunta no expediente, facultando a tal efecto o Alcalde, para a formalización do correspondente documento.

4.- PROPOSTA DE APROBACION INICIAL DE MODIFICACION PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS.

Proponse o Pleno, proposta de modificación puntual das Normas Subsidiarias de planeamento Municipal, no que se refire a modificación de viais na zona industrial de Piadela, segun se reflexa na documentación gráfica, que xunto coa memoria e outros, se acompaña o expediente. Constan os informes preceptivos asi como o dictame da Comisión Informativa.

O pleno por unanimidade, o que supón a maioria absoluta do numero legal de membros desta Corporación acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación puntual das Normas Subsidiarias, para a creacción de un vial de conexión do Poligono de Piadela.

2º.- Que se continúe a sua tramitación regulamentaria, facultando ó sr. Alcalde para tódolas xestións necesarias a tal fin.

5.- SOLICITUDE DE BONIFICACION DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIONS

Vistas as solicitudes de D. Evaristo Carneiro Seoane e de D.Oscar Fondevila Taboada, instando aplicación de bonificación do 90% do Imposto de Construccións, instalacións e obras por actuacións no Plan Especial de Protección e Ordenación do casco Histórico Artístico, tendo en conta o art. 7, da Ordenanza fiscal de aplicación, o Pleno por unanimidade acorda acceder ó solicitado elevando a definitiva a liquidación do imposto ca devandita bonificación.

6.- PROPOSTA DE CONVENIO SOBRE TRATAMENTO DOS RESIDUOS SOLIDOS.

Dase conta de proposta de convenio para o tratamento e eliminación dos Residuos sólidos urbanos plantexado dentro das actuacións do Consorcio de As Mariñas, en constitución, e como medida transitoria namentres que o devandito Consorcio, non asuma con plenitude as suas funcións.

O sr. Otero, voceiro do BNG., sinala que ainda que o asunto merece un analise mais pormenorizado, ainda que non contempla todolas propostas do seu grupo, e a mellor solución hoxendia para o problema.

O Pleno por unanimidade, acorda:

1º.- Aproba-lo convenio de colaboración proposto, para o tratamento e eliminación dós Residuos sólidos urbanos coa UTE., integrada por Técnicas Medioambientales,

TECMED, S.A., y Babcock Kommunal, MBH., nos términos expostos na proposta que se acompaña.

2º.- Facultar ó Sr. Alcalde para as xestións oportunas a tal fin, e asina-lo correspondente documento administrativo.

7.- PROPOSTA DO DELEGADO DE TRAFICO SOBRE O.R.A.

Dase conta de proposta que se eleva a consideración do Pleno, sobre ampliación do servicio de Ordenación e Regulación do Aparcamento.

Para sr. Doporto, voceiro do BNG., existe contradición, cando se propoñe a peatonalización do Casco Histórico e doutra banda se pretende establecer aparcamentos, o que parece unha falla total de obxetivos.

A sra. Faraldo, voceira do grupo Popular, anuncia a sua abstención, ainda que recolle algunhas reivindicacións dós comerciantes, entre outros motivos por no concretarse, como na avda. do Carregal na que non se sabe se afecta a toda o vial.

O sr. Carro, coma voceiro do grupo Socialista, sinala que se ven atendendo as peticións do comerciantes en algunhas zonas.

Neste momento ausentase o sr. Diaz.

Continua o sr. Carro quen no ve incompatibilidade nas propostas. Trátase de promove-la rotación e a propia evolución require ir adoptando medidas. Polo que respeta ó Carregal, enténdese que e somentes a onde remata a praza. Polo que respeta o Casco Histórico, tratase de consegui-la comodidade e seguridade peatonal e unha maior movilidade, con medidas que cre van favorece-lo comercio. Outra zona da que sinala dificultades e os soportais, no que hai que correxir situacións de dificultade, asi como en outras.

O sr. Doporto entende que hai que prantexarse o problema con franqueza e sensatez, facendo o esforzo pola peatonalización, aludindo os problemas no Casco, preguntando si na praza de Andrade se utilizará unha maquina de tickes normal.

O sr. Carro insiste na compatibilidade das medidas e que na sua aplicación verase a realidade.

Sometido o asunto a votación, o pleno co voto a prol de nove concellais do Grupo Socialista (srs. Lagares, D. Manuel e D. Antonio, Carro Galeiras, Garcia Vazquez, Beade, Vazquez Lorenzo e sras. Sanchez Vazquez, Gomez Iglesias e Lopez Campos), e a abstención dós outros seis concelleiros presentes (sras Faraldo e Romay, srs. Carro Eiras e Agraso do Grupo Popular; Srs. Otero e Doporto do Bloque Nacionalista) y do sr. Diaz Pereira por terse ausentado da sesión, acorda:

1º.- Establece-lo servicio público de ordenación e regulación do aparcamento no numero de prazas que se estime oportuno nas seguintes ruas: Rua dos Ferradores-Cruz Verde, Avda. do Carregal-Praza Alfonso IX e Rua Travesa-Azougue e Praza Fernan Perez de Andrade.

2º.- Facultar ampliamente o sr. Alcalde o Concelleiro Delegado para dispoñer cantos actos ou xestións fosen precisospara facer efectivo o presente acordo.

8.- PROPOSTA DE DENOMINACION PRAZA UXIO NOVONEYRA.

Antes de iniciar o debate ausentase o sr. Doporto

Vista a proposta feita pola Alcaldia, informada de xeito favorable pola Comisión de Programación, tendo en conta os meritos relevantes e para honra-la sua memoria, o Pleno Por unanimidade acorda: Designar con nome de Praza de Uxio Novoneyra, a situada entre as ruas Seijo Rubio e Rosalia de Castro.

9.- MOCION SOBRE CONCESION PREMIO GRAVADO A FUNDACIÓN C.I.E.C.

Vista a proposta da Alcaldia, que ven informada de xeito favorable pola Comisión de Programación., tendo en conta a relevancia adquirida, asi como as distintas actuación levadas a cabo pola devandita Fundación, o Pleno por unanimidade acorda:

1º.- Solicitar á Calcografia Nacional de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, a concesión do premio nacional de gravado para a Fundación do Centro Internacional da Estampa Contemporanea (CIEC).

2º.- Faculta-lo Alcalde Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo os trámites necesarios para o consecución deste acordo.

10.- MOCION DO BNG SOBRE LIBERALIZACION DOS HORARIOS COMERCIAIS.

Iniciado este asunto incorporase o sr. Diaz Pereira.

Dase conta o Pleno de moción do Grupo nacionalista relativa a liberalización dos horarios comerciais, segun as medidas que ven de adopta-lo goberno central, tendo en conta as suas incidencias no pequeno comercio e as dubidas sobre a inconstitucionalidade das medidas pola sua competencia autonómica.

Pola sra. Faraldo voceira do grupo Popular, manifféstase a sua abstención, ainda estando de acordo en parte.

O sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do Grupo Socialista, sinala su voto favorable ainda existindo aspectos correxibeis

Neste momento incorporase o sr. Doporto.

O sr. Otero coma voceiro do BNG., agradece o voto do grupo socialista, lamentando a postura do partido Popular, do que sinala as diferencias ideolóxicas fundamentalmente en dous puntos: un decreto lesivo para o pequeno comercio feito en funcion das demandas e intereses dos grandes e doutra banda un abandono no exercicio das competencias transferidas a Xunta de Galicia.

O Pleno co voto favorable de doce concelleiros presentes (srs. Lagares, D. Manuel e D. Antonio, Carro Galeiras, Diaz Pereira, Garcia Vazquez, Beade, Vazquez Lorenzo e sras. Sanchez Vazquez, Gomez Iglesias e Lopez Campos, do grupo Socialista e Srs. Otero e Doporto do Bloque Nacionalista), e a abstención dós outros catro concelleiros presentes do Grupo Popular (sras Faraldo e Romay, srs. Carro Eiras e Agraso.) acorda:

1º.- Instar o Goberno do Estado a supresión do Real Decreto Lei 6/2000 polo que se adoptaron medidas urxentes da intensificación da competencia en determinados mercados de bens e servicios.

2º.- Instar ó Goberno Galego a que reivindique o exercicio en exclusiva da competencia reguladora dós horarios comerciais no seu ambito territorial, que lle foi conferida polo Estado.

11.- MOCION DO PP. SOBRE CENTROS TERRITORIAIS.

Dase conta de mocion do Partido Popular sobre potenciacion do Concello coma base de Centros Territoriais especializados ou monográficos

O sr. Lagares D. Antonio, manifesta que tralas explicacións dadas enténdese que e beneficioso para o Concello polo que se vai apoiar.

O Voceiro do BNG. recórdalle o grupo popular su voto na moción anterior, e non entende nesta ocasión, que se esixa ou pida facer o que xa se ben facendo.

O pleno acorda: Que desde o equipo de goberno se adopten as medidas necesarias para que Betanzos poda convertirse na base de centros territoriais especializados ou monográficos.

Antes do apartado de rogos e preguntas, o sr. Alcalde diríxese o voceiro do BNG, sr. Otero preguntándolle se é o ultimo Pleno o que pensa acudir, dada o sua vontade anunciada de cesar no cargo. E sendo asi, manifféstalle o agradecemento da Corporación nos servicios que leva prestado, desexándolle na orde persoal e profisional os maiores exitos, anunciando asemade un acto de entrega da medalla corporativa; o sr. Otero agradece as verbas e a tódolos presentes os momentos vividos no traballo corporativo. O sr. Alcalde tamén aproveita para invitar ós Concelleiros os actos das festas de Agosto

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Contéstase as realizadas polo Grupo Popular na anterior sesión plenaria:

1.- Nas contas Xerais, que se aproban anualmente figuran tódolas axudas concedidas polo Concello as asociacións.

2.- Neste momento non se ten ningún proxecto nas inmediacións da igrexa da parroquia de Castro.

3.- Dase a información sobre a publicación do Regulamento de Axuda no Fogar, facilitando unha copia da ordenanza.

Asemade fanse as seguintes preguntas ou rogos:

Pola sra. Faraldo, voceira do Partido Popular, despois de sumarse os agradecimentos o sr. Otero:

-- Que o Concello se dirixa o organismo competente para arranxa-la estrada N-VI, o seu paso pola Magdalena.

-- Pregunta sobre o verquido das augas residuais do Centro Escolar.

-- Solicita o Prego de condicions do hotel na N-VI e a Piscina.

-- Fai referencia o persoal laboral do Concello que presta función no servicio de retirada de vehiculos, en contra do que se informóu noutra sesión plenaria, exhibindo o cuadro de servicios que a tal efecto faise público nas oficiñas da Policia Local, insistindo no tema de que o servicio esta a cargo dunha empresa e se fai con persoal que abona o Concello.

Polo sr. Doporto, voceiro do BNG.

-- Solicita que se xestione que a maquina de tickes do aparcamento teña tamén idioma galego.

-- Pide aclaracións sobre a presencia de protección civil na feira do Concello de Paderne.

-- Da a noraboa pola presentación do viño Brigantium, e pregunta o porqué das excesivas operacións de limpeza da brigada municipal na finca da empresa embotelladora.

-- Pide o pulido da praza de Campo, ante as moitas queixas polo seu pavimento.

-- Fai referencia a falla de invitacións os veciños para as festas por parte das asociacións.

-- Fai referencia a comunicación do sr. Peñamaria, alumno dun curso de xardineria, que eleva protesta do curso, do que optóu por abandoar, indicando que os alumnos utilízanse como man de obra barata para mantene-lo Pasatempo, que se produce unha situación caótica no curso supoñendo un fraude, segun declaracións do propio profesor, todo elo según as indicacións de quén presenta a protesta, polo que pide que se estudie o tema.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas corenta e cinco minutos, pola presidencia se da por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo. D. Manuel Lagares Perez Asdo. D. Cristóbal Victor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA E UN DE AGOSTO DE DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Andrés Otero Martínez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana María Fernández Rodríguez.

Non asiste, con desculpa:

D. Antonio Lagares Pérez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do xoves día trinta e un de agosto de dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado o que se reseña, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión realizada o trinta e un de xullo.

2.- DAR CONTA DE ESCRITO.

Dase conta de escrito enviado pola Delegación Galicia da International Police Association (IPA) agradecendo a colaboracion prestada na visita da comitiva que integrou a "I concentración internacional de policías motoristas- A Coruña 2000", deixando

patente a extraordinaria impresion que lles causou esta cidade e, en particular, o acto da feira medieval.

3.- ESCRITO DE RENUNCIA DO CARGO DE CONCELLEIRO.

Visto o escrito de D. Andrés Otero Martínez, concelleiro do grupo municipal do "Bloque Nacionalista Galego" (BNG), no que se pon de manifesto a súa demisión no devandito posto, á vez que como voceiro do grupo aludido, o Pleno, dándose por enterado, acepta tal renuncia.

4.- ESCRITO DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS.

Visto o escrito enviado pola Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina, dictaminado favorablemente por unanimidade dos grupos, o Pleno, por unanimidade acorda: 1) Amosa-la solidariedade da Corporación Municipal coa colectividade máis necesitada. 2) Dirixirse ó Goberno Galego e ó Estado Español en demanda da cobertura das dúas necesidades primordiais que son a falta de medicamentos e asistencia sanitaria. 3) Enviar este acordo ó enderezo da Federación de Asociacións Galegas. 4) Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

5.- PROPOSTA DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS.

Dada conta de proposta do delegado de infraestructuras, informada pola Comisión de Programación, e tras indica-lo voto a favor do seu grupo o voceiro do partido nacionalista, Sr. Doporto, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º) Dirixirse a RENFE, solicitando que, en calquera proxecto de mellora da estación de Betanzos-Infesta se contemplen os seguintes aspectos: a) Pasarela peonil entre a zona da Fraga e a zona do Tarreo. b) Estudio de vial que poida dar servicio ós domicilios comprendidos entre o ander de carga e a zona do Tarreo. c) Que se someta a consideración do Concello calquera tipo de cerrre que se pretenda realizar na estación. d) Por estar nun nivel máis baixo a estación que os viais municipais, en época de chuvias abundantes, teñen existido problemas de evacuación de augas pluviais, polo que sería necesario que a estación contara cunha mellora na rede de pluviais que neste momento posúe. 2º) Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites necesarios para levar a bo fin este acordo.

6.- REGULAMENTO ASOCIACIÓN VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

Dase conta de proposta de regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil, informado pola Comisión de Programación.

O Pleno por unanimidade, acorda: 1º.- Prestar aprobación inicial ó regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde para as xestións oportunas a tal fin, continuando coa tramitación regulamentaria do mesmo.

7.- APROBACIÓN CONTA XERAL, PRESUPOSTOS 1999.

Preséntase ó Pleno a conta xeral do presuposto de 1999, acompañada da documentación regulamentariamente esixida, informe da Intervención e dictame da Comisión Especial de Contas, non se tendo presentado reclamacións no período de exposición ó público.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, mantén a abstención do seu grupo xa anunciada na Comisión, en canto non participan na xestión económica, considerando necesario que se expliquen unha serie de cuestións do informe, concretamente o reparo da Intervención ós gastos das festas de San Roque 99 e os aspectos do punto cuarto de dito informe sobre os estados dos compromisos de gasto adquiridos e de situación e movemento de valores.

facendo referencia así mesmo ós douscentos sesenta millóns pendentes de pagamento ó remata-lo exercicio e que medidas se tomaron este ano para o seu aboamento.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, entende que os presupostos son reflexo da política do goberno, polo que non pode apoia-las correspondentes contas. Fai referencia ó retraso no pagamento de facturas ás empresas, o que ó seu xuízo encarece os custes, menténdose unha dinámica de outros anos e non se adoptando medidas para pagar mellor e axiliza-la economía municipal. Doutra banda indica os problemas de información, pedindo copias das contas para a oposición. Anuncia o seu voto de abstención.

- O Sr. alcalde fai referencia a que en tódalas contas os técnicos fan reparos xa que se actúa cuns ou outros criterios, considerándose todos axeitados, respecto ós proxectos non é o momento de expoñelos, xa se traerán ó Pleno en forma de ordenanzas fiscais e outros, indicando que os atrasos nos pagamentos non van máis aló dos prazos normais, debéndose buscar outras solucións a través do definitivo pacto local e o establecemento para os concellos da economía que lles corresponde, con recursos proporcionais ós servicios que prestan.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en saber sobre o reparo posto e os proxectos respecto ó pagamento da débeda, pedindo cumprida información e non remisión das contas como se fai con todo, facendo referencia ás dificultades de fotocopia-la documentación.

- O Sr. Doporto fai tamén referencia ás súas dificultades para fotocopia-la documentación, entendendo sinxelo e incluso de educación entregar unha copia á oposición, non privándoa así do seu de fiscalización.

- O Sr. alcalde entende que a documentación está a disposición da oposición, neste caso con tempo máis que suficiente. Afirma que non se vai facer unha copia concreta para a oposición, xa que non se van fotocopiar tódalas contas do Concello, non sendo unha cuestión de educación senon de legalidade. Engade que non se fixo ningunha matización na Comisión de Programación e que se está facilitando a información máxima que dá calquera concello.

Entendendo suficientemente debatido o asunto sométese a votación e o Pleno, co voto favorable dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares, D. Manuel, Carro Galeiras, Díaz Pereira, Garcia Vazquez, Beade, Vázquez Lorenzo e Sras.: Sánchez Vázquez, Gómez Iglesias e López Campos), e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sras.: Faraldo e Romay, Srs.: Carro Erias, Agraso e Martínez García do grupo popular; Sr. Doporto do Bloque Nacionalista Galego), acorda: Aproba-la conta xeral do presuposto de 1999, que indica no seu balance de situación a 31 de decembro de 1999, un activo e pasivo de 5.485.931.492 e á que se acompaña o resto da documentación esixida, quedando a disposición do órgano de fiscalización externa.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de inicia-lo punto, o Sr. alcalde invita ós distintos grupos a aportar suxestións e propostas ós presupostos e ordenanzas fiscais para o próximo exercicio, xa que se está a traballar en tales documentos.

Tamén invita ó acto de homenaxe que se vai realizar ó concelleiro Sr. Otero ante a súa renuncia.

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (31-07-00):

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

- As augas residuais do centro escolar foron recollidas e trasladadas á depuradora xeral, no proxecto que a Deputación Provincial ten na zona coa colaboración do Concello.

- O persoal do Concello presta servicios no guindastre só en supostos de emerxencia e sempre fóra do horario do servicio da ORA.

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

- Protección civil integra unha parte dos seus membros no grupo de intervención rápida que ten carácter comarcal e cando o solicitan os concellos da comarca para eventos concretos e teñen dispoñibilidade para esas actuacións, está facéndose a colaboración cos mesmos. Neste caso establécese a colaboración prestada na feira de Paderne.

- Descoñécese a que se refire a pregunta sobre a hipotética presencia da brigada municipal nunha finca privada.

Así mesmo, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

- Tras unha serie de apreciacións sobre a falta de publicidade nas convocatorias para monitores dos cursos da Consellería de Familia, pide que se explique que persoas foron contratadas, en que medios se deu publicidade e como se levou a cobo a selección, en que xornais foron publicadas tales contratacións.

- Pregunta, ante a contestación dada sobre o persoal do guindastre, no anterior Pleno, se as quendas facilitadas eran falsas.

- Fai referencia á sorpresa que lle supón ve-la propaganda das actividades que se realizan no pavillón e a piscina na páxina web do Concello, pedindo que desapareza tal publicidade.

- Pregunta, en relación cunha serie de sentencias, interesándose polo aboamento dos máis de vinte millóns que delas se deduce, se se lle reclamaron á empresa obrigada, para que así non se acuese ó seu grupo, como se fixo noutra ocasión, de defender intereses particulares.

- En relación coa moción de infravivenda presentada no seu día, fai entrega de documentación sobre un caso detectado, para o seu paso ós servicios sociais.

- Pregunta cantas bocas de rego hai na urbanización da Condesa.

O Sr. alcalde indica que a voceira do PP está a facer matizacións que non se corresponden coa realidade e polo tanto non se poden admitir, solicitando que se limite a preguntar ou en caso contrario presente mocións para debate.

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

- Solicita do Sr. alcalde unha copia das contas anuais do 99, á maior brevidade.

- En relación coa información de prensa sobre diminución do paro no concello, pregunta que datos se utilizan.

- En que punto se atopa a Escola Taller Matadeiro.

- Solicita una xuntanza da Comisión de Tráfico para sabe-la situación da peonalización.

- Así mesmo, pregunta sobre os premios establecidos para a lanchas dos Caneiros.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas corenta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Victor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTENOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Ana María Fernández Rodríguez.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día vintenove de setembro de dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión realizada o trinta e un de agosto.

2.- TOMA DE POSESIÓN DO NOVO CONCELLEIRO D. ANDRÉS OTERO BOTANA.

Como consecuencia da renuncia de D. Andrés Otero Martínez ó seu cargo de concelleiro en representación do BNG, da que xa se deu conta no anterior Pleno, vista a credencial remitida pola Xunta Electoral Central, acreditada a súa personalidade, e tras prometer cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Betanzos, con lealtade a El Rei e gardar e facer garda-la Constitución como norma fundamental do

Estado, así como defende-los intereses do Pobo Galego, toma posesión do seu cargo de concelleiro, en representación do BNG, no Concello de Betanzos, D. Andrés Otero Botana, a quen o Sr. alcalde desexa os maiores éxitos no desempeño das súas funcións á fronte do cargo.

3.- DAR CONTA DO CONVENIO URBANÍSTICO ASINADO COA PROMOTORA FLUVIAL VALDONCEL.

Dase conta ó Pleno de convenio urbanístico asinado coa empresa "Promoción Fluvial Valdoncel", vistos os informes que constan no expediente, coa finalidade de recupera-la edificabilidade que, por imperativos da liña de Costas, se perde na súa propiedade na praza Valdoncel-paseo da Galera.

4.- ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN CO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006 (POL) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dase conta do expediente tramitado en relación co POL 2000-2006 da Deputación Provincial da Coruña, no que consta dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a discrepancia do seu grupo coa proposta, en canto inclúe obras no pavillón polideportivo, que considera obriga da empresa que o xestiona, a pesar do cal anuncia o seu voto favorable como postura de colaboración.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, mantén algunha coincidencia coa postura do PP, se ben non van votar en contra, xa que calquera mellora é boa, anque en ningún momento se xustifica a prioridade destas obras sobre outras, polo que se debería concretar.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto dos grupos, facendo referencia a que a proposta que agora se aproba resposta a programas da Unión Europea, seguindo directrices da Deputación ás que se hai que acoller, entre outros atención ós saneamentos e traídas de augas, recuperación arquitectónica e ocio e deporte, sendo eses os criterios de selección.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: Solicitar da Deputación Provincial, a inclusión dentro do Plan Operativo Local 2000-2006, dos investimentos, dos cales se acompañan as memorias valoradas, que corresponden ós seguintes: "Dotación de colectores de saneamento e pluviais, con mellora da seguridade vial en travesías de estradas provinciais-1ª fase", "dotación de colectores de saneamento e pluviais con mellora da seguridade vial en travesías de estradas provinciais-2ª fase", "conservación e recuperación do casco histórico: pavimentación e renovación de servicios na rúa da Cerca e na rúa Lanzós", "reforma da cuberta do pavillón polideportivo municipal".

5.- MOCIÓN DO DELEGADO DE TRÁFICO SOBRE MELLORA DA SINALIZACIÓN NA AVDA. FRAGA IRIBARNE.

Dase conta de moción do delegado de tráfico relacionada coa mellora da sinalización na Avda. Fraga Iribarne, que conta co dictame da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1) Solicitar do organismo competente da Xunta de Galicia a mellora da sinalización na Avda. Fraga Iribarne, tanto vertical como de marcas viais precisas, así como a instalación de elementos moderadores da velocidade nas proximidades do centro educativo e do Pasatiempo no seu caso. 2) Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para realizar cantos actos ou xestións sexan necesarios para levar a bo fin o presente acordo.

6.- PROPOSTA DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS E ACCION RURAL SOBRE O "MUSEO DA NATUREZA".

Dase conta de proposta do delegado de infraestructuras e acción rural relacionada co "Museo da Natureza", incluído dentro do Plan 2000 de protección do medio ambiente da Deputación Provincial da Coruña, dictaminada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto modificado, sen custo adicional, da obra "Museo da Natureza", incluído dentro do Plan 2000 de protección do medio ambiente da Deputación Provincial da Coruña, así como solicitar do citado organismo que autorice o cambio de proxecto.

7.- CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2001 DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Dase conta de escrito da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, no que se inclúe o calendario laboral, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, para o ano 2001 na Comunidade Autónoma de Galicia, ó obxecto de que se propoñan os dous días do ano natural que neste municipio teñen carácter de festas locais por tradición propia. O asunto conta co dictame da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda propoñer, como festas locais no municipio de Betanzos, con carácter retribuído e non recuperable, os seguintes: Martes de Carnaval e 16 de agosto (San Roque).

8.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DO SERVICIO DA ORA E GUINDASTRE.

Dase conta de proposta de concesión do servicio de ordenación e regulación de aparcamentos (ORA), e retirada e depósito de vehículos, co correspondente prego de condicións para a contratación do mesmo. Vén informado favorablemente pola Comisión correspondente, coa reserva de voto dos grupos popular e nacionalista.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a súa abstención, polo que considera un prazo moi longo na concesión proposto, cando no Estado se recomendan outros prazos menores. Entende que tales prazos non benefician ó Concello.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifesta o seu voto favorable, en canto ó prego, se ben con matizacións, dada a súa postura crítica co sistema de xestión do tráfico, entendendo que a implantación da ORA favorece o aparcamento subterráneo.

- O Sr. Lagares, voceiro do PSdeG-PSOE, coincide co voceiro nacionalista no aspecto administrativo do prego que está adaptado á legalidade. En canto ó prazo entende que non ata ó Concello, por canto as prórrogas son denunciables.

O Pleno, co voto favorable de doce concelleiros presentes (10 do partido socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López e 2 do partido nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos cinco concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1º.- Establece-lo servicio ORA e retirada e depósito de vehiculos da vía pública, mediante concesión, aprobando o correspondente prego de condicións do concurso. 2º.- Que se continúe o expediente de contratación.

9.- PROPOSTA SOBRE REGULAMENTO DO CENSO MUNICIPAL CANINO.

Dase conta de regulamento do censo municipal de cans, dictaminado pola Comisión de Programación. A solicitude do Sr. Doporto, voceiro do BNG, polo secretario explícase o concepto de publicidade do rexistro.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Prestar aprobación inicial ó regulamento do censo municipal de cans do Concello de Betanzos. 2º.- Que se continúe a súa tramitación

regulamentaria, facultando ó Sr. alcalde-presidente para a realización de tódolos tramites derivados da adopción do presente acordo.

10.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE O ENLACE COA AUTOESTRADA A-9.

Dase conta de moción presentada polo Partido Popular en relación co enlace da Autoestrada A-9, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se dea traslado do contido da moción á comisión redactora do plano xeral para valoración.

11.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE CESIÓN DE USO DO SOLO NO POLÍGONO DE PIADELA.

Dase conta de moción presentada polo Partido Popular sobre cesión de uso do solo no Polígono de Piadela, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se dea traslado do contido da moción á comisión redactora do plano xeral para valoración.

12.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE A INEXISTENCIA DE MEDIDAS DE SEGURIDADE NAS ESCOLAS DE SAN FRANCISCO E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Dase conta de moción presentada polo Partido Popular sobre a inexistencia de medidas de seguridade nas escolas de San Francisco e outras instalacións municipais, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se dea traslado do contido da moción ós servicios técnicos ó obxecto de que realicen unha avaliación do mesmo.

13.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Ó PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dase conta de moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego relacionada co programa operativo local (POL) 2000-2006 da Deputación Provincial da Coruña, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a súa abstención, aínda considerándose de acordo con algún dos puntos, estes xa se cumpren ou se van cumprir.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, pide ó BNG que se retire o punto terceiro de moción para apoiala, en canto contradí o acordo anterior tomado por este Pleno.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, quere concretar, afirmando que é de actualidade o asunto dos criterior utilizados, en canto non poden ser sacos sen fondo. Esixe programación e información, participando non só co voto polas melloras que as obras supoñen. Solicita votación sen retirar ningún punto da moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, insiste en que os criterios veñen establecidos pola Deputación, onde existen representantes dos distintos grupos políticos, lembrando que o Sr. alcalde xa pediu opinións, insitindo no voto negativo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dous concelleiros do BNG (Sres.: Doporto, Otero), o voto en contra dos dez concelleiros do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos cinco concelleiros do PP (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda desestima-lo solicitado na moción.

14.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN MUNICIPAL SOBRE CRITERIOS DE REMATE EXTERIOR DE FACHADAS NO CASCO HISTÓRICO.

Dase conta ó Pleno de moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego en relación coa creación dunha comisión municipal sobre criterios de remate exterior de fachadas no casco histórico, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se dea traslado do contido da moción á comisión redactora do plano xeral para valoración.

15.- MOCIÓN DO BNG SOBRE OS VERTEDEIROS INCONTROLADOS DE LIXO.

Dase conta de moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego relacionada cos vertedeiros incontrolados de lixo, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. alcalde engade información sobre o próximo punto verde a realizar no polígono de Piadela, invitando mentres tanto ós membros da Corporación a pensar en solucións transitorias.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende como máxima urxencia impedi-los vertidos no Mandeo como espacio de máxima sensibilidade.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Facer un seguimento de tódolos vertedeiros de lixo e refugallos domésticos e industrias que existen no noso concello, co obxectivo de eliminalos nun espacio de tempo o máis breve posible, evitando, mentres esto non sucede, que se sigan utilizando. Para acadar esto último é necesario que a Policía Local patrulle estas zonas. 2.- Establecer unha sanción para todas aquelas persoas que depositen lixo ou materias de desperdicio en zonas que non son as establecidas para tal fin. 3.- Prestar especial atención ás agresións que, sobre todo na zona de San Xiao, están sendo obxecto as xunqueiras e marxes fluviais do Mandeo, poñendo en coñecemento das autoridades competentes e vixiando que non se sigan facendo.

FORA DA ORDE DO DÍA.

Infórmase á Corporación sobre subhasta, que vai ter lugar o próximo xoves, de 12 bustos de mármol de Carrara que pertenceron ó Pasatiempo, así como das xestións realizadas pola Alcaldía ó obxecto de recaba-la colaboración doutros organismos para intentar mercar algún deles ou todo o lote, solicitando se declare de urxencia facultar á Alcaldía para intentar mercar algún ou todo o lote dos bustos citados.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal dos seus membros, acorda a súa INCLUSIÓN POR URXENCIA NA ORDE DO DÍA.

Xa no debate do asunto, o Sr. alcalde procede a explicar que se enteraron deste asunto pola familia García Naveira, procedéndose a continuación a manter contactos cos conselleiros da Presidencia e de Cultura, así como co presidente da Xunta e co da Deputación da Coruña, a fin de obte-la colaboración económica destes organismos. É un esforzo que debe face-lo Concello para recupera-lo patrimonio.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, interésase pola cantidade de diñeiro a partir da cal se vai poxar. Entenden o valor artístico importante e o valor sentimental e son conscentes de que hai moito patrimonio agochado, se ben non se pode perseguir todo, por falta de posibilidades, tendo en conta que o patrimonio cultural galego habería que recupera-lo mediante acordos coa Xunta.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia o seu voto favorable, apelando ó sentido común do alcalde, quen dá por suposto que accederá a uns prezos adecuados. Parécelles ben, como lles parecerá ben cando se atope outro patrimonio, facendo referencia ós leóns do Pasatiempo que actualmente se atopan en Covadonga e o ilusionante que resultaría podelos recuperar, debéndose consegui-las axudas necesarias.

- O Sr. alcalde aclara que se facerá o que se poida, tendo que en conta que a subhasta é á alza. Espérase a colaboración da Deputación e da Xunta e pártese das posibilidades limitadas do Concello, informando, a petición do grupo popular, que o prezo de saída de cada lote é de 2.000.000,- ptas.

O Pleno, por unanimidade, acorda participar na subhasta que vai ter lugar o próximo xoves, de 12 bustos de mármol de Carrara que pertenceron ó Pasatiempo, facultando á Alcaldía para asistir á mesma e tentar mercar todo ou algún dos lotes.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de inicia-lo punto, o Sr. alcalde informa do seguinte:

- En breve procerase a unha xuntanza da Comisión de Seguimento do Plan segundo se teña polos técnicos a cartografía contratada.

- A próxima entrega ós distintos grupos municipais dos seus despachos nas novas dependencias do edificio Liceo.

- A realización das xornadas sobre o ferrocarril os vindeiros días 8, 9 e 10.

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (31-08-00):

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

1ª.- O Concello ten un centro de formación ocupacional no que, en varias especialidade, ten contratados a monitores. Estes monitores imparten os cursos das súas respectivas profesións cando é posible. No resto dos casos faise unha convocatoria pública seguindo os criterios legalmente establecidos. Os monitores contratados para imparti-los cursos do ano 2000 son os seguintes: Carpintería: Ángel Reyes Balverdi, albanelería: José Crespi Rodríguez, publicidade: Guillermo de la Fuente Mezquita.

2ª.- Reitérase a contestación relativa ó persoal que fai os servicios de guindastre efectuada no Pleno anterior.

3.ª- O servicio do pavillón e da piscina é de carácter municipal e préstase a través dunha concesión pública. Por iso o Concello dá informacións sobre os mesmos.

4ª.- Con respecto ás sentencias a que se refire, están solicitadas ás empresas que constan nas mesmas, para que cumpran coas obrigas que lles corresponden.

5ª.- Na Condesa hai en funcionamento neste momento dous hidrantes e cinco bocas de rego. No proxecto de urbanización que se adxudicou recentemente, está previsto a ampliación destes servicios.

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

1ª.- Tal e como se manifestou no Pleno anterior os concelleiros teñen a súa disposición toda a documentación relativa ó solicitado.

2ª.- A información facilitada polo Concello parte dos datos oficiais do INEM e da Consellería de Familia e Emprego.

3ª.- A escola taller de rehabilitación do matadoiro está presentada oficialmente fai varios meses e estamos á espera de resposta por parte da Xunta de Galicia.

5ª.- Os premios establecidos para as lanchas dos Caneiros foron ratificados recentemente e seranlles entregados proximamente ós gañadores.

Así mesmo, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

- Roga, tras agradece-los locais dos grupos políticos, que se faciliten mesas ou soportes para apoia-los papeis nos plenos.

- Que se invite ós actos oficiais do Concello ós deputados do Congreso desta localidade.

Polo Sr. Carro Erias, voceiro do PP:

- ¿A que se debe a demora da urbanización da rúa Rosalía de Castro?
- ¿Que medidas se pensan adoptar para a súa execución inmediata?

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

- Tamén agradece os locais, así como a información que se dá para os plenos.
- Solicita dos técnicos que se informe sobre os problemas dun valado provisional dunha obra na r/ Cañota.
- Solicita información clara e fidedigna sobre os criterios para apertura de camiños rurais.
- Reclama iluminación pública no camiño Cal das Barras.
- Solicita medidas para evita-la ruína de edificacións na Ponte Vella.
- Pide a reparación do parque infantil do Pasatiempo.
- Pide información sobre licencia de antena no edificio de Telefónica, polos quebrantos que produce ós veciños afectados.
- Pide a reparación de beirarrúas en Saavedra Meneses.
- Quere insistir sobre o emprego do galego nos documentos municipais, facendo referencia á páxina Web.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas trinta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Victor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.

D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do luns día trinta de outubro de dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Comezada a sesión, a Sra. Faraldo, voceira do PP, pide a adopción dun acordo en relación co atentado cometido no día de hoxe pola banda terrorista ETA, se ben a indicación do Sr. alcalde se pospón para o momento de presentar mocións de urxencia.

O Pleno, antes de entrar nos asuntos da sesión, garda un minuto de silencio polos feitos antes citados.

A continuación iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión realizada o pasado día vintenove de setembro, se ben se fai a matización de que o voceiro do BNG citado na moción que consta en tal acta, relativa á limpeza do Mandeo, foi defendida polo Sr. Botana e non polo Sr. Doporto como de xeito equivocado se di.

2.- DAR CONTA DE ESCRITO DA ALCALDÍA.

- Dase conta ó Pleno de escrito do Ministerio da Presidencia xustificando recepción de acordo plenario adoptado por esta Corporación Municipal instando ó Goberno á supresión do Real decreto lei 6/2000 polo que se adoptaron medidas urxentes de intensificación da competencia en determinados mercados de bens e servicios, así como comunicando que da traslado do devandito acordo ó Ministerio de Economía e ó Ministerio de Administracións Públicas.

- Dase conta ó Pleno de escrito da Alcaldía dirixido ó conselleiro de política territorial, en relación cunha entrevista pendente entre ámbolos dous, concertada polo presidente da Xunta de Galicia, para tratar da construcción dunha estación de terceiro nivel a construir no período 2000-2006.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE HABITANTES A 1 DE XANEIRO DE 1999.

Dase conta de resumo numérico das cifras de poboación a 1 de xaneiro de 1999.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia o seu voto afirmativo, en canto é conscente do traballo administrativo que hai detrás da proposta, pero quere facer constar o feito que ofrecen os datos cal é o descenso de poboación desde 1998.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, tamén manifesta a súa postura favorable, anque non entende os datos á vista das noticias de prensa que ofrece o Sr. alcalde que falan de datos a outubro do dous mil, entendendo que o alcalde o mistura todo, pedindo os datos que utiliza o alcalde.

Neste momento incorpórase a Sra. Sánchez Vázquez.

- O Sr. alcalde indica que non vai aclara-lo que di a prensa, anque neste caso son datos certos ó día de hoxe, anque non entra na interpretación que dos datos dea o xornalista.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-lo resumo numérico das cifras de poboación a 1 de xaneiro de 1999 que ofrece como resumo un total de poboación de dereito de 12.326,- habitantes.

4.- PROPOSTA PARA MODIFICACIÓN DE OBRAS DO PLAN 2000.

Dase conta de proposta para modificación de obras do Plan 2000, que conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia o seu voto favorable, anque teña dúbidas de que estas rúas sexan as máis necesitadas de arranxo e en tal senso lembra o estado do pavimento na praza do Campo.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, tamén anuncia o seu voto favorable, anque quere facer consta-lo longo prazo entre que a empresa renunciou e que a Deputación andivo detrás do Concello, pasando meses como teñen detectado, pedindo que se empregue menos tempo en propaganda e máis en axiliza-los trámites.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta a súa sorpresa en canto nunca se quixo utilizar este problema e sempre houbo unha máxima colaboración entre a Deputación e o Concello para evitar unha resolución que levara a un contencioso. Sinala que hai documentación que demostra que o contrato se resolveu hai pouco máis de un mes, e insiste en que sempre houbo a máxima colaboración para busca-la mellor maneira de rescindi-lo contrato, podéndose pedi-la documentación ó secretario. Remata sinalando que o Concello non ten ningunha culpa sorprendéndose das manifestación feitas e pedindo que se mire mellor a documentación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste na falta de axilidade, non sendo un problema de datas, como noutras cuestións que chega ó seu coñecemento.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º- Prestar aprobación ó proxecto "mellora de infraestructuras viarias no casco histórico por un importe de nove millóns novecentas dez mil (9.910.000,-) ptas. 2º.- Solicitar da Excma. Deputación Provincial a inclusión no Plan 2000-anualidade 1999, do proxecto citado, en substitución dos proxectos: "pavimentación e renovación de servicios na rúa Cortaduría" e "pavimentación e renovación de servicios na rúa Irmandiños". 3º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo tódolos trámites do acordo adoptado.

5.- ESCRITO DO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP "VALES VILLAMARÍN".

Dase conta de comunicado de acordo do Consello Escolar do CEIP "Vales Villamarín", dictaminado pola Comisión de Programación, así como do informe técnico emitido ó respecto.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, quere facer consta-lo malestar que supón reitera-las solicitudes.

- O Sr. alcalde lembra que antes do verán se aprobou unha proposta neste senso e agora cabe calificala como a obra máis prioritaria da nosa cidade, que ocupará o primeiro lugar, polo que se esixirá o prazo máis breve posible da consellería competente, que é a de Educación.

O Pleno, por unanimidade, acorda dar traslado á Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do comunicado do acordo do Consello Escolar do CEIP "Vales Villamarín", instando se axilice a realización das obras necesarias para que se poidan imparti-las clases de educación física con normalidade e para que os alumnos non teñan que permanecer nas aulas os días de mal tempo.

6.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE CAFETERÍA NO PASATIEMPO.

Dase conta de expediente tramitado para a resolución de cafetería no Pasatiempo, que se ten outorgada á emprega Gallega de Suministros SL. Consta informe do secretario e dictame favorable da Comisión Informativa de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a abstención do seu grupo, aínda que lles pareza ben, pero sinala que se está ante outro dos proxectos turísticos que xestiona o PSOE e non fragua. Cre que a propaganda que fai atrae, pero despois os números non cadran, co que as noticias esaxeradas non levan ós investimentos pertinentes, o que cre malo para o Concello e preocupa ó seu grupo pola mala imaxe que ofrece. Aproveita para pedir que as notas de prensa sexan máis reais e serias.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, afirma coincidir coa postura do PP, incidindo en que detrás do que é un incumprimento contractual hai unha postura errónea, con concesións mal feitas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sinala que o punto non fala de turismo, considerando unha frivolidade que se fale de tonterías, pedindo que se asista ás comisións e se lea a documentación e se saiba de que vai o punto, que se refire a un grupo empresarial que non cumpre un prego de condicións, polo que procede resolve-lo contrato.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, insiste sobre as cifras de visitantes dadas, non considerándoo un dato frívolo, xa que o di o Sr. alcalde, que fala de 680.000 visitantes.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, pola súa banda, insiste na súa abstención, considerando de mal gusto chamar tonterías ó que di o contrario político.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, aclara que non chama tonto a ninguén, pero insiste en que no punto se presenta unha cousa distinta.

- Remata o Sr. alcalde pedindo que o debate se centre na proposta e afirmando que visitantes hai máis dos que di a prensa.

O Pleno, visto o expediente tramitado, no que se lle deu trámite de audiencia ó interesado, sen que presentase ningunha alegación, e no que queda acreditado o incumprimento no tempo no que se refire á presentación do proxecto e á execución das obras obxecto da concesión, ás que viña obrigado, así como o incumprimento reiterado no pagamento do canon da concesión, co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do partido nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Resolver e, en consecuencia, deixar sen efecto a concesión que se tiña outorgada á empresa Gallega de Suministros SL, dun terreo de dominio público para instalación dunha cafetería no parque do Pasatiempo. 2º.- Declara-la incautación da fianza e a inhabilitación da empresa para contratar con esta administración.

7.- <u>SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ICIO.</u>

Dase conta de solicitude de bonificación do imposto sobre construccións, instalacións e obras (ICIO) realizada por Dª María Jesús Souto Pereira, informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: concede-la bonificación do 90% do total do ICIO contemplado na ordenanza fiscal nº 28, artigo 7º, a Dª María Jesús Souto Pereira, para a rehabilitación do edificio, ubicado no casco histórico, na r/ Ribeira nº 20.

8.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN E ESTABLECEMENTO DE ORDENANZAS FISCAIS.

Dase conta de proposta da Sra. concelleira de facenda sobre modificación e establecemento de ordenanzas fiscais, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a abstención do seu rupo, en canto considera que é unha xestión do grupo de goberno, que o fan de xeito distinto a como o farían eles no seu caso.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia o seu voto en contra por diversos aspectos, citando entre outros: que o incremento porcentual non está equilibrado entre os diversos puntos, encontrándose disparidade de valores que no son de recibo; considera ilegal a retirada de vehículos nalgún caso que cita, así como a tarifa concreta para algunhas actividades na taxa de apertura; fai referencia ó recoñecemento de malas instalacións eléctricas na taxa polo voo e ocupación do solo, considerando non de aplicación a porcentaxe do 1,5% ás empresas subministradoras dos seus ingresos brutos, por canto se gravaría dúas veces a mesma base; considera moi baixa a taxa de quioscos e excesivo o imposto de construccións; refírese á taxa do museo que grava máis á terceira idade de fóra do concello; entende que en xeral as ordenanzas están mal redactadas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sinala que en xeral se sobe o IPC, establecido aproximadamente no 3%, manténdose algúns impostos como o de vehículos, o de actividades económicas e o de construccións que veñen estando así desde hai tempo. En referencia ó Sr. Doporto, cre que non sabe a que se refire cando fala de instalacións eléctricas en mal estado, xa que as que se gravan son as que non reúnen tódalas condicións de industria. En referencia ós quioscos, medran máis que noutros exercicios.

- O Sr. alcalde entende expostos os distintos criterios, querendo sinalar que, sempre dentro do posible, se primará nas ordenanzas ós cidadáns de Betanzos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), a abstención dos cinco concelleiros presentes grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e o voto en contra dos dous concelleiros do partido nacionalista (Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aproba-las modificacións propostas e que constan no expediente, nas seguintes ordenanzas fiscais: - Ordenanza fiscal núm. 2. Reguladora da taxa por expedición e tramitación de documentos. - Ordenanza fiscal núm. 3. Reguladora da taxa polos servicios no Cemiterio Municipal. - Ordenanza fiscal núm. 4. Reguladora da taxa por retirada e custodia de vehículos. - Ordenanza fiscal núm. 5. Reguladora da taxa polo outorgamento de licencias de apertura de establecementos. - Ordenanza fiscal núm. 6. Reguladora da taxa por outorgamento de licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer. - Ordenanza fiscal núm 7. Reguladora da taxa polo outorgamento de licencias urbanísticas. - Ordenanza fiscal núm. 8. Reguladora da taxa por prestación do servicio de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais. - Ordenanza fiscal núm. 9. Reguladora da taxa por recollida de lixo. - Ordenanza fiscal núm. 10. Reguladora da taxa por prestación de servicios nos mercados municipais. - Ordenanza fiscal núm. 11. Reguladora da taxa por subministro e utilización de auga potable. - Ordenanza fiscal núm. 12. Reguladora da taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías

públicas. - Ordenanza fiscal núm. 13. Reguladora da taxa pola ocupación do solo e voo de vías públicas e outros terreos de dominio público local. - Ordenanza fiscal núm. 15. Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con quioscos. - Ordenanza fiscal núm. 16. Reguladora da taxa por ocupación do subsolo de terreos de uso público local. Ordenanza fiscal núm. 17. Reguladora da taxa por apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público. - Ordenanza fiscal núm. 18. Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construcción, entullo, valas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións semellantes. - Ordenanza fiscal núm. 19. Reguladora da taxa por entrada de vehículos desde a vía pública e reservas para aparcamento, carga e descarga e outras actividades de interese particular. - Ordenanza fiscal núm. 20. Reguladora da taxa pola prestación de servicios nos museos e outras instalacións culturais. - Ordenanza fiscal núm. 21. Reguladora da taxa por prestación de servicios nas instalacións deportivas municipais. - Ordenanza fiscal núm. 22. Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes. - Ordenanza fiscal núm. 25. Reguladora do imposto sobre bens inmobles. - Ordenanza fiscal núm. 29. Reguladora da taxa por prestación de servicios na feira do anticuario e almonedista. 2º.- Acorda-la imposición e aproba-la correspondente ordenanza fiscal reguladora do prezo público por prestación de servicios culturais, publicidade e venda de publicacións. 3º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobadas as modificación e a nova ordenanza proposta se non se presentan alegacións no período de exposición ó público.

9.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AXUDAS PROGRAMA LIFE DA UNIÓN EUROPEA.

Dase conta de moción do BNG sobre a elaboración conxunta dun proxecto medioambiental da ría de betanzos para optar a axudas dentro do programa LIFE da Unión Europea, que conta co dictame da Comisión Informativa de Programación.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, indica que habería que poñer de acordo ós concellos que se di na moción, por ser un medio adecuado de obtención de financiación para fins medio ambientais.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que esta proposta se debe incorporar ós proxectos que se están a levar a cabo desde o Concello, no que se seguirá intentando vertebrar ós concellos da comarca.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Inicia-las xestións oportunas cos gobernos locais dos concellos do contorno da ría de Betanzos; Paderne, Bergondo, Coirós, Sada e Miño, para conxuntamente elaborar un proxecto integral de recuperación medioambiental co que concorrer ás axudas establecidas dentro do programa LIFE da Unión Europea.

10.- MOCIÓN DO PP SOBRE AXARDINAMENTO ROTONDA CASCAS.

Dase conta de moción do PP sobre realiza-lo axardinamento da rotonda de circulación das Cascas e solicitar un estudio para a posible colocación dunha fonte de auga ornamental na citada rotonda, que conta co dictame da Comisión Informativa de Programación.

Exponse nas distintas intervencións que a petición se dirixirá ó organismo competente, neste caso a Consellería de Política Territorial.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la moción presentada.

Antes de rogos e preguntas, a Alcaldía informa de invitación do Club Ciclista para a cea social do 20 aniversario, dunha próxima viaxe institucional a Arxentina, dunha xuntanza xa convocada da Comisión de Drogodependencia e da ofrenda ós defuntos do vindeiro día dous.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Por unanimidade do Pleno, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros, ACÓRDASE TRATA-LA CONDENA UNÁNIME ante o atentado terrorista producido o día de hoxe en Madrid.

O Pleno, por unanimidade, acorda realiza-la seguinte declaración institucional: "O Pleno da Corporación Municipal, como representantes da cidadanía deste Concello, diante dos asesinatos ocorridos no día de hoxe en Madrid, desexa, en primeiro lugar, facer chegar ás familias das víctimas a súa expresión de condolencia e solidariedade, e manifesta a súa máis firme repulsa por este crime, tan inícuo como tódalas accións que supoñen o desprezo do máis fundamental e primario dereito á vida e de tódolos valores que sustentan a convivencia nun estado democrático de dereito como o que consagra a Constitución Española. O Pleno da Corporación Municipal expresa a súa convicción de que estes valores deben fundamenta-la unidade de todos/as fronte a quen pretenden impoñe-la súa vontade totalitaria por medio da violencia e o terror e alenta a toda a cidadanía e asociacións a seguir traballando na defensa daqueles valores.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, propón que se faga chegar ás asociacións e en xeral a tódolos veciños, a difusión necesaria das concentracións que se producen para condena destes actos, a efectos de aumenta-la participación.

- O Sr. alcalde indica que se procurará, manténdose nas convocatorias que a tal efecto realiza a FEGAMP.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (29-09-00):

Polo Sr. Carro Erias, voceiro do PP:

1ª.- Débese a diversos problemas da empresa adxudicataria.

2ª.- Poñer de novo en coñecemento da empresa que se proceda á rescisión da concesión se non se adoptan medidas puntuais dunha forma inmediata.

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

1ª.- A necesaria posta a disposición ó Concello de tódolos terreos necesarios para o inicio das obras.

Así mesmo, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

- Que se subsanen as deficiencias do mercado municipal, que se indican na resolución como municipio turístico da Xunta.

- Que se limpe o solar núm. 64 ou 66 de Saavedra Meneses.

- Que se instalen colectores de roupa para o terceiro mundo, como en concellos limítrofes.

- Que cando se envíe a documentación ós organismos sexa completa, non como no caso do repetidor norte, ó que non se acompañou ningún plano.

- Pide certificado e copia dos datos de habitantes facilitados ultimamente polo Sr. alcalde.

- Pide copia dos escritos dos que se deu conta ó Pleno na sesión de hoxe.

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

- Indica que non se contestou un rogo do Pleno anterior, sobre a existencia ou nor de licencia para antena no edificio de Telefónica. Entende o Sr. alcalde que houbo un erro e indica que se conteste en breve, sen esperar ó próximo Pleno.

- Reitera a solicitude sobre copia do último balance económico do Concello.

- Pregunta polos criterios utilizados polo autor do video da feira medieval, tendo en conta o tratamento dado ó equipo de goberno.

- Pide copia do último informe das contas da feira medieval e das festas.

- Pregunta se a beirarrúa que recentemente se fixo no Campo cumpre medidas de accesibilidade no seu comezo.

- Pregunta sobre a ilegalidade ou non de licencia no acceso á Magdalena, entendendo que non se debería deixar construir aí, deixándoo para posible ampliación dos colexios.

- Pregunta sobre se avanzan os descubrimentos arqueolóxicos.

- Propón a reordenación de aparcamentos nas Cascas.

- Indica o perigo de esvaramentos na praza de Dª Águeda cando chove.

- Pide o arranxo do lavadeiro das Cascas e o seu mantemento.

O Sr. alcalde insiste en que se utilice un número lóxico de rogos ou preguntas, ante a imposibilidade de atendelos noutro caso.

O Sr. Otero propón como alternativas para resíduos de obras e outros, ante a oferta do Sr. alcalde realizada no Pleno anterior, mentres non se executa o punto verde, os terreos detrás do centro de formación ocupacional ou ben detrás da praza Pablo Iglesias.

Entende o Sr. alcalde que se poderán estudiar, anque non os considera atinados.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Victor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.

D. Antonio Carro Galeiras.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. José Ramón García Vázquez.

Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.

D. Andrés Beade Dopico.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.

Dª Ofelia López Campos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asiste, con desculpa:

Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do martes día vinteoito de novembro de dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iniciada a sesión o Sr. alcalde presenta ó Pleno ó Sr. Ángel David Murado Codesal, nomeado como interventor con carácter provisional, dada a baixa por maternidade de quen viña ocupando o posto en comisión de servicios.

A continuación iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión realizada o pasado día trinta de outubro.

2.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓNS.

- Dase conta de escrito do Ministerio da Presidencia xustificando recepción de certificación do acordo do Pleno desta Corporación en solidariedade cos colectivos de emigrantes galegos na Arxentina e comunicando o traslado do devandito acordo ós ministerios de Asuntos Exteriores e de Traballo e Asuntos Sociais, para os efectos oportunos.

- Dase conta ó Pleno de escrito da Delegación Provincial da Coruña da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais comunicando que a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Betanzos quedou inscrita no rexistro creado polo Decreto 56/2000 desa consellería.

3.- ACORDO SOBRE REPRESENTANTES EN INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, fai a proposta de que se manteñan os xa determinados polo Pleno, polo que quedan nomeados: -"CEIP Vales Villamarín", D. Antonio Carro Galeiras; -"IES Francisco Aguiar", Dª Ofelia López Campos; -"IES As Mariñas", D. Antonio Vázquez Lorenzo.

4.- PROPOSTA PREMIOS PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO.

Neste momento incorpórase á sesión o Sr. Beade Dopico.

Dase conta ó Pleno de proposta sobre a creación de premios por conservación do patrimonio arquitectónico nas actuacións que se leven a cabo por rehabilitación e conservación no casco histórico, que conta co informe da Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, manifesta que o seu grupo non pode aporta-lo seu voto a unha proposta que entenden falla na súa forma e a súa finalidade. Na súa forma en canto confunde conceptos diferentes como obras novas ou rehabilitacións e a contía dos premios é insignificante. En canto á finalidade, por canto ó que se debe ir é a un desenvolvemento do casco histórico integral e consensuado. Non se pode dar premios por cousas que son obrigadas, nin entrar a premiar factores económicos. Tampouco se considera correcto no tempo, ante a revisión do plano xeral de urbanismo. Considera, por todo eso, a proposta falta de lóxica e sinala que o problema está na falta de desenvolvemento do Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico.

- Intervén o Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anunciando o voto a favor do seu grupo, por canto sempre apoiarán toda iniciativa que leve ó desenvolvemento do casco histórico. Se ben tén que matizar algunhas cousas, como o feito de que outras propostas, como a de solo industrial se relegou non hai nin dous meses, polo que nor entende a urxencia de agora, agás o barato que vai sair e o impacto que pode ter, anque con medidas deste tipo non cre que se amañe o problema. Por outra banda, considera a proposta pouco elaborada, con algunhas contradiccióǹs que sinala, o que considera froito da urxencia e da publicidade que se quere facer, o que demostra que primeiro xa se dera como nota de prensa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, afirma que hai que diferenciar esta moción da revisión do plano xeral. A mesma ven completar por unha parte a bienal de balconadas e por outra sumarse a unha serie de iniciativas xa postas en marcha: exención de taxas, traslado da escola de música, pavimentación rúa da Cerca, etc., que non serán as únicas iniciativas, polo que cre que algo se está a facer, como o estudio que está facendo a Comisión de Tráfico, para impulsa-lo sector comercial, así como as solicitudes de pulo económico a outras institucións como a Comunidade Autónoma, a Comunidade Europea, a través do proxecto lider-plus, polo que non se pode dicir que non se tén unha idea clara do casco histórico e a onde se quere chegar. Insiste na motivación que implica, enchendo o oco da bienal de balconadas e que a proposta non relega o plano xeral, xa que son cousas distintas.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, sinala o seu voto negativo por non estar de acordo coa política que se está levando a cabo.

Remata o Sr. alcalde, considerando debatido o asunto e indicando á apreciación do BNG que non apresuramento na proposta, por canto hai máis de un mes que se anunciou o tema, que pretende ser un novo elemento de dinamización.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 2 do partido nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros catro concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: aproba-la proposta presentada, co establecemento dos premios que figuran na mesma e nas condicións sinaladas na moción.

5.- PROPOSTA DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE CANON DE SANEAMENTO.

Dase conta ó Pleno de proposta do delegado de infraestructuras sobre canon de saneamento, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, sinala que se podería apoia-la moción pero con matizacións, referíndose así ás exencións que sobre a lei de saneamento xa se fixeron oficiais e publicadas no DOG sobre familias numerosas e ós erros sobre as instalacións que se citan que son do Concello, pero non se pode aceptar que se equiparen estas coa piscina municipal, que xestiona unha empresa privada; así mesmo sinala que certas entidades benéficas xa están exentas, concretamente a residencia García Hermanos.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, entende que o decreto de exención vénse engardir á chapuza na serie de normas que sobre este canon se dictaron, como pasa co que determinan os núcleos suxeitos ó canon que en principio se di que superen os dous mil habitantes e dos núcleos que se introducen en Betanzos non debe pagar ningún, citando algúns casos como Illobre, Gas, etc. Polo que respecta á exención de familias numerosas non cre que para o que se consigue sexa lóxico someter ás familias ó papeleo que se esixe. Cita tamén o caso de pagamento dos pozos, engadindo o carácter finalista dos ingresos e o sistema de exención do pagamento da auga das instalacións municipais das que si se paga o canon, para acabar referíndose á factura do asilo, cercana ás oitocentas mil pesetas, da que lle gustaría ve-la exención.

- Pola súa banda o Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, considera necesario facer unha análise sosegada, diferenciando o que é unha simple cuestión administrativa, como a determinación da poboación e comete-lo absurdo de que pague canon de saneamento quen non o ten, citando o caso de Betanzos o Vello. Por outro lado considera correcta a exención á propia administración local e ás entidades benéficas.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, insiste en que está de acordo co fondo pero non pode compartir algúns datos, anunciando ó Sr. García Vázquez que lle fará chega-la exención do asilo. Segue sen entende-lo da piscina e respecto ás familias numerosas, non se pode decidir por elas, senon sinalar que a xestión é gratuita e o Concello debía axudar.

- Remata o Sr. García, agradecendo a postura dos grupos, considerando o das familias numerosas un mareo e esperando a ver que pasa co canon.

- O Sr. alcalde lembra que o asunto está recorrido por diversos concellos e que se fixeron varias matizacións desde a FEGAMP, onde se mantén un posicionamento claro respecto dos núcleos de menos de dous mil habitantes. Espera que o canon sirva para facer obras, pero non só en concellos distintos de onde se recauda e que as exencións se apliquen con carácter xenérico, engadindo que o establecemento do canon é un tema complexo que foi un erro tremendo.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Srres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 2 do partido nacionalista, Srres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros catro concelleiros presentes (do grupo popular, Srres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1) Solicitar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a retirada do canon de saneamento, no concello de Betanzos, ós núcleos das Angustias, Betanzos o Vello, Braxe, Caraña de Abaixo, Caraña de Arriba, Caraña do Medio, Casas Novas, Castro, O Cepiño, Gas, A Graña, Infesta, A Lanza, Roibeira, Touriñao de Abaixo, Touriñao de Arriba, Vista Alegre, A Xerpe,

toda vez que ningún destes núcleos chegan ós 2.000 habitantes, non agrupándoos, que sumarían 1.506 habitantes, consonte o padrón actual. 2) Solicitar que se retire o canon de saneamento ós consumos municipais, toda vez que estes consumos son de instalacións de carácter público, algúnhas delas sen practicamente saneamento, outras en instalacións da propia Xunta de Galicia, véxase Pasatiempo, piscina, campo de fútbol, colexio, cemiterios, etc. 3) Solicitar que se retire o canon de saneamento ós consumos en instalacións benéficas de grande consumo, como a residencia García Hermanos e o colexio Sagrado Corazón. 4) Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para facer cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin esta moción.

6.- PROPOSTA DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS EN SOLICITUDE DE TERREOS PARA ÁREAS RECREATIVAS Ó MINISTERIO DE FOMENTO.

Dase conta ó Pleno de proposta do delegado de infraestructuras en solicitude de terreos para áreas recreativas ó Ministerio de Fomento, informada pola Comisión de Programación

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, manifesta a postura a favor do seu grupo, se ben quere facer algunhas matización, en canto que a cuestión non só é de interese, senón que é unha obriga axeitar estes espacios; por outra banda indica que na moción se afirma que se crearon diversos parques, preguntándose onde están eses parques ou espacios libres, que nos últimos quince ou vinte anos son nulos. Por último refírese a que o Concello brinda a colaboración sen aclararse quen fará as actuacións.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, fai referencia á existencia de certas iniciativas neste sentido, polo que haberá que ve-la vontade e en cada caso determina-la colaboración que podería haber, partindo da consideración de que os terreos son doutras administracións.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, cre que o tema non está moi claro pero aínda así apoia a iniciativa que considera boa, citando a posibilidade de incluí-la petición de cesión deses terreos, o que permitiría unha mellor liberdade de decisión.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, considera que podería ser atinado esto último, se ben entende que poderían xurdir dificultades con patrimonio, aínda cando se exploran tódalas posibilidades.

- O Sr. alcalde remata recomendando ó Sr. Carro Erias que visite Betanzos comprobando as diferencias existentes co que parece coñecer.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1) Solicitar ó Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, a recuperación como áreas recreativas, de sendos terreos da súa propiedade situados en Vista Alegre e rotonda das Cascas, consonte planos xuntos, ofrecendo a colaboración do Concello no desenvolvemento destes proxectos. 2) Solicitar á Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a recuperación como áreas recreativas de terreos sobrantes no Petón e Guiliade, na estrada comarcal Betanzos-Mesón do Vento, ofrecendo a colaboración do Concello no desenvolvemento destes proxectos. 3) Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para facer cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin esta moción.

7.- PROPOSTA SOBRE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DE INVESTIMENTOS NO PRESUPOSTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Dase conta de proposta sobre inclusión de investimentos no presuposto da Comunidade Autónoma, que conta co informe da Comisión de Programación, e que son os seguintes: - Rehabilitación integral do casco histórico, cun presuposto estimado de 225

millóns de pesetas; - Dragado da ría de entrada a Betanzos, limpeza dos ríos Mendo e Mandeo, recuperación do porto de Betanzos, con construcción de porto deportivo, cun presuposto estimado de 500 millóns de pesetas; - Melloras na seguridade vial nas estradas comarcais Betanzos-Mesón do Vento e Herves Fontán, cun presuposto estimado de 125 millóns de pesetas; - Mellora pavimentación e urbanización avenidas Jesús García Naveira e Fraga Iribarne, cun presuposto estimado de 150 millóns de pesetas.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, manifesta que ó seu xuízo a proposta parece irrisoria, non comprendendo a pouca seriedade do equipo de goberno, considerándoa indenfendible ata pola súa pouca coherencia. Despois de le-las propostas, considera pouco serio o actuado que se fai mal e deprisa e así non se vai a ningures.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, intervén para sinalar que apoia tódalas peticións que se realicen, considerando as realizadas correctas e que deben ser apoiadas, anque houbera desexado unha análise con máis tempo. Quere tamén matizar que as enmendas ós presupostos da Xunta teñen todas esta forma, o que denota como o Goberno da Xunta as admite.

- O Sr. Lagares Pérez, voceiro do grupo socialista, tras agradece-lo voto do BNG, declárase sorprendido pola intervención do voceiro do PP, quen considera debería ver un manual elemental sobre a presentación de enmendas. Só quere lembrar que unha enmenda semellante a estas trouxo, en 1986, catrocentos millóns para a construcción da depuradora e outras máis, como o paseo da Ponte Vella. Da intervención do voceiro do PP só se deduce un desinterese total e absoluto por Betanzos e un desprezo non só ó grupo socialista, senon a todos, xa que así se frenan os investimentos, facendo uso dunha absoluta demagoxia e partindo dun fondo político regresivo para o Concello, opoñéndose ó seu desenvolvemento, por canto nunca se pode dicir que é unha tontería pedir algo para o Concello de Betanzos.

- Rebate o Sr. Carro Erias, quen se manifesta sorprendido coa falacia utilizada, por canto ninguén falou de tonterías e tampouco se usou a demagoxia, senon que, entende, é o grupo de goberno o que a fai, esperando que as propostas non se aproben, para así utilizalo noutros foros. Considera que o seu grupo non terá a experiencia en presentar enmendas, pero gustaríalle que as cousas estean ben feitas. Anuncia o seu voto de abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sinala que deberían de ver como se redactan polos do PP as súas propostas. Entende que a postura do grupo popular insiste no retraso de Betanzos e non defende nin ós seus votantes, só defende ó propio partido situándoo diante da súa propia cidade. Afirma que o grupo socialista sempre apoiará, como fixo o BNG, calquera proposta para Betanzos. Neste caso non se trata nada fora de lugar, pedindo ó grupo popular que reflexione polo desenvolvemento do concello.

- De novo o Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, sinala que en ningún momento dixo as palabras que afirma o Sr. voceiro socialista e que o seu grupo apoiará o desenvolvemento de Betanzos como crea conveniente.

- Remata o Sr. alcalde, afirmando que lle gustaría que se fixeran as obras que se solicitan e lamentando que non haxa unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz,

Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 2 do partido nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros catro concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: Ratifica-la solicitude de inclusión das obras arriba relacionadas para a súa inclusión no presupostos da Comunidade Autónoma.

8.- PROPOSTA DE OBRAS PARA O PLANO DE INVESTIMENTOS MUNICIPAIS-POS 2001.

Dase conta de proposta de obras a incluir no plano de investimentos municipais, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia o voto favorable do seu grupo, en canto que calquera petición ha de ter boa acollida, anque se discrepe da menor ou maior urxencia dunhas obras ou outras. Pide tamén máis coidado no tratamento dos proxectos en canto á súa documentación, referíndose a un concreto do que só se lle facilitou un adianto dos datos.

Esta última apreciación dá lugar a unha aclaración que xa se dera na Comisión de Programación realizada a cal se procede á aprobación do asunto.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º).- Aproba-lo PLAN DE INVESTIMENTOS MUNICIPAIS DE 2001 no que se recollen os investimentoss que o Concello ten previsto realizar no POS 2001, integrado polas seguintes obras e de acordo coa finalidade que se indica:

Nº de orde e denominación da obra	Importe total	Estado+Deputación	Concello
1.-Acondicionamento de sala de usos múltiples. Edificio Consistorial	8.551.866.-	6.963.064.-	1.588.802.-
2.-Subministro de material eléctrico con destino á mellora de iluminación pública	4.987.617.-	4.060.994.-	926.623.-
3.-Actuación deportiva e social en Viladesuso	6.341.899.-	5.163.674.-	1.178.225.-
4.-Acond. e pav de vías de acceso a núcleos nas Parroquias de S. Martiño de Bravío, S. Pedro das Viñas e Sta. María de Pontellas	5.460.110.-	4.445.706.-	1.014.404.-
5.-Acond. e Pav. de vías de acceso a núcleos nas parroquias de S. Estevo de Piadela e Santiago de Requián	5.161.401.-	4.202.492.-	958.909.-
6.-Acond. e pav. de vías de acceso a núcleos na parroquia de S. Martiño de Tiobre	4.992.179.-	4.064.709.-	927.470.-
TOTAIS	35.495.072.-	28.900.639.-	6.594.433.-

2º).- Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 2001 e que se relacionan no punto anterior. 3º).- Aproba-lo plan complementario ó de 2001 no que se inclúen as obras que se relacionan no anexo III da circular referencia: SRP/RDE-Planes Provinciais, pola orde na que figuran e os proxectos das cales xa se encontran na Excma.

Deputación. 4º). -Declarar que o Concelloo dispón de terreos, auguas y servidumes para a execución das obras, e que ten resuelto o relacionado coas concesións e autorizacións adminsitrativas que legalmente sexan necesarias. 5º).- Comprometerse o Concello a incluir no presuposto municipal de 2001 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluidas na anualidade 2001. 6º).- Solicitar da Excma. Deputación da Coruña, a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente. 7º).- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

9.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS.

Preséntase a consideración do Pleno, proposta de modificación das normas subsidiarias a instancia da Xunta de Compensación do Plan Parcial do Pasatiempo, no ámbito de actuación da mesma. Antes de inicia-lo debate, auséntase da sala o Sr. Doporto, por considerar causa de abstención no asunto.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, anuncia a súa abstención por dúas razóns: non comparti-la política urbanística que se ven realizando polo grupo de goberno, e considerar que esta proposta non é máis que o amaño dun erro cometido que debe ser asumido por quen o cometeu.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (4 do grupo popular, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 1 do grupo nacionalista, Sr. Otero), acorda: remiti-lo expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ó obxecto da emisión do informe previsto no artigo 8 da Lei 7/95 do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo.

10.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O LAVADOIRO DAS CASCAS.

Antes de comezar este punto, incorpórase de novo á sesión o Sr. Doporto.

Dase conta de moción do grupo nacionalista sobre adecentamento do lavadoiro das Cascas., informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Arranxa-los desperfectos exteriores e interiores do lavadoiro público das Cascas, así como que se estableza un mantemento periódico do mesmo.

O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece o voto, ademais pola importancia de mante-lo patrimonio.

11.- MOCIÓN DO BNG SOBRE REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo nacionalista sobre a creación dun rexistro de parellas de feito, informada pola Comisión de Programación.

Maniféstanse tódolos grupos no sentido de que se elabore un regulamento axeitado polos servicios xurídicos.

12.- MOCIÓN DO BNG SOBRE COMPENSACIÓN FISCAL DA LEI 8/72.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo nacionalista sobre compensación fiscal da Lei 8/72, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, aínda cando pode manifestarse en liñas xerais de acordo coa moción, anuncia a súa abstención, por canto considera que o

asunto é propio doutros foros e non se teñen informes técnicos suficientes para ver quen pode te-la razón, pedindo en tal sentido informes dos propios técnicos municipais.

- Intervén o Sr. alcalde, para sinalar que os técnicos non quitan nin dan a razón.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, destaca que este tema orixinou unha batería de recursos das federacións de municipios. Entende que non hai máis que le-las disposicións adicionais das leis de presupostos e ver onde está a postura máis municipalista.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, agradece o voto do grupo socialista, non entendendo a postura do PP se non é como unha lixeireza e unha defensa do propio partido, que está por compensar ás autoestradas. Cre que a abstención é unha postura errática e que o Concello debe cobra-lo imposto de bens inmobles a todo o mundo.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, non considera o asunto unha cuestión de valentía nin cobardía, senon de non ter suficiente información, solicitando unha análise técnica.

O Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 2 do partido nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros catro concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: dirixirse ó Ministerio de Facenda co fin de esixi-la compensación económica á que o noso Concello ten dereito ó abeiro do establecido na disposición adicional 23ª da Lei de presupostos xerais do Estado para 1999 e da disposición adicional 26ª da Lei de presupostos xerais do Estado para 2000.

13.- MOCIÓN DO PP SOBRE MELLORAS NO MERCADO MUNICIPAL.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo popular sobre melloras no mercado municipal.

Á vista da proposta da Comisión de Progración, acórdase que o asunto pase á Comisión de Feiras, declarando o Sr. Carro Erias, voceiro do PP, que espera un próximo acordo desta comisión que permita desenvolve-lo mercado entre todos. Igualmente o Sr. Doporto, voceiro do BNG, apoia calquera medida no mercado, pola súa importancia social e económica.

14.- MOCIÓN DO PP SOBRE MEDIDAS ANTE A SUBIDA DOS PREZOS DOS CARBURANTES.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo popular sobre adopción de medidas ante a subida dos prezos dos carburantes, instando o apoio ás medidas que adopte o Goberno da Nación ante a recente subida do prezo dos carburantes, invitando ó diálogo cos sectores máis afectados e prexudicados da economía, así como apoiar toda reducción fiscal que beneficie a ditos sectores. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, cre que anque fóra de prazo, por canto xa se adoptaron medidas ó respecto, pode seguir expoñéndose, por canto os prezos do carburante non dependen só do Goberno, polo que se debe apoiar mante-las iniciativas tendentes a palia-los seus efectos sobre determinados sectores.

Antes de seguir co debate da moción, polo Sr. alcalde, mediante aclaración do secretario, indícase que a moción non vén asinada por ninguén con representación ante o Pleno, o que tras algunha aclaración, solicita que se teña en conta no futuro.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, despois da rectificación realizada, pón de manifesto a necesidade de reflexionar ante esta moción sobre a política

económica estatal, que pretende respalda-la moción, polo menos en materia de carburantes. Unha política que ó seu xuízo debería pasar por baixa-los impostos, negociar con tódolos sectores, non só cuns poucos, loitar por mante-los tipos de inflacción e non presentar un índice de prezos totalmente disparado, non admitindo recomendacións como as de andar menos en coche como incriblemente recomenda algún ministro. Preténdese así maquillar algo que é responsabilidade do Goberno da Nación, que debería explicar por que non se cumpren outros índices económicos. Considera que non é un problema de Betanzos, senon dun goberno que debería negociar con todos e establecer incentivos tamén para os traballadores.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, intervén sinalando que non se pode apoia-la moción aparte do xa sinalado, porque nela hai outro trasfondo, cal é o do pensamento único e o falso diálogo, por canto aínda se está esperando que se senten a falar para mellora-la convivencia. Pídese que se apoien as medidas pero non se di cales. Entende que a política económica actual resposta ó deseño dos dous partidos maioritarios neste Pleno. Política que foi moi desfavorable para Galicia, creando serios problemas no seu sector productivo, xa con gobernos socialistas. Non están a favor do pensamento único e polo tanto que se disfrute a maioría absoluta do partido no goberno mentres se teña.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, intervén para manifestar que sente que non se apoie a moción, pero está orgulloso de que servira para tanta frase maxistral.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), engade que non era a súa intención dar clases, senon facer política municipal, o que se demostra non aplicando un rolo apisonante onde se goberna, senon actuando como maioría tolerante, permitindo presentar mocións, como se pode ver neste Pleno e espera a ver que vai pasar coa pesca, o comercio e outros sectores tamén afectados.

- O Sr. Alcalde intervén con certo reproche ós tres grupos, considerando que non é este o foro para estas discusións,debéndose limita-lo Pleno ó que lle corresponde, incidindo máis nos temas municipais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de catro concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e o voto en contra dos outros doce concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 2 do partido nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), acorda rexeita-la moción.

15.- <u>MOCIÓN DO PP SOBRE PROTECCIÓN PASATIEMPO.</u>

Dase conta ó Pleno de moción do grupo popular relacionada coa protección do Pasatiempo e o resto da obra dos irmáns García Naveira, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, presentando a moción, sinala que o ideal sería obte-la declaración de ben de interese cultural para toda a obra dos irmáns García Naveira, non só o patrimonio visible, obtendo a protección máxima de tódolos seus elementos, para o que piden o apoio de todos sen distinción política.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia o seu apoio a calquera medida que fortaleza os valores que redundaron no Concello, sendo unha honra para o Pleno agradece-lo labor realizado polos citados irmáns en favor de Betanzos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, comparte absolutamente as glosas que se fan, sinalando que xa entre as normas provinciais e as propias do Concello se teñen catalogadas tódalas aportación e patrimonio, sen prexuízo de reclamar á Xunta

tódolos bens BIC declarados, para a súa aportación o plan xeral, facendo mención a que xa o Pasatiempo ten iniciado o correspondente expediente.

- O Sr. alcalde quere facer nota-los problemas a terceiros que hai que ter en conta, sobre todo xa que no patrimonio do que se fala se atopan colexios privados, polo que cre que hai que estudiar con detalle e ve-los elementos que se deben incluir dentro do plan xeral.

- A Sra. Romay, voceira do PP, entende que a proposta no prexudica a ninguén, senon que beneficia e preserva o patrimonio, en canto que a declaración de BIC non supón nada respecto á propiedade, anque si algunha limitación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste en que maior parte do patrimonio xa está recollido urbanisticamente. Como exemplo privado fai referencia á Casa do Pobo.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende que hai que aclarar respecto ó que parece unha confusión na proposta, xa que debe entenderse se a protección sería a toda a obra ou só á obra arquitectónica.

- A Sra. Romay, voceira do PP, indica que se refire a tódolos bens, incluso o legado inmaterial, incluíndo dentro desa totalidade a espiritualidade e os valores da obra. Considera importante que se contemple no plan xeral, pero sempre que estea incluído no rexistro de BIC, o que permitirá a realización de certas accións na súa defensa, como puido ter sido fai pouco respecto dos bustos dos emperadores.

Seguen outras intervencións nos mesmos sensos.

- O Sr. alcalde entende semellantes tódalas opinións, sinalando que desde o ano 1981 o Pasatiempo ten expediente de calificación como BIC, e se a Xunta quixese xa tería podido defende-las súas pertenencias, pero sen entrar en máis consideracións; está totalmente de acordo en defende-la obra dos irmáns García Naveira no que sexa posible e no que considere a propia familia.

Ante a solicitude da Sra. Romay, voceira do PP, de dirixirse á Xunta para que informe dos bens mobles e inmobles declarados de interese cultural, o Sr. alcalde coincide na súa necesidade, pedindo un estudio detallado dos mesmos, pedindo que asuma responsabilidades quen as teña.

16.- <u>ROGOS E PREGUNTAS.</u>

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (30-10-00):

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

1ª.- Están baseados os datos no padrón que se actualiza tódolos días.

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

1ª.- Con anterioridade tivo a disposición toda a documentación.

2ª.- O video non foi realizado directamente polo Concello, deberán preguntarlle ó autor.

3ª.- Proximamente renderanse as contas do 2000, nas que irá incluída toda a documentación, que estará a súa disposición para a súa consulta.

4ª.- Estase á espera de que os técnicos municipais emitan o estudio e informe oportuno.

5ª.- A licencia axústase á normativa pola que se concedeu a obra.

6ª.- De cada obra faise un control de acordo co PEPOCH.

Así mesmo, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

- Pregunta sobre a normativa urbanística aplicable no referente á conservación e mantemento de diversas especies arbóreas recentemente taladas dentro do ámbito de aplicación da UEI que se está a executar en Cal das Barras.

Polo Sr. Otero Botana, voceiro do BNG:

- Solicita instalación da iluminación pública arredor do campo de fútbol.

- Solicita a limpeza do camiño que vai das Cascas á Acea.

- Solicita a retirada dun contador de auga no camiño de entrada a Tiobre desde a Fontaiña.

Polo Sr. Carro Erias, voceiro do PP:

- Roga que pola Policía Local se controle a circulación nas horas punta de entrada e saída do colexio de Atocha, e tamén que se reforce o control na zona escolar do Carregal.

- Solicita que se lles indique o presuposto estimado do que se dispón para a realización da viaxe municipal á Arxentina.

- Roga que a parte proporcional que puidera corresponder a ese grupo político do presuposto para a viaxe á Argentina se aporte na súa totalidade ó FGC (Fondo Galego de Cooperación) incrementando así a aportación municipal anual.

- Roga que se facilite a ese grupo, no próximo Pleno, copia da acta de replanteo municipal correspondente ás obras que se están a levar a cabo na parcela de 10.000 m2 situada na zona do Pasatiempo. Así mesmo, que polos servicios técnicos municipais se leve a cabo unha inspección urxente desas obras, así como a emisión do informe técnico correspondente e copia do mesmo.

- Pregunta que cantidade do presuposto municipal destina o Concello de Betanzos ó Fondo Galego de Cooperación.

- Pregunta cales son os motivos do retraso da instalación das farolas na Avda. Jesús García Naveira.

- Pregunta en cantos procesos xurídicos de carácter municipal está involucrado á data de hoxe o Concello de Betanzos ou as persoas que compoñen o equipo de goberno.

- Pregunta pola cantidade a que ascenden os gastos realizados ata a data de hoxe no aboamento da defensa dos procesos xurídicos de carácter municipal nos que está inmerso o Concello de Betanzos e os representantes do equipo de goberno.

- Pregunta polos motivos que impiden a execución das obras de urbanización da r/ Prolongación Rosalía de Castro e se coñece o Sr. alcalde o estado da devandita rúa.

- Pregunta se o Sr. alcalde ten constancia de se algún membro do seu equipo de goberno municipal mantén algunha relación laboral ou económica coa empresa adxudicataria das obras de construcción do hotel e aparcamento subterráneo na r/ Prolongación Rosalía de Castro. En caso afirmativo, pide que se dea conta polo Sr. secretario sobre a compatibilidade das funcións neste Concello da persoa afectada se a houbese.

Tras esta lectura, o Sr. alcalde lembra ós grupos o incumprimento da normativa acordada, cun máximo de tres preguntas, polo que contestará como corresponda. O Sr. Carro Erias entende que non é un problema tan complicado, insistindo o Sr. alcalde en que é un acordo de tódolos grupos que non se está cumprindo.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e trinta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Victor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTETRES DECEMBRO DE DOUS MIL.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. José Cortés Carro.

Sr. interventor:

D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as dez horas do sábado día vintetrés de decembro de dous mil, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión realizada o pasado día vinteoito de novembro.

2.- MOCIÓNS SOBRE OBRAS DE URBANIZACIÓN AMBULATORIO-R/ ROSALÍA DE CASTRO.

Dase conta de mocións dos grupos BNG e Popular sobre obras de urbanización Ambulatorio-r/ Rosalía de Castro, informadas pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, presenta esta moción con referencia ó remate das obras de urbanización da UA-3 de xeito inmediato, preguntándose o por que se chegou a esta situación, analizándoa; así: 1º.- Apróbase a unidade de actuación nº 3, o proxecto de urbanización, a creación dun hotel con equipamento público e os promotores fan obras de edificación: como mínimo as obras de urbanización tiñan que facerse paralelas e estár rematadas ó acaba-las obras, polo tanto o incumprimento da Lei é claro, non se poden ocupa-las vivendas sen estar rematadas a obras de urbanización. O BNG pregúntase por que de súpeto o equipo de goberno cambia o deseño político, a decisión de crea-lo aparcamento tiña que tomarse "a posteriori" para que non se produza solapamento: existen cambios bruscos na política, o que é un feito coñecido en Betanzos, demostrando insensibilidade, por iso o BNG presenta esta moción que ten dous aspectos básicos, a cal cre que pode ser apoiada por calquera partido. 2º.- A moción do BNG diferénciase da do PP en que esixe que o Sr. Alcalde informe ó Pleno no prazo de un mes; indica que teñen serias dúbidas sobre a rendibilidade do complexo formado polo hotel/aparcamento e agradece ó público a súa asistencia, o que demostra que a única oposición se fai desde os sectores máis independentes da política municipal, esixindo o cumprimento da legalidade en base a avais dos promotores que son para ese fin e poden ser executados sen máis problemas, posto que non é responsabilidade dos veciños: aprobada a moción o Sr. Alcalde informará ó Pleno.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinala que o Partido Popular quere deixar claro que se debe desliga-la urbanización da UA-3 da adxudicación do hotel/aparcamento a San Roque SL, ós veciños e ó seu grupo non lles importa, o que importa é que se faga a urbanización da rúa, porque a Lei así o manda: o Concello recibiu diñeiro e avais en 1994 e posteriormente en ningunha data se produciu a devolución, o que esixe a urbanización inmediata porque a rúa segue sen urbanizar. Se se vai ós tribunais, os técnicos páganos as arcas municipais, mentres que o PP os paga do seu peto, insistindo en que hai diñeiro para levar a cabo a urbanización de forma inmediata.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que escoitaron as intervencións dos grupos, non coincidindo con elas, posto que se misturaron conceptos; unha cousa é o seguimento da urbanización e outra é que a urbanización estea empezada e non rematada: estase a falar de incumprimento da legalidade, roga que se lean claramente os textos legais dada a existencia de circunstancia atenuantes. A devolución de avais é unha aberración; se se quere ser estricto son para respostar de algo que está sen facer, polo que hai que ser comedidos. Os veciños tiveron paciencia, fixéronse varias xuntanzas e o que non ten dúbida é que a paciencia e a comprensión se esgotan. Comparte e respecta as demandas veciñais, invitando ós grupos políticos a que se unan coa indicación de que as obras de urbanización estarán na próxima primavera, se non as fan, faranse con cargo ós avais e o que faga falta: cre que verteron conceptos que nada teñen que ver coa realidade, comprendendo que as queixas dos veciños simplemente teñen razón, solicitando ós grupos políticos que non fagan oportunismo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, desexa matizar varias cousas: fálase de oportunismo político, a moción está presentada en base a petición dunha asociación veciñal con representación importante. O BNG, como reflexo da sociedade, non pode dar pe a acusacións de oportunismo político, é evidente que o grupo de goberno non está acostumbrado a esto. Ó BNG sorpréndelle o chamamento á legalidade, roga que se lle esixa esto á empresa concesionaria, o seu grupo ten claro que consonte a legalidada

tiñan que estar acabadas as obras, solicitando a debida responsabilidade ós promotores, pero non fan como o grupo popular, preguntándose onde está o diñeiro, dado que cren nas responsabilidades do equipo de goberno non poñendo en dúbida que exista a posibilidade de que se dera un uso indebido ó diñeiro, pero non poden aproba-la proposta do grupo de goberno, dado que se aprobarían incumprimentos da legalidade e non son partícipes na existencia de compromisos, solicitando concreción ós grupos.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, opina que o equipo de goberno ten un pobre razonamento ó acusalos de oportunismo político, o seu grupo solicitou varias veces que se faga a urbanización, tal como consta nas actas do Pleno (por exemplo, contestación do equipo de goberno a pregunta do grupo popular do 31-05-2000, que consta na acta do Pleno do 15-06-2000) , estando afeitos a que se diga que non coñecen a legalidade, pero non queren entrar en demagoxias; o feito é que a rúa está sen urbanizar e que hai diñeiro desde 1994 para urbanizala e esa é a verdade; a urbanización pódese facer ou non, pero non se pode darlle voltas á cuestión.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que o diñeiro aboado polos promotores e os avais están previstos para aboa-las certificacións de obra, non é certo que se depositaran en 1994 os avais, esto foise realizando consonte se efectuaron as peticións de licencia: pódense compartir ou non as cousas pero os veciños non poden facer intervencións nas sesións dos Plenos, posto que os representantes do pobo son os concelleiros aqui presentes. Matiza ó grupo nacionalista que non lles pode dar porcentaxes da UA-3 e que o seu voceiro non coñece cales son os límites da unidade; os depósitos non son para rehabilita-lo antigo asilo Manuel Naveira, nas vivendas están vivindo veciños e teñen algún servicio urbanístico (por exemplo rede de sumidoiros), que non se diga que non está empezada, non obstante estase incumplindo e insiste dentro da comprensión do equipo de goberno cara ós veciños que a urbanización estará feita na primavera do 2001.

- O Sr. Alcalde-Presidente sinala que os grupos políticos expuxeron as posturas que consideraron adecuadas, solicitouse definición ou concreción pero os enfoques son distintos, por iso formula proposta -que os grupos poden facer súa- de que as obras de urbanización estean rematadas na próxima primavera do ano 2001, existindo por outra banda dúas mocións diferenciadas que se poden votar individualmente.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que non existe unha moción do grupo socialista, o que existe son dúas mocións que piden urbanización inmediata da UA-3, pero a diferencia é que o seu grupo esixe que o Sr. Alcalde informe ó Pleno no prazo de un mes, o que o grupo popular non fai na súa moción e que se sometan a votación as dúas mocións por separado.

- O Sr. Alcalde-Presidente fai a proposta de que as obras de urbanización esteam rematadas na próxima primavera do ano 2001 e nese sentido diríxese ós grupos nacionalista e popular, por se se estima oportuno asumila.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, manifesta que o seu grupo mantén o contido da moción presentada.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que o seu grupo xa manifestou que lles da o mesmo que se voten as mocións xuntamente ou por separado, posto que van votar a favor das dúas (BNG e PP), a cuestión é que se urbanice a rúa.

- O Sr. Alcalde-Presidente sinala que non existe ningún inconveniente ó solicitado, pero debe quedar constancia de que o Sr. Alcalde está realizando unha proposta

corporativa que é un compromiso do equipo de goberno para que as obras de urbanización da UA-3 sexan unha realidade na primavera do ano 2001 que non é aceptada polos grupos BNG e PP.

Sometidas a votación as mocións dos grupos BNG e PP o Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez e 2 do partido nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros dez concelleiros (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-las devanditas mocións.

3.- MOCIÓN SOBRE O CENTRO COMERCIAL DO PASATIEMPO.

Dase conta ó Peno de moción do grupo nacionalista sobre o centro comercial do Pasatiempo, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que o seu grupo é moi crítico coa instalación de centros comerciais en terreos de titularidade pública mediante concesión administrativa municipal polas causas que indica na súa moción, solicitando que a Alcaldía faga as xestións co promotor do centro comercial, entendendo que os comerciantes de Betanzos deben ter posibilidades de instalarse no centro comercial en construcción, solicitando o apoio dos grupos para a proposta do seu grupo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que o seu grupo xa manifestou a súa intención de votar a favor da moción, tendo coñecemento de que o promotor xa se reuniu coa asociación de comerciantes para ter en conta criterios.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, manifesta que non teñen inconveniente en acepta-la moción e que sexa polivalente a instalación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece o apoio dos grupos políticos e que as cousas hai que aclaralas no Pleno, dado que non ten coñecemento da xuntanza a que fai referencia o grupo popular.

- O Sr. Alcalde-Presidente, remata sinalando que a proposta formulada polo grupo nacionalista está regulada na concesión administrativa realizada; desde logo apoiaranse as negociacións entre as partes.

Sometida a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda facultar ó Alcalde-Presidente para que realice as xestións pertinentes ante a empresa adxudicataria do centro comercial que se instalará na parcela 121 do Plan Parcial do Pasatiempo para artellar mecanismos de deseño comercial que permitan que os pequenos comerciantes que o desexen poidan instalarse no centro comercial en semellanza a iniciativas semellantes no centro comercial "Catro Camiños" coruñés.

4.- MOCIÓN SOBRE SOLICITUDE Á XERENCIA DE ATENCIÓN PRIMARIA PARA ACREDITACIÓN ADMINISTRATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DE TRATAMENTO CON SUBSTANCIAS OPIÁCEAS.

Dase conta de moción do grupo popular sobre solicitude á Xerencia de Atención Primaria para acreditación administrativa para o desenvolvemento de tratamento con substancias opiáceas, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, explica que o que significa esta moción, en poucas palabras, é que os toxicómanos se traten con metadona en Betanzos e non na Coruña; o centro de Betanzos cumpre co necesario para eso; non se opoñen a que o tema se trate na Comisión de Drogodependencias pero así o prazo alóngase, sendo os trámites de por si bastante longos e trátase de soluciona-la autorización o máis axiña posible.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, manifesta que o seu grupo apoiará a moción porque é beneficiosa para os veciños afectados, non obstante, botan de menos un estudio de afectados, fai un reproche ó grupo popular posto que non dixo nada na Comisión Especial de Drogodependencias, esto podería estar feito pero vale máis tarde que nunca, rogando que funcionen as comisións especiais.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, anuncia o voto afirmativo do seu grupo, sendo positivo dotar destes medios ó Ambulatorio e que así sexa, non obstante manifesta que existe unha Comisión Especial de Drogodependencias onde se tratarían aspectos fundamentais para darlle cuestión formal á moción do Partido Popular.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, aclara que non levaron o tema porque estaban pendentes de se as instalacións cumprían os requisitos do decreto, agradecendo a posición favorable dos grupos.

- O Sr. Alcalde-Presidente incide no manifestado polo voceiro do grupo nacionalista, en referencia a que na Comisión Especial o grupo popular non manifestou nada, non obstante as comisións especiais funcionan, non son meros escaparates.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: Que o Concello de Betanzos se dirixa á Xerencia de Atención Primaria da Coruña, centro directivo do cal depende o Ambulatorio de Betanzos, e se solicite a acreditación administrativa consonte a Orde do 15 de maio do 2000 pola que se aproba o procedemento de acreditación administrativa para o desenvolvemento de actividades de tratamento de mantemento con substancias opiáceas, para o Ambulatorio. Unha vez obtida a mencionada acreditación se proceda neste centro á administración da metadona.

5.- MOCIÓN SOBRE LOCAIS PARA UBICACIÓN DE CENTRO COMARCAL.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo popular relacionada con locais para ubicación de centro comarcal, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, explica que o seu grupo presenta esta moción porque recentemente asinouse neste salón de sesións a constitución do Consello Comarcal, paso primeiro para a constitución dunha fundación para o desenvolvemento da comarca e xerencia de desenvolvemento e tendo en conta que a Sociedade Receativa de Betanzos se disolve, sería positivo para Betanzos instalar nese local a sé da fundación, o que representaría un aumento dos investimentos en Betanzos: a proposta pode ser prematura pero a Sociedade Recreativa non conseguiu os avais para as obras e renunciou ós locais; na Comisión de Programación o equipo de goberno reservou o seu voto ó Pleno, agora o grupo popular leu que teñen pensado outro uso para os locais e pensan que esto é compatible, a cesión sería beneficiosa para Betanzos e eso é o primeiro.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, matiza que o equipo de goberno vaciou de contido a Comisión de Programación, posto que non lle parece procedente que reserven o voto ó Pleno e que se opoñan na prensa; en canto ó grupo popular, que as instalacións desta clase non se deben efectuar sen presentar variables e traslada a esta sala que eso precisa unha análise sosegada; o BNG opina que calquera entidade que se instale debe facelo no casco histórico, por eso como variables propón: consenso e análise, e para o demais neste tipo de cousas delegan no correspondente órgano institucional do Concello e no propio Consello Comarcal que decidirá o que proceda, por eso o seu grupo pronunciarase pola abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, manifesta que o seu grupo se alegra de que o Partido Popular crea que estes temas son importantes para Betanzos posto que é importante que a Fundación Comarcal sexa motor de revitalización económica, noutros concellos a Xunta de Galicia fixo operacións piloto onde non só mercou terreos senon que os dotou de mobiliario e persoal, con Betanzos debe ser igual. A Universidade da Coruña estableceu un convenio co Concello de Betanzos para ubicar nas antigas escolas García Irmáns o Instituto de Antropoloxía Aplicada e eso está aprobado, sendo a finalidade educativa co que se cumpre a filosofía dos irmáns García Naveira; para ubica-lo local da fundación solicita o consenso dos grupos políticos, lamentando non poder apoia-la moción do grupo popular, polo que o seu voto será negativo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, fai propostas concretas, pódese ou non estar de acordo con elas, pero non se pode nega-lo contrario. Ó seu xuizo, o equipo de goberno está producindo mecanismos de retardo, o que se traduce nun retraso dos investimentos, a Xunta só mercou edificios en comarcas piloto, no resto mércaronos os concellos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sinala que se debe ter en conta que existe un servicio público (Aquagest) nas antigas escolas e tamén diversas asociacións, as propostas son aceptadas ou rexeitadas, pode ser necesario esperar a que a fundación efectivamente funcione.

- O Sr. Alcalde-Presidente agradece que non se politice a cuestión institucional, non é politizable, pero o equipo de goberno non se someterá a ninguén, colaborará ampliamente ata o límite das posibilidades, nada máis e nesa postura de colaboración pedirase exactamento o mesmo trato que ós demais concellos.

Sometida a votación, o Pleno, co voto a favor dos 5 concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), a abstención dos 2 do partido nacionalista (Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros dez concelleiros (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la devandita moción.

Na quenda de explicación do voto, a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, roga ó Sr. Alcalde que non abuse do privilexio de poñer fin ó debate xa que eso lle impide rebati-lo que manifestou.

O Sr. Alcalde-Presidente nega que eso sexa así, o Sr. Alcalde, neste Pleno como en todos, pon fin ó debate, e ó final os grupos teñen quenda para explicación do voto, o que non fixo a Sra. Faraldo coa súa intervención.

6.- MOCIÓN SOBRE AFECCIÓNS POLO TEMPORAL.

Dase conta de moción da Alcaldía sobre afeccións polo temporal, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Alcalde-Presidente aclara que houbo problemas en varios sectores da poboación de Betanzos con motivo dos últimos temporais, que produciron contiosos danos e perdas tanto en bens públicos como privados, por eso procederase á recepción das peticións dos veciños para a súa avaliación e posterior canalización cara ós órganos institucionais correspondentes para a súa decidida corrección coas conseguintes melloras das infraestructuras afectadas.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que o seu grupo xa manifestou que votará a favor da moción, considera que no seu punto terceiro está incluído o propio Concello.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, manifesta que o seu grupo apoiará a moción, anque lle parece de trámite porque: 1º.- Consonte as noticias da prensa o primeiro punto da moción "avaliación urxente de danos" está feito. 2º.- Os servicios sociais do Concello sempre están a disposición dos veciños. 3º.- Demanda un maior compromiso lembrando que non só con esta moción se apoia ós afectados, estanse dando licencias de obras en terreos afectados polo leito dos rios. Non obstante, o seu grupo apoiaráa.

- O Sr. Alcalde-Presidente pon de manifesto que unha proposta semellante efectuouse na FEGAMP, composta por 315 concellos de Galicia e deputacións provinciais e aprobouse sen ningún problema; os datos subministrados son unha aproximación, realizarase unha avaliación definitiva, non se pode tratar así a uns servicios que están traballando seriamente, solicita o apoio dos grupos para corrixir estes problemas profundos.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, insiste en que hai aspectos básicos da moción que poden ser máis concretos; de ningunha maneira trata de mostrarse irrespectuoso cos servicios sociais, trátase de que dá por feito que están a disposición dos veciños, tanto se se aproba a moción como se non, posiblemente engadiría máis cousas á mesma concretándoa, o seu voto será favorable.

- O Sr. Alcalde-Presidente sinala que lle parece ben que o Sr. Doporto se interese polos veciños de Betanzos.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Realizar avaliación urxente por parte dos técnicos municipais dos danos sufridos tanto propios como dos nosos veciños, colaborando cos afectados para facer unha valoración dos devanditos danos. 2º.- Poñe-los servicios sociais do Concello a disposición dos afectados. 3º.- Apoia-las solicitudes de indemnizacións que realicen os afectados ás administracións ás que atinxa na solución dos problemas creados polos temporais.

7.- <u>RECTIFICACIÓN NOMEAMENTO PROCURADORES.</u>

Dase conta ó Pleno de erro material na transcrición da acta correspondente á sesión realizada o pasado día trinta e un de maio de dous mil, no punto 16 da orde do día DESIGNACIÓN E APODERAMENTO DE PROCURADORES. Está informado pola Comisión de Programación.

Coa conformidade dos grupos políticos, procédese á subsanación do erro aludido e, en consecuencia, onde di: "Dª Concepción Pena García" debe dicir: "Dª Concepción Pérez García", facultándose ó Sr. Alcalde-Presidente para realizar toda clase de trámites.

8.- <u>PROPOSTA DE PRESUPOSTO PARA O 2001.</u>

Dase conta ó Pleno do expediente tramitado para prestar aprobación ó presuposto para o exercicio 2001, co cal se xuntan os documentos preceptivos: bases de execución, cadro de persoal e informe da Intervención. Está informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, explica que o presuposto para o ano 2001 é austero e realista na súa finalidade, mantendo o gasto corrente e o eixo dos investimentos, cifrándose o mesmo en 1.262 millóns de pesetas cunha moderada aplelación ó crédito, así débese ter en conta que no capítulo II aparecen mantementos e conservación así como importantes gastos na política de emprego, trátase dun

presuposto que busca o progreso harmónico de Betanzos de cara ó século XXI. En canto ó capítulo de investimentos reais, é de cerca de 250 millóns, diminuen pola caída da transferencia de capital debido ó descenso das transferencias da Deputación ó Concello por problemas que a todos constan, estando dirixido ós cidadáns de Betanzos. Este asunto da orde do día é practicamente o máis importante politicamente, posto que é a expresión do equipo de goberno, a quen agradaría que fose valorado favorablemente polo grupos da oposición. Agradece o traballo dos funcionarios facendo a reflexión política de que sería importante que as transferencias de capital aumentasen, sendo necesarias máis aportacións, investimentos por parte de tódalas administracións, facendo constar que o proxecto de presuposto é preventivo e non é un feito pechado, solicitando o apoio dos grupos políticos.

Neste momento auséntase da sala o Sr. Martínez García.

O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, manifesta que recibiron un extracto breve do presuposto non da memoria do Sr. Alcalde a tres días da realización do Pleno, os compoñentes do seu grupo teñen obrigacións laborais e eso é un certo desprezo; hai concellos que non admiten mocións dos grupos políticos pero hai que imitar ós que si o fan ben, o BNG ten iniciativas para Betanzos e non é eso o que dan a entender, por exemplo: remodelación da praza de Enrique IV, subsitución pavimento praza García Irmáns, creación Museo do Viño, etc., etc.; para anos sucesivos propoñerán que a Comisión Especial de Contas actúe permanentemente con tempo suficiente para informa-los presupostos, por outra banda observan que os investimentos diminúen un 25%, aumentando o gasto de persoal polo que no ano 2001 haberá que efectuar recoñecementos extraxudiciais porque o seu grupo ten constancia de que existen facturas correspondentes ó ano 1996 sen aboar a proveedores do Concello, por iso o seu grupo manifféstase pola abstención.

Neste momento incorpórase novamente o Sr. Martínez García.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que non apoiarán o proxecto de presuposto para o ano 2001, xustifica a abstención do seu grupo por varios motivos, en primeiro lugar o Concello pensa vender terreos por 150 millóns como en anos anteriores e non están de acordo. En segundo lugar o informe do Sr. Interventor fai mención á existencia de débeda, non se lles fixo chegar información. E, por último, prodúcese aumento de gastos na Corporación, con diminución de investimentos, chámalles a atención que se acuda ó crédito por 60 millóns e os xuros ascendan a 37 millóns, co que a pesar de vender terreos séguese a pagar gastos financeiros, sorpréndelles a consignación de 15 millóns como indemnización para membros da Corporación cando a oposición percibe 30.000,- ptas./mes, que os gastos de teléfono sexan de 10 millóns de pesetas, o incumprimento dos convenios cos taxistas..., por eso, en base a estes e outros aspectos, son razóns para non votar a favor do presuposto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, manifesta que é evidente que o grupo popular non le o presuposto, existen outras cousas máis importantes que as que se dixeron, pódense facer propostas constructivas e concreta: o presuposto é real, non se poñen cousas que non se fan; o grupo popular votou no Pleno anterior en contra da proposta na que se solicitaban investimentos á Xunta para Betanzos; o presuposto comprende remanentes con déficit cero, é a primeira vez que se fai con superávit. O grupo popular tivo oportunidade para presentar un presuposto alternativo pero non a utiliza.

- O Sr. Alcalde-Presidente sinala que as normas para remitir documentos cumpríronse estrictamente, pero en canto á praza de Enrique IV derrubáronse certos elementos, o Sr. Alcalde éo de tódolos veciños de Betanzos e pode ser acertada a creación do Museo do Viño, en canto á Comisión de Contas non dictamina os presupostos, agradecendo que o voto dos grupo fose favorable ó presuposto.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, indica que a Comisión de Contas pode actuar para examinar ou non os presupostos, en canto á legalidade estricta para enviar documentación cúmprese, pero pódese facilita-lo labor da oposición.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinala que o seu grupo pode presentar alternativas, pero non teñen dedicación exclusiva, limítanse a apuntar cousas a modo de anécdotas; en canto ó superávit de 17 millóns, pódense facer modificacións presupostarias ó longo do ano, a cuestión son as facturas pendentes

- O Sr. Alcalde, unha vez expostas as posturas dos grupos políticos, quere lembrar ós grupos popular e nacionalista que lles solicitou na xuntanza dos voceiros propostas concretas para o presuposto e non recibiu absolutamente nada, esta situación é algo que consta e é real; en canto ó tempo concedido para o exame da documentación presupostaria é superior ó sinalado pola Lei, noutros concellos nin eso; sobre a petición de documentación complementaria, non foi negada en ningunha ocasión; e ó respecto do tema económico, esto é tema distinto, dado que é un problema de tódolos concellos, non se reciben aportacións económicas e os escasos ingresos non permiten o que sería desexable para todos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 7 concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do partido nacionalista Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aproba-lo proxecto de presuposto para o exercicio 2001, o resumo do cal se transcribe a continuación, así como os correspondentes anexos de persoal funcionario e laboral.

Presuposto de ingresos:

Capítulo 1	Impostos directos	358.700.000,-
Capítulo 2	Impostos indirectos	55.000.000,-
Capítulo 3	Taxas e outros ingresos	134.500.000,-
Capítulo 4	Transferencias correntes	457.784.187,-
Capítulo 5	Ingresos patrimoniais	7.100.000,-
Capítulo 6	Alleación de investimentos reais	150.000.000,-
Capítulo 7	Transferencias de capital	37.900.639,-
Capítulo 8	Activos financeiros	2.000.000,-
Capítulo 9	Pasivos financeiros	59.194.433,-
	TOTAL PRESUPOSTO	1.262.179.259,-

Presuposto de gastos:

*Clasificación funcional do gasto:

Grupo 0	Débeda pública	39.978.622,-
Grupo 1	Servicios de carácter xeral	141.262.789,-
Grupo 2	Protección civil e seguridade cidadá	110.171.990,-
Grupo 3	Seguridade, protección e promoción social	222.777.398,-
Grupo 4	Produc. bens públicos de carácter social	492.878.251,-

Grupo 5	Produc.bens públicos de carácter económico	141.966.644,-
Grupo 6	Regulación económica de carácter xeral	58.165.818,-
Grupo 7	Regulac. económica de sectores producivos	31.500.000,-
Grupo 9	Transferencias a admons. públicas	5.829.430,-
	TOTAL PRESUPOSTO	1.244.530.942,-

*Clasificación económica do gasto:

Capítulo 1	Gastos de persoal	499.419.631,-
Capítulo 2	Gastos en bens correntes e servicios	432.834.187,-
Capítulo 3	Gastos financeiros	25.263.137,-
Capítulo 4	Transferencias correntes	23.979.430,-
Capítulo 6	Investimentos reais	248.319.072,-
Capítulo 8	Activos financeiros	2.000.000,-
Capítulo 9	Pasivos financeiros	12.715.485,-
	TOTAL PRESUPOSTO	1.244.530.942,-

Ó expediente iniciado daráselle o trámite previsto na lexislación vixente, dendo considerarse definitivamente aprobado se non se presentan relamacións no período de exposición ó público.

Na quenda de explicación do voto, o Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, solicita que a Comisión de Contas actúe como a Comisión de Programación para estudia-los presupostos, esto pódese facer.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que a pesar de que a quenda de explicación do voto non é para esta clase de peticións, para eso están as xuntanzas que realiza a xunta de voceiros antes das sesións plenarias, pódese buscar un medio axeitado.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de comeza-la rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente invita ós asistentes ó programa de festexos de Nadal, desexando a todos unhas felices festas.

*Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (28-11-00):

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

1ª.- Con respecto ás especies arbóreas de Cal das Barras, indicar que na normativa urbanística vixente non existe definición sobre as mesmas. O control, se están protexidas, corresponderá á Consellería de Medio Ambiente.

Polo Sr. Carro Erias, voceiro do PP:

1ª.- O presuposto dos gastos da viaxe a Arxentina estará a súa completa disposición nas contas que se someterán á aprobación deste Pleno.

2ª.- As cantidades que destina o Concello de Betanzos ó Fondo Galego de Cooperación son as establecidas polo propio fondo para o reparto entre tódolos concellos galegos asociados.

3ª.- Estanse a inicia-las obras na parcela do Pasatiempo sen que conste ningún cambio nas mesmas. Os técnicos municipais terán un seguimento das obras para verifica-lo cumprimento das condicións das mesmas.

4ª.- Os motivos do retraso da colocación das farolas na Avda. García Naveira son debidos a acumulación do traballo do servicio de electricidade municipal nos últimos meses.

5ª.- O Concello de Betanzos está representado en todos aqueles procesos xurídicos precisos para a defensa dos seus intereses e que constan oficialmente.

6ª.- Os gastos dos procesos xurídicos son os que constan oficialmente no rendemento de contas do Concello.

7ª.- Os motivos da non execución das obras da rúa Rosalía de Castro veñen dados polo incumprimento dos prazos por parte da empresa adxudicataria da concesión administrativa.

8ª.- Non teño constancia.

*Así mesmo, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG:

- Que se evite a acumulación de polvo e barro nas rúas, procedente de obras en execución, que o Concello sexa eficaz neso.

- Solicita que se lle subministre copia da ordenanza que regula a axuda a domicilio.

- En relación coa instalación dun colector de vidro en San Francisco, que desentona coa estética das igrexas, solicita que se lle dea á cuberta tratamento axeitado.

Pola Sra. Faraldo, voceira do PP:

- ¿Cando estarán listos os locais dos grupos políticos nas dependencias so Liceo?

- Que se tomen medidas cos ribazos caídos na zona de Castro e outras, no sentido de retiralos o antes posible dado que dificultan a circulación.

- ¿Entre as funcións do director da Escola Taller está a de chófer do voceiro do grupo socialista?.

- Solicita información en relación coas obras que a empresa Aquagest realizou na r/ Dr. José Fariña, ¿non lle correspondería executalas á empresa Construcciones Fraga SL?, e se é así ¿por qué as realizou Aquagest?,

- ¿Por que determinados escritos datados o oito de xuño e con saída do Concello do 20 de xuño chegan ós destinatarios en agosto?, ¿é que o Concello prepara o correo pero envíao con moito retraso nalgúns casos intencionadamente?.

- Nun Pleno pasado apróbase un convenio urbanístico coa empresa Construcciones Vijoy SL, polo cal se concede un aumento de altura á edificación en construcción no paseo do Carregal e agora denégase a licencia de obra ¿por que ese cambio de postura?

- En referencia ó local social municipal da Ribeira ¿quen ten as chaves e acceso ó mesmo? e ¿que actividades se levan a cabo nel?.

- Solicita que se lle subministre ó seu grupo papel timbrado.

- ¿Por que se romperon os testos da Condesa para retira-las plantas que había no seu interior?.

- Con respecto a un escrito presentado no Concello por Construcciones Proveco no mes de novembro, solicita coñecer se se lle deu contestación á constructora e, en caso afirmativo, solicitan unha copia da resposta.

- Recentemente o Concello tivo que reclamar por sentencia a Construcciones Fraga ou Urbanizaciones Betanzos o diñeiro de urbanización da rúa Dr. José Fariña por sentencia xudicial, se o aval non se lle devoleu por parte do Concello, ¿como non se lle cobra con cargo a este aval? e se se lle devolveu ¿por que se lle devolveu?

- ¿Por que non se fixeron obras do convenio do Instituto Galego da Vivenda e Solo para urbanización da Condesa previstas en 1999 e se solicitou ampliación de prazos? e ¿por que desde o Concello se actúa con tanto retraso?.

O Sr. Doporto, voceiro do BNG, solicita coñecer por que o Partido Popular trasladou ó Pleno doce cuestións; o seu grupo ten máis que presentar e solicita que se definan criterios.

O Sr. Alcalde-Presidente resposta que como ós grupos políticos lles consta, aceptouse que nas sesións plenarias os grupos formulen un máximo de preguntas, que o grupo popular rebasa amplamente, incumprindo as normas reguladoras; respostaranse o mesmo número de preguntas.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e vinte minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario accidental, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: José Cortés Carro.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asiste:

Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do mércores día trinta e un de xaneiro de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos

cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- O voceiro do BNG solicita se modifique, no punto 4 da acta anterior, que o voceiro foi o Sr. Otero e non o Sr. Doporto, como erroneamente se fai constar.

- O voceiro do PP pregunta sobre a inclusión dunha moción neste Pleno, indicándose que se ben se puido omitir por descuido, incorporarase a un próximo Pleno.

Préstase aprobación ó borrador da acta da sesión realizada o pasado día vintetrés de decembro.

2.- PROPOSTA SOBRE REGULAMENTO UNIÓNS DE FEITO.

Dase conta de proposta sobre regulamento unións de feitos, informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece o apoio ó regulamento que se aproba, así como ós xervicios xurídicos administrativos, pola celeridade na tramitación. Entende que a proposta aposta por unha sociedade mellor, que axuda á xente non aceptada, anque sexa a través dun acto simbólico que representa o respecto cara a esas persoas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo regulamento de creación, organización e funcionamento do rexistro de unións de feito. 2º.- Que se proceda á súa publicación, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no prazo de exposición. 3º.- Facultar á Alcaldía para realizar tódolos trámites necesarios derivados dos acordos adoptados.

3.- INFORME SOBRE COMPATIBILIDADE DE PERSOAL.

Dase conta de solicitude de informe realizado pola Consellería da Presidencia e Administración Pública, sobre compatibilidade de D. Raul Galán Cerveró, laboral deste Concello, contratado como profesor do conservatorio municipal de música.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, indica que o seu voto estará condicionado ó informe do secretario.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, fai referencia tamén á falta de informes máis amplos, polo que prevén o seu voto de abstención.

A indicación do Sr. Alcalde, o Sr. secretario informa sobre a cuestión, indicándose o trámite que se sigue e os aspectos legais do mesmo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que si estiveron os documentos necesarios no expediente, engadindo o Sr. Alcalde que os mesmos quedan a disposición de calquera grupo que os requira.

O Pleno, co voto favorable de catorce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e a abstención dos outros dous concelleiros (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: informar favorablemente a solicitude de compatibilidade formulada por D. Raul Galán Cerveró, ante a Dirección Xeral da Función Pública, debéndose remitir á mesma a información solicitada.

4.- PROPOSTA ADXUDICACION CONCESION SERVICIO ORA E RETIRADA DE VEHICULOS.

Dase conta de expediente tramitado para a adxudicación do servicio público de regulación de aparcamento na vía pública e retirada de vehículos e correspondente depósito; consta proposta da mesa de contratación e dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, manifesta o seu voto de abstención, en canto non está de acordo co funcionamento do servicio e considera escasa a participación dunha soa empresa no concurso.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, tamén indica a súa postura de abstención, aínda cando o seu grupo votou favorablemente á ordenanza de circulación, pero entende que a tramitación non pon de manifesto a suficiente transparencia.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que a adxudicación baseouse estrictamente no establecido na Lei de contratos das administración públicas, que supón que tra-la publicación debida en boletíns e prensa, preséntanse as empresas que o desexen, co que trasparencia que máis que acreditada co cumprimento estricto da Lei.

O Pleno, co voto favorable de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez; e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Adxudicar á empresa Setex Aparki SA, mediante concesión, a xestión do servicio de regulación de aparcamento na vía pública e retirada e depósito de vehículos, por prazo de cinco anos, e consonte a oferta primeira presentada pola empresa, cun cálculo previsto de custe anual do servicio de 6.463.180,- ptas. Todo esto de acordo co prego de condición que rexeu o concurso aprobado por este Pleno o 29 de setembro de 2000 e as demais condicións da oferta presentada. 2º.- Requirir á empresa adxudicataria para o cumprimento das demais formalidades do contrato e a súa formalización en documento administrativo. 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde para asina-lo correspondente contrato e as demais xestións necesarias para o bo fin deste acordo.

5.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE ESCOLA OBRADOIRO.

Dase conta de proposta de solicitude de escola taller, informada pola Comisión de Programación.

- Os voceiros do BNG, Sr. Doporto, e do PP, Sr. Carro Erias, anuncian o seu voto afirmativo, en canto debe aproveitarse calquera subvención, anque dunha maneira ou doutra manifesten o seu desacordo coa xestión e a planificación e finalidade da proposta.

- O voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Lagares (D. Antonio), agradece o apoio, esperando consegui-lo solicitado e manifestándose en desacordo coas críticas efectuadas, remitíndose ós logros acadados noutras escolas taller desenvoltas en materia de rehabilitación e outras, se ben entendendo que outro grupo político pretendería outras actuacións.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo proxecto "rehabilitación do antigo matadoiro municipal, elaborado por D. Antonio Lagares Balado. 2º.- Solicita-la creación da escola taller Concello de Betanzos, co obxecto de rehabilitar e restaura-lo edificio do antigo matadoiro municipal, á Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. 3º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde para a realización de tódalas xestións necesarias.

6.- ESCRITO DO CONCELLO DE PADERNE SOBRE CENTRAIS HIDROELECTRICAS.

Antes de iniciarse este punto auséntase a Sra. Romay.

Dase conta de escrito do Concello de Paderne sobre centrais hidroeléctricas na conca do río Mandeo, dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica o apoio do seu grupo, celebrando que o Concello de Paderne tomara conciencia deste problema, esperando que os demais adopten a mesma postura

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, entende que co contido do escrito ten que se abster en canto que non hai unha intervención xudicial que acredite a perda de vidas humanas ás que no mesmo se fai referencia.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pon de manifesto a adhesión do seu grupo en canto polo Sr. Alcalde xa se expuxeron iniciativas no mesmo senso, indicando a necesidade da postura de rexeitamento público e institucional ó problema.

O Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o voto en contra dos outros tres concelleiros presentes (do PP, Sres.: Carro Erias, Agraso, Martínez), e a abstención da Sra. Romay (do PP), acorda: 1º.- Apoia-la moción da Alcaldía do Concello de Paderne en defensa dunha moratoria indefinida na construcción de centrais hidroeléctricas na conca do rio Mandeo.- 2º.- Solicitar ós sectores implicados na defensa dos rios e da natureza, apoio a esta proposta.- 3º.- Solicitar a Augas de Galicia que facilite os medios suficientes para que os concellos afectados poidan emiti-los informes peceptivos e s dea un prazo suficiente ó abeiro dos artigos 58.2 da Lei de bases de réxime local e 83.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

7.- MOCION DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DA XUNTA LOCAL DE PROTECCION CIVIL.

Iniciado este punto incorpórase a Sra. Romay.

Dase conta de proposta relacionada coa creación da xunta local de protección civil, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, fai referencia á idea do seu grupode integrar na composición desta xunta a representantes dos grupos políticos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que anorma impón unha clara composición técnica.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, insistindo en dita postura considera que a composición non impide a asistencia doutras persoas, o cal se pode deducir da lei cunha interpretación ampla, sendo por outra banda beneficioso contar con asesores políticos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que a lexislación é clara respecto á composición da xunta que se propón.

En tal senso maniféstase o Sr. Alcalde, ante a insistencia dos grupos políticos da oposición, indicando que foi o propio Partido Popular quen non quixo engadir esta participación na normativa galega, estando previsto na mesma a presencia de expertos, non políticos.

O Pleno, por unanimidade, acorda a creación da Xunta Local de Protección Civil como comité asesor a nivel local, coas funcións que lle son inherentes. A súa composición, de acordo coas disposicións legais, será como segue: Presidente: O Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue. Os concelleiros con competencia en materia de protección civil e seguridade. Un representante do órgano provincial da Xunta de Galicia con competencias en materia de protección civil. O xefe do Servicio de Bombeiros. O xefe da Policía Local.

Responsables técnicos en materia de protección civil. Xefes dos grupos operativos de ámbito local. Autoridade civil local en mamteria de sanidade. Responsable da Agrupación Local de Voluntarios de Protección Civil. Xefe da Policía Autonómica no ámbito local. Representante autoridade portuaria. Xefes dos corpos de seguridade do estado no ámbito local. Presidente da Asemblea Local Cruz Vermella. Poderá convocar ademais o presidente, con voz e sen voto, ata un máximo de catro persoas atendendo ós seus coñecementos na materia.

8.- RATIFICACIÓN DANOS TEMPORAIS.

Dase conta das xestións realizadas respecto dos danos ocasionados polos temporais que nos últimos días veñen azoutando a comunidade autónoma, tanto en propiedades de particulares como públicas. De todo eso eleváronse valoracións á Delegación do Goberno, ó obxecto de obte-las axudas e subvencións que a tal efecto se poidan conceder.

Por outra banda infórmase das actuacións que se levan a cabo a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), en orde a consegui-lo apoio da Xunta de Galicia, para o que se veñen realizando diversas xestións.

En tal senso e en función dos acordos adoptados, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-la estimación de danos en propiedades públicas, realizadas polos técnicos municipais, así como as presentadas a través dos servicios sociais polos particulares, acolléndose ás axudas que poidan habilita-las distintas administracións, co fin de reparar tales danos. 2º.- Solicitar ó organismo "Augas de Galicia" que realice un estudio e acometa as obras necesarias, co fin de palia-las inundacións nos ríos: Mendo, desde o lugar do Marulo, ata a ponte do Carregal; río Pequeno, no lugar de Roibeira, e río de Plemios, nos lugares de Caraña de Arriba, do Medio e Caraña de Abaixo. 3º.- En relación co convenio acordado entre a Consellería de Economía e Facenda e a FEGAMP, acórdase: 1) Solicitar á FEGAMP, como anticipo reintegrable sen xuro a cantidade de 43.842.925,- ptas., equivalente ó 20% dos danos ocasionados en bens e servicios municipais polos recentes temporais segundo a relación aprobada polo Pleno da Corporación Municipal o día 31-01-2001 e remitidos á Subdeleación do Goberno. 2) Autorizar á Xunta de Galicia para reintegrarse de tal anticipo con cargo á axuda que lle sexa concedida a este concello pola Administración do Estado. 3) De non recibir axuda da Administración do Estado antes do 31 de decembro de 2001, ou se tal axuda fose inferior ó impote do anticipo concedido, autorízase á Xunta de Galicia para deducir mensualmente do PIE o importe total pendente de reintegro a partir de xaneiro do ano 2002 en 24 mensualidades (de estar comprometido o PIE, substituiríase este parágrafo pola forma de garantía proposta). 4) Facultar ó Alcalde-Presidente para que solicite o anticipo e prosiga o expediente en todo o necesario.

9.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O TERRORISMO.

Por unanimidade do Pleno retírase este punto da orde do día.

10.- MOCIÓN DO PP SOBRE OFERTA LOCAIS DO LICEO A COMERCIANTES.

Dase conta de moción do grupo popular relacionada con oferta-los locais do Liceo, planta primeira, o domingo pola mañá que se realiza o rastrillo ós comerciantes de Betanzos por se queren vender aí os seus productos. Conta co informe da Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, considera xa explicado pola Sra. Faraldo este asunto na comisión.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, fai referencia á reserva de voto do seu grupo, para indica-lo que considera unha falta de concreción das mocións do PP. Neste caso se se está facendo unha feira de antigüidades, non se pode cambia-lo fin. Entende que a feira está aberta a calquera que venda antigüidades e calquera outro vendedor desvirtuaría a función da feira, polo que anuncia a súa abstención, facendo referencia tamén á perigosidade que ten xogar cos horarios dos comerciantes ó que obrigaría esta proposta.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, non ten dúbida de que a feira é un éxito e anque nalgún momento puido haber confusión non hai dúbida sobre a súa finalidade: as antigüidades. Por outra banda, indica que ninguén da asociación do comercio de Betanzos se dirixiu ó Concello neste senso. Entende que a proposta está fóra de lugar xa que abrir este trastrillo ó comercio en xeral sería desvirtua-la súa finalidade, polo que o seu grupo vai votar en contra.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, entende a postura dos outros grupos e móstrase contento de ter presentado a moción, en canto que de agora en diante serase máis coidadoso co rastrillo, sobre o que haberá máis control.

- O Sr. Alcalde considera expostas as posturas e fai fincapé na ausencia de iniciativas por parte dos comerciantes nese senso. O Sr. Carro Erias afirma que o seu escrito non se basea en inquedanzas da asociación de comerciantes senon en comerciantes particulares.

O Pleno, co voto a favor de catro dos concelleiros presentes (do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), o voto en contra de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), e a abstención dos outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda rexeita-la moción.

11.- MOCIÓN DO PP SOBRE CONSTRUCCIÓN CLUB DE PIRAGÜISMO.

Dase conta de moción do grupo popular relacionada con adopta-las medidas necesarias para a construcción dun club de piragüismo nas instalacións do porto de Betanzos. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, aporta o seu voto favorable á proposta, se ben solicita maior coordinación entre os dous grupos que tefien responsabilidades políticas nos diversos niveis da administración, para conseguir un emprazamento axeitado, pedindo máis concreción coa intervención dos técnicos e máis diálogo. Así mesmo pregunta se foron consultados os membros do club.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, indica o seu desexo de que algún membro do seu grupo tivera poder noutras administracións, limitándose a traer inquedanzas e problemas aportando solucións.

Entende o Sr. Alcalde suficientemente debatido o asunto e considera que é axustado que consonte o dictame da Comisión de Programación se pase o asunto á Comisión Especial de Seguimento do Plano Xeral.

12.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CRISE DO SUBSECTOR CÁRNICO GALEGO.

Dase conta de moción do grupo socialista relacionada coa crise do subsector cárnico galego, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, tras afirma-la preocupación xeral pola crise que se está producindo neste sector, bota en falta a intervención moderadora do Sr.

Alcalde, ó non considerar este o foro de debate adecuado para este asunto. Considerando que non é competencia do Concello, anuncia a abstención do seu grupo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, agradece en contra que estas cuestións se traian ó Pleno, xa que calquera cousa de interese xeral debe ser debatida nos concellos, que se ben non teñen competencias, non se pode dubidar sobre a súa influencia como órgano de debate, poñendo de manifesto a valentía política dos grupos, como pasou co debate suscitado polo PP sobre aspectos da economía, polo que agora se esixe un pronunciamento dos grupos, entendendo de pouca categoría a abstención. Por outra banda, fai referencia ós engadidos que sufriu a moción concretamento no Concello de Lugo, polo que propón unha serie de matizacións ó texto, con medidas que poden ser perfectamente asumidas, anunciando en caso contrario a súa abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que o s eu grupo vai mante-la moción tal e como se presentou, facendo referencia á preocupación sobre o asunto, tendo en conta que en Betanzos se atopa o primeiro matadeiro da comarca e a afectación das carnicerías e outras explotacións. Considera o tema de extraordinaria importancia, en canto afecta á saúde pública e ven agravado pola desinformación practicada polos distintos gobernos. Fai referencia ás tres vertentes da moción: a sanitaria, a medioambiental e a económica e engade que aínda compartindo algo da postura do BNG, non se poden acepta-las supresións da moción.

- Engade o Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, en canto á alusión do grupo nacionalista, que o seu grupo posúe a categoría que Deus lle deu e se é do seu desagrádo sénteno, pero entenden a súa postura perfectamente válida.

Seguen outras intervencións en parecido sentido, recordando responsabilidades doutros gobernos e da Unión Europea no asunto, lembrando a tal respecto que tódolos grupos deste Pleno están en Europa.

- O Sr. Alcalde indica que non se ven moitas diferencias entre a moción e o que se propón polo grupo nacionalista, o que podería chegar ó consenso con independencia do que se fixera en Lugo, anque se debería facer con máis prazo. Fai referencia a que nunca eludirá debates que interesen ós cidadáns e que neste caso lle parece oportuno posicionarse, como o fai o BNG.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo socialista, sen ningunha modificación, o Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda aproba-la devandita moción.

13.- <u>MOCIÓN DO BNG SOBRE PROXECTOS DE MINICENTRAIS HIDROELÉCTRICAS NOS RIOS MENDO E MANDEO.</u>

Antes de iniciarse o asunto auséntase a Sra. Romay.

Dase conta de moción do BNG sobre proxectos de minicentrais hidroeléctricas nos ríos Mendo e Mandeo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, chama a atención sobre o problema das minicentrais, amosando a tal efecto unhas fotos e recomendando unha visita ó río. Non se manifesta radicalmente en contra, pero sinala que non se poden facer estas instalacións en beneficio priivado en contra do medio ambiente. Non crean traballo, non se da un

servicio eléctrico máis barato e mellor, afectando ó turismo que se podería coidar cunha explotación máis axeitada creando máis riqueza.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, maniféstase basicamente de acordo, se ben matiza no senso de que, ó igual que se lles achaca a eles falta de claridade, nesta moción tamén falta concreción, debéndose pedir informes técnicos, xa que considera algo forte alegar por alegar.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala o apoio do seu grupo, como se fixo antes á solicitude do Concello de Paderne, lembrando outra moción presentada fai máis de un ano neste senso. Sorprende agora a instalación no rio Mendo que se pretende, da que non se sabe onde vai ir, o que leva que a Comisión de Goberno solicitara informes e acordara persoarse no asunto, tendo en conta tódolos problemas sinalados, ós que se poden engadi-las inundacións das últimas riadas.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, non a falta de concreción que lle achaca o PP, en canto que politicamente tamén hai moito que dicir sobre o tema.

O Pleno, por unanimiade dos quince concelleiros presentes e a abstención da Sra. Romay, téndose ausentado, acorda que se presenten por parte do Concello de Betanzos, no momento oportuno, alegacións en contra da minicentral que se proxectará no rio Mendo ó seu paso polo termo municipal así como tamén ás proxectadas no Mandeo en territorio doutros concellos.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.

Incorpórase de novo a Sra. Romay.

En primeiro lugar o Sr. Alcalde anuncia que os locais dos grupos políticos atópanse xa a disposición destes, polo que procede acorda-la entrega.

*Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (23-12-00):

Polo Partido Popular:

1ª.- É unha obra adxudicada a unha empresa determinada que adoptaría as medidas convenientes para a urbanización da zona.

2ª.- Está en tramitación o expediente como coñece a empresa constructora.

3ª.- Exite un convenio aprobado polo Pleno que está a desenvolverse de acordo coa normativa vixente.

4ª.- Neste momento non existe escola taller e polo tanto, tampouco director da mesma.

5ª.- O local social está adxudicado pola Corporación á asociación legalmente constituída nesa zona.

6ª.- Descoñecemos a que obras se refiren e cónstanos que cada organismo fai as obras que lle corresponden.

7ª.- Tal e como se falou na última xuntanza de voceiros, xa están listos.

8ª.- Descoñecemos a que escritos se refiren e gustaríanos sabelo para que con Correos se amañen estas deficiencias.

9ª.- Non se entende a pregunta, desde o Concello o que se fai é segui-los trámites legais para resolve-lo expediente.

10ª.- O Concello está cumprindo o convenio co IGVS nos termos especificados no mesmo.

*Así mesmo, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Bloque Nacionalista Galego:

- O arranxo da fonte da Xerpe e a súa recuperación para uso dos veciños. A proximidade dun colector de saneamento fai que en determinadas ocasións augas suciasinvadan a fonte e imposibiliten o seu aproveitamento.

- Limpeza de malezas e outros de terreos de titularidade municipal.

- Que a Corporación aprobe a ampliación do horario de apertura do parque do Pasatiempo xa que as 18:00 h. é moi cedo para pechar.

Engade o BNG petición de que se clarifique se debe considerarse ou non modificado o acordo do Pleno reducindo o número de rogos nos Plenos ou se se vai modificar ou non ó obxecto de presentar unha queixa con respecto ó Pleno pasado.

Entende o Sr. Alcalde que en tanto non se faga unha rectificación, manterase o establecido ata o de agora.

Polo Sr. Carro Erias, voceiro do PP:

- Pregunta sobre a fase en que se encontra a reclamación do INEM sobre a subvención da escola taller, por importe de douscentos trinta e dous millóns.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e cincuenta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Crisitóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTETRÉS DE FEBREIRO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día vintetrés de febreiro de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- O voceiro do BNG, Sr. Doporto, quere facer constar en acta que o motivo da unanimidade no punto novento da orde do día anterior foi o compromiso adquirido de nor presentar máis asuntos ó Pleno sobre este tema.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión realizada o pasado día trinta e un de xaneiro.

2.- MOCIÓN DO PP SOBRE SEGURIDADE VIAL EN ZONAS ESCOLARES.

Antes de iniciarse este punto incorpórase o Sr. Beade Dopico.

Dase conta de moción do PP sobre seguridade vial en zonas escolares.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, considera que se ben a moción perdeu parte da súa vixencia, en canto que xa se adoptaron medidas, é conveniente insistir nun aumento da seguridade, coa presencia permanente da Policía Local na entrada e saída dos colexios. Entende que a moción se debe complementar coa retirada das casetas de diante do colexio "Vales Villamarín" para permitir un mellor funcionamento do tráfico.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia o voto favorable en todo o que redunde nunha mellora da seguridade.

- O Sr. Carro Galerias, voceiro do PSdeG-PSOE, pon de manifesto tamén o seu apoio á moción que está na liña das medidas que vén adoptando o equipo de goberno, se ben entende que habería que esperar tamén actuacións doutras administracións que tamén teñen competencia en seguridade vial.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1) Pedir ó alcalde que dea as instruccións necesarias para que os técnicos municipais realicen un estudio sobre as medidas de seguridade que sería oportuno tomar para mellora-la situación actual. 2) Como medida inmediata, que se encargue á Policía Local a regulación do tránsito nos accesos ó colexio de "la Grande Obra de Atocha".

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE CESIÓN DE EDIFICIO PARA SEDE DA FUNDACIÓN COMARCAL.

Dase conta ó Pleno de moción do PP relacionada coa cesión do Matadeiro Municipal á Consellería da Presidencia para a instalación da sede da Fundación Comarcal. Conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, fai referencia a outras propostas xa realizadas, coa mesma finalidade, dada a trascendencia que, na súa opinión, ten para Betanzos ser sede comarcal. Esta nova proposta supón ademais recuperar un edificio e dar acicate a unha zona. Indica que por parte da Xunta nunca se fixeron a este respecto investimentos completos, só en dúas comarcas piloto, sendo os concellos os que se prestaron a estes fins.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, entende que despois de ve-las distintas ofertas que fixo o grupo popular, parece que se trata dun xogo de nenos caprichosos mal coordinado, por canto cre que o tema se debe tratar dun xeito institucional e non como un xogo político, o que considera un grave erro. Tras afirmar que ninguén cre que a sede comarcal non sexa en Betanzos, indica o seu voto de abstención, pedindo que sexan as institucións as que debatan.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera un grave erro se alguén pretende facer outra cabeceira comarcal que non sexa Betanzos, xa que se crearía unha comarca incompleta, da que Betanzos é o centro. Entende que debe se-la Fundación Comarcal a que se dirixa ó Concello, e ve-lo lugar idóneo,de forma que se empece a traballar, xa que ata o de agora o único que se fixo é convoca-la praza de xerente, lembrando que neste caso e respecto do matadeiro, tense pedido unha escola taller. Pide que se fagan as cousas con tino, que non son un xogo, anunciando o seu voto en contra, sinalando que a Fundación Comarcal vai ter un lugar idóneo en Betanzos.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, quere aclarar que o Pleno forma parte dunha institución e que polo tanto aqui se pode decidir, sendo o que se pretende facilita-los pasos para que se fagan o máis axiña posible. O seu grupo aporta propostas, como fixo coa estación de autobuses, e respecto á praza de xerente vai necesitar un sitio onde traballar. O seu grupo quere ser constructivo, non quere ir en contra da escola taller, a pesar das dificultades en obtela pola débeda que se mantén por anteriores escolas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, insiste en que os pasos que se están dando supoñen poñe-lo carro antes que os bois. A estación de autobuses é un debate aberto que se incluíu no plano xeral. Respecto á escola taller, parece que xa a voceira do grupo popular anuncia algunha noticia, co que se verá o que o PP fai por Betanzos, que intereses defende, en canto que a débeda do INEM resposta a un intento de politización, xa que o resultado das escolas taller se pode ver na porcentaxe de reinserción laboral e no exemplo que de dá a outras institucións, ó que resposta que a propia Embaixada de Venezuela se interesase por tales experiencias.

Voltando ó tema central, indícase que o sitio adecuado para a fundación se terá que decidir tralos acordos entre a mesma fundación e o equipo de goberno municipal, en debate do Pleno, no que se poñerán de manifesto as opinións dos grupos políticos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos cinco concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), o voto en contra dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos dous concelleiros do grupo nacionalista (Sres.: Doporto, Otero), acorda rexeita-la moción.

4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE TRATAMENTO INFORMATIVO NA RADIO MUNICIPAL.

Dase conta de moción do BNG relacionada co tratamento informativo na radio municipal, propoñendo que a Corporación asuma a esixencia dun tratamento informativo relevante e democrático dos asuntos de carácter local con manifesta importancia social na radio municipal de Betanzos e outros órganos de comunicación de titularidade municipal. Conta co dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Otero Faraldo, voceiro do BNG, explica o contido da moción, que se estende ós medios de comunicación de que dispón o Concello, que son a emisora municipal e o "Concello Betanceiro". Insiste en que se leva tempo esperando da FEGAMP as directrices

para redactar un regulamento que evite a censura que supoña unha variación nas formas de goberno, un cambio de talante, con participación de todos, o que esixe ter un regulamento que permita que os medios sexan de todos, non só do grupo de goberno.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o seu acordo, poñendo de exemplo de manipulación informativa a falta de cobertura das manifestacións pola rúa Rosalía de Castro, o que é indicativo en canto son veciños de Betanzos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia a que xa o grupo nacionalista expuxo este asunto, indicando que a tal respecto a FEGAMP ter constituída unha comisión especial, que permita redactar regulamentos semellantes en criterios, polo que se está á espera de que se dictamine tal regulamento. En canto á moción non se pode admitir, sinala, en canto non se censura nin se fiscaliza un tratamento informativo, que tampouco se censura. Insiste en que non hai dirixismo, o que non quere dicir que a información lle guste ó BNG, polo que lamentan ter que rexeita-la moción.

- Novamente o Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, insiste en que se demostra con feitos que os medios non sexan partidarios, solicitando un cambio de talante, demostrando os valores democráticos. O que non se pode afirmar cando hai un director que non se sabe como foi contratado se non é pola súa cercanía ó PSOE.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, tamén insiste na falta de talante democrático posta de manifesto cunha directiva entregada á causa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, afirma que os anos dos medios do "movimiento" xa pasaron, e que hoxe a radio se move dentro da permisión e a obxectividade, do que hai boa proba no grupo popular, cumpríndose os criterios democráticos e de participación.

- Remata o Sr. Alcalde invitando ó voceiro do grupo nacionalista a comproba-la relación de proporcionalidade en canto ó uso do equipo de goberno da emisora municipal comparado con outras, como Radio Fene.

O Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros dez concelleiros (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción.

En explicación do voto, o voceiro do BNG fai a sutil diferencia de que Radio Fene ten regulamento.

Pola súa banda o Sr. Martínez considera pouco elegante a referencia á súa participación na radio municipal.

5.- <u>MOCIÓN DO BNG SOBRE CONSTITUCIÓN DE COMISIÓN INFORMATIVA MUNICIPAL DE COMERCIO E DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL.</u>

Dase conta de moción do BNG sobre constitución de comisión informativa municipal de comercio e desenvolvemento empresarial, propoñendo que a Corporación adopte o acordo de constituí-la Comisión Municipal de Comercio e Desenvolvemento Empresarial composta, entre outros, por representantes dos grupos políticos con representación municipal e da Asociación de Comerciantes, e co regulamento de funcionamento a redactar polos servicios técnicos municipais. Conta co dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, expón o contido da moción, facendo referencia a que supón unha demanda da Asociación de Comerciantes, ó obxecto de obter

máis fluidez na información e conseguir máis medios ante os tempos que se aveciñan, ante a perda de peso do sector comercial, o que obriga a demandar solucións, a través da reunión coa grupos políticos, creando un ente de diálogo e de debate aberto. Entende que a moción pode ser asumida por todos, como xerme de diáloogo, insistindo ante o grupo socialista, que a negativa será un reflexo do medo a esta postura de diálogo e de futuro.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que xa se manifestou en sentido favorable na Comisión Informativa, considerando a petición dos comerciantes dunha concellería de comercio, da que se podería establece-lo perfil, sendo un bo primeiro paso a creación da comisión.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do grupo socialista, pon de manifesto a importancia do sector comercial, aínda cando non lle parece conveniente a moción, por canto no seo da Corporación hai canles de participación ordinarias e especiais. Tendo en conta as peticións dos comerciantes, abriuse unha liña de diálogo directa e fluída, o que levou a un estudio das súas demandas e iniciativas que terán resposta polos órganos competentes. En consideración á existencia desa canle que se considera suficiente non se vai apoia-la moción.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, cré que todo é fume, por canto non existen comisións expresas nin diálogo, coa Asociación de Comerciantes, como o indica a falta de información sobre o centro comercial que se pretende. Pídese un órgano aberto que será beneficioso, polo que se di non ó diálogo que non debería dar medo ó grupo de goberno, polo que pide que se recapacite.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, critica os mesmos aspectos, ante o sinxelo que sería crea-la comisión na que o seu grupo estaría disposto a traballar, cando admemais entende que se recolle a sensibilidade dos cidadáns. Considera que o grupo de goberno da o non polo non, advertindo que as maiorías tamén rematan.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do grupo socialista, considera, en relación ás referencias dos grupos políticos, que cando se leva unha longa etapa gobernando non será por non haber diálogo e permanente con tódolos sectores. Parece que agora se resposta á proximidade dunha etapa electoral, cando o equipo de goberno vén traballando a un ritmo de continuidade. Sinala que o sector comercial sempre foi escoitado e recibido non só por el, que non é a única voz, senon que hai órganos suficientes para iso.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, sostén que non se di cales son eses órganos, considerando que o feito de levar anos gobernando non sempre é producto do diálogo, xa que poden ser outras as causas das maiorías.

- Remata o Sr. Alcalde indicando que ós delegados noméaos o alcalde e que nas xuntanzas cos comerciantes nunca se puxo de manifesto o que agora se di. Pediuse un responsable a quen dirixirse, non unha comisión política. Indica que se reciben tódalas inquedanzas e que é inexacto a falta de información sobre o centro comercial. Non hai medo no equipo de goberno, engade, senon intención de resolve-los problemas sempre institucionalizando as relacións.

O Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros dez concelleiros (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, en explicación de voto, que si se suscitou e así se deixou ver pola asociación, a creación dunha comisión, queixándose tamén de que o Sr. Alcalde actúe como voceiro do seu grupo, pedíndolle que se limite ás súas propias funcións.

- O Sr. Alcalde aclara as súas competencias respecto á presidencia do Pleno.

6.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE PLANO DE EMPREGO XUVENIL.

Dase conta ó Pleno de moción do grupo socialista sobre plano de emprego xuvenil. Conta co dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, pon de manifesto a preocupación, que se destaca na moción, sobre o emprego, sobre o que aporta datos, engadíndose ó problema o desfase que se vai producir ante a supresión do servicio militar e a prestación social substitutoria, polo que se considera necesario instar ó Goberno á creación de 60.000 postos de traballo para xoves, explicando en tal senso o contido da moción.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, está de acordo co plano de emprego, en canto que todos temos algo que aportar, facendo referencia ás ofertas que o seu grupo xa realizou neste Pleno en tal senso. Pero anuncia a súa abstención polos motivos que se alegan na moción, tanto pola profesionalización das Forzas Armadas como polos investimentos que o Goberno do Estado vén realizando no campo dos servicios sociais.

- Para o Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, a conclusión á que se chega trala lectura da moción, é que se trata dunha moción tipo, con certa demagoxia, por canto foi o PSOE quen desvirtuou a Lei da prestación substitutoria, por canto se cubriron a medias postos de traballo que non o eran con outros que se debían crear, conseguindo así un persoal non remunerado destado a escasas funcións.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, agradece as intervencións, considera ó BNG o vixilante dos pestadores, anque cre que non se debe falar tan alegremente, xa que tanto labor social é facer unhas fotocopias a un cidadán como manter un xardín. Entende que non se entra na moción e na súa problemática de fondo: o futuro do emprego, quedándose na crítica dunha lei que, indica, fixo o poder lexislativo, que non se desvirtúa, o que se está facendo coa moción. En relación co grupo popular, parécelle que comezaron onte a exerce-las súas funcións, xa que como grupo ten que presenta-las súas mocións. Conclúe que a situación do momento obriga á unión das administracións para cubrir esta lagoa que se vai producir no emprego.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, aclara que nunca discutiu que se presentaran mocións, se ben fai referencia a que agora parecen facerse mediante as notas que se sacan na prensa.

- O Sr. Alcalde considera suficientemente debatido o asunto, sinalando que o plano ha de entenderse estendido a todo o Estado.

O Pleno acorda: Instar ó Goberno a atende-la demanda de organizacións políticas, sindicais e sociais de impulsar un plano de emprego xuvenil, xunto co resto de administracións autonómicas e locais, que xenere como mínimo 60.000 postos de traballo, para homes e mulleres xoves, destinados a substituí-los servicios que na actualidade desenvolven os obxectores de conciencia que realizan a prestación en actividades de servicios á comunidade de carácter social realmente necesarios, concertados con organizacións e entidades públicas e privadas.

7.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS EN SOLICITUDES VARIAS A UNIÓN FENOSA.

Dase conta de moción do delegado de infraestructuras en solicitudes varias a Unión Fenosa. Conta co dictame da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1) Dirixirse á empresa eléctrica Unión-Fenosa, solicitando información sobre os apagóns sufridos no mes de xaneiro/01, e as medidas que se van adoptar para evitalos no futuro, en: - O casco urbano, fundamentalmente nas zonas de Bellavista, Cruz Verde, Anxeles, Cañota, Castro de Unta, etc., algún dos cales durou en torno ás 12 horas. - Nas zonas de Infesta, Requián, Montellos, Xan Rozo, onde se produciron continuos e prolongados apagóns. - En xeral tódolos apagóns sufridos no noso municipio. 2) Demandar, unha vez máis, a Unión-Fenosa a corrección definitiva das deficiencias no subministro, por caídas de tensión, nos lugares de Viladesuso, Viuxa, Requán, Touriñao de Abaixo, As Minas, Camiño de Obre, Piadela, etc., demandadas en numerosas ocasións polo Pleno da Corporación e a Alcaldía. 3) Dar conta destes acordos á Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia. 4) Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realiza-los trámites necesarios para levar a bo fin estes acordos.

8.- PROPOSTA DE PREGO DE CONDICIÓNS PARA CONCESIÓN DE PARCELA NO PASATIEMPO.

Dase conta de proposta de prego de condicións para concesión de parcela no Pasatiempo. Conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, explica a súa abstención, por canto considera que se trata dun prego estándar e a discreción do equipo de goberno.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, tamén anuncia a súa abstención por ser un asunto de xestión directa do equipo de goberno.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aproba-lo prego de condicións para concesión dunha parcela de dominio público no Pasatiempo, coas condicións e finalidade que constan no mesmo. 2º.- Que se inicie o expediente de concesión, facultando expresamente ó Sr. alcalde para os trámites e xestións necesarios.

9.- SOLICITUDE DE URBANIZACIONES BETANZOS EN RELACIÓN CO DEREITO DE SUPERFICIE DA PARCELA 121 DO PLANO PARCIAL DO PASATIEMPO.

Dase conta de escrito de Urbanizaciones Betanzos SL no que, tras diversas consideracións e determinacións, solicítase autorización do Pleno do Concello para a cesión parcial do dereito de superficie que dita entidade posúe sobre a parcela de propiedade municipal número 121 do plano parcial do Pasatiempo, a Supermercados Champion SA.

Consta informe de Secretaría no que se pon de manifesto, por unha parte que se ben o prego de condicións permite a cesión, esta non pode ser parcial, por canto se ha de atender ó cumprimento completo do obxecto da cesión do dereito de superficie que se recollía no prego, o que parece esixir en todo momento un só responsable ante o Concello, deducíndose así de diversos apartados do citado prego, en canto que doutra forma se desvirtuaría o mesmo obxecto do contrato; e doutra banda, que a proposta incumpre o

estudio de detalle aprobado polo Pleno o día 15 de xuño de 2000, en canto destina solo a aparcamento en superficie, non previsto no mesmo e impide a execución posterior de edificio destinado a uso sociocultural.

Vén dictaminado pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a súa postura de abstención consecuente coa postura mantida noutros plenos ó respecto de negocios das constructoras.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifesto que tra-la análise do asunto, cometeuse un erro en non terse estudiado mellor o problema do centro comercial, ó que se opoñen por falta de estudios e información ós comerciantes. Agora, á vista da documentación, suscítase unha discusión sobre as condicións do prego, xa que parece que a proposta non se axusta a dereito, polo que van votar en contra, de acordo coa interpretación legal do secretario, considerando que a abstención semella lava-las mans ante a presión da empresa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que non procede entrar en anunciados "affaires", en canto que o centro que se pretende se fai en función dun prego de condicións e un estudio de detalle aprobados polo Pleno e unha licencia de obras outorgada pola Comisión de Goberno. Agora trátase dunha proposta contraria ó prego e ó estudio de detalle, polo que procede non admitila, sen prexuízo de que poida voltar ó Pleno no seu momento, en forma debida e con outras consideracións. Todo sen prexuízo de que neste momento e consonte os informes, o voto ha de ser negativo á pretensión.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, explica que a súa abstención non resposta ó acusado polo BNG, senon a manter sempre a mesma postura.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, quere facer consta-la súa oposición ó centro comercial, sen prexuízo de que hoxe se vote unha interpretación e de que no seu momento poida voltar a este Pleno coas salvedades que se considere, e apoiada por quen a apoie.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: Non autoriza-la cesión parcial do dereito de superficie que a entidade Urbanizaciones Betanzos SL posúe sobre a parcela 121 do plano parcial do Pasatiempo que se solicita, en canto é contraria ó prego de condicións que rexeu o concurso para a concesión de tal dereito así como ó estudio de detalle aprobado para o desenvolvemento urbanístico da zona, consonte se sinala no informe xurídico.

10.- <u>PROPOSTA DE MODIFICACIÓNS ÁS NORMAS SUBSIDIARIAS.</u>

Dase conta de proposta de modificación puntual ás normas subsidiarias de finca sita no Carregal esquina Fraga Iribarne e de solar sito no paseo da Galera e camiño do Carregal. Conta co dictame da Comisión Informativa.

Antes de inicia-lo debate, a Sra. Faraldo, voceira do PP, solicita a modificación deste punto, de tal forma que se desglosen as propostas, xa que unha atende a un fin público e a outra a un fin privado e, en consecuencia, se voten separadamente.

A mesma apreciación realízaa o Sr. Doporto, voceiro do BNG.

- O Sr. alcalde indica que entende a petición pero non a comparte, por corresponder ámbalas dúas ó mesmo punto.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste, aclarando que non di que non sexa legal a postura, pero non ética, entendendo que as modificacións das normas deben tratarse de forma independente.

- O Sr. alcalde entende que non procede este debate, como tampouco procedería votar detalle por detalle o día que se presente a revisión do plano de ordenación urbana.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, cre que tal actitude é un exemplo do rodillo da maioría e en orde ó tema exposto, indica que ten certas dúbidas sobre o emprazamento que se propón para o centro de saúde, que responde a un "xeito de facer política", que non ten en conta ó Concello, o que merece a súa repulsa ante un uso patrimonialista da Xunta, asumindo o custe público que tal postura pode supoñer. En canto á outra modificación presentada, entende que supon un aumento de volume, co que habería que falar sobre tácticas para evadir responsabilidades da Lei de costas, sen prexuízo de que parece estar xa construído o forxado dos que se pretende, co cal ten serias dúbidas sobre a legalidade da proposta. En consecuencia, un posicionamento ético ás portas da revisión do plano leva ó seu grupo a un voto contrario neste punto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que a proposta é legal e ética: preséntanse dúas modificacións, unha de varia-lo uso dun solo público para fins sanitarios e a outra consiste en cumprir un convenio que xa constaba nas normas subsidiarias de 1987, ademais de ampliar un terreo público, polo que o equipo de goberno quere cumpri-los compromisos. Por outra parte aínda a pesar de que os fins sanitarios sexa para outro centro de saúde, non para hospital comarcal, non cupón cambi-lo voto que vai ser a favor das propostas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en función das alusións do BNGsobre o uso patrimonialista, indica que o PP propuxo a construcción en tales terreos do centro de saúde, ante a falta de resposta do equipo de goberno, engadindo que tampouco lles importaría se o BNG gobernase que este conseguira traer para Betanzos todo o que puidera. Entende que o urbanismo ten un fin xenérico, pero a proposta que se trata parece querer meter nun brete ó PP, polo retorcemento que supón mistura-las dúas modificacións na moción que se propón e aínda que van votar a favor, fano condicionados pola urxencia e a necesidade da recalificación do uso sanitario.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende pouco elegante a postura, pero non quere insistir, engadindo que se nas próximas eleccións gobernan, farán mellor a modernización que se necesita, non utilizando á Xunta coma un ben patrimonial, actuando coa cabeza máis fría, para actuar e face-las cousas con máis análise, o que resposta non a algo que di o voceiro, senon a algo que se ve.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia a que no asunto que se trata non hai moción, senon proposta a elevar á Consellería, para informe e posterior trámite sendo, por outra parte, interesante que nos presupostos da Xunta apareceran fondos para o hospital.

- Remata o Sr. alcalde, sinalando que non se poden facer cábalas de gobernos futuros, negando a falta de elegancia, xa que sempre se traerán estas propostas, cando as haxa, de forma conxunta. Quere aclarar tamén que nunca o Concello recibíu ningunha petición oficial para construir un centro de saúde, o que se pode comprobar como unha realidade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de quince dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz,

Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), e o voto en contra dou outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Remiti-lo expediente de modificación das normas subsidiarias de planeamento en parcela no Carregal esquina Fraga Iribarne e na Galera, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ó obxecto da emisión do informe preceptivo, previsto no art. 41.3 da Lei 1/97 do 24 de marzo do solo de Galicia.

11.- PROPOSTA DE DENOMINACIÓN DE RÚAS.

Dase conta de proposta de denominación de rúas, dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia o voto favorable do seu grupo, en canto se fai homenaxe a persoas ás que se debe o inicio do progresismo do país. Quere, así mesmo, facer unha matización pedindo analiza-la existencia de rúas con nomes que gardan a memoria do franquismo, que propón substituir como triunfo da razón.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, descoñece a que rúas se pode referir a matización do voceiro nacionalista, por canto se mantén un nomenclátor non de tipo político, en prexuízo de que se analice nunha próxima comisión.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Denominar á rúa actualmente "Travesía Pintor Seijo rubio" co nome de "Alexandre Bóveda". 2º.- Denominar á rúa que desde o camiño de "Cal das Barras" conduce á "Estrada de Castilla" co nome de "Castelao". 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a realización de tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

12.- PROPOSTA DE ADHESIÓN DE BETANZOS Ó CONSORCIO DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.

Dase conta ó Pleno de proposta de adhesión de Betanzos ó Consorcio de Concellos do Camiño Inglés, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia o voto favorable do seu grupo, dada a importancia da recuperación do "Camiño Inglés", pedindo que se teña en consideración na redacción do plano xeral, para establece-la súa área de respecto.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Adoptar acordo favorable á integración do Concello de Betanzos no Consorcio de Concellos do Camiño Inglés, a xestión do cal se veu desenvolvendo nos últimos anos entre os citados municipios e que nestes momentos se concretou nun acordo constitutivo do devandito organismo intermunicipal destinado a imprimiirlle ó histórico camiño xacobeo unha dinámica nova baseándose en tódalas súas riquezas peregrinas, panorámicas e turísticas. 2º.- Potenciar dentro do consorcio a recuperación en Betanzos dos antigos testemuños e residencias de peregrinos, favorecendo en toda a súa dimensión sentimental e cultural o coñecemento e os valores humanisitas xacobeos.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de inicia-la quenda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde invita a tódolos concelleiros a asistir ós actos de Carnaval. Igualmente anuncia a próxima colocacións de buzóns persoais nos despachos dos grupos políticos, así como a entrega en breve de insignias do Concello ós concelleiros que non dispoñen dela.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que antes de entrar no punto, o seu grupo desexa presentar unha moción de urxencia sobre as medidas compensatorias

dos danos dos recentes temporais, baseando a razón da urxencia no propio acordo que se propón.

- O Sr. Alcalde aclara que estas medidas xa están pedidas na Comisión Galega de Cooperación Local, polo que non comprende a urxencia cando xa se está considerando polo órgano competente.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, entende que o tema xa está tratado no Parlamento a petición do propio Partido Popular.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, mantén a urxencia do asunto, considerando que o ámbito de debate neste caso estao sinalando o seu propio grupo.

O Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros dez concelleiros (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la urxencia do asunto, polo que non procede entrar no seu debate.

*Dase resposta á pregunta efectuada polo grupo popular no anterior Pleno ordinario (31-01-01) sobre estado en que se encontra a reclamación do INEM sobre subvencións da escola taller, no sentido de que a mesma se atopa en recurso na vía contencioso-administrativa.

*Así mesmo, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo popular:

- Cantas prazas estaban pintadas de v erde e pasaron a azuis na nova distribución do aparcamento.

- Por que se denegou á asociación "A Ría" realizar actividades no local de Santa María.

- Quere que se confirme se a edición de calendarios do Concello do ano pasado se atopa sen pagar.

- Por que os recibos de auga e de rede de sumidoiros son máis caros en Betanzos que noutros concellos das mesmas características.

- Interésase pola reclamación dun particular sobre reclamación de diñeiro atopado na vía pública, preguntando como se responde ós cidadáns.

Polo Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista:

- Reitera se continúa en vigor o límite de tres preguntas nos plenos.

- Pregunta sobre a existencia ou non de lancha municipal.

- Pide un estudio de colocación das bandeiras do Liceo, non só polo erro que cre que se produce, senon por oculta-lo escudo da fachada.

- Reiteran o cumprimento da legalidade ó respecto de acordos da Comisión de Goberno, máis concretamente con algun constructor ó que se quixo identificar co BNG.

- Pide o amaño da barandilla das Cascas.

Polo Sr. García Vázquez e en refrencia a acordo do Pleno de fins de 1999 sobre sinais de televisión, interésase por se houbo contestación.

O Sr. Alcalde fai referencia ó acordo sobre as tres preguntas, que así se adoptou e vense incumprindo, sen prexuízo de podelo reestructurar.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e cincuenta minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTETRÉS DE MARZO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asiste, con desculpa:

D. Andrés Beade Dopico.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día vintetrés de marzo de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- Pídese corrección nos apelidos de Sr. concelleiro no punto 4 da acta anterior: onde di Otero Faraldo, debe dicir Otero Botana.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión realizada o pasado día vintetrés de febreiro.

2.- DAR CONTA DE ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno dos seguintes,

- Augas de Galicia, xustificando recepcion de acordo plenario que fai referencia a escrito sobre centrais hidroeléctricas anteriormente presentado polo Concello de Paderne e informando sobre a incidencia ambiental do aproveitamento hidroeléctrico que se está a tramitar no ámbito do rio Mandeo, do cal se está a realizar neste momento o trámite de información pública.

- Augas de Galicia, informando, a instancia do acordado pola Comisión de Goberno deste Concello, sobre a instalación dunha minicentral no río Mendo.

- Augas de Galicia, informando, a instancia do acordado pola Comisión de Goberno deste Concello, sobre a instalación de minicentrais no río Mandeo.

- Dirección Xeral de Industria da Consellería de Industria e Comercio, remitindo resolución desa dirección xeral pola que se outorga a Repsol Butano SA a autorización administrativa para a distribución de gas canalizado no termo municipal de Betanzos (Expte.: 00/9-0-G).

- Demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento, informando sobre a solicitude de terreos para áreas recreativas en Vista Alegre e rotonda das Cascas realizado polo Pleno desta Corporación Municipal.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE PETICIÓN DE TERREO Ó MINISTERIO DE FOMENTO.

Dase conta ó Pleno de moción do PP sobre petición de terreo ó Ministerio de Fomento, que conta do dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, quere informar sobre a moción, entendendo que é clara a súa exposición, pedíndose a súa aprobación para que os terreos en cuestión cumpran unha función máis axeitada.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, maniféstase de acordo, como para todo o que supoña unha mellora nas prestacións á ensinanza.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, tamén manifesta o apoio do seu grupo se ben recorda outras peticións feitas neste sentido, esperando que agora prosperen.

O Pleno, por unanimidade, acorda dirixirse ó Ministero de Fomento para que a zona situada na avenida de Fraga Iribarne, fronte ó colexio "Vales Villamarín", hoxe en día ocupada por unha caseta de obras públicas, poida ser utilizada para mellora do tráfico escolar nesa zona.

4.- MOCIÓN DO PP SOBRE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.

Antes de iniciarse este punto incorpórase a Sra. Sánchez Vázquez.

Dase conta ó Pleno de moción do PP sobre eliminación de barreiras arquitectónicas, pedindo que se tomen as medidas necesarias para eliminar na praza pública existente á altura dos portais 6 e 8 da Avda. Jesús García Naveira as barreiras arquitectónicas existentes. Conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, fai referencia a que se trata de peticións formuladas por veciños dos portais 6 e 8 da Avda. Jesús García Naveira, o que considera pode ser beneficioso acolléndose ademais ás axudas que concede a Xunta.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, mostra o seu apoio, se ben entende que a actuación debe extenderse a tódolos espacios urbanos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, afirma que a realidade é evidente e en consecuencia véñense facendo actuacións, sen prexuízo de que se ben se

piden subvencións despois hai problemas de execución, como pode haber neste caso na zona que se propón.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que hai obras que non contemplan este tipo de medidas, solicitando un estudio e que se tomen as medidas oportunas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, afirma que as obras que se realizan teñen o visto e prace dos técnicos, pedindo que se dean casos concretos de incumprimento, sobre o que a Sra. Faraldo, aínda afirmando que non trae os planos, indica que hai casos no Paseo da Galere a outros.

- Remata o Sr. Alcalde sinalando que se fagan aportacións positivas, e que se están xa adoptando as medidas correspondentes.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez; e dous do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción.

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE ADQUISICIÓN CASA IRMÁNS GARCÍA NAVEIRA.

Dase conta ó Pleno de moción do PP sobre adquisición da casa onde viviron ata a súa emigración a Arxentina os irmáns García Naveira, incrementando así o patrimonio municipal e para destinalo a sé dunha institución relacionada coa emigración. Conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, dá conta da moción presentada, xa comentada na Comisión Informativa, entendendo que polo mantemento da historia, a casa natal dos irmáns García Naveira debe ser adquirida para crear un museo de honra, tanto á familia como á emigración, en agradecemento ó seu labor, que sirva ademais como beneficio para a zona da Ribeira.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia a abstención do seu grupo, xa que, recoñecendo todo o legado que deixaron, entende que a súa memoria debe ser gardada onde eles quixeron, non nesta casa, polo que neste caso mellor sería colocar unha placa conmemorativa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, non considera necesario nin oportuno glosa-lo agradecemento do pobo de Betanzos ós García Naveira, algo recoñecido por todos. Sinala que no seu momento barallouse pola Alcaldía a posibilidade que agora se expón, se ben se entendeu que existe un museo, o das Mariñas, onde se recollen con detalle aspectos relativos a esta familia e á amigración betanceira. Por iso non se considera axeitada a proposta.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, móstrase de acordo coa proposta da placa, pero lembra ó BNG que é de honra facer algo polos que fixeron moito polo pobo, como proba de agradecemento. Neste caso céntranse na emigración e na zona da Ribeira, os que cre motivos suficientes.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, facendo referencia ás distintas actuacións dos García Naveira: lavadeiro, escolas, etc., cre que con esas actuacións dixeron como querían que os recordasen. Seguen sendo favorables á colocación da placa e ó respecto da Ribeira como zona non atendida, consideran que é un problema do equipo de goberno, que non xustifica pensar alegremente en facer un museo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, manifesta que cando o grupo popular se refire á Ribeira, semella unha zona esquecida da man de Deus, polo que

lles aconsella pasear máis, para coñece-la cidade e as actuacións que se levan a cabo. Así mesmo invita a tal grupo a que apoien a través do goberno da Xunta, do seu partido, que a escola taller sexa unha realidade, para colaborar un pouco máis no que se está a facer.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, di saber todo o que se está facendo pero ve os resultados, que son que se despoboa toda a zona. En canto á colaboración que se pide, faise todo o posible, pero non se pode facer cando se chega a situacións difíciles pola mala xestión municipal, ante o poder xudicial, por canto este é independente.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, pide que non se confunda todo, por canto a actuación xudicial á que se fai referencia só persegue o descrédito do grupo de goberno.

- O Sr. Alcalde intervén para indicar que a familia dos irmáns García Naveira xa acordara coa Corporación onde constituir e depositalos bens para o museo, que non era noutro lugar que no Museo das Mariñas. Está de acordo coa aportación do BNG, pero non coa proposta da moción, dado que supoñería atomiza-la visión da obra dos irmáns que actualmente está ben recollida no museo.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor de cinco concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), o voto en contra dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López) e a abstención dos dous concelleiros do BNG (Sres.: Doporto, Otero), acorda rexeita-la moción.

6.- <u>MOCIÓN DO BNG SOBRE INCREMENTO DE ESPACIOS VERDES.</u>

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, da conta de moción do seu grupo sobre incremento de espacios verdes en prazas públicas. Baséase na pouca existencia de espacios verdes ante a tendencia a prazas pavimentadas, con pouco equipamento público. Para iso solicita a inclusión na revisión do plano de urbanismo que se está a facer.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o apoio á moción e pon como exemplo o proxecto de Rosalía de Castro.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que a proposta é para pasar a estudio no plano, sen prexuízo de que haxa que falar de urbanismo real, non virtual, facendo referencia ó que hai, como o Pasatiempo ou o parque Pablo Iglesias.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste sinalando que non sabe o que é ou non virtual, pero que o proxecto de Rosalía de Castro saliu do Concello.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, quere matiza-lo relativo que pode se-lo tratamento dos espacios libres, pero cre que existe certa demanda social e que non viría mal allgo máis de verde nas nosas prazas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste en que non é certo o que se afirma e en canto ós proxectos son obra dos arquitectos e os documentos municipais son os que están aprobados debidamente, polo que se hai que remitir ás normas subsidiarias aprobadas en 1997.

- O Sr. alcalde entende que é idea de tódolos grupos políticos que, ó igual que nos últimos anos, se poidan incrementa-las zonas verdes.

O Pleno, por unanimidade, acorda: A inclusión no futuro plano xeral de urbanismo do incremento de espacios verdes nas nosas prazas públicas, dándolle traslado ó equipo redactor.

7.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA POR SINDICATOS GALEGOS.

Dase conta de moción do BNG de apoio á manifestación convocada por sindicatos agrarios galegos o día 7 de abril en Santiago de Compostela e o día 6 de abril en Betanzos.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, corrixe o erro respecto á data para a manifestación en Betanzos, anunciando que será o próximo 26 de marzo. Pide o apoio a este acto e ó de Santiago, insistindo na crise do sector agrario que se viu agravada co problema das vacas tolas e outros ós que non se dan solucións, pedindo en consecuencia a solidariedade da Corporación e a posta a disposición dos sindicatos, dos medios de transporte necesarios para asistir á manifestación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, tras agradece-lo papel moderador do BNG, maniféstase de acordo coa moción na maioría do exposto, anque non no dos medios de transporte, xa que deben sair do diñeiro dos partidos políticos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, coincide co PP, afirmando que o Concello non vai sufragar gastos e fai referencia ás dificultades económicas doutros sectores.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, admite retira-lo punto 2º, respecto ós gastos de transporte, esperando que os voceiros asistan á manifestación, sendo coherentes co que se dixo. Dá as gracias ó PP, considerando un feito histórico que se aprobe esta moción.

- O Sr. Alcalde entende que hai coincidencia entre os grupos, anunciando que trala manifestación de Betanzos hai solicitada unha xuntanza entre os sindicatos e os alcaldes da comarca.

- O Pleno, por unanimidade, acorda: Manifesta-la solidariedade e apoio da Corporación Municipal a prol da manifestación convocada polos sindicatos agrarios galegos para o día 7 de abril en Santiago de Compostela e o 26 de marzo en Betanzos, en defensa do medio de vida das persoas vencelladas ó sector agro-gandeiro. Dar conta ós medios de comunicación deste acordo.

8.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CREACIÓN DO CONSELLO DE CULTURA.

Dase conta de moción do BNG sobre creación dun consello municipal de cultura que, presidido polo Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue, contaría con representantes da Concellería de Cultura, das asociacións culturais rexistradas no Concello, membros dos grupos políticos con representación no Concello e outros individuais con relevancia no mundo cultural, e coas funcións que se indican na proposta.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, presenta a moción, que pretende a creación dun órgano consultivo que permita unha maior coordinación e unión de forzas, así como colaboración para un mellor traballo, o que non se debe tomar como unha crítica á política cultural, anque poida ser criticada, senon que se pretende mellorar abríndose á sociedade, cunha participación que hoxe se considera escasa, e polo tanto, máis democrática.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que cantos máis aporten ideas mellor poden funciona-las cousas, sendo pois unha boa aportación á vida cultural de Betanzos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta a súa sorpresa, por que non se coñezan os distintos órganos consultivos do Concello, como o Consello Municipal de Cultura, que preside o concelleiro e que traballan na programación que se fai todo o ano entre tódalas asociacións.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, di que é a primeira noticia que ten sobre este órgano preguntando, entre outras cuestións, cando foi a última xuntanza.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pola súa banda, afirma ter constancia dalgunha xuntanza coas asociacións, anque discrepen da política cultural, xa que hai algo máis que facer, entendendo que o que pide o BNG é diferente, un órgano con funcións distintas ás que existen.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste no descoñecemento da realidade, facendo referencia ó regulamento que xa existe desde 1984 e a unha política cultural que está na rúa, sen prexuízo de que cada grupo a vexa á súa maneira e na que participan as asociacións que están no rexistro do Concello.

- O Sr. voceiro do BNG insiste na información sobre a xuntanza do consello e os asistentes, respostando o Sr. concelleiro de cultura que a última xuntanza foi no mes de outubro ou novembro e asistiron tódalas asociacións que están no rexistro municipal.

- Remata o Sr. Alcalde, indicando que se se queren máis detalles concretos se pidan en calquera momento e indicando que o Concello ten órganos políticos e institucionais e que estes non deben entrar en debates políticos, sen prexuízo de admitir todo tipo de aportacións, pero que non se establecen como representación de partidos políticos, que teñen outras canles de participación. Ó Sr. Otero non lle parece de todo correcto pero asúmeo.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez; e doue do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción.

9.- PETICIÓN BONIFICACIÓN ICIO.

Dase conta de petición de bonificación do imposto sobre construccións, instalacións e obras (ICIO) realizada por D. José Ramón Sánchez Lodeiro en representación de "Sánchez Lodeiro SL", informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: concede-la bonificación do 90% do total do ICIO contemplado na ordenanza fiscal nº 28, artigo 7º, a "Sánchez Lodeiro SL", para pintura, carpintería, albanelería para reforma de decoración en café-bar restaurante "Las Vegas", ubicado no casco histórico, na r/ Progreso 12.

10.- ACORDO SOBRE AXUDAS SOCIAIS PARA O PERSOAL.

Dase conta de proposta presentada en relación co acordo de conceder axudas sociais ó persoal, vén asinado polos representantes sindicais e polo concelleiro delegado de persoal e está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Aproba-lo acordo adoptado sobre axudas sociais para o personal que presta os seus servicios neste Concello.

11.- PROPOSTA SOBRE ESTUDIO TÉCNICO E ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN RELACIÓN CON INUNDACIÓNS.

Dase conta de proposta sobre estudio técnico e adopción de medidas en relación con inundacións, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifféstase de acordo co posicionamento, se ben a adopción de medidas corresponderá consonte a competencia de cada organismo, xa que haberá medidas que correspondan a este Concello e, nese sentido, darán o seu voto favorable.

- O Sr. Alcalde pregunta se o Partido Popular vai dar competencia ós concellos nos ríos, entendendo a Sra. Faraldo que xa a teñen coas licencias urbanísticas e os muro que se deixan construir cerca dos ríos. A ese respecto o Sr. Alcalde entende que as obras se farán co consentimento dos órganos competentes nos ríos.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, considera que a moción reafirma outras peticións e indica o voto afirmativo do seu grupo, entende que a moción concreta cuestións, como é a ocupación das canles, responsabilidade histórica do Concello pola súa actitude pasiva, o esixir responsabilidade polas centrais e inundación das zonas "muiñeiras".

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste na competencia sobre a concesión e a execución das licencias e ó respecto da moción reitera o seu apoio, sempre e cando se respecten as competencias de cada organismo.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a moción reafirma unha serie de peticións de varios anos, que como sempre coinciden no momento de inundacións. Indica que se vai mante-la moción en canto que as obras realizadas nos últimos anos así como tódolos recursos hidráulicos son competencia de Augas de Galicia. O que se trata é intentar unha vez máis que se fagan os estudios oportunos á marxe de polémicas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en entender que está incluído o que eles piden.

- O Sr. Alcalde sinala que non se debe manipula-la moción, que o PP pode adopta-la postura que estime conveniente en canto á competencia dos ríos, pero a proposta vaise manter tal e como está, máis ante un inverno tan grave coma este.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Dirixirse ó organismo autónomo "Augas de Galicia", dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e á Consellería de Medio Ambiente para que realicen un estudio técnico e adopten as medidas necesarias para palia-las inundacións que con periodicidade veñen padecendo os lugares, no río Mendo, desde o Marulo ata as Cascas, e no río dos Pelamios a zona de Caraña. 2º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites para levar a bo fin esta moción.

12.- PROPOSTA DE SOLICITUDE SOBRE OBRAS QUE VÉN REALIZANDO RENFE.

Dase conta de proposta de solicitude sobre obras que vén realizando RENFE no FC ó seu paso polo noso municipio, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia o voto afirmativo do seu grupo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, tamén manifesta o seu voto a favor, parecéndolles ben e axeitas as medidas a adoptar.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, agradece o voto dos grupos e sinala a reiteración de solicitude ante RENFE para estas medidas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1) En relación coas obras que se veñen realizando no FC ó seu paso polo noso municipio, demandar a RENFE, Ministerio de Fomento e Xunta de Galicia (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda), as seguintes actuacións: A) Viais: - A reparación urxente de tódolos viais municipais que se deterioraron, co paso de maquinaria e vehículos pesados, traballando no desenvolvemento das obras. B) Estación Betanzos-Infesta: - Que o posible peche que se poida realizar se consensúe previamente co Concello, en canto a tipo, situación e alineacións. - Construcción dunha segunda pasarela peonil, entre A Fraga e O Tarreo, ou solución alternativa á

mesma, que evite a separación física do núcleo de Infesta e incomunicación dalgúns veciños, que co peche da estación se vai producir. C) **Pasos a nivel**: - Axilización das obras do paso a nivel da Apeada, dado o perigo que este representa, indemnizando ós propietarios dos terreos afectados, con prezos de acordo co mercado da zona. - Supresión dos pasos a nivel de acceso ó porto de Betanzos e camiño da Cangrexeira, na Estación Pobo, dado o perigo-trastorno que para os automobilistas representa o primeiro e o perigo peonil que o segundo representa. D) **Outros**: - Construcción de sendas pasarelas peonís, adosadas á ponte de ferro, existente sobre o río Mandeo, que eviten o paso peonil tan cercano ás vías, que desde tempo inmemorial por alí discorre. 2) Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites para levar a bo fin este acordo.

13.- APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN NORMAS SUBSIDIARIAS.

Preséntase a deliberación do Pleno, para adopción de acordo en relación coa súa aprobación definitiva, expediente tramitado para modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento municipal relativo a vial de conexión exterior do polígono de Piadela; tendo en conta que no mesmo queda acreditado o cumprimento dos requisitos legais, cumprimentadas as observacións do informe preceptivo emitido polo Sr. conselleiro de política territorial, obras públicas e vivenda, o Pleno, co voto a favor de 14 concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López, e 5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e a abstención dos dous concelleiros do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aprobar definitivamente a modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento urbanístico municipal no tocante ó trazado do vial de conexión exterior do polígono de Piadela. 2º.- Que se dea cumprimento, antes da súa entrada en vigor, ás determinacións de publicidade e comunicación previstas no artigo 48 da Lei 1/97 do solo de Galicia.

14.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PROXECTOS PLAN 2000 DE ARQUITECTURA POPULAR.

Dase conta de proposta de modificación de proxectos do Plan 2000 de arquitectura popular, que conta co informe da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación ós proxectos modificados do Plan 2000 de arquitectura popular: -"proxecto de restauración de fontes e cruceiros", por importe de 9.706.880,- ptas. (IVE incluído), e -"proxecto de restauración do parque enciclopédico "El Pasatiempo", por importe de 9.938.880,- ptas. (IVE incluído), ó obxecto da súa remisión á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

*Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (23-02-01):

Polo grupo municipal do PP:

1ª.- A distribución da zona verde e azul de prazas de aparcamento é a que aprobou a Corporación Municipal para a nova distribución de espacios. Non obstante, a Comisión de Tráfico pode facer novas consideracións e apreciacións que serían tidas en consideración polos órganos municipais.

2ª.- Non existe constancia de que se lle negasen á asociación "A Ría" os locais de Sta. María.

3ª.- Os calendarios correspondentes ó ano 2000 que se entregaron ós cidadáns non están pagados por non ter feitos os tramites administrativos correspondentes.

4ª.- Os recibos de taxas ós que se refiren son sensiblemente máis baratos que os de concellos da nosa bisbarra que ofrecen os mesmos servicios.

5ª.- A reclamación dun particular sobre diñeiro atopado na vía pública seguirá os trámites administrativos que correspondan e neste momento están ultimados.

Polo grupo municipal do BNG:

1ª.- Nestes momentos non temos lancha municipal. Buscamos a posibilidade de contar cunha que se axeite ás condicións do río Mandeo e cumpra coas novas normativas esixidas. Se algún concelleiro ten informacións sobre o particular, pode facilitalas á Alcaldía para tratar de axiliza-la súa compra e a disponibilidade da mesma para os cidadáns.

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

1ª.- Non houbo contestación do goberno autonómico sobre a instalación dun repetidor de televisión, o que orixina problemas na recepción das imaxes televisivas en diversas zonas do termo municipal.

*Así mesmo, formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

- Roga se adopten medidas en relación cunhas árbores que están a punto de caer na zona de Castro.

- Ó respecto do cable do tendido eléctrico que caeu en Infesta e que vén producindo reiteradas caídas de tensión, roga se inste a FENOSA para que adopte as medidas oportunas.

- Pregunta cales son as custas no contencioso do INEM.

- Pregunta pola demanda en pleito da familia Peña por m2 de terreo no Pasatiempo.

- Presenta ó Pleno, para que conste, un presuposto que demostra a posibilidade de limpeza na Acea por 1.232.000,- ptas. O Sr. Alcalde indica que o rogo en cuestión non se axusta a ningún debate.

Polo grupo municipal do BNG:

- Demanda un vado para carga-descarga nos soportais da Cañota.

- Roga que pola Concellería de Cultura se revise na páxina web do Concello a historia de Betanzos (século XX).

- Pide tamén que se revise o tocante á gastronomía na páxina web do Concello.

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

- Que se informe sobre a solicitude dunha franxa de terreo no Carregal para beirarrúas que se fixo á Xunta.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e dez minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:
Alcalde-presidente:
D. Manuel Lagares Pérez.
Sres. concelleiros:
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do xoves día cinco de abril de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realizar esta sesión, de carácter extraordinario, convocada a instancia dos cinco concelleiros do grupo popular, para trata-lo seguinte punto que consta na orde do día:

1.- MOCIÓN DO PP SOBRE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA PROLONGACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO.

- A Sra. Faraldo, voceira do Partido Popular, explica a moción presentada polo seu grupo, motivo deste Pleno, indicando que se trata de solucionar un problema que ten xa uns anos, cal é a execución da urbanización da rúa Rosalía, que se vén realizando polo sistema de colaboración, sendo polo tanto o Concello responsable, como xa afirmou en moitas ocasións, dos retrasos considerables das obras. Indica que a tal efecto, os propietarios afectados impuxeron, ben en metálico ou mediante avais, as cotas correspondentes. Por outra banda, non se explica o que sucede coas licencias de primeira ocupación, que segundo o grupo socialista non se deron, co que se producen numerosas irregularidades, entre outras a deixación das súas responsabilidades como equipo de goberno, cunha deixación clara de obrigas en canto á urbanización da rúa pola concesionaria, dando como única contestación a ampliación de prazos de execución, estendéndose o último a esta primavera, xustificándoo na situación climatolóxica do verán, o que non impide, ó seu xuízo, que noutros concellos se fagan todo tipo de obras con escavacións. En resumo, os prexudicados entende que son os veciños da rúa e en xeral

tódolos betanceiros. Os veciños sofren danos nas súas propiedades e na súa saúde. Betanzos en xeral perde imaxe. Fai referencia á utilización do asilo Manuel Naveira, do que se dixo que non ía ter un uso lucrativo e agora adícase a hotel, co que debería contribuir á urbanización da rúa. Por todos eses motivos vense na obriga de pedi-lo importe das cantidades recibidas, debidamente desglosadas, con detalle así mesmo da súa situación contable, preguntando se urbaniza a concesionaria, que se fará do diñeiro, que é dos veciños, por que se repercutiu nos pisos e se se vai devolve-lo diñeiro, o que supoñerá un enriquecemento dos promotores. En contra das afirmacións de que o seu grupo mente, aporta ó Pleno documentos que demostran que non é así, aportando declaracións de prensa do Sr. Lagares (D. Antonio) sobre as zonas verdes e demais actuacións na zona, o que posteriormente se converteu en obxectivos moito máis persoais e menos públicos. Por eso afirma que o urbanismo virtual practícao o Sr. concelleiro. Despois da última modificación das normas urbanísticas non hai nada do dito, non quedando sitio nin para as farolas, encontrándose ante un problema serio ó que non se lle quere dar resposta non se sabe por que. Por todo eso pide que se aprobe a moción, para que se inicien de inmediato as obras e se dea unha explicación do diñeiro pagado.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, inicia a súa intervención referíndose á historia desta urbanización, sinalando que é a mesma de hai anos, xa que non se deron máis que escusas, o que cre que son vicios de mal goberno, non entendendo o empecinamento do grupo de goberno, crendo que está errado, non bastando só con pedir desculpas. Todo eso, ó seu xuízo, demostra unha política urbanística errada inicialmente, na que se modifica o uso público dun asilo, máis tarde todo se empezoña, chegando á posibilidade actual de que existan dúbidas sobre a rendibilidade do aparcamento previsto, o que leva a unha clara responsabilidade política, deixando libre o cumprimento da Lei, dándose un claro incumprimento por activa e por pasiva. Por outra banda, o seu grupo non ve pantasmas na situación dos avais, dando un voto de confianza ós técnicos responsables, pero non entenden que pode ocurrir no momento en que poida haber un destino a outro fin, pedindo que se aclaren as preguntas realizadas. Afirma que o seu grupo é consecente de que este Pleno deberá ser dos veciños, facéndose eco de chocantes declaracións da Alcaldía, como que a urbanización está comezada, o que non deixa de ser un punto de vista estrictamente legalista, indicando ó grupo popular o seu erro na data de petición deste Pleno extraordinario, que debería solicitar á final da primavera para non dar excusas no cumprimento das obras. Anuncia o seu voto afirmativo á moción, pedindo unha corrección de rumbo no equipo de goberno, que entende só chegará cando se perda a maioría absoluta.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, no uso da palabra, lembra ó grupo popular que non dea leccións de urbanismo e ó grupo nacionalista que os absolutismos acabáronse coas monarquías. Entende que se están mesturando unha serie de cousas, afirmando que o urbanismo é real e non virtual, que nas primeiras normas subsidiarias se prevía un ámbito de actuación na UA-3, que a voceira do PP descoñece e que como consecuencia dun contencioso se eliminaron varias cousas da devandita unidade. Por eso cre que só se utiliza o Pleno para virse lucir con demagoxias, oportunismos e cousas sen sentido, debéndose falar de cousas concretas como son a urbanización e a contratación da concesión, sen suscitar dúbidas e pantasmas sobre uns avais perfectamente salvagardados polos técnicos correspondentes. Agradece a presencia do público e recorda o posicionamento do seu grupo, xa manifestado no Pleno do

23 de decembro pasado, de que as obras se ían realizar na primavera ó cambia-las circunstancias climatolóxicas, aínda coñecendo as molestias dos veciños, polo que se vai cumpri-lo compromiso adquirido. Quere aclarar que cando se fale de urbanismo é necesario saber de que se fala, indicando que a unidade de execución número 4, que é da que se está a falar, está iniciada, se non non se podería vivir alí, polo que parece que o Partido Popular só sabe utiliza-los momentos delicados. A execución vense facendo por cooperación, que é o termo correcto e a súa situación consta no informe unido ó expediente ó que da lectura e que en resumo di: "1º.- Que a última fase do proxecto de urbanización está contratada a Urbanizaciones Rocha SL por un importe de 34.351.794,- ptas, das que se levan certificadas ata o día da data 9.276.700,- ptas. 2º.- Que consonte a última liquidación provisional aprobada pola Comisión de Goberno, o custe total de dito proxecto de urbanización ascendía a un total de 62.803.713,- ptas. 3º.- Que tal importe está notificado con carácter provisional ós propietarios, que teñen depositado mediante ingreso en metálico a cantidade de 19.019.750,- ptas. e mediante avais bancarios unha cantidade de 44.270.076,- ptas. 4º.- Consecuencia deso e tendo practicamente garantidas tódalas obrigas dos propietarios, tense que afirmar que os ingresos se aplicaron ás correspondentes partidas presupostarias, constando nas correspondentes liquidacións ou estando debidamente depositadas. 5º.- Que as obras de urbanización pendentes se deben facer pola empresa que as ten contratadas e sempre a custa dos propietarios da unidade de execución. 6º.- O órgano de contratación é a Comisión de Goberno, competente para a adopción das medidas que se consideren." Na súa opinión é evidente que se clarifican as nebulosas que o Partido Popular pretende establecer, e remata sinalando o desexo da Alcaldía de mante-los prazos sinalados, polo que o seu grupo votaría a favor, sempre e cando se engada á proposta "sempre que as condicións climatolóxicas e de seguridade o permitan".

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, intervén de novo indicando que o único que hai é un problema que é a falta de urbanización e o demais son plamplinas, polo que non van entrar en ridiculeces cando os veciños levan catro veráns e cinco invernos esperando. Non pode permiti-la artimaña de empregar ós técnicos para agochar responsabilidades, tendo en conta que ademais estes actúan baixo as directrices que reciben. Non pode ser oportunismo preguntar polo diñeiro e as partidas presupostarias que teñen unha codificación e unha numeración que piden se aporte. Entende que os avais estarán ben gardados, pero hai empresas que aínda teñen que renovalo.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, non quere basea-lo tema en noticias xornalísticas como o Partido Popular, aínda cando bota de menos un xornalismo máis independente. Para o seu grupo a problemática hai que vela desde unha perspectiva global, non se ten lancha municipal despois de dous anos, instálase un centro comercial sen debate, prazas que deixan moito que desexar; non hai ningún desexo de análise, como o indica que o equipo de goberno basea todo en dúas cuestións: alega-las circunstancias climatolóxicas como táboa de salvamento, o que cae polo seu propio peso e a disquisición legalista de que as obras de urbanización están iniciadas, cando o que se quere saber é cando rematarán. Porque se ve que ata que os veciños protestaron non se considerou unha prioridade este asunto. Despois da lectura do informe non ten dúbidas ó respecto, pero pregúntase por que non se informou antes, xa que sabendo que os promotores van pagar non se sabe que se está a debater. Antes de rematar indica que é intención do seu grupo solicitar que un representante dos veciños tome a palabra, unha vez rematado o Pleno, para o que non se

ve motivo legal que impida que o vecindario se poida expresar. Insiste en que non se avanzou nada no problema, que o equipo de goberno non ten nada claro sobre o que se vai facer, se o hotel vai paga-las obras, etc. Por todo eso pide que se rectifique xa que as maiorías non permiten estes erros.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, en nova intervención, resposta ó grupo nacionalista que a urbanización van pagala os propietarios, agás o que consta no prego de condicións do concesionario do aparcamento e do hotel. Non quere entrar en discusións urbanísticas sobre as zonas verdes que entende están no coñecemento de todos, referíndose á previsión do parque do oeste, recoñecendo que as previsións levan tempo. Non ten dúbida de que os que sofren son os veciños, polo que se rematará a pavimentación , en canto á urbanización ten outros elementos xa feitos. Quere corrixir ó grupo nacionalista no senso de que nos plenos non poden toma-la palabra os veciños, entendendo que xa o alcalde e os voceiros do vecindario se xuntan periodicamente informándose ó respecto, sobre un tema que se vai intentar solucionar por todos. Respecto da moción, insiste no seu rexeitamento, dada a súa incorrección, agás que se admita a aclaración xa proposta.

- O Sr. Alcalde pregunta ó grupo popular se acepta a modificación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pola súa parte, entende tal proposta como unha tomadura de pelo, e que mañá mesmo podería empeza-la urbanización xa que hai medios para eso, a moción é clara polo que non é modificable.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pola súa banda, cre que en anos coma este podería chover aínda máis, estando disposto a que comecen as obras, agás circunstancias moi excepcionais. Polo que respecta á participación veciñal, insiste en que o está pedindo unha vez que remate formalmente o Pleno, contra o que non hai argumentación legal que o poida impedir.

- O Sr. Alcalde manifesta que aínda cando o grupo nacionalista ten este carácter asembleario, non en tódolos sitios que goberna, non hai hábito nin é norma que tales intervencións dos veciños se produzan, en canto existen formas de canaliza-las súas inquedanzas. Considera que o Pleno se podería ter feito doutra forma, o que permite a Lei, pero convocouno este día e a esta hora para unha maior participación, o que non fan os outros grupos en tódolos sitios onde gobernan. Considera que o tema principal é a rúa Rosalía e as súas obras, que, aínda tendo en conta as consideracións dos veciños, se realizaron informes sobre as condicións para realiza-las obras dentro dos prazos posibles, ó obxecto de conseguir unha urbanización que vai ser de uso de todos. Aclara ó BNG sobre as zonas verdes, que Betanzos pode dicir que posúe o parque máis grande de toda Galicia, en cidades do seu tamaño, como é o Pasatiempo con 70.000 m2. Remata afirmando que espera que as condicións sexan as máis favorables, para que nun futuro próximo e cercano se leven a cabo as obras como é intención de tódolos grupos presentes.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez; e dous do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes do (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción presentada.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e trinta minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESETE DE ABRIL DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día vintesete de abril de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES.

Préstase aprobación, por unanimidade, ós borradores das actas da sesión ordinaria realizada o pasado día vintetrés de marzo e da sesión extraordinaria realizada o pasado día cinco de abril.

2.- DAR CONTA, PARA COÑECEMENTO DO PLENO, DE ASUNTOS VARIOS.

Dase conta ó Pleno, para coñecemento, dos seguintes:

- Aprobación (por resolución da Alcaldía-Presidencia núm. 414/2001) da liquidación do presuposto do exercicio 2000, cun resultado presupostario real que ascende á cantidade de 56.439.909,- ptas.

- Conselleiro de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, xustificando recepción de escrito sobre a aprobación por este Pleno (en sesión do 23 de febreiro de 2001) de moción sobre o subministro eléctrico de Unión Fenosa neste municipio.

3.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A REGULAMENTACIÓN DAS INSTALACIÓNS DOS SERVICIOS DE TELECOMUNICACIÓNS.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, presenta a moción do seu grupo, sobre instalación de servicios de telecomunicacións, facendo referencia ó impacto ambiental, ante a necesidade de infraestructuras e os conseguintes riscos para a saúde humana, se ben non existen aínda estudios contrastados polo que hai un principio de preocupación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a súa postura a favor, se ben fai constar que ó seu grupo se lle reprochou polo equipo de goberno, aportar deteminadas mocións ó Pleno.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, afirma o seu apoio á moción, debéndose trasladar á comisión oportuna, poñéndose de manifesto a problemática das novas tecnoloxías en que na FEGAMP se crearan mesas de traballo ó respecto, sen prexuízo de que no noso Concello se estudie cando se expoña o plano xeral. En relación coas queixas dos grupos políticos sobre a carencia de xuntanzas da comisión de seguimento do plano, anuncia a súa xuntanza, cando se presente o avance do devandito plano.

- Remata o Sr. alcalde, indicando o interese da proposta, esperando en breve poder aporta-la regulamentación que se presente, para poder recibir aportacións de todos.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Que se traslade ós redactores do Plano Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Betanzos a necesidade de que en dito documento se regule a instalación das infraestructuras de telecomunicacións. 2º.- Que se comprobe polos servicios técnicos do Concello se as instalacións de telefonía móbil xa existentes no termo municipal cumpren as normas e indicacións das licencias correspondentes.

4.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN E POTENCIACIÓN DE APARCAMENTOS GRATUÍTOS.

Neste punto incorpórase á sesión o Sr. Martinez García.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, presenta a moción, considerada aberta, dentro da referencia á creación e potenciación de aparcamentos gratuítos, non considerando mala idea o seu traslado ó plano xeral, en canto supón unha iniciativa política importante ante unha situación que é gravosa para a xente que traballa en Betanzos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia o apoio á moción, por canto o seu grupo xa expuxo estes temas na Comisión de Tráfico.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tras facer referencia ás comisións informativas e monográficas e á asistencia ás mesmas, considera que se teñen

distintas zonas de aparcamento e que en breve se fará realidade unha iniciativa para aparcamentos en superfície, conxugando e impulsando aparcamentos libres cos de pago.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, en referencia ás comisións, sinala a imposibilidade de debate por non se lle facilita-la documentación. Por outra banda tamén sinala a tardanza no que respecta á Comisión de Seguimento do Plano, sobre o que xa se pediron suxestións hai tres anos, esperando que se poidan aportar ideas cando se faga o avance. Insiste en que a moción vai no sentido de que se poña o memo celo en dotar de aparcamentos gratuítos que en vixia-los outros aparcamentos, por parte do Concello e a concesionaria.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en relación coa dilatación dos prazos, fai referencia á publicación do Plano de Protección do Casco, que se fixo recentemente, así como a outras manifestación que se veñen facendo na prensa, sobre cuestións do plano xeral, como o punto verde, insistindo en que unha oferta de aparcamentos variada levaría a un aparcamento gratuíto que permitira a mobilidade no tempo máis breve posible.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, non considera admisible que se transforme este punto nun debate sobre o plano xeral e en canto ás razóns da publicación do plano de protección, serán explicadas no seu momento. Polo que respecta á asistencia ás comisións, pide que despois non se diga que non hai participación en canto que a documentación si estaba nas mesmas.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se realicen as medidas necesarias na procura de crear e potenciar grandes espacios de aparcamento gratuíto no Concello de Betanzos que permitan así cubri-las necesidades de aparcamento de todo aquel que, por calquera motivo, non desexe ou lle resulte gravoso en exceso, o pagamento da ORA ou do aparcamento subterráneo nas súas visitas a Betanzos.

En explicación do voto, a Sra. Faraldo, voceira do PP, esixe que non se vertan ameazas, por canto a obriga de publica-lo plano de protección é consecuencia dunha actuación xudicial, indicándolle o Sr. alcalde que se limite a explica-lo seu voto e non a introducir novos debates.

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE AMPLIACIÓN DO MUSEO DAS MARIÑAS, BIBLIOTECA E ARQUIVO MUNICIPAL.

Dase conta de moción do PP sobre ampliación do "Museo das Mariñas", biblioteca e arquivo municipal, ó espacio que deixa libre a Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva, e que se contemple tamén a ampliación do faiado e a cobertura do patio interior, así como o estudio do persoal necesario para a atención destas dependencias. Está informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, explica a moción, baseada nas noticias sobre a situación da Sociedade Recreativa e Cultural que hoxe ocupa parte das instalacións do edificio destinado a museo, arquivo e biblioteca; moción que considera aberta e que trata de conseguir unha remodelación ambiciosa dos locais para amplia-los mesmos, solucionando o problema de persoal e de espacio que hoxe teñen tales servicios.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, pola súa banda, entendéndoa como tal moción aberta, aínda cando a considera moi concreta, considera a necesidade da ampliación, pero descoñece se a proposta é posible, ben porque non sexa factible ou porque non este permitida algunha das propostas que se fan, polo que manifestan o seu apoio condicionado ós estudios correspondentes e á problemática da financiación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que pode haber factores que impidan o que se pretende, polo que pide un estudio en profundidade e concienzudo no momento en que a sociedade abandone os locais, e mentres que o asunto quede perndente.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, non ve a necesidade de que se retire a moción, na que só se aportan ideas que quedan condicionadas a o que se diga tecnicamente.

O debate mantense nos mesmos termos, polo que o Sr. alcalde somete o asunto a votación e o Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez; e dous do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción.

6.- PROPOSTA SOBRE DIVERSAS ACTUACIÓNS DE RENFE.

Dase conta de proposta sobre diversas actuacións de RENFE, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, pon de manifesto o seu voto favorable, anque non constan as obras a realizar, sendo coñecedores delas.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, tamén se manifesta positivamente, considerándoo un avance.

- O Sr. alcalde reitera que a documentación está sempre a disposición dos Sres. concelleiros, cumpríndose a normativa coa documentación máis ampla posible.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º) Acepta-la proposta que RENFE realiza ó Concello sobre supresión de pasos a nivel no Concello de Betanzos, mediante escrito de data 2 de abril de 2001, núm. rexistro de entrada 2177, coas seguintes puntualizacións: A) Adquisición de terreos necesarios para as obras a realizar.- O Concello prestará a súa axuda e apoio na xestión e adquisición por parte de RENFE dos terreos necesarios para a realización das obras. B) Proxectos técnicos a realizar e desenvolvemento das obras.- Os proxectos que RENFE confeccione e o posterior desenvolvemento das obras necesarias para a supresión dos pasos a nivel p.k. 5/251 e p.K. 5/697, será consensuado co Concello e os seus técnicos municipais. C) Supresión do paso a nivel p.k. 521/749.- Para suprimi-lo paso a nivel p.k. 521/749, será necesaria a apertura total e a pavimentación dos camiños sinalados no plano xunto co fin de lograr unha axeitada conexión da zona. 2º) Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen el delegue para levar a cabo cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin estes acordos.

7.- PROPOSTA DE CREACIÓN DE ÓRGANO COMPLEMENTARIO.

Dase conta de proposta de creación de órgano complementario, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala a abstención do seu grupo, por entendelo un asunto de funcionamento interno e que debe respostar ó cariz que están tomando algunhas decisións municipais.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pola súa banda, tras indicar que non ten a posibilidade de análise ó que chega o grupo popular, anuncia tamén a súa abstención ó ser un acto de goberno no que non participan.

- Remata o Sr. alcalde, resaltando as interpretacións tan exactas que fai o grupo popular, coa súa capacidade de fabulación.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez; e dous do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), acorda (ó abeiro do art. 4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, onde se recoñece a potestade de autoorganización dos municipios, e de acordo co art. 20.1c) do mesmo texto legal e co 59 da Lei 5/97 de administración local de Galicia) crear formalmente, como órgano complementario, a chamada "Xunta de Delegados", a cal estará integrada por tódolos concelleiros con competencias delegadas e será presidida polo Sr. alcalde. Sendo a función da xunta a de informar ó Sr. alcalde do desenvolvemento nos diferentes ámbitos que integran as competencias delegadas, e á vista de dita información o Sr. alcalde dará as instrucións precisas para o exercicio de tales competencias.

8.- PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Antes de iniciarse o debate do punto, a Sra. Faraldo, voceira do PP, pon de manifesto a intención do seu grupo de abandona-lo Pleno, ante o acto de censura producido por non enviarlle a documentación requirida ó respecto

- O Sr. alcalde entende que é o seu dereito e que se poden manifestar como queiran.

O grupo popular abandona o Pleno.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, considera a situación como unha mostra de como se da a información, que non se debería limitar, como neste caso, que non se facilitou copia, dándose a situación como agora, que o concelleiro teña que perder toda a mañá buscando o dato da suma total do expediente que se trae ó Pleno. Acompáñase ademais un informe legal que non concreta a viabilidade de asumir unha débeda do oito por cento do presuposto, o que supón claramente unha traslación ás empresas da financiación e a conseguintes suba de prezos destas, polo que entende que se debe facer unha chamada á sensatez. Pon de manifesto o seu desacordo e a súa abstención ante o que considera un acto de goberno.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste en que se dan tódolos datos e que hai que estudia-los documentos, que un recoñecemento extraxudicial é un acto normal e regulado do que non se hai que asustar e que hai que poñer en relación con outra documentación que tamén se presentou a este Pleno como é a liquidación do presuposto, co que se verá que cadran as contas. Sinala que se cumpre a lexislación de contratos e consta o informe favorable.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, insiste, dando lectura ó documento no que se facilitou o importe total do expediente, que non constaba e ó documento da liquidación do presuposto, o que da lugar a diversas interpretacións sobre os datos do remanente de tesourería.

- O Sr. alcalde intervén para aclarar que non se vai fotocopiar toda a documentación que consta nos plenos, e menos en casos como este que se da certa intimidade nos datos que afectan a diversos industriais da localidade, o que xa se puxo de manifesto por algúns a esta Alcaldía; insiste en que se facilita a información necesaria pero quere aclarar que non se van facilitar tantas copias como queiran.

Seguen actuacións no mesmo senso, sobre a falta de suma total do expediente, que segundo sinala o alcalde se facilitou posteriormente.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Srees.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López) e a abstención dos outros dous concelleiros presentes (do grupo nacionalista, Srees.: Doporto, Otero) e dos outros cinco concelleiros que se ausentaron (do PP, Srees.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda aproba-lo recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 109.522.775,- ptas., consonte a relación incorporada ó expediente.

Despois da votación incorpóranse os concelleiros do grupo popular, se ben non o fai o Sr. Agraso.

9.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO.

Dase conta ó Pleno de modificación das normas subsidiarias de planeamento, ó obxecto da súa aprobación inicial, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que cando se tratou inicialmente esta modificación, no Pleno, obrigouse a que se fixera conxuntamente, o que se presenta de novo, anque sinala que na documentación non constaba o referente á parcela que se adica a centro de saúde. Tal punto é corroborado polo Sr. Erias, quen engade que noutra ocasión haberá que facerse acompañar de testemuñas.

A indicación e pregunta do Sr. alcalde, tales afirmacións son desmentidas rotundamente polo secretario.

En relación co asunto a Sra. voceira indica que coa mesma matización que daquela, van votar agora afirmativamente, se ben considera que se segue sen rectifica-la confusión que se produce en canto á modificación para o centro de saúde co compromiso cun promotor particular.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica a súa postura en contra, xa que se pretende facer un plano en breve non se entende por que non se deixa ós redactores do plano diberdade, sen incluir condicións, neste caso para un promotor privado, uníndose á crítica do tratamento conxunto das modificacións que considera non é de recibo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, insiste na presentación dun expediente de modificación das normas subsidiarias ó Pleno, con independencia do que inclúa, dando conta do trámite que segue. Indica que na Comisión Informativa tamén estaba o expediente completo e respecto ás críticas vertidas, sinala que non se vai votar zona por zona cando se presente a revisión do plano, senon que haberá unha votación global.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de catorce concelleiros presentes (dez do PSdeG-PSOE, Srees.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López, e catro do PP, Srees.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez) e o voto en contra dos outros dous concelleiros presentes (do grupo nacionalista, Srees.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico Municipal, referido ó Paseo da Galera e parcela do Carregal-esquina Fraga Iribarne. 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria.

10.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE FAMILIA PARA ACONDICIONAMENTO DA GARDERÍA.

Dase conta ó Pleno de convenio de colaboración coa Consellería de Familia para acondicionamento da gardería infantil municipal, informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica o seu voto favorable.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, tamén indica o seu voto favorable, dado o desenvolvemento que supón o investimento, realizándose por ámbolos dous voceiros unha serie de apreciacións sobre o contido do convenio e a xestión da gardería.

- O Sr. alcalde sinala que a tal respecto se está aberto a todo tipo de suxestións, dentro das indicacións legais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo convenio de colaboración coa Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para o financiamento de obras de acondicionamento da gardería infantil de San Francisco, asumindo expresamente tódalas obrigas que no mesmo se conteñen. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do citado convenio e demais trámites relacionados co mesmo.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

*Formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

- Exponse non entender por que este ano a liquidación do presuposto veu só para dar conta ó Pleno e non, coma outros, para debate.

O Sr. alcalde lembra á Sra. voceira do PP que os rogos e preguntas non son para facer discursos nin para presentar novas mocións.

A Sra. Faraldo protesta polo que entende que tamén se trata de limita-lo tamaño dos mesmos.

Lembra o Sr. alcalde que é costume traer ó Pleno tódalas mocións dos grupos, a eles deben remitirse.

E ademais:

- Que amparo lexislativo ten a retirada de vehículos da zona hora, sen que o vehículo teña acumulación de sancións por mal aparcamento.

- Que amparo xurídico ten a pretensión do Concello de querer cobrar ós veciños censados no casco histórico as tarxetas de acceso para os vehículos.

- Por que o equipo de goberno do municipio de Betanzos non concedeu ningunha axuda á clase de bacharelato do instituto "Francisco Aguiar" que vai participar no "rallye" de matemáticas en Francia, mentres os municipios limítrofes que tiñan alumnos na mencionada clase concederon a razón de 25.000,- ptas. por alumno do seu municipio.

- Por que en ocasións anteriores o cerre económico do exercicio anterior era un punto da orde do día no Pleno, de forma que a oposición o podía debater, mentres que agora se trae só para dar conta ó Pleno.

- Que tramites se realizaron no Concello para levar a cabo a reordenación do trafico e aparcamento na zona dos soportais; estase a realizar cumprindo a normativa ó efecto; detállense as actuacións levadas a cabo ata o momento.

Polo grupo municipal do BNG:

- Estanse producindo en demasiadas ocasións verquidos ó río Mendo que proveñen do colector situado á beira da ponte das Cascas. Rogamos ó goberno municipal que se dirixa a Aquagest para que non se repitan.

- Recentemente aprobouse neste Pleno presentar alegacións a un proxecto de aproveitamento hidroeléctrico no río Mendo. Temos entendido que xa estamos no momento prodemental de presentalas ¿fíxose ou vaise facer?.

- Neste concello existen en varias rúas colectores de recollida de roupa da ONG "Humana". Recentemente saíron na prensa noticias de que varios concellos, despois dunha investigación, concluiron que tal ONG non cumpría os fins que declaraba perseguir. Rogamos que se investigue e en caso de ser así se tomen as medidas oportunas.

- Rogamos, novamente, que se arranxe a beirarrúa á altura do número 21 do paseo do Malecón. O seu estado ten provocado diversos accidentes ós veciños que é necesario evitar.

*Así mesmo, dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (23-03-01):

Polo grupo municipal do PP:

1ª.- O contencioso do INEM a data de hoxe non ten custas.

2ª.- Non hai coñecemento de demandas nin reclamacións por terreos no Concello.

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

1ª.- Non se contestou por parte da Xunta ás diversas peticións formuladas polo Concello, para a mellora da seguridade vial na zona do Carregal.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Perez

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristobal Victor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.

D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do xoves día trinta e un de maio de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta da sesión ordinaria que tivo lugar o pasado día vintesete de abril.

2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE PLANOS DE INVESTIMENTO DA DEPUTACIÓN.

Antes do inicio deste punto incorpórase o Sr. Carro Galeiras.

Dase conta de moción do BNG sobre planos de investimento da Deputación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, explica o contido da moción, que entende supón esixi-lo cumprimento dos acordos da Deputación, que produciron un dano considerable ós concellos da provincia.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, comenta sobre o carácter de moción tipo da que se presenta e anuncia a abstención do seu grupo, por canto xa teñen representantes na Deputación que pensaron e analizaron a medida. Por outra banda, se se rebaixa, o diñeiro que se aforra irá parar a outros investimentos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, fai referencia a que o asunto se debateu en Pleno da Deputación e que se está a negociar, anque non se adoptou acordo concreto non se dubida de que as baixas das obras deben repercutir nos concellos. Anuncia o voto favorable por entende-la actuación prexudicial para o Concello.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece o voto e lembra que cando analice o doutras institucións sempre defenderá os intereses municipais, con independencia do que se diga noutros foros.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, engade que considera superado o tempo do medo, como sucedeu noutras mocións en que se opuxeron ós intereses do seu grupo noutras institucións.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1.- Manifesta-lo rexeitamento ó acordo adoptado pola Deputación da Coruña o 16 de maio, polo que se procede á anulación dos compromisos de reinvestimento da Deputación nos diversos planos de baixas, e que para o noso Concello supón a perda de 272.607 pesetas. 2.- Realizar desde os servicios xurídicos do Concello o informe correspondente ó respecto da posible falta de soporte xurídico da medida adoptada pola Deputación e, se fose o

caso, presenta-la correspondente reclamación. 3.- Enviar copia deste acordo á Deputación, solicitando que se deixe sen efecto o citado acordo adoptado polo Pleno, mantendo os dereitos que lle corresponden ó noso Concello.

3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O PORTO DE BETANZOS.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, da conta de moción presentada polo seu grupo sobre o porto de Betanzos. Fai referencia a que hai un ano o grupo popular anunciou unhas cantas actuacións, como acostuma, na zona, que na actualidade segue nun penoso estado.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, acusa ó BNG de apoderarse das actuacións propias e sinala que o seu grupo traballa polo porto e vai seguir traballando, anque xurdiron problemas personais que paralizaron os trámites.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que a moción reincide sobre algo xa acordado polo Concello, o que levou a incluir en diversos programas actuacións no porto, dado o seu potencial de atractivo turístico, anunciando o seu voto a favor.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, insiste nas súas acusacións ó grupo popular, sobre o que anunciaron e o que fixeron que é todo cara á galería, cun uso partidista das institucións, xa que todo se presenta como que se realiza na sé do PP.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, entende que hai un total descoñecemento do que fai o PP, xa que a xente sabe onde se fan as cousas, aportando ideas e abrindo proxectos e traballando coa xente que os quere levar a cabo e todo en aras de presentar iniciativas non buscando o voto de ninguén, xa que non son sectarios nin cerrados a que se presenten cantos máis proxectos mellor.

- O Sr. Botana, voceiro do grupo nacionalista, insiste, en relación a comentarios realizados sobre a recente feira do viño, que a mesma se debe á asociación de viticultores, non ó PP, como se quere facer ver.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Dirixirse á Xunta de Galicia para manifestarlle o apoio do Concello de Betanzos á proposición non de lei presentada polo BNG na que se solicita: 1º) Aprobar un proxecto de mellora das instalacións do porto fluvial de Betanzos que inclúa: a limpeza, eliminación de verquidos, a reordenación dos espacios e uso portuarios, a dotación de servicios e a urbanización da zona. 2º) Acorda-lo dragado e posterior ampliación do peirao como medida necesaria para a dinamización das actividades empresariais e contribución á mellora da imaxe turística de Betanzos.

4.- MOCIÓN DO PP SOBRE RESTRICCIÓN DO TRÁFICO NO CASCO ANTIGO.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, dá conta de moción presentada polo seu grupo, que conta co dictame da Comisión Informativa, que pretende que non se instalen as tarxetas de acceso ó casco antigo e os "bolardos" para a restricción do tráfico, é dicir, o proxecto de peonalización do grupo de goberno, ata a conclusión das obras da rúa do Castro.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que na presentación da moción, así como nos medios de comunicación, dase conta dunha subvención para actuacións no casco histórico, da que aínda non se tén comunicación oficial, o cal, ademais de supoñer unha absoluta falta de d elicadeza, atenta ó estado de dereito e ás relacións que se deben manter entre as Institucións. Por outro lado, fai referencia ás distintas actuacións que se veñen realizando no caso, non estando de acordo en ter que suspender algo que xa se está facendo, sen prexuízo de reestudia-la peonalización como se vén facendo na comisión correspondente.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pon de manifesto a súa coincidencia co voceiro socialista, en canto á falta de respecto institucional que se pon de manifesto, o que leva aparellado o concepto de apropiación da administración que se está facendo na Comunidade Autónoma. Insiste en que a consellería que administra a todos debe transmitir á institución as actuacións que acorde, xa que darlle traslado a un partido é a maior falta de respecto que se pode realizar. Doutro lado, no que respecta ó fondo da cuestión, compártese a idea de que as obras se deben realizar despois do verán, anque non se debe presentar como excusa en contra da peonalización, sobre a que o PP non ten unha idea clara nin presenta alternativas. Anuncia o seu voto negativo.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que a súa información procede das horas que lle adica e dunha administración que funciona ben e que informa a calquera responsable político que o pide, non como pasa no Concello.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, insiste en que a actuación é representativa dun modo de actuar en política, que o seu grupo rexeita e que pon de manifesto unha total falta de respecto, entendendo que hai que defende-la institución local.

Seguen outras declaracións do Sr. voceiro do grupo socialista no mesmo senso, indicando que se denunciara a situación e a inxerencia producida ante os distintos grupos políticos do Parlamento Galego, engadindo outro exemplo en tal sentido, como é as subvencións da Deputación, que xa se anuncian antes de ser solicitadas, o que ó seu xuízo supón un desprezo ós seus propios compañeiros da Deputación, á parte dun claro exemplo de utiliza-las institucións con fins partidarios, tema gravísimo nun estado de dereito totalmente contrario á autonomía municipal.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, quere aclarar que antes de esixir respecto institucional habería que exercer respecto individual, acusando ó voceiro socialista de demagoxia, por canto eles non actúan coa total discrecionalidade do PSOE, senon baseándose en parámetros claros que permiten calcular máis oumenos o que lle vai tocar a cada concello.

- Conclúe o debate o Sr. alcalde, esixindo á Sra. Faraldo que o mesmo se axuste ás normas e non se fagan alusións que non corresponden, sinalando que se estaba a falar de problemas de tráfico, sen prexuízo de que é evidente a falta de respecto institucional que manifesta o PP e que en tal sentido se dirixiría ós distintos organismos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable dos cinco concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e o voto en contra dos outros doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda rexeita-la moción.

5.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE PROXECTO DE LEI DE CALIDADE DAS AUGAS.

Preséntase ó Pleno moción do grupo socialista relacionada co proxecto de lei de calidade das augas, que conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, expón unha diferencia de fondo sobre a moción, ós respecto da titularidade das competencias, que as debe asumi-la Xunta. Manifesta a súa postura en contra do proxecto de lei por falta de acordo e anuncia a súa abstención.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala tamén a súa abstención, por entender que compete ós representantes do Parlamento, polo que debe ser debatido noutros foros.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE entende que o proxecto afecta ás augas residuais e incide de maneira desfavorable na autonomía municipal, polo

que non negando as competencias doutras administración, hai que esixir unha negociación coa FEGAMP para mante-lo respecto a esa autonomía.

- Remata o Sr. Otero, voceiro do BNG, engadindo que está de acordo no diálogo, non con establecer "apriorismos".

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Rexeitar con firmeza o proxecto de lei de protección da calidade das augas da rías de Galicia e de ordenación do servicio público de depuración de augas residuais urbanas por lesionar gravemente as competencias e os intereses municipais. 2º.- Solicitar diante da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas a apertura dun período de negociación institucional entre a administración autonómica e a local, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, ó obxecto de elaborar un novo marco normativo que desde a autonomía e competencias das partes implicadas se establezan os mecanismos de colaboración e cooperación necesarios de cara a acada-los obxectivos que se pretenden no enunciado da lei.

6.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE TRÁFICO SOBRE MEDIDAS DE SEGURIDADE VIAL.

Dase conta ó Pleno de moción do concelleiro delegado de tráfico relacionada con medidas de seguridade vial, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, móstrase favorable, propoñendo o estudio da supresión de prazas de aparcamento en tal punto para mellora-la visibilidade.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pide que se amplíe a moción a outros dous problemas, cales son a incorporación á estrada de Sada na curva da Angustia e a colocación dun semaforo no colexio de Atocha.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera oportuna a inclusión, xunto coa colocación dun semáforo na Magdalena, se ben sinalando que tódalas actuacións propostas son competencia do Ministerio de Fomento.

En consecuencia, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Dirixirse á Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento en solicitude das seguintes actuacións: a) Instalación dun semáforo para a regulación do tráfico na encrucillada da Nacional 651, Betanzos-Ferrol e a CP-0906; b) Solución ó problema da incorporación á estrada de Sada na curva da Angustia e a colocación dun semaforo no colexio de Atocho na saída da N-VI cara a Lugo; c) Colocación dun semaforo na Magdalena. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro delegado para realizar cantos actos ou xestións foser necesarios para facer efectivo o presente acordo.

7.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE REITERACIÓN DE PETICIÓN DE AUDITORIO Á XUNTA DE GALICIA.

Dase conta de moción da Alcaldía relacionada con reiteración de petición de auditorio á Xunta de Galicia, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar ás consellerías da Presidencia e Cultura da Xunta de Galcia, a construcción dun auditorio en Betanzos. 2º.- Facilita-los terreos para a ubicación do mesmo que en principio se consideran no contorno do Pasatiempo ou na zona do Ambulatorio, sen prexuízo de que poidan existir outras iniciativas mellores que se estudiarían e valorarían. 3º.- Xuntar a esta solicitude as

adhesións de diversas entidades culturais, sociais e educativas de Betanzos. 4º.- Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para que desenvolva tódolos extremos da moción presentada.

8.- ESCRITO DE VECIÑOS SOBRE SINAL DE TELEVISIÓN.

Dase conta de escrito de veciños da zona de Saavedra Meneses, Mandeo e zonas lindantes sobre problemas de recepción dos sinais de TV, que vén dictaminado pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda dar traslado do devandito escrito á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, á Televisión de Galicia e a Retevisión, ó obxecto de que procedan a subsana-las deficiencias de recepción dos sinais de televisión.

9.- RATIFICACIÓN SOLICITUDE DE AXUDA PARA DIVERSOS SERVICIOS SOCIAIS.

Dase conta de solicitude de axuda para diversos servicios sociais realizada á Xunta de Galicia. Está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo acordo adoptado pola Comisión de Goberno en data 31 de xaneiro de 2001, ó respecto da Orde do 28 de decembro de 2000 (DOG nº 8 do 11-xaneiro-2001), de solicitude de axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestacion de servicios sociais polas corporacións locais e á accesibilidade e eliminación de barreiras, que di: "acollerse á mesma para solicitar: 1º.- Servicios sociais comunitarios (de atención primaria): mantemento e ampliación de persoal (1 psicóloga, 3 traballadores sociais, 1 pedagogo, 1 educador social, 1 animador sociocultural, 1 auxiliar administrativo e 1 limpadora); mantemento da xestión dos servicios sociais comunitarios; mantemento e ampliación do programa de axuda a domicilio (6 auxiliares do fogar, ampliación a xornada completa das 3 auxiliares existentes e contratación dunha nova a xornada completa); mantemento do programa de captación de voluntariado e cooperación social; mantemento do programa de emerxencia social; campaña de difusión dos servicios sociais no medio rural; mantemento dun programa de educación familiar; mantemento do programa de intervención dirixido ás mulleres do grupo de vivendas "Martín Ballesteros". Así mesmo proponse que os servicios sociais comunitarios derivados de prórroga se continúen prestando nas mesmas condicións que o pasado ano. 2º.- Equipamento e mobiliario de centros sociais: centro social da Ribeira e centro social de Saavedra Meneses. 3º.- Servicios sociais de atención especializada: mantemento e programación do centro social da Terceira Idade.. 4º.- Proxecto de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas. 5º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites consideren oportunos para o bo fin destes acordos.

10.- PROPOSTA SOBRE XESTIÓN DA PISCINA DESCUBERTA.

Dase conta de proposta para a xestión da piscina municipal descuberta de próxima apertura, mediante modificación contractual do servicio de piscina e actividades deportivas, que tén como concesionario á empresa Deside SL. Consta informe favorable e dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala o seu voto en contra como xa ten anunciado, por non realizarse un concurso público, así como a concesión que se fai para obte-los beneficios da cafetería, a unha empresa privada. Tal situación, denuncia, non se dá nas administracións que o seu partido dirixe.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, coincide coa voceira do PP en varios aspectos, entendendo que se cometen unha serie de erros, en canto que entende que Deside non é concesionario máis que da piscina, polo que se vén apropiando de labores que non lle corresponden. Outro erro que sinala é a inexistencia dun presuposto na oferta, xa que se trata dun presuposto orientativo. Considera que non procede uni-la xestión das piscinas e que se deben esixir diversas ofertas de xestión da cafetería, en canto que non está distribuído o que corresponde ás instalacións e á cafetería. Anuncia o seu voto en contra polo que considera un defecto de forma.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que cada un fala do que lle interesa, ninguén sinala que o servicio se vai prestar gratuito, de que existe un informe e de que o concesionario actual éo como consecuencia dun concurso público realizado no seu día. Critica que só se poñe o énfase nun ambigú, que se lle quere chamar cafetería e que se considera como o gran negocio do verán. Da conta das xestións levadas a cabo nas obras e recepción da pisicina, levada a cabo pola Deputación e refírese ó cumprimento das leis de contratación para a xestión dos servicios públicos, concluíndo que o que parece é que os grupos da oposición non queren que se abra, anque afirma que se vai abri-la piscina, sendo importante para Betanzos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pide que o ano que vén se saque a concurso público. Coincide en que anteriormente a piscina cuberta, non o polideportivo, si foi adxudicada por concurso, cunha mesa de contratación moi sonada. Por outra parte non considera que a piscina sexa gratuita, en canto lle vai costar ó Concello cincocentas mil pesetas ó mes, que sairán dos impostos. En canto ó ambigú, pide que se garden as formas, criticando a forma de presentarse a proposta que se realiza pola empresa, engadindo que existen motivos máis que sobrados para votar en contra.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, segue na disputa de considerar un ambigú ou unha cafetería, pero o que non se expón é a necesidade do interese alegado para a modificación contractual, sinalando que xa se verá o próximo ano. Rexeita tamén a explicación da gratuidade e está en contra da forma de outorgamento, pedindo que se garden as formas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste nos seus posicionamentos, acusa de non le-los informes e manterse no non por sistema.

Segue unha intervención do Sr. Martínez, que interrompe o Sr. alcalde, que considera esgotadas as quendas, o que dá lugar a que o Sr. Martínez o considere unha falta de tolerancia.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López) e o voto en contra dos outros sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Modifica-lo contrato que se mantén coa empresa Deside SL, para a xestión do servicio de pisicina e actividades deportivas, ampliándoo durante a tempada de verán que comeza, á xestión da piscina municipal descuberta, cun importe de 1.500.000,- ptas. por dita tempada, nas condicións sinaladas na oferta presentada. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para a formalización do presente acordo e cantas xestións fosen necesarias a tal fin.

11.- <u>PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN EN ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO.</u>

Dase conta de proposta de participación na "Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Betanzos", que ven dictaminado pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Que este Concello participe na constitución dunha asociación de desenvolvemento integrada polos concellos de Aranga, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza dos Ríos e Paderne, xunto coa propia Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos, así como con outras entidades privadas, representativas da comarca, coa finalidade de concorrer ás convocatorias de iniciativas e programas europeos de desenvolvemento rural. 2º.- Designar ó Sr. alcalde-presidente do Concello, ou persoa que legalmente o substitúa, como representante na comisión que elaborará os estatutos de asociación; facultándoo expresamente para que en nome e representación deste Concello participe na sesión constitutiva da devandita asociación, aprobe os estatutos polos que deberá rexerse, e asine toda a documentación necesaria para tal fin. 3º.- Comprometerse o Concello a cofinancia-la súa parte proporcional da aportación total da administración local ó Leader + Comarca de Betanzos, e adopta-lo acordo da cantidade correspondente a cofinanciar, no primeiro Pleno que se realice, unha vez sexa concedido o proxecto Leader + Comarca de Betanzos.

Fóra da orde do día, sométese a consideración da Corporación a inclusión da aprobación do proxecto reformado da obra "pista polideportiva cuberta" e o Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a Corporación Municipal, acorda a súa inclusión por urxencia.

APROBACIÓN PROXECTO REFORMADO DA OBRA "PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA"

O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, da conta de comunicación da Deputación Provincial da Coruña relacionada coa aprobación do proxecto reformado da obra "pista polideportiva cuberta" do Concello de Betanzos, incluída na 4ª fase da primeira programación plurianual das obras a contratar pola Deputación, no marco do convenioo Xunta-Deputación 1997-2001 para a reforma e construcción de instalacións deportivas, código 99.7450.0004.0.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-lo devandito proxecto reformado da obra "pista polideportiva cuberta" do Concello de Betanzos.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (27-04-01):

Polo grupo municipal do PP:

1.- A retirada de vehículos na zona ORA e no resto dos espacios do termo municipal de Betanzos realízase tendo en conta a normativa que regula o aparcamento.

2.- As tarxetas de acceso para os vehículos ó casco histórico serán gratuítas para os veciños censados no mesmo.

3.- O goberno municipal de Betanzos concedeu unha axuda para o "rallye" matemático no que participou o instituto "Francisco Aguiar". A contía da mesma e as condicións nas que se concedeu foron comunicadas ós responsablels do referido centro.

4.- A liquidación do presuposto, tal e como legalmente corresponde, púxose en coñecemento do Pleno para información do mesmo.

5.- A reordenación do tráfico e do aparcamento na zona dos soportais, fíxose para dar cumprimento ós acordos establecidos polo Concello.

Polo grupo municipal do BNG:

1.- O Concello presentou diversas iniciativas relacionadas co aproveitamento hidroeléctrico do río Mendo que, segundo parece, foron tidas en conta.

*Formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

1.- Copia da axuda concedida para o "rallye" matemático.

2.- Que se tramite debidamente a moción sobre a caseta de obras públicas fronte ó colexio.

3.- Que se investigue e se cuide a documetación que se entrega.

4.- Traslada queixas de empregados sobre á apertura de correo, facendo referencia ó control do rexistro de entradas.

5.- Expón a posibilidade de que se abra a porta do Liceo ás 8 horas.

Polo grupo municipal do BNG:

1.- Solicitude de acondicionamento do campo dos Caneiros e do camiño de acceso a el desde Betanzos.

2.- Solicitude de cubrición cun elemento artístico de madeira do colector de vidro existente na rúa Ana González ó lado do convento de S. Francisco.

3.- Solicitude dun estudio de desvinculación institucional da festa do viño.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e corenta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDE *

Asdo.: Manuel Lagares Perez

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIO *

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEUN DE XUÑO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asiste:
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Ángel David Murado Codesal.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do xoves día vinteun de xuño de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta da sesión ordinaria que tivo lugar o pasado día trinta e un de maio, coa moficación do voceiro do BNG no punto 6, que era o Sr. Doporto.

2.- MOCIÓN DO PP SOBRE ACONDICIONAMENTO DE TERREOS PARA APARCAMENTO DE CAMIÓNS.

Dase conta de moción do Partido Popular relacionada con habilitar unha zona específica para aparcamentos de camións, propoñendo para tal fin os terreos situados entre a estación de ferrocarril e o parque municipal.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, antes da súa intervención, quere deixar constancia de que a ausencia do seu grupo na Comisión Informativa débese a non contar coa documentación dos asuntos. No que respecta á moción, entende que é necesaria e atende ó problema do aparcamento, propoñendo unha parcela que é fácil de ordenar.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que aproposta débese trasladar a outro foro. Fai referencia ós distintos usos que se pensaron para tal parcela e entende que actualmente sería problemático adicala a este uso, estando por outra parte o concelleiro de tráfico aportando solucións, polo que pide que se pense nun estudio global e consensuado.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, apoia a moción e aínda cando considera o problema do uso da parcela que se debe resolver a través do plano xeral, considera factible o seu acondicionamento aínda con carácter provisional. Coincide en que esa parcela parece a panacea para tódolos problemas, pero non se concreta nada, mentres sigue habendo desorganización no aparcamento de camións.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, insiste no seu razoamento que entende adecuado e na existencia de lugares para o aparcamento, sen predetermina-lo destino a fixar á parcela.

Sometido o asunto a votación o Pleno, co voto a favor de seis dos concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero)e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción presentada.

3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE TRASLADO ESTACIÓNS DE SERVICIO.

Dase conta ó Pleno de moción do BNG sobre traslado das estacións de servicio emprazadas no casco urbano betanceiro, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto indica que se pretende un debate entre os grupos ó respecto sen prexuízo de estar de acordo en traslada-la decisión do asunto ó plano xeral, o cal non supoñerá a súa resolución, sen un compromiso do equipo de goberno que conduza a conseguir novas zonas e espacios verdes.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, amósase partidario do seu estudio no plano xeral, referíndose ás normas do 97, nas que xa se prevía algo ó respecto.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, amósase tamén favorable, entendendo necesario o acordo facendo unha crítica sobre as zonas verdes, o que dá lugar a que o voceiro do PSdeG-PSOE se explique sobre a dificultade da xestión destas zonas.

- Remata o Sr. alcalde resaltando a dificultade do tema, sen prexuízo do seu estudio, en canto aspiración e tendencia de tódalas cidades.

O Pleno, por unanimidade, acorda a inclusión no plano xeral de establece-los convenios necesarios cos actuais propietarios das estacións de servicio emprazadas no carco urbano betanceiro para levar a bo termo o traslado das mesmas a emprazamentos fóra do casco urbano.

4.- PROPOSTA DE SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta de proposta de solicitude á Deputación Provincial da Coruña relativa a inclusión no Plan XXI de pequenas obras e subministros na provincia da Coruña, informada pola Comisión de Programación.

Os grupos políticos manifestan o seu acordo, insistindo a Sra. Faraldo, voceira do PP, en que as obras se leven a cabo con prontitude.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la solicitude de incorporación ó Plan XXI de pequenas obras e subministros na provincia da Coruña, no que se aceptan as bases do plan, por dispoñer das instalacións sobre as que pretende realiza-lo investimento, comprometéndose a realizar tódolos trámites para a obtención de autorizacións, concesións, para os seguintes subminisitros: "subministro de mobiliario urbano", por importe de 3.837.071,- e "subministro de mobiliario urbano (xardineiras e plantas)", por importe de 3.049.698,-, aprobando a memoria dos proxectos presentados.

5.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CESIÓN DE LOCAL PARA CENTRO DE DESENVOLVEMENTO COMARCAL.

Dase conta de moción da Alcaldía sobre cesión de local para centro de desenvolvemento comarcal, dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece que despois das distintas ofertas se determinara xa unha sé para a Fundación Comarcal, facendo referencia ó devir da decisión e á financiación que se deu noutros lugares. Considera a proposta como dinamizadora do casco antigo, facendo outras consideracións sobre o local proposto.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, relata as propostas que fixo o seu grupo ó respecto, anunciando o seu voto favorable para non entorpece-lo establecemento da fundación, en tanto non xurdan outras alternativas.

- O Sr. alcalde entende que o local que se propón é axeitado, indicando que a fundación actúa hoxe ocupando un local e tódolos medios que lle facilitou o Concello. a cesión é consecuencia da colaboración institucional e como resposta ás necesidades da comarca, servindo ó tempo á dinamización do casco.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- A cesión da planta alta do mercado municipal para sé da Fundación Comarcal de Betanzos. 2.- Facultar amplamente ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para que materialice os trámites necesarios para levar adiante esta cesión.

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA.

Dase conta de proposta dal Alcaldía en solicitude á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, dictaminada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica o seu voto positivo solicitando que o traslado desta proposta non se faga como outras, senon que se realice nas debidas condicións, o que da lugar a un debate co voceiro do grupo socialista sobre o respecto a ter acerca dos funcionarios.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, quere aclarar que a obra refírese á reurbanización, non concretándose no proxecto os servicios, que considera escasos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto dos distintos grupos e entende que o proxecto está concretado.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Dirixirse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, solicitando a execución da obra "urbanización das avenidas Linares Rivas e Jesús García Naveira", redactada polo enxeñeiro de camiños D. Manuel Pisos Veiga. 2.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites necesarios para levar a bo fin esta moción.

7.- ADHESIÓN Á CANDIDATURA DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE BETANZOS.

Vista a proposta realizada, o Pleno, por unanimidade, acorda: PRIMEIRO.- Que este Concello apoie a solicitude da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos á iniciativa comunitaria Leader +. SEGUNDO.- Este Concello comprométese a cofinancia-la súa parte proporcional da aportación total da administración locar ó Leader + Comarca de Betanzos, e adopta-lo acordo da cantidade correspondente a cofinanciar, no primeiro Pleno que se realice, unha vez sexa concedido o proxecto Leader + Comarca de Betanzos.

8.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE PARCELA NO PASATIEMPO.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia a súa abstención por tratarse dunha xestión puramente administrativa que non comparten, igual postura que a que manifesta a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, en engade o non seren invitados ás mesas de contratación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, explica o expediente, que considera axeitado á normativa vixente.

Visto o expediente tramitado, tendo en conta a proposta da mesa de contratación, o Pleno do Concello, co voto a prol dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez; e dous do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Adxudicar a D. Manuel Ricardo Casal Álvarez, DNI nº.: 32808997, a concesión dunha parcela no parque do Pasatiempo, coas características que se indican no prego de condicións do concurso convocato ó efecto, cun canon anual de cincocentas mil pesetas (500.000,- ptas.) actualizables segundo o IPC, para

construcción de cafetería, restaurante ou semellante, consonte o devandito prego de condicións, as obrigas do cal, así como as que se deriven da oferta presentada, quedarán incorporadas ó contrato. 2º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a formalización do presente contrato en documento administrativo público segundo conveña.

9.- PROPOSTA APROBACIÓN ORDENANZA PREZO PÚBLICO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.

Dase conta de proposta de aprobación da ordenanza prezo público pola prestación do servicio de axuda a domicilio, informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia a súa abstención ó igual que no punto anterior, por entender que son actos de goberno non que non participa.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, en canto que foi a mesma postura que mantivo ó aproba-las últimas ordenanzas, tamén mantén a súa abstención. Indica, por outra banda, que o seu grupo solicitou o listado de persoas que acceden ó servicio e nor se lles facilitou.

O Pleno do Concello, co voto a prol dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aproba-la ordenanza prezo público pola prestación do servicio de axuda a domicilio. 2º.- Que se continúa a súa tramitación regulamentaria, considerándose aprobada definitivamente se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

10.- PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO NO PLANO PARCIAL POLÍGONO 3 SAU-5 DE PIADELA.

Dase conta de proposta de convenio urbanístico que se presenta para execución do planeamento no polígono 3 do SAUI-5 de Piadela, no que respecta á materialización do aproveitamento de cesión obrigatoria. Constan informes e dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia a súa abstención. Respecta os informes técnicos, pero considera que o que se pretende é un equilibrio presupostario, presentándose unhas valoracións moi "sinxelas", en canto que as técnicas de valoración, aínda cando teñen certa relatividade, deben de ser máis razonadas.

- A mesma postura de abstención sinala a Sra. Faraldo, voceira do PP.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que a Lei do solo establece claramente a que han de ser destinados estes ingresos e en canto á valoración, compártese a que realiza o técnico.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, reafírmase no xa dito, referíndose á carencia ou deixadez nas formas de presentación da documentación, esixindo máis xustificación.

O Pleno do Concello, co voto a prol dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Aproba-lo convenio urbanístico a subscribir coa empresa Tojeiro Transportes SA para o desenvolvemento do polígono número 3 do SAUI-5 de Piadela, aprobando a valoración presentada, por importe de 44.924.400,- ptas.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de iniciar este punto o Sr. alcalde anuncia a celebración do "Congreso de Cidades entre 5.000 e 50.000 habitantes", que terá lugar en Betanzos, polo que se queda aberto ás aportacións que queiran face-los Sres. concelleiros.

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (31-05-01):

Polo grupo municipal do PP:

1.- As axudas que se concederán dentro da subvención anual ó IES "Francisco Aguiar", inclúen unha colaboración económica para o "rallye" de matemáticas, como xa se lle manifestou ás autoridades académicas do referido centro.

*Formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

1.- A Sra. Faraldo aporta documentación que ó seu xuízo acredita as mentiras manifestadas polo voceiro do PSdeG-PSOE, en canto non había demandas no plano parcial do Pasatiempo.

2.- Roga que o soldo dos concelleiros se aboe a primeiros de mes.

3.- Pide que se solucionen os problemas dos coches retidos co cepo.

4.- Fai referencia á adxudicación de obras a unha determinada empresa na que traballa un membro da Comisión de Goberno, pedindo a súa abstención nas mesmas.

5.- Manifféstase contraria á participación de membros de protección civil na realización de fotos para mostrario de roupa infantil.

Polo grupo municipal do BNG:

1.- Pide información sobre a problemática das lanchas dos Caneiros, así como negociacións coa Subdelegación do Goberno sobre a súa legalización.

2.- Pide información sobre o estado do proxecto de limpeza dos rios.

3.- Pide información sobre o estado da 2ª fase do polideportivo do colexio "Vales Villamarín".

4.- Solicita tamén axilización do pagamento de asistencias.

- O Sr. alcalde, referíndose o tema dos Caneiros, fai referencia a mante-la comisión que xa existía con asistencia dos representantes dos grupos políticos que se considere, na que se dará toda a información.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRECE DE XULLO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos

Non asiste:

D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do venres día trece de xullo de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, o borrador da acta da sesión ordinaria que tivo lugar o pasado día vinteun de xuño.

2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE EQUIPOS INFORMÁTICOS.

Antes de iniciar este punto incorpóranse os Sres. Carro Galeiras e Martínez García.

Dase conta de moción subscrita polo grupo nacionalista, que vén informada, coa reserva de voto ó Pleno polo grupo socialista, de maneira favorable pola Comisión Informativa de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, da conta da moción, que pretende potenciar e facilita-los mecanismos necesarios no desenvolvemento tecnolóxico, mediante a dotación de equipos informáticos de acceso a Internet, que supón posicionar ó noso Concello como punteiro en novas tecnoloxías, sinalando que, anque tiveron noticia despois de presentada a moción do convenio subscrito polo equipo de goberno coa Deputación, entende que a moción que se presenta é máis ambiciosa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta que parece estar ás carreiras con respecto ó proxecto da Deputación sobre este aspecto, sinalando que o diñeiro que se vai investir será da Deputación e que a xente saberá de onde vén o diñeiro e as ideas. Anuncia o seu apoio á moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ninguén pode negar a betanzos o carácter punteiro no desenvolvemento destas novas tecnoloxías

cando hai máis de dous anos o Concello, cos seus propios medios, dotou dunha aula informática con acceso a Internet ó colexio público. Agora o Sr. alcalde asistiu á presentación dun convenio coa Deputación que parece axeitado polo que se vai seguir con ese convenio. Remata realizando dúas afirmacións: que o diñeiro non é da Deputación senon dos impostos de tódolos cidadáns e segundo, que votarán desfavorablemente por canto a moción se separa en parte do convenio citado.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pregunta se o carácter punteiro do Concello está na súa páxina web, que critica, indicando que así mesmo o ratio de ordenadores nas dependencias municipais é escaso. Entende que sen prexuízo de que o diñeiro lle corresponda ós concellos, hai que felicitar á Deputación pola idea.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica á Sra. voeira do PP que na súa moción non hai pantasmas nin o seu grupo xoga ás carreiras mediáticas, anque poida coincidirse temporalmente. Cre que se as iniciativas chocan e o que se pretende é potencia-lo acceso a Internet, non comprende por que non se poden complementa-las propostas, propoñendo que se recapacite e se faga un estudio ó respecto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que o equipo de goberno ten unha planificación realizada e ten claro onde ir, negando tamén as críticias da voceira do PP e reafirmando as iniciativas xa feitas polo Concello.

Seguen outras afirmacións no mesmo sentido, tralas que o Sr. alcalde da conta de que hai aproximadamente vinte días o Sr. vicepresidente da Deputación deu conta do programa ó que adheriu o Concello a través dun acordo da Comisión de Goberno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de seis dos concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 1 do BNG, Sr.: Doporto) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción presentada.

3.- <u>ACORDO QUE PROCEDA SOBRE ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O NORTE" DE INFESTA.</u>

Dase conta de escrito presentado polos veciños de Infesta, a través da asociación O Norte no que poñen de manifesto ante o Excmo. Sr. conselleiro de política territorial, obras públicas e vivenda, as dificultades de todo tipo que xurden ante o cerre perimetral da estación de ferrocarril de Betanzos-Infesta, que dividen o lugar en dúas metades.

O Pleno, por unanimidade, toma coñecemento do solicitado e acorda apoia-la reclamación realizada polos citados veciños dunha segunda pasarela peonil ou solución alternativa.

4.- <u>PROPOSTAS VARIAS SOBRE SEGURIDADE VIAL.</u>

Dase conta de propostas variais sobre seguridade vial, que contan co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que no pasado Pleno xa se incorporaran as propostas que agora se presentan, parecéndolle cousas de nenos pequenos, xa que semella que se quere ou reenche-lo Pleno ou negar que as propostas foron feitas polo PP.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pola súa banda, subscribe en parte a afirmación da Sra. Faraldo, preguntando ademais se na proposta se cumpre coa normativa legal, así como o número de asinantes da solicitude de regula-lo aparcamento na zona das Cascas, non parecéndolle adecuado que o Pleno autorice un número de prazas indeterminado.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do PSdeG-PSOE, agradece, en primeiro lugar, a postura de ámbolos dous grupos, aclarando que as mocións anteriores ían en sentido de que os técnicos emitiran un informe, o que se realizou, introducíndose elementos novos a ter en conta xunto con outras apreciacións xurdidas a raíz das conversas mantidas coa APA do colexio de Atoche, o que da lugar a unha proposta máis ampla e ambiciosa. Polo que respecta ó aparcamento nas Cascas, xurde de diversas xuntanzas cos veciños que permitirán un número de prazas adecuado ás circunstancias que concorran.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar do organismo competente a sinalización adecuada na zona da estrada, antiga nacional VI, próxima ó acceso do colexio de Atocha, con dotación dun semáforo de limitación de velocidade, advertencia de perigo e demais elementos que se estimen oportunos, así como limitar a un só carril de subida e outro de baixada na zona consonte o plano que se acompaña e demais actuacións complementarias que se estimen oportunas. 2º.- Solicitar do organismo correspondente a colocación de barreiras de seguridade na estrada AC-161 Betanzos-Sada, no lugar de Vista Alegre, e demais medidas de seguridade e sinalización vial que se estimen oportunas. 3º.- Establecer aparcamento regulado nas inmediacións do edificio Rio-Sol, sito na estrada C-540 Betanzos-Lalín, con delimitación de espacios pintados con liñas de cor verde para residentes no número de prazas que se estime oportuno.

5.- RATIFICACIÓN ENTREGA DE BENS Ó CONSORCIO DAS MARIÑAS.

Dase conta de entrega de bens ó Consorcio das Mariñas, que conta co dictame da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-la entrega de bens para a realización do servicio de recollida e transporte de resíduos sólidos urbanos ó Consorcio das Mariñas.

6.- RECURSO DE REPOSICIÓN DE URBANIZACIONES BETANZOS.

Dase conta de recurso de reposición presentado por D. Francisco Martínez Purriños, en nome de Urbanizaciones Betanzos SL, contra acordo deste Pleno adoptado en sesión realizada o pasado 23 de febreiro, polo que se denegaba cesión parcial do dereito de superficie na parcela núm. 121 do plan parcial do Pasatiempo. Acompáñase informe do secretario e dictame da Comisión Informativa de Planificación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a súa postura de abstención, como xa se fixo no acordo anterior, pedindo que o Sr. voceiro do grupo socialista aclare se hai cambio na postura do grupo de goberno.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, quere destacar dous aspectos: por un lado manterse na súa postura anterior de acordo co informe do secretario e doutro queixarse por non se lle facilitar toda a información pertinente. Pregunta tamén que se aclare a situación, en canto que se sabe que se está tramitando unha licencia a nome dunha determinada casa comercial, con carácter de urxencia,sen que se saiba quen vai disfrutar finalmente do dereito.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que a documentación atópase toda a disposición dos Sres. Concelleiros, tal e como é preceptivo, desde que se convoca a orde do día. Non cré que teña nada que explicar, por canto a proposta é de rexeita-lo recurso, como se fixo antes coa petición inicial, por canto se está cumprindo coa Lei de contratos das administracións públicas.

Seguen outras intervencións acerca das dificultades de obter información para quen non ten concelleiros en dedicación exclusiva, por parte da voceira do PP, pedíndose outras aclaracións sobre a actuación urbanística.

Remata o Sr. alcalde, indicando que se cumpre escrupulosamente a Lei en canto á información facilitada, sendo unha cuestión de cortesía enviar certa documentación a maiores.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de once dos concelleiros presentes (10 doPSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Beade, Gómez, Vázquez, López, e 1 do BNG, Sr.: Doporto) e a abstención dos outros 5 concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), tendo en conta: 1º.- Que o prego de condicións é Lei do contrato e do mesmo despréndese unha clara determinación de unidade no conxunto do mesmo, consonte o s eu propio artigo primeiro que r egula o obxecto do mesmo. 2º.- Que ningunha das alegación do recorrente desvirtúan o anterior, xa que só tratan de interpretalo sesgadamente e desde intereses particulares. 3º.- Que precisamente a posible inexistencia de sociedades con obxecto social tan amplo era a causa de poder establecer calquera tipo de relación con terceiros que permitiran o desenvolvemento do contrato, dentro da unidade anteriormente sinalada. 4º.- Que desde o punto de vista urbanístico é algo tan obvio que acepta-lo que se propón supoñería un incumprimento do estudio de detalle aprobado por este Pleno, único documento legal de regulación da edificación na parcela, despois dos outros instrumentos superiores; acorda desestima-lo recurso presentado.

-O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, antes de proceder á quenda de rogos e preguntas, presenta unha moción de urxencia, en relación con solicitar do Ministerio de Fomento diversas actuacións nas expropiacións e outras actuacións a levar a cabo para a suspensión de pasos a nivel por RENFE.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros, acorda debati-la moción nesta sesión.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, non ve inconveniente na aprobación da proposta, esperando que se cumpra a Lei de expropiación forzosa.

- Entende o Sr. García, voceiro do PSdeG-PSOE, que non hai propostas contrarias á lei e nada que non se propuxera xa no seu día coa expropiación da autovía.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar ó Ministerio de Fomento, Secretaría de Estado de Infraestructuras, en relación co expediente de expropiación de urxencia para a execución das obras "pasos inferiores para a supresión dos pasos a nivel dos puntos quilométricos 525/004 da liña Palencia-Coruña e 0/495 da liña Betanzos-O Ferrol". a) Que se indemnice ós propietarios afectados con prezos acordes coas transaccións efectuadas ultimamente na zona. b) Que se expropien fincas completas a petición dos interesados. c) Que tódalas fincas afectadas polas obras queden con accesos adecuados. d) Que se repoñan debidamente os viais e demais propiedades públicas afectadas polas obras. 2º.- Comunicar ó Ministerio de Fomento, Secretaría de Estado de Infraestructuras, que por plano catastral, que se xunta, entre as liñas Palencia-Coruña e Betanzos-Ferrol, existe unha propiedade de Dª Mª Dolores Galán Mosquera con domicilio en Xan Rozo 60, Betanzos (Pol. 11, parcela 198), afectada consonte o plano polas obras, que non figura na relación de bens afectados. 3º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin esta moción.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de iniciar este punto o Sr. alcalde informa da próxima xuntanza para o asunto dos Caneiros, pedindo representante de cada grupo e da exposición pública de

proxectos de Augas de Galicia no Mandeo e Mendo, que constan nas dependencias de Urbanismo.

Dase resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (21-06-01):

Polo grupo municipal do BNG

1.- As lanchas dos Caneiros tratan de normaliza-la súa situación por medio de diversas iniciativas de colectivos representantes e das institucións con competencias no tema. O Concello trata de mediar e de face-las xestións precisas para a normalización referida.

2.- O proxecto de limpeza dos ríos empezou a desenvolverse en datas recentes.

3.- A segunda fase do polideportivo do colexio "Vales Villamarín" parece, por informacións personais e dos medios de comunicación, que se fará proximamente.

*Formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

1.- Solicita, ó respecto da peonalización do casco histórico, sensibilidade acerca da terceira idade, en canto á situación que se pode dar de xente maior á que vaian a buscar os seus fillos.

2.- Pide que non se poñan trabas e se facilite o dereito a casarse calquera día incluídos os festivos.

3.- Manifesta a súa preocupación polo parque da Condesa, pedindo o seu amaño.

4.- Interésase pola comisión de servicios solicitada polo interventor para un concello da escasa importancia de Abegondo, pedindo que se expliquen as razóns de deixar un concello da importancia de Betanzos polo citado.

5.- En relación ó plano da cidade na praza, pide que se coloque ben, para que os turistas que queiran ir ó casco histórico vaian tamén polas discotecas, así como os que queiran ir ás discotecas vaian polo casco.

Polo grupo municipal do BNG:

1.- Pide a debida sinalización das rúas, así como a revisión de diversas tapas de saneamento.

2.- Pide a sinalización de indicadores de Betanzos nas estradas de acceso.

3.- En relación coa feira medieval, pide que se analice a problemática dos cabalos, habendo unha referencia sobre a representatividade do poder nas escenificacións, que da lugar a que pareza unha festa do equipo de goberno, por canto parece que se invita á oposición para que non asista, seguindo sobre exposicións críticas da citada feira.

A este respecto, o Sr. alcalde pregunta se se trata dun rogo, dunha moción ou doutra cousa, ou se xa se pretende ter organizada a feira do ano que vén, pedindo que o que se faga sexa polos canles adecuados.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA DEZ DE AGOSTO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asiste, con desculpa:

D. Andrés Beade Dopico.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día dez de agosto de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, á acta da sesión anterior, correspondente ó día trece de xullo pasado, se ben a Sra. Faraldo, voceira do PP, fai as seguintes apreciacións: -No punto incluído por urxencia a referencia ó cumprimento da Lei de expropiación forzosa facíase á propia proposta e, nese senso se aprobou. -En canto ó rogo relativo ó traslado do Sr. interventor a un concello próximo, sinala que nunca atribuíu maior ou menor importancia a ningún concello.

2.- DAR CONTA DE CONTESTACIÓN DE UNIÓN FENOSA.

Dase conta de contestación de Unión Fenosa a escrito deste Concello do 3 de abril de 2001 dando traslado de acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión de 23-02-2001. Informa sobre as causas dos apagóns que se produciron durante o mes de xaneiro, así como que van reforza-la rede de baixa tensión en Viuxe e que está prevista a instalación dun novo centro de transformación en Viladesuso.

3.- PROPOSTA SOBRE OBRAS POR DANOS DOS TEMPORAIS.

Dase conta de proposta do Sr. concelleiro delegado de infraestructuras, en relación á circular da Excma. Deputación Provincial sobre o plano de financiación de obras por danos de temporais.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, maniféstase favorable en todo o que sexa pedir fondos para o Concello, pero esixe que se faga con rigor, en canto que na relación de obras figuran algunhas que non foron consecuencia dos danos do temporal, polo que se van abster, non porque non se queira o diñeiro, senon pola terxiversación que se fai na inclusión das obras.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende que se debe ser conscente do asunto e da maneira de da-las axudas, que resposta a criterios de goberno do Partido Popular no que este Concello non ía ser menos.

Neste momento incorpórase o Sr. Carro Galeiras.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, entende que hai que retrotraerse ó momento dos temporais, en que as administracións prometeron de todo, cando o certo é que agora os recortes son absolutos e levan a ter que devolver diñeiro do adiantado pola Xunta, polo que fóra de matices pide que o pensen e apoien a petición.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste, aínda recoñecendo que pode haber obras correctas, que non lle parece de todo rigoroso e supón que o Concello quede sen credibilidade.

- Replica o Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, facendo referencia ás obras incluídas na relación, que entende non son ás que se refire a voceira do PP.

- O Sr. Alcalde engade que existe un consenso no ámbito autonómico, sobre este asunto e que o Partido Popular parece apartarse dos criterios que manteñen en xeral os concellos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de once concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), e a abstención dos outros 5 concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda:

1º.- Solicita-la inclusión no programa de financiación de danos por temporais 2001 das seguintes obras:

RELACION DE OBRAS

Nº de obras e denominación da obra	Presuposto
SANEAMENTO E AUGA POTABLE:	
1.- Fontes públicas de Diana, San Francisco, Ponte Vella.	6.478.928
2.- Rúa Saavedra Meneses.	2.399.955
3.- Substitución do colector de saneamento na Ribeira.	8.361.194
4.- Tubería de saneamento que cruza o rio Mendo, pozos rexistrables, ladeira do rio e colector xeral da depuradora.	2.827.312
5.- Tubería de recollida de augas pluviais desde a rúa Rosalía de Castro e lindantes ata o rio Mendo.	7.388.014
TOTAL.....	27.466.403
pavimentación de vías e accesos dos núcleos urbanos:	
6.- Parroquias de Sta. María de Pontellas, S. Pedro de Viñas e S. Martín de Brabio: Castro, Abelares, Angustia, Magdalena e Talay.	4.434.584
7.- Parroquia de S. Martín de Tiobre: Touriñao de Abaixo,	

Touriñao de Arriba, Braxe, Betanzos o Vello e Caraña de Arriba.	2.998.119
8.- Parroquia de Santiago de Requian:	
Requian, Xan Rozo, Infesta, A Graña e O Tarreo.	7.738.377
9.- Parroquia de S. Esteban de Piadela:	
Guiliade, Piadela, Montellos e Viuxe.	6.572.940
TOTAL.....	22.744.020
IMPORTE TOTAL.....	50.210.423

FINANCIACIÓN DAS OBRAS

Importe total	Subvención prevista Estado+Xunta	Aportación municipal
50.210.423	37.457.197	12.753.226

2º.- Aproba-los proxectos das obras incluídas que se relacionan no punto anterior.

3º.- A aportación municipal realizarase pola opción C, é dicir: unha parte con cargo a recursos propios por importe de 12.753.226,- ptas. O resto con cargo ó PROGRAMA 2001 DE REPARACIÓN DE DANOS EXTRAORDINARIOS EN INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS por importe de 37.457.197,- ptas.

4º.- Reintegra-lo anticipo concedido pola Consellería de Economía e Facenda en virtude do convenio subscrito coa FEGAMP da forma prevista na opción C: ó se-lo anticipo recibido superior ó importe da subvención ESTADO+XUNTA prevista, solicitar da Deputación Provincial que se materialice o importe do anticipo mediante: 1) A aplicación de ditas subvencións, polo importe das mesmas, tal e como establece o artigo 5º da Orde do 6 de xullo de 2001 da Consellería de Economía e Facenda. 2) O resto do anticipo recibido ingresarase na Deputación Provincial polo importe de 6.385.728 ptas. antes do día 1 de setembro de 2001.

5º.- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

6º.- Comprometerse o Concello a incluir no presuposto municipal de 2001 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas.

7º.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no programa que se realizarán as de: SANEAMENTO E AUGA POTABLE: POR ADMINISTRACIÓN e as de PAVIMENTACIÓN DE VÍAS E ACCESOS DOS NÚCLEOS URBANOS: POR CONTRATACIÓN.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE MINICENTRAL NO RIO MENDO.

Antes de iniciarse este asunto auséntase a Sra. Romay.

Dase conta ó Pleno de escrito dos veciños da parroquia de Bravío deste Concello, así como informes técnicos, no que se pon de manifesto a oposición á construcción dunha minicentral hidroeléctrica no rio Mendo, dada a afectación polas inundacións así como outros inconvenientes que se poñen de manifesto.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, amosa o acordo do seu grupo co escrito dos veciños, en petición de denegación de autorización.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, fai referencia á moción presentada polo seu grupo en relación con alegacións ó respecto, pedindo que se redacten e se presenten as mesmas.

O Pleno, por unanimidade (coa abstención por ausencia da Sra. Romay), acorda: 1º.- Remiti-lo escrito presentado polos veciños da parroquia de Bravio deste Concello ó organismo autónomo "Augas de Galicia" da Xunta de Galicia. 2º.- Manifesta-la oposición do Concello de Betanzos á instalación dunha minicentral no río Mendo, en base ós informes técnicos que constan no expediente iniciado. 3º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para levar a cabo toda clase de actuacións.

5.- PROPOSTA CREACIÓN SERVICIO DE VOLUNTARIADO.

Incorpórase a Sra. Romay.

Dase conta de proposta de creación de servicio de voluntariado, que vén dictaminado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia o apoio do seu grupo, se ben pide que non se lles marxine, dado que hai persoas no mesmo que teñen experiencia no traballo de voluntariado. Por outra parte pide un proxecto rigoroso, lonxe do uso que se fixo dos obxectores, que beneficie ós veciños e evite facer propaganda política coa caridade.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, maniféstase pesimista en canto ó funcionmento do servicio despois do que se fixo con obxectores. Estaría máis de acordo cun documento xeral non tan amplo que ten o alto risco de converter ós voluntarios en man de obra barata; pero como ten certa confianza en que se cambie a actitude, o seu grupo vaise abster.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que son outros os obxectivos que se pretenden, como o foron cos obxectores dos que está identificado co seu traballo. Agora responde ó determinado na Lei do voluntariado de Galicia e dentro dela créase o servicio municipal, no que será ben recibida xente con experiencia, a coordinación da cal corresponderá ós servicios sociais, da que tamén o seu grupo aportará experiencias.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, insiste en que a iniciativa podería ser encomiable se se cambiara a forma de actuar, xa que falta unha declaración de principios sobre os valores deste voluntariado, esperando a ver a que se adican.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que se están facendo prexuízos anticipados, que nunca foron acertados, defendendo o labor realizado no seu día polos obxectores, concepto que presenta facetas moi distintas ó voluntariado que agora se presenta.

- O Sr. Alcalde indica que queda aberto ás suxestións que se presenten ó respecto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, cos votos favorables de catorce concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López, e 5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e a abstención dos outros 2 concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aproba-la creación dun servicio municipal de voluntariado coa finalidade de promover e fomentar a nivel local a participación solidaria dos cidadáns en actuacións organizadas de voluntariado. 2º.- Levar a cabo as actuacións de voluntariado en áreas de interese xeral, entendendo por eso as de servicios sociais, saúde, protección civil, medio ambiente, educación, cultura, ocio e tempo libre, consumo, defensa dos dereitos humanos, xuventude, cooperación internacional, defensa e fomento da economía e calquera outra que responda á natureza e ós fins da actuación de voluntariado, tal e como establece o artigo 4 da Lei 3/2000 de voluntariado de Galicia.

3º.- Coordina-lo servicio de voluntariado desde o departamento de servicios sociais do Concello a través das traballadoras sociais que forman parte do mesmo. 4º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites considere oportunos para o bo fin destes acordos.

6.- SOLICITUDE DE SUBROGACIÓN DE DEREITOS SOBRE A PARCELA 121 DO PASATIEMPO.

Dase conta ó Pleno de escritos de: * D. Francisco Marcelino Martínez Purriños, actuando en nome e representación da entidade mercantil Urbanizaciones Betanzos SL, a cal é titular dun dereito de superficie sobre a parcela propiedade do Excmo. Concello de Betanzos, número 121 do proxecto de compensación do plan parcial do Pasatiempo, descrita no anexo I do prego de condicións aprobado en sesión do Concello Pleno do día 28 de abril de 1999, téndose formalizado o correspondente contrato administrativo o día trinta de novembro de 1999, elevado a escritura pública notarial autorizada polo notario de Betanzos D. Luis Gómez Varela, o día 30 de agosto de 2000, número protocopo 1247, inscrito no tomo 1347, xeral do libro 0213 de Betanzos, folio 01634, finca número 18030, solicitando autorización expresa para a cesión de tódolos dereitos e obrigas derivadas do contrato administrativo a favor da entidade mercantil EROSMER IBERICA SA. * D. José Miguel Fernández Astobiza en representación da entidade mercantil "EROSMER IBERICA SA", manifestando que unha vez autorizada expresamente a cesión do contrato a entidade querará subrogada en tódolos dereitos e obrigas que lle corresponderían en cumprimento do disposto no artº 114.2 d) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo poplar, considera o asunto un exemplo do retorcemento deste goberno local, en canto que o asunto é a terceira vez que se trae ó Pleno e agora, coa cesión completa dos dereitos a un grupo sobre o que xorden sombras, que non cré cumpra o obxectivo da cesión xa que se vai limitar a explota-lo supermercado, anuncia a súa abstención e non considera capaz ó grupo de goberno de facer cumprir coa execución do hotel e a zona ocio-cultural.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, entende que o que se demostra é que o empresario orixinal era un mero intermediario, que de inmediato empezou a traer interesados no negocio, para ser á final o grupo Eroski o proposto, do que indica que polo menos é de capital español. Di non saber que cousas están a suceder nin que xogo se fai, parecéndolle todo asombroso, polo que anuncia a súa abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, fai unha breve referencia ós feitos sobre a parcela 121 do Pasatiempo, a titularidad da cal é consecuencia da xestión urbanística deste grupo de goberno, sobre a que se fai unha concesión administrativa, a través dunha licitación, da que se pode responsabilizar ó goberno municipal, que só se presentara unha oferta. Insiste en que é unha concesión a setenta e cinco anos, sobre a que primeiro se propuxo unha segregación, que non se considerou acorde co prego de condicións e agora pídese unha subrogación ou cesión total a unha empresa, pedindo ó grupo popular que sinale as dúbidas que lle presenta, que se considera de interese e axustado ó prego de condicións.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, fai referencia ó barato da renda que ten a parcela, entendendo que xa que non se cobrou, se recupere a mesma, adicando a parcela a outras finalidades, xa que se descoñece cando se vai face-lo hotel.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, sinala que non está decindo que o se está a facer sexa ilegal, parécelle curioso que no seu momento se presentase unha sóa empresa se non fora porque tiña garantía de rendabilidade da operación, o que leva ó beneficio dun simple intermediario legalmente. Pide que se informe se agora se poderá parcelar dita superficie e lembra dúas cuestións: que Eroski é de ámbito estatal e non se poden manter polo grupo popular as dúbidas que xa quedaron aclaradas tralas eleccións vascas; por outra banda lembrar ó grupo socialista que se descoñece por parte de quen fala, a existencia de estudios económicos que teñan relación coa área comercial.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, afirma que se está a falar de todo menos do que se trata e só o descoñecemento ou a mala fe poden levar a afirmar que non se cobrou o canon de adxudicación da parcela, polo que pide que se rectifique.

Remata o Sr. alcalde, indicando que se está a falar de cousas das que parecen máis informados que el, anque entende que non é do punto da orde do día.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres. Lagares D. Manuel, Lagares Antonio, Carro, Díaz Vázquez, García e Sras. Sánchez Vázquez, Gómez Iglesias, López Campos) e a abstención dos cinco concelleiros do grupo popular (Sras. Faraldo Botana, Romay e Sres. Carro Erias, Agraso e Martínez García) e os dous concelleiros do grupo nacionalista (Sres. Otero e Doporto), acorda: 1º) Autorizar expresamente a cesión dos dereitos e obrigas contidos no prego de condicións aprobado en sesión do Concello Pleno do día 28 de abril de 1999, formalizados en contrato administrativo do dereito de superficie sobre a parcela 121 do Pasatiempo subscrito por D. Francisco Marcelino Martínez Purriños en representación da entidade mercantil Urbanizaciones Betanzos SL o día trinta de novembro de 1999, a favor da entidade mercantil EROSMER IBERICA SA, sen prexuízo de que a anterior formalice as correspondentes garantías que substituirán as constituídas pola entidade mercantil concesionaria. 2º) Facultar ó Sr. alcalde para realizar toda clase de trámites derivados do acordo adoptado, incluso documentos administrativos ou escritura pública segundo proceda.

7.- <u>PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.</u>

Dase conta de proposta de delegación de competencias tributarias na Excma. Deputación Provincial, que vén dictaminada pola Comisión de Programación.

O grupo popular anuncia o seu voto a favor e o grupo nacionalista a súa abstención, mentres o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, explica que se trata de mante-lo sistema que xa vén funcionando, de forma máis vantaxosa.

O Pleno, co voto favorable de trece concelleiros presentes (8 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López, e 5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), e a abstención dos outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a do Sr. Díaz Pereira, ausente da sala no momento da votación, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda: PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial da Coruña o exercicio de competencias tributarias nos termos e condicións recollidos nas bases para a prestación de servicios tributarios ós concellos da provincia, aprobadas pola Corporación Provincial en sesión plenaria realizada o día vintenove de xuño do ano dous mil un, todo eso respecto das seguintes materias: - Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Bens Inmobles, tanto de natureza rústica como

urbana ou do impostomunicipal que o complemente ou substitúa no futuro. - Xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro, así como a facultade para, de acordo co previsto no art. 92 da Lei reguladora das facendas locais, solicitar da administración tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección, e establecer con dita administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto. - Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro. - Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón: *Taxa por prestación do servicio de cemiterio. *Taxa por entrada de vehículos desde a vía pública. - Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outros ingresos de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ó ano. - A Facultade para, de acordo co previsto no artigo 78 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establecer acordos ou convenios coa administración tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmobles. SEGUNDO.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles desde a data de publicación, para a presentación de alegacións ó mesmo. Se non se presentan alegacións dentro do prazo establecido, este acordo elevarase a definitivo automaticamente.

8.- PROPOSTA DE APROBACION INICIAL DE MODIFICACION DAS NN.SS. DO PLANEAMENTO.

Dase conta ó Pleno de proposta de aprobación inicial de modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento municipal no que se refire ó ámbito territorial do polígono "El Pasatiempo", a instancia da Xunta de Compensación. Está dictaminada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinala que estaría disposta a poia-la proposta, se iso permitira a construcción de vivendas sociais, anque dada a súa desconfianza nas actuacións urbanísticas, o seu grupo vaise abster por precaución, esperando que antes da aprobación definitiva se aporten os informes correspondentes e outras cuestións.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, manifesta a súa abstención en canto que o desenvolvemento urbanístico é responsabilidade do grupo socialista.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que o que pasa no urbanismo é cousa de todos, sen prexuízo do punto de vista de cada grupo. O que se propón agora é a aprobación inicial, coa súa tramitación e conseguinte participación. En canto ás vivendas de promoción pública terase a súa reserva específica, esperando que os organismos competentes actúen posteriormente.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres. Lagares D. Manuel, Lagares Antonio, Carro, Díaz, Vázquez, García e Sras. Sánchez Vázquez, Gómez Iglesias, López Campos) e a abstención dos cinco concelleiros do grupo popular (Sras. Faraldo Botana, Romay e Sres. Carro Erias, Agraso e Martínez García) e os dous concelleiros do grupo nacionalista (Sres. Otero e Doporto), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento municipal, no Pasatiempo, instado pola Xunta de Compensación. 2º.- Proceder á súa tramitación regulamentaria,

facultando ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para a realización de tódalas xestións necesarias para o cumprimento do acordo adoptado.

9.- MOCIÓN DO P.P. SOBRE PARQUES INFANTÍS.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, dá conta de moción do seu grupo sobre parques infantís, dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, apoia a moción pero lembra que fai dúas sesións deste Pleno, pediu o acondicionamento do parque do Pasatiempo, o que aínda non se fixo, facendo así mesmo referencia á limpeza de malezas nos centros parroquiais.

- En igual senso maniféstase o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entendendo que é importante evitar accidentes e atender á estética destas zonas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Realizar con carácter urxente un saneamento integral dos parques infantís do noso Concello, cortando a maleza e substituíndo o mobiliario roto ou deteriorado. 2º.- Colocar no mobiliario infantil destinado ós máis pequenos un piso brando mediante planchas de cortiza, que os protexa en caso de caídas.

10.- MOCIÓN DO P.P. SOBRE A POLICÍA LOCAL.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, dá conta de moción do seu grupo sobre a Policía Local, na que se pon de manifesto o desexo de aumentar diversas dotacións coas que consideran que debe contar ese departamento para aumenta-la súa eficacia. Está dictaminado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, considera a moción interesante e anuncia o seu respaldo, anque distingue entre debater sobre os medios de que se dispón e sobre a xestión da Policía, da que denuncia un excesivo peso político e escasa liberdade para o traballo técnico. Considera que non existen unhas directrices claras, tanto no tráfico como na xestión interna. Polo que respecta ó aspecto económico, descoñécense as nóminas, anque se existe a grave diferencia que se sinala tamén o apoiarían. A consecuencia é a desazón nos cadros técnicos e en xeral que esto servira ó grupo de goberno para unha análise interna e máis profunda que permitira reorganizar e poñer a funciona-los servicios.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, non pode admitir que se fale dunha policía caótica, xa que non vai dubidar do propio corpo, con demagoxias e xuízos de valor que parecen indicar que está todo mal. Entende que os problemas se deben de presentar a través dos representantes dos traballadores e débense negociar nas mesas correspondentes, sen posturas asemblearias. Non nega que haxa carencias, como noutros grupos, pero esixe a negociación entre o equipo de goberno e os representantes sindicais, mantendo os principios do diálogo pero rexeitando elementos que distorsionan a realidade, en canto se están a introducir datos inexactos.

- Entende a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, que o ton utilizado polo voceiro do equipo de goberno é inquisitorial, que van seguir a defende-la moción, por unhas condicións dignas de traballo, evitando condicións de vasalaxe do persoal e a mala xestión que leva a unha situación insostible, poñendo exemplos do que considera como tal.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, fai referencia ó dogmatismo da Sra. voceira do grupo popular, entendendo que o vasalaxe se dá tamén noutras administracións, tando do PP como do PSOE, acusando tamén de demagoxia ó voceiro do grupo socialista, en canto á representatividade dos traballadores, considerando o

asemblearismo como xerme da democracia, considera que a cuestión é consecuencia dunha situación viciada que resulta da maioría absoluta que se mantén, reivindicando para o Concello o concepto de servicio público e mantendo a súa crítica sobre o problema.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que se están vertendo conceptos inconstitucionais e decindo cousas que ó mellor se solventaban asistindo ás comisións de tráfico, considerando tamén que se está descalificando ó comité de empresa, anunciando que o equipo de goberno está aberto á negociación.

- Remata o Sr. alcalde, indicando que a moción foi debatida amplamente, querendo precisar que os datos que se desexen deben solicitarse a través dos mecanismos regulamentarios, indicando que este que se expuxo non é o camiño a seguir, estando sempre aberto ás negociacións.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, entende que o manifestado é proba da censura que se practica.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López), a corda rexeita-la moción.

En explicación do voto, a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, entende que o seu grupo ten lexítima representación para o manifestado e que non é democrático ameazar a un colectivo.

- Insiste o Sr. alcalde no manifestado, sinalando á Sra. Faraldo que se limite a explica-lo voto.

11.- MOCIÓN DO P.P. SOBRE FACIANAS EN EDIFICIOS DE NOVA OBRA.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, da conta de moción do seu grupo sobre a redacción dun texto para que as fachadas das edificacións no casco urbano sexan realizadas e rematadas integramente, incluíndo a parte proporcional dos baixos e locais. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, entende a moción encomiable polo mal estado dos baixos, anque sinala problemas de aplicación práctica, polo que pide se modifique a moción no senso de cerra-los baixos enfoscando e pintando.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que a problemática debe trasladarse ó equipo redactor do plano de urbanismo, anque na actualidade podería obrigarse ós promotores dentro dos termos indicados polo voceiro do BNG, sen necesidade de aprobar unha ordenanza.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que é posible a súa aplicación actual, pedindo que os servicios técnicos indiquen esa posibilidade e se faga cumprir.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinala que o seu grupo mantén a moción, á marxe de que se traslade ós servicios técnicos e ós redactores do plano, coa precisión do BNG.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Díaz, Carro Galeiras, García, Gómez, Vázquez, López), a corda rexeita-la moción.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

A proposta do Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, acórdase incluir na orde do día, por unanimidade do Pleno, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación, a moción que en síntese di: que o Concello se dirixa novamente a Unión Fenosa solicitando aclaración sobre os motivos dos apagóns que se veñen producindo, que se inste a esa empresa para que adopte as medidas necesarias para que se deixen de producir estas interrupcións no subministro, dando conta á Xunta de Galicia.

Sometida a moción a votación, o Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: 1) Dirixirse novamente á empresa Unión-Fenosa, solicitando unha aclaración sobre o motivo dos apagóns que se veñen producindo nas zonas de Bellavista, Cruz Verde, Cañota, Soportais, Castro de Unta, casco histórico, etc., ó último o pasado mércores día 8-08-01, que afectou igualmente á práctica totalidade da parroquia de San Martín de Tiobre. 2) Instar a Unión-Fenosa a que adopte as medidas técnicas necesarias que palíen estas interrupcións no subministro. 3) Comunicar estes acordos á Consellería de Industria da Xunta de Galicia. 4) Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para levar a cabo cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin estes acordos.

12.- <u>ROGOS E PREGUNTAS.</u>

Antes de iniciar este punto, o Sr. Alcalde aproveita para invitar a tódolos Sres. concelleiros ós actos que se realización con motivo das festas de San Roque.

*Formúlanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do BNG:

- Que se aclaren por escrito os criterios de outorgamento das tarxetas de aparcamento e acceso ó casco antigo, para o que se pide a aplicación exacta da Lei de procedemento administrativo.
- Que se explique o motivo da paralización das obras na rúa Rosalía.
- Pide o presuposto das festas de San Roque de xeito detallado.

Polo grupo municial do PP:

- Quere saber tamén os criterios de obtención das tarxetas e por que a uns se lles piden uns requisitos distintos que a outros.
- Pregunta que se pensa facer coa atracción que ocupa a nacional sexta, o que considera unha irresponsabilidade total.
- Que se estudie para outros anos o traslado das barracas para o Carregal.
- Pregunta sobre que medidas se adoptaron nas obras da rúa Rosalía de Castro e a canto ascende o expediente de multa.
- Pregunta en que lancha vai ir o Concello ós Caneiros, ou se se pensa abandona-la festa.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e corenta minutos, pola presidencia dase por rematada la sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Mª Gema Vázquez López.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do mércores día vinteseis de setembro de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, á acta da sesión anterior, correspondente ó día dez de agosto pasado.

2.- RECTIFICACIÓN ACORDO PLENO ANTERIOR SOBRE FINANCIACIÓN DE DANOS POR TEMPORAIS.

Visto o erro cometido no acordo adoptado na sesión plenaria de data 10 de agosto de 2001, relativo á SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROGRAMA DE FINANCIACIÓN DE DANOS POR TEMPORAIS 2001, o Pleno, por unanimidade acorda ratifica-la resolución da Alcaldía nº 1096/2001 de data 20 de setembro de 2001 e rectificar nesta sesión o erro relativo á aportación presupostaria que será mediante recursos propios e con cargo á OPCIÓN A e non á C.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Antes de iniciarse este punto incorpóranse as Sras. Sánchez Vázquez e López Campos e o Sr. Carro Galeiras.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, da conta de moción presentada polo seu grupo, sobre seguridade e saúde no traballo, que vén dictaminada pola Comisión de Programación, insistindo en que en varias ocasións se puido comproba-las deficiencias nesta materia. Remata pedindo que a moción se cumpra, xa que non se trata só de falar.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, sinala que van apoia-la moción, en canto considera se pide a aplicación da lei, do que se debe dar exemplo nas institucións.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que a proposta xa se está a cumprir, se non nun cento por cento, se ben pode haber aspectos enriquecedores na proposta. Anuncia o voto favorable do seu grupo e indica que as mocións non quedan no cesto dos papeis, cúmprense anque non se poida facer de inmediato.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Constituir no Concello de Betanzos un gabinete de seguridade e saúde. 2º.- Imparti-la formación adecuada nesta materia ós empregados municipais. 3º.- Elaborar un plano de evacuación. 4º.- Estudio dos postos de traballo e das instalacións e adecuación á normativa e necesidades actuais. 5º.- Dotación adecuada de roupas e elementos de protección para os traballadores municipais. 6º.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que todas estas medidas se leven a cabo.

4.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA A DIVERSAS MELLORAS RESPECTO Á R/ PROLONGACIÓN ROSALÍA DE CASTRO E ADXACENTES.

Antes de iniciarse este punto incorpórase o Sr. Carro Erias.

Dase conta de moción do BNG relativa a diversas melloras respecto á rúa Prolongación Rosalía de Castro e Adxacentes, que vén informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que se trata de dar traslado a unha petición dos veciños, que debe ser votada favorablemente, en canto o tempo esperado xa é excesivo, a confianza pásase do tempo razonable e as obras comezaron cunha lentitude absoluta tendo encima o mal tempo. Fai fincapé na tramitación do expediente, solicitando do secretario información sobre a tramitación do mesmo, en canto á fase de alegacións que agora se presenta e as licencias que xa están concedidas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica o seu total apoio, por canto o escrito chegou a tódolos partidos e sobre o mesmo tiña o seu grupo previsto realizar preguntas neste Pleno. Non quere repetirse nun tema que xa é coñecido en toda a comarca, se ben quere facer unha matización, que a obriga de face-la rúa é do equipo de goberno, que é quen debe responder ante os veciños, pedindo que se deixen de desvia-las culpas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que sobre a cuestión xa se reuniu cos veciños, centrando o tema nas peticións formuladas: plano de traballo, cerre perimetral das obras e adicionais, referentes entre outras á recollida de augas. En breve espérase dispoñer do plano e acomete-las obras, para as que xa se ve un ritmo de traballo distinto, indicando que o grupo de goberno sempre dará a mesma transcendencia a este problema, que espera estea solucionado en breve, para o que se traballa en consenso cos veciños, sinalando como lamentable o tratamento de manipulación informativa nun medio comarcal. Anuncia igualmente o seu voto favorable.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que visto o sentido do voto o que espera é que se cumpra o solicitado, insistindo en que a problemática non é administrativa, e indicando que se levou un proceso distinto, xa que habería que urbaniza-la rúa antes de face-lo aparcamento, tomándose unha decisión política errada que levou a un problema

político de programación, que noutro sentido tivera obrigado á solución de resolve-lo contrato. Insistindo no carácter político do problema, mantén o dito desde o principio sobre o complicado da rendibilidade do aparcamento, sinalando que se o goberno local fose coherente aplicaría a lei. Remata facendo referencia á crítica ós medios de comunicación, o que ó seu xuízo indica que as críticas enfadan ó grupo de goberno.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que a actitude do voceiro do PSOE é bochornosa cando non ridícula, por dicir a estas alturas que non se dispón do plano de obras. Respecto ós medios de comunicación acusa ó PSOE de matar ó mensaxeiro, vertendo ameazas sobre o peche de xornais.

Tal acusación provoca unha resposta do voceiro socialista sobre o peche de xornais hai anos e sobre a manipulación informativa, aspectos sobre os que entende, a dereita non pode dar leccións, non só polo seu lado histórico senon tamén pola súa actuación actual. Tales afirmacións van provocar que por alusións e máis adiante a Sra. Faraldo, voceira do PP, faga un alegato da súa encendida fe comunista nos tempos da transición, partido no que militou di, por se-lo que mellor defendía a democracia, ó igual que hoxe o fai, pola mesma razón, no Partido Popular. Remata o voceiro socialista indicando o seu voto favorable e a esperanza de que sexa a última vez que o asunto se trata.

Antes da votación, o secretario, a indicación do Sr. alcalde, explica o trámite que se vén realizando nos expedientes ante as dúbidas expresadas polo Sr. voceiro do BNG.

O Pleno, por unanimidade, acorda: a) Que se requira á empresa adxudicataria da execución das obras na rúa Rosalía de Castro para que dote ás mesmas de persoal e maquinaria necesarios para o seu normal desenvolvemento, concretando de forma exacta os prazos e fases nos que se desenvolvan e rematen as obras; caso de que esto non suceda, que se proceda por parte do órgano competente á resolución do contrato coa referida empresa e á urbanización inmediata da rúa, en base ós avais ou depósitos metálicos efectuados polos promotores de vivendas da mesma. b) Que se reforme de forma inmediata o peche perimetral da obra en cuestión por parte da empresa adxudicataria, de xeito que non entrañe ningún perigo ó vecindario e ós propios operarios. c) Que se rematen de forma definitiva as obras nas beirarrúas construídas no seu día, retirándose os materiais de todo tipo sobrantes.

5.- <u>RATIFICACIÓN DE COMPROMISO DE FINANCIACIÓN DO PROGRAMA COMUNITARIO LEADER +.</u>

Dase conta ó Pleno de decreto da Alcaldía núm. 1088/2001, sobre financiación do programa comunitario Leader +, dictaminado pola Comisión de Programación.

Os voceiros do BNG e do PP amosan a súa opinión favorable.

O Sr. alcalde quere facer constar que se mantén o rexeitamento xa manifestado na reunión da Fundación Comarcal ó reparto dos fondos, que mantén un criterio estrictamente uniforme, sen ter en conta outros criterios de distribución, que si se manteñen en tódolos demais casos, tales como a poboación.

O Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-la resolución da Alcaldía núm. 1088/2001 de data 17 de setembro de 2001, nos seguintes termos:

"1º.- Adquiri-lo compromiso de que este Concello realice unha aportación económica á financiación da aplicación da Iniciativa Leader + no ámbito territorial da entidade "Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos" da que é membro participante, por un importe de 14.814.815,- pesetas, equivalentes a 89.037,- euros, que figurará nos seus presupostos anuais. Todo o anterior sen prexuízo de mante-la

discrepancia absoluta deste Concello co sistema de reparto proposto.= 2º.- Establece-lo reparto da citada cantidade por anualidades durante o período de duración da execución da iniciativa Leader + de tal xeito que no cadro que segue se precisa a anualización da participación citada:

Ano	2.001	2.002	2.003	2.004	2.005	2.006	2.007	2.008
Ptas.	2.469.136	2.469.136	2.469.136	2.469.136	2.469.136	2.469.136	0	0
Euros	14.840	14.840	14.840	14.840	14.840	14.840	0	0

3º.- O presente decreto elevarase ó próximo Pleno que se realice para a súa ratificación.".

6.- RATIFICACIÓN DE DOAZÓN DE D. MARCELINO VÁZQUEZ PRESEDO.

Dase conta de convenio de doazón efectuada por D. Marcelino Vázquez Presedo que vén informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta a súa postura a favor, se ben quere matizar unhas declaracións do Sr. alcalde á prensa, no sentido de que se ían seguir buscando herdanzas para o Concello, indicado como preocupante por algún cidadán.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, pon de manifesto e agradece o altruismo que acompaña a acción, entendendo que os cidadáns que puideran expresa-lo anterior demostran pouca valía moral.

- O Sr. alcalde indica que agradece as recomendacións e califica a acción de notable, indicando que sempre que poidan existir outros casos semellantes non dubidará en face-los trámites necesarios para eso. Propón a realización dunha homenaxe no seu día ó doador e insiste en que espera que xestos de tal gratitude e importancia poidan ser copiados, dos que xa existen outros exemplos na historia de Betanzos, non dubidando nunca ante eses comportamentos altruistas defende-los intereses da cidade.

Seguen intervencións aclaratorias, matizándose pola Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, os termos da nota de prensa á que se fixo referencia, que afirmaba que o alcalde "buscará" outras herencias, e do Sr. alcalde que afirma que lle parecerá moi ben que aparezan outras persoas co mesmo sentido social.

O Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo convenio de doazón efectuada por D. Marcelino Vázquez Presedo, con domicilio na Rúa Nova nº 1 da Coruña, DNI nº 32 162 878, da cantidade de 59.000.000,- pesetas, ó obxecto de que se destinen á seguinte finalidade, dentro da parroquia de Piadela no lugar de Guiliade: * construcción de local social, * instalacións deportivas; de acordo coas cláusulas do documento.

7.- PROPOSTA PARA INCLUSIÓN NO PLAN XXI DE FOMENTO DO TURISMO DE NATUREZA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta de proposta para inclusión no Plan XXI de fomento do turismo de natureza da Excma. Deputación Provincial da Coruña, informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta non estar de acordo co destino da subvención, nin considera axeitada a distribución, indicando que hai que investir moito máis en turismo da natureza e sen embargo destínase máis diñeiro á sala de usos múltiples. Por eso anuncia a súa abstención.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, coincide na súa postura co grupo popular, non considerando oportuno vender un investimento en turismo de natureza como demanda dos "touroperadores". Non se opoñen á subvención pero consideran que a

finalidade é unha deturpación clara dos fondos da subvención, que de concederse supoñería tamén un grave erro da Deputación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, explica que na súa opinión a proposta se adapta ás bases. Trátase de facer dous puntos turísticos, un deles un centro polivalente que se demanda. Espera que o programa de turismo se siga ampliando, considerando interesante que se aporten ideas, non establece-lo non por sistema.

- Remata o Sr. alcalde insistindo na demanda que se atende e considerando correcto que existan outros puntos de vista.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda:

1.- Solicita-la participación no Plan XXI de fomento de turismo de natureza da provincia da Coruña anualidade 2001-2001 consonte convocatoria da Excma. Deputación Provincial da Coruña. As súas bases coñécense e acéptanse na súa totalidade e solicítase a execución dos seguintes proxectos técnicos, seleccionados neste municipio, de acordo coa seguinte orde:

Proxecto.	Presuposto.	Aport. Deputación.
Subministro mobiliario para sala de usos múltiples	6.474.409 pts	6.474.409 pts
Aula de natureza	2.195.570 pts	2.195.570 pts
TOTAL	8.669.979 pts	8.669.979 pts
TOTAL (IVE 16%)	10.057.176 pts	10.057.176 pts

2.- Aproba-los proxectos técnicos citados anteriormente, redactados por técnico competente.

3.- O Concello comprométese a facilitar e permiti-las inspeccións previas e, no seu caso, tramita-los permisos, autorizacións e licencias precisas para a correcta contratación e execución das obras.

4.- Facultar ó alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

8.- <u>PROPOSTA SOBRE ACTUACIÓNS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.</u>

Dase conta de proposta sobre actuacións respecto á posta en funcionamento da escola infantil municipal, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, tras felicitarse pola próxima reapertura da gardería, anuncia a súa abstención na proposta, por canto non considera alegar razóns de urxencia na contratación do persoal, xa que as prazas se podían prever hai tempo. Por outra banda, non se di como se procederá a súa cobertura, confiando en que se faga con transparencia e non como se acostuma.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica a súa postura favorable, resaltando a importancia da posta en funcionamento, anque verte certas críticas á selección do persoal e igualmente a certos aspectos da proposta, como o horario da gardería, falta de concreción dos criterios sobre as baixas dos usuarios, pedindo un mellor tratamento á diversidade idiomática, entendendo que a gardería é monolingüística con esquecemento do galego.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, agradece as aportacións dos grupos, incide na proposta, matizando que respecto á facultade do alcalde para

contrata-lo persoal se vai exercer a través dos correspondentes expedientes e baixo os criterios de mérito, capacidade e publicidade, como sempre se fixo, o que non cre que poidan dicir outras administracións.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, insiste en que podería poñer máis de dez exemplos nos que, como menos, cabería a dúbida, por canto as prazas sempre son para os afíns.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, manifesta que en ningún caso dubida da legalidade da contratación, anque cre que existen mecanismos que poden xerar discrecionalidade, insistindo en que para romper con estas diatribas o mellor sería crea-la comisión de persoal.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, pon a disposición dos concelleiros os expedientes de contratación, insistindo en que ata o de agora os órganos fiscalizadores externos, como o mesmo Consello de Contas, valoraron favorablemente a actuación municipal.

- O Sr. alcalde, admitindo as posibles diferencias nas posturas, insiste en poñer a disposición directamente desde a Alcaldía para comprobar tódolos extremos oportunos, asumindo o exercicio das súas funcións e negando posturas asemblearias como a proposta da Comisión.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: 1º.- Aproba-la memoria do centro e regulamento de réxime interno da escola infantil municipal, debéndose tramitar regulamentariamente o oportuno expediente. 2º.- Modifica-lo cadro de persoal, dotando o mesmo de tres novas prazas: 1 de mestre especialista en educación infantil ou preescolar; 2 técnicos especialistas en xardín de infancia, adscritas á área de servicios sociais (313). Ser prexuízo da súa cobertura inmediata por razóns de urxencia, e a súa distribución en canto a xornada completa ou tempo parcial consonte as necesidades do servicio, debendo propoñe-la Intervención a adecuación presupostaria oportuna. 3º.- Facultar á Alcaldía para cantas xestións, en orde ó cumprimento deste acordo e a posta en funcionamento da escola infantil, sexan necesarias.

9.- <u>PROPOSTA SOBRE CONVENIO CON AUTOTAXIS.</u>

Dase conta de proposta sobre convenio con autotaxis, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta a súa oposición, se ben en asuntos de xestión abstéñense, neste caso o acordo anterior non se cumpriu ó cento por cento, por unha xestión arbitraria.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia a súa abstención, sobre o que entende unha xestión administrativa, aínda cando apoie á Alcaldía en cantas medidas se adopten en beneficio do colectivo de autotaxis.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do grupo socialista, non admite a acusación de arbitrariedade, pedindo que se explique.

- En tal sentido a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sen querer aportar datos personais, sinala que se autorizou unha transferencia con anterioridade.

- O Sr. alcalde pide que tales situacións se aclaren debidamente, para poder especifica-los motivos e analiza-lo caso e non acusar por acusar.

O Pleno, co voto favorable de dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), o voto en contra de cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez) e a abstención dos outros dous concelleiros (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Levanta-la suspensión de transferencias de licencias que se mantiña en consecuencia do convenio subscrito. 2º.- Propoñer á Agrupación de Autotaxis o establecemento doutro convenio sobre o sector, unha vez alcanzado o obxectivo de reducción anterior.

10.- CONTA XERAL PRESUPOSTO ANO 2000.

Dase conta ó Pleno da conta xeral do presuposto correspondente ó ano 2000, dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia a súa abstención, por consideralo un acto de xestión na que non participan.

- A voceira do grupo popular, Sra. Faraldo, mantén a mesma postura, procedéndose neste momento, a petición súa, á presentación ó Pleno da nova interventora. Así mesmo engade a súa análise do remanente líquido de tesourería, como deficiencia a subsanar.

- O Sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do grupo socialista, dá unha somera explicación do estado económico do Concello e do seu reflexo contable, pedindo que se miren ben os números.

O Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Aproba-la conta xeral do presuposto do ano 2000, que presenta un balance de situación que alcanza no activo e no pasivo a contía de cinco mil cincocentos cincuenta e un millóns seiscentas oitenta e catro mil novecentas trinta e unha pesetas (5.551.684.931,- ptas.), sen prexuízo da súa tramitación ante os correspondentes órganos de control externo.

11.- PROPOSTA SOBRE PARCELA NA RÚA DOS CABILDOS.

Dase conta de proposta sobre parcela na rúa dos Cabildos, así como do expediente aberto ó respecto, no que constan informes e o dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta a súa abstención, chamándolle a atención o feito de que o Concello invada outras propiedades, o que lle parece unha tomadura de pelo.

- O Sr. alcalde asegura que non se lle toma o pelo a ninguén, por canto se está ante dereitos que había que determinar.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, considera razonable a proposta, que aínda cos poucos datos existentes considera producto da desamortización o que quedaran esas franxas de terreo, ben de propiedade municipal ou doutra administración.

En tal senso insiste o Sr. alcalde, poñendo de manifesto os dereitos de servidume e outros existentes, o que dá lugar a que a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifeste a contradicción desta manifestación co informe do secretario no que consta o

dereito de propiedade do interesado, insistindo en que conste en acta e se aclare se é ou non un erro.

- O Sr. alcalde afirma que el non fai informes e só expón o que cre coñecer, sen prexuízo de que ó caso que nos ocupa non afecte en nada.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: Clasificar como parcela non utilizable sobrante da vía pública a existente diante da vivenda de D. Manuel Villaverde na rúa Cabildos. Que se proceda á exposición pública regulamentaria e se non se producen reclamacións proceder á permuta proposta.

12.- ELECCIÓN MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS.

Efectuado o sorteo dos compoñentes das mesas electorais para a convocatoria de eleccións ó Parlamento Galego que terán lugar o próximo día 21 de outubro, as mesmas quedan constituídas por:

SECCION:1. MESA: UNICA

Presidente	AGUIAR BOUDIN EDUARDO
Suplente 1	ARES COUCEIRO JOSE LUIS
Suplente 2	ARES SUAREZ SEGUNDO JAVIER
Vocal 1	ASENSI LOPEZ FRANCISCO JOSE
Suplente 1	BARBEITO NEIRA JAVIER
Suplente 2	BARRAL MARTINEZ MARGARITA
Vocal 2	BARROS FERNANDEZ FELIX
Suplente 1	BESTILLEIRO BECERRA ANDRES MIGUEL
Suplente 2	BORRAZAS LORENZO JAVIER
SUPLENTES:	BUGARIN FIAÑO EVARISTO FERNANdo
	BUJIA RODRIGUEZ YOLANDA
	CACHAZA OTERO LORENZO
	CAGIAO SANTOS FRANCISCO
	CAL CRESPO ANA MARIA

SECCION:2. MESA:UNICA

Presidente	ABARRATEGUI VILLAVERDE CARLOS
Suplente 1	ALVAREZ VEIGA ENRIQUE
Suplente 2	AMOR BUYO ALBERTO
Vocal 1	AMOR CARABEL CONSTANTINA
Suplente 1	AMOR MEILAN JUAN LUIS
Suplente 2	ARES GOMEZ JOSE
Vocal 2	AREVALO VAZQUEZ PEDRO LUIS
Suplente 1	ASENSI PERNAS ANTONIO
Suplente 2	BAAMONDE REIJA MARIA SANDRA
SUPLENTES:	BABIO RODRIGUEZ MARIA PILAR
	VARA NOGUEROL ANTONIO
	BARRAL PORTO MARIA IVE
	BARREIRO VAZQUEZ JOSEFA
	BARREIRO VEIGA JUAN JOSE

SECCION: 3. MESA: UNICA

Presidente	VAZQUEZ ORGEIRA RAQUEL
Suplente 1	VELO GONZALEZ LUIS
Suplente 2	VICENTE CASTRO JUAN CARLOS
Vocal 1	CAGIAO PICO MARIA DEL PILAR
Suplente 1	VIDAL LOUREDA MARIA MANUELA
Suplente 2	VIDAL PICO JORGE
Vocal 2	AGUIAR BARRAL SILVIA
Suplente 1	ALVAREZ BRAÑAS BEATRIZ
Suplente 2	ANDRADE RIVAS OSCAR
SUPLENTES:	ARIAS SILVAR ORSINI
	BARRAL CARRO DAVID
	BARRAL LOPEZ MANUEL
	BEADE SANCHEZ MARIA PILAR
	BLANCO CARRO MARIA MAR

SECCION:4. MESA:UNICA

Presidente	LAREO SANCHEZ RUBEN
Suplente 1	LLAMAS VAZQUEZ MARIA CRUZ
Suplente 2	LOBEIRAS PITA MANUEL ANGEL
Vocal 1	LOPEZ ESPINO OLGA
Suplente 1	LOPEZ FLORES MILAGROS
Suplente 2	LOPEZ GARCIA IRIA
Vocal 2	LOPEZ LABALLOS GREGORIO
Suplente 1	LOPEZ LODEIRO MANUEL
Suplente 2	LOPEZ LOPEZ ENRIQUE
SUPLENTES:	LOPEZ MARTINEZ MARIA DEL MAR
	LOPEZ MILLARENGO MARIA ANGELES
	LOPEZ MOREIRA MARIA LUISA
	LOPEZ RODRIGUEZ EMETERIO
	LOPEZ SAENZ JULIAN

SECCION:5. MESA:A

Presidente	CLERINS WEST MIGUEL
Suplente 1	COBELO ABEAL CESAR
Suplente 2	CORDIDO CEA MARIA JOSE
Vocal 1	CONCHEIRO CURIEL FELICITAS
Suplente 1	CORRAL BERNABE MARIA FRANCISCA
Suplente 2	CORTES GONZALEZ MARIA JOSE
Vocal 2	CORTES REY BERTA
Suplente 1	CORZO NUÑEZ RAFAEL ALEJANDRO
Suplente 2	COUCEIRO LAIÑO ELENA
SUPLENTES:	CRESPO CRESPO ANGEL MANUEL
	CRUZ AFONSO JUAN MIGUEL
	DAPENA SUAREZ MERCEDES
	DEIVE DAPENA FRANCISCO JOSE
	DIAZ LOPEZ MARIA DEL CARMEN

SECCION:5.MESA:B

Presidente	MONTERO ALVAREZ MARIA DEL CARMEN

Suplente 1	MORETON VICO JAIME MANUEL
Suplente 2	MOSQUERA GUITIAN MANUEL ANGEL
Vocal 1	MOSQUERA VARELA MARIA MONICA
Suplente 1	MUGA EZQUERRA ABELARDO
Suplente 2	MUÑOZ DIEZ MARIA DEL CARMEN
Vocal 2	NAVEIRA BARRAL MARIA DEL PILAR
Suplente 1	NAVEIRA SANMARTIN JOSEFINA
Suplente 2	NAYA RIVEIRA AMELIA
SUPLENTES:	NEIRA DEL RIO ANA
	NIEVES BOUZAS ANA MARIA
	NO LOPEZ DULCE MARIA
	NOGUEIRA CASTRO MARIA ISABEL
	NOGUEIRA MARTINEZ JUAN MANUEL
SECCION:6. MESA:A	
Presidente	ABARRATEGUI ARIAS JOSE LUIS
Suplente 1	ABEAL VAZQUEZ ANTONIO
Suplente 2	ABELEDO VICOS MONSERRAT
Vocal 1	ABRUÑEDO PAN ALFONSO
Suplente 1	AGUIÑO TORRES SOFIA
Suplente 2	ALONSO TORRES CARMEN MARIA
Vocal 2	ALONSO VAZQUEZ MARIA DEL PILAR
Suplente 1	ALVAREZ FLORES MARIA JOSEFA
Suplente 2	AMADO VAZQUEZ MARIA EUGENIA
SUPLENTES:	AMARANTE ARES JUAN ANTONIO
	AMOR PEREZ GUSTAVO ANDRES
	ANTELO DONO LEOPOLDO
	ARES OTERO MARIA OLGA
	AREVALO VAZQUEZ CRISTINA MARIA
SECCION:6. MESA:B	
Presidente	PEREZ FELPETE CESAR DAVID
Suplente 1	PEREZ FERNANDEZ FRANCISCO JAVIER
Suplente 2	PEREZ GARCIA JAVIER
Vocal 1	PEREZ GOMEZ CARMEN
Suplente 1	PEREZ MEDIN FRANCISCO
Suplente 2	PEREZ NOVO HIPOLITO JOSE
Vocal 2	PEREZ VAZQUEZ BEATRIZ
Suplente 1	PEREZ VAZQUEZ M.CARMEN
Suplente 2	PICADO VAZQUEZ M.CONSUELO
SUPLENTES:	PICALLO FERNANDEZ AMADOR
	PITA BARRAL MARIA DEL CARMEN
	PITA SILVENT MARIA NIEVES
	PLACER GARCIA FERNANDO
	PONCE SANCHEZ MARCOS
SECCION: 7. MESA:UNICA	
Presidente	VAZQUEZ MOSQUERA ANA MARIA
Suplente 1	VAZQUEZ RIVERA DARIO

Suplente 2	VAZQUEZ VARELA MARIA DEL CARMEN
Vocal 1	VEIGA PITA ANA BELEN
Suplente 1	VICENTE DOLDAN MARIA ISABEL
Suplente 2	VICOS LEMOS ANA
Vocal 2	VIGO LOMBAO AMANCIO
Suplente 1	VILARIÑO SANCHEZ JUAN CARLOS
Suplente 2	ADEGA PEREZ CONSUELO
SUPLENTES:	ALEJANDRE GARCIA LUCIA
	ANDRADE VIDAL MARIA ISABEL
	ARES DOMINGUEZ MARIA DEL CARMEN
	ARES LOUZAO ALEJANDRO
	ARES MEDIN ISABEL

SECCION: 8. MESA: A

Presidente	LATA BARBEITO JOSE RAMON
Suplente 1	LENDOIRO SANCHEZ MANUEL
Suplente 2	LOPEZ LENDOIRO ADOLFO
Vocal 1	MASEDA CORBELLE MARIA JOSE
Suplente 1	MUÑOZ VIDAL MANUEL
Suplente 2	NAVEIRA CARRO MANUEL
Vocal 2	OIS FARIÑAS MARIA JESUS
Suplente 1	RAMIL RODRIGUEZ MARGARITA
Suplente 2	OTERO PACIN BEATRIZ
SUPLENTES:	PALAZON QUILES EMILIO
	PEREIRA PENEDO PILAR
	PIRILLO SONORA GABRIEL JOSE
	PRESEDO LENDOIRO FELISARDO
	PUMARES MATEO JAVIER

SECCION: 8. MESA:B

Presidente	GARCIA NAVEIRA SUSANA
Suplente 1	GARCIA RODRIGUEZ MARIA JOSE
Suplente 2	GARCIA SANCHEZ JOSE LUIS
Vocal 1	GARCIA SEOANE PEDRO
Suplente 1	GARCIA TABOADA MANUEL IVAN
Suplente 2	GARCIA TEIXEIRA JORGE
Vocal 2	GARCIA VILLAR CONSUELO
Suplente 1	GEROMINO VAZQUEZ MARIA MERCEDES
Suplente 2	GESTAL ESPIDO MARIA
SUPLENTES:	GESTAL NAVEIRA ANTONIO
	GOLPE MARCOTE MARIA BELEN
	GOMEZ MOURELO PEDRO
	GOMEZ VALES ANGELITO
	GOMEZ VIDAL MARIA ELENA

SECCION: 8. MESA:C

Presidente	NAVEIRA LATA ANA MARIA
Suplente 1	NAVEIRA MATOS ISABEL
Suplente 2	NOVO LOPEZ CARMEN

Vocal 1 NOVO PEREZ JESUS
Suplente 1 NUÑEZ LOPEZ FRANCISCO JOSE
Suplente 2 ORJALES PEREZ AMADOR
Vocal 2 OTERO ABELLON ALVARO
Suplente 1 OTERO BARRAL JOSE ANTONIO
Suplente 2 OTERO CAL ANA
SUPLENTES: DIAZ MARGARITA
OTERO FARALDO JESUS
OTERO GARABATO MARIA JOSE
OTERO MARTINEZ GLORIA
OTERO MOSQUERA JESUS MANUEL

SECCION:9. MESA:UNICA
Presidente VEIGA LOPEZ ASUNCION
Suplente 1 VEIGA MIRAMONTES AURORA
Suplente 2 VEIGA MOSQUERA JOSE MANUEL
Vocal 1 VICENTE NOYA MARIA LUZ
Suplente 1 AGILDA SANCHEZ EDUARDO
Suplente 2 BEADE SANTOS RICARDO
Vocal 2 CALVIÑO VIQUEIRA JOSE MANUEL
Suplente 1 CAMBA SANTOS MARIA TERESA
Suplente 2 CAMPOS OTERO JOSE LUIS
SUPLENTES: CAREAGA MARTINEZ MATILDE ASUNCION
CARRO SOBRINO JUAN CARLOS
CASAL RODRIGUEZ JOSE FRANSCISCO
CASTIÑEIRAS PURRIÑOS ANGEL MANUEL
CASTRO DANS LAUREANO

SECCION:10. MESA:A
Presidente OTERO MOSQUERA CARLOS
Suplente 1 PARDO GANDARA LOURDES
Suplente 2 PAZ PAZ MARIA JOSE
Vocal 1 PENA PEREZ SONIA
Suplente 1 SANCHEZ DURO VICTORIA
Suplente 2 SEIJO MUIÑO MARIA PILAR
Vocal 2 VAZQUEZ SETIEN MARIA
Suplente 1 SEIJO RODRIGUEZ ANA
Suplente 2 SEOANE GOMEZ LUIS MANUEL
SUPLENTES: SERANTES TRILLO MANUEL ANTONIO
TRIGO LORIA MARIA FERNANDA
VARELA IGLESIA SALVADOR
VAZQUEZ FUENTES ANTONIO MIGUEL
VAZQUEZ REY CARLOS MANUEL

SECCION:10. MESA:B
Presidente COSTELA CHOREN ALAN
Suplente 1 CRESPO SANMARTIN MARIA JOSE
Suplente 2 DOPICO RAMOS BRUNO
Vocal 1 ESTRADA SANCHEZ MARIA CARMEN

Suplente 1	FERREIRO BARRAL ISABEL
Suplente 2	FRAGA BUGIA MARIA JESUS
Vocal 2	FRAGA PEDREIRA MARIA RAQUEL
Suplente 1	GANDARA GOLPE JACOBO
Suplente 2	GIL SESAR MARIA JESUS
SUPLENTES:	GONZALEZ SERRANO FRANCISCO JAVIER
	IGLEISA REGUEIRA MARIA CONCEPCION
	LOPEZ CALVIÑO ANA BERTA
	MARIÑO SANTIAGO ANA
	MENDEZ ALVAREZ MARIA SOLEDAD

SECCION:10. MESA: C

Presidente	OTERO SANCHEZ MARIA PILAR
Suplente 1	OTERO VARA JOSE ANTONIO
Suplente 2	PALLARES VEIGA INES
Vocal 1	PEREZ PAZ DIEGO JOSE
Suplente 1	PONTE ORTIZ ALBA
Suplente 2	PREGO OTERO MARIA JOSE
Vocal 2	RAMOS GARCIA CELSA
Suplente 1	RECIO SANCHEZ MARIA OLGA
Suplente 2	DEL RIO REY JULIAN
SUPLENTES:	RIOS MARTIN PATRICIA DIANA
	RODRIGUEZ CASTRILLON HERNAN AGUSTIN
	SAAVEDRA QUIROGA GUILLERMO
	SABIN SANMARTIN JOSE MANUEL
	SACRISTAN EGUILUZ PEDRO MARIA

SECCION:10. MESA: D

Presidente	RIOS CRESPO PURIFICACION
Suplente 1	LOJO PEREZ M. FELIX
Suplente 2	MOSQUERA FARIÑAS MANUEL
Vocal 1	LOPEZ CAMEAN JOSE FRANCISCO
Suplente 1	NIEVES BOUZA JORGE
Suplente 2	NUÑEZ VALES MONICA
Vocal 2	LUZ CATALAN JUAN PEDRO
Suplente 1	PEREZ MOSQUERA FRANCISCO
Suplente 2	PEREZ VARELA MANUELA
SUPLENTES:	PRESAS BARALLOBRE MARGARITA
	HERMIDA GALLARDO FRANCISCO JAVIER
	ROCA ESPORAS JOSE MANUEL
	RODRIGUEZ MOSQUERA MARIA ELENA
	ROSENDE SEOANE MARIA SOLEDAD

SECCION:11. MESA: UNICA

Presidente	MIGUEZ LOPEZ MARIA PILAR
Suplente 1	NOGUEIRA NAVIERA ARMANDO LUIS
Suplente 2	NOVO DOPICO LUIS
Vocal 1	NOYA GANDARA MANUELA
Suplente 1	NUÑEZ LOUSA ELENA

Suplente 2 NUÑEZ RODRIGUEZ JUAN CARLOS
Vocal 2 OTERO SANCHEZ LUIS
Suplente 1 PEREZ CARABEL JOSE MARIA
Suplente 2 PEREZ GOMEZ PAULA
SUPLENTES: PEREZ MARIÑAN CONCEPCION
PEREZ MUIÑO JOSE ANTONIO
PEREZ TABOADA ANA
PICADO DOPICO GENOVEVA
PICADO OSES ANA ISABEL

SECCION:12. MESA:UNICA
Presidente ABEAL PEREZ VIRGINIA
Suplente 1 ALBA ALVAREZ JOSE ANTONIO
Suplente 2 ALVAREZ LOPEZ MARCELINO
Vocal 1 ALONSO SANMARTIN ENRIQUE GABINO
Suplente 1 DE ARBIZU LOPEZ MARIA JOSE
Suplente 2 ARES RODRIGUEZ FERNANDO GUSTAVO
Vocal 2 ARMADA PAREDES MARIA PILAR
Suplente 1 ARREBA SANTAMARIA MARIA ROSARIO
Suplente 2 BALADO COLORADO ANDRES
SUPLENTES: BARBEITO SANCHEZ MARIA JOSEFA
BARRAL ARAGUNDI JORGE
BARRAL PEDREIRA YOLANDA
BARRAL RODRIGUEZ MERCEDES
BARREIRO COUCEIRO MARIA JOSEFA

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

Iniciado o apartado de rogos e preguntas, o Sr. alcalde indica que neste momento era cando procedía a presentación da nova interventora, Sra. Mª Gema Vázquez López, explicando á Corporación a situación e o nomeamento efectuado.

- O Sr. alcalde invita a tódolos Sres. concelleiros ó acto de presentación do Anuario Brigantino, á clausura dos cursos do CIEC, anunciando tamén a aceptación por parte de Súa Maxestade El Rei da Presidencia de Honor do Congreso de Pequenas e Medianas Cidades, que terá lugar os días 16 a 18 de novembro na nosa cidade.

Antes de comezar cos rogos e preguntas, preséntanse as seguintes mocións FÓRA DA ORDE DO DÍA.

PRIMEIRA.- O Sr. concelleiro de infraestructuras, sobre acordo adoptado polo Pleno do Consorcio As Mariñas, relacionado coa aprobación do proxecto "PERTEGA".

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación acorda declarala de urxencia.

Da conta o Sr. concelleiro do acordo adoptado polo Consorcio As Mariñas relacionado coa aprobación do proxecto PERTEGA e con solicitar subvencións para a execución do mesmo, considerándose necesario a adopción de acordo por parte de cada concello ó obxecto de adherirse ó citado programa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Solicitar, xunto co Consorcio As Mariñas, subvención para o proxecto PERTEGA á Deputación Provincial e MAP-FSE, dentro do programa INSERTA. 2º.- Comprometerse a habilita-las partidas presupostarias de aportación que lle corresponda, de acordo cos criterios de poboación (estímase sobre

810.000,- ptas.) 3º.- Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar tódalas xestións derivadas do acordo adoptado.

SEGUNDA.- O Sr. voceiro do grupo socialista, sobre solicitude de apoio á manifestación do día 27 de setembro en defensa do futuro da fábrica de armas da Coruña.

O Pleno, co voto favorable de doce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda declarala de urxencia.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifféstase contra a urxencia, en canto que o fax que motiva o acordo, entende que chegou o día 6 do presente mes, polo que non aprecia a urxencia, insistindo en que non se tratou na Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, pola súa banda, considera importante resalta-lo apoio a esta empresa en canto que é criticable a política de vendas feita a capricho do Goberno Central, que afecta á seguridade dos postos de traballo e engade o perigo da súa desaparición.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera xustificada a urxencia, indicando que si se tratou na comisión, non facéndose responsable da inasistencia do grupo popular. Considera importante a acción, criticando o labor de privatización do goberno, considerando oportuno o apoio de tódolos grupos políticos.

O Pleno, co voto favorable de doce dos concelleiros pesentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez), acorda: Apoia-la manifestación convocada polo Comitéde Empresa da Fábrica de Armas da Coruña para o próximo xoves día 27 de setembro, en defensa do futuro industrial, o mantemento dos postos de traballo e a pervivencia da fábrica de armas.

* Xa no apartado de **rogos e preguntas**, procédese a dar resposta ás efectuadas no anterior Pleno ordinario (10-agosto-2001):

Polo grupo municipal do BNG:

1.- A obtención de tarxetas de acceso ó casco realízase tendo en conta a titularidade de vehículos de residentes no mesmo. Igualmente téñense en conta outras peticións, que se valoran en tódolos casos do mesmo xeito, tendo en conta situacións familiares, actividades privadas e comerciais, necesidade de acceso en casos de emerxencia, etc.

2.- A paralización ou ralentización das obras da r/ Rosalía de Casto son debidas a problemas organizativos da empresa adxudicataria.

3.- O presuposto das festas de San Roque estará a súa disposición e de tódolos membros da Corporación unha vez que se liquiden con carácter definitivo.

Polo grupo municipal do PP:

1.- Contestación relativa a tarxetas de acceso ó casco semellante á contestación do BNG.

2.- As atraccións ocuparon os lugares indicados polos membros do goberno municipal responsables da organización das festas de San Roque 2001.

3.- Na rúa rosalía de Castro fixéronse innumerables xestións para relanza-las obras e incluso se lle abriu un expediente á empresa concesionaria. O importe da multa será o resultado da conclusión e remate do expediente e terá en conta, entre outras circunstancias, as datas de remate final das obras.

4.- O Concello utilizará os medios posibles para a participación no romaría dos Caneiros.

* Efectúanse os seguines rogos e preguntas:

Pola Sra. Faraldo, como voceira do grupo popular:

- Unha vez efectuada a venda da parcela 121 do Pasatiempo á firma Eroski ¿que previsións se teñen para cobra-lo canon de cen millóns a favor do Concello?

- ¿Que relación empresarial existe entre o Sr. concelleiro D. Antonio Lagares e a empresa "Noster", que actúa de intermediaria da anterior venda?

- ¿Estase a preparar algún expediente de diminución de edificabilidade na citada parcela?

- ¿Tense coñecemento por D. Antonio Lagares da paralización das actuacións en tal parcela por outro dos xestores da mencionada venda?

- Pídese o importe das axudas escolares outorgadas para Primaria, ESO e universidade.

Polo Sr. Doporto, como voceiro do grupo nacionalista:

- Pídese a limpeza do lugar dos Caneiros.

- Preséntanse queixas pola falta de atención de discapacitados na piscina descuberta.

- En referencia á limpeza dos ríos Mendo e Mandeo, pide atención a como se vai deixa-lo canle.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e trinta minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDÍA *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARÍA *

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTECINCO DE OUTUBRO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Mª Gema Vázquez López.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do xoves día vintecinco de outubro de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometida a aprobación a acta da sesión anterior, correspondente ó día vinteseis de setembro pasado, a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, solicita que se fagan constar na mesma certas incorreccións e omisións que ó seu entender deben ser subsanadas: En primeiro lugar a inconcreción sobre a incorporación de distintos concelleiros no punto terceiro e cuarto da orde do día. Así mesmo a intervención da voceira do grupo popular, que se fai constar no punto cuarto, hase de precisar que se produciu no punto seguinte. Por último, en referencia ó punto décimo primeiro en relación co exposto pola voceira do grupo popular sobre a contradicción entre as manifestacións do Sr. alcalde e o informe do secretario, no que se facía consta-lo dereito de propiedade dos interesados, insistindo en que conste en acta se hai ou non un erro, quere que se faga constar que nese momento, dirixíndose ó secretario decíndolle que o seu informe sería daquela erróneo, o secretario contestou: "non me importa, dame o mesmo". Considera que tales afirmacións deben constar, pois delas poden derivarse responsabilidades e accións que o seu grupo político se reserva, así como entende que lexitima ós concelleiros da corporación a esixir do secretario unha desculpa pública se se ten en conta que representan unha falta grave de respecto, non xa á Sra. Faraldo e ós concelleiros do seu grupo, senon a toda a Corporación.

O Sr. alcalde entende que se trata de suxestións persoais, que se poden ter en conta, o cal non quere dicir que estea de acordo con elas.

A acta dase por aprobada.

2.- PETICIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CONSTRUCCIÓN DA SEGUNDA FASE DO POLIDEPORTIVO NO COLEXIO "VALES VILLAMARÍN".

Dase conta de petición á Excma. Deputación Provincial da Coruña para construcción da segunda fase do polideportivo no colexio "Vales Villamarín", recolléndose como moción conxunta dos tres grupos políticos e que vén sendo reiterada reclamación de tódolos sectores afectados.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Dirixirse á Deputación Provincial da Coruña, ó obxecto de que se acometan as obras do citado polideportivo, se pode ser con cargo a posibles remanentes do presente exercicio e se non que se inclúa no presuposto de 2002.

3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE DIVERSAS MELLORAS RESPECTO Á RÚA PROLONGACIÓN ROSALÍA DE CASTRO E ADXACENTES.

Antes de iniciar este punto, incorpórase o Sr. Beade Dopico.

Dase conta de moción do grupo nacionalista dando traslado de petición da Asociación de Veciños da rúa Rosalía de Castro e Adxacentes, que conta co dictame da Comisión Informativa, solicitando que se esixa de forma contundente o cumprimento por parte dos establecementos de ocio da normativa municipal de ruídos, tramitándose de oficio os expedientes sancionadores no caso de non adaptarse á citada normativa, así como que se dote á zona dun axeitado servicio de limpeza os días posteriores a unha intensa actividade de ocio, que garanta a hixienización das rúas.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, despois de aclararse o erro na denominación da moción, anque se mantén unha relación, da conta da moción presentada. Fai referencia ós anos en que se manteñen os problemas, polo que pide que se aplique con dureza a normativa aprobada, en canto que o que queda de manifesto é unha vontade de non aplicala. Indica que se aprobou unha ordenanza como a panacea de tales males, dándose un prazo de un ano para adaptacións. Nesta data as queixas continúan, porque non hai intencionalidade política de aplicala. A realidade, entende, é dunha permisividade escandalosa nos horarios, pedíndose unicamente que se cumpra estrictamente a normativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que xa manifestou o apoio á moción na Comisión Informativa, pedindo que se cumpra a lexislación tal e como está redactada e non se incorra en actitudes permisivas, que ó único que conducen é a un ambiente deteriorado e pobre, moi distinto ó de concellos próximos que tomaron medidas moi beneficiosas, polo que hai que intentar que se respecten os dereitos dos veciños.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sinala que o problema é coñecido, non esixindo ser máis duro senon aplica-las ordenanzas en vigor. Recoñece que nos pasados meses de verán puido haber unha actitude máis permisiva, o cal se vai corrixir. Considera que non se pode determinar por decreto a ocupación da vía pública e sinala que se veu incrementando a vixilancia, coa colaboración da Garda Civil e expoñendo tales problemas así como os de limpeza e outros, xuntamente coa asociación de hostelería. Adianta un non rotundo á moción, na que se vislumbra un claro oportunismo, o que non significa que se lle diga non ás inquedanzas dos veciños, senon que se seguirá actuando con rigor.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, manifféstase xa canso do debate, considerando todo o que acaba de dici-lo voceiro do grupo de goberno total demagoxia, en canto á normativa está para aplicala e sábese que se está incumprindo, navegando en dúas augas. Respecto ó oportunismo, rexeita tal acusación, xa que o seu carácter de ex-veciño da rúa Pintor Seijo Rubio permítelle coñecer ben os problemas. Mantén o carácter demagóxico sobre a postura da ocupación da vía pública, en canto que se está a

falar do respecto ós veciños. Non quere engadir máis que que se está facendo, por parte do equipo de goberno, unha mala interpretación do respecto ós hosteleiros, están mal asesorados e queda claro, de forma evidente, o incumprimento da filosofía da lei, chegando ás argumentacións pobres de face-la vista gorda á vista do apoio electoral. Insistindo nas acusación de oportunismo, non pode aceptar que se diga que non ocorre o que se está sinalando e que non se actúe de oficio, estando máis preocupados polas opinións da hostelería.

- Intervén o Sr. alcalde, para indicar que a ordenanza de ruídos aprobouse invitando ós grupos a aportar suxestións, das que lembra non houbo ningunha.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, quere presenta-la primeira: que se cumpra a normativa e que non se digan as cousas só para que queden nas actas. En segundo lugar, que se admitan ós concelleiros como representantes encargados de transmiti-las queixas dos veciños, considerando que non é unha boa lección de democracia dicir que non hai por que facer caso a un escrito dos veciños. Demostran que queren que a rúa sexa do equipo de goberno, con festas e todo tipo de locais e postos ocupándoa indebidamente, como lles da a gana, ó igual que no urbanismo, con hábitos pouco recomendables, cando o certo é que nesta situación non se beneficia a ninguén.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que se volve a reproduci-lo debate doutros plenos, poñéndose en xogo a participación dos veciños, que son libres de emitir todo tipo de escritos, o cal non negou, afirmándose só que o escrito era oportunista. Entende que se debe actuar sempre con tolerancia e diálogo, considerando que se volve á discusión sobre o mesmo, pero mantendo distintas posturas que se estiveran os representantes da hostelería. Indica que o seu grupo sempre vai mante-la mesma posición e seguirán traballando nesa dirección.

O Sr. alcalde considera suficientemente debatido o asunto, someténdoo a votación.

O Pleno, co voto a favor de sete dos concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción presentada.

4.- <u>POSTA EN COÑECEMENTO DO AVANCE DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA E ACORDO QUE PROCEDA.</u>

Dase conta da presentación do documento do avance do plan xeral por parte do equipo redactor. Vén informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que é a partir de agora e a través da comisión de seguimento, onde se deberán presenta-las aportacións de todos. Considera o presentado un documento acorde coas necesidades de desenvolvemento de Betanzos, que supón unha declaración da filosofía dos redactores e que agora esixe a participación de todos, para chegar a un documento definitivo do máximo consenso.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, agradece a deferencia de aportación de documentación, indicando que non foi así en anteriores ocasións, dando as gracias ó equipo redactor.

O Pleno, por unanimidade, acorda tomar coñecemento do avance do plan xeral de ordenación municipal e proceder á súa exposición pública e tramitación de acordo co disposto no artigo 41 da Lei 1/97 do solo de Galicia.

5.- SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NO ICIO.

Dada conta de solicitude de data 11 do mes en curso, interesando bonificación no ICIO, que conta co dictame da Comisión de Programación, visto o arigo 7º da Ordenanza fiscal nº 28 do imposto sobre construccións, instalacións e obras, o Pleno, por unanimidade, acorda concede-la bonificación do 90% do citado imposto na liquidación de Dª Mª Isabel Iglesias Salorio, para picar e recebar fachada, limpeza de cantería, colocar dous chanzos de pedra na entrada, tuberías de baixante e colocar galería de aluminio na r/ Quiroga nº 6.

6.- PROPOSTA DE EXERCICIO DE ACCIÓNS CIVÍS.

Dase conta de proposta de exercicio de accións civís, que conta co dictame da Comisión de Programación, consonte informe do asesor xurídico no que quedan de manifesto as conclusións da sentencia do Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Betanzos, confirmada posteriormente pola Audiencia Provincial, de que o Concello consentiu e autorizou a subrogación das obrigas derivadas do contrato de compravenda de 12.08.1988 e entre elas a da cláusula 06-03, que tiña Forjados Rivera SA, en favor de Construcciones Fraga SL.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a abstención do seu grupo, ó non ter tempo, por motivo das recentes eleccións, de analiza-lo asunto, se ben sinala que nunha próxima sesión dará lectura ás acusacións que se verteron nesta sala á súa persoa, con ocasión de tratar este asunto noutra ocasión, e poñerase de manifesto quen defendía a quen.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, mantén o xa manifestado e entende que o seu grupo segue o que lle indican os asesores, a quen corresponden emiti-los informes, como neste caso.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do PP, en que con anterioridade os seus asesores dicían outra cousa, pero que é fácil manter posturas que levan ó Concello a ter que asumir custas dos pleitos.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia a abstención do seu grupo por considerar que se trata dun asunto ocasionado pola xestión do equipo de goberno.

- Remata o Sr. alcalde indicando que sempre se respectan os informes xurídicos e técnicos como corresponde.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), visto o informe sinalado, acorda: Proceder ó exercicio das correspondentes accións civís contra a mercantil Construcciones Fraga SL, en reclamación do 12% do prezo da adxudicación da parcela municipal sita na UA-4 escolas García Irmáns obxecto da subhasta, na parte que se refire ó Excmo. Concello de Betanzos e ó extinto Patronato da Fundación Benéfica, de padroado particular, "Escuelas y Asilo García Hermanos"

7.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA.

Dase conta de proposta de modificación presupostaria, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a abstención do seu grupo como postura adoptada sempre ante este tipo de cuestións, indicando que non a collen de sorpresa aumentos como o da factura de telefónica, da que o levan sinalando máis de catro anos, pedindo tamén tódolos gastos de asesoría xurídicia que se producen, insistindo no tema dos informes do punto anterior, xa que considera que se ten ben dominados a tódolos técnicos, para que se informe o que quere o equipo de goberno, anque algún se atreve a manifestalo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia tamén a súa abstención ó tratarse dun acto de goberno no que non participan.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, lembra á Sra. voceira do PP que a dictadura do proletariado está suspendida e superada polos réximes democráticos e recorda a tódolos concelleiros que é na conta xeral, que o equipo de goberno rende debidamente, onde se analizan as correspondentes partidas, incluídas as de telefonía, co correspondente dereito e deber de estudialas.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, en que se expliquen os gastos xurídicos a técnicos foráneos, remitíndoa de novo o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, ás contas xerais, pedíndolle que traballe un pouco máis.

- O Sr. alcalde indica que lle chama a atención a insistencia sobre os gastos telefónicos, cando os técnicos indican que o sistema establecido polo Concello actualmente é o máis desenvolvido e eficaz do mercado.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aproba-la modificiación presupostaria mediante transferencias de créditos, por importe de catorce millóns oitocentas vintenove mil catrocentas trinta pesetas (14.829.430,- ptas.), que afectan ás partidas que constan na memoria proposta da Alcaldía. 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitiivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

8.- MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS.

Dase conta de proposta de modificación e derrogación de ordenanzas fiscais, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

Os grupos popular e nacionalista manifestan a súa postura de abstención polos mesmos motivos sinalados no punto anterior.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, Martínez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda: 1º.- Aproba-las seguintes ordenanzas fiscais, que modifican as anteriores do mesmo nome e que se numeraban co que figura entre parénteses:

ORDENANZA FISCAL Nº 1 (1) Xeral de tributos e de prezos públicos.

ORDENANZA FISCAL Nº 2 (2) Reguladora da taxa por expedición e tramitación de documentos.

ORDENANZA FISCAL Nº 3 (3) Reguladora da taxa polos servicios do cemiterio municipal.
ORDENANZA FISCAL Nº 4 (5) Reguladora da taxa polo outorgamento de licencias de apertura de establecementos.
ORDENANZA FISCAL Nº 5 (6) Reguladora da taxa polo outorgamento de licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer.
ORDENANZA FISCAL Nº 6 (7) Reguladora da taxa polo outorgamento de liencias urbanísticas.
ORDENANZA FISCAL Nº 7 (10) Reguladora da taxa por prestación de servicios nos mercados municipais.
ORDENANZA FISCAL Nº 8 (13 e 16) Reguladora da taxa pola ocupación do solo, voo e subsolo de vías públicas e outros terreos de dominio público local.
ORDENANZA FISCAL Nº 9 (14) Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos semellantes con finalidade lucrativa.
ORDENANZA FISCAL Nº 10 (15) Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con quioscos.
ORDENANZA FISCAL Nº 11 (17) Reguladora da taxa pola apertura de gabias, calicatas e calas en terreos de uso público, así como as remocións de pavimentos ou beirarrúas na vía pública.
ORDENANZA FISCAL Nº 12 (18) Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construcción, entullo, valas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións semellantes.
ORDENANZA FISCAL Nº 13 (19) Reguladora da taxa por entrada de vehículos desde a vía pública ós edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular.
ORDENANZA FISCAL Nº 14 (20) Reguladora da taxa pola prestación de servicios nos museos e outras instalacións culturais do Concello de Betanzos.
ORDENANZA FISCAL Nº 15 (22) Reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes.
ORDENANZA FISCAL Nº 16 (29) Reguladora da taxa por prestación de servicios na feira do anticuario e almonedista.

2º.- Aproba-las modificacións dos artigos das ordenanzas fiscais que se indican, das que tamén se modifica a súa numeración figurante entre parénteses o número anterior:
- O Art. 6 da ORDENANZA FISCAL Nº 17 (4) Reguladora da taxa por retirada e custodia de vehículos: **Cota tributaria.**
- O Art. 8 da ORDENANZA FISCAL Nº 18 (8) Reguladora da taxa por prestación de servicio de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais: **Tarifas.**
- O Art. 6 da ORDENANZA FISCAL Nº 19 (11) Reguladora da taxa por subministro e utilización de auga potable no termo municipal de Betanzos: **Tarifas.**
- O Art. 6 da ORDENANZA FISCAL Nº 20 (12) Reguladora da taxa que rexe o estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas: **Tarifas.**
- O Art. 6 da ORDENANZA FISCAL Nº 21 Reguladora da taxa pola prestación de servicios nas instalacións deportivas municipais: **Tarifas.**

3º.- Derroga-la seguinte ordenanza:
ORDENANZA FISCAL Nº 9 Reguladora da taxa por recollida de lixo.

4º.- Aproba-las modificacións dos artigos das ordenanzas fiscais de prezos públicos que se indican:

- Do PREZO PÚBLICO Nº 1 Regulador da publicidade na emisora de radio, o Art. 1 no seu apartado 2: Tarifa: Feitos, bases, tipos e cotas.
- Do PREZO PÚBLICO Nº 2 Regulador da prestación de servicios culturais, publicidade e venda de publicacións, Art. 4: Tarifas.
- Do PREZO PÚBLICO Nº 3 pola prestación do servicio de axuda a domicilio, Art. 3: Base impoñible e Art. 4: Contía.

5º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no prazo de exposición ó público.

FÓRA DA ORDE DO DÍA preséntase moción relacionada coa ratificación de acordo da Comisión de Goberno sobre determina-los días de festas locais para 2002.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación acorda declarala de urxencia.

O Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo acordo adoptado pola Comisión de Goberno deste Concello na sesión realizada o día 9 de outubro de 2001 que di: "6.- ESCRITOS VARIOS.= Visto o escrito remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, no que comunican as festas laborais para o ano 2002 na Comunidade Autónoma de Galicia, solicitando que por este Concello se determinen os dous días do ano que teñen carácter de festas locais por tradición propia, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda fixar como días festivos locais para o ano 2002 o día de San Roque (16 de agosto) e o martes de entroido (12 de febreiro)."

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de entrar neste apartado, o Sr. alcalde quere facer consta-la felicitación do Pleno a tódolos betanceiros que saíron elixidos nas pasadas eleccións ó Parlamento Galego.

Por outra banda, anuncia a próxima presentación do presuposto para 2002, solicitando suxestións ó mesmo por parte dos grupos.

*Procédese a dar resposta ás preguntas efectuadas no anterior Pleno ordinario (26-setembro-2001):

Polo grupo municipal do PP:

1.- O canon pola concesión de dereitos de supeficie da parcela do Pasatiempo foi ingresado nas arcas municipais no seu momento.

2.- A empresa Noster e o Sr. concelleiro D. Antonio Lagares non teñen ningunha relación empresarial.

3.- Non.

4.- Non.

5.- As axudas escolares estanse a completar e poderanse comprobar na liquidación presupostaria correspondente.

* Efectúanse os seguines rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

- Pídese que se aplique a moción solicitada hai máis de un ano de melloras ó club de piragüismo nas súas instalacións.

- Que se controle a velocidade na Ribeira.

- Que se traballen máis as contestacións que se dan polo equipo de goberno, esixindo un respecto.

Polo grupo municipal do BNG:

- Pregúntase se se requiriu á empresa do aparcamento de Rosalía de Castro a mellora do valado perimetral, como se acordou no Pleno.

- Quere agradecer ó equipo de goberno o cumprimento das normas protocolarias en canto acto se celebra, en contraposición a outros grupos que inauguran proxectos pagados por tódolos galegos sen invitar.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteúnha horas e trinta minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asisten:

Dª Ofelia López Campos (con desculpa).
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Mª Gema Vázquez López.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do mércores día vinteoito de novembro de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr

alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vintecinco de outubro pasado.

2.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓNS Ó PLENO.

Dase conta ó Pleno de comunicacións enviadas por:

- Servicio de Conservación e Explotación da Coruña da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, remite informe sobre acordo plenario de propostas varias de seguridade vial (N-VI á altura do colexio Atocha).

- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección Segunda, comunica resolución declarando a inadmisibilidade do recurso contenicoso-administrativo núm. 02/0006314/1997 presentado por D. José López Regueira e D. Jesús Gundín Hurtado contra acordo deste Concello do 28-11-96, polo que se aproba o texto refundido do proxecto de revisión das normas subsidiarias de planeamento municipal (BOP do 24-1-97).

3- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DE OBRAS E INFRAESTRUCTURAS.

Dase conta de moción do concelleiro delegado de obras e infraestructuras relacionada coa corrección de deficiencias das estradas N-VI e N-651 ó seu paso polo casco urbano. Está informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, expón a postura favorable do seu grupo, lembrando que fai tempo xa se falou e se fixeron xestións sobre este asunto, estando as estradas sobre as que se insiste en mal estado.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia o apoio a calquera demanda neste senso.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, indica que ante un rogo xa presentado polo PP se fixeron xestións verbalmente que non produciron efectos, polo que se realiza esta petición oficialmente.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1) Solicitar ó Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia: 1º) Repare o máis urxentmente posible os firmes de: a) Estrada N-VI, tramos comprendidos entre Atocha-praza García Irmáns e Ponte Nova-Magdalena, con entronques á estrada comarcal Herves-Fontan. b) Estrada N-651, diversos tramos entre a Ponte Nova e Caraña. 2º) Solicitar se inicien estudios de ampliación da Ponte Nova, co fin de mellora-la circulación neste punto. 2) Facultar ó Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue, para realizar cantas xestións sexan necesarias co fin de levar a bo fin esta moción.

4- SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NO ICIO.

- Dase conta de solicitude de data 25 de outubro, interesando bonificación no ICIO, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, tralo apoio total á proposta, suscita a dúbida da necesidade de ter que elevar tódalas solicitudes ó Pleno.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, expón que se estudie se estas bonificacións non poden ser por sistema, cunha mellor información que quede reflexada nunha "rebaixa de xeito directo".

A indicación do Sr. alcalde, o secretario explica que hai que entender que a bonificación debe ser instada, sendo competencia do Pleno, pero non vendo ningunha obxección a que se delegue na Comisión de Goberno ou na Alcaldía.

O Pleno, por unanimidade, visto o artigo 7º da ordenanza fiscal nº 28 do imposto sobre construccións, instalacións e obras, acorda concede-la bonificación do 90% do citado imposto na liquidación de D. Manuel Carneiro Seoane para rehabilitación de vivenda unifamiliar na r/ Ribeira nº 22.

5- PETICIÓN SOBRE TARIFAS DE AUTOTAXIS.

Dase conta ó Pleno de petición da Agrupación Local de Auto-Taxis e Gran Turismo Clase B de Betanzos sobre aprobación de tarifas de prezos para o ano 2002. Está informada pola Comisión de Programación.

Tódolos grupos manifestan a súa aprobación, entendéndose polo BNG que a Agrupación de autotaxis é representativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Aproba-las tarifas de prezos para o ano 2002 presentadas pola Agrupación Local de Auto-Taxis e Gran Turismo Clase B de Betanzos.

6- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE DA UEI-1B.

Dase conta de proposta de aprobación definitiva de estudio de detalle da UEI-1b, Cruz Verde, aprobado inicialmente pola Comisión de Goberno en sesión do 15 de maio do ano en curso, que conta cos informes e dictames preceptivos.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, indica o voto favorable do seu grupo, á vista dos informes que se acompañan.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pola súa banda, mantendo a lóxica que o seu grupo vén mantendo desde a aplicación das normas vixentes, que consideran un desenvolvmento do equipo de goberno, manifesta a súa abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto dos grupos, referíndose a estas aprobacións como instrumentos importantes de desenvolvmento urbanístico, esperando que o consenso se dea no próximo plan xeral do que xa se iniciou o seu avance.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, e 3 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez) e a abstención dos outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda: Aprobar definitivamente o estudio de detalle da UEI-1b, Cruz Verde, instado por Dª Carmen Crespo Pereiro.

7- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PARCIAL DO SAUI-5 DE PIADELA.

Dase conta de proposta de aprobación inicial do plan parcial do SAUI-5 de Piadela, que conta conta cos informes e dictames preceptivos.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, e 3 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez) e a abstención dos outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda: Aprobar inicialmente o plan parcial

do polígono 3 de Piadela, relativo ó SAUI nº 5, instado por Tojeiro Transportes SA, consonte o proxecto presentado, debéndose continua-la súa tramitación regulamentaria.

8- PROPOSTA PARA INCLUSIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS 2002 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Dase conta de proposta para inclusión no Plan provincial de obras e servicios 2002 da Deputación da Coruña, que vén informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, indica o voto favorable do seu grupo aínda cando poida haber discrepancias en certas solicitudes, entendendo que tódalas obras veñen ben.

- O Sr. Doporoto, voceiro do grupo nacionalista, pola súa banda, maniféstase como sempre favorable ás soicitudes a outros organismos, matizando que neste caso por fin se propoñen as instalacións deportivas no Xuncaliño. Sen embargo, manifesta a incongruencia que se da na apertura dun camiño non previsto no plan, o que orixina certa discrecionalidade, entendendo que sobre este e outros camiños debería de posicionarse o equipo de goberno.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, tras referirse ás obras que se presentan así como á necesidade de incluir no acordo a petición a Costas das autorizacións que foran precisas para as obras no Xuncaliño, entende que o plan de urbanismo aínda se atopa nunha fase de avance na que non deixa de ser máis que unha declaración de intencións, polo que o referente a vías e outros aspectos terá o seu debate correspondente na Comisión de Seguimento e neste Pleno.

- No mesmo senso maniféstase o Sr. alcalde, entendendo que o avance é fundamentalmente un documento que corresponde a unha proposta técnica.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo plan de investimentos municipais de 2002 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2002, integrado polas seguintes obras e de acordo coa finalidade que se indica:

Nº orde e denominación da obra	Importe total/Estado+Deput. en euros.		Concello
1.- Instalación deportiva no Xuncaliño e piscina descuberta.....	36.914,47	33.190,15	3.724,32
2.- Subministro de material electrico con destino á mellora de iluminación pública....	24.168,84	21.730,45	2.438,39
3.- Instalación deportiva en Xan Rozo (parroquia de Requián).....	30.261, 95	27.208,80	3.053,15
4.- Saneamento zonas urbanas, Piadela 1ªF.	29.748,72	26.747,27	3.001,45
5.- Construcción de beirarrúas para a seguridade vial en Touriñao de Abaixo-Montellos.....	29.242,68	26.292,22	2.950,46
6.- Pavimentación de vías públicas nas parroquias de S. Mariño de tiobre, S. Pedro de viñas, Sta. María de Pontellas e Santiago de Requián.....	36.851,79	33.133,80	3.717,99
TOTAIS.....	187.188,45	168.302,69	18.885,76

2º.- Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 2002 e que se relacionan no punto anterior.

3º.- Aproba-lo Plan complementario ó de 2002 no que se inclúen as obras que a continuación se indican:

Plan complementario	Importe en euros
1.- Instalación social e cultural, subministro de mobiliario urbano...	19.072,72
2.- Instalación e equipamento deportivo e social: subministro de material eléctrico para instalación deportiva e de interese social.....	24.040,27
3.- Travesías urbanas Guiliade 3ª fase.....	28.570,72
TOTAL.....	71.683,71

4º.- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado, mediante petición, coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5º.- Comprometerse o Concello a incluir no presuposto municipal de 2002 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade 2002.

6º.- Solicitar da Excma. Deputación da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

7º.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Así mesmo, o Pleno acorda: Dirixirse á Demarcación de Costas en Galicia, a fin de solicita-la correspondente autorización administrativa para a construcción de instalación deportiva e piscina descuberta no Xuncaliño, facultando á Alcaldía para a realización de tódolos trámites necesarios.

9- PROPOSTA DE PRESUPOSTO XERAL 2002.

Preséntase a consideración do Pleno proposta de presuposto xeral 2002, que conta cos dictames e informes preceptivos.

- Antes de inicia-lo debate o Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, pregunta se se recolleron as enmendas que presentou o seu grupo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, en tal senso, indica que xa se explicou na Comisión Informativa que moitas delas están recollidas, pero que sen dúbida, dada a data da súa presentación, outras no se puideron ter en conta.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, indica que o seu grupo presentou as enmendas en prazo, no mesmo que se presenta o documento, o que fai imposible o seu estudio, anque entende que hai partidas que executan as propostas feitas, polo que, outorgando un voto de confianza ó equipo de goberno, van votar afirmativamente o presuposto presentado, o que non significa que co tempo aparezan discrepancias e debates sobre a súa execución.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, considera o presuposto como os números do equipo de goberno, que non coincide coas súas prioridades, preguntando tamén se se van recolle-las iniciativas por eles presentadas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, antes de agradece-las aportacións dos grupos, fai unha breve referencia á trascendencia histórica de aprobarse o primeiro presuposto en euros, paso definitivo para a nosa integración en Europa. Voltando ás iniciativas dos grupos, entende que hai partidas que as poden recoller. Fai referencia ás grandes magnitudes presupostarias, o seu crecemento, o aforro no gasto corrente e o aumento do investimento e as melloras que se introducen, sen esquece-lo seu

carácter preventivo, co que será posible introducir novas aportacións ó longo do exercicio. Agradece ós funcionarios a elaboración documental e insiste na necesidade de seguir na vía da autonomía local co incremento do seu gasto. Nesta vertente refírese ós incrementos, entre os que destaca o dou por cento do persoal, como prevé o proxecto de lei de presupostos do Estado. Cita o incremento en gastos de investimento, indicando certos investimentos que xa están en marcha e outros que cre van no sentido de potenciar Betanzos. Voltando ás aportacións dos grupos insiste en que unha grande parte das propostas están recollidas, outras deberán selo ou esperarase a darlles solución no plano xeral, sen prexuízo de que en determinados supostos haberá que pedi-la colaboración doutras institucións.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, agradece que se teñan en consideración as propostas realizadas polo seu grupo e anuncia o seu voto de abstención como voto de confianza.

O Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, e 3 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez) e a abstención dos outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda: 1º.- Aproba-lo presuposto para 2002, que alcanza en ingresos a contía de 7.906.229,78 euros e en gastos a de 7.870.569,11 euros, presentándose desequilibrado en máis para atender ó déficit do anterior remanente de tesourería liquidado, e que ofrece nas súas funcións e e capítulos o seguinte resumo:

PRESUPOSTO DE GASTOS CLASIFICACIÓN FUNCIONAL

Grupo de función	Descrición	Importe
0	Débeda pública	273.021,95
1	Servicios de carácter xeral	799.383,13
2	Protec. Civil e seguridade cidadá	586.941,76
3	Seguridade e promoción social	1.415.722,86
4	Producción bens públicos de carácter social	3.281.988,28
5	Producción bens públicos de carácter económico	933.973,63
6	Regulación económica de carácter xeral	361.794,24
7	Regulación económica sectores productivos	182.707,68
9	Transferencias a administracións públicas	35.035,58
	TOTAL	7.870.569,11

PRESUPOSTO DE GASTOS CLASIFICACIÓN FUNCIONAL

Capítulo	Descrición	Importe
1	Gastos de persoal	3.029.436,48
2	Gastos en bens correntes e servicios	2.441.858,92
3	Gastos financeiros	142.339,54
4	Transferencias correntes	163.351,65
6	Investimentos reais	1.962.900,11
8	Activos financeiros	12.020,24
9	Pasivos financeiros	118.662,17
	TOTAL	7.870.569,11

PRESUPOSTO DE INGRESOS CLASIFICACIÓN ECONOMICA

Capítulo	Descrición	Importe
1	Impostos directos	2.282.042,93
2	Impostos indirectos	342.176,84
3	Taxas e outros ingresos	574.863,96
4	Transferencias correntes	2.680.513,95
5	Ingresos patrimoniais	55.293,11
6	Alleación de investimentos reais	901.518,16
7	Transferencias de capital	607.041,52
8	Activos financeiros	12.020,24
9	Pasivos financeiros	450.759,07
TOTAL		7.906.229,78

2º.- Aprobar, así mesmo, as bases de execución, relación de postos de traballo, cadro de persoal e demais documentación para dito exercicio que figura como unida ó mesmo.

3º.- Que se proceda á súa publicación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

De acordo co tratado no punto cuarto deste Pleno, o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, presenta unha moción por urxencia, ó obxecto de delegar na Comisión de Goberno a concesión das bonificacións previstas na ordenanza fiscal do ICIO, para as obras a realizar no ámbito do PEPOCH.

Por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acórdase declara-la moción de urxencia.

Xa no debate, o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, engade que periodicamente, o que pode ser cada seis meses, se dea conta ó Pleno das concedidas.

O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, véo correcto, pero engadindo que polos servicios correspondentes se mire o xeito dunha solicitude automática e, en todo caso, o máis fácil para os veciños.

O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, pola súa banda, aínda mantendo certas reticencias, apóiao pola axilidade que supón.

O Pleno, por unanimidade, acorda delegar na Comisión de Goberno a concesión das bonificacións previstas na ordenanza fiscal do ICIO para as obras a realizar no ámbito do PEPOCH.

10- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de entrar neste apartado, o Sr. alcalde invita a tódolos concelleiros a asistir ó concerto da Ilusión que terá lugar o vindeiro sábado na igrexa de San Francisco.

Xa en "rogos e preguntas", dase contestación á pregunta realizada polo BNG no anterior Pleno, da maneira seguinte:

- O Concello urxíu á empresa adxudicataria das obras de Rosalía de Castro para que cumpra coa adecuación do valado e de tódolos acordos para remata-las obras no prazo indicado no calendario que nos presentou.

* Efectúanse os seguines rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

- Rogan se lles facilite copia do informe preceptivo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda relativo á modificación das normas subsidiarias da finca situada no Carregal esquina Fraga Iribarne e do solar situado no paseo da Galera e

camiño do Carregal. Esta modificación puntual das NNSS foi realizada no Pleno de data 23-02-2001.

- Rogan que polos servicios técnicos se intente buscar unha ubicación máis acorde co contorno e de maior comodidade para os veciños, respecto á ubicación dos colectores de resíduos existentes no adra da igrexa da Angustia.

- Rogan que polos servicios técnicos se xestione o deseño e adquisición de documentos de solicitude tipo en formato copiativo, como o da maioría de concellos e institucións modernas.

- Preguntan se na adxudicación do terreo situado na zona do Pasatiempo para a construcción dun hipermercado se produce unha modificación substancial das bases de concesión. ¿Pensa o Concello aplica-la lei e realiza-lo rescate da concesión?

- Preguntan se está recepcionada polo Concello de Betanzos a rúa Dr. José Fariña. En caso afirmativo, solicitan copia da acta de recepción.

Polo grupo municipal do BNG:

- Rógase o cambio dos colectores de detrás da igrexa de Santiago, que son todos de marteria orgánica.

- Roga tamén que se instalen máis en Caraña de Arriba e noutras zonas.

- Expón a escasez do horario de exposición do avance, pedindo a súa ampliación ás tardes, polo menos dúas delas.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteúnha horas e vinte minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Perez Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL UN.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
Dª Ofelia López Campos
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.

D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
Non asisten:
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Andrés Otero Botana.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sra. interventora:
Dª Mª Gema Vázquez López.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do xoves día vinte de decembro de dous mil un, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vinteoito de novembro pasado.

2.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Ó USO DA LINGUA GALEGA NA PÁXINA WEB.

Dase conta de moción do BNG relativa ó uso da lingua galega na páxina web oficial deste Concello, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende que é momento de establece-la cohexistencia dos dous idiomas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica a súa postura favorable.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que se nun momento se aoptou polo castelán, dado o carácter da páxina web, hoxe debe intentarse o uso do galego, polo que o seu grupo vai apoia-la moción.

O Pleno, por unanimidade, acorda a inclusión do idioma galego, actualmente inexistente, como lingua con presencia habitual na páxina web oficial do Concello de Betanzos.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece o voto dos grupos.

3- MOCIÓN DO PP SOBRE HORARIO DE CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NO CASCO HISTÓRICO.

Preséntase moción do PP sobre horario de circulación de vehículos no casco histórico, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que os comerciantes se queixan da incidencia das obras nas vendas, polo que atención ás datas e para non prexudicalos se presenta esta moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pola súa banda, sinala que os concelleiros delegados manteñen xuntanzas cos comerciantes, sen que houbera unha postura concreta ó respecto, anque considera que se as obras ocasionan molestias e inflúen na actividade normal, dada a data en que estamos, non ven inconveniente en votar a favor, debendo o concelleiro delegado chegar ós acordos adecuados sobre o horario.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, alude a que a moción é representativa da idea que o PP ten respecto da peonalización, que non coincide coa súa postura. Se hai obras que

cortan o tráfico, o que habería é que rectific-los prazos das obras. Se o que se quere é a peonalización, non se entenden os horarios, xa que estes deberían coincidir cos do comercio e non establecer unha peonalización nocturna. Por iso a súa postura vai ser de abstención, dada a indefinición dos horarios e a pouca seriedade política.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en que a súa proposta non supón anula-lo tráfico pola rúa do Castro, que xa está en obras, senon facilita-la vida comercial, con máis facilidades de compra para estes días.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, incide en que hai que poñer de manifesto os argumentos favorables que existen. Entende que o grupo de goberno está por unha peonalización racional, sen prexuízo de que cada un teña o seu criterio, pero neste caso a medida está xunto a outras de carácter dinamizador do casco histórico: reducción do ICIO, instalación do conservatorio, melloras na iluminación, gardería, etc.

O Pleno, co voto a favor de catorce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, López, Beade, Vázquez, e 4 do PP, Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso) e a abstención do outro concelleiro presente (do BNG, Sr.: Doporto), acorda: adapta-lo horario da restricción á circulación de vehículos no casco histórico ó horario de peche dos comercios nestas datas.

4- PROPOSTA SOBRE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA INICIATIVA EQUAL.

Dase conta de proposta sobre participación deste Concello, a través do Consorcio "As Mariñas" no programa europeo denominado Iniciativa EQUAL, que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Prestar aprobación ó proxecto Iniciativa Comunitaria EQUAL. 2.- Delegar no Consorcio "As Mariñas" a solicitude deste proxecto e a xestión do mesmo. 3.- Asumi-lo compromiso de consignar no presuposto as cantidades da parte proporcional do 25% de aportación dos concellos a dito proxecto, de conformidade coa aportación establecida estatutariamente polo Consorcio "As Mariñas".

5- PROPOSTA SOBRE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA PERTEGA.

Dase conta de proposta sobre participación deste Concello, a través do Consorcio "As Mariñas" no programa europeo denominado PERTEGA, do Fondo Social Europeo, que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Prestar aprobación ó proxecto PERTEGA do Fondo Social Europeo. 2.- Delegar no Consorcio "As Mariñas" a solicitude deste proxecto e a xestión do mesmo. 3.- Aproba-lo presuposto e asumi-lo compromiso de consignar no presuposto as cantidades necesarias para facer fronte á aportación proporcional municipal do 10% do proxecto, de conformidade coa aportación establecida estatutariamente polo Consorcio "As Mariñas".

6- PROPOSTA SOBRE PARTICIPACIÓN NA UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA XUNTA DE GALICIA.

Dase conta de proposta sobre participación deste Concello, a través do Consorcio "As Mariñas" na Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Xunta de Galicia, que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Prestar aprobación ó proxecto Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Xunta de Galicia. 2.- Delegar no Consorcio "As Mariñas" a solicitude deste proxecto e a xestión do mesmo. 3.- Aproba-lo presuposto do mesmo, por

importe de 108.092.026,- ptas. (649.646,16 euros), a financiar integramente pola Xunta de Galicia.

7- PREGO DE CONDICIÓNS PARA ALUGAMENTO DA PLANTA ALTA DO MERCADO MUNICIPAL.

Preséntase a consideración do Pleno prego de condicións para alugamento da planta alta do mercado municipal, que vén dictaminado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta que non lles parece mal a proposta, anque indica que nunha anterior se propuxera un destino agrícola, creando pequenos locais para a venda de productos do campo, por un aluguer incluso simbólico, forma que lles parecería máis interesante, polo que anuncian a súa abstención, que non queren se interprete como contrario a que se estableza algo no mercado, por estar a favor de que se dea via á zona.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, entende que ante a dificultade para o uso do local, calquera intento é bo, en canto dinamiza e revitaliza o casco histórico.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, insiste na idea común da necesidade de revitaliza-lo casco, e fará referencia ós intentos de cesión e doutras formas de uso que se realizaron infructuosamente, esperando que desta vez se vexa cuberto.

O Pleno, co voto a favor de once dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, López, Beade, Vázquez, e 1 do BNG, Sr.: Doporto) e a abstención dos outros 4 concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso), acorda: Aproba-lo prego de condicións para a contratación do alugamento da planta alta do mercado municipal, así como que se continúe coa súa tramitación regulamentaria.

8- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO AVANCE DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA.

Proponse a consideración do Pleno proposta de ampliación do período de exposición pública do avance do plan xeral de ordenación urbana, que vén informado pola Comisión de Programación.

Sendo común o sentir da importancia do coñecemento e a información do documento do plan xeral de ordenación municipal, dada a súa transcendencia para o futuro de Betanzos, o Pleno, por unanimidade, acorda: Prorrogar-lo prazo de exposición pública do avance do plan xeral de ordenación urbana ata o próximo día 31 de xaneiro.

9.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓNS EN PROYECTOS PARA O POS 2002.

Vista a proposta presentada, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Substituí-lo título do proxecto "subministro de material eléctrico con destino á mellora de iluminacións públicas" por "subministro de material eléctrico con destino á mellora de iluminacións públicas en Rúa Travesa, San Francisco e outros", correspondente ó POS 2002. 2.- Substituí-los títulos dos proxectos: "instalación social e cultural, subministro de mobiliario urbano" por "instalación social e cultural, subministro de mobiliario urbano en alameda Veiga roel, praza da Constitución e outros" e "instalación e equipamento deportivo e social: subministro de material eléctrico para instalacións deportivas e de interese social en polideportivo municipal de Guiliade, Piadela e outros", correspondentes ó Plan Complementario. 3.- Incrementa-lo prezo do proxecto "instalación social e cultural, subministro de mobiliario urbana en alamenda Veiga Roel, praza da Constitución e outros" de 19.072,72 euros a 24.090,88 euros. Incrementa-lo prezo do proxecto "instalación e equipamento deportivo e social: subministro de material eléctrico para instalacións

deportivas e de interese social en polideportivo municipal de Guiliade, Piadela e outros", de 24.040,27 euros a 24.040,57 euros; ámbolos dous correspondentes ó Plan Complementario. 4.- Aproba-los novos proxectos rectificados e a modificación no prezo do proxecto citado no punto 3. 5.- Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

10- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de entrar neste apartado, o Sr. alcalde invita a tódolos concelleiros a asistir ós actos que se van realizar polo Nadal.

Xa en "rogos e preguntas", dase contestación ás preguntas realizada polo PP no anterior Pleno (28-11-2001), da maneira seguinte:

- O Concello, como vén facendo sempre, aplicará a lei e o correspondente prego de condicións en tódolos contratos que mantén.

- Non está recepcionada.

* Efectúanse os seguines rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

- Pídese o cerre dos patios no grupo Martín Ballesteros para poder poñer estufas de leña, adoptándose criterios uniformes.

- Así mesmo pídese a colocación de macetas diante das portas e a revisión dos tellados.

- Proponse que se estudie a posibilidade de colocar, no mesmo grupo de vivendas, reixas nas fiestras ou contras que permitan o illamento, vendo para iso as subvencións existentes.

- Pide que se informe sobre o servicio de recollida de mobles grandes.

Polo grupo municipal do BNG:

- Que se estudie o comezo da rúa do Castro para ver onde se debe comez-la obra de adoquinado.

- Que polos servicios técnicos se adopten as medidas necesarias para evita-las molestias ós veciños coas valas e outras instalacións.

- Que se dote de cortacéspedes manuais ós centros sociais rurais.

- Que se manifeste a postura do grupo de goberno sobre a existencia de mamparas nos soportais, así como as súas características.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteúnha horas e dez minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Perez

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Victor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTECINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
Dª Ofelia López Campos
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asisten:

Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Mª Gema Vázquez López.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día vintecinco de xaneiro de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vinte de decembro pasado.

2.- DAR CONTA DE AVANCE DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DE ABEGONDO.

Dase conta do avance do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Abegondo, que foi sometido a coñecemento do Pleno desa Corporación en sesión que tivo lugar o 28 de decembro pasado.

3- MOCIÓN DO BNG SOBRE FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL.

Iniciado este punto auséntase o Sr. Beade e incorpóranse as Sras.: Sánchez Vázquez e Gómez Iglesias e o Sr. Carro Galeiras.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, dá conta de moción do seu grupo relacionada co Fondo de Cooperación Local, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, entende que se trata dunha moción tipo e anuncia a abstención do seu grupo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, dá conta de xuntanzas mantidas ó efecto da FEGAMP co presidente da Xunta, polo que é unha cuestión que se está a debater e negociar, existindo posibilidades de que se incremente o fondo.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, insiste en que tan importante é mante-la filosofía do fondo como a súa contía.

- Remata o Sr. alcalde sinalando que é unha cuestión na que tódolos grupos están de acordo, o que se está é á espera de como integralo nos presupostos.

O Pleno, co voto a favor de once dos concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, López, Vázquez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros 3 concelleiros presentes do PP (Sres.: Carro Erias, Romay, Agraso), acorda: 1º.- Esixir da Xunta de Galicia o mantemento dun Fondo de Cooperación Local, que siga tendo os mesmos obxectivos que o anterior fondo: nivela-lo deficit infraestructural dos concellos de menor número de habitantes. 2.- Esixir da Xunta de Galicia que, para o ano 2002, reparta entre tódolos concellos unha cantidade equivalente á resultante de aplica-lo 11% sobre os ingresos previstos nos capítulos I, II e III correspondentes ó presuposto da Comunidade Autónoma do 2001. 3.- Establecer, nunha mesma mesa de negociación FEGAMP-Xunta de Galicia, criterios obxectivos para o reparto, e nos que se teña en conta parámetros como: poboación, superficie territorial, entidades de poboación, esforzo fiscal, nivel de renda... 4.- Remiti-lo presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e ós grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

4- MOCIÓN DO BNG SOBRE INCLUSIÓN DO ENCORO DE CECEBRE NA REDE NATURA 2000.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, dá conta da moción presentada polo seu grupo, dictaminada pola Comisión de Programación, na que se pon de manifesto a publicación da Rede Natura-2000 na súa segunda proposta, na que non aparece o encoro de Cecebre.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que tal defensa si se produce no documento de avance do plan.

O Pleno, por unanimidade, acorda dirixirse á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia solicitando que o espacio natural do encoro de Cecebre sexa incluído na proposta galega de lugares de importancia comunitaria Rede Natura 2000,co fin de asegura-la súa conservación.

5- MOCIÓN DO BNG SOBRE REGULACIÓN SEMAFÓRICA NO CRUCE DE SAAVEDRA MENESES.

Neste punto incorpórase o Sr. Martínez García.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, da conta de moción presentada polo seu grupo, relativa a regulación semafórica na encrucillada de Saavedra Meneses, facendo referencia ós continuos accidentes que se veñen producindo, o que dá a suficiente importancia para que o asunto se presentara no Parlamento Galego e no Nacional, sendo consciente da

responsabilidade municipal, que vai existir ante unha actitude pasiva do Pleno. Esta moción vén dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, di comparti-la finalidade da proposta pero non o texto. Indica que a representatividade institucional do Concello é do alcalde, non dos deputados do BNG, lembrando en tal senso que o Pleno facultou no seu día ó alcalde para actuar ó respecto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, afirma que non existe actitude pasiva, xa que sobre o tema hai dous acordos plenarios remitidos ós órganos competentes, polo que si se pode falar de actitude oportunista, expoñendo unha nova proposta de traslada-lo asunto á Comisión de Tráfico, ó obxecto de buscar solucións, entendendo que o Pleno xa cumpriu no seu día.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifesta o seu estupor ante a defensa da representatividade institucional polo PP, ante a apropiación que tal partido realiza da Xunta e da Deputación. Sobre o sinalado polo Sr. Lagares, indica que non falou de actitude pasiva senon de responsnabilidade, en canto que o grao de presión ante as autoridades competentes pode ser maior, pedíndose a mesma actitude que noutros casos. En canto ó oportunismo, entende que é oportuno voltar a trae-lo asunto despois de comprobar que non se solucionou nada. Respecto de traslada-lo asunto á Comisión de Tráfico, entende que supón retrasa-lo problema e queda así claro que a intención política de solventalo está por debaixo do que pode cada grupo.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, amosa o seu asombro, en canto entende que se desenmascara a situación, xa que o interese non é amañar nada, senon pura publicidade, considerando que entre todos se poden aportar solucións e non só adicarse a criticar.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, reitérase no manifestado, entendendo o carácter oportunista en canto que ninguén pode afirmar que non se quere amaña-lo problema, o que se intentou en varias ocasións.

- O Sr. alcalde intervén para solicitar que non se fagan as mesmas mocións que xa se aprobaron recentemente, en canto parece un contrasentido e unha redundancia que non cre que corresponda.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable dos dous concelleiros do BNG (Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros trece concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, López, Vázquez, e 4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda rexeita-la moción presentada.

6- <u>MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS EN RELACIÓN Á LEI DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA.</u>

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, da conta de moción presentada polo seu grupo, sobre medidas en relación á Lei de estabilidade presupostaria, expoñendo así mesmo unha enmenda que o BNG presenta ó inicia-lo Pleno, na que se propón en liñas xerais a necesidade de leva-lo debate á FEGAMP, a que debe mante-la representatividade dos concellos galegos, xa que en caso contrario o grupo nacionalista se abstería. O Sr. Lagares explica o procedemento que se pretende seguir, sen prexuízo de que poida trasladarse o asunto á FEGAMP, mantendo a moción.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, roga que se traian os asuntos estudiados polos grupos, en canto á moción non está en contra pero non comparte os criterios, en canto resposta a unha política nacional partidista, polo que anuncia a abstención do seu grupo.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, defende a súa enmenda en canto supón mante-la representación da FEGAMP e en canto ó fondo da cuestión, entende que hai un claro ataque á autonomía municipal, por parte do Partido Popular e que antes da estabilidade habería que completa-las insuficiencias; mantendo a súa postura de abstención se non se acepta a súa enmenda.

Seguen outras intervencións no mesmo sentido, tratando de aclara-lo procedemento a utilizar no que se pretende, que non está reñido coa intervención da FEGAMP, pero que supón outro tratamento, o que dá lugar a certa confusión sobre as posturas mantidas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de once dos concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, López, Vázquez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros 4 concelleiros presentes do PP (Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Inicia-lo procedemento previsto no art. 75 ter. da Lei orgánica do Tribunal Constitucional coa solicitude da emisión de dictame do Consello de Estado sobre a Lei 18/2001 de 12 de decembro, xeral de estabilidade presupostaria, en canto podería afectar á autonomía local garantizada constitucionalmente, co fin de, posteriormente, presentar un conflicto en defensa da autonomía local ante o Tribunal Constitucional. 2º.- Delega-la substanciación do presente acordo e insta-la solicitude ó Consello de Estado, outorgando a representación da Corporación no Excmo. alcalde de LLeida, Antoni Siurana i Zaragoza, vicepresidente da Comisión Executiva e do Consello Federal da Federación Española de Municipios e Provincias. 3º.- Do presente acordo darase traslado ó Excmo. alcalde de Lleida. 4º.- Facultar ó alcalde ou concelleiro en quen delegue para cantos actos ou trámites fose necesario realizar.

7- PROPOSTA SOBRE DESIGNACIÓN E APODERAMENTO DE PROCURADORES.

Dase conta de proposta sobre designación e apoderamento de procuradores para representación do Concello ante os correspondentes órganos xurisdiccionais, que vén dictaminada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda designa-los seguintes procuradores dos tribunais: - **De Betanzos**: D. Gregorio Vázquez Sánchez e Dª María Luisa Sánchez Presedo. - **De A Coruña**: Dª Concepción Pérez García e D. Julio Javier López Valcárcel. - **De Madrid**: Dª Elisa Hurtado Pérez.

8- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE DESAFECTACIÓN DA PLANTA ALTA DO MERCADO MUNICIPAL.

Dada conta do expediente tramitado para desafectación da planta alta do Mercado Municipal, no que quedan acreditados os requisitos establecidos no art. 8 do RD 1372/86 de 13 de xuño, Regulamento de bens das entidades locais, así como o cumprimento da exposición ó público do expediente, sen que se tivera presentado ningunha reclamación, o Pleno, por unanimidade, o que supón o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: Desafectar do seu carácter de dominio público o inmoble constituído pola planta alta do Mercado Municipal, deixando de quedar afecto ó servicio público e debéndose clasificar como ben patrimonial, practicándose as modificacións que procedan no inventario municipal.

9- ROGOS E PREGUNTAS.

* Dase contestación ás preguntas realizadas no anterior Pleno (20-12-2001):

Polo grupo municipal do PP:

- Sobre a recollida de mobles de gran tamaño, xa se informou a tódolos veciños e así vén funcionando, e proximamente darase nova información con motivo da posta en funcionamento do punto verde, o que permitirá a ampliación do servicio.

Polo grupo municipal do BNG:

- Sobre as mamparas nos soportais, o equipo de goberno está a estudiar un plan integral do mobiliario en toda a zona, que permita un desenvolvemento máis adecuado e de acordo coa importancia da zona.

* Efectúanse os seguines rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

- Tendo en conta que nun Pleno anterior se lles contestou que a r/ Dr. José Fariña non estaba recepcionada polo Concello, desexan coñecer por medio dos servicios xurídicos do Concello se nesa rúa o mesmo pode cobra-la ORA.

- Estando previsto que entre finais deste mes e principios de febreiro se produzan unha serie de gandes mareas cun evidente risco de importantes inundacións, desexan coñecer que operacións e dispositivos de seguridade e prevención realizou o Concello nas zonas de influencia do noso municipio: Acea, Cascas, Malecón, Porto, etc., para intentar evitalas.

- Desexan coñecer se o Sr. alcalde ten pensado nomear unha nova concellería ou renomear algunha das existentes para atender á colocación sistemática de macetas, maceteiros e bolardos.

- Desexan coñecer se a empresa encargada das obras de construcción do aparcamento subterráneo e urbanización da rúa Prolongación Rosalía solicitaron á Alcaldía, de forma oficial, unha nova prórroga no calendario de entrega das devanditas obras.

- Rogan que se execute á maior brevidade posible o solicitado nunha moción do Partido Popular aprobada en Pleno hai catro meses por acordo de tódolos grupos, que non é outra cousa que realizar un mantemento de seguridade dos parques infantís polos empregados municipais para evitar danos ós usuarios.

Polo grupo municipal do BNG:

- Pregunta sobre as funcións e responsabilidades do cronista oficial do Concello de Betanzos, así como se percibe estipendios regulares ou irregulares.

- Pide informe sobre casa na Rúa Travesa, se está ou non catalogada e se o plan esixe mante-lo título de "Casa do Pobo".

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteúnha horas e vinte minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asisten, con desculpa:

Dª Ofelia López Campos

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Mª Gema Vázquez López.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do xoves día vinteoito de febreiro de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vintecinco de xaneiro pasado.

2.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓNS.

Dase conta ó Pleno das seguintes, enviadas por:

- Presidencia da Xunta de Galicia, en contestación a escrito da Alcaldía relativo a unha pasarela peonil por enriba da vía férrea da estación de Betanzos-Infesta, remite copia de informe da Dirección Xeral de Transportes.

- Presidencia da Xunta de Galicia, xustifica recepción de certificación de acordo plenario do 10-08-2001 sobre os motivos dos apagóns que se veñen producindo no

subministro de enerxía eléctrica nesta cidade e comunica o seu traslado á Consellería de Industria e Comercio para que realice as xestións que considere oportunas.

- Augas de Galicia, Departamento de Xestión do Dominio Público Hidráulico, remite acta da visita de recoñecemento do terreo para a confrontación do proxecto hidráulico correspondente a petición dun aproveitamento hidroeléctrico no río Mendo (clave: AC/12/125).

3- MOCIÓN DO PP SOBRE SUSPENSIÓN DUNHA CONDENA A MORTE.

Antes de comezar este punto, incorpórase a Sra. Sánchez Vázquez.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, da conta de moción do seu grupo pedindo a suspensión da condena a morte por lapidación dunha muller nixeriana, que vén informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, despois de matizar que o PP sempre insiste en nor traer ó Pleno asuntos alleos a súa competencia, cuestión que despois non cumpre, indica que a moción chega tarde en canto que a pena de morte xa se conmutou.

- O Sr. Lagarees (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica o voto positivo do seu grupo, dada a súa postura, coincidiendete co que se sinala a nosa Constitución.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, agradece o voto dos grupos e xustifica a presentación da moción dada a súa cercanía ó día oito de marzo, día da muller traballadora.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Pedir clemencia ás autoridades nixerianas e o total rexeitamento ante esta situación que atenta contra a dignidade do ser humano, así como da-la maior difusión posible a esta petición para que todas aquelas persoas que o desexen poidan colaborar neste fin humanitario.

4- MOCIÓN DO PP SOBRE TRÁFICO EN CENTROS DE ENSINANZA.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, da conta de moción do seu grupo sobre tráfico en centros de ensinanza, que vén informada pola Comisión de Programación, entendendo que está en mans do equipo de goberno que a policía estea á saída dos centros, aínda sendo consciente dos problemas de horarios dado o cadro de persoal que se ten, polo que entende que se debe priorizar, sendo máis importantes os colexios que outras cuestións como as festas.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do PSdeG-PSOE, admitindo a posibilidade de que se produzan problemas nalgúns momentos, non comparte outros aspectos dos expostos. Quere facer notar que se fixeron xestións ante outros organismos, xestións que terán que ser reiteradas, polo que propoón facultar ó Sr. alcalde, e respecto á moción, considera que se podería amplia-la propuesta na Comisión de Tráfico.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Destinar con carácter urxente e inmediato o peprsoal necesario da Policía Municipal ós centros de ensinanza nos tempos críticos de entrada-saída ós mesmos. 2º.- Facultar o Sr. alcalde para que xestione ante os organismos competentes medidas para facilita-los accesos e saídas ós centros de ensinanza.

5- MOCIÓN DO BNG SOBRE APOIO ENMENDAS ÓS PRESUPOSTOS DA XUNTA DE GALICIA.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, da conta de moción do seu grupo solicitando o apoio da Corporación ás enmendas presentadas ós presupostos da Xunta de Galicia do 2002, que conta co dictame da Comisión de Programación, o que supón reiteración de solicitudes

feitas con anterioridade, insistindo na súa importancia, entre as que destaca o plan de recuperación do casco histórico, do que se fai necesario restaurar para darlle vida.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o seu apoio e fai referencia a que son proxectos sobre os que xa se leva traballando o seu tempo. Noutros, como no casco histórico, entende que deberían adoptarse medidas polo Concello, tales como colaborar na xestión de axudas para vivendas que concede a Xunta, dada a súa complexidade, ou a revisión do plan especial, aspectos dos que se podía falar moito.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta a súa esperanza de que estas propostas se defendan no Parlamento e se cumpran. Non entra en maiores consideracións respecto ó casco histórico, pero pide unha análise máis rigorosa, xa que desde o Concello se adoptan medidas, aínda cando tódalas iniciativas sexan insuficientes, algunhas adoptaranse no plan xeral, anque hai que ve-la financiación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, agradece o apoio á moción, lembrando ó grupo popular que non se trata de quen faga as cousas primeiro e que hai actuacións que se poden iniciar en breve se hai vontade, polo que espera ve-lo seu voto no Parlamento.

Remata a Sra. Faraldo, voceira do PP, indicando que eles non son os parlamentarios, sen prexuízo de que farán o posible para que se aprobe, pedindo tamén o esforzo de inclui-lo plan de protección no plan xeral.

O Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la moción, apoiando as seguintes enmendas presentadas ós presupostos da Xunta de Galicia do 2002: 1- Restauración do Convento de Donas. 2- Amaño do firme da C-542 Betanzos-Mesón do Vento. 3- Actuación no porto de Betanzos. 4- Limpeza dos canles dos ríos Mandeo e Mendo. 5- Plan de recuperación do casco histórico de Betanzos. 6- Construcción dunha pista de atletismo.

6- MOCIÓN DO BNG SOBRE SUSPENSIÓN DE PEAXE NAS AUTOESTRADAS GALEGAS.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, dá conta de moción do seu grupo relativa a supresión da peaxe das autoestradas galegas, que conta co dictame da Comisión de Programación, engadindo que xa foi debatida polo Pleno, pero que volta á actualidade dado o anuncio de privatización das autoestradas cunha total falta de alternativas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a abstención do seu grupo, xa que se trata dunha moción tipo, que require outros foros de debate.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala a aceptación polo seu grupo, pedindo que a gratuidade se amplíe ó tramo da peaxe de Piadela.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende que non é unha moción tipo, en canto foi elaborada pola asemblea local do BNG, considerando paradóxico que o grupo popular non se posicione.

O Pleno, co voto a favor de once dos concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros 5 concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: - Transmitir ó Goberno Central e ó Autonómico o posicionamento desta Corporación Municipal contrario á privatización da ENA e á pervivencia da peaxe nas autoestradas galegas e máis concretamentamente nos tramos Guísamo-Coruña e Guísamo-Fene. - Instar ó tecido asociativo cultural, veciñal e sectorial a expresa-lo rexeitamento das peaxes que afectan directamente ás infraestructuras viarias cercanas como elementos cercenadores do desenvolvemento económico de Betanzos e da súa

comarca. - Solicitar das corporacións municipais dos concellos da nosa comarca natural o apoio á presente moción.

7- MOCIÓN DO BNG SOBRE SEGURO DECENAL NAS EDIFICACIÓNS.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, da conta de moción do seun grupo, que vén informada pola Comisión de Programación, sobre seguro decenal nas edificacións, poñendo de manifesto a problemática que se lle presenta ó constructor.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a abstención do seu grupo, polos mesmos motivos sinalados no punto anterior, insistindo na existencia doutros foros máis adecuados.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tras facer unha breve referencia á lexislación, considera que nas vivendas unifamiliares dedicadas á venda si é lóxico por unha garantía do consumidor, noutros casos non e neste senso anuncia o seu voto favorable, tras sinala-la necesaria coordinación lexislativa entre esta lei e a do solo de Galicia.

O Pleno, co voto a favor de once dos concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros 5 concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: 1.- Instar ó Goberno do Estado a modifica-la Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, no sentido de exceptua-las edificacións que se destinen a vivenda unifamiliar, promovidas e construidas para uso propio, das obrigas de acreditación e testemuña da constitución do seguro decenal, para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. 2.- Dirixirse ós grupos paralamentarios para que o Parlamento de Galicia inste ó Goberno Central á modificación desta lei no sentido expresado no punto anterior.

8- ESCRITO DO GRUPO NATURALISTA HÁBITAT SOBRE CONTORNO NATURAL DO ENCORO DE CECEBRE.

Dase conta de escrito do grupo naturalista "Hábitat", que conta co informe da Comisión de Programación, solicitando que o Concello poña en marcha canto antes a declaración de espacio natural local para o contorno natural do encoro de Abegondo-Cecebre, de acordo coa Lei 9/2001, do 21 de agosto de 2001, de conservación da natureza de Galicia (DOG de 4 de setembro de 2001).

A solicitude do grupo popular, o Pleno, por unanimidade, acorda pase ó equipo redactor para a súa incorporación do Plan Xeral.

9.- ESCRITO DO INSTITUTO DE BACHARELATO "FRANCISCO AGUIAR" SOBRE PETICIÓN DE CICLO SUPERIOR.

Dase conta de escrito do Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" sobre petición de ciclo superior. Vén informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, tras afirma-lo desexo do seu grupo de obter tal ciclo para Betanzos, o que considera moi interesante, sinala que existen outros centros de formación que tamén o poden pedir e así se llo fixeron chegar en conversas, polo que entende que posicionarse a favor dun centro ou outro sería politiza-lo asunto. Pide que pase á Comisión de Educación e se pregunte ós outros centros, co que a cuestión sería da Consellería, deixando ben claro que queren que Betanzos dispoña do ciclo.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia o seu voto favorable, como a calquera outra petición que se faga dos centros públicos. Entende que hai que distinguir entre unha petición por escrito a través de canles oficiais e outras conversas que se poidan ter, polo

que van apoiar a quen o solicitou, anque chama a atención na coordinación existente co Concello.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que nalgún Consello Escolar Municipal se fixo referencia a esta cuestión e non consta que outro centro vaia pedi-lo mesmo. Considera importante a unanimidade, polas boas perspectivas que hai neste momento, sen entrar en cal é o mellor centro para esto.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que nunca se trouxeron ó Pleno estas peticións e que outros centros non o fan porque se cadra non son conscentes da súa necesidade; referíndose ó voceiro do BNG, indícalle que as conversas ás que se refire respostan á súa obriga de estar informada. Insiste no seu voto favorable para que este ciclo veña a Betanzos así como a calquera outra petición, pero sin xulgar que centro pode ser máis indicado.

- Remata o Sr. alcalde, sinalando que neste caso hai unha petición e que calquera outra que se presente se traerá e informará se se considera de interese para Betanzos.

O Pleno, por unanimidade, acorda apoia-la petición do Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" de implantación para o próximo curso 2002-2003 dun Ciclo Superior de Información e Comercialización Turísticas.

10.- PETICIÓN DE ESCOLA TALLER "CONCELLO DE BETANZOS".

Dase conta de petición de Escola Taller "Concello de Betanzos", que conta co dictame da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-la memoria e proxecto formativo 2002-2004 de Escola Taller "Concello de Betanzos". 2º.- Solicita-la correspondente subvención á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, para a posta en funcionamento da devandita Escola Taller "Concello de Betanzos", cunha duración de 24 meses e 60 alumnos-traballadores. 3º.- Facultar á Alcaldía para levar a cabo tódolos trámites necesarios para o bo fin do acordo adoptado.

11.- SOLICITUDE DE OBRADOIROS DE EMPREGO.

Dase conta de petición de obradoiros de emprego: "Asistencia Social" e "Promoción do Turismo", que conta co dictame da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-las memorias 2002-2003 de obradoiros de emprego: "Asistencia Social" e "Promoción do Turismo". 2º.- Solicita-las correspondentes subvencións á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, para a posta en funcionamento dos devanditos obradoiros de emprego, cunha duración de 12 meses cada un e 15 e 30 traballadores respectivamente. 3º.- Facultar á Alcaldía para levar a cabo tódolos trámites necesarios para o bo fin do acordo adoptado.

12.- PREGO DE CONDICIÓNS EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE CONCESIÓN DE INSTALACIÓNS E SERVICIOS DEPORTIVOS.

Dase conta de prego de condicións en expediente de contratación de concesión do servicio público de instalacións e actividades deportivas. Está informado pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, solicita que o asunto quede sobre a mesa ó non ter tempo de analiza-lo asunto.

- O Sr. Alcalde considera a transcendencia do asunto e cre conveniente que os grupos políticos aporten o seu puntos de vista, polo que somete a consideración do Pleno que o asunto quede sobre a mesa, o que se acorda por unanimidade.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DE NORMAS SUBSIDIARIAS.

Dase conta de expediente tramitado para aprobación de modificación de normas subsidiarias; consta informe preceptivo e vinculante da Consellería de Política Territorial e dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pide que se manifeste o voceiro do grupo socialista sobre a postura que pensan adoptar.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que a postura consta no dictame da Comisión Informativa, que indica que se informan as propostas de modificación de NNSS, consonte os informes vinculantes emitidos pola Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

- Pola súa banda o Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia a abstención do seu grupo, por canto non participa na xestión nin no deseño urbanístico.

O Pleno, co voto a favor de catorce dos concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, e 5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso) e e a abstención dos outros 2 concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar definitivamente a modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento no cambio de uso para centro de saúde na Avda. do Carregal esquina Avda. Fraga Iribarne. 2º.- Denega-la aprobación definitiva da modificación do Paseo da Galera, de acordo co citado informe da Consellería que indica que "comparando a ordenación vixente -que obriga a retranquear a edificación nunha distancia non inferior ós 20 mts. (art. 50 da normativa)- coa nova ordenación proposta, resulta un incremento da superficie edificable non inferior a 1.404 m2 ós que debe sumarse a superficie da planta baixo cuberta que debe computar por non axustarse ós parámetros establecidos pola normativa do planeamento vixente. Este incremento das alturas e da superficie edificable carece da motivación en base a razóns de interese público cumpridamente xustificadas e resulta aínda máis inxustificada tendo en conta a proximidade do casco histórico de Betanzos que podería resultar afectado, así como a inadecuación á ordenación establecida no contorno -ordenanza de solo urbano residencial denso-. A ordenación singular proxectada para a parcela pode constituir unha reserva de dispensación prohibida polo art. 56.2 da Lei do solo de Galicia. Ademais, no expediente remitido non constan os informes preceptivos e vinculantes esixidos polos arts. 112 e 117 da Lei 22/1988, de costas, que deben ser recabados do Ministerio de Medio Ambiente e da Consellería de Medio Ambiente, nin o informe preceptivo da Consellería de Cultura esixido polos arts. 32 e 45 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia. 3º.- Que se remate a súa tramitación, mediante as publicacións e notificacións que procedan.

14.- PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS EXPTE. 1/02.

Dase conta de proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos expte. 1/02, que conta co dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a abstención do seu grupo en canto non participan na xestión económica do Concello.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pola súa banda, entende que queda patente a mala xestión do equipo de goberno, que xera inseguridade nos proveedores, coincidindo na

portura do grupo popular en canto son actos de xestión nos que non participan. Indica a importancia do asunto en canto que o Concello é a segunda empresa en importancia, co que pode orixinar desequilibrio e solicita explicación sobre termos que constan na proposta.

- O Sr. Alcalde entende que son termos técnicos e considera, aínda aceptando as críticas, se hai algún concello que poida face-lo contrario do que aqui se fai.

O Pleno, co voto favorable dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: aproba-la proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos expte. 1/02, aprobando as facturas que se xuntan en anexo, que comeza por "Abastecmientos del Norte" cun importe de 388,76 euros e remata por "Wurth" por importe de 1.699,97 euros, que ascenden á cantidade total de 410.765,02 euros (68.345.549,- ptas.).

15- ROGOS E PREGUNTAS.

* Dase contestación ás preguntas realizadas no anterior Pleno (25-01-2002):

Polo grupo municipal do PP:

- O Concello de Betanzos, ante o perigo de inundacións e doutras posibles catástrofes, ten previsto un plan de seguridade que consiste en concentrar tódolos medios humanos (Policía Local, Protección Civil, servicios municipais, etc.) e materiais para facer fronte ás mesmas.

- A Alcaldía non ten pensado crear novas concellerías.

- A empresa encargada das obras de Rosalía de Castro non solicitou novas prórrogas.

Polo grupo municipal do BNG:

- O cronista oficial non percibe ningún salario de forma regular. Cando asiste de xeito oficial a actos oficiais recibe as axudas de custo e demais axudas que por asistencia ós mesmos lle corresponden.

- Dentro do plan especial do casco histórico (PEPOCH) aparece a ficha relacionada coa antiga casa do pobo de Betanzos, coa catalogación correspondente, sen que apareza que teña que ser nomeada de xeito específico.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

- Rogan a organización de actos con motivo do "Día da Muller Traballadora".

- Piden ser informados sobre o custo total da viaxe a Arxentina dos nosos representantes.

- Se se ten coñecemento de paralización de obra no xulgado con apercibimento para ser recollido.

- Preguntan sobre contencioso contra edificio na estrada de Castela, se se pediu o personamento do Concello.

Polo grupo municipal do BNG:

- Piden ser informados sobre os criterios para a aplicación das taxas da Gardería Infantil Municipal.

- A dicir de veciños da Condesa, neste barrio hai unha zona chea de excrementos e considerando que se poden conxuga-los dereitos de todos, rogan que se adopten medidas como colocación de carteis indicativos e outras.

- Solicitan copia da acta e criterios da comisión asesora de adecuación da planta alta do Mercado Municipal.

- Piden aclaracións sobre declaracións na prensa por denandas xudiciais, considerando como un elemento de transparencia que se explique nesta sala o momento no que se atopa esta cuestión, deixando clara a situación actual.

Novamente polo grupo municipal do PP:

- Len na prensa sobre a baixada da taxa do lixo polo Consorcio das Mariñas, rogando que se fagan as xestións oportunas para que baixe a taxa do lixo dentro do Consorcio.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDÍA *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARÍA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEDOUS DE MARZO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Mª Gema Vázquez López.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas do venres día vintedous de marzo de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vinteoito de febreiro pasado.

2.- PREGO DE CONDICIÓNS EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE INSTALACIÓNS E SERVICIOS DEPORTIVOS.

Dase conta de prego de condicións en expediente de contratación de concesión de instalacións e servicios deportivos, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pon de manifesto a postura en contra do seu grupo, como xa dixeron na prensa, tendo en conta o período de adxudicación e o canon establecido.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, considera os mesmos motivos, engadindo que non existe xustificación do canon, considerando excesiva a concesión, en canto non ten en conta os posibles cambios da situación socioeconómica que beneficiarían á empresa adxudicataria, dado que o canon se incrementaría co IPC.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera que o canon é axustado e pódese mellorar nas ofertas e en canto ó prazo, axeitase ó previsto na lei de contratos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que a discusión é estéril e espera que lle demostren que non están errados, considerando a proposta unha esaxeración por canto se hipoteca a actuación por vinte anos.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, mantén a mesma postura, insistindo en que en ningún caso se xustifica o prazo e a súa modificación respecto ó contrato anterior.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera lamentable que non se aporte nada sobre o prego, que considera plenamente avalado pola Lei. Neste senso a Sra. Faraldo sinala que se se reducira a cinco anos o período de adxudicación e se multiplicase por dez o canon votarían a favor. Postura que tamén é ratificada polo Sr. Doporto.

- O Sr. Alcalde, lamentando que non se faga un debate máis serio, somete o asunto a votación e o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e o voto en contra dos outros 7 concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aproba-lo prego de condicións para a concesión mediante concurso do servicio público de instalacións e actividades deportivas. 2º.- Que se inicie o expediente de contratación.

3- PROPOSTA DE PREGO DE CONDICIÓNS PARA ADQUISICIÓN DUNHA MÁQUINA VARREDORA-ASPIRADORA.

Dase conta ó Pleno de proposta de prego de condicións para adquisición dunha máquina varredora-aspiradora. Está dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do grupo socialista, tras expoñe-la necesidade do servicio que se pretende cubrir, fai referencia á necesidade de modificar no prego o referente á valoración e características da máquina que se omitiran nos criterios de baremación, así como propoñe-la tramitación por urxencia do expediente.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinala a abstención do seu grupo indicando que a máquina que se pretende mercar xa se estaba probando o que xera certa desconfianza.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica a plena confianza nas actuacións, polo que van votar a favor.

O Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros 5 concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: 1º.- Aproba-lo prego de condicións para a adquisición mediante alugamento financeiro dunha máquina varredora aspiradora para limpeza de vías públicas. 2º.- Que se inicie o expediente de contratación, sendo a súa tramitación urxente.

4- PROPOSTA DE PLAN DE SANEAMENTO PARA OPERACIÓN DE CRÉDITO DO PRESUPOSTO 2002.

Dase conta de proposta de plan de saneamento que se presenta, de acordo co establecido no artigo 54 da Lei 39/88 de 28 de decembro de facendas locais, co obxecto de poder tramita-la operación de crédito previsto no presuposto deste exercicio.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a abstención do seu grupo como nos demais temas presupostarios, indicando que se está deixando ó Concello hipotecado por moitos anos, o que non se sabe se é para desanimar ós adversarios políticos. Entende que a proposta é consecuencia dunha xestión catastrófica.

- Por parte do Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, pide aclaracións sobre as medidas de xestión propostas, pediendo que se especifiquen as accións concretas na xestión do gasto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que o gasto do crédito que se pretende vén recollido nos capítulos de investimento do presuposto do exercicio. Que o que se propón é consecuencia dunha normativa drástica para os concellos, como foi a Lei de estabilidade presupostaria, polo que ó Partido Popular será a quen se lle poidan debe-las situacións catastróficas, ante cambios tan importantes como a lei sinalada ou a eliminación do imposto de actividades económicas.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que o que se dictan son leis racionais para poñer freo ó dispendio dos gobernos socialistas, como pasará no Concello no que se verá como gobernaron, anunciando unha auditoría, xa que o que se coñece agora é só a punta do iceberg.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, non entra en discusións estériles e anuncia a abstención do seu grupo por non comparti-lo día a día da xestión económica.

- O Sr. Lagares, voceiro do grupo socialista, entende que non se deben personaliza-las análises políticas, debéndose centra-la cuestión no plan de saneamento que vén motivado pola política do Partido Popular que se nega ó pacto local e a unha financiación seria.

- O Sr. Alcalde considera o asunto debatido e sométeo a votación.

O Pleno, co voto a prol dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 7 concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), así como do Sr. Díaz Pereira, por terse ausentado do salón, acorda: Aproba-lo plan de saneamento presentado que propón unha suba porcentual dunha centésima no imposto sobre bens inmobles e unha política de contención do gasto nos termos da proposta que se aproba.

5- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NA UEI-2 BELLAVISTA.

Dase conta de proposta de aprobación definitiva de estudio de detalle na UEI-2, Bellavista, dictaminada pola Comisión de Programación.

- Os grupos popular e nacionalista indican a súa abstención por non comparti-lo desenvolvemento urbanístico.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda: 1º.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle da UEI-2 de Bellavista. 2º.- Que se proceda a súa notificación e publicación.

6- PROPOSTA Ó PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Dase conta de proposta ó Plan XXI de infraestructuras locais da Excma. Deputación da Coruña, informada pola Comisión de Programación.

- O grupo popular, a través da súa voceira, Sra. Faraldo, indica o seu voto afirmativo, se ben as súas propostas non serían as mesmas.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Participar no Plan XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DE TRANSPORTE E DE TRAVESÍAS MUNICIPAIS 2002 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización das seguintes actuacións pola orde de prioridade sinalada dos investimentos que a continuación se indican:

Denominación	Presuposto	Aport. Prov.	Aport. Mpal.
- Acond. e sinalización de vías públicas en zona urbana e outros	32.581,24 E	32.581,24 E	0,-
- Pav. de vías públicas en parroquias de S. M. de Tiobre, Sta. Mª de Pontellas, S. Pedro de Viñas e San Martín de Bravio	34.096,06 E	34.096,06 E	0,-
- Pav. de vías públicas en parroquias de Santiago de Requián, San Esteban de Piadela e outros	34.425,42 E	34.425,42 E	0,-
TOTAL	101.102,72 E	101.102,72 E	0,-

2.- Aprobar, no seu caso, os correspondentes proxectos técnicos das obras ou o prego de prescricións técnicas do subministro dos investimentos previstos no apartado 1.

3.- Declarar que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e que no suposto de que se soliciten actuación en bens patrimoniais ou de dominio

público que estean sometidos a autorización ou concesións administrativas, o Concello comprométese a súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

4.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

7- PROPOSTA SOBRE PLAN DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Dase conta de proposta sobre plan de reinvestimento de baixas da Excma. Deputación da Coruña, que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Participar no Plan XX de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases o cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización das seguintes actuacións:

Denominación	Presuposto	Aport. Prov.	Aport. Mpal.
Subministro de material eléctrico con destino á mellora da iluminación pública na Pza. Enrique IV, Abelares e outros	1.639,05 E	1.639,05 E	0,-
TOTAL	1.639,05 E	1.639,05 E	0,-

2.- Aprobar, no seu caso, os correspondentes proxectos técnicos das obras ou o prego de prescricións técnicas do subministro dos investimentos previstos no apartado 1.

3.- Declarar que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras, e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorización ou concesións administrativas, o Concello comprométese a súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

4.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

8.- SOLICITUDE A AUGAS DE GALICIA PARA REALIZACIÓN DE OBRAS.

Dase conta de solicitude a Augas de Galicia para realización de obras, dictaminada pola Comisión de Programación.

O Pleno, co voto a favor de quince dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso) e a abstención dos outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero) , acorda: 1º.- Aproba-lo proxecto denominado "telexestión bombeos rede de saneamento'. 2º.- Solicitar de Augas de Galicia a correspondente autorización para a realización da obra citada.

9- MOCIÓN DO PP PARA CONSTRUCCIÓN DUN VELÓDROMO.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, presenta ó Pleno moción do seu grupo sobre construcción dun velódromo, instando a adopción do acordo de que se destine a parcela situada nas inmediacións da depuradora municipal á construcción dun velódromo, tomando cantas medidas sexan precisas para facer realidade ese proxecto, considerando a actividade de interese e axeitada a parcela proposta, que incluso se podería complementar con outras actuacións: piragüismo, atletismo, etc., polo que pide que esa parcela quede con ese destino. Consta dictame da Comisión de Programación.

- Para o Sr. Doporto, voceiro do BNG, parecéndolle en principio correcta a petición, xorden unha serie de dúbidas, sobre o presuposto para construi-lo velódromo, se se fixeron propostas ó presuposto da Xunta neste senso, preguntándose tamén sobre o destino que

se lle dá á zona no avance do plan de recente presentación, polo que considera que é ós redactores do mesmo ós que se debe dar traslado da proposta, para que non pase como co ambulatorio, xa que deben se-los técnicos os que fagan as propostas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que non é axeitada a proposta en canto rompe o consenso sobre a redacción do plan xeral, polo que suxire que pase a estudio do equipo redactor do plan.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que non ten inconveniente en que pase a estudio do equipo redactor, pero ten as ideas claras sobre a ubicación. Non considera que se rompa ningún pacto e parécelle mal que unha idea brillante non se admita, para que despois a presenten outros como propia, polo que considera que debe ser votada, non considerando incongruente o que se destine unha parcela ó uso que se propón.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que non se opoñen á construcción dun velódromo, senon que piden que se deseñe un plan coherente. Insiste na financiación, lembrando que se aprobou un centro de saúde,cando a parcela aínda non estaba definida.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste en que se está rompendo o consendo do plan xeral cun adianto da campaña electoral. Por outra parte indica que a parcela da que se fala non é propiedade municipal, polo que haberá que ver como se xestiona urbanisticamente, sen entrar noutras consideracións sobre a oportunidade dun velódromo, á vista dos que hai en toda España, indicando que xa existe unha pista arredor do campo de fútbol que pode ser utilizada.

- O Sr. Alcalde concede novamente a palabra á Sra. Faraldo, para aclaracións.

- A Sra. Faraldo, respecto á parcela do centro de saúde, indica que non hai incongruencia en canto que se actuou sobre unha parcela da Xunta, e respecto da que se fala, sinala a contradicción do dito en xuntanzas polo Sr. Lagares, quen afirmou que tal parcela era municipal. Engade que existen máis velódromos dos que parecen coñecerse.

- O Sr. Alcalde considera debatido o asunto e insiste en preguntar se se pasa o asunto ós redactores do plan ou se propón a súa votación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos cinco concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), o voto en contra dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos dous concelleiros do grupo nacionalista (Sres.: Doporto, Otero) , acorda rexeita-la moción presentada.

10.- MOCIÓN DO BNG SOBRE SANEAMENTO GANDEIRO.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, tras pedir á voceira do grupo popular que fagan máis cousas por Betanzos, da conta de moción que presenta o seu grupo sobre saneamento gandeiro, facendo referencia tamén á situación dos veterinarios contratados a tales efectos e a necesidade de ter persoal fixo nesas funcións.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, móstrase de acordo co primeiro punto da moción, pero non co segundo, que considera un asunto de persoal interno, polo que anuncia a súa abstención.

- Pola súa banda o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que o saneamento gandeiro é algo case conseguido, se ben é adecuado que se siga facendo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, engade que non está superado de todo en canto hai males de recente aparición.

O Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: 1º.- Que por parte da Consellería se garantice, á totalidade das explotacións do concello, a realización inmediata do saneamento gandeiro correspondente ó ano 2001 e antes de finaliza-lo presente ano a de 2002. 2º.- Que se inste á Consellería para que de inmediato dea unha solución ó cese ou despido dos veterinarios que durante anos viñeron desenvolvendo o saneamento gandeiro, para que coas debidas garantías realicen o saneamento nos termos expresados no punto anterior.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de entrar neste punto o Sr. Alcalde invita ós Sres. concelleiros ó concerto que vai ter lugar o día de hoxe, ós actos de Semana Santa, feira do queixo e actos na Fundación da Estampa.

Entrégase ó Sr. Doporto documentación solicitada no Pleno anterior.

* Dase contestación ás preguntas realizadas no anterior Pleno (28-02-2002):

Polo grupo municipal do PP:

- Sobre a viaxe a Arxentina: O custo da viaxe a Arxentina quedará reflectido na conta xeral, que poderá ser revisada na súa tramitación.

- Sobre a paralización das obras: Descoñecemos a que obra se refire para poder aclara-los extremos sobre os que se pregunta.

- Sobre contencioso na estrada de Castela: Non temos constancia de ningún contencioso na estrada de Castela.

Polo grupo municipal do BNG:

- Sobre taxas: Para as taxas da gardería séguense os criterios da Xunta de Galicia, que parece van ser corrixidas en breve.

- Respecto á información xudicial: Que calquera información que desexe como concelleiro, o goberno municipal facilitaralla.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

- Piden coñece-los datos relativos á denominación social e fiscal da empresa adxudicataria da construcción da urbanización e aparcamento subterráneo da Prolongación Rosalía de Castro.

- Solicitan coñecer se o edificio que a promotora Promoción Fluvial Valdoncel S.L. está construindo nos terreos da modificación indicada en varios informes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, se axusta ós parámetros que este Concello outorgou na licencia de obras con nº expte. 2364/99 de Comisión de Goberno de data 29-06-1999 e se se axusta á normativa legal e vixente.

- Queren saber se os accidentes ou danos materiais que se poden derivar da instalación de carpas na praza García Irmáns están cubertos polos seguros do Concello ou polos seguros da empresa instaladora.

- ¿Que pensa face-lo equipo de goberno ante a oposición dos praceiros á adxudicación da planta alta do Mercado?

- ¿Que medidas se pensa tomar con respecto á saída das escaleiras que comunican a planta baixa do mercado coa planta superior?

Polo grupo municipal do BNG:

- Pide que se documente a eficacia nas actuacións da arqueóloga municipal.

- Solicita información sobre o traslado ós organismos afectados da moción aprobada no Pleno anterior sobre a peaxe da autoestrada.

- En relación a documentación sobre a concesión da planta alta do mercado, pregúntase se a postura dos membros da mesa de contratación foi unánime ou houbo disparidade de criterios.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DOUS.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Mª Gema Vázquez López.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día vinteseis de abril de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vintedous de marzo pasado.

2.- MOCIÓN DO BNG EN SOLIDARIEDADE CO POBO PALESTINO.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, dá conta de moción presentada polo seu grupo en solidariedade co pobo palestino, que vén dictaminada pola Comisión de Programación, considerando que sobre o tema abonda coas noticias que cada día nos dan os medios de comunicación, tendo en conta as extensións que poden darse á problemática nunha economía globalizada.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta o total apoio ó primeiro punto da moción, non así ó segundo en canto que o considera un tema delicado, non considerándose o suficientemente informados para dicta-la política internacional ó goberno, polo que de manter este punto a súa postura sería de abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que a finalidade de toda actuación debe ser conseguir unha paz xusta, considerando que por solidariedade debe votarse a favor.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, lembra ó grupo popular que non por pecha-los ollos se vai deixar de matar e que esta situación hai que parala xa, reiterando a Sra. Faraldo, voceira do PP, que non quedan calados, pero non están capacitados para marca-la política internacional.

O Pleno, co voto a favor de doce concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros 5 concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: 1.- Facer pública a solidariedade da Corporación Municipal co pobo palestino. 2.- Reivindicar que o goberno español incremente a súa presión política sobre o goberno de Israel, co fin de que abandone a escalada criminal contra a Autoridade Nacional Palestina. 3.- Enviar este acordo á Embaixada de Israel e ó Goberno Español.

3.- MOCIÓN DO BNG POLO DEREITO ELEMENTAL A APRENDER EN GALEGO.

- O Sr. Doporto dá conta de moción presentada polo seu grupo polo dereito elemental a aprender en galego, solicitando se adopten acordos relacionados con impulsar unha política favorable ó galego en tódalas actividades e servicios, se inste á Xunta de Galicia a que redacte urxentemente un plano xeral de normalizacion lingüística, dea cumprimento ó decreto de galeguización do ensino, garanta o uso do galego como língua vehicular do ensino na etapa infantil e no 1º ciclo da educación primaria, promova a presencia real do galego en tódolos campos de actividade, e se manifeste o apoio desta Corporación a prol da manifestación convocada para o día 17 de maio; insistindo en que segundo o último informe da Unesco, se produce un retroceso no uso do galego, limitándose a un uso litúrxico. Conta co dictame da Comisión Informativa.

O Pleno, co voto favorable dos dous concelleiros do BNG (Sres.: Doporto, Otero), o voto en contra dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes (do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda rexeita-la moción presentada.

4.- MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN CON REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO HISTÓRICO DE BETANZOS E OUTRAS AXUDAS DA XUNTA DE GALICIA Á ADQUISICIÓN DE VIVENDAS.

- A Sra. Faraldo dá conta de moción presentada polo seu grupo sobre rehabilitación de vivendas no casco histórico de Betanzos e outras axudas da Xunta de Galicia á adquisición de vivendas, sinalando que esta cuestión xa se trouxo fai tempo ó Pleno, considerándoa importante e sinxela. Insiste en que a xente descoñece as axudas que se dan ó respecto, polo que se necesita información, evitándose desprazamentos á delegación da Coruña, tendo en conta que a tramitación se podería facer completa desde o Concello, así conseguiríase animar ós veciños que acoden a informarse á sé do PP.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, móstrase favorable a todo o que sexa acercamento ós veciños pero indica que cando estes acoden ó PP demóstrase que este non é un país normalizado no que a xente acode a informarse ás administracións. Fai referencia a que non se fai política social, como se indica na moción, en canto que o compoñente da renda é mínimo. Anuncia o seu voto favorable en canto supón maior información.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, intervén afirmando que todo o que sexa potencia-lo casco histórico conta co apoio do equipo de goberno, se ben quere matizar que se están facendo xestións co Instituto Galego da Vivenda e Solo para ofrecer algo máis profundo e que o asesoramento xa se está a facer, ademais de que o mesmo Concello aplica exaccións fiscais e outro tipo de medidas que ó mellor non son suficientes, pero que indican o camiño a seguir.

- Tras agradece-lo voto favorable, a Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que a política municipal leva consigo informar á xente ante as carencias institucionais, non pechando a porta a ninguén.

- O Sr. Doporto, voceiro BNG, reafírmase en que o Partido Popular utiliza de modo priviativo o aproveitamento que lle corresponde á Xunta, o que supón unha patrimonialización das institucións.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste en que a información se está dando, que o plano de vivenda actual aínda non está definido e están sen fixa-las pautas e o seu desenvolvemento. O Concello dá información igual para todos, sen prexuízo de da-lo voto favorable en ánimo de profundizar neste ámbito.

- Remata o Sr. Alcalde, indicando que espera que para este ano se alcancen nos presupostos as cantidades adecuadas a este fin.

O Pleno, por unanimidade, acorda a creación, nas oficinas de urbanismo do Concello de Betanzos, dunha oficina de información e tramitación das axudas para a compra e rehabilitación de vivendas, para os veciños de Betanzos.

5.- PROPOSTA DE REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COMERCIO E TURISMO.

Dase conta de proposta de regulamento do Consello Municipal de Comercio e Turismo, que vén dictaminada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia o voto positivo.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, tamén afirma a mesma postura, se ben sorprende o cambio de actitude do equipo de goberno que despois de non ter en conta as peticións da asociación de comerciantes ó respecto, constitúe este consello, ó ano das eleccións. Doutra banda, considera un fallo que o consello non teña parte técnica. Por iso considera a proposta oportunista e sen intención de que funcione tecnicamente, anque xere diálogo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece o voto, matizando que cos comerciantes sempre houbo diálogo e que o que si é oportuno sempre é impulsa-lo comercio, indicando ó voceiro do BNG que non leu ben o articulado, en canto se prevé un consello aberto e de traballo, sobre o que dentro duns meses se verá o que deu de si.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, tamén quere matizar, indicando a ilusión dos comerciantes por este consello, facendo alusión á experiencia na maneira de actuar, lembrando que no seu día se levou a cabo un estudio sobre o comercio do que descoñecen as medidas adoptadas, tendo tamén a experiencia da comisión de drogas, todo o que leva a unha política de panoplia, sen ningunha decisión, polo que comparte a inquedanza do BNG, engadindo que non se ve moito esforzo na redacción do regulamento.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pide máis feitos que palabras, pedindo que se participe no traballo, xa que o grupo popular non asiste á comisión informativa nin para defende-la súa moción.

- O Sr. Alcalde entende suficientemente debatido o asunto, facendo referencia a que o nomeamento de delegados é algo que lle compete e que non se dan circunstancias excepcionais que xustifiquen a súa variación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo regulamento do Consello Municipal de Comercio e Turismo. 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición ó público.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en explicación do voto, pregunta cantos concelleiros do seu grupo teñen dedicación exclusiva.

6.- <u>EXPEDIENTE 2/02 DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.</u>

Preséntase ó Pleno o expediente 2/02 de recoñecemento extraxudicial de créditos, que conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala que vai mante-lo seu voto de abstención nestes asuntos, para non entorpece-lo que está no ámbito da xestión económica do equipo de goberno, pero pregunta ata cando se vai seguir con esta mecánica e canto queda por pagar en débedas atrasadas.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, coincide coa postura do grupo nacionalista, entendendo que a contestación vai implícita no recoñecemento, alegrándose de que se atendan os pagamentos, anque como se deduce do informe non haberá diñeiro para paga-los gastos deste ano.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que se descoñece do que se está a falar, xa que se están aplicando mecanismos que se aplican en tódolos concellos. No seu día tiveron a liquidación do presuposto e teñen outros mecanismos fiscalizadores, como na conta xeral, que esixen máis traballo e dedicación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, admitindo que sexa un mecanismo normal, entende que a débeda é consecuencia do que non se paga no seu momento, insistindo en que medida afectan ó ano que vén os atrasos deste ano.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en que a situación é crua para os que veñan, sinalando que ninguén lle pode reprocha-la súa dedicación e o seu traballo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste no traballo, indicando que ademais das boas aportacións dos funcionarios hai que expoñer criterios políticos.

- O Sr. Alcalde, entendendo suficientemente debatido o asunto, fai referencia á orixe da situación que, na súa opinión, está na necesidade de descentralización a través do pacto local.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda aproba-lo expediente 2/2002 de recoñecemento extraxudicial de créditos, por importe de 5.398.383 ptas., consonte relación que se incorpora ó expediente, que se inicia coa factura 21662 de Amador Amor Edreira, por importe de 14.525,- ptas., e remata coa factura 251 de Zapatos Nanda Romay SL, por importe de 13.000,- ptas.

7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CESIÓN DE LOCAL PARA SÉ DA FUNDACIÓN COMARCAL.

Dase conta de proposta da Alcaldía relacionada con cesión de local para sé da Fundación Comarcal, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que despois de ver todo o proceso da sé da fundación chega á conclusión de que é un tema político, non sendo favorable ó emprazamento proposto, en canto que a fundación pode ser un ente xerador de actividades para activar zonas, como foron as propostas no mercado ou no antigo matadeiro, rexeitadas polo Partido Popular, por cuestións de prestixio. No emprazamento actual hai outras entidades que presentan dúbidas na súa situación precaria, non tendo claro que esta situación sexa racional, polo que se van abster.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que o necesario é que a fundación se instale o máis axiña posible, sen entrar en cuestións de quen presenta as iniciativas.

- En tal senso o Sr. Doporto, voceiro do BNG, insistindo no erroneo da súa localización, reitera que o Partido Popular non quixo situala no casco antigo, por cuestión de prestixio e incluso se falou de locais dun promotor particular, o que si é entrar en cuestións deste tipo.

- Intervén o Sr. Alcalde, para explicar que a proposta actual se produce despois doutras que non se materializaron, noutras zonas máis interesantes, o que non pareceu así á Xunta, e despois de que a Universidade da Coruña non levase a cabo proxectos concretos neste local que tiña ofrecido, sen prexuízo de que a fundación veu utilizando locais provisionais no concello, esperando que en breve prazo poida reunirse na súa nova sé e proceda as súas actividades propias para o desenvolvemento de Betanzos.

O Pleno, co voto a favor de catorce concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 4 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Martínez, Agraso) e a abstención dos outros 3 concelleiros (Sres.: Doporto, Otero, do BNG, e a Sra. Romay, do PP, por terse ausentado da sala neste punto), acorda: 1.- Ceder á Xunta de Galicia e máis concretamentamente á Consellería da Presidencia e Administración Pública, a parte non ocupada das antigas escolas García Hermanos, para que nas mesmas poida instalarse a Fundación Comarcal de Betanzos. 2.- Facultar a esta Alcaldía ou concelleiro en quen delegue para tramitar oficialmente esta cesión.

8.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE EN ÓRGANO DE GOBERNO DA CAIXA DE AFORROS DE GALICIA.

Vista a solicitude de nomeamento para renovación dos conselleiros xerais da asemblea xeral da Caixa de Aforros de Galicia, en representación das corporacións locais, a proposta do grupo socialista, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do citado grupo (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Martínez, Agraso, do PP, e Sres.: Doporto, Otero, do BNG), acorda designar conselleiro xeral en representación deste Concello a D. Francisco M. Díaz Pereira.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de entrar neste punto o Sr. Alcalde invita ós Sres. concelleiros ó "stand" do Concello na feira de Turisport, de Silleda, á inauguración da gardería, aproveitando así mesmo para agradece-los servicios prestados pola Sra. Interventora, Dª Gema Vázquez López, os servicios prestados, ante a súa próxima incorporación ó seu novo destino no Concello de Cabana.

* Dase contestación ás preguntas realizadas no anterior Pleno (22-03-2002):

Polo grupo municipal do PP:

1.- A adxudicataria da construcción do aparcamento subterráneo na r/ Rosalía de Castro é a empresa Complejo San Roque SL, sendo o seu CIF: B-15609647.

2.- O edificio da promotora Fluvial Vandoncel non se axusta na súa totalidade á licencia concedida, téndose aberto ó respecto unha dilixencia informativa e adoptándose polo promotora as medidas correspondentes.

3.- Si.

4.- Cumpli-lo prego de condicións aprobado polo Pleno.

5.- As que determine o prego de condicións e o proxecto de obra que en virtude do anterior se tramite no seu día.

Polo grupo municipal do BNG:

1.- As actuacións da arqueóloga, ademais das propias administrativas, dan os seu froitos, con diversas pezas e outros elementos ós que se lles dá o tratamento que corresponde.

3.- A postura da mesa de contratación da planta alta do mercado foi unánime.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do PP:

A Sra. Faraldo agradece os servicios e atencións prestados pola Sra. Interventora, anunciando que nun próximo Pleno preguntará sobre o pouco que duran os interventores.

Interrómpea o Sr. Alcalde, indicando que xa se acaba de agradecer institucionalmente á Sra. Interventora o labor realizado neste Concello.

- Roga que cando se instalen carpas, non se poñan sacos de area suxeitando as lonas, polo antiestético que resultan.

- Pregunta sobre a cafetería do Pasatiempo.

- Pregunta se se vai tomar algunha medida ó respecto dos cans soltos na Condesa.

- Tendo en conta un informe da Xunta sobre do edificio que Construcciones Vixoi está realizando no paseo da Galera, ¿que medidas se pensa tomar ó respecto das irregularidades que presenta a devandita edificación?

- Pide información sobre as xestións realizadas para o cobramento dos custes de urbanización da UA-4.

Polo grupo municipal do BNG:

- Roga que se proceda á reordenación do tráfico nas Cascas.
- Pide información sobre a xestión do servicio de rede de sumidoiros en Betanzos o Vello.
- Pide ser informado sobre os motivos da multa á empresa que está levando a cabo as obras do aparcamento da r/ Rosalía de Castro.
- Pregunta sobre a situación en precario, en relación coa cesión de locais para sé da Fundación Comarcal.
- Pregunta sobre a normativa sobre a tenencia de cans peligrosos. Pide que se cumpra na súa totalidade.
- Pregunta se as pezas que se atopan nas excavacións son depositadas pola arqueóloga municipal no Museo das Mariñas.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintunha horas e corenta minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE MAIO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asiste, con desculpa:

Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Elena Encinas Pena.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do xoves día trinta de maio de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vinteseis de abril pasado.

2.- DAR CONTA DE COMUNICACIÓNS.

Dase conta de escrito remitido polo Servicio de Conservación de Espacios Naturais da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, comunicando que o encoro de Abegondo-Cecebre si que se encontra incluído na proposta galega de lugares de importancia comunitaria rede Natura 2000; a súa revisión foi aprobada polo Consello da Xunta o día 19 de abril de 2001 e posteriormente foi remitido ó Ministerio de Medio Ambiente e á Comisión Europea.

3.- RATIFICACIÓN DE ACORDO SOBRE FINANCIACIÓN DO PRODER II.

Neste punto incorpóranse os Sres.: Beade Dopico, Martínez García e a Sra: Sánchez Vázquez.

Dase conta de acordo adoptado pola Comisión de Goberno na sesión extraordinaria realizada o pasado día vintetrés de maio, en relación coa financiación do PRODER II, ó obxecto da súa ratificación polo Pleno. Conta co dictame da Comisión Informativa de Programación.

Os grupos políticos de oposición anuncian o voto favorable.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, quere deixar constancia da matización que se fixo sobre a financiación, da que se pediu que non fora linea, utilizándose parámetros proporcionais como os que usa a Deputación para o POS, ou outros, ante o desacordo existente aceptouse a proposta matizada tamén no sentido do reparto de novo dos fondos que non cheguen a utilizarse.

O Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo acordo adoptado pola Comisión de Goberno na sesión extraordinaria realizada o pasado día vintetrés de maio, en relación coa participación deste Concello na entidade Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos, que pretende ser beneficiaria de financiación no marco de desenvolvemento rural PRODER II e AGADER da Comunidade Autónoma de Galicia, seguinte: PRIMEIRO.- O Concello de Betanzos comprométese a realizar unha aportación económica á financiación dos programas de desenvolvemento rural PRODER II ou AGADER no ámbito territorial da entidade Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Betanzos da que é membro participante, por un importe de OITENTA E CATRO MIL CENTO CORENTA E UN CON SESENTA E NOVE euros, que figurará nos seus presupostos anuais. SEGUNDO.- Establécese o reparto da citada cantidade por anualidades durante o período de duración da execución dos programas de desenvolvemento rural PRODER II ou AGADER, de tal xeito que no cadro que segue precísase a anualización da participación citada:

Ano	2002	2003	2004	2005	2006	TOTAL
	8,594%	17,290%	21,326%	23,776%	29,014%	100%
Euros	7.231,14	14.548,10	17.944,06	20.005,53	24.412,87	
84.141,69						

4.- RATIFICACIÓN SOLICITUDE Ó PLAN CONCERTADO.

Dase conta de acordo adoptado pola Comisión de Goberno na sesión ordinaria realizada o pasado día catorce de maio, en relación con acollerse á Orde de 4 de abril de 2002 (DOG nº 73 de 16 de abril de 2002) pola que se regulan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servicios sociais polas corporacións locais, o obxecto da súa ratificación polo Pleno. Conta co dictame da Comisión Informativa de Programación.

Os grupos políticos de oposición anuncian o voto favorable, se ben o Sr. Carro Erias, voceiro do PP, indica que se bota en falta un programa contra a drogadicción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que tal programa é propio doutra liña de subvencións, na que se está a traballar, dentro do plano contra a droga.

O Pleno, por unanimidade, acorda ratifica-lo acordo adoptado pola Comisión de Goberno na sesión ordinaria realizada o pasado día catorce de maio, en relación con solicitar axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servicios sociais polas corporacións locais, seguinte: 1º.- Acollerse á Orde do 4 de abril de 2002 publicada no DOG nº 73 de data 16 de abril de 2002, pola que se regulan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servicios sociais polas corporacións locais e a accesibilidade e eliminación de barreiras para solicita-lo seguinte: A.- Servicios sociais comunitarios (de atención primaria): mantemento e ampliación de persoal (1 psicóloga, 1 coordinadora, 2 traballadores sociais, 1 pedagogo, 1 educador social, 1 animador sociocultural, 1 auxiliar administrativo e 1 limpadora); mantemento da xestión dos servicios sociais comunitarios; mantemento e ampliación do programa de axuda a domicilio (6 auxiliares do fogar, ampliación a xornada completa das 3 auxiliares existentes e contratación dunha nova a xornada completa); mantemento do programa de captación de voluntariado e cooperación social; mantemento do programa de emerxencia social; mantemento dun programa de educación familiar; mantemento do programa de intervención comunitaria: Así mesmo, que os servicios sociais comunitarios derivados de prórroga se continúen prestando nas mesmas condicións que o pasado ano. B.- Equipamento e mobiliario de centros sociais: centros sociais da Condesa e centro de xubilados da terceira idade. C.- Servicios sociais de atención especializada: mantemento e programación do centro social da terceira idade. D.- 2ª fase dos proxectos de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas. 2º.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites se consideren oportunos para o bo fin destes acordos.

5.- PROPOSTA MODIFICACIÓN OBRAS POL.

Preséntase a consideración do Pleno proposta sobre modificación obras POL, que vén informada pola Comsión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia a súa abstención, en canto non coñece polo miúdo esas propostas.

O Pleno, co voto a favor de catorce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García,

Gómez, Beade, Vázquez, López, e 4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso) e a abstención dos outros 2 concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda 1º) Aproba-lo proxecto modificado nº 1 da obra "dotación de colectores de saneamento e pluviais e mellora de seguridade vial travesías estradas provinciais", redactado polos técnicos municipais. Dar traslado do acordo á Excma. Deputación Provincial. 2º) Aproba-lo proxecto complementario nº 1 da obra "dotación de colectores de saneamento e pluviais e mellora de seguridade vial travesías estradas provinciais", por un importe de 58.874,38 €, acordando solicitar á Excma. Deputación Provincial a súa execución. 3º) Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos.

6.- PROPOSTA MODIFICACIÓN OBRAS DANOS POR TEMPORAIS 2001.

Preséntase a consideración do Pleno proposta sobre modificación obras danos por temporais, que vén informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, sorpréndese da inclusión destas obras, xa que entende debían ser obras que no futuro evitaran danos de temporais. Por outra banda, descoñece se a substitución se pode facer, anque anuncia o seu voto positivo.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, afirma que con estas obras se está a mellorar problemas, utilizando partidas de obra das que se podía prescindir.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Aproba-lo reformado do proxecto de substitución do colector de saneamento na Ribeira de Betanzos. 2.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites necesarios para levar a bo fin este acordo.

7.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN HONORARIOS "REFORMADO PROXECTO PARQUE DE BOMBEIROS".

Dase conta de proposta de aceptación honorarios "reformado proxecto parque bombeiros", dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende que se trata dunha cuestión administrativa, anunciando a súa abstención e sinalando que as cousas ben feitas non necesitarían modificados.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, incide sobre a existencia no proxecto da liña eléctrica, que origina a súa modificación, e que supuxo unha mala redacción dun proxecto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que o problema xorde polos proxectos tipo que realizou a Deputación, engadindo que o Concello xa fixo o esforzo de aportar uns terreos e vaise mante-lo acordado co equipo de goberno provincial.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, indica a súa postura favorable, se ben matiza que os problemas xorden cando os organismos non funcionan entre si.

- Insiste o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, en que, neste caso, o problema é de planificación errada entre a Xunta e a Deputación, que son quen asumiron os planos de bombeiros, polo que o Concello non asume ningunha responsabilidade máis que a derivada da colaboración que está prestando.

O Pleno, co voto a favor de catorce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso) e a abstención dos outros 2 concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Acepta-lo importe dos honorarios do novo proxecto modificado do parque de bombeiros de Piadela.

8.- PROPOSTA ADXUDICACIÓN MÁQUINA VARREDORA-ASPIRADORA PARA LIMPEZA DE VIAS PÚBLICAS.

Vista a proposta da mesa de contratación, así como o dictame da Comisión Informativa, poñéndose de manifesto polo representante do Bloque Nacionalista Galego a abstención do mesmo, por tratarse dun acto de exercicio administrativo e sinalando a súa sorpresa ante os datos que relegaron o prezo da oferta ás características técnicas da máquina e anunciando igual postura o representante do Grupo Popular. O Pleno da Corporación, considerando a puntuación outorgada pola Mesa de Contratación, baseada nos distintos criterios de valoración, expresados no seguinte cadro:

	A CARACTE-RISTICAS. TECNICAS	B FINANCIA-CION.	C PREZO OFERTA	D MELLORAS.	E REDUCCION PRAZO ENTREGA	F GARANTIA	G SERVICIO TECNICO.	TOTAL
TALLER. ARTEIJO S.L.	25	14	15	15	5	5	5	84
VEICAR S.L.	18	20	20	10	4	5	5	82

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de dez dos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, López, Vázquez) e a abstención dos outros 6 concelleiros presentes (4 do PP, Srs.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG Srs.: Doporto e Otero), acorda: 1.- Adxudicar a Talleres Arteijo S.L., no prezo de 117.126 E, a máquina varredora-aspiradora para limpieza de vías públicas marca AEBI, modelo MFH 2200, coa mellora dunha hidrolimpadora de gasolina da marca Limge e cunha potencia de 200 bares e motor Honda de 13 CV. 2.- Facultar o Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para levar a bo termo o acordo adoptado.

9.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONSORCIO "AS MARIÑAS".

Preséntase a consideración do Pleno proposta de delegación de competencias no Consorcio "As Mariñas", que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda: 1º.- Delegar no Consorcio "As Mariñas" as competencias municipais no ámbito da inserción sociolaboral e a coordinación funcional dos programas de apoio á autonomía persoal e familiar, que poidan derivarse da posta en marcha do citado Plan de Inclusión. 2º.- Asumi-lo compromiso de proceder ós axustes presupostarios necesarios, co fin de atender á cobertura dos gastos derivados da participación municipal no Plan de Inclusión Social de Galicia.

10.- ACCIÓNS QUE PROCEDAN CONTRA RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL.

Dase conta ó Pleno de resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural, polo que se ordea o traslado ó Museo Diocesano de Mondoñedo, dunha peza achada no adro da capela de Sta. Baia en Monfero e previamente depositada no Museo das Mariñas deste Concello. Acompáñase informe do secretario no que, entre outras apreciacións, se fai

constar que tal resolución contradí outra anterior do Sr. Conselleiro, firme en vía administrativa, que se teñen en conta documentos en sentido contrario á súa anterior apreciación, que non deu audiencia no expediente, polo que se considera nula de pleno dereito tal resolución, o que xustifica que o Concello inicie accións contra a mesma.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, considera que á vista da documentación aportada, pode haber erro no informe, botando en falta outro do director do museo ou da arqueóloga.

O Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros 4 concelleiros presentes (do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda inicia-las accións que procedan contra a devandita resolución.

11.- RECURSO REVISIÓN PROMOCIÓN FLUVIAL VALDONCEL.

Dase conta de recurso de revisión presentado por Promoción Fluvial Valdoncel contra acordo deste Concello, denegatorio de aprobación de modificación puntual das normas subsidiarias municipais no Paseo da Galera.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia a abstención do seu grupo, como é habitual nos temas de urbanismo que non comparten, e doutra banda ante o cansancio que orixina voltar a tratar este tema. Considera que existe un informe xurídico razonable, anque podería argumentarse en sentido contrario a invalidez do convenio en que se substenta o recurso, anque considera que non son quen para modifica-los dereitos dos cidadáns, pero si queda patente unha maneira de facer urbanismo, do que polo menos se pode dicir que non é programado.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, pon de manifesto o feito de que a xestión urbanística falla por moitas cousas, sobre todo polo que continuamente se cambian os criterios, o que queda claro no informe que se acompaña, do que resalta a frase que pide a paralización das obras en tanto non se adopte ningunha decisión. Considera incrible que dito convenio se asinara e anuncia a súa abstención considerando que se cadra en dous meses o asunto volta ó Pleno.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera que o se sucedeu é que non se utilizou o instrumento adecuado, esixindo máis do que se debía cando o tema se podía ter resolto cun estudio de detalle, cometéndose un erro, en canto o convenio xa viña recollido nas propias normas subsidiarias de 1997, polo que non procedía ningunha modificación das mesmas, senon o seu desenvolvemento.

O Pleno, visto o informe emitido, no que queda de manifesto a admisibilidade do recurso, que o convenio en que se fundamenta a revisión proposta se atopa recollido nas propias normas subsidiarias e que a súa virtualidade pasa pola tramitación dun estudio de detalle que ordee os correspondentes volumes e se axuste ás alineacións dadas por Costas, co voto favorable de dez dos concelleiros presentes (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 6 concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Anula-los anteriores acordos relativos á modificación puntual das normas subsidiarias municipais no Paseo da Galera, instada por Promoción Fluvial Valdoncel, recoñecéndolle ó interesado, en base ás reiteradas normas subsidiarias, o dereito a tramitar ante o órgano

competente o correspondente estudio de detalle que ordee os volumes e axuste as alineacións e posteriormente a oportuna licencia de obras.

12.- EXPEDIENTE 3/02 DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dase conta ó Pleno de expediente 3/02 de recoñecemento extraxudicial de créditos, que conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero Faraldo, voceiro do BNG, pon de manifesto a dinámica na que se incore ó se-lo terceiro recoñecemento que se presenta ó Pleno, afectando ó presuposto, preguntándose ata cando se vai seguir así. Considera que se debe facer un plano de aforro e non cabe seguir aludindo ó pacto local como a panacea, porque mentres tanto algo haberá que facer. En consecuencia, anuncia a súa abstención.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, cre que en pouco tempo se fará necesario un plano de viabilidade. Entende que a presentación non é lóxica ou non están as contas claras.

- O Sr. Lagares (D. Antonio),voceiro do PSdeG-PSOE, entende perfectamente asumible o expediente, en canto algo normal nas contas dos concellos.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 6 concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Aproba-lo expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/02, aprobando, en consecuencia, as facturas que se relacionan en anexo, comezando por A. Picado y Asociados SL, por importe de 352,12 E, e rematando por Vidal Loureda Antonia, por importe de 240,95 E, ascendendo o importe total á cantidade de 66.712,60 E.

13.- MOCIÓN DO BNG RELACIONADA CON AMPLIACIÓN ESPACIOS DEDICADOS Ó ARQUIVO MPAL., MUSEO DAS MARIÑAS E BIBLIOTECA MPAL.

Preséntase a consideración do Pleno moción do grupo nacionalista en solicitude de que o espacio antes usado pola SCRD de Betanzos sexa dedicado para amplia-lo Arquivo Municipal, o Museo das Mariñas e a Biblioteca Pública Municipal Alfonso D. Rodríguez Castelao, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Otero Faraldo, voceiro do BNG, insiste na escasez de espacios das instalacións.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia o seu apoio, lembrando outra moción do seu grupo sobre a biblioteca hai dous anos, da que non se fixo nada.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera que o dito é unha opinión do seu grupo, pedíndolle que se vaia ver se se fixo algo ou non. Respecto da moción, considéraa extemporánea, en canto se está a traballar no asunto.

Seguen outras intervencións no mesmo senso, debaténdose entre o voceiro do grupo popular e o do grupo socialista sobre o cumprimento ou non das mocións.

O Pleno, co voto a favor de 6 dos concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción.

14.- MOCIÓN DO BNG RELACIONADA COAS LISTAS DE ESPERA DO SISTEMA SANITARIO.

Dase conta de moción do BNG relacionada coas listas de espera do sistema sanitario, que vén dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que se pretende trata-lo asunto en tódalas institucións ante a situación preocupante que se presenta, solicitando información real e actual dunha serie de circunstancias sanitarias en que o habitual é colarse, demandándose máis información e transparencia e seriedade.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, anuncia a súa abstención como noutras ocasións ante mocións tipo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que se trata dunha moción xenérica que debería tratarse no Parlamento, sendo certo que os cidadáns están a sufri-las listas de espera, no noso caso ante as carencias do centro de saúde, pero entende que a moción abarca moito en en tal sentido o seu grupo absterase.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, agradecendo as abstencións, entende que o debate debe facerse nos concellos, en canto podería reformularse ó ámbito de Betanzos. En canto ó concepto de moción tipo, é algo que non queren agachar, facendo referencia a como se presentan noutros casos as mocións.

- Insiste o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, en que as présas non son boas, pedindo se circunscriba a moción a Betanzos.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, defende a moción tal como é, sen prexuízo de estar disposto a outro debate noutro Pleno.

O Pleno, co voto a favor de dous dos concelleiros presentes (do BNG, Sres: Doporto, Otero), e a abstención dos outros catorce concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: 1.- Solicitar da Xunta de Galicia que informe de xeito urxente e público da situación real e actual sobre: * O número de persoas existentes nas listas de espera de primeiras consultas, probas diagnósticas e intervencións quirúrxicas, tanto globais como por tramos de espera. * Criterios utilizados para a súa clasificación. * Os planos para afrontar esta grave situación, así como os recursos previstos para desenvolvelos. 2.- Solicitar, así mesmo, da Xunta de Galicia o desenvolvemento e aplicación con carácter inmediato da recomendación da Comisión de Expertos do Consello Interterritorial de Sanidade para "desenvolver un sistema de información sobre as listas de espera quirúrxica", que contemple, entre outras medidas, a necesidade de garanti-la equidade no acceso da cidadanía ós procedementos diagnósticos e de tratamento; o desenvolvemento de planos estratéxicos nas comunidades autónomas para afrontar listas, e unha información periódica (cada seis meses) que garanta á cidadanía un exercicio real e efectivo dos seus dereitos, coa implicación e colaboración de organismos e entidades representativas da cidadanía en calquera dos seus ámbitos sociais.

15.- MOCIÓN DO BNG RELACIONADA COA REGULAMENTACION DOS CRITERIOS DE USO E OCUPACIÓN DOS LOCAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL EN CESIÓN A ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS BETANCEIROS.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, da conta de moción do seu grupo, propoñendo que se adopte o acordo de regulamentar mediante un documento base os criterios básicos de uso e ocupación dos locais de titularidade municipal en cesión a asociacións e colectivos betanceiros, que vén informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia o voto favorable, por tratarse dunha moción clara, simple e concisa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que han de se-las asociacións quen faga a proposta de regulamento, con participación de todos.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende que o regulamento débeo establece-lo cedente, non procedendo o proposto polo equipo de goberno. Insiste na ocupación en precario dos locais, en cesións non documentadas, considerando o máis razonable que sexa o Concello quen redacte as normas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PsdeG-PSOE, insiste na oferta de que sexan as sociedades quen aporten o regulamento, invitando así mesmo ó grupo nacionalista a que os aporte.

O Pleno, co voto a favor de seis dos concelleiros presentes (2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero, e 4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), acorda rexeita-la moción.

16.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA CON MEDIDAS DE SEGURIDADE VIAL NAS ESTRADAS QUE DISCORREN POLO TERMO MUNICIPAL.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, da conta de moción presentada polo seu grupo, relacionada con medidas de seguridade vial nas estradas que discorren polo termo municipal, indicando que se trata dun documento de traballo cunha problemática que evite que se presenten situacións puntuais.

- O voceiro do BNG, Sr. Doporto, considera a proposta razonable, se ben desexa facer constar que a moción se contradí co que o grupo popular defende no Parlamento, sinalando como incongruencias de dito grupo sinalar que non hai trafico pola Ponte Vella e que non é necesaria a regulación da encrucillada de Velouzás.

- O Sr. Carro Galeiras, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que son coñecidas as preocupación ó respecto desta problemática sobre a que xa se adoptaron distintos acordos, solicitando actuacións en diversas vías, considerando que o informe que se demanda non debe impedir que se leven a cabo outras actuacións. En canto á moción, estase de acordo no primeiro punto, pero en canto ó segundo apartado, solicitan unha nova redacción, que é admitida polo grupo popular.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Instar ó Alcalde para que se dirixa á Delegación Provincial de Tráfico para que este departamento elabore un informe no que se avalíe de forma completa a situación da seguridade vial nas estradas que discorren polo municipio. 2º.- Que á vista do citado informe e o dos técnicos municipais se demanden das distintas administracións interesadas, as actuacións necesarias para mellora-la seguridade vial destas travesías.

17.- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste apartado e antes de proceder á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde presenta a consideración dos Sres. concelleiros, a próxima nomenclatura de diversas vías púbicas de nova apertura, quedando aberto ás aportacións que se consideren, ó obxecto de que se traten na oportuna comisión.

Así mesmo, invita ós Sres. Concelleiros ós actos do "Corpus".

* Dase contestación ás preguntas realizadas no anterior Pleno (26-04-2002):

Polo grupo municipal do PP:

1.- A cafetería do Pasatiempo adxudicouse e o adxudicatario ten que cumprir unha serie de compromisos que se lle solicitan. De non cumprilos daranse os pasos correspondentes.

2.- Con respecto ós animais soltos o Concello ten concertada a súa retirada cunha empresa especializada.

3.- As obras do Paseo da Galera segundo os trámites administrativos dos que se adoptan acordos no Pleno de hoxe.

4.- A urbanización da UA-4 está recorrida xudicialmente.

Polo grupo municipal do BNG:

1.- A rede de sumidoiros de Betanzos O Vello ten que estar en funcionamento a través da colaboración entre varias institucións. A do Concello está realizada e esperamos que as dos demais se fagan proximamente.

2.- A empresa Complejo San Roque incumpriu reiteradamente os prazos de execución de obras e por iso é sancionada.

3.- A tenencia de cans perigosos é unha nova competencia que se trata de trasladar ós Concellos sen a cobertura económica correspondente. Desde a FEGAMP estanse a facer unhas normas municipais de actuación e o Concello buscará a mellor forma de aplicalas.

4.- As peza arqueolóxicas están a ser clasificadas e depositadas no espacio municipal que se considere máis oportuno.

*** Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:**

Polo grupo municipal do BNG:

- Solicítase a entubación de camiño en Betanzos O Vello a Cepa de Vella.
- Solicita copia de póliza de seguro para a Corporación.
- Solicita unha postura máis favorable de axuda a Arxentina.
- Pregunta se existe algunha instrucción especial para a actuación da Policía local en casos como o de multar e retirar un vehículo aparcado enriba dunha beirarrúa e non multar nin retirar outros que estaban aparcados en paralelo con este, tamén sobre a beirarrúa, e se non existe ningunha instrucción ó respecto, ¿por que se dan situacións como a descrita?
- Roga que se dirixan á empresa adxudicataria para que instale os colectores precisos en tódolos puntos de recollida á maior brevidade posible.

Polo grupo municipal do PP:

- Se na rúa Dr. Fariña pode funciona-lo servicio ORA legalmente.
- En que fase se encontra a obra de urbanización da rúa Castelao.
- En que estado se encontra a construcción do hotel de Bella Vista.
- Ante a colocación de novos colectores, pide a substitución das valas metálicas dos antigos fóra de uso.
- Queren testemuña-lo apoio ó párroco da igrexa de Santiago para o amaño do campanario.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e quince minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESETE DE XUÑO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. interventora:

Dª Elena Encinas Pena.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do xoves día vintesete de xuño de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día trinta de maio pasado.

2.- DAR CONTA DE SENTENCIAS DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO.

Dase conta ó Pleno das seguintes, enviadas por:

- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección 2ª, declarando inadmisible o recurso contencioso-administrativo nº 02/0005038/19960 M, presentado por D. Jaime Alberto Pita Varela, Dª Mª Cinta Fernández Ramos, Dª Mª Dolores Faraldo Botana, D. Alberto Carro Erias, D. Angel Pastor Casal e D. Andrés Martínez Guerra (hoxe, polo seu falecemento, Dª Carmen García Valiño e D. Andrés Martínez García), contra acordo da Comisión de Goberno do Concello de Betanzos do 5-7-94 polo que se concedeu licencia de obras para a construcción dun

edificio de 32 vivendas e locais comerciais na r/ Rosalía de Castro á entidade "Urbanizaciones Betanzos SL". O Pleno dase por enterado.

- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección 2ª, declarando caducado o recurso contencioso-administrativo nº 02/0004631/2002 T DV, presentado pola Xunta de Galicia contra acordo da Comisión Provincial de Urbanismno do 2-12-92, publicada no BOP nº 92 de 23-4-2001, sobre aprobación definitiva da normativa urbanística do Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos. O Pleno dase por enterado.

3.- DAR CONTA DE ESTUDIO INFORMATIVO PARA AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO "EJE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDAD". TRAMO: A CORUÑA-FERROL.

Dase conta do proxecto "eje atlántico de alta velocidad, tramo: A Coruña-Ferrol (A Coruña)" da Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento ó obxecto da avaliación do seu impacto ambiental, comunicando a iniciación do período de consultas establecido no art. 13 do Real decreto 1131/1988, rogando que se envíen as suxestións referidas a aspectos ambientais, con respecto ós contidos específicos que se considere debera ter en conta o titular do proxecto no estudio de impacto ambiental, así como outras posibles alternativas de actuación. O Sr. Alcalde indica que o documento queda a disposición dos grupos políticos.

4.- PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO NA UEI-5 (AS CASCAS).

Dase conta de proposta de convenio urbanístico na UEI-5 (As Cascas). Consta informe técnico e dictame da Comisión de Programación.

- Os grupos nacionalista e popular poñen de manifesto a súa abstención, por non participar nos asuntos urbanísticos que consideran de xestión do equipo de goberno.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes, do grupo socialista, (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 6 concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aproba-la proposta de convenio a formalizar con Kblar Investimentos SL, a través do que patrimonializa o aproveitamento urbanístico da UEI-5a, destinando o seu importe á mellora da ponte que consta como outra obriga urbanística da citada unidade. 2º.- Aproba-las valoracións técnicas que se incorporan e que supoñen 80.087,00 E, para o valor urbanístico e 24.355,38 E, pola ponte. 3º.- Facultar á Alcaldía para a formalización deste acordo en convenio

5.- PROPOSTA DE CONVENIO PARA OBRAS NO CEMITERIO MUNICIPAL.

Dase conta de proposta de convenio para obras no Cemiterio Municipal. Consta informe da Secretaría e dos Servicios Técnicos Municipais, así como dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, anuncia a abstención do seu grupo, por entender que é unha cuestión de decisión técnica, poñendo de manifesto a necesidade dun regulamente de edificación do cemiterio a prever no futuro.

- Semellante postura indica a voceira do grupo popular, Sra. Faraldo.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes, do grupo socialista, (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 6 concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Autoriza-la instalación solicitada, debéndose previamente asinar convenio co interesado

nos termos do informe emitido sen prexuízo da posterior licencia que corresponde á Comisión de Gobrno, facultando ó Sr. Alcalde para a formalización do oportuno documento.

6.- PROPOSTA PARA INCLUSIÓN NO PLAN XXI DE TURISMO DA NATUREZA.

Dase conta de proposta que se presenta para incluir no Plan XXI de turismo da natureza da Excma. Deputación Provincial, que dado o prazo ó que estaba sometido xa se remitiu, mediante resolución da Alcaldía, polo que se trae ó Pleno ó obxecto da súa ratificación, así como corrección nos datos consonte a proposta que se realiza.

- Iniciado o debate polo Sr. Doporto, voceiro do grupo nacioalista, indícase o voto en contra do seu grupo, por entende-lo gasto desmesurado para unha embarcación turística, considerando que as hai máis baratas, querendo saber tamén se se vai poder dedicar a outros labores como a limpeza do río.

- Pola súa banda a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, tras sinala-la súa postura favorable, fai referencia á tardanza despois de anunciar esta adquisición seguidamente na prensa, esperando que agora coa axuda da Deputación se poida adquirir. Espera tamén que se cumpran estrictamente as medidas de seguridade, non considerando excesivo o prezo se se obtén calidade na compra.

- O Sr. Alcalde fai constar que o prezo é indicativo e se se sabe de ofertas máis baratas que se fagan chegar. Evidentemente, entende que se a embarcación é para o turismo non se pode dedicar a outras cousas dado o rigor no cumprimento das condicións técnicas que se van cumprir, sinalando así mesmo, que a maior parte da financiación a pon o Concello.

O Pleno, co voto a favor de catorce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 4 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso) e o voto en contra dos outros 2 concelleiros presentes (do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), acorda, ratificando a resolución da Alcaldía do pasado vintecatro de xuño: 1º.- Solicita-la incorporación no Plan XXI de fomento do turismo da natureza da provincia da Coruña, coñecéndose e aceptándose expresamente as bases do plan. 2º.- Aprobar igualmente a memoria e o proxecto técnico da "embarcación turística de pasaxeiros", por importe de 174.293 E máis IVE, total de douscentos dous mil cento setenta e nove euros con oitenta e oito céntimos (202.179,88 E), quedando a financiación con cargo a este plan: presuposto total: 202.179,88 E. Aportación Deputación: 83.270,19 E. Aportación Concello: 118.909,69 E. 3º.- Comprometerse á dispoñibilidade do ben sobre o que se pretende realiza-lo investimento, así como o compromiso firme deste Concello de que realizará tódolos trámites que sexan precisos en orde á obtención de cantas autorizacións, concesións, permisos e licencias sexan necesarias para a correcta execución do investimento.

7.- PROPOSTA SOBRE INCLUSIÓN DE BENS NO INVENTARIO MUNICIPAL.

Dase conta de escrito de veciños da parroquia de Piadela, relacionado coa inclusión no inventario municipal dos terreos denominados "Monte da Areosa", que vén dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica o seu voto en contra en tanto non se especifica a cualificación dos bens se son parroquiais ou municipais, pedindo que se aclare a titularidade que non pode ser avalada só pola petición de catro veciños, non debéndose xogar con esa indefinición, non tendo claro o acordo.

- O grupo popular pregunta sobre a existencia de informe.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, indica que non son só catro veciños, que o monte era aproveitado por todos, existindo unha indefinición xurídica ó respecto, en canto os propios veciños non o teñen claro. O que se presenta é a posibilidade de asumir tal propiedade, que se estudie o caso e se informe ó Pleno.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, entende que se confirmar as dúbidas. Descoñécese a titularidade dos terreos, o que non pode dar por ejemplo a que o ben o colla o Concello, entende que o Sr. voceiro do PSdeG-PSOE pide que o asunto quede sobre a mesa

- O Sr. Alcalde non entende que se producira tal petición.

- A Sra. Romay, voceira do grupo popular, comparte a opinión de que se pediu que o asunto quedara sobre a mesa, pedíndose informe en orde á prosperabilidade da proposta, existindo indefinición sobre a titularidade do ben, polo que debían se-los servicios xurídicos do Concello quen deberían face-la análise oportuna, xa que non se sabe sobre o que se debate.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, indica que a súa intención é propoñe-lo inicio dun expediente en que se estudie a cuestión, seguindo outras intervencións no mesmo senso, incluída a do secretario sobre o acordo a adoptar e a aclaración pedida polo voceiro do BNG, sobre o título do punto da orde do día que figura na convocatoria.

Neste punto incorpórase o Sr. Carro Erias.

O Pleno acorda iniciar expediente para determina-la titularidade dos terreos denominados "Monte da Areosa" e a súa inclusión, se procede, no inventario de bens municipal.

8.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVICIO PÚBLICO DE INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Dase conta do expediente tramitado para a adxudicación do concurso convocado para a xestión do servicio público de instalacións e actividades deportivas. Consta a acta da mesa de contratación, dictaminada pola Comisión de Programación, na que se fai a proposta correspondente.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia a abstención do seu grupo, xa que non participa nos trámites, sendo contrario, como xa o ten dito, ó período de concesión que o considera unha hipoteca.

- Semellante postura adopta a voceira do grupo popular, Sra. Faraldo.

O Pleno, co voto favorable dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), tendo en conta os criterios da mesa de contratación sobre a admisión das empresas e nas valoracións, que indica, respecto da proposta económica, que non é elemento determinante valorándoo proporcionalmente segundo a proximidade á media das ofertas propostas; no xeito de prestación do servicio, cunha valoración semellante, destacando a de Aquagest, pola prestación de servicios os sábados, sendo a menor a de Deside; na experiendia, sendo a de máis Serviocio, despois Deside e a que menos Aquagest, aínda que se lle debe considerar experiencia no tratamento de instalacións; en canto ás tarifas valórase en relación ós prezos propostos; no plano de

mantemento mantense a igualdade con menos incidencia de Deside; na mellora das instalacións as máis significativas son as de Aquagest e Deside; na mellora e ampliación de actividades destácase a de Serviocio, propoñéndose a seguinte puntuación total:

	Aquagest SA	Serviocio SL	Deside SL	Esproade SL
Proposta económica	3	3	1,5	5
Prestación servicio	5	4	3	4
Experiencia	1	5	3	1,5
Tarifa descuberta	5	2	6	4
Mantemento	4	4	3	4
Mellora nas instalacións	7	3	5	1
Mellora e amp. Actividades	2	3	2	2
TOTAL	27	24	23,5	21,5

Acorda: 1º.- Excluir do concurso á empresa Aquacenit SL, por non cumplimenta-la documentación requirida. 2º.- Adxudica-lo contrato á empresa "Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua SA", polo canon de 3.005 € anuais, no prazo e demais condicións do prego que serviu de base ó concurso e na proposta do adxudicatario. 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde para a formalización documental do presente contrato e para a execución de cantos trámites sexan precisos para levar a bo fin este acordo.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Preséntase moción relacionada cos recepción de sinais de TV en determinadas zonas de Betanzos.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación acorda declarala de urxencia.

O Pleno, por unanimidade, acorda solicitar á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, ante a inminente adquisición de reemisores de TV por parte desta, que se teña en conta a Betanzos a causa das dificultades de recepción de sinais de TV en determinadas zonas do municipio.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Dase contestación ás preguntas realizadas no anterior Pleno (30-05-2002):

Polo grupo municipal do BNG:

1.- A Policía Local ten as indicacións de cumpri-lo servicio de xeito igualitario para tódolos cidadáns. Se existe algunha interención concreta no que non é así que se documente para aplica-las actuacións que correspondan.

2.- Estase a face-la ampliación de colectores naqueles lugares que se considere necesario.

Polo grupo municipal do PP:

1.- Si.

2.- Na rúa Castelao os técnicos municipais pediron que se corrixan e se complementen varias actuacións antes da súa recepción.

3.- Non sabemos que se proxecte construir un hotel en Bellavista.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do BNG:

- Reiteran o rogo de que se leve a cabo a limpeza do canle e marxes do río Pelamios.

- Rogan que o Concello se dirixa ós concesionarios de instalacións e servicios municipais para que nas súas relacións cos veciños e na súa publicidade usen este idioma.

- Rogan que se varíe a altura das cadeas situadas nas inmediacións do palco da música, na pza. Irmáns García Naveira, para evitar que provoquen caídas entre os viandantes.

Polo grupo municipal do PP:

(Sr. Agraso):

- Tras facer unha crítica sobre a inasistencia do concelleiro representante no consello escolar no CEIP "Vales Villamarín", o que ó seu parecer demostra unha falta de sensibilidade, aínda recoñecéndolle cousas ben feitas, solicita na próxima renovación do consello o nomeamento dun concelleiro que poida asistir e asista ás súas sesións.

- Reclama que se indiquen as funcións e competencias da persoa que figura como encargada do mantemento do colexio e a súa situación laboral no Concello.

(Sra. Faraldo):

- Pide que os distintos servicios asistan a cursos de urbanismo e medio ambiente nos que se aprendan cousas importantes.

- Pide copia das ordes de paralización de obras na Galera e da súa reposición á legalidade.

(Sr. Carro Erias):

- Solicita a racionalización do tráfico na zona do ambulatorio, sobre a que o seu grupo ten presentado unha moción.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos, pola Presidencia, tras invitar a tódolos asistentes os próximos actos da Feira Franca Medieval e demáis a realizara polo Concello durante o vindeiro mes, dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDE *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

D. José Ramón García Vázquez.

Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.

Dª Ofelia López Campos

D. Andrés Beade Dopico.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.

Dª Mª Dolores Faraldo Botana..

D. Luis Alberto Carro Erias

D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana
Non asisten:.
Dª Lucía Romay Roldán
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sra. Interventora acc.:
Dª. Elena Encinas Pena

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do mércores día trinta e un de xullo de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vintesete de xuño pasado.

2.- PROPOSTA DE RECEPCION DE OBRAS DE RENFE.

Polos voceiros do BNG, sr. Doporto, e do Grupo Popular, sra, Faraldo, indícase o senso do voto positivo dos seus grupos, engadindo o sr. García Vazquez, do Grupo Socialista, algunhas aclaracións sobre as diferencias do proxecto aprobado no seu dia por este Pleno y o de execución ou constructivo, no que se atenderon diversos detalles solicitados polo Concello, e ainda que non se axusta en liñas xerais, vaise da-lo voto afirmativo.

O Pleno por unanimidade, acorda proceder á recepción das obras efectuadas por Renfe, para a supresión dos pasos a nivel dos puntos kilométricos 525/004 liña Palencia-A Coruña e 0/495 liña Betanzos-Ferrol, situados neste término municipal.

3.- MOCION DO PP SOBRE REGULACION DO TRAFICO NA RUA PINTOR SEIJO RUBIO/RUA VENEZUELA.

Inicia o debate o voceiro do BNG., sr. Doporto, quén indica a sua postura favorable a moción, pola densidade do tráfico na zona, se ben presenta dúbidas no referente o terceiro punto, entendendo que a ubicación da marquesiña debe ser analisada polos técnicos municipais.

Polo sr. Carro Erias, coma voceiro do grupo popular, ponse de manifesto a problemática que presenta a moción, que considera clara, e de senso común, no que se refire as dificultades de acceso a nacional VI, desde as ruas Seijo Rubio e Venezuela, asi como a toda a problemática do tráfico na zona do ambulatorio, que xa foi obxeto dun rogo nun pleno anterior, e ainda non se adoutaron medidas, producíndose xa accidentes. Fai fincapé na ubicación da marquesiña, que considera perigosa.

O sr. Carro Galeiras, en nome do grupo socialista, indica que se está a facer un estudio mais amplo no que se terán en conta outras zonas que tamén presentan a súa problemática, que no seu dia prantexarase á Comisión correspondente.

No turno de réplica, o sr. Carro Erias, entende que o grupo socialista non ten interese en solucionar nada, nin vai acepta-la moción nin vai a traballa-la Comisión e vanse a reitera-los accidentes dós que fai responsable ó concelleiro de tráfico, sr. Carro Galeiras, quen en resposta di que non procede entrar nese debate, que se estan facendo declaracións fora da realidade, en canto que a zona e competenecia doutro organismo do que, se o grupo popular tivese preocupación, poderíase esixir máis. Insiste en que a Comisión de tráfico fará a valoración e manifesta que asume a súas responsabilidades. O sr. Carro Erias engade que as ruas Seijo Rubio e Venezuela, son competencia municipal.

O Pleno co voto a prol de seis dos concelleiros presentes (sra Faraldo e srs. Carro Erias, Martinez García e Agraso, do grupo popular, e srs. Doporto e Otero do Grupo nacionalista) e o voto en contra dos dez concelleiros do grupo socialista (sras. Sanchez Vazquez, Gomez Iglesias e Lopez Campos e srs. Lagares, Manuel e Antonio, Diaz Pereira, Carro Galeiras, García Vazquez, Beade Dopico y Vazquez Lorenzo), acorda rexeita-la mocion presentada.

4.- MOCION DO PP SOBRE ACTUACION NA FONTE DAS "CATRO ESTACIONS".

A sr. Faraldo, voceira do grupo popular, da conta desta moción presentada polo seu grupo, que considera sinxela, e que ten como finalidade a restauración do conxunto da fonte das "Catro Estacións", insistindo na retirada do balado e do cemento que a rodea.

O sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do grupo socialista, indica que sobre a devandita fonte se ven actuando pola Deputación, dentro dun plan provincial de obras, e ainda que compartindo a filosofia da moción considera que haberá que esperar á liquidación da obra e á súa recepción polo Concello, polo que previamente deberíase facer unha valoración polos técnicos, ver se e posible incluila na liquidación ou noutra axuda da Deputación ou da Xunta, e senón, tratar de incluila no presuposto do Concello deste ou do vindeiro exercicio. De non facerse asi non se podería votar favorablemente, polo que se pide que se retire a moción e se sigan os pasos indicados.

O sr. Doporto, voceiro do BNG., entende que se a obra está sen recepcionar, sería favorable a proposta que se acaba de facer.

A sra. Faraldo, manifesta o seu acordo co exposto, indicando que eles non manexan o presuposto ó facer propostas, nembargantes iso non invalida que se aprobe a moción, estando dispostos, o seu grupo, a inclui-lo sinalado pero non a retira-la moción.

O sr. Lagares, D. Antonio, entende que ainda que non se manexe o presuposto non se pode xogar asi co mesmo, pedindo mais reflexión. Insiste en que non se pode facer nada, nunha obra sen recepcionar e non se pode facer unha obra sen proxecto, polo que entende que se fan propostas baixo criterios demagóxicos, invitando a que se mire o presuposto insistindo na petición de retira-la moción e se sigan os pasos sinalados.

A sra. Faraldo, mantén os mesmos argumentos xa que, doutro xeito, entende que nunca podería presentar mocións, engadindo que os argumentos expresados en contra, non son de utilidade noutros foros e supoñen un menosprezo os concelleiros do propio grupo de goberno e os demais compoñentes deste Pleno.

Responde o sr. Lagares, D. Antonio que cando fala o voceiro do grupo socialista o fai no nome do grupo.

Entendendo o sr. Alcalde a existencia de dous puntos de vista, somete o asunto a votación.

O Pleno co voto a prol de catro dos concelleiros presentes (sra Faraldo e srs. Carro Erias, Martinez García e Agraso, do grupo popular), o voto en contra dos dez concelleiros

do grupo socialista (sras. Sanchez Vazquez, Gomez Iglesias e Lopez Campos e srs. Lagares, Manuel e Antonio, Diaz Pereira, Carro Galeiras, García Vazquez, Beade Dopico y Vazquez Lorenzo) e a abstención dós dous concelleiros do BNG., (srs. Doporto e Otero) acorda rexeita-la mocion presentada.

5.- MOCION DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS EN SOLICITUDE A CTPOTV.

Vista a moción presentada polo concelleiro delegado de Infraestructuras e manifestado o apoio polos voceiros dos grupos popular e nacionalista, facendo constancia da reiteración da solicitude que se fai, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Dirixirse á Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, solicitando se acometa urxentemente a mellora da estrada comarcal Betanzos-Mesón do Vento, tramo urbano formado pola rua Linares Rivas e Avda. Jesús García Naveira, según anteproxecto presentado polo Concello de Betanzos. 2º.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quén delegue, para cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin esta moción.

6.- MOCION DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE ACTUACIONS NA ESTACION DE BETANZOS-INFESTA.

Vista a moción presentada polo concelleiro delegado de Infraestructuras e manifestado o apoio polos voceiros dos grupos popular e nacionalista, facendo constancia da reiteración da solicitude que se fai, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Dirixirse á Renfe, Ministerio de Fomento (Dirección Xeral de Ferrocarris) e Xunta de Galicia (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda-Dirección Xeral de Transportes), solicitando se acometa a construcción dunha segunda pasarela peatonal sobre a estación do ferrocarril de Betanzos-Infesta, que comunique os lugares de A Fraga e O Tarreo. 2º.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quén delegue, para cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin esta proposta.

7.- PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE CREACION DA OFICINA DE REHABILITACION E AREA DE REABILITACION INTEGRADA.

Preséntase ó Pleno proposta da Alcaldía sobre a creación dunha oficina de rehabilitación e unha área de rehabilitación integrada, dentro das medidas en materia de vivenda e solo do Plano 2002-2005.

Polo sr. Doporto, coma voceiro do BNG., sinalase que non se acompañóu coa documentación enviada a memoria-programa a que se fai referencia na proposta, que por outro lado considera oportunista, en canto non se atendéu o que pediron os outros grupos con anterioridade confundindo as cousas con concursos de fachadas, asi como pouco definida, si ben calquera decisión debe apoiarse polo seu interese.

A sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta o seu apoio, pero tamén di estar dacordo co BNG., no carácter oportunista ainda que, engade, o que interesa é que as cousas se fagan, se ben o grupo socialista quere colgarse as medallas., xa que a proposta a fixo o seu grupo fai dous meses.

O sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do grupo socialista comenza a súa intervención pedindo mais traballo e participación nas Comisións informativas, agradece o voto favorable dos grupos, pero entende que hai razóns tècnicas e económicas que xustifican a actuación, en canto que para pedir algo ten que estar a normativa aprobada, o que se ten agora co plano de
vivenda 2002-2005, momento no que o Instituto Galego da Vivenda e Solo animóu ó Concello a presentarse, en canto se abren as liñas de axuda. Asemade indica o proceso

que se está a seguir nas axudas no casco histórico, tanto no avance do plano xeral, como nos programas que ten solicitado a Fundación Comarcal.

De novo o sr. Doporto, tras facer referencia a non entrar no xogo dos enfrentamentos que saen na prensa entre o Conselleiro Xaime Pita e o sr. Alcalde, no senso de que ó seu grupo ninguén pode acusarlle de paralizacións, indica que a oficina de rehabilitación pode ser de calquera xeito, pero e distinto a aprobar un plano de vivenda, xa que a oficina podería ter funcionado en calquera momento.

A sra. Faraldo, despois de pedir que non se cite os ausentes, insiste en que se trata dunha moción presentada xa tres veces, que podia acollerse as axudas en vigor no seu intre, ainda que agora e mellor pola captación de votos que dende ela podese facer. Fa referencia, respeto da atención ó Casco histórico, á via de escape que o equipo de goberno fixo para evita-la aplicación do Plano de Protección, barbaridade que ven de anula-lo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, e remata sinalando que a pesares de todo o seu voto será afirmativo.

O sr. Lagares, D. Antonio, incidindo sobre a sentencia, indica que máis que unha, son tres as sentencias e con certa disparidade, o que pode xustificar recurri-las mesmas. Pero o certo é que o que pretendéu o partido popular cós recursos, foi afogar económicamente a Betanzos, torpedeando ó equipo de goberno, o que vai ser coñecido pola opinión pública e vai xenerar costas millonarias. Doutra banda entende que a oficina ten o seu momento, que nalgúns concellos nos que se adiantóu foron un fracaso e que non se ataque os funcionarios de antemán calificandoos de electoreiros.

O sr. Doporto, quere aclarar que a súa referencia a Xaime Pita non levaba ningún menosprecio nin agravio, en tanto se limitaba a facer comentarios do que di a prensa, polo que non cree necesario retira-las verbas pronunciadas como o solicitaron os demais grupos.

Remata o Alcalde, agradecendo o voto, coas matizacións feitas, culpándose do alongamento das intervencións, e facendo mención de que agora pídese algo concreto para o Casco Histórico: unha area de rehabilitación, dándose datos de vivendas, etc., o que ven motivado por unha convocatoria concreta, sen que se deba entrar noutras consideracións políticas.

O pleno por unanimidade acorda: 1º.- Aproba-la memoria programa da area de habilitación de Betanzos, según estudio presentado polos técnicos municipales, solicitando da Xunta as axudas precisa dentro do plano de vivenda e solo 2002-2005. 2º.- Facultar ó Alcalde ou concelleiro en que delegue para dar todolos pasos necesarios para levar á práctica o presente acordo.

8.- PROPOSTA DE DENOMINACION DE RUAS.

Se da conta da proposta de denominación de distintas rúas, que ven dictaminada pola Comisión de nomenclator.

Polo sr. Doporto, voceiro do BNG., entende que o seu grupo sufríu un malentendido, en canto pensaba que da comisión xurdiría un debate, facendo referencia asemade o horario da
comisión como detalle formal, pedindo que de non xustificarse a premura o asunto quede pendente. Entende que quedan rúas sen nomear e non se tiveron en conta peticións doutros grupos políticos, polo que insiste que de no haber unha urxencia xustificada o tema debería quedar pendente. Ainda asi votarían afirmativamente.

Entende o sr. Alcalde, que non se ten en conta o procedemento sinalado, en canto a alcaldía pedíu e non recibíu propostas. Fixerónse dúas comisións. Polo que non se pode estar indefinidamente co tema, quedando outras rúas nas que se poden plantexar novas cuestións, para as que o grupo nacionalista debería presentar o seu informe.

De novo o s. Doporto asume o erro de non presentar propostas, insistindo en que creia que a comisión ia debati-lo asunto, desexando conste en acta que non quere facer do nomenclator unha arma política.

A sra. Faraldo, voceira do grupo popular, fala do porcentaxe de ruas ainda sen recepcionar, e non ten problema en dedica-lo tempo que sexa se se pretende alcanzar un acordo. Pon de manifesto que hai nomes que poden inducir a erro, coma o do Instituto, e outro dos que pregunta os criterios empregados coma o dos antigos alcaldes.

El Sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do Psoe, afonda no tema e indica a urxencia de Estatística. Considera que so existen duas propostas, a do BNG., e a do grupo socialista, baseada no banco de datos da alcaldía. Indica que o nomenclator nunca vai empregarse de xeito político e en canto os nomes de alcaldes utilizase o criterio de ser das epocas democráticas e ficar falecido.

O sr. Martinez Garcia, interveé en nome do grupo popular, pedindo disculpas por non asistir á segunda comisión, se ben nela actuouse coma se todo estivera pechado e feito, polo que pide que non se faga perde-lo tempo xa que non e maneira de traballar, declarando a mesma vocación por Betanzos que o voceiro do Psoe, pedindo participación.

De novo o sr. Lagares, D. Antonio, indica que o PP., non fixo propostas, e a súa postura non é de vencer senon de convencer coa dialéctica pedindo reciprocidade. Pide actuacións reais coas fundamentacións técnicas e políticas correspondentes.

Segue a discusión dos srs. Martinez e Lagares sobre o xeito de face-las propostas, insistindo o sr. Martinez no feito de sí ter feito proposta, a que non se consideróu, cun plantexamento universal.

Remata a discusión o sr. Alcalde, indicando que vai segui-los criterios xa sinalados anteriormente, pedindo se faga chegar á alcaldia outras propostas.

O Pleno por unanimidade, acorda aproba-las denominacións de rúas propostas, que son as seguintes: Paseo da Galera (da ponte do Carregal a ponte nova), Praza Pepito Arriola, (de nova urbanización entre Cal das Barras e Rollo), Rúa Salvador Cabeza de León (de nova urbanización na Uei-1) Rúa Imprenta Villuendas, (na estrada de Castela), Rúa Bartolomé Cosío, Rúa Manuel Roel e Rúa Xoan Vicente Viqueira, (de nova urbanización na Uei-5), Rúas Alcalde Victor Montoto, Javier Alvajar, Alcalde Victor Cancela, Alcalde Ramón Sanchez, Instituto Franscisco Aguiar, Irmáns Martinez Santiso, Alcalde José Novo e Avda. Juan Garcia Naveira, (todas elas na nova urbanizacion do Pasatempo).

9.- EXPEDIENTE 4/02 DE MODIFICACION DE CREDITOS O PRESUPOSTO DE 2002.

Dase conta o Pleno do expediente de modificación de creditos o presuposto deste exercicio, mediante transferencia de credito, para facer fronte a adquisición da lancha municipal, dentro do plano de turismo da Excma. Deputación Provincial.

Polo sr. Otero, voceiro do BNG., enténdese que mantendo a coherencia, o seu voto é negativo como o foi para á adquisición da lancha, por entender que habia outras prioridades.

A sra. Faraldo, voceira do grupo popular indica a abstención do seu grupo como é costume nos temas presupostarios.

O Pleno co voto a prol dos dez concelleiros do grupo socialista (sras. Sanchez Vazquez, Gomez Iglesias e Lopez Campos e srs. Lagares, Manuel e Antonio, Diaz Pereira, Carro Galeiras, García Vazquez, Beade Dopico y Vazquez Lorenzo) a abstención dos catro concelleiros presentes do grupo popular (sra Faraldo e srs. Carro Erias, Martinez García e Agraso), e o voto en contra dós dous concelleiros do BNG., (srs. Doporto e Otero) acorda: 1º.- Aprobar inicialmente o expedente 4/02 de modificación presupostaria, mediante transferencias de credito, según queda indicado no mesmo, por un importe de 28.757,87 E. 2º.- Que se continue a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado de non se presentar reclamación no periodo de exposición pública.

10.- PROPOSTA DE MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL NUM. 14.

Dase conta o pleno da proposta de modificación da ordenanza fiscal num. 14, no que respeta as taxas da escola infantil, para a súa adapatción a orde da Xunta de Galicia reguladora das mesmas e das axudas correspondentes.

Polo sr. Otero, voceiro do BNG se indica o voto afirmativo do seu grupo, o tratarse dunha adaptación.

A sra. Faraldo, coma voceira do grupo popular, tras algunhas aclaracións sobre as axudas para o mantemento da escola, anuncia a súa abstención como nos outros temas presupostarios.

O Pleno co voto a prol de doce concelleiros presentes do grupo socialista (sras. Sanchez Vazquez, Gomez Iglesias e Lopez Campos e srs. Lagares, Manuel e Antonio, Diaz Pereira, Carro Galeiras, García Vazquez, Beade Dopico y Vazquez Lorenzo, do grupo socialista, e srs. Doporto e Otero do grupo nacionalista) e a abstención dos catro concelleiros presentes do grupo popular (sra Faraldo e srs. Carro Erias, Martinez García e Agraso), o que supón a maioria absoluta do número legal de membros de esta Corporación acorda: 1º.- Aprobar inicialmente a modificación proposta da ordenanza fiscal num. 14 según queda indicado no expedente. 2º.- Que se continue a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado de non se presentar reclamación no periodo de exposición pública.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

O sr. Alcalde, antes de concede-la palabra os concelleiros, invitaos a todolos actos que terán lugar con motivo das festas de agosto. Aproveita asemade para facer partícipe a todolos grupos no próximo concurso para a adquisición da lancha municipal, co obxeto de obter
ofertas, mais económicas se cabe, e poder dispor de embarcacións durante este mes para facerlle probas.

Xa no turno de rogos e preguntas realizanse as seguintes:

Pola sra. Faraldo, do grupo popular:

-- Presenta as queixas pola limpeza do solo nos soportais, pedindo haxa acordo coas cafeterias da zona.

-- Solicita do voceiro do grupo socialista non terxiverse os seus argumentos, manifestando o respeto e a admiración polos técnicos muncipais, polo que pide non volva a acusala de estar en contra deles, xa que lles ten o maior respeto.

-- Solicita asemesmo que o voceiro do grupo socialista teña consideración cos seus compañeiros.

Polo sr Doporto:

-- En relación as ofertas sobre a lancha, indica que él limitóuse a ser mero transmisor e asi o vai seguir sendo.

-- Solicita a reunión de Comisión de urbanismo, no que se presente un informe xeral de todolas sentencias que houbo e outros asuntos.

-- Pide a retirada dos vehiculos abandonados nas rúas.

-- Sinala que non existen contenedores de recollida do lixo separativos, na praza do Concello.

-- Fai indicación a necesidade dun informe xurídico sobre a propiedade dos xuncais, para un posicionamento do pleno.

E non habendo mais asuntos que tratar, o sr. Presidente da por rematada a sesión, sendo as vintedúas horas corenta e cinco minutos, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE AGOSTO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Andrés Otero Botana.

Non asisten:

D. Xosé Isidro Doporto Santos (con desculpa).
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. Interventora acctal.:

Dª Elena Encinas Pena.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do venres día trinta de agosto de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día trinta e un de xullo pasado.

2.- DAR CONTA DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO DO 2001 E OUTROS ASUNTOS.

* Dase conta de resolución da Alcaldía do 19-08-2002 pola que se presta aprobación á liquidación do presuposto do exercicio 2001 co seguinte resumo:

1.- Resultado presupostario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	1.049.792.070,- pts (6.309.377,41 E)
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	1.007.812.443,- pts (6.057.074,77 E)
RESULTADO PRESUPOSTARIO	41.979.627,- pts (252.302,64 E)
-DESVIACIÓNS POSITIVAS DE FINANCIACIÓN	100.054.589,- pts (601.340,19 E)
+DESVIACIÓNS NEGATIVAS DE FINANCIACIÓN	19.717.077,- pts (118.502,02 E)
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	-38.357.885,- pts (230.535,53 E)

2.- O remanente líquido de tesourería total ascende a 45.246.389,- pts (271.936,27 E), tendo en conta que o remanente líquido de tesourería para gastos con financiación afectada é de 110.613.730 pts (664.801,91 E), o remanente líquido de tesourería para gastos xerais é de -65.367.341 pts (-392.865,63 E).

* Así mesmo, dase conta dos seguintes escritos, enviados por:

- Subdelegación do Goberno na Coruña, en resposta a comunicación de acordo adoptado polo Pleno desta Corporación Municipal en sesión do 30 de maio, relacionado cunha moción do Partido Popular solicitando que a Xefatura Provincial de Tráfico elabore un informe no que se avalíe de forma completa a situación da seguridade vial nas estradas que discorren por este municipio, indica que iso non é competencia da devandita Xefatura de Tráfico, senon do titular da vía, que no referido ás estradas nacionais é a Administración Xeral do Estado, debéndose concreta-lo tipo de actuacións que se pretenden co fin de somete-la proposta á Demarcación de Estradas.

- D. Jesús Manteiga Suárez, desde Bosnia-Herzegovina, Campamento Bumir, Sarajevo, destacamento "Garda Civil", agradecendo que se lle enviase o programa das festas de San Roque, e desexando que estas festas e os Caneiros foran un éxito.

- Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Exteriores, xustificando recepción de certificación de acordo adoptado polo Pleno desta Corporación Municipal relacionado co conflicto de Oriente Medio.

- Servicio de Conservación da Natureza da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, en resposta a escrito deste Concedllo, achega copia dos planos dos PLIC "Betanzos-Mandeo" e "Encoro de Abegondo Cecebre", propostos para a súa inclusión na Rede Natura 2000.

3.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE O PLAN DE COORDINACIÓN DE ASUNTOS SOCIAIS E ENCOMENDA Ó CONSORCIO "AS MARIÑAS".

Preséntase a consideración do Pleno proposta sobre aprobación do Plan de Coordinación de Servicios Sociais e encomenda ó Consorcio "As Mariñas", que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Adherirse ó Plan de Coordinación de Servicios Sociais, e encomenda-la xestión do mesmo ó Consorcio As Mariñas, facultando a tal fin ó Sr. Alcalde para a adopción das medidas que considere ó bo fin deste acordo, así como ó nomeamento dos representantes nos órganos de xestión política ou administrativa que se consideren dentro do citado plan.

4.- ESCRITO DE GAS GALICIA, SDG, SA.

Dase conta ó Pleno de escrito de Gas Galicia.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, indica a súa postura negativa, por entender que os terreos non son os máis axeitados, en canto existen urbanizacións cercanas e os veciños manifféstanse fartos por canto tales terreos serven para todo, botando así mesmo en falta un estudio de impacto ambiental.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia a abstención do seu grupo, considerando que a postura do BNG non vai moi descamiñada, en canto a zona é de crecemento e esta instalación supón unha hipoteca ó mesmo. Entende que se podería dispoñer doutros terreos e que o estudio do tema debería expoñerse no plan xeral.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que é a mesma ubicación para a que o Pleno xa tiña adoptado acordo con Repsol neste senso. Insiste no carácter provisional e que o único que cambia é que agora o titular é Gas Galicia. Está de acordo coa necesidade de que a súa ubicación se faga a través do planeamento, pero reitera o carácter provisional da medida.

- Seguen outras intervencións no mesmo senso, insistindo o Sr. Carro Erias, voceiro do PP, sobre que a temporalidade será para sempre.

- Tamén o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste no carácter provisional, indicándolle ó representante do BNG que no caso anterior o seu grupo votou a favor e respecto ó estudio ambiental será algo que haberá que pedir no seu momento.

- Remata o Sr. Alcalde, indicando que a concesión do gas provén dun decreto da Xunta no que se adxudicou a Repsol-Butano, con posible subrogación a Gas Galicia, proceso que espera se conrole pola Xunta, que é a quen corresponde. Indica tamén que a solicitude de Gas Galicia rebaixa considerablemente os prazos que sinalaba Repsol, sendo o máis importante que se faga a gasificación.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López), o voto en contra do concelleiro presente do grupo nacionalista (Sr.: Otero) e a abstención dos outros 4 concelleiros presentes do PP (Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: Autoriza-la cesión dos terreos de aproximadamente 60x60 metros, situados na zona de Bellavista, a Gas Galicia SDG SA, para a ubicación dunha planta de gas natural licuado que estaría operativa de forma temporal ata a conexión da rede de gas natural do municipio co gasoducto principal, nos prazos e usos indicados no seu escrito, f acultando ó Sr. Alcalde para establece-las relacións contractuais que se consideren en tal senso e a adopción das medidas adecuadas ó bo fin do acordo.

5.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE RECURSO PRESENTADO ANTE A CONSELLERÍA DE CULTURA.

Dase conta ó Pleno de resolución do conselleiro de cultura, comunicación social e turismo, do 26 de xullo de 2002 relativa ó recurso de alzada interposto por este Concello contra outra anterior da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural referente ó depósito dun ara romana atopada no adro da capela de Santa Baia (Monfero). Vén dictaminado pola Comisión Informativa, constando informe no seu día sobre o exercicio de accións acordadas xa con anterioridade polo Pleno en sesión do pasado 30 de maio.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, ratifícase en que hai que solicita-la devolución da peza ó museo das Mariñas.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, indica a abstención do seu grupo.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que hai que defende-lo museo como cabeceira de comarca que é Betanzos, co que supón evita-lo depósito da "ara" nun lugar alleo, a través dos recursos axeitados neste caso o contencioso-administrativo.

- O Sr. Alcade entende que hai que refrenda-las iniciativas que centralicen os signos de fortalecemento das institucións culturais de Betanzos.

- Cede unha nova quenda de palabra ó Sr. Martinez (voceiro do PP), quen entende que o recurso está fora de contexto, xa que sería como reclamar á UNESCO a devolución dos frontispicios da acrópolis de Atenas.

- Entende o Sr. Alcalde que o debate é sobre Betanzos e dos seus intereses e se ten algunha outra proposta que realizar que a faga na próxima sesión.

O Pleno, co voto a favor de once concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; e 1 do grupo nacionalista, Sr.: Otero) e a abstención dos outros 4 concelleiros presentes (do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: o exercicio das accións que correspondan, neste caso mediante a presentación do oportuno recurso contencioso-administrativo contra resolución do conselleiro de cultura, comunicación social e turismo, do 26 de xullo de 2002 relativa ó recurso de alzada interposto por este Concello contra outra anterior da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural referente ó depósito dun ara romana atopada no adro da capela de Santa Baia (Monfero), facultando ó Sr. Alcalde para a adopción das medidas que se consideren oportunas ó respecto.

6.- RECURSO DE REPOSICIÓN DE SERVIOCIO CONTRA A ADXUDICACIÓN DAS INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Dase conta de recurso de reposición presentado por D. Agustín Martínez Rodríguez en representación da empresa Serviocio, Cultura, Deporte y Recreación SL contra acordo plenario de 27-06-2002 polo que se adxudica o concurso convocado para a xestión do servicio público de instalacións e actividades deportivas, acompaña informe da asesoría xurídica e alegacións do contratista. Conta, así mesmo, co dictame da Comisión Informativa.

Tendo en conta o informe emitido, no que se pon de manifesto: que Serviocio recorre o acordo plenario de 27-06-2002 de adxudicación do servicio público de instalacións e actividades deportivas a Aquagest, Promoción Técnica y Financiera SA, por entender que a adxudicataria non ten capacidade de obrar ó non figurar no seu obxecto social a actividade da xestión do servicio público adxudicado; que aparentemente se está

a confundir, por parte da recorrente, conceptos xurídicos diferentes como son, por unha parte a capacidade de obrar das persoas xurídicas e por outra, o obxecto social das mesmas, que han de figurar nas súas escrituras fundacionais ou de modificación e inscritas nos correspondentes rexistros oficiais (Rexistro Mercantil no caso concreto que nos ocupa); que a adxudicataria do concurso acreditou, na forma estaecida no art 15.2 do RD Lex. 2/2000 de 16 de xuño, a súa capacidade de obrar, tal e como consta no expediente administrativo; que estamos ante un contrato de xestión de servicios públicos, regulado pormenorizadamento no Título II do Libro II (arts. 154 e ss.) do citado RD Lex. 2/2000, non ante un contrato de servicios, consultoría e asistencia, como parece entende-la recorrente, e os seus preceptos foron respectados e acatados escrupulosamente no caso que nos ocupa; que se examinamos o obxecto social da adxudicataria do concurso, vemos que no mesmo está a xestión de servicios públicos como o que foi obxecto do concurso. O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 5 concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 1 do grupo nacionalista, Sr.: Otero), acorda: Desestima-lo recurso presentado.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE NA UEI-3.

Preséntase ó Pleno, para a súa aprobación definitiva, estudio de detalle na unidade de execución nº 3, aprobado provisionalmente pola Comisión de Goberno o 14 de maio de 2002.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, manifesta a súa postura de abstención, xa que no estando de acordo coa política urbanística que se segue, non quere entorpece-la mesma.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, mantén semellante postura, se ben quere matiza-lo erro ó seu xuizo de dividir esta unidade en dúas partes, o que dá como consecuencia que parte da rúa Castelao non se poida executar, o que dá lugar a situacións penosas que espera se corrixan no próximo plan. Así mesmo quere matiza-la existencia de contradiccións no plano respecto á ocupación da rúa.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, explica que o urbanismo se desenvolve a través de diversos sistemas e polígonos, sectores ou unidades. En canto ó vial de referencia é de dezaoito metros con parte que se atribúe a outra unidade. Pola súa banda, entende que nos planos aparece perfectamente a delimitación da zona.

- De novo o Sr. Carro Erias, voceiro do PP, sinala que as delimitacións hainas que facer con lóxica, non podéndose supeditar un vial de dezaoito metros a unha zona de solo apto para urbanizar que se vai desenvolver no futuro, insitindo en que hai un plano ocupando só unha parte do vial.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste en que as actuacións se van facendo por fases, como é o caso desta rúa á que se está a facer referencia, que ata hai pouco nin existía e outras que non tiñan nin saída e fóronse resolvendo.

Entendendo o asunto suficientemente debatido, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 5 concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 1 do grupo nacionalista, Sr.: Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da corporación, acorda: Aprobar definitivamente o estudio de detalle da unidade

de execución nº 3, polígono 2, a instancia de D. Jesús Ángel Cadaveira e outros, consonte o proxecto realizado polo arquitecto D. José M. Vilariño García.

8.- PROPOSTA-CONVENIO URBANÍSTICO PARA A EXECUCIÓN DA UEI-8.

Dase conta de proposta de convenio urbanístico para a execución da UEI-8 das Normas Subsidiarias, a instancia de D. Manuel Porto Dapena en representación de Promociones MPD Betanzos SL. Constan informes e dictame da Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica a súa abstención, mantendo os mesmos criterios que en ocasións anteriores.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, indica tamén a súa postura de abstención preguntando tamén se o local ó que se fai referencia vai estar acondicionado, o que é contestado afirmativamente, en canto é o que xa se vén utilizando, engadindo o Sr. Carro Erias que está de acordo con obter patrimonio para o Concello.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros 5 concelleiros presentes (4 do PP, Sres.: Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 1 do grupo nacionalista, Sr.: Otero), acorda: 1º.- Patrimonializa-lo aproveitamento urbanístico das cesións obrigatorias da UEI-8 das Normas Subsidiarias do Planeamento, así como o aproveitamento urbanístico do subsolo, que se concretará no estudio de detalle, para uso de aparcamento, aprobando para iso as valoracións do informe técnico, que ascenden na súa totalidade a 63.790,06 E. 2º.- Admitir, en concepto de pagamento do anterior, a permutado inmoble ofertado: un baixo na r/ Saavedra Meneses 50, do que se aporta escritura, se ben consta o mesmo baixo a carga dunha hipoteca, comprometéndose o interesado a entregala libre de cargas e gravames a 2 de xaneiro de 2003, ó prazo sinalado, maila diferencia que será aboada en metálico. 2º.- Facultar á Alcaldía para subscribi-lo oportuno convenio urbanístico co interesado, segundo o modelo proposto ó que se incorporan as determinacións indicadas nos informes emitidos.

9.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO NO MANDEO.

Dase conta de moción do delegado de infraestructuras sobre aproveitamento hidroeléctrico no rio Mandeo. Vén dictaminada pola Comisión Informativa.

Auséntase da sala a Sra. Romay

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica o apoio á moción, sinalando que os estudios de impacto dan uns resultados ou outros segundo quen o faga, polo que insiste na necesidade de facer un seguemento da construcción das minicentrais.

- Tamén o Sr. Carro Erias, voceiro do PP, anuncia o seu voto favorable.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, agradece o voto e aclara que o que se pretende é ve-lo conxunto das actuacións, sobre todo polo seu efecto na zona da Ribeira, con prexuízo das inundacións, engadindo que neste caso parece que os organismos corren a da-las licencias.

O Pleno, co voto favorable dos catorce concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López; 3 do PP, Sres.: Carro Erias, Martínez, Agraso, e 1 do grupo nacionalista, Sr.: Otero) e a abstención da Sra. Romay por terse ausentado, acorda: 1.- Dirixirse ó organismo autónomo Augas de Galicia, dependente da Xunta de Galicia,

amosando novamento a preocupación da Corporación Municipal de Betanzos polas sucesivas instalacións de aproveitamentos hidroeléctricos que se veñen autorizando nos rios Mendo e Mandeo, solicitando urxentemente que se realice un estudio das consecuencias destas instalacións, tanto para pescadores, visitantes, etc., como para os lugares do concello de Betanzos, que de cotío se ven devastados por inundacións. 2.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin este acordo.

Trala votación o Sr. Alcalde indica que parece ser certo, e en tal senso pediu que se comprobara, que a minicentral da que o proxecto está exposto ó público, é a que se está construindo, o que de ser certo supoñería unha tomadura de pelo a tódolos veciños. Queda de informar ó Sres. voceiros do que haxa.

10.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS PARA SUBSTITUCIÓN DE TECNOLOXÍA TELEFÓNICA.

Incorpórase a Sra. Romay.

Dase conta de moción do delegado de infraestructuras relacionada con substitución de tecnoloxía telefónica, que conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, apoia a moción e indica que hai dous anos que o seu grpo presentou outra neste sentido, pedindo que agora se acelere o proceso.

- O Sr. Carre Erias, voceiro do grupo popular, pola súa banda, tras indicar tamén o seu apoio, sinala que existen zonas do casco histórico con problemas de cobertura.

- O Sr. García, voceiro do grupo socialista, agradece o apoio á moción, indicando as xestións que a este efecto xa se veñen realizando.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Dirixirse ó Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Telefónica Nacional de España SA urxindo a substitución dos teléfonos básicos, instalados no concello de Betanzos mediante o sistema vía radio, polo sistema de cable ou outra tecnoloxía que permita a estes usuarios o acceso á rede, en igualdade de condcións qu o resto de usuarios. 2.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantas xestións sexan necesarias para leva a bo fin este acordo.

11.- MOCIÓN DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE LIMPEZA NAS ESTRADAS NACIONAIS.

Dase conta de moción do delegado de infraestructuras relacionada con limpeza nas estradas nacionais. Vén dictaminadada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que é penoso que haxa que lembrar a outras administracións o cumprimento das súas obrigas.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, pola súa banda, indica que se deberían incluí-las propias do Concello.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica as xestións infructuosas que sobre este asunto se veñen facendo, sendo este ano malo para este tema e o que é peor, que as outras administracións dirixen ós veciños cara ó Concello para algo que é da súa competencia.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Dirixirse ó Ministerio de Fomento (Demarcación de Estradas do Estado en Galicia), solicitando se acometa un plan de limpeza de maleza nos taludes da variante da N-VI, a propia N-VI en zonas da Angustia e Talai, e a autovía ó seu paso pola Sancia-Montellos e outros lugares na parroquia de

Piadela. 2.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin este acordo.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

- O voceiro do grupo socialista dá conta de moción conxunta consonte dictame da Comisión Informativa, sobre a continuidade da estación de ferrocarril de Betanzos, poñéndose de manifesto a importancia do transporte ferroviario.

A indicación do Sr. Alcalde procédese á votación e o Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda incluí-la moción na orde do día.

- Xa no debate do asunto, o Sr. Otero, voceiro do BNG, entende que é unha xusta aspiración o obter comunicacións rápidas, sendo misión do Concello traballar por iso.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, manifesta o apoio do seu grupo, indicando que se deben usar tódolos medios posibles.

- O Sr. Alcalde pón de manifesto a unanimidade nun tema que considera fundamental tanto na historia como no futuro de Betanzos. Indica que xa fixo xestións ante o Ministerio e Renfe, polas condicións que figuran nas declaracións, para saber con exactitude o que se vai producir.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Pedi-la continuidade da estación de FFCC de Betanzos Cidade e Infesta, para mantela en servicio, así como o persoal no cadro. 2.- Proceder a súa modernización, dándolle dinamismo dentro da área metropolitana da Coruña. 3.- Dirixirse ó Ministerio de Fomento, Xunta e Renfe. 4.- Facultar ó Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue para levar a bo fin este acordo.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de iniciar esta punto abandona asesión a Sra. Romay.

O Sr. Alcalde invita a presentar iniciativas presupostarias e sobre as ordenanzas fiscais con vistas ó próximo exercicio.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Otero, do grupo municipal do BNG:

- Solicitan que o Concello se dirixa á Xunta de Galicia preguntando polas causas de morte de peixes no rio Mandeo e solicitando a adopción de medidas.

- Solicitan que o Concello se dirixa á empresa adxudicataria para corrixi-la deficiente limpeza da rúa Cruz Verde.

- Solicitan que o Concello de dirixa a Retevisión preguntando polas causas que motivaron a tardanza na reparación da avería producida recentemente no repetidor de San Martiño.

Polo Sr. Carro Erias, do grupo municipal do PP:

- Se o concesionario da cafetería do Pasatiempo prestou algún servicio este verán.
- Solicita a limpeza do solo dos soportais e pza. García Irmáns.

Polo S. Martínez García, do grupo municipal do PP:

- Interésase polo importe das bolsas de educación deste ano.
- Solicita a limpeza da fonte de Picachá e que se dote dunha papeleira.
- Solicita que se recupere a placa conmemorativa a Vales Villamarín na casa do Marqués de Taboada.
- Tras considerar un acerto a recuperación do Rexemento Rexional, solicita a súa participación en eventos histórico-festivos.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. Interventora acctal.:

Dª Elena Encinas Pena.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do venres día vintesete de setembro de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan (o Sr. Martínez García incorpórase no punto quinto), reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día trinta de agosto pasado.

2.- DAR CONTA DE ESCRITO DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA.

Dase conta ó Pleno de escrito do presidente da Xunta de Galicia no que se pon de manifesto que está asegurada a continuidade nas súas funcións do Consulado General Argentino en Vigo e que desde a Xunta de Galicia manifestaron en todo momento ante as autoridades arxentinas o común interese de Galicia para mante-los estreitos contactos e relacións entre Argentina e Galicia, ás que contribúe ese consulado de xeito exemplar.

3.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE FESTAS LOCAIS.

Dase conta ó Pleno de proposta sobre designación de festas locais para o ano 2002; está informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º) Sinalar como festas locais para o ano 2003 o martes de Carnaval e o 16 de agosto. 2º) Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar toda clase de trámites relacionados co acordo adoptado.

4.- DAR CONTA DE PROXECTO: GASODUCTO MUGARDOS-SABON.

Preséntase ó Pleno, para coñecemento, o proxecto "gasoducto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón (A Coruña)" ó obxecto de avaliación de impacto ambiental.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que os servicios técnicos fagan as correspondentes análises, o que se lle indica se está iniciando.

O Pleno acorda darse por enterado ó obxecto de inicia-lo prazo de 30 días para a presentación de alegacións, desde o punto de vista ambiental, do proxecto "gasoducto Mugardos-Betanzos-Abegondo-Sabón (A Coruña)".

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE NO PASEO DA GALERA.

Dase conta de proposta de aprobación definitiva de estudio de detalle no Paseo da Galera, que vén informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia a abstención do seu grupo ó igual que nos demais asuntos de urbanismo xa que non se tiveron en conta outros posicionamentos, dando lugar a un urbanismo que da lugar, por exemplo, á conflictividade e a procedementos xudiciais, que non é correcto senon pernicioso e polémico.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, centrando a responsabilidade urbanística no Alcalde e no concelleiro delegado, inquíreos sobre a inseguridade xurídica que están a crear, o que non se dá en ningún municipio, facendo referencia a diversas irregularidades noutras unidades de execución e preguntándolles se "dormen tranquilos" e se son conscientes do que é vivir dun soldo, pola xente que non pode escritura-las súas vivendas nin hipotecalas. Culpa da situación á que se chegou ó goberno municipal, consecuencia ó seu xuízo de que non existen normas claras, ocultándose toda a información, actuándose por "dedocracia", creando problemas entre constructores que se senten agraviados, o que leva a que abandonen Betanzos. Sinala que o Partido Popular non presentou ningunha denuncia, anque o grupo de goberno segue a face-lo que lle dá a gana, dándolle as voltas que lle dea a gana. Neste caso o seu grupo vaise abster para que os veciños poidan escriturar, pero quere poñer de manifesto a chapuza contínua na que se move o urbanismo, como castelo de naipes que está empezando a caer, insistindo na responsabilidade persoal anteriormente citada.

Neste momento incorpórase á sesión o Sr. Martínez García.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, comeza sinalando que non se oculta nada, xa que neste caso os interesados foron informados directamente da situación. Considera a exposición da voceira do PP froito da demagoxia, significándolle que non necesitan os votos do seu grupo para resolverlle o problema ós veciños, que están defendidos. Indica que o PP denunciou as normas subsidiarias e o convenio que ampara a actuación que hoxe se pretende aprobar. Entende que é o PP quen pretende facer "unha cidade sen lei", anque o pobo non lles deu a razón nin tampouco os xuíces. Remata sinalando que fala en representación de tódolos compañeiros do seu grupo, que é quen vai conceder esta licencia.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, intervén de novo indicando que lle gustaría ve-la postura dos partidos se estiveran presentes outros veciños prexudicados por esta actuación. Entende que o grupo socialista é o responsable e ten que resolver un problema que vén da mala calidade do urbanismo, ó que se deixaron flocos que permiten estas situacións, porque non se fixo un urbanismo como elemento de interese social. Non só denuncia a mala xestión política, senon que neste caso constrúese sen licencia e sen que se actúe ó respecto, con consentemento, pretendéndose solucionar agora. Considera a súa postura valente, coa súa abstención en tanto non comparten o urbanismo que se practica.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, incide en que se vai resolver un problema creado polo propio goberno. Cando os veciños protestaron, a licencia quedou en suspenso, pero non se paralizou a obra, deixouse continuar, a sabendas de que non cumpría, o que está demostrado con papeis. Explica que o PP recorreu as NNSS porque non se adaptaban e estaban mal, consecuencia do cal se suprimiron dezaoito liñas do texto das devanditas NN.SS. que son o miolo da cuestión, sen esquece-los prexuízos ocasionados a Betanzos e os danos psicolóxicos que se crearon a moitos veciños.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que no punto se vai debater un estudio de detalle no paseo da Galera, pero aínda así explica os feitos acaecidos: que nas NNSS se aprobou un convenio, que posteriormente se viu afectado pola liña de costas, pretendéndose cumpri-lo acordado, como sempre fixo o grupo de goberno cos seus compromisos, o que se realiza agora co documento adecuado que é un estudio de detalle, que ordea os volumes, o cal indica que xa o explicou pero que parece que segue sen entenderse. Polo cal sinala que non se deu ningunha licencia irregular, o cal é falso. Respecto á actuación do PP, indica que non se presentou ningunh alternativa, só se pretendeu para-las normas, polo que non se está en defensa dos veciños senon atacando os seus intereses, o que non van conseguir.

- Remata o Sr. Alcalde o debate, sinalando que as licencias non as dá ningún concelleiro, senon a Comisión de Goberno cos correspondentes informes, entendendo que é fácil incidir no urbanismo como problema, anque o importante considera que sería facer aportacións en positivo, o que espera se dea no plan en redacción.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros (5 do grupo populalr, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: Aprobar definitivamente o estudio de

detalle do solar situado no Paseo da Galera no cruzamento coa rúa do Carregal, para adaptación do convenio núm. 2 das NN.SS. do planeamento, debéndose proceder á correspondente publicación.

En explicación de voto, a Sra. Faraldo felicita ó Sr. Lagares (D. Antonio) pola súa habilidade política para introducir cuestións distintas na súa segunda intervención que non dá lugar a contrarréplica, co que quedan sen poder contestar, como é a cuestión de Costas que xa existía con anterioridade, indicándolle o Sr. Alcalde que se limite a aclara-lo seu voto se así o desexa, pero non a introducir novos debates.

6.- PROPOSTA DE APROBACION DEFINITIVA DE PLAN PARCIAL DO SAUI-5 DE PIADELA.

Dase conta ó Pleno de proposta de aprobación definitiva de plan parcial do SAUI-5 de Piadela, que vén informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica a abstención do seu grupo, como nas demais actuacións de urbanismo.

Vista a tramitación do documento, así como os informes emitidos despois do preceptivo e vencellante da Consellería de data 10 de xullo, o Pleno, co voto a favor de quince dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 5 do PP Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), e a abstención dos outros dous concelleiros (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aprobar definitivamente o plan parcial do SAUI-5 de Piadela, redactado polo enxeñeiro de camiños D. José Manuel Moure Vieites e os arquitectos Dª Alejandra Fernández-Gago Longueira e D. Alfredo Olañeta Rebolleda. 2º.- Proceder á súa publicación regulamentaria e demais trámites necesarios para a súa vixencia.

7.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA CON INFORMACIÓN PÚBLICA DA CALIDADE DAS AUGAS DAS FONTES DO TERMO MUNICIPAL.

Dase conta ó Pleno de moción do PP relacionada con información pública da calidade das augas das fontes do termo municipal, que vén informada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que os criterios deberían ter en conta que unha fonte potable non necesita anuncialo e, por outra banda, a emisión de bandos periódicos pode ser temeroso.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, entende que a idea xeral é que as augas das fontes non poden beberse, por iso entende que debería anunciarse o contrario; así mesmo a análise periódica é conveniente xa que poden darse prohibicións para outros usos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que a análise periódica vén facédose por Aquagest e a farmacéutica titular e incidirase neso.

- Tamén o Sr. Alcalde indica que se insistirá ante Sanidade na toma de análises, como cré que se vén facendo pola Consellería competente.

O Pleno, por unanimidade, acorda: que a Alcaldía-Presidencia tome as medidas necesarias para informar ós veciños sobre a calidade das augas das fontes públicas do municipio.

8.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA CON CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS PARA XOVES NO CASCO HISTÓRICO.

Dase conta de moción do PP relacionada con construcción de vivendas para xoves no casco histórico, que vén dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, súmase á petición, que xa solicitou o seu grupo haberá máis de dous anos, non tendo naquel momento o apoio do PP, incluíndoa nas actuacións do casco histórico.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, non lembra ter votado en contra e considera oportuno que se inclúa coas demais peticións para o casco histórico.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Que se elabore un completo estudio para propoñer ó Instituto Galego da Vivenda e Solo a construcción de vivendas para xoves no municipio de Betanzos, no casco histórico.

9.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA COA POTENCIACIÓN DA RECREACIÓN DO REXEMENTO PROVINCIAL.

Dase conta de moción do PP relacionada coa potenciación da recreación do Rexemento Provincial, que vén dictaminada pola Comisión de Programación.

- O Sr. Martínez García, voceiro do PP, incide na explicación da moción, ante a necesidade de poñer en valor os elementos que acompaña esta época histórica: a tolerancia, a liberdade, etc., sen prexuízo doutros aspectos como os turísticos e os históricos sobre os que se estende, insistindo en que non se perda de vista o afondamento en todos estes valores, que aportou a revolución francesa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, fai referencia ó temor que parece existir na recuperación do pasado, referíndose a recupera-la propia orixe como é a nosa propia lingua. Apoia a moción anque non pode apoiar a algunhas persoas que están detrás e que non saben estar no sitio e cargos que lle corresponden, e que representan a tódolos betanceiros.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, afirma que por fin se defende o provincialismo a pesar de criticarse tal postura nos xornais, polo que dá a súa noraboa ó grupo popular. En relación á historia hai que saber distinguir en canto que na revolución francesa xurdiron os xacobinos, os imperialistas, etc. Pasa a narra-la historia do rexemento que se recuperou no ano 93, gracias ós esforzos do concelleiro de cultura e outros betanceiros e que xa participou en actividades fóra, incluso, da nosa Comunidade Autónoma.

- De novo o Sr. Martínez García, voceiro do grupo popular, tras considerarse fracasado, sinala que non pretende usurpar méritos nin non recoñecelos.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, sinala a súa postura favorable, pedindo recupera-la historia con fidelidade, sobre todo cando se recuperan feitos, non valores, facendo referencia á declaración do Sr. Alcalde sobre a provincia de Betanzos, "sen menoscaba-la provincia da Coruña", tal vez para non enfadar a outros.

- Remata o Sr. Alcalde, quen fai referencia a que na moción non se quere incidir no tema da provincia e indicando ó voceiro do BNG que tales palabras xa constan nos escritos de Castelao.

O Pleno, por unanimidade, acorda: que a Alcaldía-Presidencia adopte as medidas que crea oportunas para potencia-lo estudio, promoción e todos cantos aspectos poidan mellorar, promociona-la recreación do Rexemento Provincial de Betanzos e das persoas que tan dignamente desenvolveron este papel durante os últimos anos.

10.- MOCIÓN DO BNG RELACIONADA CON COLECTORES SEPARATIVOS NAS RUAS COMERCIAIS.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, dá conta de moción do seu grupo relacionada con colectores separativos nas rúas comerciais, indicando que vén

enlazada cun rogo que xa se fixo noutro Pleno, entendendo que se ben na zona rural vén funcionando, non así no casco urbano, por falta de colectores separativos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que se está sobre o tema e se insiste ante consorcio a cobertura necesaria, manifestando o acordo coa petición.

O Pleno, por unanimidade, acorda: completa-la colocación de colectores separativos nas rúas comerciais da nosa cidade nova e casco histórico.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda declara-la urxencia e aproba-la inclusión na orde do día do asunto: PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE PROXECTOS EN COLABORACIÓN 2002-2003.

- Dada conta polo Sr. Díaz Pereira, concelleiro delegado de cultura, da "convocatoria de proxectos en colaboración 2002-2003" organizada pola Fundación "Pedro Barrié de la Maza" o Pleno, tendo en conta que dentro da devandita convocatoria pode incluirse o Museo das Mariñas, de titularidade municipal, por unanimidade, acorda: 1.- Participar na convocatoria citada co proxecto: "a imaxe do cabaleiro medieval galego". 2.- Facultar ó Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, a instancia do Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, acorda declara-la urxencia e aproba-la inclusión na orde do día do asunto: MEDIDAS A ADOPTAR SOBRE MINICENTRAL DE GOMIL.

- Comeza o Sr. Alcalde, indicando que se comprobou que tódalas actuacións se viñeron realizando cando o expediente aínda estaba en exposición pública.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista entende que é un aspecto que afecta ó patrimonio común de Betanzos e que procede dar conta ó fiscal, para que actúe e sirva de exemplo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a súa abstención por canto se descoñece o proceso.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, felicita ó BNG pola iniciativa, sinalando o voto a favor do seu grupo.

- Indica o Sr. Alcalde que se aporte o maior número de datos a través da asesoría xurídica.

O Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros 5 concelleiros (do PP Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda: Que o Concello de Betanzos dea parte ó fiscal da incidencia da minicentral en construcción no lugar de Gomil na morte de diversas especies da flora e fauna, ou en caso de estar abertas xa dilixencias se persoe como parte nelas.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Dase contestación ás preguntas realizadas no anterior Pleno (30-agosto-2002).

Polo grupo municipal do PP:

Primeira.- O concesionario da cafetería do Pasatiempo non a mantivo aberta ó público este verán.

Segunda.- As bolsas de educación correspondentes ó ano 2002 poderá comprobalas na súa integridade na liquidación presupostaria que se presentará unha vez rematado o exercicio.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Pola Sra. Faraldo, do grupo municipal do PP:

- Roga que se subsane a existencia de mecanismos dos semáforos no medio das beirarrúas da estrada de Castela.

- Solicita que se estableza un dispositivo os domingos para o aparcamento de motos na praza García Irmáns, ante os inconvenientes cos xogos dos nenos e o paseo dos maiores.

Polo Sr. Doporto, do grupo municipal do BNG:

- Presenta o problema das beirarrúas que se están a facer na Volta do Codo e das rampas de acceso ás propiedades, pedindo se subsane.

- Pide que se analice o funcionamento do servicio da piscina ante as queixas polas listas de espera.

- Chama a atención pola premura na concesión dunha licencia de apertura na última Comisión de Goberno.

- Felicita ó novo director da emisora municipal. Felicitación á que tamén se suma a voceira do PP.

- Súmase á proposta do PP sobre dispositivo ó respecto das motos, pedindo ó concelleiro de tráfico que se coloquen elementos separativos, indicando tamén que no seu momento se pedirán aparcamentos para motos e bicicletas. Neste rogo sinala o Sr. Alcalde que debe pasar á Comisión de Tráfico.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e cincuenta e cinco minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

D. José Ramón García Vázquez.

Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.

D. Andrés Beade Dopico.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sra. Interventora acctal.:
Dª Elena Encinas Pena.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do xoves día trinta e un de outubro de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vintesete de setembro pasado.

2.- MOCIÓN DO BNG RELACIONADA CON MÁXIMA DIFUSIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS A ENTIDADES.

Dase conta ó Pleno de moción do BNG relacionada con facilita-la máxima difusión pública e transparencia informativa ás axudas económicas e subvencións outorgadas por este Concello ás entidades asociativas con domicilio social no municipio, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, insiste en que, transmitindo un rogo dalgunhas asociacións, é necesario dar unha maior información e difusión ás subvencións que se outorgan.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, considera que as axudas deben de rexerse por convocatorias, con prazos e bases iguais para todos, como se fai en tódolos organismos, non como no caso do Concello, que é de total descoñecemento, xurdindo unha sensación de que se mendiga, que non está de acordo cos tempos actuais.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, fai referencia en primeiro lugar ó rexistro de asociacións, en base ó que oficialmente se conceden as subvencións, pedindo concreción sobre as asociacións que se consideren discriminadas. Indica a existencia de convocatoria e unhas bases que son públicas co presuposto, e que as asociacións non veñen en absoluto a mendigar senon a colaborar, como na recente xuntanza sobre o Nadal. Remata sinalando que se trata a todos con igualdade, que hai claridade nas actuacións e que se o que se quere é unha nova regulamentación, que se propoña.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, quere facer constar que se limita a constatar que non é como se di, en canto as asociacións se queixan de non recibir información, pedindo máis celo e vixilancia.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica respecto ó catálogo de asociacións, que non funciona ben, faltan cousas e algunhas asociacións viñéronse incluir e non están. Insiste na discriminación e na posibilidade de publica-las axudas que se concedan, así como en que hai asociacións que non reclaman por temor ás represalias.

- De novo o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, para lamentar que non se propoña nada novo, así mesmo que se utilicen termos como "represalia" que pediría se retirara.

- O Sr. Alcalde valora a proposta do BNG, parecéndolle correcto que se corrixa o que proceda, admitindo calquera mellora, considerando as demais afirmacións fóra de lugar.

O Pleno, por unanimidade, acorda transmitir copia do regulamento que rexe o proceso de concesión de subvencións e axudas á totalidade de entidades asociativas de Betanzos e na súa carecia crear dito regulamento.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, en explicación de voto, invitada a facelo, entende a invitación vacía de contido, queixándose de que non se recollan as súas intervencións completas nin todo o que di, como ó contrario se fai con outros concelleiros.

- O Sr. Alcalde entende que o secretario recolle extractadamente as intervencións, como é a súa obriga, coa que vén cumprindo coa profesionalidade de sempre.

3.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA COA MELLORA DOS SERVICIOS DO CEMITERIO MUNICIPAL.

Dase conta ó Pleno de moción do PP para a mellora dos servicios no cemiterio municipal, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, explica o que entende unha moción sinxela, motivada polas alturas dos nichos do cemiterio, para maior dignidade dos momentos dos enterros, que non considera que sexa custoso.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, apoia a moción como alquera outra mellora do sericio.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que se está a traballar neste tema, incluso téndose presupostos ó respecto, estando de acordo e solicitando se engada ó acordo a facultade ó Sr. Alcalde para as xestións oportunas.

O Pleno, por unanimidade, acorda que pola Alcaldía se tomen as medidas necesarias para dotar ó cemiterio municipal dun ascensor móbil para introduci-los cadaleitos nos nichos máis altos.

4.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA CON SINALIZACIÓN E ACCESOS DO PUNTO VERDE DE PIADELA.

Dase conta ó Pleno de moción do PP para que se complete a sinalización indicadora do punto verde en Piadela e se melloren os seus accesos, que vén informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, na presentación da moción, incide en que a pesar dos folletos indicativos, existe un descoñecemento da situación do punto verde, polo que considera oportuno incidir na información e mellor sinalización, así como na mellora dos accesos.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, apoia a moción en canto que calquera mellora lles parece oportuna.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, tras referirse ó avance que supuxo o punto verde, indica que a sinalización a vai realiza-lo Consorcio, cando estean todos en funcionamento, sendo o de Betanzos o único actualmente sinalizado e sobre o que se mandou con reiteración información a tódolos cidadáns. En canto á pavimentación do acceso, indica que o vial actual é provisional e depende do trazado definitivo do polígono industrial. En resumo, considera que os resultados son bos, que o punto verde de Betanzos funciona mellor que os outros instalados, sen prexuízo de que como todo é mellorable se vote a favor da moción.

O pleno, por unanimidade, acorda que se tomen as medidas necesarias para sinalizar e pavimentar convenientemente os accesos ó punto verde de Piadela.

5.- ESCRITO DA COMISIÓN DE CENTRO DE ESPECIALIZADA DO COMPLEXO HOSPITALARIO "JUAN CANALEJO" EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.

Dase conta ó Pleno de escrito da Comisión de Centro de Especializada do complexo hospitalario Juan Canalejo en defensa da sanidade pública, que vén informado pola Comisión de Programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica o voto favorable do seu grupo como a todo o que supoña defensa da sanidade pública, como outros principios básicos do estado de benestar.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica a adhesión do seu grupo a todo o que supoña defensa da sanidade pública, indicando que se alguén loitou por ela foi un betanceiro coñecido. Anque neste caso anuncia a súa abstención porque non sabe quen intervén no debate e non se explica que é o que se quere defender.

- O Sr. Lagares (D. Antonio),voceiro do grupo socialista, tras agradecer a tódolos betanceiros que se ocupan da sanidade, indica que na moción se propoñen seis puntos distintos que o seu grupo valora positivamente.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, intervén preguntándose se o Partido Popular defende a sanidade pública, quen é responsable do que pasa coa sanidade. Considera que o tema é máis serio e merece tomalo menos a broma.

- O Sr. Alcalde remata o debate indicando que da defensa de determinados valores vímonos enterar neste Pleno, anque xa se saiba como é.

O Pleno, co voto a favor de doce dos concelleiros presentes (10 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros (do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso), acorda apoia-lo escrito da Comisión de Centro de Especializada do complexo hospitalario Juan Canalejo no que se pretende: 1.- Demandar da Xunta de Galicia o incremento necesario nos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Sergas que eviten que non se poida contrata-lo persoal necesario que garanta a calidade asistencial, como ocorre neste momento. 2.- Revisar tódolos concertos establecidos cos hospitais privados, eliminando aqueles que non sexan necesarios. 3.- Control do gasto farmacéutico. 4.- Potenciación da atención primaria. 5.- Cobertura ó 100% de tódalas ausencias por enfermidade, permisos, vacacións, etc., do persoal do Sergas. 6.- Dar conta do acordado á Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade e o Sergas.

6.- ESCRITO SOBRE DECLARACIÓN DA TORRE DE HÉRCULES COMO BEN CULTURAL PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

Dase conta de escrito do instituto de estudios Torre de Hércules relacionado con declaración da Torre de Hércules como ben cultural patrimonio da humanidade, que vén dictaminado pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda apoia-lo escrito do instituto de estudios Torre de Hércules no que se pretende: a) Solicita-la declaración da Torre de Hércules como ben cultural patrimonio da humanidade e que sexa inscrita na "lista de patrimonio mundial". b) Apoia-las xestións que realice o instituto de estudios Torre de Hércules nese senso. c) Remitir certificación do acordo ó Excmo. Sr. conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo e tamén á Excma. Sra. ministra de Educación, Cultura e Deporte.

7.- MOCIÓN RELACIONADA CON ACTOS A CELEBRAR CON MOTIVO DO "DÍA DA VIOLENCIA XENERO".

Dase conta de moción da delegada de benestar social con motivo da celebración do "Día contra a Violencia de Xénero". Conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, solicita que pola concelleira delegada se informe sobre tal problemática en Betanzos.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Convoca-lo próximo día 25 de novembro, ás 12:00 horas da mañá, na praza da Constitución, unha concentración silenciosa de cinco minutos como repulsa ante todo tipo de violencia, en especial, fronte a aquela que se exerce contra as mulleres. 2º.- Invitar a tódolos cidadáns/as de Betanzos, así como ás institucións públicas e privadas para que se unan a esta convocatoria contra a violencia de xénero. 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos.

8.- MOCIÓN DELEGADO INFRAESTRUCTURAS EN SOLICITUDE A AUGAS DE GALICIA PARA ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE.

Dase conta de moción do delegado de infraestructuras en solicitude a Augas de Galicia para estación de tratamento de auga potable. Conta co informe da Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Prestar aprobación ó anteproxecto valorado das obras "estación de tratamento de auga potable en Betanzos", redactado polos servicios técnicos da empresa concesionaria Aquagest, por importe de 2.219.249,-00 €. 2.- Dirixirse ó organismo autónomo "Augas de Galicia" solicitando a financiación das obras contempladas neste proxecto. 3.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantas xestións sexan necesarias para levar a bo fin este acordo.

9.- PROPOSTA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

Dase conta de proposta de expediente 7/2002 de modifiación de créditos do presuposto deste exercicio mediante suplemento de determinadas partidas.

Tras manifesta-los grupos da oposición a súa abstención como é frecuente nestes temas, por entendelos responsabilidade do grupo de goberno, o Pleno, co voto favorable de dez dos concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros (5 do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos por suplemento de partidas, ó presuposto deste exercicio, por un importe de douscentos cincuenta e cinco mil setecentos un euros con setenta e cinco

céntimos, consonte o resumo que se indica no expediente. 2º. Que se continúe a súa tramitación regulamentaria, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

10.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO 2003.

Dase conta de proposta de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2003, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, pregunta sobre o aumento das taxas, se é en tódolos casos igual ó IPC ou se trata de aplicación do IVE por razóns empresariais.

Os grupos de oposición manifestan a súa abstención como é frecuente nestes temas, por entendelos responsabilidade do grupo de goberno.

O Pleno, co voto favorable de dez dos concelleiros presentes (do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros (5 do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente a modificación das ordenanzas fiscais de: - taxa por expedición e tramitación de documentos (núm. 2), - taxa polos servicios do cemiterio municipal (núm. 3), - taxa por licencias de apertura de establelcementos (núm. 4), - taxa por licencia de autotaxi e demais vehículos de aluguer (núm. 5), - taxa por licencias urbanísticas (núm. 6), - taxa por servicios nos mercados municipais (núm. 7), - taxa por ocupación do solo, voo e subsolo das vías públicas e outros terreos de dominio público local (núm. 8), - taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras e outros elementos (núm. 9), - taxa por ocupación de terreos de uso público con quioscos (núm. 10), - taxa por apertura de gabias, calicatas e calas, así como remocións de pavimentos ou beirarrúas (núm. 11), - taxa por ocupación con mercadorías, materiais de construcción e outras semellantes (núm. 12), - taxa por entrada de vehículos desde a vía pública e reservas de aparcamento, carga e descarga (núm. 13), - taxa por prestación de servicios nos museos e outras instalacións culturais (núm. 14), - taxa por ocupación con postos e barracas, así como industrias da rúa (núm. 15), - taxa por servicios na feira do anticuario (núm. 16), - taxa por retirada e custodia de vehículos (núm. 17), - taxa por servicio de sumidoiros e augas residuais (núm. 18), - taxa por subministro e utilización de auga potable (núm. 19), - taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas (núm. 20), - taxa por servicios en instalacións deportrivas municipais (núm. 21), - imposto sobre bens inmobles (núm. 25), - imposto sobre vehículos de tracción mecánica (núm. 26), - imposto sobre incremento do valor dos terreos de naturaleza urbana (núm. 27), - prezo público pola publicidade na emisora de radio e prezo público por prestación de servicios culturais, publicidade e venda de publicacións. 2º.- Que se continúe a súa tramitación regulamentaria considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

Antes de entrar no apartado de rogos e preguntas, dase conta polo Sr. Alcalde de escrito recibido do Servicio de Cardioloxía do complexo hospitalario Juan Canalejo da Coruña no que se informa da súa actividade no último ano con motivo de cumprir 25 anos, acordándose polo Pleno felicitalo polos logros obtidos na área do corazón buscando novas fórmulas para unha mellor atención ós pacientes e polos éxitos alcanzados nestes anos, do que se viñeron beneficiando moitos betanceiros.

Igualmente e a indicación da Alcaldía, polo Secretario dase conta dos seguintes asuntos:

- Posta en coñecemento do fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da incidencia da minicentral en construcción no lugar de Gomil na morte de diversas especies da flora e fauna, por se estes feitos fosen constitutivos de delicto, dando cumplimento a acordo adoptado polo Pleno desta Corporación o día 27 de setembro de 2002.

- Xustificante de recepción pola Presidencia da Xunta de Galicia de certificación de acordo plenario sobre substitución de tecnoloxía telefónica instalada neste concello e comunicación de traslado do mesmo á Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

- Informe da Dirección Territorial Galicia e Asturias de Telefónica en relación con acordo plenario do 30 de agosto pasado sobre substitución de tecnoloxía telefónica.

- Dentro do proceso de elaboración e tramitación das directrices de ordenación do Territorio de Galicia, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, remite un exemplar do documento denominado "hipótese de modelo territorial" para que se poidan achegar a esa consellería, no prazo máximo de 3 meses, as previsións, determinacións, suxestións e informacións que se consideren oportunas.

Tamén, o Sr. Alcalde invita ós Sres. Concelleiros ós actos de ofrenda ós defuntos, que van ter lugar o próximo sábado día 2 ás cinco da tarde.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Doporto, do grupo municipal do BNG:

- Roga que se informe sobre os labores de legalización das lanchas dos Caneiros.

- Reiteran solicitude de informe xurídico sobre a titularidade de terreos nos xuncais, así como o posicionamento do Concello

- Lembra a petición ante a Comisión de Seguemento do Plan da necesidade dunha convocatoria co equipo redactor, ante un documento inicial que se entendeu vago e pouco concreto.

- Solicita a supresión de rampas nas beirarrúas no camiño da Volta do Codo.

Polo Sr. Carro Erias, do grupo municipal do PP:

- Que se revisen ós semáforos da Ponte Nova.

- Pregúntase sobre o plan de obras da urbanización de Rosalía de Castro, pedindo informe ó respecto.

Pola Sra. Faraldo, do grupo municipal do PP:

- Súmase ó rogo feito polo BNG, ante a vaguedade do plan.

- Quéixase do mal estado do Pasatiempo, pedindo que se amañen as pozas que impiden xogar ós nenos.

- Expón o problema do aparcamento diante da gardería ante os pivotes colocados nas beirarrúas, que xunto coas macetas que abundan por tódalas rúas, crean problemas que se deberían mirar con detalle, pedindo no caso da gardería unha zona de aparcamento e parada con comodidade.

- Pide máis seriedade en convocatorias como as xornadas de teatro, con problemas de horarios e falta de información, queixándose de que non se lles permitiu facer declaracións a través de radio Betanzos, polos seus responsables.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e vinte minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Non asisten:

D. Andrés Beade Dopico (con desculpa).
D. Luis Alberto Carro Erias.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sra. Interventora acctal.:

Dª Elena Encinas Pena.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do xoves día vinteoito de novembro de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día trinta e un de outubro pasado.

2.- DAR CONTA DE CONTENCIOSOS ADMINISTRATIVOS.

Dase conta de sentencia dictada pola Sala do Contencioso Adminstrativo (Sección 2ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimando o recurso contencioso-administrativo (02/0004990/1998presentado por Dª Mª Dolores Faraldo Botana e D. Jaime Alberto Pita Varela contra acordo deste Pleno de data 28 de novembro de 197 desestimatorio das alegacións de recusación de dous membros da Corporación nomeados para actuar como instructor e órgano competente para resolver un expediente sancionador aberto en materia de infracción urbanística. Debéndose proceder ó seu cumprimento.

Dase conta de sentencia dictada pola Sala do Contencioso Administrativo (Sección 3ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estimando parcialmente o recurso contencioso administrativo (nº 7228/1998) formulado por Esther María Rita Camino Rodríguez contra acordo de 2-12-97 resolutorio de xustiprezo da finca sita no lugar da Galera expropiada por este Concello (expte. Nº 1310/97) dictado polo Xurado Provincial de Expropiación da Coruña, e en consecuencia anulando parcialmente o acordo impugnado, ós sós efectos de elevar a 1.879.950,- ptas. o xustiprezo da finca expropiada, confirmando os restantes pronunciamentos. Debéndose proceder ó seu cumprimento.

3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE FINANCIACIÓN LOCAL.

Dase conta ó pleno de moción do BNG relacionada coa financiación local, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, indica que non só se pide a compensación pola eliminación do IAE, senon que se solucione a insuficiencia crónica dos concellos galegos coas súas características a ter en conta que esixen a elaboración dunha lei de facendas galega. Fai referencia ó acordo que se asinou entre a FEMP e o Goberno, pero entende que non resolve o problema financeiro crónico, polo que hai ir máis aló.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a súa abstención considerando que xa se están tomando medidas das que confía que favorezan ós concellos, dado que a política do Goberno Central neste aspecto é boa e a política económica mellor, polo que lle dan un voto de confianza.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, destaca a sinatura do convenio FEMP-concellos, apoiado por tódalas forzas políticas, froito da negociación e que asegura o mantemento dos recursos, non vendo inconveniente en votar, anque xa hai acordo e en entrar a valora-lo resto das modificacións legais.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, insiste na súa intención máis aló do problema do IAE, entendendo que tamén os concellos do PP terán insuficiencias.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, insiste na confianza que lle ofrece a boa política do goberno.

- Remata o Sr. Alcalde, incidindo en que a actual postura parece darlle a razón ó que sempre vén denunciando, na necesidade de dotar ós concellos dos medios financeiros necesarios.

O Pleno, co voto a favor de once concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez,

López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros catro concelleiros (do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso), acorda: 1.- Solicitar do Goberno do Estado que tódolos concellos, calquera que sexa a súa poboación, poidan participar, en compensación pola eliminación do IAE, na cesión de recadación de impostos do Estado -IRPF, EVE e impostos especiais- ata agora reservada ós concellos de máis de 100.000 habitantes e capitais de provincia. 2.- Solicitar do Goberno do estado que nos criterios para determina-la transferencia pola participación nos ingresos do estado (PIE), se teñan en conta a superficie do concello, o asentamento disperso da poboación e que se pondere o peso relativo da poboación envellecida. 3.- Instar ó Parlamento Galego á elaboración e aprobación dunha lei galega de facendar locais. 4.- Envia-lo presente acordo ós grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, do Parlamento Galego e á Xunta de Galicia.

4.- MOCIÓNS SOBRE O SINISTRO DO "PRESTIGE".

Dase conta de mocións presentadas por cada un dos tres grupos políticos, relacionadas con sinistro do "Prestige", dictaminadas pola Comisión de Programación.

Antes de iniciarse o debate, o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, suscita como cuestión previa que as mocións se fundan nunha soa.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, entende adecuada a proposta, sendo partidario de reunirse os tres grupos ó obxecto de concluir un único acordo, sumándose o apoio institucional á manifestación da plataforma "Nunca Mais", o vindeiro domingo en Santiago de Compostela.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, fai referencia ás mocións presentadas, indicando que non se lle remitiu a do grupo socialista, que a coñeceu antes do Pleno, que está de acordo no exposto pero outra cuestión é introducir algo que non ten nada que ver, polo que non figura nas moción e que en todo caso debe ser obxecto dunha moción de urxencia, cal é a proposta de sumarse á plataforma, o que cre que é o máis legal e lóxico.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, mantén que está de acordo en uni-las posturas, se se desexa redactar unha moción consensuada, na que se expoña o que sexa, considerando a proposta da plataforma participativa e ampla, polo que non ve inconveniente á súa acollida nesa moción consensuada, reiterando estar a disposición do Pleno.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, mostra a súa adhesión a tal proposta, indicando que en caso contrario se deberían votar individualmente as mocións.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, insiste en que se está incorporando unha proposta nova ó que se ten presentado o que, ó seu xuízo, supón un precedente que non considera lóxico e incluso dubida da súa legalidade. Entende que se fai para evita-lo consenso, non vendo inconveniente que se presente como moción de urxencia. Insiste en pedir vontade de consenso e non en impoñer un engadido a mocións xa presentadas, pedindo que se voten as tres mocións e reiterando que non se deu nunca neste Pleno que se incorporen puntos novos ás mocións.

- Intervén o Sr. Alcalde, reflexionando sobre as dúas posturas presentadas, por unha banda a dos voceiros do PSOE e do BNG e doutra a da voceira do PP, que chama ó consenso non querendo engadir un punto ás mocións, como se fixo moitas veces, porque ten que ver co que se está a tratar, polo que non se pode pedir consenso sen telo.

- Novamente o voceiro do grupo nacionalista, Sr. Doporto, expón aprobar unha única moción, le as reivindicacións da plataforma, considerando que se o PP non as admite, terá que explicar ós cidadáns por que non se suman.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que non ten problema en sentarse a redactar un texto, pero non con posturas determinadas, en canto que hai cuestións das que suscita a plataforma coas que non hai identidade. Considera que se está a facer demagoxia, para o que non hai máis que facer unha análise comparativa con outras catástrofes, nas que non se fixo nada, e que está demostrando ter vontade de consenso.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), considera que non se trata de estudia-lo pasado nin en ver quen vai de caza ante situacións importantes, senon de obter un consenso nun manifesto institucional, no que considera que entra perfectamente a postura da plataforma esixindo as responsabilidades políticas a quen corresponda, sen que iso supoña desvirtua-la moción, xa que tales engadidos sempre se fixeron neste Concello.

- Intervén o Sr. Alcalde, tratando de aclara-las posturas, ante unha cuestión que considera suficientemente debatida, insistíndose polos voceiros na vía do consenso, sen condicionantes previos, chegándose á proposta de que os voceiros presenten un texto sobre as mocións. Insistindo a Sra. Faraldo en que o seu grupo aproba as tres mocións presentadas sen textos engadidos.

- De novo o Sr. Alcalde, fai referencia a que a el lle corresponde dirixi-lo debate e en consecuencia somete a votación o asunto.

O Pleno, co voto a favor de once concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros catro concelleiros (do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso), acorda como resumo das súas mocións e as reivindicacións da plataforma "Nunca Mais": 1.- Esixi-la declaración de Galicia como zona catastrófica coa inmediata dotación de recursos de todo tipo para repara-las graves consecuencias económicas, sociais, medioambientais e para a saúde provocadas polo sinistro. 2.- Esixi-la inmediata posta en marcha de mecanismos de prevención que impidan que a catástrofe vaia en aumento, coa posta a disposición dilixente dos medios económicos e loxísticos para impedi-la contaminación de novas zonas, a intensificación nas xa contaminadas e a limpeza e a restauración medioambiental da costa. 3.- Esixi-la adopción de medidas por parte do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia que posibiliten que feitos coma este non se volten repetir, con medidas dirixidas a alonxa-lo tráfico de mercadorías perigosas das costas, controla-lo tráfico, controla-lo estado dos buques e as infraestructuras portuarias que almacenan substancias perigosas, e dotar a Galicia dun dispositivo de salvamento, loita contra a contaminación mariña e intervención rápida en casos de catástrofe suficientemente dotado. 4.- Instar á Xunta de Galicia a: A).- Habilitar fondos extraordinarios, con carácter inmediato, que garantan a percepción dun salario mensual digno a tódolos traballadores do sector pesqueiro e actividades vencelladas ó mesmo. B).- A elaborar un plan de reactivación económica das comarcas costeiras afectadas en colaboración cos concellos, empresas, organizacións sindicais, confrarías, asociacións de mariscadores e outros axentes sociais a fin de senta-las bases para un desenvolvemento sostido e prolongado no tempo. C).- A elaborar un plan especial, en colaboración cos concellos afectados, de recuperación medioambiental que permita a súa recuperación biolóxica e paisaxística no menor tempo posible. 5.- Instar, igualmente, ás institucións comunitarias e ó estado a: A).- A dotar ás

costas galegas das infraestructuras e medios en materia de seguridade e salvamento marítimo acordes coa súa situación xeográfica e o tráfico que a diario navega polo corredor maríimo internacional, situado a 21 millas das costas galegas. B).- Poñer en práctica unha regulación estricta que impida ós buques con pavillón de conveniencia eludir normas e controis estrictos en materia de seguridade marítima e laboral. C).- Adianta-las datas en que tódolos petroleiros deban ser construídos con dobre casco. D).- Ubica-la sé da Axencia Europea da Seguridade Marítima en Galicia. E).- A revisar e aplicar estrictamente as normas internacionais relativas a formación das tripulacións e as condicións de traballo e vida a bordo. F).- A adoptar medidas urxentes para a reparación dos danos no sector productivo e no medio ambiente. G).- Mobilizar, con carácter de urxencia o Fondo Europeo Especial para Catástrofes creado neste mes de novembro pola Comisión e o Parlamento Europeo, a fin de axudar ás empresas afectadas e moi particularmente ós profesionais do mar. H).- A ampliar de inmediato o Memorando de París para a inspección do 100% dos buques que transportan mercadorías perigosas. 6.- Trasladar a tódalas institucións competentes na materia obxecto da presente moción, UE, Goberno Central e Xunta de Galicia, os acordos acadados. 7.- Instar a que se actúe con diliixencia á hora de reparar e indemniza-los danos provocados polo "Prestige" e solicita-lo pagamento de percepcións salariais, a exención no pagamento das cotizacións á Seguridade Social, desgravacións fiscais, moratoria no pagamento de créditos hipotecarios e persoais e a cobertura do sistema público de seguros para actividade pesqueira polo tempo no que duren as consecuencias deste sinistro. 8.- Instar a que se establezan controis e inspección adecuados tanto sobre os barcos que recalan por portos galegos como sobre os que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para asegura-lo cumprimento das condicións de seguridade e aplicar unha política preventiva, especialmente no relativo ó transporte marítimo de mercadorías perigosas. 9.- Insta-lo prolongación e distanciamento do dispositivo de separación do tráfico marítimo nas costas de Galicia, especialmente para os buques que transporten mercadorías perigosas. 10.- Instar un aumento dos medios materiais e humanos do dispositivo de seguridade e salvamento marítimo operantes desde Galicia paa que se poidan realizar debidamente os labores de prevención e control, ademais das de salvamento e loita contra a contaminación. 11.- Instar á Unión Europea a que se dote de forma inmediata o fondo de indemnización dos danos causados pola contaminación por hidrocarburos en augas europeas (fondo COPE) previsto no paquete de medidas ERIKA II, e a recorta-los prazos máximos previstos para a entrada en vigor das normas incluídas nese paquete de medidas, e así mesmo, a adptalas con urxencia ó ordenamento xurídico estatal. 12.- Dirixirse á Xunta de Galicia para que, no ámbito das súas competencias, adopte tódalas medidas necesarias para minimiza-lo impacto ambiental do vertido, e asegura-la recuperación en breve prazo dos recursos marisqueiros e pesqueiros da zona afectada, así como a concesión directa de axudas e actuar ante as instancias competentes para depura-las responsabilidades do sinistro e procura-la rápida e xusta satisfacción das perdas ocasionadas. 13.- Insta-lo establecemento dun organigrama de salvamento marítimo en Galicia que conte coa participación da Xunta de Galicia e da Dirección Xeral da Mariña Mercante, para incrementa-la eficacia dese servicio. 14.- Apoiar tódalas accións tendentes a conseguir estes acordos.

Así mesmo o Pleno, co voto a favor dos catro concelleiros presentes do PP (Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso) e o voto en contra dos outros once concelleiros

presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda rexeita-la proposta do grupo popular.

En aclaración de voto, a Sra. Faraldo insiste en que a súa postura era vota-las tres mocións como estaban presentadas, o que dá lugar a unha chamada de atención da Alcaldía, no sentido de que se limite a aclara-lo voto, non a reiterarse en anteriores afirmacións.

5.- MOCIÓN DO DELEGADO DE TRÁFICO SOBRE MEDIDAS PARA MELLORA DA SEGURIDADE VIAL.

Dase conta de moción do delegado de tráfico sobre medidas para mellora da seguridade vial, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Solicitar dos organismos correspondentes a adopción das medidas oportunas para mellora-la seguridade vial nos diferentes lugares do medio rural e a dotación de pasos de peóns consonte relación que se xunta. Sen prexuízo da súa ampliación se se estimase oportuno. 2.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente ou concelleiro delegado para realizar cantos actos ou xestións sexan necesarios para facer efectivo o presente acordo.

6.- MOCIÓN DO DELEGADO DE TRÁFICO SOBRE SINALIZACIÓN.

Dase conta de moción do delegado de tráfico sobre sinalización, dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Solicitar dos organismos correspondentes, titulares das vías que se mencionan, a actualización e renovación da sinalización das encrucilladas da Ponte Nova, A Magdalena e As Cascas da nosa cidade. 2.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente ou concelleiro delegado para realizar cantos actos ou xestións sexan necesarios para facer efectivo o presente acordo.

7.- PROPOSTA DE CONVENIO COA SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA.

Dase conta de convenios remitidos pola Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) de colaboración en materia de atención ó público e de colaboración en materia de xestión catastral respectivamente, que veñen dictaminados pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda delegar na Alcaldía a determinación do convenio coa Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro), así como a sinatura do mesmo e a realización dos trámites derivados deste acordo.

8.- ESTUDIO DE DETALLE UEI-8 (R/ ARGENTINA-ESQUINA CAMIÑO DA ACEA).

Preséntase ó Pleno proxecto de estudio de detalle da UEI-8 (r/ Argentina-esquina Camiño da Acea), que conta do dictame da Comisión Informativa.

Tras anuncia-la abstención dos grupos popular e nacionalista, este lembra a necesidade de ser rigorosos na resolución dos servicios das urbanizacións.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Romay, Martínez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Coporación, á vidta do expediente tramitado, acorda aprobar definitivamente o estudio de detalle da unidade de execución integral nº 8 (UEI-8) sita na rúa Argentina-esquina Camiño da Acea, redactado polo

arquitecto D. Manuel Ferradás Ave, tramitado a instancia de Promociones MPD Betanzos SL.

9.- PROPOSTA PARA INCLUSIÓN DE OBRAS Ó POS-2003.

Preséntase a consideración do Pleno proposta de inclusión de obras no Plan Provincial de Obras e Servicios 2003 da Deputación da Coruña, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica a súa abstención, sinalando que anque apoian tódalas obras, as prioridades non teñen en consideración as propostas realizadas polo seu grupo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que se ben as súas prioridades serían outras, tódalas obras fan falta.

O Pleno, co voto favorable de trece dos concelleiros presentes (9 do PSdeG-PSOE, Sres.: Lagares dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: 1º).- Aproba-lo plan de investimentos municipais de 2003 no que se recollen os investimentos que o Concello tén previsto realizar no POS 2003, integrado polas seguintes obras e de acordo coa finalidade que se indica:

Nº de orde e denominación da obra	Importe total en euros	Estado+Deput.	Concello
1.- Acondic e pav de vías públicas nas parroquias de Requián, Piadela e Angustia.	55.453,13	50.798,23	4.654,90
2.- Acondic e pav das vías públicas nas Parroquias de Tiobre, Bravio e outros.	43.394,52	38.392,52	4.002,00
3.- Travesías urbanas, Guiliade 3ª fase.	29.127,50	25.788,83	3.338,67
4.- Instalación deportiva en Castro-Pontellas.	36.153,45	32.463,43	3.690,02
5.- Mellora da seguridade vial e dotación de Servicios en travesía da Angustia.	24.641,44	21.527,04	3.114,40
6.- Mellora da seguridade vial na Avda. Fraga Iribarne e outros.	39.016,18	35.183,07	3.833,11
TOTAIS	226.786,22	204.153,12	22.633,10

2º).- Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 2002 e que se relacionan no punto anterior. 3º).- Aproba-lo Plan complementario ó de 2002 no que se inclúen as obras que a continuación se indican:

Plan complementario	Importe en euros
1.- Mellora da seguridade vial e recollida de pluviais en Roibeira.	27.096,50
TOTAL	27.096,50

4º).- Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que tén resolto o relacionado, mediante petición, coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. 5º).- Comprometerse o Concello a incluir no presuposto municipal de 2003 os fondos necesarios para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade 2003. 6º).- Solicitar da Excma. Deputación da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente. 7º).-

Facultar expresamente ó Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Antes de Rogos e Preguntas preséntase a consideración do Pleno a adopción de acordo ó respecto de aprobación de memoria esixida dentro da declaración de determinadas zonas do concello como área de rahabilitación, a efectos de actuacións en vivendas. A tal respecto, o Sr. Alcalde indica que tal declaracín aínda se recibiu hoxe, polo que só se puido elaborar unha memoria xenérica, pola arquitecto municipal, que se debe presentar antes do día 30. Ponse a disposición dos Sres. concelleiros toda a documentación ó respecto. O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda a urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Fóra da Orde do Día e previa declaración de urxencia do asunto, o Pleno, por unanimidade, acorda aproba-la memoria-programa redactada pola arquitecto municipal dando cumprimento ó requerimento do IGVS para o desenvolvemento do programa de rehabilitación da AREA DESTE CONCELLO declarada como de rehabilitación integrada, aprobando así mesmo as aportacións deste Concello para a financiación das actuacións sinaladas na citada memoria.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Dase contestación ás preguntas realizadas no anterior Pleno (31-outubro-2002).

Polo grupo municipal do BNG:

Primeira.- O Concello vén colaborando en tódalas actuación solicitadas, e presentou iniciativas na Xunta Local de Seguridade. Así mesmo facilitou a particulares información e realizou labores adminstrativos, e está aberto a tódalas suxestións ó respecto, sendo a legalización competencia das autoridades de mariña.

Segunda.- Que están a súa disposición para realiza-las comprobacións que estimen nos rexistro catastrais, non correspondendo ó Concello a declaración de titularidade dos bens.

- O Sr. Doporto indica que os padróns catastrais non son indicativo de propiedade, indicando o Sr. Alcalde que é do que o Concello pode dispoñer.

Polo grupo municipal do PP:

Primeira.- Nas mencionadas obras estanse a produci-los retrasos que xa son coñecidos, téndose adoptado pola Comisión de Goberno as sancións correspondentes, así como iniciado as medidas para a rescisión do contrato.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Doporto, voceiro do grupo municipal do BNG:

- Que se requira a quen sexa titular das instalacións do Pasatiempo para o seu mantemento a través da súa limpeza e cerre. O Sr. Alcalde indica que xa se procedeu ó requerimento.

- Esixe máis atención e coidado na calidade de vida da zona da rúa Castelao, Rosalía de Castro e Alexandre Bóveda, sinalando a falta de colectores, iluminación, vixilancia da policía, etc.

- Expón a necesidade de resolve-los niveis nas beirarrúas da Volta do Codo, non debéndose de aceptar así o final de obra.

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo municipal do PP:

- Pide unha relación das cesións urbanísticas dos promotores ó Concello nos dous últimos anos.

- Solicita copia da remisión do escrito de cesión do local á Xunta para sé da Fundación Comarcal, ó obxecto de comproba-la data de saída.

- Solicita que o Sr. Secretario non faga consta-las afirmacións do Sr. Alcalde respecto ós problemas do pagamento de facturas achacables ó Estado

En tal senso o Sr. Alcalde non só lle sinala que non lle corresponde dici-lo que deben dici-los demais, senon que se ratifica plenamente en sinala-la responsabilidade do estado na insuficiencia de medios económicos dos concellos.

Polo Sr. Martínez, do grupo municipal do PP:

- Pide que se aminore o impacto visual da ubicación da cabina que se modificou no mercado.

Antes de remata-la sesión o Sr. Alcalde invita ós Sres. Concelleiros á inauguración no Liceo da exposición Galicia-América, do Consello da Cultura Galego.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e corenta minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOUS.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sra. Interventora acctal.:
Dª Elena Encinas Pena.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas do venres día vinte de decembro de dous mil dous, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vinteoito de novembro pasado.

2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE ESTADO DO EXPEDIENTE DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que a intención da moción é que se informe publicamente como está o expediente relativo á construcción destas vivendas, en canto se xeraron moitas expectativas mediante a apertura dun censo onde se apuntou a xente, entendéndose polas últimas noticias publicadas que se produce unha retirada neste asunto, polo que desexan unha aclaración ante o que consideran un incumprimento.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia o seu voto a favor, en canto considera que hai cousas que se deben respectar e non xogar cos compromisos, como son o emprego e a vivenda, non debendo prometer só para obter votos. Entende que se repita a historia da rúa Rosalía, coas promesas dos hoteis. Pide respecto para os cidadáns, que considera se poñen de escudo e pide que non se volva a xogar con cousas tan vitais.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, aclara que o que se debate é a solicitude dun informe, non someténdose nada a votación. En relación ó asunto, aclara que o grupo socialista fixo unha oferta ós cidadáns, adoptándose acordos de cesión de terreos á Xunta, nun momento en que aparece un novo plan de vivenda. Doutra banda a Alcaldía fai unha oferta a axentes privados. Afirma que a actuación en vivendas sociais se vai levar a cabo, pendente só da aprobación do Pasatiempo e indica que a oferta se fixo directamente ó conselleiro da presidencia, ó delegado provincial da Consellería de Política Territorial e ó director do Instituto Galego da Vivenda e Solo, sen que ata o de agora se recibira contestación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, considera as explicacións como que o asunto aínda está en etapa de deseño, o que non se deduce das notas de prensa, que xeran expectativas distintas. Agradece ditas explicacións e destaca o seu carácter democrático, agradecendo a ardua defensa do grupo popular.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que non é a primeira vez que coincide cunha moción do BNG, xa que os une ir contra o mal goberno. Tras destacar que este Concello é famoso por non chegarlle as cartas e entender que o rexistro actúa discriminadamente, co que se queda mal cos funcionarios, o que representa a idea que o grupo de goberno ten deles. Considera que non se fai unha política axeitada e pide que por vergonza non se prometan vivendas, non volvendo a darse este bochorno esixindo un mínimo de dignidade.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pretende aclarar que do que se trata neste punto é de dar un informe co que o BNG se mostrou satisfeito e sobre o que o pobo pedirá responsabilidades, facendo alusión ós que pretenden rememorar outros tempos felizmente hoxe enterrados debaixo dunha lousa.

Tales afirmacións provocan unha interrupción polo Sr. Martínez García, que considera o dito unha indignidade, o que tras un bronco intercambio de palabras co Sr. Alcalde, quen o chama á orde e a insistencia do citado concelleiro sobre o carácter bochornoso do espectáculo que se está dando e que as palabras vertidas pasaron de "castaño oscuro", provoca a expulsión do devandito concelleiro do Pleno, quen o abandona.

- Continúa o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, no uso da palabra, lamentando que se chegue a estes extremos, nos que queda de manifesto unha falta de respecto, entendendo que será o pobo quen xulgue no seu momento. Denuncia o afirmado sobre o rexistro, momento en que os demais concelleiros do grupo popular abandonan a sesión, por solidariedade co seu compañeiro.

- Remata o Sr. Alcalde, resaltando os ataques do grupo popular, afirmando que as vivendas sociais son un compromiso que se ten e se mantén.

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE POSTO DE TRABALLO DE TESOURERÍA.

Iniciado este punto da orde do día incorpóranse os Sres. concelleiros do PP que anteriormente se ausentaran.

Comezado o debate, dase conta de proposta da Alcaldía sobre posto de traballo de Tesourería. Vén informada pola Comisión de programación.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, aínda admitindo a posible excepcionalidade do asunto, cré que debe evitarse, por canto a non habilitación nacional nos funcionarios implica dúbidas sobre a independencia. Manifféstanse contrarios á proposta en canto non garante tal independencia.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, inicia a súa exposición pedindo que conste en acta que o abandono da sala que o seu grupo realizou vai en apoio do concelleiro expulsado e do trato que se lle deu, voltando pola responsabilidade que supón debate-los presupostos. Xa no asunto, entende que o que se está a facer é cargar de funcións a determinados funcionarios, sen aclararlle-la responsabilidade que asumen, o que atende ó interese do grupo de goberno, que non defende ós funcionarios, senon que actúa sectariamente querendo telos a súa disposición, chegándose á situación de que se van tódolos interventores e tesoureiros que veñen, o que sucede, ó seu xuízo, polas dificultades e a carga que soportan. Anuncia o seu voto en contra, pedindo respecto ante o que entende actitudes de chanza ante a súa exposición.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tras sinalar que o seu grupo sabe o que ten que facer sen que ninguén llo sinale, considera que trala delegación de funcións recadatorias na Deputación, xustifícase plenamente a proposta. Polo que respecta á defensa dos funcionarios, pide que teña un reflexo claro nas leis que despois se aproban no Parlamento.

- Remata o Sr. Alcalde, reiterando á voceira do grupo popular que non faga alusións personais nin indique cal debe se-lo comportamento nin as manifestacións dos demais, en canto que el manterá sempre as que considere oportunas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e o voto en contra dos outros seis

concelleiros presentes (4 do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Solicitar do órgano competente da Xunta de Galicia, a excepción prevista na D.A. 3ª do R.D. 1732/94 de 29 de xullo, para o desempeño do posto de Tesourería por funcionario da Corporación debidamente cualificado, sen prexuízo de que dado o carácter da autorización puidera revisarse no seu día, de cambia-las circunstancias que na actualidade concorren, todo eso segundo os fundamentos postos de manifesto na proposta da Alcaldía, da que se dará traslado xunto co acordo.

4.- CONTA XERAL DE 2001.

Preséntase a consideración do Pleno a conta xeral de 2001, que ofrece un balance de situación que alcanza no activo e no pasivo a cantidade de 5.804.887.009,- ptas. Está dictaminada pola Comisión Informativa.

Os grupos popular e nacionalista anuncian a súa abstención, ó igual que noutros asuntos de semellante contido.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (4 do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: Aproba-la conta xeral do presuposto do ano 2001, que presenta un balance de situación que alcanza no activo e no pasivo a cantidade de cinco mil oitocentos catro millóns oitocentas oitenta e sete mil nove pesetas (5.804.887.009,- ptas.), sen prexuízo da súa tramitación ante os correspondentes órganos de control externo.

5.- PROPOSTA DE PRESUPOSTO PARA 2003.

Preséntase a consideración do Pleno o expediente de presuposto para 2003, acompañado da documentación oportuna, xunto coas bases de execución e todo o relativo ó cadro de persoal e postos de traballo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, inicia o debate, indicando que non é moi grato o ambiente da sesión e preguntando sobre a proposta de dedicar un 0,5% ós danos do "Prestige", dado que a situación do país é grave e neste momento tamén son convenientes as contribucións das administracións. Indica así mesmo que presentaron tamén outras aportacións ó presuposto que queren saber se se van incluir e en que partidas. Considera que os presupostos son continuistas, cun forte custe en persoal, que entende é para atender á rede clientelar, sinalando algunhas curiosidades como o caso dos gastos en atencións protocolarias e festas populares das que pregunta a que van ser destinadas.

- Intervén o Sr. Alcalde para aclarar que o grupo nacionalista non mantén a mesma postura ó respecto do "Prestige", no consello da FEGAMP, poñendo de manifesto a contradicción.

- Intervén a Sra. Faraldo, voceira do PP, indicando que lle parece ben a partida polos danos do "Prestige", que considera debería de sacarse de gastos de publicidade e propaganda. Indica que tamén o seu grupo hai un mes que presentou unha serie de medidas, entre as que se contemplaba un aumento ó persoal cunha serie de pluses que non se pagan ou se pagan sectariamente, xuntamente con outras que non se sabe onde veñen reflectidas, esperando que algunha se cumpra e non suceda cono no anterior exercicio. Por outra parte considera que o presuposto podería ser maior se se fixera unha política encamiñada a atraer máis xente, move-la construcción e non realizar unha política tan mesquiña coa industria, pero entende que non interesa a renovación. Pide que se modifique

a política urbanística, que se mellore a industria e se defina o tipo de cidade que se quere para Betanzos. Por todo eso tacha os presupostos de continuistas e anuncia a súa abstención.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, comeza a súa exposición afirmando a clara solidariedade cos afectados da costa. Indica que o presuposto se incrementa nun 5,71%, que se presenta de forma austera e en cumprimento de leis que hai que respectar, movéndose en tres eixes fundamentais: a xeración de emprego mediante políticas concretas, plan de emprego xuvenil co proxecto Pertega, os investimentos e a mellora de servicios ós cidadáns, sen esquecer que as necesidades son moitas e os medios insuficientes. Fai unha breve referencia ás liñas xerais de gastos e ingresos, con indicacións á Lei de estabilidade presupostaria que prexudica ós concellos (anque agora, engade, o deficit cero parece que se vai corrixir), e máis concretamente a investimentos na biblioteca, centros sociais, etc., sinalando que non son partidarios de suprimi-las feiras e as festas patronais. Respecto á acusación de clientelismmo, considera que ó mellor non se quere que se xenere traballo, e en canto á supresión dalgunhas partidas propostas, considera que eso supoñería non poder facer anuncios nos boletíns oficiais. Insiste en que hai leis que hai que cumprir, entre outras a que indica que o aumento do persoal é só de 2%, mentres, eso si, o IPC se dispara. Considera que se o presuposto é continuista é porque está satisfeito o pobo e respecto a outras acusacións, como as referidas ó crecemento da poboación e ó trato á industria, considera que hai un descoñecemento total, xa que só fai falta ve-lo padrón e ter en conta que no noso municipio está ubicada a primeira empresa galega en facturación e a primeira no sector cárnico, entre outras. Remata afirmando que non se pode dicir que o ano pasado non se tiveran en conta as propostas doutros grupos xa que estas se valoran e ponderan debidamente.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, en relación á contradicción coa postura do seu grupo na FEGAMP, quere aclarar que non é tal, xa que o que se di é que non deben se-los concellos quen afronten a crise, o que non está reñido coa solidariedade que agora se pide. Doutra banda, considera que hai temas, como a biblioteca, dos que se alegran que se leven a cabo. Bota de menos unha política decidida no casco histórico, para a súa rehabilitación. A pesar de todo non coinciden, polo que sinala o seu voto de abstención.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en que se ten que mellorar en todo, considerando que non se debe coincidir no mesmo mundo, xa que en xeral todo son protestas, non sendo real a imaxe que sinala o equipo de goberno, que algunha responsabilidade terá nesto. Pon como exemplo a publicidade que se fai, referíndose á publicación "El Concello Betanceiro", considerando que así non se vai a ningunha parte, porque non hai propostas serias, pedindo do grupo de goberno que non terxiverse as cousas e que observe o emprego que hai noutros sitios, volvendo sobre o problema da poboación e sinalando que o censo fluctúa sobre todo para as eleccións, por canto denuncia que houbo funcionarios ós que se lles indicou que se empadroasen para votar, o que espera que non se repita en próximas ocasións.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pregunta á Sra. Faraldo, voceira do PP, se cando fala de empadroarse fala dela mesma, e se sabe o que di cando fala de ética, indicando que fala "dun Sr. enterrado cerca de Madrid", momento en que os concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Agraso) abandonan o Salón de Plenos, con acusacións de falta de tolerancia e de respecto.

Remata o Sr. Lagares o seu uso da palabra agradecendo ó grupo nacionalista a súa abstención.

- Remata o Sr. Alcalde o debate indicando que varias das peticións presupostarias do BNG se van levar á práctica e aproveita para sinalar que Betanzos é o único concello do partido xudicial no que medra a poboación, o que habería que analizar á vista da situación con toda Galicia, engadindo que están dando pasos no tema da rehabilitación do casco.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros seis concelleiros (dous presentes do BNG, Sres.: Doporto, Otero, e os outros catro en virtude do artigo 100.1 do Real decreto 2568/86 de 28 de decembro), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda: 1º.- Aproba-lo presuposto para 2003, que alcanza en ingresos a contía de 8.358.216,13 euros e en gastos a de 8.120.110,02 euros e que ofrece nas súas funcións e capítulos o seguinte resumo:

PRESUPOSTO DE GASTOS CLASIFICACIÓN FUNCIONAL

Grupo de función	Descrición	Importe
0	Débeda pública	376.878,34
1	Servicios de carácter xeral	927.505,78
2	Protección civil e seguridade cidadá	651.971,26
3	Seguridade, protección e promoción social	1.488.546,24
4	Produc. de bens públicos de carácter social	3.157.242,18
5	Produc. de bens públicos de carácter económico	967.723,66
6	Regulación económica de carácter xeral	371.742,56
7	Regulación económica de sectores productivos	158.500,00
9	Transferencias a administracións públicas	20.000,00
	TOTAL	8.120.110,02

PRESUPOSTO DE GASTOS CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Capítulo	Descrición	Importe
1	Gastos en persoal	3.104.106,92
2	Gastos en bens correntes e servicios	2.677.746,24
3	Gastos financeiros	145.316,82
4	Transferencias correntes	178.200,00
6	Investimentos reais	1.783.178,52
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasivos financeiros	219.561,52
	TOTAL	8.120.110,02

PRESUPOSTO DE INGRESOS CLASIFICACION ECONOMICA

Capítulo	Descrición	Importe
1	Impostos directos	2.341.289,22
2	Impostos indirectos	345.000,00
3	Taxas e outros ingresos	586.207,26
4	Transferencias correntes	2.969.910,78
5	Ingresos patrimoniais	55.630,36
6	Alleación investimentos reais	1.008.064,02

7	Transferencias de capital	589.355,42
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasivos financeiros	450.759,07
	TOTAL	8.358.216,13

2º.- Aprobar, así mesmo as bases de execución, relación de postos de traballo, cadro de persoal e demais documentación para dito exercicio que figura como unida ó mesmo.

3º.- Que se proceda á súa publicación regulamentacia, considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo grupo municipal do BNG:

- Sinala a posibilidade de continua-las beirarrúas cara á zona da Xerpe, na que hai un tramo perigoso.

- Pide explicacións sobre as barreiras existentes para a defensa da ría, así como o material existente, aspecto sobre o que sinala o Sr. Alcalde que se construiu unha barreira para a defensa do rio, pero que non está adaptada para outras zonas.

- Agradece o envio do boletín informativo, anque pide o cambio de denominación de voceiro do Concello a voceiro da Alcaldía.

- Quere facer unha chamada á presencia da Policía Local nos plenos, en canto non estivo presente no abandono anterior, pedindo que se controlen estas situacións. Ó respecto o Sr. Alcalde, que considera os rogos correctos, indica que sempre hai un membro da Policía Local, non considerando dar un aspecto de militarización dos plenos.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e vinte minutos, tras felicita-las festas e desexar próspero aninovo, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESETE DE XANEIRO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

D. José Ramón García Vázquez.

Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.

D. Andrés Beade Dopico

D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor acctal.:
D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do luns día vintesete de xaneiro de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vinte de decembro pasado.

2.- DAR CONTA DE ASUNTOS VARIOS.

Dase conta ó Pleno dos escritos seguintes, enviados por:

* Parlamento de Galicia, xustifica recepcion de certificación de acordo adoptado por este Concello na sesión plenaria do 28-novembro-2002 relacionado coa moción do BNG sobre a financiació local, e comunica que se da traslado do mesmo ós voceiros dos grupos parlamentarios. O Pleno dase por enterado.

* Secretaría de Estado de Telecomunicaciones y para la Sociedad de la Información, do Ministerio de Ciencia y Tecnología, sobre acordo adoptado por este Concello na sesión plenaria do 30-agosto-2002 relativo á substitución dos teléfonos TRAC instalados no municipio de Betanzos, informa da situación do proceso de substitución deses teléfonos. O Pleno dase por enterado.

* Presidente do Consejo de Estado, agradecendo as felicitacións enviadas con motivo do seu nomeamento. O Pleno dase por enterado.

* Demarcación Galicia Centro de Augas de Galicia, notifica proposta de resolución de finalización e arquivo do expediente de solicitude dunha concesión de augas para a instalación dun aproveitamento hidroeléctrico no río Mendo, neste concello. O Pleno dase por enterado.

3.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA COA MELLORA DA CALIDADE AMBIENTAL DAS RÚAS DA CIDADE.

Dase conta de moción do PP, relacionada coa mellora da calidade medioambiental nas rúas da cidade, que vén informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que ó igual que noutras cidades onde se enterran os colectores, podería aplicarse esta medida sobre todo no noso casco histórico,

pouco a pouco, segundo se vaian abrindo rúas, valorándose previamente polos técnicos, podendo solicitarse as correspondentes axudas económicas.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, entende que sen prexuízo da consignación presupostaria, a proposta debe de ser asumida, indicando que xa o seu grupo solicitara colectores separativos para o casco.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que, como xa dixo na comisión, estase vencellado nesta materia a un consorcio, sen prexuízo de que polo concelleiro de servicios se analice a proposta, que non é fácil, nin os seus resultados son os máis adecuados. En tal sentido non ve inconveniente en votar a favor da proposta.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, agradece o voto, entendendo que o que se sinalou é o mesmo que se indica na moción.

Sometido o asunto a votación o Pleno, por unanimdade, acorda: que se adopte a solución máis axeitada para que os colectores de residuos sólidos urbanos non ocupen espacio na superficie das rúas, co fin de aumenta-lo espacio de aparcamento e mellora-la calidade ambiental da cidade.

4.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA COA FAUNA DO PARQUE DO PASATIEMPO.

Preséntase a consideración do Pleno moción do PP relacionada coa fauna do parque do Pasatiempo, que vén informada pola Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, considera que a fauna de referencia non está en boas condicións, non hai suficiente espacio ademais doutros inconvenientes, sendo os peixes existentes non axeitados, polo que se propón a moción.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifesta que tralas explicacións comparte o sentido da moción, chamando a atención de que se analice a posibilidade de que a posición pedagóxica do enxaulamento de animais estea desfasada, en canto que hoxe preséntanse en parques abertos. Sinala que se suma á moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que parece lóxico estar de acordo en todo o que sexa mellorar. Entende que non é moi abundante a fauna do Pasatiempo e di descoñece-lo relativo ós peixes indicados. Anuncia o voto favorable.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, agradece o voto, está de acordo cos recintos abertos, pero mentres estea como está deberá de coidarse.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: Que se leven a cabo as iniciativas necesarias para que as aves enxauladas vivan nunhas condicións dignas, así como tamén que se comprobe e no seu caso se controle ás especies piscícolas invasivas que se desenvolven nos estanques do parque do Pasatiempo.

5.- SOLICITUDE DE ESCOLA OBRADOIRO.

Preséntase a consideración do Pleno solicitude de escola obradoiro, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifféstase de acordo con todo o que supoña eleva-la situación laboral e económica, pedindo que non sexa publicado como algo que xa se logrou.

- A mesma postura manifesta a Sra. Faraldo, voceira do PP, quen pide que se lle dea a oportuna publicidade e se apliquen criterios de igualdade de condicións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-la memoria e proxecto formativo 2003/2005 da escola obradoiro "Concello de Betanzos". 2º.- Solicita-las correspondentes subvencións á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Mulle e Xuventude, para a posta en funcionamento da devandita escola

obradoiro "Concello de Betanzos", cunha duración de 24 meses e 60 alumnos-traballadores. 3º.- Facultar á Alcaldía para levar a cabo tódolos trámites necesarios para o bo fin do acordo adoptado.

6.- SOLICITUDE DE OBRADOIROS DE EMPREGO.

Dase conta de petición de obradoiros de emprego "Asistencia Social" e "Promoción do Turismo", que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

Sometido o asunto a votación, tras manifestarse os Sres. Voceiros dos grupos no mesmo sentido que no punto anterior, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-las memorias 2003-2004 dos obradoiros de emprego: "Asistencia Social" e "Promoción do Turismo". 2º.- Solicita-las correspondentes subvencións á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, para posta en funcionamento dos devanditos obradoiros de emprego, cunha duración de 12 meses cada un e 15 e 30 traballadores respectivamente. 3º.- Facultar á Alcaldía para levar a cabo tódolos trámites necesarios para o bo fin do acordo adoptado.

7.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE SOLICITUDE DE IMPLANTACIÓN NO IES "FRANCISCO AGUIAR" DE CICLO SUPERIOR DE "INFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN TURÍSTICAS".

Dase conta solicitude de implantación no IES "Francisco Aguiar" de ciclo superior de "información e comercialización turísticas", que conta co dictame da Comisión de Programación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda apoia-la petición do IES "Francisco Aguiar" de implantación para o próximo curso 2003/2004 dun ciclo superior de "información e comercialización turísticas".

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de iniciar este punto, faise a presentación do novo interventor, D. Ángel Santamariña Rivera, e invítase ós Sres. Concelleiros a asistir a FITUR.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Doporto, voceiro do grupo municipal do BNG:

- Solicitan que se intente elimina-lo cable que se instala entre a igrexa de San Francisco e o edificio da "pescadería" os días que hai concerto na citada igrexa, posto que para asegura-lo cable, faise un burato nun sillar da igrexa de Santa María, ademais de distorsiona-la beleza da praza.

- Solicita acondicionamento de praza en Caraña de Abaixo.

- Solicita a constitución da comisión de persoal, manifestando o incumprimento que supón da promesa realizada.

- Solicita que se dispoñan autobuses para a asistencia ás manifestacións da plataforma "Nunca Máis" na Coruña e Madrid os próximos 9 e 23 de febreiro.

- Felicita á Sra. Faraldo polo seu nomeamento en "Portos da Coruña"

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo municipal do PP:

- Solicita asfaltado de camiño de Vista Alegre, que vai por riba da SEAT.

- Solicita a entubación das augas do mesmo camiño, entendendo que en ocasións baixan tamén augas suxas.

- Pide a retirada dunha vala abandonada na rúa Venezuela.

- Na mesma rúa indica, para transmitir á Policía Local, a existencia dun establecemento que incumpre os horarios.

- Pide información sobre a orde dada ó Concello para o precinto dunha obra, despois de reiterados escritos, inquirindo sobre certo trato de favor na forma de face-la notificación.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA DEZANOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor.:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas do mércores día dezanove de febreiro de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vintesete de xaneiro pasado. O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, aclara o relativo á promesa que se fixo sobre a comisión de persoal.

2.- DAR CONTA DE ASUNTOS VARIOS.

Dase conta ó Pleno dos escritos seguintes, enviados por:

* Centro Betanzos de Bos Aires (Arxentina), manifestando a súa máis sentida solidariedade co pobo galego e principalmente cos seus mariñeiros e pescadores pola traxedia ecolóxica causada polo afundimento do buque "Prestige". O Pleno dase por enterado.

* Alcaldía do Concello de Bullas (Murcia), remitindo certificación de acordo plenario do 18-12-2002 relativo a moción presentada polo grupo municipal socialista, referente ó apoio do pobo galego pola catástrofe do "Prestige". O Pleno dase por enterado.

* Deputación Provincial da Coruña, remite copia de convenio asinado con este Concello para a financiación das obras de "mellora de instalacións do campo de fútbol do Carregal". O Pleno dase por enterado.

* Coral Polifónica de Betanzos, comunica elección de novo presidente e composición da nova xunta directiva desa agrupación. O Pleno dase por enterado.

* Presidente da Xunta de Galicia, xustifica recepción de copia de acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en relación ó escrito da Comisión de Centro de Especializada do Complexo Hospitalario Juan Canalejo en defensa da sanidade pública. O Pleno dase por enterado.

3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE APOIO Á CREACIÓN DUN CENTRO COMERCIAL ABERTO.

Dase conta de moción do BNG sobre apoio á creación dun centro comercial aberto no casco histórico de Betanzos, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

Incorporados neste punto os concelleiros do grupo popular, iníciase a súa exposición, indicando o Sr. Doporto, voceiro do BNG, o contido da proposta, solicitando o apoio unánime.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica o apoio do seu grupo á idea que xa propuxo a Fundación Comarcal, considerando bo que todos colaboren na fonte de vida fundamental e nun sector tan importante como é o comercio.

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que se apoiou xa a proposta na Fundación e a Alcaldía xa reflectiu con anterioridade o acordo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda apoia-lo proxecto de creación dun centro comercial aberto no casco histórico de Betanzos proposto polo xerente da Fundación Comarcal, que conta co apoio da asociación de comerciantes local.

4.- MOCIÓNS EN RELACIÓN CO CONFLICTO ARMADO DE IRAQ.

Neste punto da orde do día incorpórase o Sr. Beade.

Póñense en coñecemento do Pleno mocións dos grupos socialista e nacionalista, relacionadas co conflicto internacional en Irak, que veñen dictaminadas pola Comisión Informativa.

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, da conta de que os dous grupos que promoven as mocións acordan refundilas nunha soa que recolla en síntese ámbalas dúas, invitando ó grupo popular a sumarse á mesma.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que como indicou na comisión, quería facer entrega doutra moción que desexa explicar, procedendo a súa lectura, dando lugar a un incidente co Sr. Alcalde sobre a seriedade que se está dando ás declaracións que se fan. En resumo, sinala que non aceptarán algo que estea en contra da resolución das Nacións Unidas, polo que non poden incorporar cuestións que vaian por diante das mesmas, sen prexuízo do desexo de arranxo pacífico.

O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que todos sabemos o que apoia o grupo popular, que non é máis que a actitude belicista do Sr. Bush, manifestando que non queren ser comparsas, opoñéndose a calquera ataque dos Estados Unidos.

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, fai referencia ás recentes declaracións do presidente do goberno e matiza que outras resolucións da ONU non se cumpren, indicando que se segue sen saber cal vai se-la posición do goberno español, anque si está entre os máis belixerantes; remata condenando enerxicamente unha guerra que se ve comercial e especulativa.

A Sra. Faraldo entende que se entra en debates que corresponden a outras instancias políticas, como o Congreso ou o Ministerio de Asuntos Exteriores. Hai que dicir si á paz sen demagoxias, así como á liberdade e democracia, pero non para erosionar ó goberno.

O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, incide en que co goberno militar de EEUU non se pode conseguir nin liberdade nin paz.

Remata o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, que o seu grupo vai defende-la mesma postura en tódolos lados, co máximo respecto ós cidadáns do mundo.

O Sr. Alcalde considera debatido o asunto e antes de sometelo a votación pídese, pola Sra. Faraldo, que se voten as dúas propostas.

Entende o Sr. Alcalde que é outro mecanismo que ten a súa disposición para solicita-lo voto da súa moción. Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto favorable de doce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manue, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes do Partido Popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso), acorda: 1.- Rexeitar publicamente un ataque militar dos EEUU contra Iraq. 2.- Instar ó Goberno do Estado a manter, en relación co conflicto de Iraq, unha posición de respecto á legalidade internacinal e, en consecuencia: A) Opoñerse nos foros e organismos internacionais a un ataque militar de EEUU a Iraq. B) Adoptar no Consello de Seguridade de Nacións Unidas unha posición contraria a promover ou autorizar un ataque militar contra Iraq, por non existir actualmente razóns que o xustifiquen. C) Defende-lo emprego das iniciativas diplomáticas necesarias por parte da ONU para solventar por vías pacíficas o conflicto entre EEUU e Iraq. D) Adoptar unha posición favorable á prórroga que solicitarán os equipos de inspección para continua-lo seu traballo en Iraq. E) España non apoiará nin se implicará, directa ou indirectamente, nunha acción unilateral da Administración Bush contra Iraq. E) Comunicar ós EEUU a negativa a permiti-la utilización das bases situadas en territorio español ou do espacio aéreo do estado español denro dunha campaña de ataque militar contra Iraq. F) España debe esixir, como o fixeron Francia e Alemania, unha nova resolución, no seu caso, analizando o informe dos inspectores despois da prórroga, para que se cumpra o decidido por Nacións Unidas. G) O goberno promoverá no Consello da Unión Europea a adopción dunha posición común respecto do conflicto de Iraq,

favorecendo o fortalecemento e a eficacia da política exterior e de seguridade común en asuntos de especial relevancia internacional, así como a coordinación das actuacións ó respecto dos estados membros en Nacións Unidas. H) O Presidente do Goberno debe remitir unha comunicación e comparecer ante o Parlamento para fixa-la posición de España ante o conflicto, antes de adoptar ningún compromiso ante unha guerra en Iraq. 3.- Destes acordos darase traslado á Federación Galega de Municipios e á Federación Española de Municipios e Provincias, así como ás presidencias do Parlamento Galego e Español, os distintos grupos parlamentarios que os forman e á Presidencia do Goberno de España.

En explicación de voto a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, destaca que o que se aproba non é a proposta que se tratou na comisión, senon que se introduce como nova, o que supón un distinto raseiro no trato ás súas propostas. Insiste o Sr. Alcalde en que son outros os mecanismos.

5.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE PROGRAMA DE TV LOCAL DIXITAL.

Preséntase a consideración do Pleno, comunicación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo ó respecto da posibilidade prevista na Lei 14/95 de televisión local por ondar terrestres, para a xestión directa dun programa de televisión local dixital. Vén dictaminado pola Comisión Informativa de Programación.

O Pleno, por unanimidade, acorda manifestar á citada consellería o parecer favorable deste Concello para dita xestión, solicitando se teña en conta á hora da reserva dos correspondentes canais e frecuencias.

6.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE ASUNTOS SOCIAIS.

Dase conta de acordo de proposta da Sra. Concelleira de asuntos sociais en relación con acollerse á Orde de 8 de xaneiro de 2003 (DOG nº 13 de 21 de xaneiro de 2003), pola que se regulan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servicios sociais polas corporacións locais, ó obxecto da súa ratificación polo Pleno. Conta co dictame da Comisión Informativa de Progamación.

Os grupos políticos de oposición anuncian o voto favorable.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Acollerse á Orde do 8 de xaneiro de 2003 publicada no DOG nº 13 de data 21 de xaneiro de 2003, pola que se regulan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servicios sociais polas corporacións locais e a accesibilidade e eliminación de barreiras para solicita-lo seguinte: A.- Servicios sociais comunitarios (de atención primaria): mantemento e ampliación de persoal (1 psicóloga, 1 coordinadora, 2 traballadores sociais, 1 pedagogo, 1 educador social, 1 animador sociocultural, 1 auxiliar administrativo e 1 limpadora); mantemento da xestión dos servicios sociais comunitaaaarios; mantemento e ampliación do programa de axuda a domicilio (6 auxiliares do fogar, ampliación a xornada completa das 3 auxiliaries existentes e contratación dunha nova a xornada completa); mantemento do programa de captación de voluntariado e cooperación social; mantemento do programa de emerxencia social; mantemento dun programa de educación familiar; mantemento do programa de intervención comunitaria e mantemento do programa de prevención de drogas. Así mesmo, que os servicios sociais comuntarios derivados de prórroga se continúen prestando nas mesmas condicións que o pasado ano. B.- Dotación de dous equipos informáticos para o Departamento de servicios sociais. C.- Servicios sociais de atención especializada: mantemento e programación do centro social da

terceira idade. D.- Eliminación de barreiras arquitectónicas: Instalación de elevador no edificio Liceo. 2º.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites se consideren oportunos para o bo fin destes acordos.

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Antes de rogos e preguntas, preséntanse a consideración as seguintes mocións de urxencia:

MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE O CONFLICTO INTERNACIONAL DE IRAQ.

A Sra. Faraldo solicita a introducción polo trámite de urxencia da moción non admitida no punto 4 deste Pleno, presentada polo seu grupo.

O Pleno, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros, acorda inclui-lo asunto na orde do día.

Xa no debate do asunto, entrégase ó secretario o texto da moción que, en resumo, indica que se apoie ó Goberno do Estado nas súas actuacións relacionadas co conflicto internacional de Iraq. A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, indica que se o problema para o consenso sobre a moción está na felicitación ó goberno, verá de retirala.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos cinco concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso) e o voto en contra dos outros doce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda rexeita-la moción.

MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A MANIFESTACIÓN QUE PROMOVE A PLATAFORMA "NUNCA MAIS".

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, presenta moción en apoio da manifestación prevista pola plataforma "Nunca Máis", o próximo domingo en Madrid, en protesta pola mala xestión e en esixencia de responsabilidades políticas pola catástrofe orixinada polo buque "Prestige", proposta consensuada co BNG, invitando ó grupo popular a asinar dita proposta e apoiala.

O Pleno, por unanimdade, o que supón a maioría absoluta legal do número de membros, acorda inclui-lo asunto na orde do día.

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, dá lectura á proposta da moción.

Xa no debate, a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta a súa postura contraria ó apoio á manifestación, chamándolle a atención que neste caso se pense no pagamento de autocares, o que non se fixo noutras ocasións en que houbo peticións de apoio.

O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, indica que o seu grupo integra a plataforma "Nunca Máis", polo que apoia a súa postura. Comparte tamén a oferta ó PP, para que se sume.

Insiste o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socalista, en que a plataforma está aberta a tódalas aportacións e, nese senso, invita a asistir ó acto que sobre o asunto organiza a asociación Bernardo Miño na aula de cultura.

O Pleno, co voto favorable de doce dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes do Partido Popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso), acorda: 1º.- Respalda-la manifestación convocada pola

plataforma "Nunca Máis" para o próximo día vintetrés de febreiro que terá lugar en Madrid. 2º.- Igualmente, respalda-las iniciativas e accións da devandita plataforma. 3º.- Colaborar no pagamento de un autobús para desprazar a aqueles cidadáns do noso municipio que o requiran á citada manifestación.

Antes de entrar no apartado de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde invita ós Sres. Concelleiros á inauguración das instalacións de Guiliade o próximo venres día 28 e á conferencia organizada polo Instituto de Estudios Políticos e Sociais o vindeiro día 27 ás 20 horas.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Doporto, voceiro do grupo municipal do BNG:

- Pídese a regulación do aparcamento de remolques de camións no hipermercado de nova construcción así como a súa vixilancia.

- Solicita que se inste á Deputación o remate das obras do polideportivo no "Vales Villamarín".

- Pide que se tomen medidas ó obxecto de facilitar, tanto en Saavedra Meneses como nas Cascas, o aparcamento a locais de negocio e talleres.

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo municipal do PP:

- En primeiro lugar, felicita ó Concello pola idea de instalar na antiga cafetería Maíno unha oficina de información.

- Pide unha maior colaboración para soluciona-lo problema da ocupación ilegal das naves onde se vai construi-lo centro de saúde, que considera tema de todos.

- Pregunta sobre a problemática de certas persoas para obte-la escritura de nichos que adquiriron recentemente.

- Pide que se regule, con criterio uniforme, a situación creada na supresión de recibos de recollida de lixo respecto a edificios ou vivendas desocupadas.

- En relación cun rogo anterior do BNG, aclara que a obra do "Vales Villamarín" non é da Deputación senon do Concello, solicitando aclaracións sobre a paralización.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTECATRO DE MARZO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Andrés Otero Botana.

Non asisten, con desculpa:

D. Andrés Beade Dopico.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor.:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do luns día vintecatro de marzo de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día dezanove de febreiro pasado.

2.- DAR CONTA:

- DE LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2002.

Dase conta de resolución da Alcaldía-Presidencia número 232/2003 pola que se presta aprobación á liquidación do presuposto do exercicio 2002, cun remanente líquido de tesourería total de 147.291,89 E, polo que tendo en conta que o remanente líquido de tesourería para gastos con financiación afectada é de 212.138,55 E, o remanente líquido de tesourería para gastos xerais negativo é de 64.846,66 E. O Pleno dase por enterado.

- DE ASUNTOS VARIOS.

Dase conta ó Pleno dos escritos seguintes, enviados por:

* Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Histórico, da Secretaría de Estado de Cultura, en relación coa solicitude baseada no escrito do Instituto de Estudios "Torre de Hércules" de declarar dito monumento ben cultural patrimonio da humanidade para a súa posterior inscrición na lista de patrimonio mundial. Comunica que consideran que a Torre de Hércules debe permanecer protexida baixo a categoría de BIC, así como esperar a que sexa incluída na lista indicativa a instancias da Xunta de Galicia e

logo documentarse e presentarse no momento oportuno e cando as circunstancias así o aconsellen. O Pleno dase por enterado.

* Concello de Castilleja del Campo, remite certificación de acordo adoptado polo pleno desa corporación en sesión do día 7 de febreiro de 2003 acerca de "moción sobre o desastre ecolóxico do buque Prestige". O Pleno dase por enterado.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE MELLORA DO PUNTO DE RECOLLIDA DE ACEITES USADOS.

Dase conta de moción presentada polo grupo popular, indicando a Sra. Faraldo, voceira do PP, que se trata dunha moción sinxela, relativa á situación na que se encontran os depósitos destinados á recollida dos aceites usados, situación que se mellorou desde que se presentou a moción.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do BNG, indica que ó seu grupo lle parece ben o acondicionamento pero considera que algo terá que dici-la empresa que xestiona o punto limpo, solicitando que se informe ó respecto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica a competencia que a tales fins ten o Consorcio das Mariñas, considerando que está na súa idea a mellora e así consta no estudio que ó respecto ven facendo a empresa concesionaria, para a súa prestación no punto limpo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, indica que se se vai levar ó punto limpo, se limite a adecentar.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, considera que se debe acondicionar dada a experiencia neste Concello no cumprimento dos prazos.

- O Sr. Lagares, D. Antonio, voceiro do PSdeG-PSOE, indica que non é só unha cuestión de Betanzos, senon do Consorcio.

O Pleno, por unanimidade, acorda: que pola Alcaldía se tomen as medidas necesarias para adecuar de acordo coas normas correspondentes o punto de recollida de aceites usados de Bellavista.

4.- MOCIÓN DO BNG PARA HABILITACIÓN DE LOCAIS PARA ENSAIO MUSICAL.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, da conta de moción do seu grupo relacionada coa habilitación de locais para ensaio musical, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo,voceira do PP, anuncia o apoio do seu grupo.

- Pola súa banda o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, apoia a moción, facendo referencia ó rexistro de asociacións, así como das relacións co concelleiro de cultura.

O Pleno, por unanimidade, acorda: que se habiliten locais de ensaio para as distintas formacións musicais existentes no noso Concello, así como un regulamento para o seu uso.

5.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE A SITUACIÓN SANITARIA EN GALICIA.

Dase conta de moción presentada polo grupo socialista, relacionada coa situación sanitaria de Galicia, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica o voto en contra do seu grupo, xa que non reflicte o que se pretende coa lei. Sinala que a mesma teima xa se mantivo cando o Sr. Romay foi ministro, en relación coa privatización da sanidade, insistíndose de forma orquestrada en tal manipulación, o que considera que non se debe de facer con temas tan importantes. Entende que a sanidade galega está mellorando e non por mocións que cre oportunistas e políticas.

- O Sr. Otero,voceiro do BNG, afirma que o medo á privatización teno moita xente, sinalando como proba da filosofía xeral do Partido Popular, que pretende impoñer nesta lei, o seu artigo 104.5 cando fala de optimizar recursos de servicios esenciais, o que vai en contra do beneficio xeral, supresión de dereitos laborais, precariedade no emprego, supresión na gratuidade de tratamentos de persoas crónicas, etc., o que da lugar a un proxecto moi inxusto, que busca a desviación a empresas privadas, que non soluciona problemas como as listas de espera, considerándoa unha moción lícita, producto da preocupación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera que os cidadáns se decatan do que se está a facer co estado de benestar que se está desmontando, neste caso coa sanidade, cunha manobra orquestrada a través das fundacións. Proponse a retirada da lei, porque se segue sen resolve-las listas de espera, seguen sen incorporarse as especialidades ós centros comarcais, non hai planificación e non se atende a unha sanidade de interese social e público, senon máis ben desvíanse os presupostos ó sector privado, a través de formas de privatización, chamando a atención do proposto no art. 104.5 sobre a cofinanciación da atención dos enfermos crónicos, ou o nomeamento dun valedor do usuario que o nomea o concelleiro. Remata pedindo que se recapacite sobre estes temas e que se retire a lei.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, defende a postura da lei e fai referencia a que no ano 2000 os cidadáns lle deron a razón ó seu partido, significando que a realidade demostra que non se privatiza a sanidade, o que non é compartido polos cidadáns, considerando o discurso do grupo socialista anclado nos anos 70 e descolocado da situación ideolóxica do PP. Afirma que coas fundacións están de acordo os usuarios ó igual que os profesionais, o que entende que é coñecido por todos.

- O Sr. Otero,voceiro do BNG, sinala que as maiorías políticas non o lexitiman todo, considera que o modelo do PP é inxusto e discriminatorio e politicamente rancio.

Segue outra intervención do Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, en semellantes termos.

O Sr. Alcalde considera suficientemente debativo o asunto e sometido a votación, o Pleno, co voto favorable de dez dos concelleiros presentes (9 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e 1 do BNG, Sr.: Otero) e o voto en contra dos outros cinco concelleiros presentes do Partido Popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso), acorda: Que o Concello de Betanzos inste á Xunta de Galicia a que retire do Parlamento o proxecto de lei de ordenación sanitaria de Galicia, e abra un proceso de diálogo con tódalas entidades con presencia e representatividade no sector sanitario, así como coa oposición política, na busca do maior consenso posible no contido final dunha norma de enorme trascendencia para os cidadáns galegos.

6.- <u>MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE O A TAQUE A IRAQ.</u>

Dase conta de moción que presenta o grupo socialista relacionada co ataque a Iraq, que vén dictaminada pola Comisión Informativa, indicando que na mesma se convidou a asinar esta moción a tódolos grupos para que fora unánime a postura, o que se consideraría moi satisfactorio.

- A Sra. Faraldo, voceiro do grupo popular sinala que tal como está presentada non comparten a moción, solicitando que se tramite por urxencia outra que propón.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, presenta a necesidade perentoria de trata-la moción, considerando un acto de ética facer fronte a esta violencia. Insiste en que ó igual que no Pleno anterior, hai que dicir si á paz sen demagoxias, e que esta actuación en contra das Nacións Unidas dinamitarao todo. Espera que non se sexa cómplice deste xenocidio, xa que quen cala é tamén culpable.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, insiste no carácter ilegal desta guerra, resaltando que algún dos líderes que a promoven responderán ante o Tribunal Penal Internacional, chamando a atención que condenen a dictadura de Sadam cando aínda non condenaron a de Franco. Propón transaciona-la moción pedindo ó grupo popular que teñan valentía contra a guerra.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, quere aclarar que o seu partido si condenou a dictadura de Franco, lembrado así mesmo a masacre de nenos curdos por Sadam, dando lectura posteriormente a un artigo de prensa pretendendo xustifica-la guerra, en defensa da súa postura.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, considera que le tal artigo para autoconvencerse, xa que hai outros moitos que expoñen o contrario. Afirmar que todos condenamos a Sadam e chámalle a atención a actual preocupación polo pobo curdo, cando non hai moito que o goberno de Aznar non quixo recibir ó presidente do seu parlamento no exilio. Limita a cuestión a un problema de conciencia, faltando a suficiente valentía e sentándose un mal precedente en canto sempre se condenou a violencia.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que esto é o que traerá o postcapitalismo: bombardeos, considerando conveniente evoca-la historia e facendo referencia a Bernardo Miño, que xa no seu día en Betanzos condenaba a guerra de Marruecos. Pide que se loite contra a violencia, como recomenda o Papa, e máis ante unha guerra ilegal.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, manifesta estar impresionada ante as proclamas ben fiadas que se dixeron, pero non é certo o que se di, respecto das posturas internas, poñendo de manifesto a súa abstención ante a moción.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (9 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e 1 do BNG, Sr.: Otero) e a abstención dos outros cinco concelleiros presentes do Partido Popular (Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso), acorda: 1.- Considerar que o ataque militar contra Iraq carece de xustificación e que o desarme dese país, nos termos esixidos pola Resolución 1441 e outras resolucións do Consllе de Seguridade de Nacións Unidas, debería terse producido mediante a aplicación e o esforzo dos mecanismos de inspección previstos na propia resolución citada. 2.- Considerar igualmente que este ataque militar non ten cobertura legal, ó noncontar co respaldo do Consello de Seguridade e non responde ó acordo de ningunha organización multilateral, e supón, polo tanto, unha guerra preventiva ilexítima e contraria á legalidade internacinal. 3.- Considerar que o apoio a esta guerra tamén é pernicioso pois resta fortaleza moral ós seus defensores, na loita contra o terrorismo no Estado Español ó distinguir entre violencia boa e violencia mala. Sería boa, segundo este razonamento, a exercida contra o pobo iraquí e mala a exercida polas organizacións terroristas. Tódalas violencias son deleznables e tan valiosa é a vida dun neno español como a dun neno iraquí. 4.- Instar ó Goberno a non participar, de ningún modo, de forma directa ou indirecta, nas operacións militares que se levan a cabo en Iraq, nin conceder autorizacións de uso de

bases ou do territorio español en apoio destas. 5.- Instar ó Goberno a realiza-los chamamentos precisos e adopta-las medidas necesarias para que cese o máis rápido posible, en tódolos ámbitos bilaterais e multilaterais. En concreto, o goberno promoverá a convocatoria dunha reunión do Consello de Seguridade de Nacións Unidas e a adopción por este órgano dunha decisión dirixida á solución pacífica da crise mediante o pulo e o reforzo do proceso de inspeccións e a formulación dun programa de traballo polos equipos de inspección e verificación. Igualmente, o Goberno promoverá a convocatoria dun Consello Europeo extraordinario co obxectivo de recompoñer unha posición común da Unión Europea sobre o conflicto de Iraq e a súa solución pacífica. 6.- Poñe-las bandeiras dos edificios oficiais dependentes do Concello a media asta mentres dure esta agresión. 7.- Estes acordos comunicaranse ó Goberno da Nación e ó Congreso dos Deputados e á Unión Europea.

7.- PROPOSTA Ó PLAN XXI DE INFRAESTRUCTURAS LOCAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dase conta de proposta ó Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003 da Deputación Provincial da Coruña, que vén dictaminada pola Comisión Informativa de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala que o seu grupo está de acordo coa realización de investimentos, pero indica a súa abstención en canto considera que establecerían outras prioridades.

O Pleno, co voto a favor de catorce dos concelleiros presntes (9 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López, e 5 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso) e a abstención do concelleiro presente do grupo nacionalista (Sr. Otero), acorda: 1º.- Participar no Plan XXI de infraestructuras locais de transporte e de travesías municipais 2003 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, as bases do cal se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización das seguintes actuacións pola orde de prioridade sinalada dos investimentos que a continuación se indican:

Denominación	Presuposto	Aportac. Provinc.	Aportac. Mpal.
Acond. e mellora das rúas: rúa da Torre, Rúa Nova, Sta. Maria e outras.....	40.456,32 E	40.456,32 E	0,- E
Total.....	40.456,32 E	40.456,32 E	0,- E

2º.- Aprobar, no seu caso, os correspondentes proxectos técnicos das obras ou o prego de prescricións técnicas do subministro dos investimentos previstos no apartado 1.

3º.- Declarar que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e que no suposto de que se soliciten actuacións en bens patrimoniais ou de dominio público que estean sometidos a autorizacións ou concesións administrativas, o Concello comprométese a súa obtención con carácter previo á licitación da obra.

4º.- Facultar ó Alcalde-Presidente para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

8.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI.

Dase conta de proposta de modificación da ordenanza fiscal do IBI, en adaptación á nova redacción da Lei de facendas locais, constando os informes oportunos. Vén informada pola comisión de Programación.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, considera as medidas que se adoptan en boa dirección, pero illadas, co que non se consigue nada, anunciando a súa abstención.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia igual postura, coma no resto dos asuntos económicos, anque está de acordo, pedindo que non se inclúa como se fora proposta do Alcalde, xa que é unha modificación legal, polo que se pide que non se manipule a información.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, di que non se manipula, que outro grupo si informou á xente, pero mal. A proposta supón unha adaptación á modificación da lei, debéndose informar máis obxectivamente.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, incide en que non se presente na prensa como algo só debido á bondade do Sr. Alcalde.

- Remata o Sr. Alcalde indicando que a proposta mantén criterios propios, dentro dos que marca a lei, en varios apartados.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López), e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (5 do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso e 1 do BNG, Sr.: Otero), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar provisionalmente as modificacións á ordenaza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles, de adaptación á reforma da Lei de facendas locais. 2º.- Que se continúe a súa tramitación, considerándose definitivamente aprobada se non se presentan reclamacións no período de exposición pública.

9.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Preséntase a consideración do Pleno proposta de recoñecemento extraxudicial de créditos, que vén dictaminada pola Comisión informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, insiste no carácter habitual destes expedientes, incrementándose as débedas.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, despois de sinalar que non se lles enviou información, supón que a proposta virá motivada polo remanente de tesourería negativo que ofrece a liquidación do presuposto. Teme como vai queda-la situación económica do Concello, sobre o que recibe consellos na rúa para que non acceda ó goberno polos problemas económicos que vai atopar.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considérao un asunto tan habitual nos concellos, poñendo como exemplo o próximo pleno da Deputación no que tamén se tratarán estes asuntos, que son propios da xestión económica. Respecto ós consellos que lle ofrecen á Sra. Faraldo, pídelle que sexa máis galega para entendelos ben.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros presentes do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López), e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (5 do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso e 1 do BNG, Sr.: Otero), acorda: Aproba-lo expediente extraxudicial de créditos por importe de cincocentos corenta e catro mil trescentos noventa e sete euros con vintecinco céntimos (544.397,25 E) de exercicios cerrados, para a súa inclusión no presuposto do presente ano.

10.- PROPOSTA DE REGULAMENTO DE TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Preséntase a consideración do Pleno do concello regulamento regulador da tenencia de animais potencialmente perigosos. Conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Otero, voceiro do do grupo nacionalista, anuncia o seu apoio, por consideralo importante, aclarando algunhas dúbidas sobre determinados aspectos.

- A Sra. Faraldo,voceira do grupo popular, anuncia tamén o seu apoio, manifestando a contradicción do que se di no Pleno co que se di na prensa, indicando que se trata dunha adaptación do normativa en vigor, polo que non hai moito máis que facer que cumprila.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, indica que o que se está propoñendo é a aprobación dun regulamente, sen entrar en considera-lo que se di na prensa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Aprobar inicialmente o regulamento regulador da tenencia de animais potencialmente perigosos, debéndose continuar coa súa tramitación regulamentaria e considerándose definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións no prazo de exposición pública.

11.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS.

Preséntase a consideración do Pleno, proposta de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal, ó obxecto da súa remisión á consellería competente para o informe a que se refire o artigo 85 da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, pon de manifesto que a proposta é consecuencia da chapuza e a inseguridade xurídica con que se xestiona o urbanismo no Concello, do que resultan afectados os compradores que xa efectuaron os pagamentos e que xa deberían ocupa-los edificios. A situación da lugar a confrontacións empresariais que orixinan os problemas ós veciños por un problema de carácter xeral na xestión, o que orixina o escaso investimento inmobiliario e a total inoperancia. Entende que hai que darlle saída a este problema concreto e anuncia a súa abstención.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, expón tamén a abstención do seu grupo. Reafirma tódalas palabras do voceiro do grupo nacionalista, cando define o urbanismo deste Concello, considerando que son lícitas estas modificación pero son proba de que falla a xestión e o caos urbanístico dase a tódolos niveis, para o que só fai falta dar un paseo e ve-la realidade. Considera a xestión desvirtuada, xa que os promotores teñen medo a solicitar licencias e a posteriores entrevistas co concelleiro de urbanismo, o que ofrece a realidade dun pobo paralizado. Quere facer fincapé na nova Lei do solo, que é unha lei boa e aprobada por unanimidade dos partidos no Parlamento; o que é malo é a xestión do Concello, facendo referencia á ausencia de solo urbano rústico e outras políticas de equipamentos, como os bancos que se están poñendo. Insiste en que a Lei do solo está ben presentada e demagoxicamente estase a botarlle a culpa á Xunta.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, manifesta que non cre que o seu grupo sexa o "coco", levándose unha política de participación directa no urbanismo. Acusa ó grupo popular de querer paraliza-las normas subsidiarias e agora teñen que facer fronte a costas do Tribunal Supremo. Pide que se diga a verdade, xa que ata o de agora só se presentaron catro modificacións, que sempre se tratou de impedilas na Xunta. Hai motivos para defende-los intereses dos veciños e que hai que descansar máis nos bancos. Respecto da Lei do solo, sinala que o grupo socialista sempre a valorou negativamente e é

unha das leis a derrogar, lei que por outra banda non é ben admitida pola nova Consellería e así o afirma o propio conselleiro. Consideran que intentan confundir e calumniar.

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, considera que a situación é "vox populi", a realidade é a das paralizacións, precintaxes de obras, non funcionando a xestión, o que leva á inhibición dos promotores, polo que pide que non se boten a outros culpas que son do grupo de goberno.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do grupo popular, considera que o Sr. Lagares fala para xustificarse diante dos seus concelleiros, entendendo que o Concello paga máis custas, anque ó mellor non sabe que pleitos perde. Sinala que se en tráfico se atopou un culpable, relegando a outro posto ó concelleiro delegado, en urbanismo a culpa está entre os irmáns Lagares, que son os que poden estar nerviosos, xa que o seu grupo non ten culpa de nada. Pide que se informe se non houbo un requirimento no xulgado ó Sr. Alcalde, insistindo en que se trata dunha situación xeralizada, preguntando baixo que criterios se amañan os problemas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que o que se está é botando cizaña, pedindo que se deixe tranquilo ó seu grupo, que ata o de agora non ofrece, para ir nas listas, diñeiro e postos de traballo, así como que non se faga publicidade negativa de Betanzos. Volvendo á modificación, preténdese dar seguridade ós veciños para que entren axiña nas súas casas. Insiste en que non se defenda a Lei do solo, pedindo que se aporten cousas concretas, e indicando que cando fala o fai en nome de tódolos concelleiros do seu grupo, e que non van conseguir paraliza-lo urbanismo de Betanzos.

Como conclusión final o Sr. Alcalde indica que a Lei do solo se aprobou co voto en contra dos grupos socialista e nacionalista e que no mesmo día de hoxe tódolos grupos representados na FEGAMP acordaron trata-lo asunto co conselleiro, que se mostrou disposto a modifica-la lei. Parécelle que a única excepción é a do PP de Betanzos.

O Pleno, co voto a favor dos nove concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Vázquez, López), e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (5 do Partido Popular, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso e 1 do BNG, Sr.: Otero), acorda: Tomar en consideración a proposta de modificación puntual das normas subsidiarias presentada por PROVECO SL para a unidade nº 4 e entendendo elaborada a mesma, remitila ó Sr. Conselleiro de política territorial e ordenación do territorio ó obxecto do informe previsto no artigo 85.1, segundo remisión do artigo 93.4, ámbolos dous da Lei 9/02 de 30 de decembro.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

*Dase contestación ó seguinte, efectuado polo PP na sesión anterior:

- En relación á problemática de certas persoas, para obte-la escritura de nichos, rógase se indique de quen se está a falar ó obxecto de citalos e aclara-los extremos que procedan.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Otero, voceiro do grupo municipal do BNG:

- Roga que se preste máis atención á limpeza dos aseos públicos. O seu estado nalgunhas ocasións impide que se poidan utilizar en condicións hixiénicas axeitadas.

- Rogan que se dirixan á empresa concesionaria de recollida do papel para que valeire con máis regularidade algúns colectores, en ocasións os veciños vense na obriga de

deposita-lo cartón e papel nas inmediacións do colector por estar este xa cheo e continua así durante días.

- Rogan que o Concello se dirixa á Consellería de Sanidade para que acometa o mantemento das instalacións do ambulatorio. Existen humidades, gretas, desconchados, etc., que non son permisibles nun centro de saúde e como queira que o futuro ambulatorio aínda vai tardar en entrar en servicio é preciso acondiciona-lo existente.

- Estanse urbanizando novas rúas como é o caso de Bellavista, nas que se están a colocar farolas de tipo globo. Estas farolas, ademais de ineficaces, provocan un impacto ambiental chamado contaminación lumínica. Como estas rúas no futuro terán que ser entregadas ó Concello, rogamos que se dirixan ás empresas urbanizadoras para que sexan cambiadas.

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo municipal do PP:

- Roga que se rectifiquen á baixa as taxas da pescadería, con motivo da recente catástrofe do "Prestige", en canto lles afecta nas vendas.

- Pide que se instalen máis colectores e que se retire con máis frecuencia o lixo no Camiño Real de Obre.

- Pide que o equipo de goberno se manifeste sobre o pagamento da taxa de lixo dos locais dados de baixa en luz e auga.

- Queren facer unha última aclaración, sobre o galimatías da Lei do solo e das ofertas por postos de concelleiro, aclarando que os concelleiros do PP non cobran por eso e non ofrecen postos de traballo para iso.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e quince minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.

D. Antonio Lagares Pérez.

D. Francisco M. Díaz Pereira.

D. Antonio Carro Galeiras.

D. José Ramón García Vázquez.

Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.

D. Andrés Beade Dopico.

Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor.:
D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas do mércores día nove de abril de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase, por unanimidade, a acta correspondente á sesión anterior, que tivo lugar o día vintecatro de marzo pasado.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INCIAL DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO.

Preséntase a consideración do Pleno proposta de modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento, referente ó ámbito da UEI número 4, rúa do Rollo-Cal das Barras. Acompáñanse os correspondentes informes.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que o seu grupo mantén ó respecto do planeamento a mesma postura da sesión anterior, anunciando a súa abstención en tanto que non gobernan, insistindo na inseguridade xurídica á que leva a xestión que se está a realizar, poñendo de manifesto así mesmo a grata sorpresa que lle supón a celeridade na actuación da Xunta, o que entende como consecuencia do cambio de conselleiro.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, tamén anuncia a abstención do seu grupo, como en xeral nos temas urbanísticos. Está de acordo coa afirmación do BNG, insistindo en que se crean situación de feito indebidas co consentemento do equipo de goberno, das que eles non son partícipes, esperando que o tempo lles dea a razón. Descoñecen se existe algún motivo para a rápida xestión da Xunta, anque coñecendo ó conselleiro era de esperar, xa que lle consta a súa capacidade.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, considera que como sempre se fala de todo menos do que hai que falar. Insiste na necesidade de revisión da Lei e considera que xa contestou a todo o que había que contestar.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros desta

Corporación, acorda: 1º.- Aprobar inicialmente a modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento no ámbito da UEI-4, rúa do Rollo-Cal das Barras, consonte proxecto redactado polo arquitecto Dª Mª del Carmen Calatayud Romero. 2º.- Continua-la súa tramitación regulamentaria, mediante exposición pública por prazo de un mes.

3.- PROPOSTA DE CONVENIO COA SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

Dase conta ó Pleno de proposta de convenio coa Secretaría de Estado de Facenda en materia de xestión catastral, que vén dictaminado pola Comisión Informativa.

- Por parte dos grupos da oposición ponse de manifesto o seu apoio, por entender que se trata de acerca-los servicios ós cidadáns.

Sometido a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo convenio coa Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) en materia de xestión catastral. 2º.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do citado convenio e para a realización dos trámites derivados deste acordo.

4.- SOLICITUDE DE OBRAS PARA INCLUSIÓN DO PLAN OPERATIVO LOCAL (POL) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Preséntase a consideración do Pleno proposta sobre solicitude de obras para inclusión do Plan Operarivo Local (POL) da Deputación Provincial da Coruña, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Prestar aprobación ós proxectos: "conservación e recuperación do casco histórico: pavimentación e renovación de servicios na rúa da Cerca e na rúa Lanzós" e "construcción e melloras de centros sociais en Betanzos O Vello, Piadela, Xan Rozo, Castro, A Ribeira e Touriñao", realizados polos Servicios Técnicos deste Concello. 2º.- Solicitar da Excma. Deputación Provincial da Coruña a inclusión dos citados proxectos no Plan Operativo Local (POL) para a súa execución. 3º.- Faculta ó Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue para realizar cantos trámites sexan necesarios para o bo fin destes acordos.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de "rogos e preguntas" sométese a consideración do Pleno o asunto que se indica a continuación, non incluído na Orde do Día da Convocatoria, do que se solicita polo Sr. Lagares (D. Antonio) a súa inclusión:

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALE PARA REAXUSTE DE ALIÑACIÓNS E REORDENACIÓN DE VOLUME EDIFICATORIO EN UNIDADE EDIFICATORIA NA RÚA DR. FLEMING-CRUZ VERDE.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de quince dos concelleiros presentes (10 do grupo socialista, Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López, e 5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso) e o voto en contra dos outros dous concelleiros presentes (do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda a declaración da urxencia do asunto. O Sr. Doporto, voceiro do BNG, xustifica o voto do seu grupo, xa que entende que o urbanismo ha de ser obxexto de maior debate, sorprendido de que se alegue unha urxencia que non se xustifica.

A mesma postura di comparti-la Sra. Faraldo, voceira do PP, anque considera que existirán causas reais que xustifiquen non ter incluído o asunto na Orde do Día, pedindo unha explicación máis detallada.

O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, lamenta a ausencia dos Sres. concelleiros á Comisión Informativa, onde se presentou xa o asunto, que vén dado pola premura de tempo en que estamos, quedando toda a documentación a disposición dos Sres. concelleiros, tratándose dun estudio de detalle totalmente tramitado sen obxeccións.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia a súa abstención, como nos demais asuntos urbanísticos, insistindo na mala xestión que se ven facendo.

O Pleno, co voto a favor dos dez concelleiros do grupo socialista (Sres.: Lagares Manuel, Sánchez, Lagares Antonio, Carro Galeiras, Díaz, García, Gómez, Beade, Vázquez, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (5 do PP, Sres.: Faraldo, Carro Erias, Romay, Martinez, Agraso, e 2 do BNG, Sres.: Doporto, Otero), acorda: aprobar definitivamente o estudio de detalle para reaxuste de aliñacións e reordenación de volume edificatorio en unidade edificatoria na rúa Dr. Fleming-Cruz Verde, consonte proxecto redactado polo arquitecto D. Agustín Concheiro Riande.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Polo Sr. Doporto, voceiro do grupo municipal do BNG:

- Solicita a mellora da beirarrúa construida hai quince días en Caraña de Arriba.
- Pide que se informe sobre medidas en canto ós medios da radio pública na próxima campaña electoral.

Polo Sr. Otero, do grupo municipal do BNG:

- Ante as obras na rúa Pintor Seijo Rubio, pide que se limpe adecuadamente ó remata-las mesmas
- Pide a reposición de elementos no camiño dos Caneiros.

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo municipal do PP:

- Pregunta pola tarifa da lancha municipal, así como se cumpre os seguros e a patronaxe necesarios.
- Solicita medidas sobre as humedades das vivendas de Martín Ballesteros.
- Pide que se tomen medidas ante as pintadas insultantes e ameazadoras para o seu grupo, que aparecen incluso en porta do Concello.
- Pide que se tomen medidas ante o abandono existente na pista a Touriñao.
- Roga que se aboen as asignacións ós grupos o máis axiña posible, ante os gastos das próximas eleccións.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE ABRIL DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Presidente:

D. Antonio Lagares Pérez.

Sres. concelleiros:

D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.

Non asisten, con desculpa:

D. Manuel Lagares Pérez, Alcalde.
Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Andrés Otero Botana.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor.:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do luns día vinteoito de abril de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. tenente de alcalde D. Antonio Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- NOMEAMENTO DE MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 2003.

Efectuado o sorteo realizado para elixi-los membros das mesas electorais con motivo das leccións municipais de 2003, o Pleno, por unanimidade, acorda nomea-las persoas que se relacionan, nomeando tamén para substitucións, por posibles recusacións ou abstencións que acepte o Sr. Xuiz, 5 suplentes por mesa segundo se indica, quedando pois formadas as mesas electorais consonte se reseña, coas persoas que se expresa e para os cargos que se sinala:

SECCION: 001 MESA U

ARES IGLESIAS LUIS MANUEL	PRESIDENTE
ABEAL PEREZ IGNACIO	1º VOCAL

CACHAZA MOREIRA ANDRES JOSE	2º VOCAL
MOSQUERA MORALES MANUEL GERMAN	1º SUPLENTE PRESIDENTE
RAMOS SALINAS JORGE ESTEBAN	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
VELO NOVOA SANDRA	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
SANJURJO FERNANDEZ JOSE LUIS	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
ROMAY CABANAS CARLOS	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
PARDO COUCEIRO YOLANDA	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
GARCIA MERA FRANCISCO JAVIER	SUPLENTE
GOMEZ RODRIGUEZ ISABEL	SUPLENTE
YAÑEZ VAZQUEZ ALVARO	SUPLENTE
VARELA VIA SILVIA	SUPLENTE
FERNANDEZ MOUZO PEDRO	SUPLENTE
SECCION: 002 MESA U	
AMOR BUYO JOSE MANUEL	PRESIDENTE
CRESPO IGLESIAS JOAQUIN	1º VOCAL
GARCIA CASAL JOSE MANUEL	2º VOCAL
MARTINEZ GARCIA M. BELEN	1º SUPLENTE PRESIDENTE
REYES AMENEDO ANA ISABEL	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
ALVAREZ PLATAS JUAN	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
CUPEIRO GARCIA CARMEN SELENA	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
GRELA BELLON JOSE LUIS	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
MONTEAGUDO BOTANA GODOFREDO CAMILO	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
MARTINEZ NAYA JOSE MANUEL	SUPLENTE
LONGUEIRA SANCHEZ JOSE JAVIER	SUPLENTE
RODRIGUEZ RODRIGUEZ MARGARITA	SUPLENTE
ZAPATA MEDIN M. LUISA	SUPLENTE
TABOADA MOSQUERA LUIS RAMON	SUPLENTE
SECCION: 003 MESA U	
CAGIAO PICO MARIA DEL PILAR	PRESIDENTE
FERNANDEZ VILLAVERDE M. DOLORES	1º VOCAL
MORANDEYRA FAJARDO DE ANDRADE EMILIO	2º VOCAL
PORTA LAGARES JOSE MANUEL	1º SUPLENTE PRESIDENTE
VIDAL LOUREDA M. MANUELA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
AGUIAR BARRAL SILVIA	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
FERNANDEZ OTERO JORGE	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
GARCIA CAGIAO JUAN CARLOS	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
OUBEL REY JUAN MANUEL	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
TEIJEIRO PEDREIRA ALEJANDRO	SUPLENTE
GOMEZ RODRIGUEZ JOSE ALFONSO	SUPLENTE
VAZQUEZ ORGEIRA RAQUEL	SUPLENTE
PITA FERNANDEZ M. JOSE	SUPLENTE
MARIÑO VAZQUEZ EMILIO	SUPLENTE
SECCION: 004 MESA U	
ALVAREZ GARCIA GLORIA	PRESIDENTE
CACHAZA GOMEZ ANTONIO	1º VOCAL
CASAL MANSO MANUEL	2º VOCAL
ENCINAS LUIS PILAR	1º SUPLENTE PRESIDENTE
GARABOA VARELA EVA MARIA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
GARCIA RODRIGUEZ DOMINGO	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
LAREO SANCHEZ MARTIN	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
LOPEZ GARCIA IRIA	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
MOSCOSO RIO CRISTINA	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
PAZ TRILLO FERNANDO	SUPLENTE
RAICES SILVA OLGA ROSA	SUPLENTE
VALIÑO CAL LAURA	SUPLENTE
SAAVEDRA LOPEZ NIEVES	SUPLENTE
PAREDES PATO M. CARMEN	SUPLENTE
SECCION: 005 MESA A	
AGUADO LORENZO JOSE ANTONIO	PRESIDENTE

ALONSO PICADO M LUISA	1º VOCAL
AMOR GOMEZ MANUEL	2º VOCAL
LOPEZ GOMEZ FRANCISCO ANTON	1º SUPLENTE PRESIDENTE
CARRO LENDOIRO FRANCISCO JAVIE	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
FAFIAN SANCHEZ AGUEDA	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
GOMEZ LOUSA JOSE	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
FERNANDEZ PURRIÑOS M. LUZ	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
LENDOIRO PANTIN ALMUDENA	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
LUNA GOMEZ MAURO	SUPLENTE
GOMEZ NAVARRO ANTONIO	SUPLENTE
BUJIA RODRIGUEZ ISABEL	SUPLENTE
FERNANDEZ MARTINEZ PEDRO FRANCISCO	SUPLENTE
FERNANDEZ TEMPRANO MARGARITA	SUPLENTE
SECCION: 005 MESA B	
VILLAVERDE PEDREIRA RAMIRO ANTONIO	PRESIDENTE
VAZQUEZ GARCIA JUAN	1º VOCAL
VALIÑO NOGUEIRA M. BENIGNA	2º VOCAL
MARTINEZ PITA MANUEL	1º SUPLENTE PRESIDENTE
SOUTO GARCIA M. MAR	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
SEOANE ROEL JULIO	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
SANMARTIN OTERO RUBEN	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
NAVEIRA PLACER M. CAMILA	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
RODRIGUEZ PRECEDO ANA ISABEL	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
REIGOSA RIVEIROS DOLORES	SUPLENTE
PEREZ VAZQUEZ M. PATRICIA	SUPLENTE
PEDRE GARCIA JOSE	SUPLENTE
OUBEL SOUTO M. LUCIA	SUPLENTE
NOGUEROL MIRANDA M. CARMEN	SUPLENTE
SECCION: 006 MESA A	
LEIS CARUNCHO MARIA MANUELA	PRESIDENTE
ABRODOS LOUSA MARIA	1º VOCAL
BLANCO VARELA SANDRA MARIA	2º VOCAL
CAINZOS LOPEZ M. JESUS	1º SUPLENTE PRESIDENTE
COUCEIRO SEOANE OSCAR	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
DOPICO LOPEZ JOSE LUIS	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
FARIÑA MATEO MARIA TERESA	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
GALAN REY EMILIO JOSE	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
GARCIA ZABALZA SARA	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
GONZALEZ CORTES M. ENRIQUETA	SUPLENTE
GARCIA VEIGA MARTA MARIA	SUPLENTE
GONZALEZ VEIGA RAUL EDUARDO	SUPLENTE
ARGIBAY FILGUEIRA MARIA EVA	SUPLENTE
BUYO FARALDO JOSEFINA	SUPLENTE
SECCION: 006 MESA B	
YAÑEZ VILLAVERDE JOSE LUIS	PRESIDENTE
VARELA GONZALEZ LUIS	1ºVOCAL
RIVERA BARRAL MIGUEL ANGEL	2º VOCAL
OTERO CHAS M. ELENA	1º SUPLENTE PRESIDENTE
MACIAS SANCHEZ PATRICIA MARIA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
OTERO BARBEITO JOSEFA	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
PEDREIRA MONTES MIGUEL	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
RODRIGUEZ GARCIA DAVID ANTONIO	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
VILARIÑO PLATAS M. ISABEL	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
WARREN CAL LILIAN MAY	SUPLENTE
SISO FRANCO M. CARMEN	SUPLENTE
RIVA GARCIA LOURDES	SUPLENTE
OTERO VIAÑO MARIA TERESA	SUPLENTE
MIRAMONTES MORAS JUAN JOSE	SUPLENTE
SECCION: 007 SUBSECCION: 01 MESA A	

YAÑEZ VILLAVERDE ANGEL MANUEL	PRESIDENTE
CARRO CARRO MARIA PILAR	1º VOCAL
VAZQUEZ PICADO DIVINA	2º VOCAL
RAPOSO GARCIA JACOBO JOSE	1º SUPLENTE PRESIDENTE
SANCHEZ DIAZ MARIA VANESSA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
PANDELO FUENTES JOSE MANUEL	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
PEREZ MOSQUERA ROBERTO	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
PETEIRO SANCHEZ ARGIMIRO	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
MOUZO TRILLO M. BELEN	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
MOSQUERA SANCHEZ MANUEL	SUPLENTE
GARCIA ESCALADA M. VICTORIA	SUPLENTE
GOMEZ VARELA MANUEL	SUPLENTE
BONOME SANCHEZ CONSTANTINO	SUPLENTE
FACAL GARCIA M. ANGELES	SUPLENTE
SECCION: 007 SUBSECCION: 02 MESA B	
TEIJO CORTES JAVIER	PRESIDENTE
PAZOS TOJO MANUEL	1º VOCAL
RIO CORTES SANTIAGO	2º VOCAL
VIEITES MACEIRAS JOSE LUIS	1º SUPLENTE PRESIDENTE
GOMEZ DIAZ LIDIA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
NUÑEZ RODRIGUEZ JOSE LUIS	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
PITA GOMEZ ALBERTO	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
RICO RICO JOSE MANUEL	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
VIEITES MACEIRAS JOSEFA	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
FERNANDEZ DOPICO SANTIAGO	SUPLENTE
GAMBOA IGLESIAS M.CARMEN	SUPLENTE
LOPEZ MIÑO M. CRISTINA	SUPLENTE
PAZOS FANDIÑO LUCIA	SUPLENTE
PORTO GARCIA CARLOS	SUPLENTE
SECCION: 008 SUBSECCION: 01 MESA A	
BALEA MACEIRA MIGUEL	PRESIDENTE
CALVO COBELO JORGE	1º VOCAL
CARRO IGLESIAS M. JOSE	2º VOCAL
CARIDAD NAYA FRANCISCO JAVIER	1º SUPLENTE PRESIDENTE
DIAZ VARELA BERTA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
FRAGA RODRIGUEZ RAFAEL	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
LENDOIRO RUANOVA MANUEL	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
NAVEIRA CARRO MANUEL	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
PALAZON QUILES EMILIO	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
RAMIREZ VIÑAS SERGIO	SUPLENTE
VAZQUEZ SEOANE CARLOS MIGUEL	SUPLENTE
SANCHEZ QUINTELA JOSE	SUPLENTE
PEREIRA PENEDO PILAR	SUPLENTE
FRANCO VARELA ANTONIA	SUPLENTE
SECCION: 008 SUBSECCION: 02 MESA B	
ABRUÑEDO PAN ALFONSO	PRESIDENTE
AMOR RILO ANTONIO	1º VOCAL
ARNOSO GONZALEZ VICENTE	2º VOCAL
BARRAL PORTO EDGARDO	1º SUPLENTE PRESIDENTE
BEADE PEREZ CONSUELO	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
CASAL GARCIA M. ISABEL	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
DOPAZO SANCHEZ MARIA PILAR	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
FERREÑO PRADEDA ROCIO	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
GARCIA PEDREIRA MARIA PILAR	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
LAMAS GUERRA MARGARITA	SUPLENTE
LOURIDO LOPEZ DIEGO	SUPLENTE
LOURIDO LOPEZ ROBERTO	SUPLENTE
BELLO CASANOVA BIBIANA	SUPLENTE
BOADO BLANCO EVA MARIA	SUPLENTE

SECCION: 008 SUBSECCION: 02 MESA C	
YEBRA ABELAIRA CONCEPCION	PRESIDENTE
RAPELA GARCIA JUAN JOSE	1º VOCAL
RUZO VAZQUEZ TERESA	2º VOCAL
MARTINEZ FRAGA M. JESUS	1º SUPLENTE PRESIDENTE
RAMOS GARCIA ANDRES	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
NOYA GANDARA RAMIRO	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
PENAS LOPEZ MARIA CRISTINA	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
MACEIRAS VARELA MONICA	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
MELCON FARIÑA RAUL	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
RODRIGUEZ PLATAS JOSE VICENTE	SUPLENTE
NAVEIRA MANTIÑAN M. CARMEN	SUPLENTE
YELLON FUENTE DE LA FRANCISCO	SUPLENTE
MOSQUERA VAZQUEZ JUAN ANGEL	SUPLENTE
PONS ALVAREZ MANUEL	SUPLENTE
SECCION: 009 MESA U	
CARRO SOBRINO JUAN CARLOS	PRESIDENTE
FERNANDEZ VALES JOSE	1º VOCAL
GOMEZ VILARIÑO PATRICIA	2º VOCAL
MOSQUERA VALES ANTONIO OSCAR	1º SUPLENTE PRESIDENTE
RECAREY BASCOY YOLANDA MARIA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
SEXTO QUINTELA ELADIO ARGIMIRO	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
VAZQUEZ SANCHEZ SERGIO	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
VIQUEIRA LAGOA MARCOS	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
VEIGA CARRO MANUEL LUIS	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
AGILDA SANCHEZ EDUARDO	SUPLENTE
LOPEZ NAVEIRA JOSEFA	SUPLENTE
SANCHEZ LADO LUIS	SUPLENTE
VAZQUEZ FRAGUIO ALBERTO	SUPLENTE
VILLAMARIN CARBALLEDO JOSE M.	SUPLENTE
SECCION: 010 SUBSECCION: 01 MESA A	
VAZQUEZ SETIEN MARIA	PRESIDENTE
SERANTES TRILLO MANUEL ANTONIO	1º VOCAL
REY PENA MARIA JOSEFA	2º VOCAL
FONTENLA MARTINEZ ISABEL	1º SUPLENTE PRESIDENTE
DORRIO EVIA ANGELA MARIA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
BARRAL MACEIRA M. OBDULIA	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
BLANCO VAZQUEZ AGUSTIN	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
FERNANDEZ PAZ ALBERTO	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
MUIÑOS OTERO JOSE MANUEL	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
SEIJO MUIÑO MONICA	SUPLENTE
GARCIA MIÑONES JOSE	SUPLENTE
TRIGO LOIRA M. FERNANDA	SUPLENTE
BEADE VILA RAMON	SUPLENTE
CRIADO BUYO M. JOSE	SUPLENTE
SECCION: 010 SUBSECCION: 02 MESA B	
BARRAL LOPEZ M. PILAR	PRESIDENTE
DOMINGUEZ DOLDAN SERGIO	1º VOCAL
FUENTES CASTRO M. MERCEDES	2º VOCAL
LOUZAN VAZQUEZ ANA BELEN	1º SUPLENTE PRESIDENTE
ROEL VAZQUEZ PAULA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
VILLAR BALADO MARIA MONTSERRAT	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
SEOANE SANCHEZ JOSE MANUEL	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
MOURON BARRAL JUAN CARLOS	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
COSTOYA LOPEZ JOSE LUIS	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
IGLESIAS REGUEIRO M.CONCEPCION	SUPLENTE
VAZQUEZ FANDIÑO M. TERESA	SUPLENTE
VAZQUEZ MACEIRAS JOSE MANUEL	SUPLENTE
MOSQUERA MORALES M. DOLORES	SUPLENTE

CAGIAO FRAGA ANTONIO	SUPLENTE
SECCION: 010 SUBSECCION: 03 MESA C	
DIAZ CORTES M.ISABEL	PRESIDENTE
MATO IGLESIAS ADRIAN	1º VOCAL
RAMOS GARCIA ELISABET	2º VOCAL
VEIGA IGLESIAS TERESA	1º SUPLENTE PRESIDENTE
SACRISTAN EGUILUZ PEDRO MARIA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
DOPICO FLORES CONCEPCION	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
MOSQUERA LENDOIRO DAVID MANUEL	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
RODRIGUEZ PRADO MIGUEL	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
VEIGA RILO M.CARMEN	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
CAINZOS PENA ANTONIO	SUPLENTE
FERREÑO FRAGA ROCIO	SUPLENTE
NAVEIRA IGLESIAS PATRICIA	SUPLENTE
REMESEIRO LOPEZ JOSE	SUPLENTE
VIEITES MOSQUERA FRANCISCO JAVI	SUPLENTE
SECCION: 010 SUBSECCION: 04 MESA D	
AMADO MENDEZ M. DOLORES	PRESIDENTE
CONCHADO GONZALEZ JULIO	1º VOCAL
FERNANDEZ ALCAINE M. DEL MAR	2º VOCAL
RAYA BLAS DE CARLOS	1º SUPLENTE PRESIDENTE
IGLESIAS RECAREY MARIA ISABEL	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
LENDOIRO AGILDA EMILIO	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
LOPEZ VAZQUEZ JULIO	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
PARDO CADAVEIRA LUIS MIGUEL	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
PEREZ VARELA M.ANTONIA	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
ROSENDE SEOANE M.SOLEDAD	SUPLENTE
CORTES RODRIGUEZ PURIFICACION	SUPLENTE
VEIGA AMADO M.DOLORES	SUPLENTE
RIOS CARRO PABLO	SUPLENTE
GUERRA GARCIA MARIA ANGELES	SUPLENTE
SECCION: 012 MESA U	
ALVAREZ VEIGA M. CARMEN	PRESIDENTE
BELLO SOUTO JOSE EUGENIO	1º VOCAL
CASANOVA ORGEIRA M. ANGELA	2º VOCAL
DAVIÑA CANDO JOSE MARIA	1º SUPLENTE PRESIDENTE
FACHAL VILA SONIA	2ºSUPLENTE PRESIDENTE
LOPEZ LOPEZ MARIA CARMEN	1ºSUPLENTE 1º VOCAL
IGLESIAS ESTRADA MARIA SUSANA	2ºSUPLENTE 1º VOCAL
MARTINEZ PURRIÑOS FRANCISCO MARCE	1ºSUPLENTE 2º VOCAL
ORGEIRA BLANCO MARCOS	2ºSUPLENTE 2º VOCAL
PEREZ MUELA JOSE MARIA	SUPLENTE
RICO VIDAL M. MAR	SUPLENTE
RODRIGUEZ RODRIGUEZ CAMILO	SUPLENTE
SANCHEZ LORENZO ROSA MARIA	SUPLENTE
TRIGO PAN ANA MARIA	SUPLENTE

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA ONCE DE XUÑO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª Mª Asunción Sánchez Vázquez.
D. Francisco M. Díaz Pereira.
D. Antonio Carro Galeiras.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª Mª Beatriz Gómez Iglesias.
D. Andrés Beade Dopico.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª Ofelia López Campos.
Dª Mª Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
Dª Lucía Romay Roldán.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Manuel Amancio Agraso Carballido.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.

Non asisten, con desculpa:

D. Antonio Lagares Pérez.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor.:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do mércores día once de xuño de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN BORRADORES ACTAS ANTERIORES.

Apróbanse, por unanimidade, os borradores das actas da sesión ordinaria que tivo lugar o pasado día nove de abril, e da sesión extraordinaria realizada o pasado día vinteoito de abril.

O Sr. Alcalde agradece a asistencia e a colaboración prestada nesta lexislatura.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e corenta minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DESTE CONCELLO DO 14 DE XUÑO DE 2003.

Sres. asistentes:

Sres. concelleiros:

D. Andrés Alberto Porcas Fraga.
D. Andrés Otero Botana.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Francisco Antonio Martínez García.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Manuel Díaz Pereira.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Francisco Xabier López López.
D. José Manuel Montero Gómez.
D. José Ramón García Vázquez.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Manuel Lagares Pérez.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
Dª María Jesús Teijo Antelo.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

En Betanzos, no salón de sesións da Casa do Concello, sendo as trece horas e trinta minutos do día catorce de xuño de 2003, concorren os concelleiros electos nas eleccións que tiveron lugar o día vintecinco de maio de dous mil tres.

Iníciase a sesión constituíndose a Mesa de Idade, integrada por D. Manuel Lagares Pérez, concelleiro asistente de maior idade, por D. Francisco Xabier López López, concelleiro de menor idade e por D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, secretario da Corporación.

A Mesa de Idade, tras encontrar conformes as credenciais aportadas e comprobada a persoalidade dos asistentes, declara constituída a Corporación do Excmo. Concello de Betanzos, tendo asistido para iso a maioría absoluta dos seus membros.

Constituída a Corporación, os Sres. concelleiros proceden a prestar xuramento ou promesa do seu cargo, de acordo co previsto no Real decreto 707/79, de 5 de abril, recibindo así mesmo a medalla corporativa.

ELECCION DE ALCALDE

Acto seguido iníciase a elección de Alcalde, manifestando o Sr. Doporto que o seu partido (BNG) non presenta candidato, sendo por conseguinte os concelleiros candidatos para o cargo de Alcalde os seguintes: D. Manuel Lagares Pérez e Dª María Dolores Faraldo Botana.

En chamamento persoal e por orde alfabética, os Sres. Concelleiros depositan cadanseu voto na urna preparada ó efecto.

Rematada a votación, a Mesa de Idade procede ó escrutinio, que ofrece o seguinte resultado: - votos emitidos dezasete (17), - votos válidos dezasete (17), - votos en branco tres (3), - votos nulos cero (0); distribuíndose os votos a candidatos da seguinte forma: * D. Manuel Lagares Pérez sete (7) votos, * Dª María Dolores Faraldo Botana sete (7) votos. En consecuencia, sendo dezasete o número de concelleiros e nove a maioría absoluta legal, non téndose acadado por ningún dos candidatos dita maioría o Sr. secretario dá lectura ó artigo 196 da Lei 5/85 de réxime electoral xeral, proclamándose Alcalde a D. Manuel Lagares Pérez, por encabeza-la lista que obtivo o maior número de votos populares.

Aceptado o cargo e prestada promesa segundo o Real decreto 707/79, pasa a ocupa-la Presidencia. O Sr. Alcalde toma a palabra para dirixir un afectuoso saúdo ós Sres. concelleiros e público asistente, esperando da colaboración de todos un fructuoso labor en beneficio do municipio, o que fai do seguinte xeito: "Señoras e Señores concelleiras/os, amigas e amigos: Acabo de tomar posesión democrática como Alcalde de Betanzos, o que fago por 6ª vez consecutiva, unha vez que o pobo de Betanzos me outorgase a súa confianza o pasado 25 de maio.= Outra vez o pobo de Betanzos quixo que os destinos da cidade estivesen rexidos por un goberno de progreso. E facendo caso a esta petición asumo a Alcaldía coa mellor disposición posible e coa intencionalidade de defende-los intereses lexítimos de Betanzos.= Abro as portas do Concello a tódalas iniciativas positivas que desboquen no avance do municipio nas diversas facetas da vida local. Buscarei que as actuacións sociais, educativas, culturais, turísticas, participativas, comerciais e desenvolvemento xeral da cidade encontren a súa mellor expresión nos nosos compromisos. Para iso poño como vehículos para conseguir estes logros a humildade, o diálogo e a participación dos colectivos interesados en conseguilos. Ó mesmo tempo que quero manifesta-la nosa firmeza e a contundencia precisa para que Betanzos non sexa discriminado nos seus xustos dereitos e lle sexan recoñecidas e aplicadas as reivindicacións populares e institucionais que se demanden con criterios de racionalidade e de necesidade.= Quero agradecer, no meu nome e no da Corporación Municipal, a confianza que depositou en nós a cidadanía. Trataremos de non defraudala e de que a súa elevada manifestación democrática nos guíe na senda de acada-lo mellor para todos.= Pídolle a tódolos grupos municipais un especial esforzo para o bo entendemento dirixido a fondar na busca das melloras que todos perseguimos. Unha vez que os cidadáns se manifestaron democraticamente, que gardemo-los intereses partidistas e políticos para dentro de catro anos, e nos deixemos conducir durante a lexislatura polas peticións cidadás e institucionais que refrendarán o acerto veciñal da nosa elección.= Desexo e pido a colaboración de tódolos cidadáns betanceiros, ós que animo a participar na vida municipal para, entre todos, alcanza-las metas que buscamos. E espero, como sempre, a mellor disposición para o traballo e para satisface-las demandas cidadás dos funcionarios e empregados municipais, queñen moito que dicir na consecución dun bo futuro. Esta tradicional e centenaria Sala Capitular viu pasar ó longo do tempo, como testemuña muda, importantes acontecementos ó longo da historia. Espero que este momento poida recordarse pola súa especial relevancia. E ó felicitar efusivamente ós novos membros da Corporación Municipal, quero agradecer moi cordialmente, tando a eles como a tódolos cidadáns, a súa confianza que propicia a miña elección como Alcalde de Betanzos para a lexislatura 2003-2007. Moitas gracias.

E non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levantou a sesión sendo as catorce horas e dez minutos, estendéndose a presente acta co visto e prace do Sr. Alcalde, do que eu, o secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA SETE DE XULLO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira.
Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. José Ramón García Vázquez.
D. José Manuel Montero Gómez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
D. Francisco Xabier López López.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García.
Dª María Jesús Teijo Antelo.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas e trinta minutos do luns día sete de xullo de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- DAR CONTA DE:

- Constitución grupos políticos.

Dase conta de escritos de constitución dos grupos políticos, quedando constituídos os grupos socialista, popular e nacionalista.

- Resolucións da Alcaldía: * Nomeamento deleqacións

* Designación membros Comisión de Goberno
* Delegación de atribucións na C.G.

Lidas polo Secretario, dase conta ó Pleno de resolucións da Alcaldía números 643, 666 e 667, todas elas de 2003, polas que se procede ó nomeamento de membros da Comsión de Goberno, tenentes de alcalde e delegados da Alcaldía, así como das atribucións da Alcaldía que se delegan na Comisión de Goberno. O Pleno dase por enterado.

2.- MOCIÓN SOBRE NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO CORPORATIVO.

Preséntase ó Pleno proposta de funcionamento corporativo, ó obxecto de regula-la periodicidade das sesións plenarias e outros aspectos sobre os debates e funcionamento da corporación.

- A Sra. Faraldo,voceira do PP, tras manifestar que acepta a proposta, amosa a súa disconformidade co asunto das mocións e rogos e preguntas, anque acepta o presentado. Ó respecto das mocións, aclárase polo Alcalde que o número se presenta como media das sesións.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, tamén sinala o desexo de que se presenten como media, sinalando a limitación temporal.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que o acordo comporta certa flexibilidade, pero que hai que evitar plenos maratonianos.

- A Sra. Faraldo entende a postura do grupo socialista como normal, anque non a do grupo nacionalista, por canto compartiu e sufriu ser oposición, sinalando que se o problema é o tempo, poderíase reduci-lo debate, rematando a súa intervención insistindo en que vai aproba-la proposta anque manifesta o seu desacordo.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- As sesións ordinarias do Pleno celebraranse cunha periodicidade mensual, correspondéndolle ó Alcalde a determinación do día e hora das mesmas. Esta periodicidade das sesión comezará a partir do próximo mes de agosto. 2º.- Nos debates, cada grupo poderá utilizar dúas quendas, dun máximo de cinco minutos cada unha e poñerá fin ós mesmos a intervención da Alcaldía. Tódolos grupos poderán realiza-la explicación do seu voto, para o que disporán dun máximo de un minuto. 3º.- Para cada sesión ordinaria os distintos grupos poderán presentar un número de mocións que en conxunto non supere a media de tres, quedando a xuizo do Alcalde a determinación de tal número. Así mesmo, en cada sesión aceptaranse un máximo de sete rogos e/ou preguntas por cada grupo municipal. 4º.- Os actos institucionais ós que asista a Corporación, así como aqueles nos que se establezan comitivas ou desfiles procesionais, serán presididos polo Alcalde, quen estará acompañado do cargo ou persoa que considere, situándose a continuación e na orde que se indica os voceiros do grupos, os tenentes de alcalde e o resto de concelleiros. Cando se produza a saída do estandarte municipal será portado polo cronista oficial, sendo custodiado polo concelleiro delegado de cultura e polo secretario da Corporación. En ausencia do cronista oficial será o delegado de cultura ou calquera outro representante da Alcaldía.

3.- MOCIÓN SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓNS.

Dase conta ó pleno de proposta sobre comisións informativas e outras.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica o erro observado na proposta, na que falta a comisión de contratación de persoal.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, fai referencia a que se mantefien máis ou menos as mesmas comisións, creándose a de contratación de persoal, que era un anhelo do seu grupo.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica se se poderán crear máis comisións cando se xulgue necesario.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ó longo deste período poderán crearse máis, o que tamén é ratificado polo Sr. Doporto, que considera que calquera nova situación será apoiada polo BNG.

- Remata o Sr. Alcalde, indicando que poderán funcionar outras comisións cando sexa preciso.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Constituir unha comisión informativa, denominada Comisión Informativa de Programación e Seguimento, ó obxecto de cumpli-las funcións establecidas no artigo 20.1.C da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 11/99, que di: "...o estudio, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Comisión de Goberno e os concelleiros que ostenten delegacións". 2º.- Constituir unha Comisión Especial de Contas, coas finalidades e obxecto que se determina na lexislación vixente. 3º.- Constituí-las seguintes comisións: - Comisión de Seguimento do Plan Xeral. - Comisión de Tráfico. - Comisión de Festas Patronais. - Comisión de Contratación de Persoal. 4º.- Constituir como órgano complementario a "Xunta de Delegados", integrada por tódolos que ostenten tal condición, baixo a presidencia do Sr. Alcalde e tendo como funcións as de informar, valorar e propoñe-la adopción das medidas precisas para o bo funcionamento dos servicios. Esta xunta celebrará dúas sesións ordinarias cada mes e as extraordinarias que se consideren.
5º. Tales comisións estarán constituídas polos seguintes concelleiros, ademais de estar presididas polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue: - 2 PSdeG-PSOE, - 2 PP, - 1 BNG.

4.- <u>MOCIÓN SOBRE DEDICACIÓNS DOS SRES. CONCELLEIROS E INDEMNIZACIÓNS.</u>

Preséntase a consideración do Pleno, proposta sobre retribucións de cargos con dedicación e indemnizacións e asistencias dos Sres. membros da Corporación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, non considera sorpresa a proposta, que se xustifica por mante-los ingresos anteriores de cada un, contra a que nada tería en contra se viñera avalada pola declaración da renda dos concelleiros con dedicación, para determinar se van cobra-lo mesmo, con afán de transparencia. Está en desacordo co número de dedicacións, sobre todo ante a situación de endebedamento do Concello e o resultado da última auditoría do Consello de Contas, considerando excesivo o número de cinco, sinalando que nun goberno do PP só habería dúas dedicacións. Pide que o diñeiro se adique a mellor atención dos funcionarios ou ampliación dos efectivos da Policía Local, indicando que os membros do seu grupo só van percibi-las asistencias ós plenos. Solicita, en aras da transparencia que debe haber, un informe mensual do número de xuntanzas dos distintos órganos. Engade, en referencia a declaracións do BNG, que o seu grupo vai cumpri-lo seu programa electoral e vai esixir que os outros o cumpran.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, acúsaa de utilizar un discurso demagóxico, sinalando que o grupo nacionalista mantén o seu criterio xa anunciado de que a adicación ó Concello non supoña nin perdas nin ganancias, non tendo problemas para analizar estes extremos. En relación ó carácter excesivo pon de exemplo, para o grupo popular, o cercano municipio de Sada, que co goberno popular dispoñía de dez dedicacións exclusivas,

incidindo en que as contías establecidas son inferiores á media da provincia. Resalta que o BNG, con responsabilidade en tres concellerías, ten sopesado todo o referente a esta cuestión e foi transparente, facéndose públicas as súas dedicacións e fuxindo doutras dedicacións encubertas, nas que tamén se traballa a custa do bolsillo dos cidadáns. En relación ás referencias á auditoría, estase á espera do resultado da do Consello de Contas, que o seu grupo considera de total solvencia, pero non se propón unha auditoría con carácter de revancha.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, entende que do que se trata é de que as contas estean claras, co que tódalas dedicacións e indemnización están claras. Mantense unha dinámica cercana á profesión de cada un, sen que os incrementos sexan excesivos. Entende que se segue sen dar unha explicación cando se fala de endebedamento e respeto ás contas do Concello, ata o de agora foron auditadas varias veces polo Consello de Contas, órgano competente e adecuado, sen nengún resultado anómalo. Respecto á Policía Local, sinala que haberá máis efectivos en breve, rematando que os grupos políticos van cobrar practicamente o mesmo que viñan cobrando, sendo as contías comparativamente inferiores a outros concellos, co que se pode afirmar que se actúa con sobriedade e realidade económica.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, pide que non se desprecie á rúa, que se manifesta a través das urnas, e que non se fagan comparacións con outros gobernos, menos se perderon as eleccións. Considera que se empeza mal a sociedade de goberno. Deféndese da acusación da dedicación encuberta, xa que no seu cargo do Instituto Social da Marina pódense ver seus rexistros de entrada e saída, e congratúlase de que tódolos grupos consideren serio e transparente o Consello de Contas, para que despois non veñan dicindo que está influido polo PP, por canto a última fiscalización, que xa está no Parlamento, é para botarse a temblar, e do que se deduce que cumpren a lei no filo, con amaños contables.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, segue insistindo no carácter demagóxico das palabras da Sra. voceira do PP. Consideran o Consello de Contas un ente autónomo e, respecto da auditoría, o BNG resérvase a posibilidade de afrontala. Sinala que non desexa un goberno do PP en Betanzos, pero non por un problema de dedicacións, xa que o que hai que facer é centrarse en cuestións que se irán resolvendo neste Pleno: problemática urbanística, regulamento da radio, etc.

-O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, lembra que o que agora se aproba é moi semellante ó que aprobado hai catro anos, sen prexuízo de que no seu día se dea a información que se pide sobre as xuntanzas. Respecto do Consello de Contas, hai que considerar que a súa dependencia é do Parlamento Galego e que non hai que darlle tantas voltas ó asunto.

- Remata a Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinalando que o de hai catro anos foi consecuencia dunha maioría absoluta e entristécea que non se aprenda coa entrada do BNG no goberno, anunciando a abstención do seu grupo neste asunto polo número de dedicacións que se propoñen.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas), acorda aproba-lo seguinte sistema de retribucións: 1º.- Dedicacións

exclusivas: - Alcalde: 2.045 € mensuais líquidos, é dicir, despois de realizados os descontos que leglalmente correspondan, máis dúas pagas extraordinarias anuais do mesmo importe que unha mensualidade. - Concelleiro delegado de Cultura, - Concelleiro delegado de Urbanismo, - Concelleiro delegado de Estatística, - Concelleiro delegado de Casco Histórico, que percibirán, cada un, unha contía aproximada de 1.950 € mensuais líquidos, é dicir, despois de realizados os descontos que legalmente correspondan, máis dúas pagas extraordinarias anuais do mesmo importe que unha mensualidade. 2º.- Indemnizacións: os concelleiros que non ostenten dedicación percibirán indemnización por asistencia ás sesións, nas contías seguintes, que se expresan en termos brutos e sobre os que se deberán realiza-los descontos oportunos: Pleno: ordinario: 225,38 €, extraordinario: 112,69 €; Comisión de Goberno: ordinaria: 112,69€ , extraordinaria: 75,13 € ; Xunta de Delegados: ordinaria: 150,25 , extraordinaria: 90,15 €. Nos supostos de coincidencia a horas de mañá ou tarde de máis de unha sesión, percibirase da segunda sesión só o 50% da contía correspondente a súa indemnización. Asistencia a xuntanzas convocadas polo Consorcio As Mariñas: 180 € mensuais como máximo, sempre e cando haxa algunha. 3º.- Os grupos políticos percibirán unha asignación fixa mensual de 180 €, ós que se engadirán 30 € por cada concelleiro con que conten. Desta dotación deberase levar contabilidade específica, que se porá disposición do Pleno sempre que este o pida, cumprindo o disposto no artigo 73 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.

5.- MOCIÓN SOBRE DELEGACIÓN BONIFICACIÓN ICIO.

Preséntase a consideración do Pleno proposta sobre delegación na Comisión de Goberno da bonificación na cota do ICIO, á vista do acordo plenario sobre esta delegación adoptado en sesión do 28 de novembro de 2001 e da operatividade e axilidade na tramitación que supuxo.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, considera que se trata de mante-la dinámica anterior neste asunto, como forma de axilización dos asuntos.

- Tamén o Sr. Alcalde sinala tal finalidade na proposta.

O Pleno, por unanimidade, acorda: delegar na Comisión de Goberno a concesión das bonificacións previstas na ordenanza fiscal do ICIO (imposto sobre construccións, instalacións e obras) para as obras a realizar no ámbito do PEPOCH (plan especial de protección e ordenación do casco histórico).

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e corenta e catro minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA SETE DE XULLO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:
D. Manuel Lagares Pérez.
Sres. Concelleiros:
D. Francisco Manuel Díaz Pereira.
Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. José Ramón García Vázquez.
D. José Manuel Montero Gómez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
D. Francisco Xabier López López.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García.
Dª María Jesús Teijo Antelo.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.
Sr. secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos do luns día sete de xullo de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGVS E O CONCELLO DE BETANZOS.

Preséntase a consideración do Pleno texto do convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Betanzos en materia de actuacións na área de rehabilitación do conxunto histórico-artístico de Betanzos. 1ª fase. Exp.: 03SCA020.

- Os grupos políticos manifestan a súa postura favorable ó mesmo, congratulándose o grupo nacionalista desta colaboración entre distintas administracións para unha área prioritaria que pon en valor ó casco histórico de Betanzos.

- O Sr. Alcalde explica someramente as características do convenio.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo texto do convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Betanzos en materia de actuacións na área de rehabilitación do conxunto histórico-artístico de Betanzos. 1ª fase. Exp.: 03SCA020. 2º.- Facultar ó Sr. Alcalde para a formalización do oportuno documento.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS.

Preséntase a consideración do Pleno, modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal no ámbito da UEI-4 rúa do Rollo-Cal das Barras, ó

obxecto da súa aprobación provisional, téndose tramitado en forma, constando os oportunos informes preceptivos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pon de manifesto que se abusa das modificacións, anunciando a postura de abstención do seu grupo, en tanto non xestiona nin negocia as modificacións, entendendo que o que se debe é negocia-lo Plano Xeral. Sinala que lle sorprende a postura do grupo nacionalista, que se abstivo na aprobación inicial, pero obsérvase que nada máis entrar no goberno cámbianse as posoturas, o que debería de explica-lo voceiro do BNG. Tamén lle parece incrible que o grupo nacionalista non expoña nada da rúa Rosalía, sendo como son parte do goberno poderían influir na orde do día e trata-lo asunto, o que non poden facer eles nun Pleno extraordinario, pedindo unha explicación de por qué se trae este asunto e non o outro, indicando se non se quererá axudar a un particular afín a tal grupo político. Non entende a présa desta modificación, se non é por unha próxima sentencia xudicial, que se cadra se pretende modificar. Insiste en que se trata de arranxa-los problemas dunha parte, problemas que se poderían amañar doutro xeito, incidindo en que tal actuación non corresponde co programa electoral do BNG, do que neste Pleno hai dous incumprimentos.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, tras agradece-las atencións que está recibindo da voceira do grupo popular, aclara que o seu grupo insistiu na campaña electoral na existencia dunha inseguridade xurídica no urbanismo de Betanzos, adquirindo o compromiso de resolve-las problemáticas de tal inseguridade. Descoñece os termos da sentencia que non sabe nin se está dictada, sinalando que a análise ten que xurdir dunhas licencias concedidas cuns informes de certa febleza técnica, que deron lugar a determinadas actuacións que hai que procurar resolvelas, acusando á voceira do grupo popular de falar demagoxicamente. Respecto deste expediente, estaba enriba da mesa e así darase solución segundo estean preparados. Respecto do asunto da rúa Rosalía, preséntase de forma incorrecta, xa que o seu grupo non se esquece do resto dos problemas que se irán traendo ó Pleno consonte se presente a súa posible solución. Afirma non estar contentos co actual urbanismo e non seren partidarios de modificación, pero si de ir solucionando os problemas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, acusa á voceira do grupo popular de mezclalo todo, querendo lucirse diante do público. Pide que se diga cantas modificacións se fixeron e a cantas votou a favor o grupo popular, indicando que non se debe mentir, senon dicir toda a verdade, porque non se actúa por descoñecemento. Insiste, así mesmo, en que as licencias e os instrumentos de desenvolvemento do planeamento se fixeron cos informes técnicos e xurídicos favorables, sen prexuízo de que algún cidadán que se considerou danado acudíu ó contencioso como era o seu dereito, debéndose preguntar tamén
cantos levan a razón. Engade que o que se está a facer é cumpri-la Lei do solo, tratándose agora só da aprobación provisional, faltando aínda trámites.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, lémbralle ó Sr. Lagares (D. Antonio) que xa non é o concelleiro de urbanismo, referíndose á modificación aprobada para a construcción do centro de saúde e honrándolles que a chamen mentireira, despois de tódolos inconvenientes que desde o goberno municipal se puxeron ó citado centro, e de facer votar tal modificación xuntamente con outra. Pón de manifesto a contradicción entre os grupos de goberno, un fala de febleza nos informes, outro do bos que son. Por outra banda, sinala que o grupo nacionalista antes atribuía ó alcalde e ó concelleiro de urbanismo a culpa do

estado de cousas, agora que sentan no goberno din outra cousa. Así mesmo pregunta ó concelleiro de urbanismo quen lle pon os expedientes enriba da mesa, xa que se aplicaran criterios de selección por antigüidade. Pide que reconduza a súa postura inicial, indicando que eles si confían nos técnicos municipais e que os seus informes a veces eran os que lles facían facer.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, insiste en que o BNG se comprometeu a resolve-los problemas urbanísticos, co correspondente consenso, sen prexuízo da diverxencia que poida existir, pero que é distinto a soluciona-la seguridade existente, dándose solución ós problemas actuais. Considera evidente que o BNG puido traer ó Pleno outros asuntos, pero a día de hoxe non podería traer unha solución inmediata, polo que haberá que dar un tempo necesario, evitando a xudicialización da que en parte achaca á voceira do grupo popular. Remata afirmando que se traballará para consegui-lo plano xeral, para o que xa pide o apoio.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, considera que a xudicialización non é boa e menos para os cidadáns. Insiste en que as licencias se deron cos informes favorables, polo que pide que cada un saque as conclusións que queira e que non se fagan estas mixturas de rúa Rosalía, etc., porque se fala de todo menos do que hai que falar.

Remata o Sr. Alcalde, quen antes de somete-lo asunto a votación quere facer constar que o goberno municipal deu as máximas facilidades para o centro de saúde. Realizada a votación, o Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar provisionalmente a modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, no ámbito da UEI-4, rúa do Rollo-Cal das Barras. 2º.- Eleva-lo expediente a consideración do Sr. Concelleiro de Política Territorial, para que previo o informe a que se refire o artigo 94.4 da Lei 9/02 de 30 de decembro, se outorgue, se procede, a aprobación definitiva sinalada no artigo 85.4 da citada norma.

3.- <u>ACORDO QUE PROCEDA SOBRE COMUNICADO DO CEIP "VALES VILLAMARÍN.</u>

Dase conta ó Pleno de escrito recibido do CEIP "Vales Villamarín" no que se comunica o acordo adoptado polo Consello Escolar dese centro realizado o 27- 06-03 de solicita-lo apoio institucional ante a publicación da Orde do 17-06-03 (DOG de 27-06-03) da Consellería de Educación pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes en centros públicos, manifestando un total e absoluto rexeitamento pola diminución de 9 unidades, que supón unha perda de 11 postos de traballo docentes en educación primaria. Para a reducción establecida de unidades, cren que non se avaliou a realidade da matrícula, en 2º e 5º ronda a ratio, en 6º está xusto no límite e en 4º sobrepasa. Cabe destacar que se conta cun grupo numeroso de alumnos procedentes da inmigración e etnia xitana. De producirse altas durante o curso, como vén sucedendo nos últimos anos escolares, non poderán ser matriculados, polo que serían desviados a outro centro, neste caso privado. Denuncian tamén a falta de consideración e respecto cara ó posible profesorado afectado e á comunidade educativa, ó non darlles información previa á publicación desta orde.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, anuncia o apoio do seu grupo ó manifestado, que é sorprendente que se realice tendo un colexio privado cercano, que é o que se beneficia, sen ter en conta á comunidade escolar, do que responsabiliza á Xunta e ó Partido Popular.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica o seu apoio ó escrito da comunidade escolar, apoio que coloca por enriba de todo e que, sinala, defenderá diante de quen faga falta, anque sinala non comparti-la opinión do voceiro do grupo nacionalista.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o que se fai co colexio é unha barbaridade, aproveitándose para a publicación cando toda a comunidade escolar está de vacacións. Entende que as "ratios" de alumnos estaban ben calculadas, pero quen controla o DOG é a política do Partido Popular, chegando a actuacións que supoñen un menoscabo da ensinanza pública. Entende que é unha xogada a traición, por canto non se falou nin co claustro nin co Consello Escolar Municipal, polo que a responsabilidade é total do goberno do Partido Popular, cunha postura contraria á ensinanza pública e ós profesionais.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que o seu grupo vai loitar por subsanar canto sexa posible, indicando que tamén hai deficiencias, responsabilidade do Concello, que non se traen aqui e que se puxeron de manifesto no Consello Escolar, que se manifestou contrario ós representantes do Concello. Considera que se están a adoptar posturas "batasunizadoras" cando se acusa de traidores ós representantes votados polo pobo galego.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, lamenta que se queira escorre-lo bulto ante un problema serio para o Concello de Betanzos e arredores, que supón un menoscabo da ensinanza pública que o Partido Popular asume frivolamente.

- Remata o Sr. Alcalde, incidindo na seriedade do asunto e pedindo que nos debates se fale dos asuntos da moción ou proposta, engadindo a anterior petición do voceiro do BNG, que deste acordo se dea traslado non só á dirección do centro e á consellería, senon tamén ó Sr. Presidente da Xunta, a quen lle corresponden as competencias do goberno galego.

O Pleno, por unanimidade, acorda prestar absoluto apoio ó acordo do Consello Escolar do CEIP "Vales Villamarín", dando traslado deste acordo ás autoridades citadas.

4.- <u>ACORDO QUE PROCEDA SOBRE PROPOSTA DO CONSORCIO AS MARIÑAS.</u>

Dase conta de escrito remitido polo Consorcio As Mariñas para adhesión ós proxectos ANDAR e LABORA que se solicitaron de distintos organismos.

O Pleno, por unanimidade, acorda ó respecto do PROGRAMA ANDAR: 1º.- Adherirse ó acordo adoptado polo Consorcio As Mariñas de data 26 de setembro de 2002 polo que se acorda participar no Programa Andar. 2º.- Tendo en conta o establecido no artigo 26.3 dos estatutos do Consorcio As Mariñas respecto das porcentaxes de contribución económica de cada Concello nos proxectos, a achega do Concello de Betanzos sería a seguinte:

Importe total/	Financ.FSE	Financ.Diputación	Financ.Consorcio	Achega
706.165,78 E	494.316,05 E	141.233,16 E	70.616,57 E	6.625,74 E

Dita achega, segundo as disponibilidades presupostarias deste Concello. 3º.- No caso de que se concedan as subvencións solicitadas, delégase no Consorcio As Mariñas a xestión e execución do citado proxecto.E

O Pleno, por unanimidade, acorda ó respecto do PROGRAMA LABORA: 1º.- Adherirse ó acordo adoptado polo Consorcio As Mariñas de data 21 de maio de 2003 polo que se acorda participar no Programa Labora. 2º.- Tendo en conta o establecido no artigo 26.3 dos estatutos do Consorcio As Mariñas respecto das porcentaxes de contribución económica de cada Concello nos proxectos, a achega do Concello de Betanzos sería a seguinte:

Importe total	Financ. Xunta	Financ. Consorcio	Achega
321.493,55 €	276.283,55 €	45.210,00 €	4.506,99 €

Dita achega, segundo as disponibilidades presupostarias deste Concello. 3º.- No caso de que se concedan as subvencións solicitadas, delégase no Consorcio As Mariñas a xestión e execución do citado proxecto.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintetrés horas e quince minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. José Ramón García Vázquez.
D. José Manuel Montero Gómez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
D. Francisco Xabier López López.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García (incorpórase no 3º punto).
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Non asisten:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira (con desculpa).
Dª María Jesús Teijo Antelo.

Sr. secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas do martes día dous de setembro de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borradores das actas das sesións que tiveron lugar o día catorce de xuño (constitutiva), e o día sete de xullo (dúas extraordinarias). Na primeira destas, por indicación do Secretario, corríxese erro material producido no punto 4 da orde do día; ó sinala-las retribucións do Alcalde, onde di: 2.045,- E, debe dicir: 2.405,- E.

2.- DAR CONTA:

- Escrito do Presidente da Xunta

Dase conta de escrito do Presidente da Xunta, no que se realizan diversas consideracións e matizacións en relación coa remisión do acordo adoptado polo Pleno deste Concello sobre a Lei de ordenación sanitaria de Galicia (LOSGA). O Pleno dase por enterado.

- Escrito de Unión-Fenosa.

Dase conta de escrito de Unión-Fenosa, no que informa, en relación con acordo do Pleno deste Concello de 30-10-02 sobre medidas correctoras abastecemento subministro veciños da Angustia e o Cepiño, de que se vai realizar en breve prazo unha obra co fin de reforza-la rede existente para mellora-la calidade de subministro na zona. O Pleno dase por enterado.

- Comunicación concesionario do Aparcamento Público da Plaza Gª. Irmans.

Dase conta de escrito da empresa APAGA SA, concesionaria do aparcamento subterráneo da praza García Irmáns, praza de Galicia e cantón San Roque, no que se comunica revisión das tarifas no referido aparcamento, acompañando cálculo das novas tarifas revisadas e copia dos certificados do Instituto Nacional de Estadística do correspondente IPC. O Pleno dase por enterado

- Sentencia recaída en recurso Contencioso 7198/98.

Dase conta de sentencia da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (nº 338/2003) pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo nº 7198/98 presentado por D. Carlos Rodríguez Horta conta acordo deste Concello de 26-11-98, polo que se aprobou o convenio urbanístico proposto pola xunta de compensación urbanística do plan parcial do Pasatiempo.

- Resolución en expediente de Augas de Galicia.

Dase conta de escrito de Augas de Galicia, no que se comunica o sobresemento do expediente sancionador incoado ó Concello de Betanzos por obras de mellora da captación de auga potable no leito e zona de policía do río Mendo (DH.D15.14633). O Pleno dase por enterado.

3.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE INFRAESTRUCTURAS, SOBRE SOLICITUDE A UNIÓN-FENOSA.

Neste punto incorpórase o Sr. Martínez García.

Dase conta de proposta do concelleiro de infraestructuras relacionada con solicitude a Unión-Fenosa, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, solicita que se amplíe o acordo en dar traslado do mesmo á FEGAMP, aclarando tamén que, se ben se realizaran obras no Cepiño, o certo é que as mesmas non cumpren coa súa función.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Solicitar a Unión-Fenosa e á Consellería de Industria a mellora no subministro eléctrico nas seguintes zonas e lugares: - Cepiño-Angustia, xa que coas obras realizadas ultimamente non se alcanzou un subministro estabilizado. - Castro, polas caídas de tensión que se observan nalgúns domicilios, afectando incluso á iluminación pública municipal. - Zona de As Minas, Touriñao de Abaixo, polas acusadas caídas de tensión que se observan en horas punta. - Zona de Infesta, se axilice a realización da obra prevista, co fin de evita-los cortes de subministro eléctrico frecuentes no inverno. - Zona dos Anxeles-Castro de Unta, realización de obras que eviten os cortes e apagóns frecuentes na época invernal. 2.- Deste acordo darase traslado á FEGAMP. 3.- Facultar ó Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para realiza-las xestións necesarias para levar a bo fin este acordo.

4.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE INFRAESTRUCTURAS, SOBRE SOLICITUDE RELACIONADA CO SINAL DE TV.

Preséntase ó Pleno proposta do concelleiro de infraestructuras, sobre solicitude relacionada co sinal de TV que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, preséntao como un vello problema, que non se pode admitir coa tecnoloxía actual, pedindo a colaboración de todos na súa resolución.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, recoñece a situación que en ocasións tamén foi obxecto de xestións polo seu grupo, que promete seguir facendo.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Dirixirse a: Presidente da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Ministerio de Fomento, Retevisión, Consello de TV en Galicia, Consello de TVG, manifestando o dificultoso e moitas veces nulo sinal de TV nos lugares de: Marulo, Tabacos, Martinete, Barallobre, Piñeiro, Roibeira, Acea, zonas das Cascas, Mandeo, zonas de Saavedra Meneses, Caraña, zonas da Magdalena, Condomiña, zonas de Castro-Pontellas, A Sancia, ..., solicitando a mellora na recepción de sinais para que os veciños desta zonas poidan dispoñer dun servicio adecuado. 2.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue para re alizar cantos trámites sexan necesarios para levar a bo fin este acordo.

5.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XUVENTUDE, FORMACIÓN OCUPACIONAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Dase conta ó Pleno de proposta do concelleiro de xuventude, formación ocupacional e normalización lingüística relativa ó uso do galego como lingua oficial polas entidades locais. Conta co dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que ó seu grupo parécelle ben, anque ás veces lle custe expresarse en tal idioma.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, pola súa banda, sinala que é unha proposta do grupo de goberno, que é cuestión de vontade, tratándose de afondar no empreqo do galeqo,

manifestándolle á sociedade que o galego é un idioma a utilizar en calquera ámbito, sendo a dirección das medidas en tal senso do servicio de normalización que se propón.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Impulsar un progresivo proceso de normalización da lingua galega na administración local do noso Concello na procura dun clima social e político que multiplique os esforzos que se veñen realizando paa recuperación do uso normal da nosa lingua para acada-lo cumprimento das disposicións emanadas da Lei de normalización lingüística 3/83 e demais regulacións en vigor. 2.- Crear un servicio de normalización lingüística municipal para que sirva de impulsor e dinamizador deste acordo plenario e sexa o noso reflexo da vontade política desta corporación nestes termos.

6.- PROPOSTA DE CONVENIO DO CONSORCIO DAS MARIÑAS PARA HABILITACIÓN DE REXISTRO.

Vista a proposta do Consorcio das Mariñas de convenio para habilitación de rexistro, que vén informado pola Comisión de Programación o Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Prestar aprobación ó convenio de colaboración entre o Consorcio "As Mariñas" e os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Carral, Oleiros e Sada para a habilitación dos rexistros de documentos dos concellos para a presentación de escritos dirixidos ó Consorcio e para a coordinación de determinadas actuacións. 2.- Que se continúe coa súa tramitación regulamentaria, facultando ó Sr. Alcalde para a sinatura e demais requisitos necesarios.

7.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE OBRA DO PLAN XXI DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Preséntase a consideración do Pleno proposta de modificación da obra do Plan XXI da Deputación Provincial: "pavimentación de vías públicas nas parroquias de Requián, S. Esteban de Piadela e outras"

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que xa manifestou a súa postura a favor na Comisión. Aínda así pediría ós responsables políticos máis calidade á hora de completa-los expedientes, mandando a documentación adecuada, para evitar perda de subvencións como xa pasou en ocasións. Neste caso da lectura a comunicación da Deputación sobre a documentación que falta, o que ó seu xuízo indica unha falta de dilixencia nos políticos responsables.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, indica que non quere entrar en polémicas, sinalando que se trata dunha pequena modificación, das que se fixeron moi poucas nos últimos anos, e que a reclamación de documentación se debe máis ben a un erro da Deputación que nun principio informou doutra maneira de levar a cabo o expediente. Cuestión, por outra banda, á que non se lle deu maior trascendencia.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que ela se limita a indica-lo que ve no expediente. Admite que o erro fora da Deputación, pero pide que non se repita noutras solicitudes, poñendo de exemplo, a instancia do Alcalde, unha de protección civil. Ó respecto o Alcalde pregúntalle se sabe se a subvención era do Concello.

O Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación a modificación da obra do Plan XXI da Deputación Provincial: "pavimentación de vías públicas nas parroquias de Requián, S. Esteban de Piadela e outras".

8.- PROPOSTA SOBRE EXECUCIÓN DE OBRAS NO APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NA RÚA ROSALIA DE CASTRO.

Dase conta ó Pleno de proposta de resolución da Alcaldía sobre execución de obras no aparcamento subterráneo na rúa Rosalía de Castro.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, sinala que o que se trae ó Pleno é un alegato contra a demagoxia, producto do traballo serio e ben feito. Responde a un compromiso electoral, producto do pacto de goberno no que se apoia unha trasparencia na xestión. Como exemplo de seriedade, indica, apórtase unha proposta de resolución, producto dos informes oportunos, facendo unha breve síntese da situación. Entende que se presenta cos "deberes ben feitos", fronte á actitude do PP, de agacha-las súas vergonzas en notas de prensa cun ataque visceral á súa persoa. Sinala que analizada extensamente a situación, consonte o informe xurídico, o máis precavido e que ofrece maior garantía é proceder a unha orde de execución, para se nun período de dous meses non se rematan as obras que se consideran imprescindibles, se proceda mediante execución forzosa por esta administración, co que se vai conseguir unha solución. Engade que se resposta ós infundios e calumnias co traballo ben feito, co que se poderá estar máis ou menos de acordo, pero que aporta as solucións técnicas máis axeitadas e menos gravosas, segundo o entende o grupo de goberno. En concreto, na proposta de resolución indícase que non se rexeita a rescisión, pero dase prioridade ó amaño da superficie, co que se pretende resolve-los gravísimos problemas de tránsito de persoas e vehículos, que veñen orixinando enormes trastornos óa veciños, como queda indicado na proposta. Sorpréndelle a actitude do PP que para o Pleno non tiña presentada ningunha moción ou proposta propia e eso que pedira incrementa-lo número delas a presentar.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, na súa quenda, sinala non querer respostar ás acusacións realizadas, para non eleva-lo tono dos insultos que está recibindo. Respecto das mocións, sinala que foi obxecto dun engano, xa que na xuntanza de voceiros do xoves, consecuencia dunha viaxe que tiña que realizar, indicou cando ía presenta-las mocións, para que á hora da verdade se lle rexeitaran, decindo o voceiro do PSdeG-PSOE na omisión informativa, que non se acordaba. Non pensaba que se foran a utilizar tales artimañas. Aínda así, sinala, presentouse a moción da que pedirán se debata por trámite de urxencia. Tamén engade que van votar a favor desta proposta, pensando que despois lles deixarán debate-la súa. Sinala que a súa moción é máis ampla que a proposta, xa que pregunta polo diñeiro do canon e os avais, o que xa se preguntou noutras ocasións non dándose resposta. Fai referencia ó prego de condicións que serviu de base ó concurso e ós prazos e obrigas que no mesmo se sinalaban, todos incumpridos. O que, ó seu xuízo, levaría á caducidade da concesión, tal como sinalan as leis das que aporta fotocopia, que de aplicarse produciría que o Concello gañara diñeiro.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tras asumir como grupo de goberno ó cento por cento a exposición do Sr. Doporto, quere sinalar unha cuestión de forma, indicando que cando se convoca un pleno, os asuntos teñen que estar entregados e a Sra. voceira do PP coñece que existen mecanismos suficientes para trata-la súa moción. Todo iso sen prexuízo de ratifica-lo acordado na xuntanza, que non é o sinalado pola Sra. Faraldo.

- De novo o Sr. Doporto, voceiro do BNG, insiste na sinxelidade da proposta, que responde a un traballo rigoroso, a un informe xurídico moi serio, no que se poñen de manifesto tódalas posibilidades, sinalando atrancos para a caducidade e a rescisión actualmente, pola intervención dos organismos, quedando como solución a que se propón mediante mecanismos de intervención. O que supón traballar con intelixencia sen esgota-la posibilidade da caducidade. Pero fundamentalmente sen ter "o burato furado" na rúa, que é o problema máis inmediato e que máis preocupa ós veciños.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, aínda tendo vontade de crer, considera que é unha estratexia, continuando un debate de reproches e indicacións e opinións sobre lexislación aplicable entre os voceiros, voltándose a insistir sobre a presentación das mocións e a súa inclusión na orde do día.

- Remata o Sr. Alcalde, quen entende suficientemente debatido o asunto, tendo os grupos ocasión de manifesta-las súas posturas e sinalando o descoñecemento da Lei de Bases pola Sra. voceira do PP, en canto á presentación e inclusión de asuntos na orde do día do Pleno. Por outra banda, considera que non é desculpa en canto que se houbera interese, a moción podería presentarse hai máis de vinte días, sen chegar a esta improvisación.

Sometido o asunto a votación, tendo en conta as graves perturbacións que a situación vén ocasinando no tránsito das persoas, así como na vida diaria dos residentes na zona, sen valora-los atrancos que se veñen efectuando respecto á incomunicación que vén sufrindo a vía, nos prazos que quedan de manifesto no informe, facéndose máis que necesario restablecer e conserva-las comunicacións e a calidade de vida dos moradores e usuarios da vía, que, doutra banda, vén sendo máis que necesaria no tráfico do conxunto da cidade, chegando a altera-la convivencia e a vida social; funcións todas elas propias do exercicio da función de policía que ostenta esta administración, tanto na tranquilidade, na seguridade e na salubridade cidadá. Considerando como o xeito máis rápido e consecuentemente máis eficaz o ordear ó interesado a realización das obras necesarias para a consecución dos obxectivos anteriormente sinalados, é dicir, que permitan o emprego da rúa en debida maneira e o desenvolvemento da vida social e familiar dos cidadáns de xeito adecuado. Tendo en conta asemade que non deron resultado as medidas que dunha ou doutra maneira se adoptaron ó respecto, con total desprecio das mesmas pola empresa adxudicataria. O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Ordear á empresa Complexo S. Roque, ó abeiro do Art. 84.c da Lei 7/85 de bases de réxime local, a execución das obras que se conteñen no informe técnico, necesarias para solventa-los problemas referidos que se consideran máis que motivo para esta actuación. Obras incluídas nos proxectos que vén executando na zona a devandita empresa e que deberán de efectuarse alterando outros posibles calendarios de obra, no prazo improrrogable indicado no devandito informe técnico. 2º.- Facer expresa advertencia á empresa de que sen non cumpre o presente mandato, procederase mediante a execución subsidiaria prevista no artigo 95 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, facultando neste suposto á Comisión de Goberno para proceder, previos os trámites e os requisitos que sexan necesarios, a dar cumprimento á devandita execución. 3º.- Asemade, queda facultada a Comisión de Goberno para os trámites necesarios para propoñe-la resolución dos contratos se o considera coveniente.

En explicación do voto, a Sra. Faraldo, voceira do PP, nega que se improvise e o Sr. Doporto insiste en que se trata dunha cuestión básica nos compromisos de goberno, opoñendo fronte ó torrente verbal da oposición, a seriedade e a honradez, baseadas en informes adecuados, a través dos que se chega, ó seu entender, ó proceso correcto. Hai unha queixa da Sra. Faraldo por entender que o Sr. Doporto, voceiro do BNG, non se limitou a explica-lo voto, pedindo o mesmo trato noutras ocasións.

9.- APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDIO DE DETALLE DA UEI-16, RÚA PINTOR SEIJO RUBIO E RÚA ROLLO, E O CONVENIO URBANÍSTICO.

Preséntanse a consideración do Pleno proposta de estudio de detalle da UEI-16, rúa Pintor Seijo Rubio esquina rúa do Rollo, e proposta de convenio urbanístico para o desenvolvemento da devandita UEI-16, ámbalas dúas realizadas pola empresa Consega SL.

- Polo Sr. Doporto, voceiro do BNG, dase conta da finalidade e vantaxes da actuación nun lugar céntrico de Betanzos, que por outro lado resolve aparcamentos na zona, na praza pública e a consecución dun local, do cal se estudiará o uso, podendo ser vecińal. Ordenación xa iniciada polo anterior concelleiro de urbanismo e que agora se trae para a súa aprobación definitiva.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que de momento vanse abster na xestión urbanística, ata ver por onde se orienta, anque neste caso a supresión de construcción con soportais por un baixo de 45 m2 non parece tan vantaxoso como se di.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que tal construcción era potestativa e o baixo, por outra parte, é de 95 m2, aparte doutras cesións nun solo consolidado, como a praza, o que pode considerar ó solar suficientemente gravado.

- Insiste a Sra. Faraldo, voceira do PP, preguntando por que no expediente se fala de medidas compensatorias do propietario, indicando que ela xa viu un proxecto con soportais para a zona que xa non existe. Non lle valen as aclaracións para da-lo seu voto favorable, pedindo valoracións que xustifiquen o que o concelleiro de urbanismo considera un grande logro.

- Remata o Sr. Alcalde, que pide que se fale con seriedade, xa que tal proxecto con soportais nunca existiu e, en cando á compensación xa aparece nos informes técnicos que a consideran axeitada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de nove dos concelleiros presentes (6 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Gestal, Porcas), acorda: 1º.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle da UEI-16, rúa Pintor Seijo Rubio esquina rúa do Rollo, promovido por Consega SL, redactado pola arquitecta Dª Montserrat Garnacho, debéndose proceder a súa publicación. 2º.- Aproba-lo convenio urbanístico coa empresa Consega SL para o desenvolvemento da devandita UEI-16, debéndose tramitar en forma, considerándoo definitivamente aprobado se non se presentan reclamacións que supoñan variación no texto xa acordado durante o prazo de exposición previsto.

10.- PROPOSTA DE ORDENANZA PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO.

Dase conta ó Pleno de proposta de ordenanza para concesión de subvencións na área de rehabilitación do casco histórico, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia o voto a favor do seu grupo.

- O Sr. López, voceiro do BNG, explica someramente a proposta, que pretende establecer uns criterios obxectivos, á vez que transparencia e publicidade na concesión destas axudas, dentro do plano de vivenda 2002-2005 do Ministerio de Fomento e a Xunta.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, felicita a proposta, considerándoo un regulamento adecuado que evite os favoritismos.

- O Sr. Alcalde indica que así levarase a efecto o convenio asinado co IGVS, no que tamén teñen moito que dici-los propietarios, e non como se pedía e esixía de concede-las axudas antes de que se asinara o convenio co Sr. Conselleiro.

O Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta de ordenanza municipal reguladora das axudas á rehabilitación de vivendas, así como que se continúe coa súa tramitación regulamentaria procedéndose ó trámite de exposición pública, considerándose definitivamente aprobada se non se presentan reclamacións no prazo de exposición previsto.

11.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE A EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO "EJE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDAD-TRAMO A CORUÑA-FERROL- ESTUDIO INFORMATIVO".

Preséntase a consideración do Pleno expediente de información pública e oficial do estudio informativo do "eje atlántico de alta velocidad, tramo A Coruña-Ferrol. Conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo se da por enterado, estando ás consideracións dos técnicos, deixando constancia dun posicionamento favorable, anque se preferiría un tren metropolitano, cunha comunicación permanente coa Coruña e anque non sexa así, considera benvida calquera mellora.

- A Sra. Faraldo,voceira do PP, indica que se procederá ó estudio, bota en falta propostas técnicas, indicando que o seu grupo fará algunha apreciación.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, intervén para poñer de manifesto, aparte de cuestións técnicas, que o que se presenta non é un AVE en sentido estricto, por canto se prevé unha velocidade de 120 Kms/hora, non se desdobra a vía, nin se presentan túneles nin viaductos. Nas alegacións á exposición anterior, xa se puxo de manifesto que Betanzos queda ben situado, coincidindo co voceiro do BNG en que sería máis conveniente un tren de cercanías, que se debería manter pola vía antiga. Sinala, por último, como inquedanza o que vai suceder coa estación de Betanzos-Infesta, que non aparece no estudio presentado.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, amosa a súa conformidade co parte do expresado, pero bota de menos un discurso igual entre os anos 82 e 96, xa que non está ben que só se pidan melloras cando gobernan outros.

- A tal respecto o Sr. García, voceiro do PSdeG-PSOE, recorda que nos anos 80 e 86 se reivindicaban as autovías e outras cousas e que é vella a reivindicación do tren.

- Remata o debate o Sr. Alcalde, lembrando á Sra. Faraldo, voceira do PP, que poucos concelleiros quedan anteriores ó ano 1991, esperando agora que se faga un ferrocarril como é debido, quedando aberto o debate a tódolos veciños interesados.

12.- INFORME SOBRE AS OBRAS A REALIZAR POR RENFE NO ACCESO Ó PORTO DE BETANZOS.

Dase conta ó Pleno de informe sobre as obras a realizar por Renfe no acceso ó porto de Betanzos. Conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, ademais de coincidir co informe emitido, considera bastante incorrecto o proxecto, sendo susceptible de mellora.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que a proposta xa tramitada na Comisión de Goberno optaba por un paso subterráneo, o que considedra ocasionaría máis problemas técnicos cun custe importante para o Concello. En canto ó impacto que produce a obra, podería ser obxecto de negociación. Pero o que si pide é premura no tema, por canto incide na obra que se vai levar a cabo no porto, logro do PP, polo que debe decidirse, pedindo que

non se torpedee a obra como se fixo co centro de saúde, xa que os veciños non consentirían unha paralización dun proxecto do PP.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que el vai falar do paso a nivel, rexeitando as acusacións de atrancos nas obras. Proba da rapidez que se quere dar a este tema é que se levou á Comisión de Goberno, para dar unha primeira resposta. O que considera que non se debe facer é aprobalo de calquera maneira, sinalando os problemas do anteproxecto: galibo de 8 mts., desvío do tráfico polo colexio -coa inseguridade que conleva-, invasión total da propiedade municipal que se pensabe destinar a estación de autobuses -agora con máis razón ó falar das melloras do ferrocarril-, corte da rúa Argentina, problemas cos accesos ós talleres.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, de novo, engade a súa coincidencia co voceiro do PSdeG-PSOE, insistindo en que se deben defende-las prpiedades municipais, non só polo posible uso da parcela, non pensándose nunha paralización da obra, senon en aplica-lo sentido común.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, non considera tan gravosos os problemas presentados, xa que se pode amortigua-lo impacto da altura, para o que habería que establecer contactos con Renfe. Doutra banda, a estación de autobuses tamén xeraría problemas de tráfico, anque lle extraña saber onde vai í-la estación de autobuses desta maneira, cando se falou de pacta-lo plan xeral. Así mesmo, os accesos ás naves poden ir máis adiante e en canto á propiedade do Concello, nalgo se terá que colaborar. Confía en que haxe relación con Renfe, absténdose polo de agora no proxecto, pero pedindo que non se paralice.

- O Sr. Alcalde pon de manifesto que ningún proxecto favorable para Betanzos se vai paralizar, que non é real que outros se paralizaran. Entende que o que hai é que investir máis, xa que outros países, como Holanda, fan pasos subterráneos e non pasa nada.

13.- <u>NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO.</u>

A proposta do grupo de goberno, sen que o grupo popular faga ningunha proposta, o Pleno, co voto a favor de nove dos concelleiros presentes (6 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López) e a abstención dos outros seis concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Gestal, Porcas), acorda nomear representantes nos centros ou organismos que se indica ós seguintes concelleiros: - D. Francisco Manuel Díaz Pereira: CEIP "Francisco Vales Villamarín"; - D. Andrés Otero Botana: IES "As Mariñas"; - Dª Beatriz Gómez Iglesias: IES "Francisco Aguiar"; - D. José Ramón García Vázquez: Consorcio "As Mariñas".

<u>ANTES DE ROGOS E PREGUNTAS:</u>

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, quere presentar a consideración do Pleno a urxencia de tres mocións, ás que xa se referiran con anterioridade. En tal senso espera da boa vontade dos Sres. concelleiros o seu apoio á inclusión de tales mocións, indicando que en caso contrario pedirían a realización dun Pleno extraordinario, ou a súa inclusión nun próximo Pleno, co que só se conseguiría o seu aprazamento en tempo.

- Indica o Sr. Alcalde que se motive a urxencia dos asuntos.

- En canto á denominada (rúa Rosalía), entende que é urxente pola situación dos veciños, o cal debería parecerller urxente, en canto que propón solucións inmediatas. Polo que respecta á relativa ás contas, entende que é un tema importante e grave, sinalando que espera que non pase como no Concello de Ferrol. Por último, a relativa á Policía Local,

presenta como argumento unha relación de deficiencias dos propios policías, que xustifican a necesidade de trata-lo asunto, o que tamén se xustifica ó estaren convocados a unha próxima xuntanza polo concelleiro delegado o día 3.

- Considera o Sr. Alcalde que se fixeron uns argumentos poderosos e solicita á Sra. Faraldo, voceira do PP, que se faga a proposta sobre o voto, pedíndose o voto de declaración de urxencia de cada unha delas.

Realizadas tres votacións, rexeitase a súa declaración de urxencia, dado o resultado igual nas tres de: seis votos a favor (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Gestal, Porcas) e nove abstencións (6 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), ó non entendelo así a maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación.

- O Sr. Lagares Pérez (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, pesenta outra moción, neste caso relativa ás modificacións no organigrama do centro comarcal, o que orixina que en educación infantil haxa 25 nenos por aula, solicitando previamente a declaración de urxencia motivada pola cercanía na apertura do curso e dado que a situación segue igual desde a adopción da medida, no DOG do 26 de xuño, sen que ata o de agora se comunicara e tomara ningunha decisión.

Por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros desta Corporación, DECLÁRASE A MOCIÓN DE URXENCIA E A SÚA INCLUSIÓN NESTA SESIÓN.

- Xa no debate, a Sra. Faraldo, voceira do PP, fai referencia á falta de gallardía política posta de manifesto coas súas mocións, indicando que o seu grupo sempre votou a favor da urxencia dos asuntos a incluir e pensan seguir facéndoo, o que considera unha diferencia no talante democrático. Ó respecto da moción, indica que se chegou a un acordo cos afectados e vaise seguir na liña de chegar a unha solución, preguntando polo contido da moción.

- En tal senso informa o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, quen considera que o elegante sería resolve-lo problema dos nenos e dos cidadáns.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pon de manifesto que nestes casos son as mostras de facer caso ó que pregoa o PP. Quere facer unha chamada á sensibilidade de todos, indicando que as actuacións do PP sempre demostran non ter idea do que se fala, como paso coa Policía Local, prometendo cousas que ignoran o marco mínimo das relacións laborais, non podendo apoiar nas súas mocións a quen fai ataques na prensa que afectan de tal forma á honorabilidade das persoas.

A actuación anterior provoca protestas pola Sra. voceira do PP, quen é advertida polo Sr. Alcalde para que solicite o seu turno.

- Xa no uso da palabra a Sra. Botana, voceira do PP, indica que o Alcalde sempre lle recrimina por non cinguirse ós temas que se están tratando. Sinala que eles si teñen sensibilidade, xa que se negociou cos profesores, indicando ó Sr. Doporto,voceiro do BNG, que pode seguir decindo o que queira; remata pedindo moderación.

- O Sr. Alcalde pide que se amañe o problema, que é dos nenos, que parecen castigados. Sinala que ata o de agora non se deu solución ó problema, considerando que houbo tempo, se se quixera resolve, pero que aínda esta mañá ás dez non había ningunha solución.

Por unanimidade, o Pleno acorda dirixirse ó Sr. Presidente da Xunta e ó Sr. Conselleiro de Educación pedindo que se manteña o organigrama do CEIP "Francisco Vales Villamarín" existente con anterioridade á Orde publicada no DOG de 26 de xuño onde se suprimen distintas prazas de profesores do mencionado centro escolar, facultando á Alcaldía ou concelleiro en quen delegue para levar a efecto tódolos trámites necesarios para o bo fin deste acordo.

14.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo municipal do PP:

- Solicita ampliación do horario da Biblioteca Municipal, especialmente para os estudiantes universitarios.

- Pide a construcción dun parque infantil na Alameda, no lateral que dá á praza García Irmáns, co piso de cortiza, para que xoguen os nenos máis pequenos que o fan habitualmente na citada praza dos Irmáns García Naveira.

- Pregunta que función ten o técnico local de emprego, contratado cunha subvención da Xunta de Galicia.

- Pregunta que número de prazas ten o Concello de Betanzos en propiedade no aparcamento da praza García Irmáns, que números corresponden e quen aparca nesas prazas.

- Indica que: María Faraldo, voceira do PP do Concello de Betanzos, cesou como directora provincial do ISM o día 14 de abril de 2003 e foi novamente nomeada o 11 de xuño de 2003, como consta nas publicacións de ceses e nomeamentos do BOE correspondentes ó Ministerio de Traballo.

Polo Sr. Doporto, voceiro do grupo municipal do BNG:

- Que se dea nome á actual travesía de José Fariña, dado a confusión coa rúa do mesmo nome.

- Que se proceda ó valado do centro comercial do Pasatiempo.

- Que polos servicios xurídicos se informe sobre a legalidade de colocar no acceso das obras do aparcamento da rúa Rosalía a orde de execución acordada.

- Que se presente ó Pleno o acordo de retribucións asinado en 1999 por Dª María Dolores Faraldo Botana, D. Andrés Otero Martínez e D. Manuel Lagares Pérez, no que se acordaban unhas retribucións para o alcalde semellantes ó secretario, e para os demais concelleiros con dedicacións semellantes a un funcionario do grupo A, como xesto para acala-las críticas que están creando certa "rumoroloxía". Remata sinalando que, respecto ás dedicacións encubertas ás que se referiu con anterioridade a Sra. Faraldo, el non se dirixira a ninguén en concreto.

Por tal alusión protesta a Sra. Faraldo, quen é obxecto de nova advertencia do Sr. alcalde, concedéndolle un minuto de explicación.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, agradecendo o turno, pregunta se o BNG contesta agora ás preguntas do PP e respecto ás dedicacións sinala que ela votou en contra polo número de dedicacións, non polo seu importe.

Remata o Sr. alcalde indicando que os rogos e preguntas contéstanse no seguinte Pleno, agás que o interesado o queira e se poida facer no mesmo en que se fan, xa que así o indica a Lei de bases, lembrando á Sra. Faraldo a obriga e o respecto de deixar intervir ós demais.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintetrés horas e quince minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTECATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira
Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. José Ramón García Vázquez.
D. José Manuel Montero Gómez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
D. Francisco Xabier López López.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García
Dª María Jesús Teijo Antelo.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Sr. Secretario, acctal.:

D. José Cortés Carro.

Sr. interventor:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do mércores día vintecatro de setembro de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- PROPOSTA SOBRE COLOCACIÓN DE ELEMENTOS EMBLEMÁTICOS NAS ROTONDAS.

Dase conta de proposta relacionada coa colocación de elementos emblemáticos nas rotondas, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

Sendo as 20:35 h. incorpórase o Sr. Martínez García, concelleiro do grupo popular.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que o grupo popular votará afirmativamente, facendo constar que o seu grupo presentou unha moción semellante para adecentamento da rotonda das Cascas e no seu día contestóuselles que a tiña que levar a cabo Fomento, alegrándose do cambio de criterio dos grupos de goberno e de que se recollan as iniciativas do PP.

- O Sr. Alcalde sinala que o manifestado é un erro claro do grupo popular porque non existiron votos en contra do grupo socialista, agradecendo o voto favorable.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: solicitar ás institucións titulares da rotonda das Cascas e da de Infesta que, atendendo á singularidade e características de cada unha delas, tomen medidas no sentido da colocación dalgún tipo de información ornamental con referencias ó noso Concello (esculturas axeitadas, escudos, xardíns, composición do nome do municipio en pedra...)

2.- PROPOSTA RELACIONADA COA CREACIÓN DUNHA OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL.

Dase conta de proposta relacionada coa creación dunha oficina municipal de información xuvenil, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que o seu grupo dará o si á moción, outra cousa é se se entra no debate da ubicación; lembra ó delegado de xuventude que o Concello ten locais cedidos a empresas privadas, como por exemplo Aquagest; recorda a súa postura sobre o manifestado, non podéndose dificulta-lo traballo a outras persoas ou entidades que levan traballando bastante tempo.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, opina que se se crea a oficina municipal de información xuventil en Betanzos, é lóxico que se destine a xente xove.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, roga que antes de botar a asociacións que forman un colectivo de case seiscentas persoas se lles busque ubicación; hai moitos metros en mans de particulares e o delegado de xuventude está equivocado.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, fai dúas puntualizacións: 1ª.- Solicita á voceira do grupo popular que mostre o programa do grupo BNG. 2ª.- A secuencia dos feitos é: a) que a Xunta conceda o Local, b) que cada asociación solicite o local posteriormente.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: - Crear unha oficina de información xuvenil (OMIX).

3.- MOCIÓN DO BNG RELACIONADA CO CAMPO DOS CANEIROS.

Dase conta de moción do BNG relacionada co campo dos Caneiros, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, comenta que por diversas circunstancias o campo dos Caneiros vén sendo invadido por un grande número de turismos e outros vehículos de tracción mecánica, causando un impacto medioambiental desfavorable, sendo necesario levar a cabo accións que permitan amaña-lo problema; lembra que a famosa "lei Cuiña" establece protección para a apertura de pistas, trátase de trasladar accións ó Concello de Coirós, solicitando o seu apoio en defensa dos Caneiros.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: Solicita-la colaboración do Concello de Coirós no que respecta ós límites da súa demarcación e dentro do seu ámbito competencial para que calquera sistema interno de protección do campo dos Caneiros que se deseñe desde este Concello se vexa complementado con accións do seu que permitan solventa-lo problema que causa a invasión do citado campo por un grande número de turismos e outros vehículos de tracción mecánica.

4.- MOCIÓN DO PP SOBRE ORGANIZACIÓN DUNS CANEIROS INFANTÍS.

Dase conta de moción do PP relacionada coa organización duns caneiros infantís, que conta co dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, explica que se pretende adoptar medidas para evita-lo deterioro que nos últimos anos vén sufrindo a festa dos caneiros, que eran unha romería familiar onde as familias de Betanzos compartían un día de campo, instando a adopción do acordo de organizar, para as próximas festas de agosto, un día de caneiros infantís, para o que piden o apoio dos grupos.

- A Sra. Gómez, voceira do PSdeG-PSOE, sinala que o pasado mes de xuño acordouse crea-la Comisión de Festas, pedindo que pase a moción, que por certo ten lagoas, á comisión para o seu estudio.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, comparte o exposto pola delegada de festexos; ve con simpatía a moción pero pensa que debe ser traballada en canto a seguridade, e realiza unha apreciación: o BNG fai lembranza de recupera-la tradicional romaría de "San Paio", rematando coa petición de que se dea traslado da moción do PP á Comisión Especial.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que non ten inconveniente en que a moción pase á comisión, pero quere que se vote, toda vez que se acaba de falar dos Caneiros e o seu grupo votou a favor; non obstante a moción do seu grupo pode pasarse á Comisión de Festas, manifestando que isto é unha dinámica permanente coas mocións do PP. Pode pasar á comisión, pero que se vote.

- A Sra. Gómez, voceira do PSdeG-PSOE, puntualiza que se ben é certo que se acaba de aprobar unha moción relacionada cos Caneiros, tamén o é que non teñen nada en común, son independentes; se se mantén a moción como tal o voto será negativo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda rexeita-la moción.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que, non obstante, presentarán a moción na Comsión de Festas.

- O Sr. Alcalde recórdalle á voceira do PP que as intervencións posteriores á votación son para explicación do voto.

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE APARCAMENTO EN BATERÍA NA PRAZA GARCÍA IRMÁNS.

Dase conta ó Pleno de moción do PP relacionada con aparcamento en batería na praza García Irmáns, que conta co dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que, como mencionou na Comisión Informativa, existen problemas de aparcamento na superficie da praza García Irmáns, a pesar de contar cun aparcamento subterráneo na mesma praza, e non parece que esa problemática vaia desaparecer a pesar da presencia da Policía Municipal, debéndose tomar medidas ó respecto, polo que propoñen a creación dunha zona de aparcamento entre a estrada Nacional VI e a praza García Irmáns fronte ós soportais do Campo, pedindo que se lle preste aprobación, e indica que o din con coñecemento de causa, pola enquisa que o seu grupo realizou.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tal como manifestou na Comisión de Programación, reitera que este non é o lugar para o debate, solicitando do grupo popular que retire a moción e que pase á Comisión Especial de Tráfico, establecida

polo Pleno o día sete de xullo pasado; parécenlle ben as enquisas, pero os técnicos din que se perde un espacio público; sen etrar en máis debate pide que a moción pase á Comisión Especial de Tráfico.

- O Sr. López, voceiro do BNG, comparte a preocupación polo tema, non obstante estase a traballar nun novo ordenamento do tráfico, sendo un proxecto ambicioso e esto entorpecería os traballos técnicos, asi: a) Os traballos consisten na reorganización das terrazas, afectando á zona de carga/descarga, estacionamentos e mobiliario das terrazas, etc. b) A proposta do PP é incompatible cos traballos. c) As políticas modernas pasan por recuperar espacios públicos, non restrinxilos, invitando a participar ó PP no deseño no marco da Comisión Especial.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que a medida que propoñen non prexudica ó "parking", así aumentaría a xente que visita Betanzos e este perdería a súa mala fama en canto a dificultade para aparcar vehículos; a presentación da moción na Comisión Especial non prexudica outras medidas. O espacio estan a utilizalo as motos e se as motos poden aparcar, os coches tamén; o problema é puntual e pode aprobarse.

- O Sr. López, voceiro do BNG, lémbralle que se está a elaborar un plan ambicioso con respecto ó tema e, en canto ó aparcamento das motocicletas, non é igual que o aparcamento de coches.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que se non retiran a moción, o voto será desfavorable. As cidades, puntualiza, son para as persoas, lembrándolle á Sra. Voceira do PP, a existencia de zona de aparcamentos libres, zona ORA, zona verde e un aparcamento subterráneo que poucas cidades como Betanzos teñen, hai que facer un pequeno esforzo e o debate na Comisión de Tráfico, pedindo coherencia ó grupo popular.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda rexeita-la moción.

6.- MOCIÓN DO PP SOBRE PARQUE INFANTIL NA ALAMEDA.

Dase conta de moción do PP sobre parque infantil na Alameda, que conta co dictame da Comisión de Programación.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, solicita a aprobación do Pleno á proposta de dota-lo lateral da Alameda dun pequeno parque infantil a semellanza dos existentes en múltiples cidades, que vén motivada porque no inverno o uso do parque do Pasatiempo é imposible e son moitos os nenos que acoden á praza do Campo a xogar.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, expoñerá de forma moi sinxela a postura do grupo de goberno: estase a estudiar polos técnicos municipais efectuar dotacións ós parques, zona centro e limítrofes para desenvolver posteriormente un plan; a instalación que solicita a Sra. voceira do PP ten repercusións no tratamento das feiras, pode orixina-la tala de especies arbóreas, debendo terse en conta o sombreado da zona. Existe vontade política nese senso e en canto ó tema farase o que digan os técnicos, por iso se votará desfavorablemente.

- A Sra. Faraldo,voceira do PP, comunica que non ten inconveniente en que a moción pase a informe dos técnicos, pero como non ve tantos plans ambiciosos, solicita que se vote no Pleno.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, insiste no criterio do grupo de goberno, non podéndose aprobar emprazamentos como se queira; se ben comparte a pretensión, agarda o informe dos técnicos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda rexeita-la moción.

7.- DESIGNAR DOUS DÍAS DE FESTA DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2004.

Dada conta de escrito da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais solicitando designación de dous días de festa de carácter local para o ano 2004, asunto que conta co dictame da Comisión Informativa, o Pleno, por unanimidade, acorda designar como días de festa local no termo municipal de Betanzos para o ano 2004 o Martes de Carnaval e o 16 de agosto.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

* Contéstase ás preguntas realizadas no anterior pleno ordinario (2-setembro-2003):

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo municipal do PP:

- As funcións do técnico local de emprego son as recollidas na memoria, programa que se presenta anualmente e do que se dá conta para xustifica-la subvención á Xunta de Galicia.

- Prazas de garaxe no aparcamento da praza García Irmáns: 1 praza, onde aparca o coche institucional do Concello.

Polo Sr. Doporto, voceiro do grupo municipal do BNG:

- As retribucións dos membros da Corporación, consonte o acordo dos tres voceiros dos grupos políticos (Antonio S. Lagares Pérez do PSdeG-PSOE, Mª Dolores Faraldo Botana do PP e Andrés Otero do BNG) de 29 de xullo de 1999, son como segue: - Sr. Alcalde, 1 peseta máis que o secretario da corporación. - Delegados de urbanismo e cultura, percibirán unha cantidade semellante ós funcionarios do Grupo A. - Delegado de turismo, 125.000,- ptas. mensuais líquidas.

* Efectúanse os seguintes rogos e preguntas:

Pola Sra. Faraldo, voceira do grupo municipal do PP:

- Nun tramo de beirarrúa na r/ Venezuela, á altura do INEM, existe un desnivel que pode causar accidentes ós usuarios, solicita as modificacións necesarias.

- En relación coa petición de veciños do 3º Grupo Brigantium de amaño de beirarrúas e supresión de árbores que se vai levar a cabo, os veciños non queren que a beirarrúa diminúa de tamaño.

- Os veciños do 1º Grupo Brigantium teñen o mesmo problema coas árbores que os do 3º Grupo, solicita que as medidas se fagan estensivas.

- Veciños de Saavedra Meneses consideran un agravio as dotacións do parque do Xuncaliño en relación co parque do Ambulatorio, solitando que se fagan mellores dotación no parque do Xuncaliño.

- Solicita que se tomen medidas en relación coa construcción dunha caseta de madeira na zona interior do enlace da travesía da N-VI na zona das Cascas. A construcción realízase en horas nocturnas desde fai 3 meses.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e dezasete minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, acctal., que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

Asdo.: José Cortés Carro.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTECATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira
Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. José Ramón García Vázquez.
D. José Manuel Montero Gómez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
D. Francisco Xabier López López.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García
Dª María Jesús Teijo Antelo.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Sr. Secretario, acctal.:

D. José Cortés Carro.

Sr. interventor:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinteunha horas e dezaoito minutos do mércores día vintecatro de setembro de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- MOCIÓN DO PP SOBRE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA R/ ROSALÍA DE CASTRO.

Dase conta ó Pleno de moción do PP sobre execución das obras de urbanización da rúa Rosalíade Castro, dictaminada pola Comisión Informativa, na que se pide a finalización inmediata das obras de urbanización da prolongación da rúa Rosalía de Castro, a reversión da adxudicación por incumprimento das condicións por parte da empresa adxudicataria do prego de cláusulas que deu lugar á actual situación, investimento do canon pagado pola empresa en instalacións para os veciños da rúa, e explicación por parte do equipo de goberno da cantidade de diñeiro e avais depositados polos promotores dos edificios, de maneira desglosada, situación contable dos mesmos e que finalidade se lle pensa dar no caso de que a urbanización sexa levada a cabo pola empresa adxudicataria do hotel.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, presenta esta moción ó Pleno dado que o seu grupo coñece que se tomaron unha serie de medidas, esperando que se cumpran os prazos concedidos á concesionaria; hoxe comezaron o hotel e parécelle ben, pola documentación existente débese levar a cabo o final da urbanización e a rescisión do contrato da concesión. Con respecto á creación da empresa, hai unha serie de casualidades, intentaron localizar ó administrador da empresa e non o conseguiron, se cadra o secretario do Concello, como veciño do administrador da empresa Complejo San Roque SL, pode aclararnos se vive na praza da Palloza. Non sabe por que non se esixíu con máis empeño o remate das obras de urbanización á empresa Rocha Corral SL; o grupo popular obtivo información e segundo datos do Rexistro Mercantil a empresa concesionaria está en quebra técnica desde a súa fundación; poderíase obrigar a remata-la rúa. Por outra banda, chegouse a insinuar que a empresa podería ter relación co PP e iso é un descaro, os veciños descoñecen que a empresa, a pesar da quebra técnica, tivo unha ampliación de capital de 600.000,- E en agosto pasado e pódese face-la revisión da adxudicación e o equipo de goberno debe dar explicacións.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, en primeiro lugar pide consideración a favor do secretario da Corporación: o ser veciño da Palloza na Coruña non é motivo para alusións. En segundo lugar, puntualiza, que o aparcamento subterráneo non estivo parado, estase a traballar a un ritmo superior, máxime no momento de maior complicación, colocouse a pasarela e anque os prazos non van moi xustos, non hai interrupcións. En terceiro lugar, sinala que a Comisión de Programación se reuníu o día vintedous de setembro, hoxe é vintecatro de setembro, sendo un acto intelixente remata-lo forxado superior e aínda así é posible adoptar outras medidas, as obras do hotel comezaron naquel momento, en todo caso antes do 22 de setembro. Insiste en que hai incoherencia do grupo popular porque ¿como se pode solicita-la urxencia desta moción sabendo que a poderían ter presentado no Pleno anterior?, non fan senon aumenta-los custes da administración. A postura aprobada hai escasos días ten base técnica, o secuestro da concesión non é posible porque non entrou en funcionamento e, en canto á rescisión absoluta, levaranos ó xulgado e os prexudicados ó final serán os veciños co burato que lles quedará en tanto en canto non se solucione xudicialmente a rescisión; en todo caso, o Concello tomará as medidas pertinentes.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que comparte a intervención do BNG, puntualizando que non parece de recibo un pleno extraordinario cando fai escasos día se tratou o asunto nun pleno ordinario, así como que se producen algúns detalles que non lle parecen éticos, descoñecendo a que veñen as referencias a que o secretario da Corporación viva na Palloza na Coruña, é posible que queira voltar a

tempos cavernícolas de recente pasado ¿que leccións queren dar?, debe aclaralo porque é unha falta de ética que leva á covardía política.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta que o que dixo é que o secretario, se cadra, coñece ó administrador por ser veciño seu e non ten que dar explicacións, debe dalas o equipo de goberno, indicándolle ó delegado de urbanismo que se mete nun terreo embarrado posto que ¿a cambio de que algunha empresa mete 100 millóns de pesetas nunha empresa en quebra técnica? ¿que pode haber detrás de todo esto?, solicita coñecer onde están os avais dos constructores, porque coa Lei de contratos do estado pódese insta-la caducidade da concesión, recoméndalle que pense onde se mete.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, traslada ó Pleno que o BNG asume o asunto con valentía, non seguíu as presións mediáticas do PP no senso de rescindi-la concesión; actuouse de acordo cos informes técnicos e resólvese como mellor camiño este, pediuse apoio e votaron a favor; fai falta ter vergonza política decirlle que teña coidado, este delegado métese onde se meteu o grupo de goberno; é certo que existen argumentos para recindir pero, coa Lei nas mans, pódense tardar anos con todo o derivado da situación en prexuízo dos veciños, por iso se solicita un apoio leal.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sen entrar nunha serie de datos públicos obtidos no Rexistro Mercantil, parécenlle indignas certas actuacións, pero o Concello réxese pola Lei, non hai que tirar pedras e esconde-la man.

- O Sr. Alcalde pide á voceira do grupo popular que manifeste publicamente cantas obras lle foron adxudicadas ó principal accionista de Complejo San Roque SL pola Xunta de Galicia; en canto ós avais, están depositados onde deben estar, no Concello.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda rexeita-la moción.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, en explicación do voto, sinala que presentar esta moción ampla non significa desdecirse do apoio a que se acabe a rúa, seguirán dándo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, a estas alturas, considera que a moción do grupo popular é incompatible coa presentada hai días.

2.- <u>MOCIÓN DO PP SOBRE A PROBLEMÁTICA DE TRABALLO DA POLICÍA LOCAL.</u>

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, da conta de moción do seu grupo sobre a problemática de traballo da Policía Local, colectivo que se queixa especialmente da forma de realiza-lo seu traballo, dictaminada pola Comisión Informativa, na que se pide a creación dunha comisión que estudie a situación da Policía Local de Betanzos e nun prazo de seis meses dea saída ós principais problemas e desigualdades que afectan á mesma; no caso de que algunhas cuestións no puideran ter unha resposta tan inmediata, veríase de prorroga-los prazos de resolución dos problemas no seo desta comisión; non pedindo estar presentes na mencionada comisión por non formar parte do goberno local, que ó seu xuízo debería estar composta por membros do equipo de goberno e a Policía Local, pedindo que se lles informe dos avances obtidos nas distintas xuntanzas da comisión, amosando a súa máis absoluta dispoñiblidade a aporta-las súas suxestións se se considera de interese. Continúa indicando que algúns policías locais de concellos limítrofes cobran máis que os de Betanzos, e cando se refire a retribucións non fala de incumpri-las leis, considerando

importante a formación dos funcionarios, pero non se abordan outros asuntos que lles preocupan, o seu grupo non está conforme co contido da reunión que se realizou co colectivo da Policía Local, pode crearse unha comisión especial.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sinala que hai dous meses que se constituíu a Corporación, parecendo que nese pouco tempo se produciron toda clase de calamidades, o que se expuxo non é o que pasou, solicita colaboración leal en política, o grupo popular é incoherente e falan de forma virtual, os policías locais cando hai un curso e o solicitan, asisten sen ningún problema. Con respecto á Comisión Especial de Tráfico, roga que se presenten iniciativas, que serán recollidas, non sabe en que se basean para dicir que os policías locais fan funcións en Protección Civil, anunciando o voto negativo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, afirma que respecta ós sindicatos, así como ós órganos de negociación, en canto á falta de diálogo, efectuáronse xuntanzas con delegados, as consultas son fluídas, o asunto que se deixa caer non é certo.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, comenta que os problemas veñen de atrás, pensa que co apoio do BNG poden facer mellor as cousas, na comisión teñen que esta-la Policía Local e o grupo de goberno e as estatísticas teñen que darllas a ela, compadece ós técnicos do Concello, afirmando que o seu grupo non minte e para confirma-lo que dixo a Policía Local entregoulles un resumo de problemas, do que se deu copia ós grupos políticos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, non retira as súas palabras, senon que se reafirma nelas, quéreselle da-la volta á noria, as probas son claras, seguen confundíndose, a voceira do grupo popular coñece que os acordos necesitan informes técnicos e as decisións tómaas o equipo de goberno.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda rexeita-la moción.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en explicación do voto, quere aclarar ó grupo BNG que están encantados de non pactar cos señores ós que se lles vai abrir xuízo oral, con motivo da "Casa Pita".

- O Sr. Alcalde-Presidente roga novamente á voceira do PP que utilice a quenda de explicación de voto precisamente para iso.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE O ESTADO DAS CONTAS MUNICIPAIS.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, fai unha breve exposición da moción do seu grupo sobre o estado das contas municipais, dictaminada pola Comisión Informativa, na que se pide que se contrate unha empresa externa que audite a situación financeira do Concello de Betanzos, dando resposta ó destino dado polo Concello ós canons cobrados nos últimos anos, para coñecemento dos veciños de Betanzos. Explica que presentan esta moción porque pola vía das preguntas non obteñen información, por iso reclama a auditoría.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, sinala que o Concello audita as contas, aproba o presuposto e a conta xeral e neses procesos -onde están os datos- é unha auditoría interna, pedindo ó grupo popular que participe nela, non atopando outros concellos en que se faga o que pide o PP; así o Consello de Contas fixo un

anteproxecto de auditoría neste Concello no ano 2000, que se pasou satisfactoriamente e non así outras entidades. Empraza ó grupo popular a que debata seriamente a conta do presuposto, indicándolles que estamos debidamente auditados e que a analicen, posiblemente o único non aceptable é o remanente negativo de tesourería, cuestión hoxe corrixida; o que fai o grupo popular é un "brindis al sol".

- O Sr. Otero, voceiro do grupo nacionalista, indica que esta cuestión é un tema recorrente do PP ó BNG; o seu grupo estase a informar exhaustivamente e vanse cumpri-los compromisos coa cidadanía, non permitindo que elementos externos lle sinalen a liña de traballo .

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, opina que o Sr. Lagares (D. Antonio) é de piñón fixo, posto que o Consello de Contas di que hai problemas, existindo falta de coincidencia co que manifesta o grupo de goberno, insiste en que o Consello de Contas é discrepante, por iso solicitan auditoría externa e seguirán a solicitala mentres non teñan outros datos e explicacións, non querendo marcar políticas, solicitando, por exemplo, coñecer por que se quitan sancións a Complejo San Roque.

- O Sr. Alcalde aclara que non se quitou ningunha sanción a Complejo San Roque, ó contrario, vaise sancionar por todos e cada un dos días que incumpra, reitera a petición que lle fixo á voceira do grupo popular de que manifeste publicamente cantas obras lle foron adxudicadas ó principal socio de Complejo San Roque SL pola Xunta de Galicia, as cales, por certo, son contiosas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, opina que o grupo popular non aportou nada novo, un concello audítase na etapa presupostaria, debéndose estudiar e presentar correccións, e ata a data non se presentou ningunha.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, afirma que o BNG asumiu coñece-las contas do Concello; no seu momento os dous grupos de goberno reserváronse a posibilidade de solicitar auditoría de contas en calquera momento e de realizar unha auditoría externa, en todo caso non sería vengativa e si técnica.

- O Sr. Alcalde solicita ós grupos políticos unha análise profunda das contas do Concello e que se proceda á votación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda rexeita-la moción.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e trinta e sete minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario acctal., que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: José Cortés Carro

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTENOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira

Dª María Beatriz Gómez Iglesias.

D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

D. José Ramón García Vázquez.

D. José Manuel Montero Gómez.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.

D. Xosé Isidro Doporto Santos.

D. Andrés Otero Botana.

D. Francisco Xabier López López.

Dª María Dolores Faraldo Botana.

D. Luis Alberto Carro Erias.

D. Francisco Javier de la Fuente Lago.

D. Francisco Antonio Martínez García

Dª María Jesús Teijo Antelo.

D. Francisco Manuel Gestal Calvete.

D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Sr. Secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do mércores día vintenove de outubro de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Préstase aprobación, por unanimidade, ós borradores das actas das sesións que tiveron lugar o día dous de setembro (ordinaria), e o día vintecatro de setembro (unha ordinaria e outra extraordinaria).

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dase conta de resolución da Alcaldía, núm. 931/2003, pola que se nomea representante desta Corporación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a D. José Manuel Montero Gómez.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE POSTA EN MARCHA DUNHA LUDOTECA.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, presenta moción do seu grupo relativa a posta en marcha dunha ludoteca en Betanzos, que vén dictaminada pola Comisión Informativa,

facendo fincapé na importancia de crear hábitos de lectura nos nenos, pedindo que se teña en conta sobre todo na próxima rehabilitación do centro de Santo Domingo.

- O Sr. Montero, voceiro do PSdeG-PSOE, indica o apoio do seu grupo, facendo unha referencia histórica das ludotecas, indicando que xa existe na escola infantil municipal, cun equipamento excelente, sen prexuízo de que poidan iniciar outras accións tralo decreto da Xunta que regula tal actividade, estudiando posibles ubicacións, polo que considera oportuno espera-lo desenvolvemento do decreto da Xunta a ver se establece posibles axudas, dado o importante custo destas instalacións, que esixirá o compromiso doutras institucións, condicionando en tal sentido o voto favorable que se vai dar á proposta.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que non vai supoñer ningún problema e que o posible investimento ben se pode afrontar, á marxe de que se soliciten as oportunas subvencións, pedindo sensibilidade ó grupo de goberno no próximo presuposto, facendo referencia ás posibles ubicacións, agradecendo o voto favorable.

- O Pleno, por unanimidade, acorda que se realicen as xestións necesarias para a implantación en Betanzos dunha ludoteca, cos condicionamentos indicados.

4.- MOCIÓN DO PP SOBRE ACONDICIONAMENTO DO ADRO DE SANTO DOMINGO.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, da conta de moción do seu grupo en relación con posibles actuacións a realizar no adro de Santo Domingo, previo o seu estudio técnico, sen prexuízo da propiedade do adro, dado que se realizaron actuacións anteriores. Conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, quere diferenciar entre o adecentamento da zona da cafetería que se demoleu, sobre o que non hai problema, estando no seu trámite administrativo e a ampliación das actuacións ó adro da igrexa, sobre a que calquera petición pode ser atendida.

- O Sr. López López, voceiro do BNG, intervén para facer referencia á titularidade do adro e sobre o problema de competencias que pode que non sexan do Concello, anque considera a proposta unha boa iniciativa, dentro do proceso de recuperación patrimonial, entendendo que a instancia a que haberá que dirixirse é Patrimonio da Xunta, tras un mellor estudio competencial.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, admite a salvedade do estudio competencial e se se quere trasladar á Xunta, pero o que quere é que se faga.

- Remata o Sr. Doporto, voceiro do BNG, entendendo que queda resolto o das obras lindantes e respecto á proposta darase traslado á Xunta despois do estudio da competencia.

O Pleno, por unanimidade, acorda coas salvedades indicadas: 1º.- Que as obras de adecentamento da zona demolida lindante co edificio igrexa Santo Domingo se inicien á maior brevidade posible. 2º.- Que as obras de adecentamento contemplen a reforma do adro de Santo Domingo colocando unha rampa de acceso e substituíndo as escaleiras de cemento por unhas escaleiras en pedra, ademais de colocar un enlosado de pedra en toda a superficie do mesmo. 3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a adopción das medidas oportunas.

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE POSTA EN MARCHA DUNHA "AULA MENTOR".

Dase conta de moción do PP sobre posta en marcha dunha "aula Mentor" en Betanzos, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

Tras poñerse de manifesto os problemas de tramitación respecto dos organismos con competencia, o Pleno, por unanimidade, acorda: Que se realicen as xestións necesarias para que Betanzos entre na rede de aulas Mentor de España.

6.- MOCIÓN DO PP SOBRE OBRADOIRO DE ALZHEIMER.

Preséntase moción do grupo popular sobre a posta en marcha de obradoiros sobre o Alzheimer, que vén dictaminada pola Comisión Informativa, insistindo a Sra. Faraldo, voceira do PP, no carácter xeral que poderían te-los obradoiros ocupacionais, como se fixo en municipios cercanos.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, sinala o acordo, pero expón o aspecto competencial da Xunta nesta materia, polo que habería que xestiona-la súa colaboración.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se realicen tódalas xestións necesarias para que en Betanzos se implanten obradoiros sobre a enfermidade do Alzheimer.

7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O GRUPO LÁCTEO GALEGO.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, presenta moción do seu grupo relacionada coa defensa do emprego industrial na comarca da Coruña diante do anuncio de venda do Centro Productivo Lácteo Galego, que vén dictaminada pola Comisión Informativa, demandando o apoio á mesma ante o incumprimento reiterado da Xunta de Galicia.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende que é unha moción tipo, sobre un problema do que xa se están a tomar medidas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo valora positivamente a moción, xa que o que se prometeu sobre o grupo lácteo está hoxe esquecido.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece o voto e pide ó grupo popular que reconsidere, en canto a que a Xunta faga xestións, non é óbice para este acordo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas), acorda: 1.- Amosa-la solidariedade e apoio do Concello Pleno cos traballadores e traballadoras de Leyma-Puleva na súa loita pola defensa do seu emprego e postos de traballo, polo mantemento da empresa na comarca da Coruña, así como manter un apoio activo a tódalas medidas de presión destinadas a conseguir estas demandas. 2.- Instar á Xunta de Galicia a que obrigue á empresa Puleva SA a cumpri-los acordos subscritos o 2 de xullo de 1999 de potenciación do Centro Productivo Lácteo Galego de Arteixo. 3.- Instar á Xunta de Galicia a que actúe para garanti-la viabilidade futura da planta de Arteixo e defenda o sector lácteo galego.

8.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE ADSCRICIÓN URBANÍSTICA DO CENTRO DE SAÚDE.

Preséntase moción do grupo de goberno sobre adscrición urbanística do centro de saúde, que vén dictaminado pola Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, explica a necesidade de establecer un criterio de uso respecto do actual centro de saúde, ante as dúbidas que puideran xurdir, pedindo a adscrición ó que se expón, evitando así novas cualificacións urbanísticas, como por exemplo nos terreos do Ministerio de Defensa, non sendo de ningún modo de uso residencial ou privativo.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, amosando o seu acordo coa clasificación, quere facer constar que a eles recrimínaselles que as mocións no vaian ás comisións correspondentes, esta debería ir a de urbanismo, entendendo, por outra parte, que sempre se busca a colaboración co Concello, concretamente, o problema noutros concellos preséntase pola bancarrota dos gobernos do BNG.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, de novo, sinala que ó respecto hai que ter en conta a inmediatez da actuación, o que é evidente pola tramitación do plan xeral, que no asunto do adro de Santo Domingo, que tamén é un tema de urbanismo, se lle dá o mesmo tratamento que a este tema, e que o que se pretende é mante-la mesma clasificación que ten, considerando oportuna unha declaración institucional que preserve calquera presión urbanizadora. Por outra parte, sinala que non citou ningún caso concreto, insistindo en que se está pechando a ordenación da zona.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste nas súas afirmacións, sinalando que a diferencia co adro é que non supón ningunha modificación urbanística, que están ben informados da moción por canto a leron na súa totalidade e, en canto á inmediatez non cre na mesma, en tanto aínda hai prazo de execución das obras polo que non se ven motivos nin sabe onde se ven os fantasmas, polo que os veciños poden estar tranquilos.

- Remata o Sr. Doporto, voceiro do BNG, sinalando que lle toma a palabra sobre o prazo de execución, pedindo que unha vez feito se retire o cartel das obras, agradecendo o voto.

O Pleno, por unanimidade, acorda declarar que o espacio ocupado polo centro de saúde actual manteña no futuro a adscrición urbanística seguinte: sistema xeral de espacios libres ou zonas verdes ou sistema xeral de equipamentos públicos.

9.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE INCLUSIÓN EN ACTIVIDADES DO XACOBEO 2004.

Dase conta de moción do grupo de goberno, que vén dictaminada pola Comisión Informativa, sobre inclusión de Betanzos en actividades do Xacobeo 2004.

- O Sr. López López, voceiro do BNG, sinala o agravio comparativo que se produce quedando Betanzos fóra dos eventos que superan o estrictamente relixioso. Insiste na necesidade de lembrarlle á Xunta a importancia de Betanzos dentro do Camiño Inglés, sinalando que o investimento debe afectar a todos, sendo conveniente unha chamada de atención ó respecto.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, mostra o seu acordo en dirixirse á consellería e pide maior sensibilidade co Xacobeo, como prestan outros concellos, tomándose iniciativas nese senso, con medidas que non teñen que ser costosas.

O Pleno, por unanimidade, acorda instar á Consellería de Cultura para que resolva incluí-la cidade de Betanzos no circuito cultural deseñado "ad hoc" co gallo do Xacobeo 2004, así como responder ás necesidades de mantemento e promoción dos nosos monumentos (entre eles, subliñadamente, a igrexa da Nosa Señora e a capela de San Paio) e outros elementos propios da cultura do Camiño.

10.- PROPOSTA SOBRE TARIFAS DE AUTO-TAXIS.

Preséntase a consideración do Pleno proposta sobre tarifas de auto-taxis, modificadas coa subida correspondente ó IPC, combustibles, etc., que vén informada pola Comisión de Programación.

O Pleno, por unanimiade, acorda aproba-las tarifas para os servicios de auto-taxis que se xuntan á proposta presentada.

11.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS.

Mediante proposta da concelleira delegada de facenda, preséntase a consideración do Pleno proposta de modificación e anulación de ordenanzas fiscais para o exercicio de 2004. Constan os informes preceptivos e dictame da Comisión Informativa.

- Inicia o debate a Sra. Faraldo, voceira do PP, facendo unha referencia á subida proposta, relacionando algunhas taxas, concluíndo que o aumento dista de subir só o IPC, xa que existen subidas significativas, agravadas nas ordenanzas que pagamos todos, como o servicio de rede de sumidoiros e a auga, que tamén afecta a sectores amplos como a hostelería, no que a subida e máis que o dobre do IPC.

- A Sra. Gómez Iglesias, voceira do PSdeG-PSOE, indica que a proposta do equipo de goberno supón que máis do 50% das taxas non se varían, manténdose os mínimos doutros anos e igualando algunhas tarifas e axustándose outras.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, incidindo nas taxas relacionadas co urbanismo, quere facer constar que non é certo o que se publica sobre incremento en taxas como as de pintado de fachadas, xa que os tipos se manteñen iguais que antes. Respecto a outras, como os carteis de obras que se pretenden colocar, o prezo cubre o custe.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en que cre que quedou clara a súa exposición, sobre a que se reitera, sinalando que hai un afán recaudatorio que se vai notar nos recibos e que o seu grupo non pode estar de acordo con eso, non aceptándose o "slogan" de que só sobe o IPC, pedindo que non se engane. Respecto ó sinalado polo Sr. Doporto, afirma que ela só traslada o que lle comentaron tres empresas de pintura.

- A Sra. Gómez Iglesias, voceira do PSdeG-PSOE, insiste na proposta, indicando que ademais do sinalado por ela subiuse o imposto de vehículos a menos do 18% dos vehículos e realmente estase a tratar de axusta-lo sinalado na Lei de utiliza-los prezos de mercado. Quere poñer de manifesto que o que si vai ser notorio será o canon de saneamento que a Xunta fala de triplicar, o que si vai afectar a varios sectores.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, pide que se contrasten as fontes de información, dado que é falso que o importe se incremente, por canto é o mesmo que estaba en vigor con anterioridade e, igual que anteriormente, calquera ocupación esixe a súa licencia. O que hai é un maior interese no control, sobre todo do casco histórico, en canto o plan especial establece unhas cores a utilizar. Entende, en xeral, que non se pode dicir que non se cobren os servicios, xa que eso iría en contra incluso da lexislación europea, pedindo que o PP non vaia en contra do que fai fóra de Betanzos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, pide que non se fagan comparacións, anque poden comprobarse os datos. En resumo, cre que o Concello se está empobrecendo, que é un momento económico moi difícil, sinalando que non se recrimine ós que protestan anque sexa na sede do seu partido, á que pode ir calquera.

- Remata o Sr. Alcalde, indicando que as ordenanzas fiscais se aplicaban antes como agora e que as modificacións entrarán en vigor o próximo exercicio. Sinala que en termos xerais a subida é a do IPC, e que ningunha chega ó canon de saneamento da Xunta, que sobe case o 250%.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López) e o voto en contra dos outros sete concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas), acorda: 1º.- Aprobar provisionalmente

a modificación e derrogación das seguintes ordenanzas fiscais correspondentes ós seguintes impostos, taxas e prezos públicos: *A) Modificación das seguintes ordenanzas:* - Ordenanza fiscal número 2: taxa por expedición e tramitación de documentos. - Ordenanza fiscal número 3: taxa por servicios de cemiterio municipal. - Ordenanza fiscal número 5: taxa por licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer. - Ordenanza fiscal número 6: taxa por outorgamento de licencias urbanísticas. - Ordenanza fiscal número 8: taxa por ocupación do solo, voo e subsolo das vías públicas e outros terreos de dominio público local. - Ordenanza fiscal número 9: taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos semellantes con finalidade lucrativa. - Ordenanza fiscal número 10: taxa por ocupación de terreos de uso público con quioscos. - Ordenanza fiscal número 12: taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construcción, entullo, valas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións semellantes. - Ordenanza fiscal número 13: taxa por entrada de vehículos desde a vía pública ós edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular. - Ordenanza fiscal número 15: taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes. - Ordenanza fiscal número 17: taxa por retirada e custodia de vehículos. - Ordenanza fiscal número 18: taxa por prestación de servicios de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais. - Ordenanza fiscal número 19: taxa por subministro e utilización de auga potable. - Ordenanza fiscal número 21: taxa por prestación de servicios nas instalacións deportivas municipais. - Ordenanza fiscal número 25: imposto sobre bens inmobles. - Ordenanza fiscal número 26: imposto sobre vehículos de tracción mecánica. - Prezo público número 2: prestación de servicios culturais, publicidade e venda de publicacións. *B) Derrogación* da ordenanza fiscal número 16 reguladora da prestación de servicios na feira do anticuario e almonedista. 2º.- Continuar coa súa tramitación regulamentaria, facultando ó Sr. Alcalde-Presidente para realizar tódolos trámites derivados do acordo adoptado.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, despois de facer referencia á limitación no número de rogos, realiza os seguintes:

- Solicita medidas urxentes, pedindo sensibilidade ó equipo de goberno, sobre a problemática na saída de clases do colexio "Vales Villamarín".
- En relación coas pistas do Xuncaliño e determinadas deficiencias, pide que se tomen medidas.
- Pide que se tomen medidas de seguridade vial para as actividades de piragüismo.
- Solicita que non se deixe esquecida a caseta de información turística.
- Pide que se graven os plenos.

O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que haberá medios para asistir á manifestación de Nunca Mais o próximo día 16 en Santiago de Compostela, pedindo ó grupo popular que se sume á mesma.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTESEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira
Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. José Ramón García Vázquez.
D. José Manuel Montero Gómez.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
D. Francisco Xabier López López.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García
Dª María Jesús Teijo Antelo.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Sr. Secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do mércores día vinteseis de novembro de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión ordinaria que tivo lugar o pasado día vintenove de outubro.

2.- DAR CONTA DE DIVERSOS ASUNTOS.

O Pleno dase por enterado dos seguintes, enviados por:

- Presidente da Xunta de Galicia, xustifica recepción de acordo adoptado por este Pleno o 2-09-2003 en relación coa mellora da recepción do sinal de televisión, do que dá traslado á Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual para a súa posible solución.

- Presidente da Xunta de Galicia, xustifica recepción de acordo adoptado por este Pleno o 24-09-2003 en relación coa proposta de colocación de elementos emblemáticos nas rotondas, do que dá traslado á Dirección Xeral de Obras Públicas para o seu estudio.

- Dirección Xeral de Obras Públicas, da Xunta de Galicia, en relación co acordo adoptado por este Pleno o 24-09-2003 en relación coa colocación de elementos emblemáticos nas rotondas, comunica que se vai proceder a avalia-la situación.

- Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG), comunica diversas consideracións en relación coa deficiente recepción do sinal de Televisión de Galicia nalgunhas localidades deste municipio.

- Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG), comunica diversas consideracións en relación co acordo adoptado por este Pleno o 02-09-2003 derivado da proposición do concelleiro de infraestructuras sobre solicitude relacionada co sinal de Tv.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS PARA O PÚBLICO.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, presenta moción do seu grupo, que conta co dictame da Comisión Informativa, sobre implantar unha quenda de rogos e preguntas para o público asistente unha vez rematada a sesión plenaria, indicando que se implantou en varios municipios veciños, o que levaría á necesidade de confeccionar un regulamento; dando breve lectura á moción, que en liñas xerais leva a unha maior implicación dos veciños na vida municipal e é unha forma de coñecer de primeira man a súa opinión.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que a opinión do grupo de goberno é favorable á moción e que entende que debería de ampliarse nese sentido a algo máis amplo como é un regulamento de participación cidadá, entendendo que existe certo oportunismo na moción.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tras considera-la importancia da participación, fai referencia a que no Concello xa existen consellos representativos e participativos (educación, cultura, etc.). Parécelle importante a elaboración dun regulamento que dea forma máis concreta á participación de colectivos e cidadáns, polo que pide ir máis aló da moción, co máximo consenso.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, amosa a súa conformidade co regulamento, poñendo como condición que se propoña a súa aprobación nun prazo de tres meses, rebatindo o carácter oportunista da moción indicando que si é oportuna dada a asistencia actual da xente ós plenos.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, manifesta tamén o seu acordo no prazo e satisfáceo que sexa o grupo popular quen o presente.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, indica que non é unha novidade, que xa estaba no seu programa electoral todo o relativo á participación e, de feito, víñase aplicando sectorialmente, pedindo un regulamento específico e concreto.

O Pleno, por unanimidade, acorda que se proceda á elaboración dun regulamento de participación cidadá, no prazo citado.

4.- MOCIÓN DO PP CELEBRACIÓN INSTITUCIONAL DO 25 ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, presenta moción do seu grupo (que vén dictaminada pola Comisión Informativa) sobre celebración oficial por parte do Concello dos vintecinco anos de vixencia da Constitución Española., presentando como suxestión a realización dun acto de lectura.

- O Sr. López, voceiro do BNG, fai referencia a que o que se debe de tratar é o cumprimento do bloque de constitucionalidade, no que se integrarían o Estatuto de Autonomía e a lexislación como a Lei de normalización lingüística e o seu grado de cumprimento. Indica que a posición do seu grupo e sen ánimo de polemizar presenta discrepancias respecto á conmemoración e ó sentido dado por algúns. Defende o que supuxo no seu día, permitindo o establecemento dunha democracia no tempo, pero están en contra dunha lectura monopolizadora da Constitución que impida o tema fundamental das reformas impoñéndose a xeracións futuras, debéndose fuxir de lecturas partidistas e patrimonializadoras, partindo da consideración que respostou a un momento histórico que impuxo unhas determinadas limitacións que hoxe se poderían presentar de forma distinta, polo que se apoiaría a celebración se vai acompañada dunha actitude crítica cara á súa vixencia e reforma, fuxindo de posicionamentos litúrxicos.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, comeza sinalando que desde os gobernos democráticos a Constitución foi recordada no Concello de diversas maneiras. Non hai novidade no asunto, sen prexuízo de poder concreta-lo acto a realizar. Lembra que sendo a Constitución cousa de todos, nalgún momento alguén non estivo de acordo, alegrándose de que agora o Partido Popular se una ó constitucionalismo, facendo referencia ás dúbidas expostas por membros de dito partido, con anterioridade, ó Título VIII. Comparte o dito de que non é un documento pechado, existindo xa reformas anteriores, rematando coa indicación de que o grupo socialista se une ó exposto, pero que a Constitución hai que recordala tódolos días e non de forma partidaria.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, entende demagóxico dar leccións de constitucionalismo, non querendo entrar nas alusións personais feitas. Sinala ó voceiro do BNG, que se expresa en galego e en ocasións en castelán porque hai cooficialidade na linguaxe. Agradece o voto, aclarando que se trata dunha moción sinxela, aberta a calquera acto pero non para rompe-lo espírito da Constitución.

- Insiste o Sr. López, voceiro do BNG, sobre que a Lei de normalización lingüística tamén é lei, así como que na celebración proposta non queren quedarse na liturxia, que o que se debe facer é educar á xente en democracia, como noutros casos se educa relixiosamente. Parécelle que a moción vai en contra dos discrepantes, dos que cren que os tempos avanzan e faise necesario desenvolver temas que non se trataron debidamente como o do estado plurinacional. Sinala que estarían dispostos a promover e apoia-los procesos críticos de diálogo e debeta democrático sen exclusións, non celebrar por celebrar.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que en todo o que sexa debate, educar, etc., estarán de acordo e en tal sentido evoca o que fixo a dereita historicamente e na actualidade, alegrándose de que presenten a moción, pero indicando que en vintecinco anos prodúcense cambios.

- Sinala a Sra. Faraldo, voceira do PP, que o que di o grupo nacionalista está de máis, polo que eles non se opoñen ó acto a realizar, facéndose o debate que queiran. Os que si parecen querer impoñe-lo seu criterio é o grupo nacionalista, cunha dinámica dirixista moi propia do seu estilo.

- Seguen outras pequenas intervencións no mesmo sentido expresado ata o de agora.

- O Sr. alcalde entende suficientemente debatido o asunto, someténdose o mesmo a votación.

O Pleno, co voto a favor de catorce dos concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 7 do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas) e o voto en contra dos outros tres concelleiros (do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda: 1º.- Reafirmar, unha vez máis, o apoio deste Pleno á Constitución Española dunha maneira expresa. 2º.- Que desde o Concello se organice algún acto oficial con motivo do 25 aniversario da Constitución. 3º.- Que, na medida do posible, se contribúa desde este Concello, a difundir entre os cidadáns e especialmente entre a poboación máis xove, os valores recollidos na Constitución.

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE CONTAS MUNICIPAIS.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, da conta de moción do seu grupo (dictaminada pola Comisión Informativa) que fai referecia á contratación dunha empresa externa que audite a situación financeira do Concello de Betanzos; se ben sinala que trala Comisión Informativa na que se presenta un informe do interventor contrario á realización da auditoría solicitada, procedeuse, dentro dos seus medios, a un estudio de dito informe, do que se poden deducir certas dúbidas en canto existen sentencias xudiciais posteriores que si admiten a realización de tales auditorías, dando lectura a parte da mesma e aportándoa ó Sr. secretario, para facer constar que se trata da sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 30-10-97; considera que son certos outros aspectos do informe do interventor, como a inexistencia de crédito presupostario, pero iso non fai imposible nin ilegal a proposta presentada, que ademais, entende, debe respostar a unha vontade política sen que iso supoña poñer en dúbida a actuación dos funcionarios nin dubidar da súa responsabilidade. Fai referencia a numerosos concellos onde se fixeron auditorías, resaltando o labor informativo da mesma que é perfectamente realizable. En consecuencia, seguen mantendo a súa moción.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, tras recorda-la súa promesa electoral, sinala que nunca se pensou nunha auditoría vengativa, polo que tras coñecer cos técnicos a situación en cumprimento dos seus compromisos, presenta a moción que se inclúe como punto siguiente neste Pleno. Dubida do debate desta moción, por canto xa se tratou noutro pleno recente con resultado negativo e insiste na moción presentada por eles, que se ve tamén afectada polo informe emitido; informe que non comparte pero que acata a súa exposición por ter un fundamento dun técnico e en tal sentido realiza a súa proposta de que sexa o Consello de Contas quen realice a auditoría e en caso contrario, sexa a propia Intervención Municipal, se é preciso solicitando axuda do servicio correspondente da Deputación, cunha finalidade de realizar un plan de saneamento e de reducción das débedas, o que defenderán no próximo punto, por canto é o que interesa ó seu grupo regulariza-lo gasto.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PsdeG-PSOE, comeza sinalando que non entendeu nada da actuación da voceira do grupo popular, por canto tódolos anos se auditan as contas, como se ve neste Pleno no que figuran, no seu punto décimo, as contas do ano 2002, que posteriormente se remiten ó Consello de Contas. O que pasa aqui é que colleron os números cambiados, xa que utilizan os datos do ano 2000, sen ter en conta

que os datos económicos cambian e o deficit de tesourería que podía haber este ano cambiou, pedindo ó grupo popular que faga ben os deberes. Afirma que a economía municipal goza de boa saúde e o contrario é alarmar ós cidadáns, confundindo os conceptos, decindo cousas que non di o Consello de Contas. Remata preguntando que tipo de auditoría se quere facer, xa que existen moitos tipos e insiste en que o único que se quere é alarmar. Lembra o carácter negativo do informe e considera a proposta tamén politicamente negativa, decindo que o que non se fai é estudia-los documentos, sobre o que afirma a súa total transparencia.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, volve a lembra-los concellos os que se lles realizaron auditorías, que se poden ver en Internet, sinalando que eles non alarman, xa que quen fixo unha declaración da situación demoledora foi o BNG, que é o socio do goberno. Insiste na necesidade da auditoría e as enormes diferencias entre o que di o Concello e o Consello de Contas e que cunha auditoría informativa teñen ocasión de deixalos mal a eles se as cousas van tan ben como din. Respecto do BNG, pide que non se prexulgue revanchismo nas actuacións, indicando que non está de todo claro que o interventor se opoña á realización da auditoría.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, insiste en que eles transmitiron unha necesidade, a de regularizar unha situación e outorgar información clara e concisa; entende que da lectura do informe se deduce que a proposta non é legal, anque o interventor pode aclaralo. Recorda que no pacto de goberno se considerou favorable requirir tal auditoría, que eles non van votar en contra do informe e que no seguinte punto se debaterá o seu criterio.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, aclara que o que toma as decisións é o Pleno e o certo é que se poñen reparos á aprobación. Insiste en que a auditoría do 2002 se presenta no punto décimo deste Pleno, insistindo na bóa saúde da economía municipal, pedindo que non se engane.

Considerando suficientemente debatido o asunto o alcalde someteo a votación, producíndose en primeira votación o seguinte resultado: sete votos a favor da proposta (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas), sete votos en contra (do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez), tres abstencións (do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López).

Ante o empate producido, o Sr. alcalde somete de novo o asunto a votación, na que o Pleno, co voto a favor de sete dos concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas) e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda rexeita-la moción.

- En explicación de voto, a Sra. Faraldo, voceira do PP, sinalando a competencia do interventor para emiti-lo informe, lamente que politicamente se utilice de forma covarde ós técnicos nestes asuntos. Ó respecto o Sr. Doporto, voceiro do BNG, pide que o interventor aclare o informe e o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, entende que os informes son claros e concretos e neste caso é negativo. Remata o Sr. alcalde indicando que o interventor xa emitiu o seu informe por escrito.

6.- MOCIÓN DO BNG SOBRE CONTRATACIÓN DE AUDITORÍA CONSULTORÍA.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, realiza unha petición para que se realice unha auditoría distinta da presentada na súa moción, por canto se conta co informe desfavorable do interventor e, como xa se sinalou, acátase tal informe e modifícase o texto no senso de pedir que a auditoría se realice polos servicios municipais, axudados, se é posible, polos servicios da Deputación Provincial, que se dea tamén traslado do actuado ó Consello de Contas para que tamén proceda á auditoría correspondente e, por último, que polo interventor municipal se propoña un plan de saneamento de obrigado cumprimento para o grupo de goberno, o que entra perfectamente nos criterios de racionalidade do pacto de goberno e que considera pode aprobarse polo grupo popular.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, apoia a moción e aclara, respecto ó debate anterior, que ela fala de sentencias e que pode da-la lista de concellos que se someteron a auditorías.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste na necesidade dun respecto xeral e manifesta o seu acordo coa proposta do grupo nacionalista, sinalando que o envío ó Consello de Contas se fai tódolos anos, Consello no que ten maioría o grupo popular.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, en resumo, expón a necesidade dun plan de saneamento, que o deberían de facer moitos concellos e, por outra parte, o que producirá será un aforro, pedíndose a actuación, que pode quedar só en testemuñal, do Consello de Contas, xa que realmente o mesmo actúa de oficio, pero é un desexo que se produza como acto de honradez e transparencia.

- O Sr. alcalde fai unha referencia final ós concellos auditados no último ano polo Consello de Contas, dos que se podería falar máis que de Betanzos, indicando que o próximo día catro, na constitución da FEGAMP, debaterase o auténtico problema que non é outro que o raquitismo na financiación dos entes locais.

O Pleno, por unanimidade, acorda que polos servicios municipais se realice unha auditoría, axudados, se é posible, polos servicios da Deputación Provincial, que se dea tamén traslado do actuado ó Consello de Contas para que tamén proceda á auditoría correspondente e, por último, que polo interventor municipal se propoña un plan de saneamento de obrigado cumprimento para o grupo de goberno.

7.- PROPOSTA DE LIÑAS XERAIS DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, introduce brevemente a proposta (que vén dictaminada pola Comisión Informativa), sinalando a importancia da redacción dun plan xeral e de establecer uns criterios de desenvolvemento que supoñan a aportación dunhs criterios políticos para a empresa encargada, consecuencia do cal os grupos presentaron as súas alegacións, xurdindo unha proposta municipal e outros textos que poden engadirse, pasándoo todo ó equipo redactor como documento técnico de debate.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, tras desexar sorte ó novo delegado de urbanismo e pedir un novo plan que saque da problemática xurídica á que levou unha política errónea, plan que lle parece estancado; sinala que o seu grupo presentou anteriormente unhas suxestións cunhas ideas que segue considerando correctas. Saúda a nova postura de consenso que, sinala, se rompera polo anterior goberno, con declaracións de prensa e, en tal sentido, garantiza o seu apoio. Por outro lado, indica que non se presenta un só documento do grupo socialista.

- Pola súa banda, o Sr. Doporto, voceiro do BNG, indica que o documento presentado pretendía ser de consenso, sen prexuízo de que se transladen tódalas alegacións.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tamén indica que o urbanismo é cousa de todos e que o documento presentado era de consenso. Fai referencia á historia do planeamento municipal, indicando que na actualidade se fai necesaria unha adaptación á última lei autonómica, lei que foi sorpresiva, e houbo o acordo de deixalo durante o período electoral; insistindo no que presenta o grupo socialista, sinala que na actualidade se fala doutros problemas, como a área metropolitana, e apórtanse unha serie de puntos ó que presenta o delegado de urbanismo, que é un documento que pretendía ser de consenso.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece a postura dos grupos, dada a importancia do consenso neste campo.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, quere matizar que se parte dun caos urbanístico, producto de vinte anos de goberno, do que o único culpable é o alcalde, non téndose presentado ata o de agora nada que animara a ese consenso.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, insiste de novo en que o que se fai é alarmar e que non se poden presenta-los problemas creándose só inimigos.

O Pleno, por unanimidade, acorda dar traslado ó equipo redactor do PXOU das propostas e suxestións presentadas.

8.- PROPOSTA SOBRE MEMORIA PROGRAMA ÁREA DE REHABILITACIÓN.

- O Sr. López, voceiro do BNG, presenta proposta ó Pleno (dictaminada pola Comisión Informativa), sinalando que o documento, anque breve, está documentado, dando conta someramente de en que consiste o plan de vivenda, ó abeiro do que se realizan estas actuacións, sinalando que para o novo exercicio serán trinta e unha as actuacións subvencionadas, con distintas aportacións do Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Betanzos, xustificando a presentación neste Pleno polos prazos concedidos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, sinala que o seu grupo xa ten manifestado o seu apoio a estas actuacións, facendo dúas suxestións: que as actuacións se estendan a un plan de viabilidade do casco antigo e que cando se dirijan memorias que sexan máis completas.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que o seu grupo comparte a proposta, indicando á Sra. Faraldo que "trabuca" as cousas e segue sen enterarse , xa que o que se presenta é un documento de traballo. O Sr. Alcalde pide que o debate se centre no tema e o voceiro no uso da palabra remata pedindo crítica constructiva.

- O Sr. López, voceiro do BNG, agradece as suxestións, sinalando que non quere xerar outro debate, indicando que a memoria se limita a segui-lo modelo da Xunta, que non require máis datos.

- O Sr. Alcalde remata o debate sinalando que as 31 actuacións son deste exercicio e pedíronse este mes para presentalas antes do día trinta, co cal a improvisación será da Xunta.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Aproba-lo presuposto e a memoria programa, presentados segundo o previsto no artigo 4 do Real decreto 1/02 de 11 de xaneiro, para as 31 actuacións concedidas para 2003, dentro da área de rehabilitación deste Concello, por un total de 723.333,33 E de presuposto de

actuacións e 120.000,00 E para urbanización-reurbanización. 2º.- Aproba-las aportacións que corresponden a este Concello para a financiación das actuacións sinaladas nos termos da memoria aprobada.

9.- PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO CON CONSEGA.

Dase conta de proposta de convenio urbanístico con CONSEGA SL, que vén dictaminado polo Comisión Informativa, que se trae para a súa aprobación definitiva, téndose aprobado inicialmente na pasada sesión plenaria do 2 de setembro, tralo período de información pública, no que se aporta a cesión do uso público da superficie da praza que queda na fronte do edificio.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, comeza a súa intervención indicando ó PP que o grupo de goberno si tén un plan de viabilidade do casco histórico e de todo o Concello, como o proba este convenio que hoxe se trae a consideración do Pleno e que vai permiti-lo desenvolvemento dunha zona céntrica de Betanzos.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, sinala na proposta un cambio de talante, para engadir que dubida do carácter de beneficios para o concello do convenio, xa que se cambian uns soportais por un baixo comercial, non véndose unha valoración económica, debéndose pensar máis no futuro, anunciando a abstención do seu grupo para non entorpece-la actuación.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, anuncia o seu apoio á proposta, indicando as características dos terreos en cuestión e os dereitos e obrigas que comporta.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, agradece os votos anunciados, indicando que non hai ningunha pantasma, por canto a valoración se fixo, considerando conveniente o cambio, insistindo no sinalado polo voceiro socialista de que en función do solo non existen cesións obrigatorias.

- O Sr. Carro Erias, voceiro do PP, tras indicar que non quere vir a clase, insiste en que o que debería indicarse é o que gañan as dúas partes, solicitando que outros convenios se presenten cunha valoración correcta.

- Remata o Sr. alcalde, sinalando que a valoración consta no estudio de detalle que serve de base á ordenación.

O Pleno, co voto a favor de dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), e a abstención dos outros sete concelleiros (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas), acorda aproba-lo texto definitivo do convenio urbanístico con CONSEGA SL na UEI-16 sita na r/ Pintor Seijo Rubio-esquina r/ Rollo, facultando ó alcalde-presidente para a sinatura do mesmo.

10.- CONTA XERAL DE PRESUPOSTO EXERCICIO 2002.

Peséntase a consideración do Pleno a conta xeral do presuposto correspondente ó exercicio 2002; consta informe da Comisión Especial de Contas e tramitación do expediente.

- O Sr. Otero, voceiro do BNG, anuncia a abstención do seu grupo en canto non tiña responsabilidades de goberno na conta que se presenta.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, tamén sinala a súa postura de abstención, dándolle o posible debate por ganado ó PSOE.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tras felicitar ós servicios económicos, entende que algunha aportación debería de facerse, debendo aportar agora algún dato que permita ó grupo popular ser tan catastrofista, e que lea ben os informes e os documentos.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste en que xa lle daba o debate por ganado, sinalando que non dubida dos informes, sinalando que o problema son as facturas que se gardan nos caixóns e non se cuantifican, facendo de novo o reto da auditoría, anque fora coa renuncia dos soldos como concelleiros.

- De novo o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que agora se teñen tódolos documentos ó alcance da man, non véndose a necesidade de ningunha auditoría.

O Pleno, co voto a favor de sete dos concelleiros presentes (do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez) e a abstención dos outros dez concelleiros (7 do PP, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas, e 3 do BNG, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda aproba-la conta xeral do presuposto correspondente ó exercicio 2002, que presenta un balance de situación que alcanza no activo e no pasivo a cantidade de trinta e seis millóns trescentos oitenta e cinco mil douscentos setenta e un euros con sesenta e oito céntimos (36.385.271,68 E), sen prexuízo da súa tramitación ante os correspondentes órganos de control externo.

11.- PROPOSTA Ó PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS 2004 (POS 2004).

Dase conta de proposta de obras para incluir no Plan Provincial de Obras e Servicios 2004 (POS 2004) da Deputación Provincial, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º) Aproba-lo PLAN DE INVESTIMENTOS MUNICIPAIS de 2004 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2004, integrado polos seguintes proxectos e coa finalidade que se indica:

Nº de orde e denominación da obra	Importe total	Estado+Deputac.	Concello
1.- Pavimentación de vías urbanas: Grupo Caneiros, a Condesa e Cruz Verde.....	54.759,59 E	52.021,61 E	2.737,98 E
2.- Mellora da seguridade vial e recollida de pluviais en Roibeira (C-540) e en Castro 2ª fase.....	58.264,84 E	55.351,60 E	2.913,24 E
3.- Acondicionamento e pavimentación de vías públicas en accesos a núcleos das Parroquias de Piadela, Requián, Tiobre e outros.....	53.598,10 E	50.818,20 E	2.779,90 E
4.- Subministro de material eléctrico con destino a mellora de iluminación pública en Betanzos núcleo urbano e nas parroquias de Piadela, Pontellas, Requián, Viñas e outros.....	56.515,43 E	53.673,52 E	2.841,91 E
TOTAIS.....	223.137,96 E	211.864,93 E	11.273,03 E

2º) Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 2004 e que se relacionan no punto anterior. 3º) Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado, mediante petición, coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. 4º) O Concello comprométese a incluir no orzamento municipal de 2004 os fondos necesarios

para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade 2004. 5º) Solicitar da Excma. Deputación da Coruña a delegación neste Concello para a contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente. 6º) Facultar expresamente ó Sr. alcalde-presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, realiza os seguintes:

- Se se vai contestar ó escrito sobre a biblioteca das demandas dos usuarios.

- Pregunta sobre os motivos da paralización de obras no campo de fútbol que se veñen realizando concargo a subvención da Deputación.

- Denuncia a excesiva altura e os inconvenientes que presentan as beirarrúas na Condomiña.

- Recomenta ó BNG que non utilice os seus emblemas nos edificios municipais, pedindo que non se faga por respecto ás institucións.

- Pregunta se no próximo pleno se vai traer escrito, para a súa lectura, do concelleiro que foi chamado mentireiro polo Sr. alcalde, por denuncia-la apertura de correo.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintetrés horas, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL TRES.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira

Dª María Beatriz Gómez Iglesias.

D. Antonio Salvador Lagares Pérez.

D. José Ramón García Vázquez.

D. José Manuel Montero Gómez.

D. Antonio Vázquez Lorenzo.

D. Xosé Isidro Doporto Santos.

D. Andrés Otero Botana.

D. Francisco Xabier López López.

Dª María Dolores Faraldo Botana.

D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García
Dª María Jesús Teijo Antelo.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.
Sr. Secretario:
D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.
Sr. interventor:
D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do martes día trinta de decembro de dous mil tres, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión ordinaria que tivo lugar o pasado día vinteseis de novembro.

2.- MOCIÓN DO PP SOBRE REORDENACIÓN DO TRÁFICO EN BETANZOS CIDADE.

Preséntase ó Pleno moción do PP relacionada coa reordenación do tráfico en Betanzos cidade, que en resumo propón: - que a zona da praza García Irmáns se rodee cun único sentido de dirección, colocando dous carrís de circulación; - que se cambie de sentido a r/ Pintor Seijo Rubio e se enlace coa r/ Venezuela; - a r/ Rosalía de Castro indicaríase cun só sentido, o de baixada, xogando coa r/ adxacente en sentido horario, ademais de poder enlazar coa r/ Rollo cara á r/ Padre Francisco Blanco; - que se estableza un só sentido de circulación de entrada pola r/ Fonte de Unta, seguindo pola Cañota e saíndo outra vez á praza pola r/ Ánxeles. Vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, explica o contido de dita moción, incidindo en que se trata dun problema de máxima importancia para os cidadáns sobre o que traballaron e elaboraron esta proposta e que, na Comisión Informativa, se indicou que se dera traslado á Comisión de Tráfico, querendo, sen embargo, que se vote no Pleno. Non quere facer un ataque a un concelleiro que agora non dispón de dedicación, senon abri-lo debate para obter solucións.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, agradece a aportación que se realiza, indicando en primeiro lugar problemas xerais, como o estado doutras vías de titularidade non municipal, sobre as que se incidiu con acordos plenarios unánimes. Entende que a aportación do PP coincide moito cos traballos dos técnicos, xa que contén o mesmo erro no plano. Explica que á Comisión de Tráfico se van levar este e outros temas e pide que alí se discutan. Considera o tráfico un tema delicado, que debe partir do principio de que as cidades son para as persoas e non para os coches, pedindo consenso a través do diálogo necesario, pero con rigor e estudio, para rematar pedindo que pase á Comisión de Tráfiso, senon o voto será negativo.

- A Sra. Faraldo,voceira do PP, entende que non hai incompatibilidade en que se vote o asunto e se pase á Comisión de Tráfico, xa que así considera que se acelera o

proceso. Respecto ó mal estado doutras estradas, chama a atención que non se protestara polo mal estado da rúa Rosalía, que se fagan as rúas novas cun ancho incrible para este século, para concluir que o erro está na planificación urbanística, pedíndolle ó concelleiro de tráfico que se esforce un pouco máis na súa nova delegación. Non se nega a seguir avanzando no diálogo, pero quere que se vote para que quede constancia da preocupación do seu grupo por este tema.

- De novo o Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, tras afirmar que non habería tantos erros de acordo cos resultados electorais dos últimos anos, sinala que a proposta do PP non é totalmente novedosa, aportando propostas que xa se practicaron, insistindo en que é necesario o consenso e na postura de voto negativo se non pasa á Comisión de Tráfico para un estudio máis detallado e sen prexuízos.

Considerando o tema suficientemente debativo, sométese a votación e o Pleno, co voto a favor dos sete concelleiros presentes do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas, e o voto en contra dos outros dez concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), acorda rexeita-la moción presentada.

3.- MOCIÓN DO PP RELACIONADA CON ADHESIÓN Á CONSTITUCIÓN.

Preséntase a consideración do Pleno moción do grupo popular na que, tras facer referencia á trascendencia e importancia da Constitución, como norma que permitiu modernizar e cambia-la sociedade española, considera que os valores que na mesma se consagran seguen vixentes e é ferramenta eficaz para resolve-los problemas que se presentan no ámbito político, facendo referencia ó apoio ós estatutos de autonomía, obra do pobo vasco e marco institucional que garante a democracia, a liberdade e o maior nivel de autogoberno para dita comunidade. Sinálase na moción que só a organización terrorista ETA se declara inimiga da democracia e ten por finalidade consegui-la secesión de España e conseguir implantar un réxime totalitario no País Vasco, polo que, en consideración ás actuacións de dita organización, entende como deber moral de todos a defensa da Constitución e dos estatutos de autonomía e somete á consideración do Pleno a adopción de acordos, nos que o Concello de Betanzos se opoña a calquera iniciativa que pretenda a vulneración da orde constitucional, a ruptura da convivencia en liberdade e a quebra da indisoluble unidade da nación, renovando e manifestando a adhesión á Constitución e ós estatutos de autonomía, facendo un chamamento neste senso ós sectores sociais, económicos e culturais de Galicia e que se inste ó Goberno da Xunta a apoiar ó Goberno da Nación, en cantas iniciativas xurídicas e políticas se adopten a ta fin.

- Antes de entrar no debate, o Sr. Alcalde, expón a posibilidade de debater en conxunto esta moción coa que se presenta no seguinte punto da orde do día.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, considera que non tería inconveniente, pero ante os problemas do País Vasco entende que non podermos cruzarnos de brazos, facendo referencia ós mesmos compañeiros concelleiros que loitan por exerce-la política con liberdade, ó que hai que axudar cada un á súa maneira e o seu grupo faino con esta moción, ó non ter capacidade para transmitir tódolos sentimentos ó respecto.

- O Sr. López, voceiro do BNG, quere presentar unha serie de obxeccións,partindo da consideración que hai que trascender da solidariedade sinalada, que levarían ó voto en contra da moción, en canto que o seu fondo non ten nada que ver co que se fala e en ta

sentido quere, en principio, poñer de manifesto as falacias que se agachan, en canto se confunde a parte co todo, o que é un despropósito, por canto os valores que se incorporan a través da asunción dos dereitos humanos teñen a calidade da súa subxectividade e non poden impoñerse ós demais. Faise uso dunha serie de conceptos na moción como deber moral, soberanía, que fan entrar nun terreo perigoso, que leva á posición do PP, de dogmatizar, alonxándose das súas posturas máis liberais para entrar no totalitarismo, sen prexuízo de que o seu grupo entende que hai partes que se poderían asumir, pero sen dogmas e sen intentos de patrimonialización, como é o que se pretende.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que no último pleno se probou unha moción en relación coa Constitución, fixéronse actividades, considerando que xa se defende, sen que ninguén poida dar leccións ó respecto e menor no referente ó País Vasco, entendéndoo como unha cuestión electoral. Consideran desafortunada a moción que presenta un partido cun presidente que non a votou e que en principio, unha parte do mesmo estaba en contra. Pide coherencia e sinala que non pode darse o voto á moción sen prexuízo de dicir si á Constitución, sen querer entendela como un dogma de fe e menos como patrimonio dun partido que parece pretender acabar co reparto de poderes.

- A Sra. Faraldo, tras agradece-los actos organizados, lamenta que se dera o voto con anterioridade e agora se cambie, así como a bronca en plan maestro que se quere darlle ou as chamadas ás pantasmas do pasado, entendendo que hai bastantes problemas para andar levantando cadaveres. En referencia ó BNG, sinala que xa dixo que a moción respostaba a unha forma de expresar e defender uns sentimentos, cunha diferencia de que non corresponde o exposto polo seu voceiro co que despois se defende nos programas, acusándoo de dobre política.

- O Sr. López,voceiro do BNG, recoñece non saber como interpreta-la intervención anterior, indicando que se limitou a sinalar o que non lle parece oportuno, o que pode facer un demócrata, que hai temas que merecen que os conceptos se expliquen mellor, polo menos decentemente e que o que fai é un alegato á liberdade de expresión.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que non se pretende confundir xa que é conveniente lembra-lo que pasou. Por outra parte, considera que na xunta de voceiros se pode facer un consenso, pero non utiliza-la cuestión de forma demagóxica. Pide que se sexa máis rigoroso e que non se confunda á opinión pública e se sexa respectuoso coa Constitución, sinalando de novo que a súa postura é non á moción pero si á Constitución.

Remata o Sr. alcalde indicando que se trata dun tema extramunicipal, que xa foi tratado na asemblea da FEGAMP cunha postura do PP distinta á de tódolos demais grupos. Despois da postura manifestada polos grupos, considera rexeitada a moción.

4.- <u>MOCIÓN DO BNG SOBRE O PLANO IBARRETXE.</u>

Preséntase a consideración do Pleno moción que presenta o BNG, na que se pón de manifesto a necesidade de aumenta-la capacidade de autogoberno en Galicia, sinalando para iso unha serie de principios tanto no ámbito económico, social, institucional, cultural e político. Así mesmo, tras sinalar que o denominado "plano Ibarretxe" é unha proposta concreta para Euskadi, que debe te-la súa discusión democrática, considera a necesidade de iniciar propostas para reforma-la interpretación centralista da Constitución, indicando que os que se negan a este debate democratico, cunha defensa a ultranza do existente, son os que vulneran a cotío e propón ó Pleno a adopción de acordos en apoio de políticas dirixidas a unha maior capacidade política para Galicia, á vez que se pide se sexa máis

respectuoso cos procesos democráticos en tal sentido doutras nacións que conforman o Estado Español, rexeitando o traslado interesado a Galicia dun debate totalmente alleo

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, sinala que é unha obriga traer estes temas a debate. Anque non sexa a súa pretensión, vense obrigados, pedindo ó grupo popular que lea o seu programa electoral, sinalando que non hai nada eterno e que se está a expresar cal é o posicionamento do seu grupo, pedindo tamén o amparo ó dereito á opinión, lendo as propostas que realizan na moción, indicando que non se criminalicen as posturas e se preserve o diálogo, como expresión de liberdade e sen temor a iso.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, tras sinalar que podería estar de acordo nalgúns puntos, respecto ás asimetrías que se presentan nas propostas, non se pode esquecer que hai que acudir a favor dos que menos teñen. E nesas propostas, nas que algúns dirixentes do PSOE saíron na súa defensa, sen dúbida Galicia sae prexudicada. Entende que o debate no País Vasco non é alleo senon propio, polo menos para o PP, e segundo os informes, incluso da avogacía do estado, a vulneración do marco legal é absoluta, polo que o seu voto é en contra.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, lamenta o debate destes temas no Pleno, facendo referencia á oportunidade das mocións. Quere matizar que a Constitución non é un documento pechado e sen prexuízo de observa-lo principio de solidariedade, o País Vasco e Navarra xa gozan dun estatus económico distinto. Non hai que esquecer que o primeiro presidente autonómico en propoñer unha axencia tributaria propia foi o ministro Sr. Zaplana. Respecto ó plano Ibarretxe, rexeitase porque o é polos seus propios compañeiros do País Vasco. Noutros aspectos da moción podería haber algunha coincidencia, pero considera que é un erro.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, intervén de novo, sinalando que acepta a postura do PSOE en canto a súa coincidencia cos seus propios compañeiros. Por outra parte reclama fronte ó grupo popular, a idea de que o reparto e a solidariedade é un concepto da esquerda, lonxano polo tanto ás súas posturas. Doutra parte reprocha tamén que se prexulgue mediante informes xurídicos cuestións que só son proxectos, non leis, atentando polo tanto á liberdade de opinión que a Constitución recoñece. Por último sinala que aínda mantendo reservas en canto ás formas, o BNG é respectuoso cos pobos e as persoas e co seu futuro elixido democraticamente.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, en nova intervención, reitera a política levada ata o de agora polo seu partido como beneficiosa, lonxe das milongas das cotas de reparto, que máis se parecen ós fondos reservados dos que tén bastante mal recordo. Fai referencia á ruptura da caixa única da seguridade social como exemplo e pide respecta-la liberdade dos pobos, pero sen imposicións.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do PSdeG-PSOE, responde que o indebido uso de tales fondos levou ós seus responsables ó cárcere, sinalando que a política do Partido Popular ó que levou é a desmonta-lo estado de benestar, como se ve claro en como se baixou o gasto nos concellos.

O Sr. Alcalde entende suficientemente debatido o asunto e en función das opinións sinaladas, considera rexeitada a moción.

5.- <u>PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL NN.SS. NA UEI-4.</u>

Preséntase a consideración do Pleno proposta de aprobación provisional de modificación puntual das normas subsidiarias do planeamento municipal, no que respecta

á unidade de actuación número 4, rúa do Rollo-Cal das Barras, que xa fora tomada en consideración por este Pleno en sesión do pasado sete de xullo e que agora presenta unha serie de reformas que veñen esixidas, para a súa aprobación, pola Comisión Superior de Urbanismo. Acompáñase informe preceptivo.

- O Sr. Doporto, concelleiro delegado de urbanismo, dá conta do seu trámite, explicando que os motivos veñen creados pola entrada en vigor, durante o trámite desta unidade de actuación, da nova lei de Galicia, que agora establece unha serie de parámetros máis favorables ó Concello, ós que obriga a Comisión Central no seu informe, pedindo por iso o voto favorable, lembrando que a resolución da problemática urbanística é desexo do actual equipo de goberno.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, manifesta a súa satisfacción por arranxar un problema que se debe á mala xestión urbanística anterior, recoñecendo a capacidade do BNG na súa colaboración nas solucións, considerándoo malabarismo puro e duro, facendo referencia á tramitación do expediente e a documentación que é aportada pola empresa promotora que é realmente quen insta a solución. Non está de acordo coa interpretación que se fai do informe da Comisión Central, do que se fai unha lectura interesada e non admite que se afirme que a culpa da pralización é do PP, xa que ela se entrevistou co director xeral de urbanismo ó obxecto de buscar unha solución e agora é o informe da Xunta o que facilita o arranxo. Remata sinalando que os problemas foron xerados polo concelleiro anterior.

- O Sr. Doporto intervén de novo para manifestar que lle asombran as posturas manifestadas, sinalando que os problemas urbanísticos deben de solucionarse entre todos, en beneficio de Betanzos, rogándolle que se é certo o que acaba de dicir, vote a favor de algo que apoia a cincuenta veciños de Betanzos.

- A Sra. Faraldo insiste en que ela non cambia de opinión e mantén as discrepancias ó respecto das conclusións que se obteñen do informe da Comisión de Urbanismo, sinalando que mantén o voto de abstención como nas anteriores modificacións.

- O Sr. Doporto, novamente, manifesta que non fai unha defensa do goberno anterior, senon que se está a resolver unha problemática, como se fará noutros casos que existen.

- O Sr. alcalde entende suficientemente debatido o asunto, poñendo de manifesto que a aprobación resposta ós votos dos grupos socialista e nacionalista, quedando clara a postura de cada un, someténdoo a votación.

O Pleno, tendo en conta o informe respecto da tramitación, non considerando necesario novo período de exposición, por non supoñer modificacións esenciais as agora propostas, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Montero, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López) e a abstención dos outros sete concelleiros presentes (do grupo popular, Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas), o que supón a maioría absoluta legal do número de membros desta Corporación, acorda: 1º.- Aprobar provisionalmente a modificación das normas subsidiarias do planeamento municipal no ámbito da UEI-4 rúa do Rollo-Cal das Barras, segundo as determinacións do texto refundido incorporado ó expediente e redactado pola arquitecta Dª María del Carmen Calatayud Romero, que recolle as modificacións presentadas e admitidas no informe da Comisión Cental de Urbanismo. Acordo que substitúe ó adoptado

por este Pleno o pasado sete de xullo. 2º.- Que se continúe coa súa tramitación, mediante a súa remisión ó órgano competente para a súa aprobación definitiva.

6.- PROPOSTA DE DELEGACION NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA RECADACIÓN DO IAE.

Dase conta de proposta relacionada coa delegación da recadación do IAE, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

O Pleno, por unanimidade, acorda delega-la solicitude de compensación por perda de ingresos derivada da reforma do Imposto Sobre Actividades Económicas na Deputación Provincial da Coruña, entidade que tén asumida, por delegación, a recadación de dito imposto.

7.- DAR CONTA DE DIMISIÓN DE CONCELLEIRO DESTA CORPORACIÓN.

Dase conta de escrito presentado polo Sr. Montero Gómez polo que renuncia a súa condición de concelleiro desta Corporación, por motivos personais e profesionais.

- O Sr. Montero fai uso da palabra, non para explica-los motivos da súa renuncia xa que por moito que o faga sempre haberá quen suscite dúbidas, sinalando tan só que o respecto ós cidadáns lle esixe esta actitude ante a imposibilidade dunha dedicación como é debido. Vaise con pena pero coa intención de seguir traballando por Betanzos, agora desde o seu ámbito, o educativo. Considere un honor e un privilexio ter formado parte da Corporación, agradecendo os xestos de afecto e desexando os máximos logros, dunha maneira máis directa ós seus compañeiros de equipo de goberno e a tódolos funcionarios. Agradecemento que se fai máis profundo cara ó alcalde, pola confianza e o apoio prestados.

- O alcalde agradece, en nome da Corporación, a súa dedicación ó cargo, felicitándoo polo seu labor.

- A Sra. Faraldo, como voceira do PP, agradece tamén a súa actuación, considerando frutíferos os contactos mantidos, máis na súa condición de director do instituto; non querendo entrar na consideración dos motivos, pero opinando que lle honra deixa-la función por pensar que non se pode atender debidamente.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, quere manifesta-la súa felicitacióne a honra que supuxo participar con el no labor de goberno, así como recoñecerlle a valentía de participar en política e agora de recoñece-la súa incompatibilidade de tempo. Aproveita para felicitar á nova concelleira que o substituirá, indicándolle que ten no compañeiro que renuncia un bo exemplo a seguir.

O Pleno dase por enterado e toma coñecemento da renuncia de D. José Manuel Montero Gómez como concelleiro electo deste Concello, na lista do PSdeG-PSOE. Así mesmo, acorda que se dirixa petición, acompañada de certificado deste acordo, á Xunta Electoral, de expedición da credencial como concelleiro de quen corresponda substituílo.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de entrar neste punto, o Sr. alcalde felicita as Pascuas e o Aninovo, procedéndose á entrega de fotocopias sobre a nova Lei de modernización do goberno local ós voceiros.

Dase contestación ás preguntas formuladas pola Sra. Faraldo, voceira do PP, no anterior Pleno ordinario (26-novembro-2003):

1ª.- Si.

2ª.- Houbo modificacións no proxecto que obrigan a un replanteo do contrato de acordo coas solicitudes de representantes deportivos.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Pide que se revise a publicación de "El concello betanceiro", por mante-la súa tendencia a servir só para eloxiar ó goberno, sen que o seu grupo apareza para nada.

- Pide unha maior preocupación pola formación dos funcionarios, informándolles dos cursos e facilitando o acceso á EGAP.

- Faise eco de queixas de veciños de Guiliade, pedindo que se revise a cuberta do polideportivo ante a existencia de goteiras.

- Transmite outra queixa dos comerciantes ante o abuso na utilización do guindastre durante as vacacións.

- Tamén en nome dos comerciantes pide que, ante as actividades polas festas de Nadal, se prefira a calidade antes que a cantidade.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e dez minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA REALIZADA O DÍA VINTEOITO DE XANEIRO DE DOUS MIL CATRO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira
Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª María Barral Varela.
D. Antonio Vázquez Lorenzo.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
D. Francisco Xabier López López.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García
Dª María Jesús Teijo Antelo.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Sr. Secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as vinte horas e trinta minutos do mércores día vinteoito de xaneiro de dous mil catro, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos cales se consignan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión ordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Préstase aprobación, por unanimidade, ó borrador da acta da sesión ordinaria que tivo lugar o pasado día trinta de decembro. A Sra. Faraldo, voceira do PP, insiste na necesidade dunha gravadora para evitar erros como os que pon de manifesto na acta que se aproba: así no punto 6 quixo facer referencia á Comisión de Urbanismo do Concello; no 8 indica que ela non fala en nome dos comerciantes, como parece indicarse, e por último, no punto 5, entende que non utilizou a palabra "milonga", pedindo que se retire.

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dase conta de resolución da Alcaldía nº 1062/2003, de 2 de decembro, relacionada con modificación das delegacións outorgadas o pasado día un de xullo.

3.- TOMA DE POSESIÓN DE NOVO CONCELLEIRO.

Como consecuencia da dimisión do concelleiro de servicios sociais, emigración e turismo e á vista da credencial emitida pola Xunta Electoral Central, Dª María Barra Varela presta promesa do seu cargo, pasando a formar parte desta Corporación e recibindo, así mesmo, a medalla corporativa.

4.- MOCIÓN DO PP PARA ELABORACIÓN DUN PLAN DE SANEAMENTO INTEGRAL.

Dase conta de moción do PP relacionado coa elaboración dun plan para a entrada en servicio do saneamento integral en tódolos núcleos de poboación do concello de Betanzos, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, en explicación da moción, entende que as sancións anunciadas a través da prensa non son o camiño máis adecuado para resolver un problema que alcanza a varias zonas, entre as que cita a de Roibeira, que parece afecta á traída da auga, consecuencia do cal se produce a supercloración que afecta á mesma. Sinala que tamén no núcleo hai múltiples vertidos ós ríos, o que pode ver calquera cidadán. Considera que é falaz a afirmación de que o servicio alcanza ó 97% do termo municipal, pedindo ó alcalde que non se faga propaganda, polo que se propón que se inicie un plan coa rede de sumidoiros, para cubri-las necesidades.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, afirma coincidir cos obxectivos, pero sinala que hai que fuxir do apocalipse que se presenta. No que respecta ás sancións, estas viñan referidas ós vertidos sólidos, que é algo distinto, xa que se pretende que se faga uso dun servicio que se ten, como o de recollida de utensilios. Realiza apreciacións ás afirmacións do alcalde, que son atacadas, sinalando que desde 1990 se tén unha estación depuradora pionera en Galicia, a pesar de que algún grupo a cuestionou, conseguíndose recoller toda a zona urbana, sen prexuízo de que existan deficiencias que se poñen máis de manifesto coas mareas vivas. Fai unha referencia estensa á zona rural onde se presta o servicio, só cobrando as taxas de enganche, indicando que se se ten en conta a poboación non se está tan lonxe do 97% sinalado. Fai referencia tamén ó servicio de limpeza de fosas sépticas, tamén pioneiro en Galicia, e remata indicando que se estaría de acordo coa

moción se se solicitara tamén á Xunta, que tamén ten competencias para a financiación dos colectores.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, insiste en que a moción expresa unha realidade. Que a campaña dos vertedoiros se levou infinitas veces á prensa. Respecto da depuradora, entende que non pode queda-lo servicio aí, se non se siguen facendo novas conexións, sinalando que no seu día a depuradora foi cuestionada polo grande investimento que supoñía, así como que presta máis fiabilidade ós datos que se aportan agora que ós que dá o Sr. Alcalde na prensa, pero aínda así algúns hai que matizalos, como o ofrecido no lugar de Castro, así como o carácter pioneiro, xa que hai que fixarse cando se viaxa, que máis municipios xa teñen eses servicios.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, intervén de novo sinalando que o dos vertedoiros é un tema aberto, xa que cada día aparece algún novo. En canto á depuradora, o grande investimento permitiu a súa grande capacidade, prevista para un maior crecemento, insistindo no carácter pioneiro de todas estas actuacións. Insiste nos colectores do río Mendo xa solicitados á Xunta desde o ano 1997, existindo unha grande preocupación pola contaminación que vén do rio arriba, como ben sabe o servicio de medio ambiente, pero aínda así hai que dar unha mensaxe de tranquilidade por canto non hai grandes problemas de tratamento nin sanitarios, insistindo nas competencias que a este efecto ten a Xunta, para as cales veñen cobrando o canon de saneamento que este ano se incrementou en máis dun 200%, polo que vén propoñendo o cambio na moción, para dirixirse á Xunta ó obxecto de que invista en Betanzos parte do que cobra.

- O Sr. Alcalde pregunta se se acepta a proposta para modifica-la moción ó que a Sra. Faraldo, voceira do PP, contesta afirmativamente, sempre que se manteña o resto da moción na súa totalidade, indicando que non ten ocasión de rebati-la segunda intervención do voceiro socialista, pero que se dá por satisfeita por canto o alcalde queda mal nas súas mentiras á prensa.

- O Sr. Alcalde insiste en que o 97% da poboación de Betanzos tén servicio de saneamento e solicita da Sra. Voceira do PP que indique que concellos galegos teñen o mesmo servicio que se presta en Betanzos, respostando esta que máis de 25.

O Pleno, por unanimidade, acorda: Que os grupos políticos que forman na actualidade o goberno local, desenvolvan un plan para o saneamento integral do municipio. Que este plan se concrete en dotacións presupostarias e polo tanto que estea suxeito a uns límites temporais concreto. Dirixirse á Xunta ó obxecto de que participe na financiación.

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE IMPLANTACIÓN DUN PROGRAMA DE AXENDA XXI LOCAL.

Dase conta de moción do PP para a implantación dun programa de Axenda 21 Local, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, indica que esta moción ten que ver co tratado anteriormente do saneamento, pedíndose que se pase dos papeis ós feitos. Trae causa da próxima presentación do plan de urbanismo, no que considera se deben ter en conta as cuestións medioambientais, entendendo que aínda se está a tempo. Non quere dar ningunha lección sobre desenvolvemento sostible, pero lembra que máis de 300 municipios españois dispoñen de Axenda Local XXI, pedindo polo tanto unha manifestación desa sensibilidade.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, fai unha valoración favorable da moción, sinalando que xa constaba nos programas electorais dos grupos de

goberno, como tal compromiso. O que cre que se descoñece é que se está en diversos órganos municipais e esto é un tema en certa forma supramunicipal. Fai referencia ós conceptos de desenvolvemento sostible e á Axenda Local XXI, considerando que é vontade do equipo de goberno a finalidade da proposta que se realiza, considerándoo un elemento clave para o desenvolvemento dos cidadáns.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, tras felicitar á nova concelleira, indica que en sesións anteriores se aprobaron unhas bases como liñas de consenso, ó obxecto da súa remisión ós redactores do plan urbanístico, dentro dos criterios dos que se vén falando, que están recollidos no seu programa electoral.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, agradece o voto e felicita ós concelleiros pola sensibilidade mostrada cara ó medio ambiente, pero pide que se cumpra o que pide e que cando as mocións se aproben se leven a cabo, que non pase como co regulamento de participación solicitado anteriormente.

- O Sr. Alcalde sinala que os voceiros quedaron de poñerse de acordo ó respecto do regulamento.

- O Sr. Lagares (D. Antonio), voceiro do grupo socialista, de novo en uso da palabra, indica que hai que le-los programas electorais e ve-los compromisos do que haxa que facer en temas ambientais, como vertedoiros fosas sépticas, que non inventos do alcalde. Agradece a moción paro considéraa un pouco atrasada.

- O Sr. Alcalde pide que se lle indique algún concello de Galicia que teña Axenda Local XXI.

O Pleno, por unanimidade, acorda que o equipo de goberno, a través do alcalde, leve a cabo os traballos para a implantación en Betanzos dun programa da Axenda 21 Local.

6.- PROPOSTA DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS EN SOLICITUDE DE CESIÓN DE TERREOS.

Dase conta de proposta do delegado de infraestructuras en solicitude de cesión de terreos, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, indica que a moción xa se presentou noutras ocasións ante o Ministerio de Fomento, que nunca respostou, e agora faino sinalando que non ten inventariados tales bens que, en todo caso, se traspasaron á Xunta, a quen se trata de facer agora a petición, xustificada na reordenación de espacios que se necesita na zona.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, anuncia a súa postura favorable, lembrando que a última moción nese sentido presentáraa o seu grupo.

- O Sr. Doporto, voceiro do grupo nacionalista, fai referencia ás xestións realizadas ó efecto, existindo dúbidas sobre a titularidade, sinalando que de tódalas maneiras no plan de urbanismo tratarase de que quede resolto o asunto.

O Pleno, por unanimidade, acorda dirixirse á Consellería de Ordenación Territorial, Obras Públicas e Vivenda, solicitando a cesión das naves e terreos sitos na Avda. Fraga Iribarne, fronte ó colexio público, co obxecto de dispoñer do terreo suficiente para realizar unha reorganización de espacios e tráfico no colexio público Francisco Vales Villamarín. 2.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a bo fin este acordo.

7.- PROPOSTA DO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS SOBRE TELEFONÍA.

Dase conta de proposta do delegado de infraestructuras sobre telefonía, que vén dictaminada pola Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do PP, anuncia o voto favorable do seu grupo, entendendo que é unha proposta que se vai levar a cabo, por canto o Ministerio de Fomento xa fixo proposta para a substitución destes teléfonos. Proposta xa aprobada no consello de ministros.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, indica que é unha moción xa presentada noutras ocasións: que xa se executou unha fase deste plan, cambiándose teléfonos pero manténdose outros totalmente obsoletos. Trátase de insistir e esta-los primeiros para este cambio de tecnoloxía, xa que o importante é que se faga.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1) Dirixirse novamente ó Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Telefónica Nacional de España SA, urxindo a substitución dos teléfonos básicos que existen no concello de Betanzos vía radio polo sistema de cable ou outra tecnoloxía que permitan a estes usuarios o acceso á rede en igualdade de condicións que o resto de usuarios. 2) Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para realiza-las xestións necesarias para levar a bo fin deste acordo.

8.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN SOBRE ACORDO DO CONSORCIO AS MARIÑAS.

Dase conta de resolución da Alcaldía sobre acordo do Consorcio As Mariñas que se presenta para ratificación. Consta dictame da Comisión Informativa.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, sinala que eles non están no goberno e teñen moitas dúbidas sobre o tema e a elección entre Sogama e Nostián. De tódolos xeitos, en referencia ó segundo punto da proposta, a participación ou non da Deputación, non sabe por que se pon en dúbida estando na Corporación o deputado de facenda. Anuncia a súa abstención anque xa sabe o que se lle vai contestar.

- O Sr. Alcalde pregunta se sabe o que se propón a votación.

- O Sr. García Vázquez, voceiro do grupo socialista, entende que haxa un grave erro na exposición, xa que o que se presenta é a aprobación en relación ó proxecto CODIMA, que se vai desenvolver a través do Consorcio As Mariñas, proxecto que non tén nada que ver coa recollida de lixo, senon que pretende a implantación de Internet en todo o territorio. Tamén considera que hai un erro na idea que se tén da financiación.

- O Sr. Otero Botana, voceiro do grupo nacionalista, require á Sra. Faraldo sobre o uso do idioma, pedindo que "non o deturpe" no uso dos topónimos.

- A Sra. Faraldo, voceira do grupo popular, resposta no sentido de que a moción tampouco está en galego. En relación co fondo do asunto, ó mellor foi demasiado rápido, xa que todos sabemos do endebedamento na recollida de lixo. Polo que respecta á moción, pide que sexa a Deputación quen financie, mantendo a súa abstención.

- O Sr. García Vazquez, voceiro do grupo socialista, quere aclarar que segundo os estatutos do Consorcio a participación do Concello de Betanzos é dun 9,37%.

O Pleno, co voto a favor de dez dos concelleiros presentes (7 do grupo socialista, Sres.: Manuel Lagares, Díaz, Gómez, Antonio Lagares, García, Barral, Vázquez, e 3 do grupo nacionalista, Sres.: Doporto, Otero, López), e a abstención dos sete concelleiros presentes do grupo popular (Sres.: Faraldo, Carro, de la Fuente, Martínez, Teijo, Gestal, Porcas), acorda: PRIMEIRO.- Ratifica-lo acordo adoptado polo Pleno do Consorcio As Mariñas que na súa parte dispositiva di: "Primeiro.- Aproba-lo proxecto denominado CODIMA, elaborado por D. José Campos Arcas (CODETEL Ingenieros SL). Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial unha subvención do 100% da parte que lle corresponde asumir ó Consorcio "As Mariñas". Terceiro.- Asumi-lo compromiso de que, caso de que a Deputación Provincial non financie o 50% da parte que non financie o ministerio, os

concellos financiarán o 15% do total de dita aportación de conformidade co previsto nos estatutos". SEGUNDO.- Asumi-lo compromiso de que, caso de que a Deputación Provincial non financie o 50% da parte que non financia o Ministerio, este Concello participará na financiación do 15% total de dita aportación que lle corresponda ó Consorcio de conformidade co previsto no artigo 26.2 dos estatutos do Consorcio As Mariñas.

9.- ELECCIÓN DE COMPROMISARIO PARA NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO PATRONATO PARA A MELLORA DO MEDIO RURAL.

Dase conta de escrito da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia relacionado con elección de compromisario para nomeamento de representante no Patronato provincial para a mellora do medio rural. Consta dictame da Comisión Informativa.

O equipo de goberno fai proposta de representante, mentres o grupo popular non fai proposta ante a maioría, anque se manifestan de acordo.

O Pleno acorda nomear como representante ó obxecto de actuar como compromisario na elección de representantes municipais no Patronato provincial para a mellora do medio rural, a celebra-lo próximo día 26 de febreiro, ó concelleiro D. José Ramón García Vázquez, con DNI 76 315 755 F.

10.- SOLICITUDE DE AXUDAS PARA PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS.

Dase conta de proposta presentada en relación con solicitude de axudas para a prestación de servicios sociais polas corporacións locais. Conta co dictame da Comisión Informativa.

- O Sr. Doporto, voceiro do BNG, aproveita para felicitar á nova concelleira de servicios sociais.

O Pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Acollerse á Orde de 18 de decembro de 2003 (DOG nº 2 de 5-01-2004) pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servicios sociais polas corporacións locais para solicita-los seguintes programas dentro dos servicios sociais de atención especializada: A) Mantemento e programación do centro social da terceira idade, cunha contía de 20.000,- E. B) Eliminación de barreiras arquitectónicas: instalación dun elevador vertical no edificio das antigas escolas de San Francisco, cunha contía de 48.979,43 E. C) Execución de rampas de acceso en beirarrúas, cunha contía de 4.872,- E. D) Melloras de centros sociais: subministro de mobiliario para o local social de Guiliade, cunha contía de 22.569,31 E. 2º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites se consideren oportunos para o bo fin destes acordos.

Así mesmo, o pleno, por unanimidade, acorda: 1º.- Acollerse á Orde de 18 de decembro de 2003 (DOG nº 2 de 5-01-2004) pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servicios sociais polas corporacións locais para solicita-las seguintes Servicios sociais comunitarios (de atención primaria): mantemento e ampliación de persoal (1 psicóloga, 1 coordinadora, 2 traballadoras sociais, 1 pedagogo, 1 educador social, 1 animador sociocultural, 1 auxiliar administrativo e 1 limpadora); mantemento da xestión dos servicios sociais comunitarios; mantemento e ampliación do programa de axuda a domicilio (6 auxiliares do fogar, ampliación a xornada completa das 3 auxiliares existentes e contratación dunha nova a xornada completa); mantemento do programa de captación de voluntariado e cooperación social; mantemento do programa de emerxencia social; mantemento do programa de educación familiar; mantemento do programa de intervención comunitaria e mantemento do programa de prevención de drogas. Así mesmo, que os

servicios sociais comunitarios derivados de prórroga se sigan prestando nas mesmas condicións que o pasado ano. 2º.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que leve a cabo cantos trámites se consideren oportunos para o bo fin destes acordos.

11.- SOLICITUDE DE FUNCIONARIO SOBRE COMPATIBILIDADE.

Vista a solicitude de D. Daniel Pereiro Cachaza sobre compatibilidade do desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo que ocupa como funcionario público desta Corporación co exercicio privado da actividade profesional da Avogacía (vén dictaminada pola Comisión Informativa) así como o informe xurídico emitido ó respecto, acórdase autoriza-la petición cos seguintes condicionantes á compatibilidade, que se deducen da Lei 53/84, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servicio das administracións públicas: - Non se poderán exercer aquelas actividades que se relacionen directamento con esta entidade local. - Non se podedrán exercer actividades privadas nos asuntos nos que estea intervindo, intervira nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público. - Non se modificará a xornada e horario de traballo. - A compatibilidade quedará sen efecto en caso de cambio de posto de traballo. - Non poderá invocar ou facer uso da condición de funcionario no exercicio de tales actividades.

12.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE BAREMO DE ADMISIÓN NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Vista a proposta da Alcaldía sobre modificación do baremo de admisión na escola infantil municipal (vén dictaminada pola Comisión Informativa), en relación coa Orde de 29 de decembro de 2003 (DOG nº 8 de 14-01-2004) pola que se convocan axudas para o mantemento de centros de atención á primeira infancia dependentes das corporacións locais, que establece no seu artigo 15.B a obriga para as corporacións beneficiaris desta axudas, entre outras, puntua-las solicitudes de novo ingreso de acordo co baremo que figura como anexo IV de dita orde, o Pleno, por unanimidade, acorda: 1.- Adaptar para o próximo curso 2004/05 o baremo de selección na escola infantil municipal ó que figura na orde anteriormente mencionada. 2.- Facultar ó alcalde-presidente ou concelleiro en quen delegue para que se leven a cabo cantos trámites sexan necesarios para o bo fin deste acordo.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de inicia-la quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde insta ós tres voceiros para acordar, ó remate do Pleno, unha xuntanza ó obxecto da preparación do regulamento de participación.

Igualmente, invita ós Sres. Concelleiros a FITUR, onde estará representado o Concello.

A Sra. Faraldo, voceira do PP, realiza os seguintes rogos e preguntas:

- Ó igual que a iniciativa turística de FITUR, considera oportuno revisa-la sinalización do Camiño Inglés, aproveita-la orde da Consellería de Medio Ambiente para plantación de árbores autóctonas, propoñendo que unha vez que se faga algo neste sentido a Corporación recorra o citado camiño, na parte do noso concello, como forma de promoción e de superación de enfrontamentos.

- Que se revisen, coa debida periodicidade e celeridade, as bombillas que se funden.

- Que se apliquen nas oficinas sistemas copiativos para facilitar á xente non ter que facer fotocopias fóra.

- Pregunta sobre o destino do diñeiro da liquidación da sociedade recreativa, que se entregou no Concello.

- Pregunta polo custe do pavillón de FITUR e os gastos da viaxe que ocasiona.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE, O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez. Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA DEZASETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL CATRO.

Sres. Asistentes:

Alcalde-presidente:

D. Manuel Lagares Pérez.

Sres. Concelleiros:

D. Francisco Manuel Díaz Pereira
Dª María Beatriz Gómez Iglesias.
D. Antonio Salvador Lagares Pérez.
D. José Ramón García Vázquez.
Dª María Barral Varela.
D. Xosé Isidro Doporto Santos.
D. Andrés Otero Botana.
D. Francisco Xabier López López.
D. Francisco Javier de la Fuente Lago.
D. Francisco Antonio Martínez García
Dª María Jesús Teijo Antelo.
D. Francisco Manuel Gestal Calvete.
D. Andrés Alberto Porcas Fraga.

Non asisten:

D. Antonio Vázquez Lorenzo.
Dª María Dolores Faraldo Botana.
D. Luis Alberto Carro Erias.

Sr. Secretario:

D. Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

Sr. interventor:

D. Ángel Santamariña Rivera.

No salón de sesións do Excmo. Concello de Betanzos, sendo as trece horas e trinta minutos do martes día dezasete de febreiro de dous mil catro, baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e coa asistencia dos Sres. concelleiros os nomes dos

cales se consignan, tendo faltado os que se reseñan, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación Municipal ó obxecto de realiza-la sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe.

Iníciase o estudio e debate dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que se adoptan os seguintes acordos:

1.- DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DE 2004.

Efectuado o sorteo realizado para elixi-los membros das mesas electorais con motivo das eleccións a Cortes Xerais de 2004, o Pleno, por unanimidade, acorda designa-las persoas que se relacionan para as mesas que se indican cos cargos que se sinalan:

MESA 1

GARNIL	VEIGA	LAURA	Presidente
VEIGA	IGLESIAS	MANUELA	1º Vocal
SEOANE	RIVAS	FRANCISCO	2º Vocal
VIA	TORRE DA	JULIA	1º Suplente de Presidente
VARELA	BAO	ANA	2º Suplente de Presidente
GARCIA	FARALDO	M. REMEDIOS	1º Suplente de 1º Vocal
CRESPO	MARTINEZ	M. CARMEN	2º Suplente de 1º Vocal
GOLPE	CASAL	ROSA MARIA	1º Suplente de 2º Vocal
VIDAL	LOUREDA	ANA MARIA	2º Suplente de 2º Vocal

MESA 2

VARELA	PAMPIN	VICTORIA	Presidente
PLATAS	COWIE	CHARMAINE CARMEN	1º Vocal
MARTINEZ	BREA	SERAFIN	2º Vocal
NOVO	MARCOTE	JULIO	1º Suplente de Presidente
RODRIGUEZ	VASCO	MARIA PILAR	2º Suplente de Presidente
TABOADA	VEIGA	MANUEL	1º Suplente de 1º Vocal
MARTINEZ	SANMARTIN	ISMAEL	2º Suplente de 1º Vocal
LOPEZ	VARELA	PATRICIA	1º Suplente de 2º Vocal
FERNANDEZ	LOPEZ	TATIANA	2º Suplente de 2º Vocal

MESA 3

VAZQUEZ	ORGEIRA	LUCIA	Presidente
TORRES	REGUEIRO	JOSE ANTONIO	1º Vocal
EDREIRA	SOBRINO	ISMAEL	2º Vocal
VAZQUEZ	EDREIRA	OSCAR	1º Suplente de Presidente
ORGEIRA	FREIRE	M. JOSEFA	2º Suplente de Presidente
RIVAS	CASTRILLON	REMEDIOS	1º Suplente de 1º Vocal
EDREIRA	REY	ISMAEL	2º Suplente de 1º Vocal
DOPICO	CARRO	MARIANO	1º Suplente de 2º Vocal
PICO	PICO	M. JESUS	2º Suplente de 2º Vocal

MESA 4

MARTINEZ	GARCIA	MARGARITA	Presidente
SUAREZ	BUYO	JOSE JUAN	1º Vocal
VEIGA	SEOANE	M. MINERVA	2º Vocal
SEOANE	GARCIA	ROSA MARIA	1º Suplente de Presidente

Mauriz	Fernandez	Juan Andres	2º Suplente de Presidente
Garcia	Vicente	Silvia	1º Suplente de 1º Vocal
Campos	Manivesa	Norma	2º Suplente de 1º Vocal
Bañobre	Izquierdo	Blanca	1º Suplente de 2º Vocal
Lopez	Souto	Esther	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 5A			
Helguera	Rex	Laura	Presidente
Lopez	Cardelle	M. Angeles	1º Vocal
Concheiro	Curiel	M. Carmen	2º Vocal
Fandiño	Gomez	Alba Maria	1º Suplente de Presidente
Gomez	Dominguez	Sebastian	2º Suplente de Presidente
Lopez	Pena	M. Angeles	1º Suplente de 1º Vocal
Giraldez	Villaverde	Elisa	2º Suplente de 1º Vocal
Galan	Teijeiro	Elena Maria	1º Suplente de 2º Vocal
Lendoiro	Regueiro	Lucia	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 5B			
Paz de	Nieto	Miguel	Presidente
Vazquez	Fernandez	Jorge Manuel	1º Vocal
Varela	Charlon	Ezequiel	2º Vocal
Rodriguez	Corrales	Sandra	1º Suplente de Presidente
Riveiro	Gilsanz	Jesus	2º Suplente de Presidente
Montero	Rodriguez	Manuel Luis	1º Suplente de 1º Vocal
Nogueira	Martinez	Juan Manuel	2º Suplente de 1º Vocal
Perez	Pita	Esteban	1º Suplente de 2º Vocal
Varela	Espada	Juan Manuel	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 6A			
Cortes	Perez	Mercedes	Presidente
Lopez	mosteiro	M. Begoña	1º Vocal
Casillas	Guisado	M. Carmen	2º Vocal
Cachaza	Moreira	M. Carmen	1º Suplente de Presidente
Galan	Pintor	Ana Maria	2º Suplente de Presidente
Carro	Fernandez	Patricia	1º Suplente de 1º Vocal
Garcia	Sanchez	Alfredo Manuel	2º Suplente de 1º Vocal
Faraldo	Paz	M. Jesus	1º Suplente de 2º Vocal
Freire	Perez	Jose Manuel	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 6B			
Sanchez	Freire	Maria Juana	Presidente
Purriños	Fernandez	Jose Francisco	1º Vocal
Rosende	Gomez	Maria Manuela	2º Vocal
Penide	Perez	Luis Carlos	1º Suplente de Presidente
Vazquez	Rodriguez	Manuela	2º Suplente de Presidente
Perez	Belmonte	Jose Carlos	1º Suplente de 1º Vocal
Varela	Vidal	M. Antonia	2º Suplente de 1º Vocal
Prada	Varela	M. Isabel	1º Suplente de 2º Vocal
Mendez	Castiñeiras	Jose Luis	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 7A			

VAZQUEZ	BRETON	MANUEL	Presidente
LÓPEZ	SEOANE	MONICA	1º Vocal
TEIJO	VEREA	MANUEL	2º Vocal
EGIDO	HERRERO	AFRICA	1º Suplente de Presidente
RODRIGUEZ	VIGO	RAFAEL ALBERTO	2º Suplente de Presidente
CASANOVA	SOUTO	CARMEN	1º Suplente de 1º Vocal
RUFINO	AMOR	JAVIER	2º Suplente de 1º Vocal
CAMPOS	DIAZ	ESPERANZA	1º Suplente de 2º Vocal
MARTINEZ	LOPEZ	NEMESIO	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 7B			
GONZALEZ	CORTES	JOSE JAVIER	Presidente
PURRIÑOS	GOMEZ	NIEVES	1º Vocal
LOPEZ	TEMPRANO	ANTONIO	2º Vocal
SEOANE	CASTRO	JESUS MARIA	1º Suplente de Presidente
VAZQUEZ	ABRODOS	M. SANDRA	2º Suplente de Presidente
VAZQUEZ	PEREZ	MANUEL	1º Suplente de 1º Vocal
PORTO	PORTO	JUAN LUIS	2º Suplente de 1º Vocal
GOMEZ	RAPOSO	JOSE MARIA	1º Suplente de 2º Vocal
BARRAL	ROJO	JOSE LUIS	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 8A			
CAMPOS	VIDAL	JUAN ANTONIO	Presidente
REGUEIRO	RODRIGUEZ	JOSE MANUEL	1º Vocal
MASEDA	CORBELLE	MARIA JOSE	2º Vocal
PARADA	PANTIN	EVA	1º Suplente de Presidente
OIS	FARIÑAS	M.JESUS	2º Suplente de Presidente
VIA	TEIJO	BENIGNO	1º Suplente de 1º Vocal
VARELA	LENDOIRO	M. DOLORES	2º Suplente de 1º Vocal
GRAÑA	FRAGA	JOSE	1º Suplente de 2º Vocal
VAZQUEZ	CASTRO	PILAR	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 8B			
GONZALEZ	SANCHEZ	MIRIAM	Presidente
FREIRE	TOJEIRO	CELSO	1º Vocal
CAMPAÑO	FARALDO	ALFREDO	2º Vocal
GESTAL	NAVEIRA	ANTONIO	1º Suplente de Presidente
FRESCO	GOMEZ	LUCIA	2º Suplente de Presidente
BERMUDEZ	VAZQUEZ	JOSEFA	1º Suplente de 1º Vocal
LOPEZ	BUJIA	JESUS	2º Suplente de 1º Vocal
EDREIRA	CRUZ	AGUSTIN	1º Suplente de 2º Vocal
DOPICO	PICADO	JOSEFINA	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 8C			
VAZQUEZ	GONZALEZ	DAVID	Presidente
SANCHEZ	CRESTAR	ENRIQUE	1º Vocal
ROJO	GONZALEZ	CANDIDA ISABEL	2º Vocal
VALES	CANCELO	MARIA ANGELES	1º Suplente de Presidente
YEBRA	ABELAIRA	CONCEPCION	2º Suplente de Presidente
VAZQUEZ	FARALDO	LUIS	1º Suplente de 1º Vocal

SANCHEZ	PENA	MARIA	2º Suplente de 1º Vocal
SOUTO	MENDEZ	M. JOSE	1º Suplente de 2º Vocal
SABIN	PURRIÑOS	ANTONIO	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 9			
VAZQUEZ	FRAGUIO	ALBERTO	Presidente
VEIGA	LOPEZ	ASUNCION	1º Vocal
BARBEITO	SUAREZ	MARIA ISABEL	2º Vocal
FERNANDEZ	CORZON	ROCIO	1º Suplente de Presidente
REY	GARCIA	SONIA	2º Suplente de Presidente
BERNAL	SOUSA	M. MERCEDES	1º Suplente de 1º Vocal
VAZQUEZ	LODEIRO	M.PILAR	2º Suplente de 1º Vocal
CAABEIRO	STRECKER	ORLANDO HERMENEGILDO	1º Suplente de 2º Vocal
OTERO	PEREZ	VERONICA	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 10A			
EVIA	MOSQUERA	M. TERESA	Presidente
FERNANDEZ	PAZ	ALBERTO	1º Vocal
LOPEZ	GARCIA	LUIS	2º Vocal
GARCIA	LAUDA	OLALLA TAMARA	1º Suplente de Presidente
GILSANZ	CASTIÑEIRA	JAVIER	2º Suplente de Presidente
MOSQUERA	LOPEZ	LORENA	1º Suplente de 1º Vocal
GARCIA	FERNANDEZ	M. MERCEDES	2º Suplente de 1º Vocal
DIAZ	NOGUEROL	JOSE	1º Suplente de 2º Vocal
FONTENLA	MARTINEZ	PATRICIA	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 10B			
ARCAY	LOPEZ	JOSE ANGEL	Presidente
CAGIAO	FRAGA	ADRIAN	1º Vocal
NAVEIRA	SANMARTIN	MANUEL	2º Vocal
TEIJEIRO	GONZALEZ	JULIA	1º Suplente de Presidente
ROLDAN	ABARRATEGUI	NESTOR	2º Suplente de Presidente
FERREIRO	BARRAL	ISABEL	1º Suplente de 1º Vocal
GOLPE	LOPEZ	M.CARMEN	2º Suplente de 1º Vocal
BARRAL	GOMEZ	MANUEL	1º Suplente de 2º Vocal
LOPEZ	FERNANDEZ	FERNANDO	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 10C			
VARELA	VIDAL	SUSANA	Presidente
SANCHEZ	CARRO	JOSE ANTONIO	1º Vocal
VARELA	VIDAL	JOSE	2º Vocal
MATO	AMADO	EDUARDO ANTONI	1º Suplente de Presidente
MACEIRAS	TEIJO	INMACULADA	2º Suplente de Presidente
NAVEIRA	MARTINEZ	CAMPIO	1º Suplente de 1º Vocal
DIAZ	CORTES	M.ISABEL	2º Suplente de 1º Vocal
VEIGA	IGLESIAS	TERESA	1º Suplente de 2º Vocal
GONZALEZ	VAAMONDE	CARLOS	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 10D			
FONTAN	VAZQUEZ	SILVIA	Presidente
VEIGA	BUJIA	JESUS	1º Vocal

VARELA	CALVIÑO	MARCELINO	2º Vocal
PEREZ	GONZALEZ	ROSA MARIA	1º Suplente de Presidente
SANCHEZ	PEREZ	AMELIA	2º Suplente de Presidente
BARALLOBRE	SANCHEZ	MARIA	1º Suplente de 1º Vocal
RILO	MOSQUERA	JOSE LUIS	2º Suplente de 1º Vocal
LENDOIRO	AGILDA	EMILIO	1º Suplente de 2º Vocal
SANCHEZ	SANTOS	DAISY	2º Suplente de 2º Vocal
MESA 12			
RODRIGUEZ	ROEL	ANTONIO	Presidente
GOY	VALDES	ESTEFANIA CARLOTA	1º Vocal
CALDEIRO	SEOANE	MANUEL	2º Vocal
IGLESIAS	BALADO	MARIA SOCORRO PILAR	1º Suplente de Presidente
LENDOIRO	FERNANDEZ	PILAR	2º Suplente de Presidente
GOMEZ	VAZQUEZ	ELVIRA	1º Suplente de 1º Vocal
RODRIGUEZ	MONTERO	M. ANGELES	2º Suplente de 1º Vocal
SANCHEZ	FREIRE	CRISTINA	1º Suplente de 2º Vocal
NAVEIRA	BILBAO	BERNARDO A.	2º Suplente de 2º Vocal

Así mesmo, o Pleno acorda, de acordo co dictame da Comisión Informativa de Programación, propoñer como suplentes para substitucións, por posibles recusacións ou abstencións que acepte o Sr. Xuíz para os cargos de: **Presidente:** O nº 40, da relación de electores seleccionados para o referido cargo de cada sección electoral; os seguintes suplentes serán correlativos, é dicir, o nº 41, 42, etc. **Vocais:** O nº 103, da relación de electores seleccionados para o referido cargo de cada sección electoral; os seguintes suplentes serán correlativos, é dicir, o nº 104, 105, etc.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e corenta e dos minutos, pola Presidencia dase por rematada a sesión, elevándose do tratado a presente acta, por min secretario, que do seu contido dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * ALCALDIA *

Asdo.: Manuel Lagares Pérez.

O SECRETARIO,

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS * SECRETARIA *

Asdo.: Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

DILIGENCIA DE PECHE:

Para facer consta-lo peche do presente libro que se compón da transcrición das actas das sesións do Pleno do Concello desde a de data de 23 de novembro 1999 a de 17 de febreiro de 2004, téndose utilizado as follas que abranguen desde a

E para que así conste esténdese a presente dilixencia en cumprimento do disposto no artigo 5.1 do Decreto 101/83 de 14 de Xullo da Xunta de

Galicia, co visto e prace do Sr. Alcalde, en Betanzos o un de abril de dous mil catro.

Vº e Pr.
O Alcalde,

O Secretario,

Asdo.- Manuel Lagares Pérez.

Asdo.- Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.



CONCELLO
DE
BETANZOS

ACTAS DE PLENO

De
23/11/99
á
17/02/04

1285